

GALEGOS EN CATALUNYA-2

MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ

Publicacións do Centro Galego de Barcelona coa colaboración do Centre de Documentació de les Cultures de les Comunitats Autónomes, del Departament de la Presidència de la Generalitat de Catalunya

Cubierta de Alfonso Costa

© Manuel Rodríguez

Publicacións Centro Galego

Rbla. Capuchinos, 35-37, pral. - 08002 Barcelona

Impreso en Sidograf, S. A.

Avda. Gran Vía, 11 - L'Hospitalet de Llobregat (Barcelona)

Depósito Legal: B.41 219 – 1985

ISBN: 84 398 5397 1

É certo que hai galegos caseque en tódolos países da terra e son ben coñecidos os rasgos destes homes e mulleres que constitúen quizais a mellor síntese do seu carácter: o seu amor á terra lonxana (a súa saudade) e a súa capacidade para incardinarse na vida social da nova comunidade.

Como responsables da área da Cultura das nosas respectivas nacionalidades históricas, non podemos menos de manifestar por isto agradecemento e simpatía. Que o libro de Manuel Rodríguez López sexa unha mostra deste aprecio e sirva de pequeno homenaxe a eses 300.000 galegos que non queren perde-lo seu pasado e que traballan a cotío polo futuro de Catalunya e de Galicia.

Víctor Manuel Vázquez Portomeñe

Conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia

Joan Rigol i Roig

Conseller de Cultura de la Generalitat de Catalunya

Os pobos de emigrantes, como Galicia, sintense presentes nos longos camiños do mundo. Nas comunidades que axuntan ós Fillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á Terra o mellor de canto lonxe dela poideron enxergar. Este é, entre tantos, o caso de Manuel Rodríguez López, afervorado cronista da actividade dos galegos en Catalunya e mensaxeiro alá do noso vivir. Furtando tempo a un lecer, ben gañado na cotián laboría como xefe do Departamento de Persoal dunha empresa cooperativa, leva vinte anos informando nos xornais da presenza, feitos e ditos de cantos chegan a Barcelona e recollendo certas semblanzas, ca súa firma ou co pseudónimo Manuel-Oreste. Froito do seu ben facer foi o libro «Galegos en Catalunya 1978-1982» saído fai pouco, mercé ó benemérito «Centro Galego» do que é activo membro, como de «O Penedo-Fogar Galego», que xurdíu de recente con tanto ánimo. Nél recolléu as actividades deses centros e de outros de vizosa vitalidade no Principado: a «Asociación Cultural Rosalía de Castro», as Escolas de Gaitas e Danzas «Saudade» e «Toxos e Xestas», a Galería «La Pedrera» e a editorial «Sotelo Blanco», a «Sargedelos», «O Noso Lar» de Terrassa, o Centro Galego de Lérida, o «Nós» de Sabadell, «A Nosa Galiza» de Mollet del Vallés, a «Irmandade» de Rubí, a «Peña» de Castelldefels... O chorado poeta Casado Nieto, ó presentar ese volume, espregueira en dúas liñas o mellor retrato de Rodríguez López: «benquerido amigo entre nós, poeta popular acreditado, excelente cultivador dun idioma castizo, home de ben en todos os sentidos».

Para coñecer o seu xorne e as súas ideas abonda que leades a participación nese trascendente inquérito que son os «88 gallegos. Una tierra a través de sus gentes» de Olegario Sotelo Blanco, outro persoeiro de Catalunya ó que tanto debemos. Alí podedes adeprender quen é, no que laboura, qué quer e cómo pensa, este home de Sarria, nado no 1934, trasplantado a Barcelona cando tiña seis anos, que cursou Humanidades, Contabilidade e Lexislación Laboral, que non coutou as raigañas da Terra senón que as afincou fundamentes lonxe dela. Lembrarei os libros que ten dado ó prelo, a máis do devandito: Poemas populares galegos, 1968; Saudade no bulleiro, 1970; Soldada mínima, 1979; Reencontro coa aldea (1983); Galegos en Catalunya-2... e ten no tear un volume de narracións curtas. Pérdese a conta dos galardóns que leva acadados en concursos e certames. Cando Manuel Casado falaba do xeito da súa poesía, lembraba non soio o títido da primeira colleita senón o feito de que os seus poemas téñanse espallado na voz e nas melodías dos nosos cantantes de meirande sona.

Hai un tema conductor na obra de Rodríguez López: o desexo de que nin os galegos nin os seus fillos e netos perdan o afinco na «matria», arredados de ela. E co seu mesmo exemplo aficia a todos.

É máis doado acadalo en Catalunya que en outros lugares, pois nela os emigrados conviven unha xurdia mostra de serea e ufana confianza nos propios valores, mantidos secularmente, e con agarimos por tódolos estamentos sociais. Decía facía sesenta anos un meu amigo que a Galicia tiñamos que regaleguizala, catalanizándoa, quer dicir, atinguindo que a xente teña unha conciencia somellante da súa identidade como pobo.

Polo demais será bo lembrar que a irmandade das dúas comunidades históricas ven de moi lonxe, dos tempos en que convivían nos pazos troveiros e segreles das dúas falas, cando a nosa era unha das tres grandes linguas poéticas da Romanía. Na Compostela do século XII atopáronse Palla e Marcabré; poida dar que a máis vella das mostras da nosa lírica sexa de Raiumbaut de Vaqueiras; Cerverí de Girona compuxo unha «viadeyra» ó estilo dos «cossautes» de amigo; Arnaut Catalán dialogaba en galego con Afonso o Sabio. Cando decimos San Xaime, aludimos á advocación catalana do noso Apóstolo... Sen ir tan lonxe lembremos que a emigración galega á Catalunya de hoxe é como un contrapunto, por movementos contrarios, da chegada masiva dos cataláns a Galicia, dende o século XVIII, cando os mariñeiros das rías usaban a barretina e tantos devanceiros das industrias levaban apelido catalán.

Non podemos esquecer a sintonía cronolóxica entre a «Renaixença» e o «Rexurdimento». A acollida afervorada dos «Cantares Gallegos». O recoñecimento do outo senso da nosa literatura oral por Milá i Fontanals e do cancionero musical por Pedrell. «El Regionalismo Gallego» de Brañas foi editado en Barcelona por Molinas no 1889 e tivo un intenso influxo. Foi Verdaguer quen leeu o discurso que para «Els Jocs Florals» do 1883 dispuxera o mestre compostelán. Descubrir Galicia foi para Maragall un deslumbramento: «La terra i la gent gallega m'encisaren: son quelcom en el món, tenen una forta individualitat, exuberant de somni i de plasticitat, al mateix temps, i ademés tot inconscient, adormit». «He promés tornar a Galicia per internarm'hi i omplirme l'ànima.»

Habería que rememorar tamén as relacións dos homes das xeracións «Nós» e do «Seminario de Estudos Galegos» cos cataláns. As campañas políticas do 1918... Tantos feitos e páxinas da historia recenté.

Quero rematar esta presentación ca lembranza dunha retesía que ven moi a conto. No ano 1907, Xenius, o insine glosador, sentiuse deprimido escoltando «L'Emigrant», que é coma un «Lonxe da Terriña» catalán. Xulgaba a melodía de Vives «enyoradora, gallega». O Mestre Millet —que me honrou ca súa amizade— retrucara con fondas verbas. Eu vexo, como él, nos que loitan e traballan fóra do noso lar unha síntese de enerxía e de fecunda saudade. E un símbolo naquel diálogo, que se alonga, entre cataláns e galegos, na vizosa obra de Rodríguez López.

XOSE FILGUEIRA VALVERDE

LUIS SUAREZ DELGADO

Naceu no Barco de Valdeorras o ano 1903; pero dende moi novo viviu en Lalín, onde o seu pai fundara e dirixía un centro de educación. Ós 16 anos ingresou no exército na Coruña, sendo destinado a Barcelona pouco tempo despois. Ó cumprir os 21, reintegrouse á vida civil, estudou Comercio e dedicouse á industria chegando a ser propietario de tres fábricas de Fieltro e sombreiros. Durante a guerra civil residiu na Coruña, desenvolvendo gran actividade comercial e, a partir de 1945 traballou, como axente de vendas nunha importante empresa barcelonesa do ramo textil.

O ano 30 o señor Suárez fundou en Barcelona o Grupo Galeguista, que tiña a sé social no «Pazo Galeguista» da rúa de Aviñó e estaba vinculado ós partidos catalanistas «La Esquerra» e «La Lliga». Por aquelas datas viaxou a miúdo por Galicia para asistir ás Asambleas do partido e, no ano 1932, acompañou a Castelao e Otero Pedrayo, invitados pola Generalitat, nos actos organizados en pro do Estatuto Catalán.

Luis Suárez Delgado conta moitas anécdotas vividas por el nas diferentes ocasións nas que coincidiu co máximo guieiro do galeguismo, Daniel R. Castelao. Transfigúrase coa emoción cando fala do líder galeguista, e as súas verbas fluen con rapidez e garimo:

«Estando en Compostela, nunha asamblea do Partido, compartimos no mesmo hotel unha habitación con cinco camas, Castelao, Otero Pedrayo, Villar Ponte, Risco e máis eu. Risco, que chegou o último, empezou a espirse con parsimonia: sacou a gabardina, logo a chaqueta, despois un chaleque de batán, a continuación a camisa, unha faixa e, cando ía sacar a camiseta, Castelao, amostrando un dibuxo das gafas do gran teórico do nacionalismo galego, berrou: ¿Dónde estás, Vicente, que non te vexo?»

«Noutra ocasión, en Santiago, cando nos comunicou que Paz Andrade decidira presentarse ás eleccións polo partido de Portela Valladares, Castelao chorou coma un neno, aínda que ben sabía que, de ter triunfado, o Valentín houbera sido un bo parlamentario no partido centrista, xa que ninguén podía dubidar do seu galeguismo.»

«O ascensor do hotel Capitol de Madrid estaba averiado e tivemos que baixar pola interminable escaleira de caracol. Castelao díxome: ten tino, que non nos pasemos.»

« Estabamos no Congreso de Diputados, Villar Ponte, Otero Pedrayo e máis eu. Castelao botou man dunha denuncia que tiña preparada para entregar ó ministro de Gobernación, leuna e, acto seguido, raxouna en mil anacos e tirounos enriba da mesa. Diante da nosa extrañeza dixo: isto que vedes é un trasacordo. ¿Cómo podía eu escribir "amigo Casares..."? Endexamais cometín un erro tan grande na vida. Nunca fun seu amigo nin o serei!»

O señor Suárez tamén fundou o Centro Cultural Galego, que foi a institución que máis traballou en pro da causa de Galicia nos anos trinta na Cidade Condal. O Centro Cultural era a réplica do Centro Gallego, comandado por lerrusistas. As dúas organizacións morreron o ano 36.

«O mérito maior do Centro Cultural —afirma rebordante de satisfacción o señor Suárez— foi que, facéndonos o xordo ás ameazas gubernamentais (D. Indalecio Prieto berrara no Congreso: ¡Nin un metro máis de ferrocarril!), apoiados por Companys, convocamos unha assemblea multitudinaria esixirido o tramo Zamora-Ourense, feito que tivo un eco grandísimo na prensa, e o propio ministro de Gobernación, Casares Quiroga, nunha visita ó Centro Cultural, confesou que se sentía satisfeito da nosa actitude que, ó principio, considerara como unha indisciplina inadmisíble. A realidade foi que a campaña promovida polo Centro Cultural Galego conquistou o obxectivo xa que, non só seguiron as obras senón que imprimíronlles vivacidade.»

Pero Luís Suárez Delgado non foi soamente un político, un home inqueda pola nosa cultura, un industrial e un home de negocios. Tamén é poeta cunha chea de fermosos romances humorísticos e, ademais, ten unha fermosa colección —O Galo— de inspirados poemas de Aninovo, froito de 35 anos ininterrumpidos de agasallar ós amigos polo Nadal. Suárez Delgado tamén pertenceu ó Seminario de Estudos Galegos, colaborou no xornal «Ultima Hora», de Barcelona, en programas radiofónicos, como «Ventanal al Mundo», de Radio Nacional, e presidiu en diversas ocasións comisións de Cultura do actual Centro Galego. É moi coñecido, ademais, pola súa fácil oratoria, posta de manifesto en conferencias, coloquios e xuntanzas literarias.

El Ideal Gallego, 13-VII-1980

XOSÉ LUIS BLANCO CAMPAÑA

O Xosé Luis é un home novo, residente en Barcelona dende 1966. fillo de mariñeiros, naceu hai 32 anos en Camariñas. É o segundo de catro irmáns: Xesús, o máis vello, que é Letrado Maior no ministerio de Xusticia e profesor de Dereito Mercantil da Universidade de Madrid; síguelle María Xosé, que acaba de rematar a carreira de Dereito, e María Xesús, a máis nova, que vive en Galicia e está a cursar BUP. O Xosé Luis estudiou sete anos no Seminario de Santiago, logo fixo Preuniversitario en Madrid e, xa en Barcelona, dous cursos de Dereito e a carreira de Periodismo. Pero a súa verdadeira vocación era a Radio e, tras conseguir o título de Técnico de Radiodifusión como Locutor, participou en cursiños e no Congreso «Recontre 79», de Torremolinos, na «Semana Internacional de Estudios de radio de la Unión Europea de Radiodifusión», como único invitado de Barcelona, a carón dos mellores homes da radio, entre os que se atopaba o coruñés Raimundo Bazarra, morto hai uns meses.

Xosé Luis Blanco Campaña estudiaba e traballaba ó mesmo tempo cando debutou na emisora decana de España, Radio Barcelona, onde realizou todo tipo de programas con gran éxito. Reclamado por Luis del Olmo, pasou a Radio Nacional para colaborar no programa «Protagonistas». Ó mesmo tempo, a Dirección de R.N.E. e Radio Peninsular de Barcelona encargáronlle programas propios, que acadaron unha gran popularidade.

Blanco Campaña é moi estimado pola colonia galega de Barcelona porque, a través dos medios de comunicación, non perde cantas ocasións se lle presentan para realzar datas señaladas de Galicia; facer entrevistas a persoeiros galegos das artes, das letras, da pintura, da música... —Díaz

Pardo, Xesús Mato, Casado Nieto, Beiró Buxán, María Manoela... —; intercalar música galega; propagar as actividades dos galegos residentes en Barcelona... Na cea homenaxe ó presidente da Xunta de Galicia, señor Quiroga Suárez, co gallo da visita oficial a Catalunya, Blanco Campaña presentou o fin de festa na que actuaron Ana Kiro e a soprano coruñesa María Uriz.

Como periodista, iniciouse en «El Ideal Gallego», colaborou nas revistas «Ondas», «El Europeo», «Lecturas», «Algo» e pertenceu á plantilla inicial de «Mundo Diario». Ten firmado con diversos seudónimos, o máis coñecido: «Xosé Luis Camariñas».

O amigo Blanco Campaña tamén escribe en galego. El foi o fundador do Boletín do Centro Galego, para o que conseguiu a colaboración de importantes firmas, e que foi o portavoz da Institución galega barcelonesa namentres presidiu a Directiva o señor Vázquez Sotelo.

O «Embaixador de Camariñas» —así calificamos os amigos ó popular locutor pola promoción que está a facer da súa bisbarra natal— que ten dado moitas conferencias e que foi o animador cultural de xuntanzas abondosas no local social da colectividade galega da cosmopolita «Ramblas», a pesar de vivir para a Radio e nada máis que para a Radio, tamén é un apaixonado pola música. Ten unha discoteca moi valiosa e unha ducia de instrumentos musicais: piano, violín, saxofón, gaitas, etc. Na actualidade —xa no Seminario dirixía música coral— creou grupos como «Petapouco», que grabou dous LPs, e «Camariñas», que axiña chegará ó público co primeiro disco que, coido eu, superará en popularidade ós anteriores. Gábome de ser o primeiro en anunciar «Camariñas», como o fun con «Petapouco». Pero deixemos que sexa o Xosé Luis quen fale dos seus logros musicais:

«Os "Petapouco" naceron como froito das experiencias que adquirín en Catalunya co éxito de "La Trinca". Propúxenme chegar a unha música galega festiva e divertida que se poida bailar, incluso, con ritmos tropicais. En canto ó "Camariñas" é unha escolma de música popular. Eu non penso actuar, pois son home da Radio; pero seguirei alentando experiencias deste xénero e outras novas.»

Hai meses, coméntase moito entre asiduos oíntes dos programas do Xosé Luis que o estimado locutor vaise para Coruña. Trascendeu que, en Madrid, ganou por oposición unha praza de redactor en R.N. da Cidade Herculina. Cando lle preguntamos se está decidido a voltar a Galicia, responde con ilusión:

«Penso que debo traballar aló tratando de aportar experiencias adquiridas ó longo do tempo fóra da nosa Terra.»

Aínda que Lupe, a súa esposa, de Camariñas coma el, e os meniños Montserrat e Xavier ancean voltar tamén a Galicia, Xosé Luis Blanco Campaña é consciente dos atrancos que atopará para crear outro novo fogar; pero é novo, con folgos e vitalidade, gran compañeiro e nada radicalista. O Xosé Luis ten unha gran virtude: o traballo. Sen dúbida, será un home proveitoso para a Radio Galega, tan necesitada de sabia nova.

Galeguización dos medios de comunicación

Xusto hai catro anos, co gallo da cea de despedida que os medios de comunicación e os numerosos amigos lle ofreceron a Xosé Luis Blanco Campaña, escribín que triunfaría na Coruña e que a Radio galega ganaría moito coa súa aportación profesional. Non me trabuquei. Pero hoxe podo engadir que en Barcelona aínda perdura o grato recordo dos seus programas radiofónicos, como puidemos comprobar pola gran cantidade de autógrafos que firmou antes e despois da presentación que fixo da «III Mostra da Cociña Galega en Barcelona».

—¿Que sintes, preguntámoslle, cando volves a Catalunya?

—Sinto que non podo evitar as emocións de me atopar con xentes ás que estou unido por un aprecio mutuo e polos recordos das miñas actividades nesta cidade.

—E ¿que opinas da Radio Catalana actual?

—Dende que marchei á Coruña, a Radio Catalana experimentou un adianto sen precedentes. Independentemente de que me entristeceu a desaparición de Radio Peninsular, está o feito do aumento de emisoras que enchen practicamente o dial de F.M. cunha acollida sensacional, como sucede con Catalunya Radio.

—Ti fas soamente programas en galego —nestora tes en antena «A sesta das meigas—, pero o teu obxectivo era traballar nunha Radio4 galega. ¿Por que non se conseguiu?

—Porque a Radio4, que xa tiñan os cataláns dende hai moitos anos, depende de RTVE, que non só non creou a Radio4 galega senón que recortou a programación das emisoras que ten alí. A nosa esperanza está no Goberno autonómico que vai a ofrecernos esa Radio Galega tan necesaria.

—A pesar de todo, supoño que a Radio tamén mellorou en Galicia.

—Moito, sí. Hoxe presenta varias opcións diferenciadas. Penso que estamos atravesando un gran momento porque hai cadeas novas, como Radio Noroeste, Ondas Galicia e Antena3 e moitos profesionais preocupados por facer un bo labor. Radio Nacional, onde eu estou, xa fai en galego toda a súa programación dedicada a Galicia. A isto hai que engadir a boa nova anunciada por Tomás Fernández, director xeral dos Medios de Comunicación da Xunta de Galicia, de que axiña imos ter unha cadea de sete emisoras emitindo no noso idioma.

—¿Viches programas de TV3?

—Algo sí, pero sobre todo, faláronme moito dela. Polo que puiden saber, ten unha acollida enorme e está contribuíndo dunha maneira clara á normalización lingüística do catalán. Eu espero que, aló polo verán, cando empece a nosa TV, pase outro tanto co galego. Debemos afondar na galeguización dos medios de comunicación. Os cataláns, nese eido, son un exemplo claro.

—¿Que hai de certo do teu nomeamento como director de Radio Galicia?

—Lino, coma ti, na prensa e pouco máis podo decirche. Dende logo, apoiei sempre a idea dunha Radio Galicia e non escatimarei esforzos se iso, que se di, se confirma.

Comprendemos a actitude prudente do amigo Xosé Luis namentres non se fai oficial o seu nomeamento que, segundo os xornais, confirmárase o mes de xaneiro.

Faro de Vigo, 5-XII-1984

BASILIO LOSADA CASTRO

Na súa documentación consta que naceu na Poboia de San Xulián (Lugo) o ano 1930; pero a verdade é que viu a luz primeira en Santa Comba de Lugo a onde acudiran os seus pais circunstancialmente. A partir dos catro anos viviu fóra de Galicia e, dende os nove, en Barcelona. A paixón polas nosas letras venlle de que, sendo estudante, os intres libres acudía á Biblioteca de Catalunya afanoso por coñecer a literatura universal e alí descubriu un feixe de libros galegos, feliz achádego que despertou nel unha decisiva vocación pola nosa lingua. Hoxe, sabedor por experiencia propia da gran función cultural destas institucións, é o maior surtidor de libros galegos á tan importante institución catalana que xa conta con centos de obras da nosa literatura.

O seu gran interés pola cultura galega foi causa de que se puxera en contacto cos intelectuais da nosa Terra. Para eles ten palabras de fonda gratitude:

«Eu descubrín Galicia, dende a miña lonxanía de emigrante, a través de Ramón Piñeiro, que é o home a quen máis debe a miña formación intelectual, e da amizade inesquecible de Luís Seoane. Logo, o contacto fecundo con García-Sabell e cos homes da miña xeneración, Bodaño, Arcadio, Alonso Montero, Graña...»

Basilio Losada ten o doutorado en Filosofía e Letras e Dereito. Na actualidade é director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa na Universidade de Barcelona, profesor nos programas para España das universidades de Illinois, Ucla e do Knox College e, como crítico literario, ten un programa semanal adicado á literatura galega en Radio Miramar. Centos e centos de conferencias en España e fóra de España (Alemania, Suiza, Francia, Italia... e tamén en América do Sur: Arxentina, Uruguay...) dan idea da súa actividade.

Á parte do traballo profesional, Basilio Losada que, ademais, é Licenciado en Historia do Arte, fai fotografía arqueolóxica. Ten máis de dez mil diapositivas de arte español, do románico alemán, do románico lombardo, claustros franceses e practicamente toda a arquitectura medieval catalana.

A biblioteca do profesor Losada Castro, con máis de doce mil volúmenes, arrecende a aromático tabaco de pipa. A conversa é amistosa, franca e aberta pero sexa el quen nos fale da súa obra.

«Publiquei moi poucos libros. Teño unha preguiza enorme para escribir e penso que os dez mandamentos, hoxe, son once: o oncenno é non escribir libros inútiles. Levo publicado dúas escolmas de poesía galega: "Poetas gallegos de posguerra" (os poetas da miña xeneración, os que naceron entre 1928 e 1940), "Poetas Gallegos contemporáneos" (unha escolma de once poetas galegos deste século), "Galicia", e algún outro. Tamén fixen ducias de prólogos e centos de artigos.»

Podíase pensar que un home de tanta actividade non ten vagar para outras cousas. Trabucámonos. O Basilio colecciona mapas antigos de Galicia, primeiras edicións de poetas galegos e aínda atopa un oco no tempo para se adicar ó laxante «hobby» de coleccionar pipas. Co humor innato que distingue á nosa xente, bromea:

«Leo pouca poesía e case que nada máis. Algún ensaio e poucas novelas chegan a interesarme. O meu ideal é vivir en Betanzos, ter unha librería en Barcelona, dirixir un restaurante nunha pequena cidade bávara, atopar un exemplar de «Nao Senlleira», de Bouza Brey, seguir aumentando a miña colección de pipas, manter a saúde e ter cartos para satisfacer o apetito durante moitos anos».

Cavila un intre e, como diría Castelao, acude ó trasacordo.

«Falando en serio, a miña esperanza é vivir nunha Galicia que, mantendo o seu espírito, se semellara por fóra, o máis posible, ós niveis de vida e de convivencia social de Suíza, e ser capaz de escribir un bo poema.»

Á miña pregunta de cal é a maior satisfacción que lle deu a adicación ó estudio e á crítica das letras galegas ten rápida contestación:

«O máis eficaz que levo feito é difundir a poesía galega fóra de Galicia con escolmas e traducións. Amigos meus traduciron poemas galegos ó flamenco, ó húngaro, ó rumano, ó alemán, ó ruso. Un alumno meu está a traducir unha escolma de poesía galega ó grego moderno. Tamén considero de interés unha escolma que estou a facer do conto literario galego para Espasa-Calpe, "Unha Introducción á Arte Galega", para Galaxia, e unha edición de Drummond de Andrade para Plaza Janés.

Hai anos que coñezo ó amigo Basilio Losada. Conferencias, coloquios, xuntanzas ou casuais coincidencias, foron a razón de moitos encontros no Centro Galego, na Universidade, nos locais sociais das diferentes irmandades, en Galerías de Arte e festivais. Por veces, para escoitar os maxistras parlamentos do profesor en presentacións de libros, veladas literarias, conferencias, etc. Outras, polo simple feito de coincidirmos nos actos culturais que a cotío se dan en Barcelona. Porque Basilio Losada Castro sempre atopa un valeiro para acudir á chamada de canto se relacione coa nosa cultura. É máis: a maioría dos persoeiros das Letras Galegas que nos trouxeron a súa mensaxe, viñeron gracias ó Basilio que, ademais de ser un home de grandes coñecementos filolóxicos e con recoñecida oratoria, ten un gran sentido de organización e unha capacidade de traballo nada común. Piñeiro, Manuel María, del Riego, Neira Vilas, García-Sabell, Freixanes, Blanco Amor, Alonso Montero, Seoane, Dieste e un longo etcétera foron presentados en Catalunya polo profesor Losada.

Non resisto repetir o que xa dixeran noutra ocasión: «Teño matinado moito no que representa Basilio Losada para os galegos que residimos en Catalunya e cada día estou máis convencido de que el é a persoa indiscutible capaz de aglutinar tódolos esforzos, de vencellar ós galegos de Catalunya divididos por unha chea de partidismos, de xunguir nun mesmo ideal unitario —Galicia por riba de todo— cantas capelas e capeliñas gurgulan enfrentadas entre sí. A personalidade de Basilio Losada, a súa cultura e a súa oratoria inciden profundamente nos grupos galegos e inclusive non galegos da Cidade Condal. Cónstame que son moitos os estudantes doutras especialidades que acuden á súa cátedra unicamente polo pracer de oír ó mestre. A alto nivel intelectual, a autoridade do profesor Losada é xa imprescindible en xuntanzas, convencións e congresos. Por iso non é de extrañar os seus continuos desprazamentos por Galicia, Francia, Portugal, Madrid nin que fora invitado polas colectividades galegas de Bos Aires e de Montevideo».

Como xa dixeran, ten feito moitos ensaios e críticas —derradeiramente atopo a faltar os seus inconfundibles e valiosos traballos en «Grial»—, recopilou escolmas, prologou libros; pero quero suliñar que el foi quen deu a coñecer a Celso Emilio Ferreiro fóra de Galicia coa tradución e o estudio da edición bilingüe de «Longa noite de pedra».

Losada Castro, que está entre os máis sobranceiros investigadores da nova poesía, ó se referir ó rexurdimento do noso idioma, asegura:

«Rosalía fixo o milagre de devolverlle á nosa xente a conciencia de pobo, a recuperación da súa voz e da súa sensibilidade. E hoxe contamos cunha literatura moderna con individualidades de recoñecida relevancia. Temos obras filosóficas como "Os ensaios", de García-Sabell; "O segredo do humor", de Fernández de la Vega; "A saudade", de Piñeiro; "Da esencia da verdade", de Heidegger, posto en galego denantes que se fixera en ningunha outra lingua española. Contamos con estudos de crítica literaria de Carballo Calero; con obras sorprendentes como "Longa noite de pedra", que foi o libro de poesía máis vendido en calquera das linguas ibéricas nestes últimos anos. Temos unha prosa cunqueira con páxinas das máis fermosas que se teñen escrito nunca en galego e inclusive na literatura universal; un autor xa clásico, Anxel Fole, con dous libros, "A lus do candil" e "Terra brava", increíblemente auténticos, do mundo da montaña luguesa; novelistas como Casares, Blanco Amor e Neira Vilas; e nos intres actuais contamos cunha xuventude maravillosa que ó estudar a súa árbore xenealóxica, decatouse que todos vimos da rede e do sacho e, na nobreza do sacho e da rede, descubriu a súa propia nobreza cuxo alento fundamental é o idioma.»

«Conforta saber —engade ó falar do porvir da lingua galega— que o ano 79 saíron á rúa 178 títulos, pero aínda queda moita laboura. A literatura galega está alonxada do pobo porque a nosa xente non ten medios axeitados para ler. A cultura ten moi pouca incidencia nos medios populares, nembargantes debemos recoñecer que as editoriais están a facer un gran esforzo recuperando obras tan capitais como a revista "Nós"; o "Cancioneiro", de Ballesteros; a "Biblioteca Galega"; as "Cantigas de Santa María", todas elas, editadas en edicións facsímiles.»

O amigo Basilio Losada remarca:

«Temos que convencer ós mestres, ós pais e á Administración, da necesidade dunha Escola Galega. Os nenos deben estudar no idioma patrio. Nos libros está a nosa identidade. É unha esixencia para todos manter, mercar e contribuir ó espallamento do libro galego, porque iso é tanto

como traballar pola nosa existencia como pobo. Compre salvar e dignificar a Galicia dos nosos labregos e mariñeiros consolidando a tarefa encetada polos precursores, pola xeneración "Nós" dos Castelao, Cabanillas, Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas. É mester seguir o exemplo dos desaparecidos no fadal ano 79: Lorenzo Varela, Seoane, Celso Emilio, Blanco Amor, Darío Álvarez Blázquez —¡que ano tan sombrizo para as letras galegas!— e por cantos están a producir obras de singular valía na nosa lingua por sentimento patrio e coa única compensación de saber que traballan polo seu pobo.»

Basilio Losada non duda explicar cal é o seu pensamento político.

«A política verdadeira que é a social —afirma— resolveuna Rosalía hai anos. Conquírese chegando ás entrañas do pobo, asimilando os, temas do pobo, traballando para o pobo e por causa do pobo.»

—¿Que entendes por «España»?

—Para min, España é o estado onde nós, como galegos e só como galegos, temos que integrarnos. Miles de anos de convivencia, mil anos de contacto cultural non se poden borrar dunha vez. Eu, fundamental e irrenunciamente galego, acepto sobre esta galegitude todo o que Castela —pola que sinto un fondo amor e respecto— aportou á miña formación, e tamén canto aportaron Catalunya e Portugal. Vexo a España ideal —Hespaña de Camóes— como un conxunto de pobos libres en convivencia respetuosa e fecunda, cada un dende a súa peculiaridade. Do mesmo xeito que non renuncio ó meu ser máis íntimo, como galego, non renuncio tampouco ó que Espriu, Machado ou Pessoa supuxeron na miña formación.

—Para rematar, ¿cal debería ser, segundo a túa idea, o cometido primordial da Xunta de Galicia?

—Para o bo goberno de Galicia a Xunta, primeiro, ten que ser capaz de controlar o trasvase de capital galego a outras rexións máis ricas. En segundo termo, recapitalizar Galicia dispoñendo do tesouro inmenso da enerxía eléctrica que exporta e creando industrias no noso país. E, en terceiro lugar, ten que imprantar o galego no ensino oficial a tódolos niveis. Penso que nestes tres puntos está un programa básico que, de cumprilo, daría á Xunta unha ampla credibilidade.

El Ideal Gallego, 9-VIII-1980

El Ideal Gallego, 12-VIII-1980

Rosalía, poeta clásico

Co gallo da presentación do número monográfico editado por «A Nosa Terra» en homenaxe á poetisa do Sar, no Centro Galego de Barcelona celebrouse unha velada literaria presidida por Manuel Pérez Guerra, presidente da sociedade, na que participaron o crítico Xesús González, como moderador, Manuel Veiga, redactor do devandito semanario, e o director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa, profesor Basilio Losada Castro, que definiu a Rosalía como «un gran poeta filosófico existencial, un dos meirandes poetas sociais da Iberia e como teólogo xa que, nos seus poemas relixiosos, que xurdiron da raíz do pobo galego, está constantemente clamando e

imprecando a Deus». E afirmou: «A mensaxe de Rosalía de Castro, como a de Dante, Cervantes e tódolos clásicos, non se esgotará nunca e seguirá dando respostas axeitadas a través dos tempos».

O profesor Losada Castro sulíñou tamén a enorme importancia da edición e felicitou ó colectivo de colaboradores polo seu traballo de esculca no fondo manantí da obra de Rosalía e, ó se referir ó labor da publicación ó longo de sete anos, engadiu: «É unha vergonza que en Galicia non haxa pulo para soste máis revistas no noso idioma. Quen critica o ideario e os defectos de "A Nosa Terra" e teña algo que dicir, en troques de censurar, que faga outra conforme á súa ideoloxía».

Dado o éxito da primeira edición facsimilar do número publicado en Bos Aires á morte de Castelao e animados pola demanda do actual, os responsables do semanario galego xa están a preparar outro adicado ó inspirado poeta e inesquecible mestre da prosa fantástica, Alvaro Cunqueiro.

El Ideal Gallego, 14-II-1984

Treboada, nº 16, Nadal-1984

Débese publicar o epistolario de Castelao

Nun acto organizado polo «Centro de Análisis de la Producción Social de la Realidad», o profesor Basilio Losada Castro presentou o libro de Isabel Sánchez Casado «Castelao, 24 años en la Administración Pública Española (1915-1939). Documentos para una biografía», da colección «Historia, Ideas y Textos».

«Neste libro —dixo o director do departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona— acábase de encher un vougo que traza toda a andadura de Castelao durante 24 anos de servicio á Administración Pública». E tras afirmar que o libro foi feito coa enorme cantidade de 226 documentos "como se deben facer tódalas biografías serias" laiou de que aínda quedan moitos aspectos parciais de Castelao por descubrir, por exemplo, a viaxe á Unión Soviética "da que a penas sabemos nada" e remarcou a necesidade dunha publicación co seu epistolario "caia quen caia" no que hai referencias a persoeiros da vida política e cultural galega.

»Son de gran valía, pois —engadiu o profesor Basilio Losada— aportacións parciais, como a de Isabel Sánchez, con base documental e testemuños directos o máis fidedignos posible para acadarmos unha imaxe total de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao.»

Noutro intre do seu parlamento, o profesor Losada Castro dixo que, sobre o exilio do líder galeguista en Bos Aires, escribíronse cataratas de literatura; do seu ideario hai publicacións notables; sobre o Castelao artista, Luis Seoane deixounos un texto luminoso, e, encol da súa obra literaria, «dixose todo practicamente pero non contamos aínda con ningunha biografía considerable sobre a súa vida».

Basilio Losada findou a súa intervención manifestando o anxeio de que dentro de dous anos, centenario do nacemento de Castelao, poidamos contar cunha biografía completa e agradeceu a I.

Sánchez Casado o seu traballo. «Tódolos galegos —dixo— débemoslle gratitude por desvelar un eido absolutamente descoñecido, e ás veces ignorado adrede, da vida de Castelao.

El Ideal Gallego, 12-XI-1984

Condecorado coa Creu de Sant Jordi

O Molt Honorable Senyor Jordi Pujol, nun solemne acto celebrado no Saló de Sant Jordi do Palau da Generalitat, impuxo a Creu de Sant Jordi a diversas personalidades, entre as que se encontraban Ramón Piñeiro e Basilio Losada, que foron distinguidos con esta condecoración pola Generalitat de Catalunya.

Con tal motivo falamos co amigo Basilio no Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa que el dirixe na Universidade de Barcelona.

—Para min —maniféstanos— a entrega de tan importante condecoración é un honor inmenso porque ven da Generalitat, pola que sinto un fondísimo respecto, como tamén polas persoas de diferentes estamentos que xa as recibiron, como Miró, Tapies, Martorell e, nesta ocasión, Ramón Piñeiro, Mari Santpere, os doutores Muns e Rocamora, entre outros. É gratísimo ir nesta compañía. A ver se algún día a Xunta de Galicia se acorda de esgrevios cataláns que están a facer moito pola nosa cultura, como Tomás Garcés, Martín de Riquer, Jordi Doménech e Josep M.^a Llopart que acaba de agasallarnos cunha estupenda traducción ó catalán da poesía Galaico-portuguesa.

—¿Agradaríache que en Galicia houbera un partido nacionalista como Convergencia i Unió?

—Eu quixera que existira. Agora ben, é difícil porque, aquí, CiU apóiasse nunhas clases sociais medias numerosas e con conciencia catalana, namentres que en Galicia a clase media é feble, mimética e sen conciencia de galeguidade.

—¿Cómo definirías a Jordi Pujol?

—Por enriba da súa opción política, representa o sentir de Catalunya en moitas cousas fundamentais. É un home dunha traxectoria política absolutamente íntegra e dunha lealdade a Catalunya que nin os seus inimigos se atreven a discutir.

—¿Qué relacións políticas e culturais inmediatas propoñerías para as dúas Comunidades Autonómicas?

—No plano político penso que sería importante que Galicia e Catalunya mantiveran un constante intercambio porque, aínda que teñen diferencias considerables de estrutura sociolóxica, os problemas das dúas son os mesmos. No eido Cultural convén incrementar os contactos ó máximo: intercambio de conferenciantes, edicións bilingües como a recente de Alfonso Pexegueiro, e, unha cousa moi importante, crear unha cátedra de catalán en Santiago. Algo que xa se está facendo é a coedición de libros infantís que están dando un bo resultado. Sería tamén moi

interesante organizar unha visita colectiva de poetas galegos, xa que temos unha ducia extraordinariamente bos, para dar recitais. Penso no éxito das exposicións do libro galego que fixo Olegario Sotelo.

—Entre os condecorados coa Creu de Sant Jordi tamén está Ramón Piñeiro.

—Síntome intimamente afalagado de que tamén Ila deran a el. Piñeiro foi o meu mestre e portouse cunha xenerosidade inmensa comigo e coa miña xeneración, mandándonos libros e poñéndonos en contacto coa cultura galega. Foi verdadeiramente un mestre. A Piñeiro honrárono coa Creu de San Jordi pola altura intelectual da súa obra —acaba de publicar «Filosofía da Saudade», unha das pezas capitais da cultura galega contemporánea e un modelo de claridade e de rigor de pensamento— déronlle a Creu —digo— porque, ademais, mantivo relación constante con Catalunya nos anos máis difíciles, cando vir a Barcelona e falar con determinados homes era correr un perigo de ir á cadea. Aquí ten moitos amigos e goza de gran prestixio nos medios intelectuais e na Universidade, onde ten pronunciado varias conferencias.

—Defíneme o Centro Galego de Barcelona ideal.

—Penso que para uns o ideal sería ter competicións deportivas e para outros, boa gastronomía. Eu desexo unha gran biblioteca e unha sala onde poder comentar con cinco ou seis amigos as últimas novidades publicadas. E sobre todo anxeio un Centro Galego no que os intereses da comunidade priven sobre os intereses das persoas. O ideal sería que o Centro Galego de Barcelona fora unha embaixada cultural de Galicia.

El Ideal Gallego, 23-XII-1984

O Mundo de Cunqueiro

No salón de actos do Centro Galego de Barcelona, o profesor Basilio Losada Castro fixo a presentación da revista monográfica «O Mundo de Cunqueiro», editada por «A Nosa Terra».

Abriu o acto Xesús González que anunciou, para o mes de Xuño, a aparición dun número extra adicado a Blanco Amor e, para decembro, outro en homenaxe a Luis Seoane e, seguidamente, o presentador, que considera moi importante a literatura de kiosco con formato de revista pois «moita xente tenlle medo ó libro», sulíñou que as revisións periódicas dos grandes escritores, dende perspectivas novas, son moi necesarias porque dan unha mensaxe distinta para cada xeneración.

Referiuse máis adiante ás críticas inxustas que se lle fixeron ó autor de Merlín e Familia e As Crónicas do Sochantre polo que, moitos, calificaban literatura de evasión. «O Mundo de Cunqueiro —afirmou Basilio Losada— non era unha gracia inútil. Con tamaño forza máxica estaba penetrando e mostrándonos que a única defensa do home, hoxe, e mirar a realidade como se fora unha maravilla recién estreada.»

Tamén dixo que a xuventude foi inxusta con Alvaro Cunqueiro no intre preciso que el non podía dar unha definición política «porque tiña a cabeza chea de cousas nobres e a verba tremelecete e creadora do home que está a inventar a palabra en troques de repetir fórmulas valeiras políticas».

Noutro intre, Basilio Losada remarcou que Cunqueiro foi un gran escritor en tódalas dimensións, un excepcional home de teatro, un novelista prodixioso e un gran poeta, sobre todo nos poemas últimos recollidos nas obras completas «testemuñas do home que contempla —engadiu— o mundo dende a dor, cunha conciencia de humildade namentres ía morrendo coa elegancia refinadísima de quen pide, soamente, que o deixen soñar e vivir».

Explicou, logo, que, varios meses antes de morrer, Alvaro Cunqueiro recibiu unha carta de Méndez Ferrín na que este manifestaba a súa inmensa admiración pola súa obra. «Aquela carta —continuou— endulzoulle a Cunqueiro o último ano da súa vida. Viu que a xente nova estaba ó redor del, os seus libros líanse e xa non pensaba ninguén que Cunqueiro era un home que fuxía da realidade conflictiva de Galicia. Xa todos comenzaban a ver cunha migalla de intelixencia que estaba a morrer lentamente o talento creador máis grande de Galicia da metade do século XX.»

Ó facer mención dos centos de poemas traducidos e recreados por Cunqueiro e á gran cantidade de artigos publicados en xornais dixo: «Soamente cando teñamos todo iso recollido teremos pagado o noso tributo de xusticia e de admiración ó escritor de Mondoñedo. Esta revista monográfica foi a primeira pedra. Non está mal —seguíu o profesor Losada— que sexa a xente nova quen comence porque, posiblemente, a gran inxusticia ven tamén da xente nova. Foron eles os que, en certa maneira, amargaron moitos anos da vida de Cuqueiro pero, hai que recoñecelo, foron eles os que nos derradeiros meses, cando Cunqueiro notaba que a vida fuxía del, agarimárono e, aínda que tarde, bendita sexa esta reparación».

Basilio Losada rematou a súa intervención coas seguintes palabras:

«Espero que dentro de trinta anos sexa «A Nosa Terra», porque será garantía de continuidade nun país coma o noso en que a continuidade é un mito xa que non existe, espero —digo— que se publique outra monografía de Alvaro Cunqueiro e entón teremos esa perspectiva xeneracional dun gran escritor clásico que non esgota a súa mensaxe nun só intre do tempo. Son os clásicos —suliñou ante o numeroso auditorio que seguiu con gran interés a súa disertación— os que dictan unha lección para cada época de acordo coas necesidades, a sensibilidade e á altura dos tempos».

Marzo, 1985

MANUEL CASADO NIETO

Postos a escolmar nomes de galegos afincados en Barcelona, non hai dúbida que Casado Nieto é un dos persoeiros que non pode fallar en ningunha antoloxía seria porque son moitos os

méritos profesionais e culturais do poeta e escritor de Castro Caldelas, que exerce a carreira fiscal nesta cidade catalana.

Poderíamos falar longas horas da súa personalidade, pero tentarei soamente presentar ó Casado Nieto ollado dende unha perspectiva de home vencellado á colonia galega da Cidade Condal e á cultura do seu pobo.

Manuel Casado Nieto presidiu dezaioito anos o Centro Galego por iso non é doado resumir o labor de tan longa etapa nunha curta reseña porque son incontables as conferencias, as mesas redondas, as representacións teatrais e as xuntanzas de irmandade que se celebraron durante a presidencia de Casado Nieto nos anos máis difíciles. O Centro Galego foi unha tribuna aberta e democrática nuns tempos que nada ou pouco se podía facer. Os máis renomeados intelectuais, dende Risco a Seoane, dende Otero Pedrayo a Filgueira Valverde, pasando por García-Sabell e Fernández del Riego, puideron falar sempre en galego e facelo con liberdade. Tódalas tendencias atoparon abertas as portas do local social das «Ramblas»: Alonso Montero, Neira Vilas, Victoria Armesto, Manuel María, Celso Montero, Ramón Piñeiro... e os cantantes máis comprometidos, como «Voces Ceibes» ou Miro Casabella, entre outros.

«Eu —di Casado Nieto con voz grave e expresión fácil— procurei manter e proxectar a cultura galega nos medios cataláns, favorecendo a pluralidade entre os socios, con criterio liberal, partindo do apoliticismo da Sociedade.»

O fogar galego estivo representado en cantos actos de importancia se celebraron na Cidade Condal. A Masa Coral «Lonxe da Terra» actuou no 1.º Centenario dos Coros Clavé no «Pueblo Español»; no Palacio da Música; no Liceo; nas festas da Mercé; en actos benéficos; en romerías como as de Santiago en Vallvidrera. En maio de 1950, no teatro Poliorama, celebrouse a Festa das Letras Galegas, nas que actuou de moderador o propio Casado Nieto. Foron premiados Cuña Novas, Alvaro Cunqueiro, Fernández del Riego e outros, adiantándose os galegos de Barcelona á celebración, que trece anos máis tarde, nacería en Galicia co nome de «Día das Letras Galegas».

Pero, con ser moi importante canto levamos dito, a obra cume que enche de satisfacción a Manuel Casado é a Biblioteca do Centro Galego.

«Quero que suliñes —pediume— que a obra cumial do Centro durante os anos que presidín a sociedade, foi a Biblioteca, froito dun traballo concienciado de inversión tenaz e de entrega no que participaron homes técnicos na materia, entre os que é obrigado poñer en letra de molde o profesor Losada Castro. Tamén quero que fagas constar que pola Biblioteca pasaron moitos universitarios e que alí fixéronse, incluso, innúmeras consultas para preparar teses doctorais.»

«De estudante —dime don Manuel lembrando os anos mozos —cando acudía ás xuntanzas literarias ourensáns presididas por Risco, espertaron en min as vivencias poéticas e, froito daquelas leccións a carón dos mestres do galeguismo, foi a necesidade que sentín de me expresar na nosa fala.»

O seu primeiro libro foi «AMOR I ELECCIOS», un sainete coa súa miga de crítica do caciquismo, en versos galegos, escrito cando tiña dezaséis anos. O segundo foi «ORBALLO ISPIDO»,

da colección «Xistral», de Lugo. Seguiron máis adiante «O RONSEL DO MEU SILENZO», da colección «Alba», de Vigo, e «CANTA AO LONXE O CORAZÓN DO TEMPO», de «Galaxia».

A narración en galego débelle «CONTOS QUE NON SON CONTOS», da colección «O Moucho»; «TRANCOS DA VIDA DO BRAISIÑO», de «Ediciós do Castro», ilustrado por Díaz Pardo e con sobrecoberta de Luis Seoane. «O Moucho» vaille a publicar «A BODA DO REIMUNDO».

En castelán, ten «ORTO», poemas de primeira mocidade; «SONETOS VESPERTINOS»; «UN LUGAR EN EL TIEMPO», novela de ambiente vilego galego, editada por «Planeta», e «LA TURBIA CORRIENTE», novela tamén, editada por «Destino».

Ó galego, traduciu unha escolma de Salvador Espriu, ó que considera un dos mellores poetas da nosa época. Tamén traduciu a Biblia, da que se levan publicado tres volúmenes: Un, con tres Libros Sapienciais «LIBRO DE XOB —O ECLESIASTES— A CANTIGA DAS CANTIGAS», outro coa segunda parte do Novo Testamento (Feitos, Epístolas, Apocalipsis) e o «PENTATEUCO». Seguirán «OS LIBROS HISTÓRICOS», «OS PROFETAS», etc.

O poeta-escritor de Castro Caldelas traduciu, ademais, libros dos portugueses Castello-Branco, Augusto da Costa e Paco D'Arcos; do italián Giovanni Mosca; do francés Paul Géraudy, e ten colaborado en moitas revistas e xornais, especialmente nos galegos.

Casado Nieto é sen dúbida un gran poeta. Un poeta imaxinista, descriptivo, popular, que non renuncia ó ritmo nin ás regras severas do soneto. Hai quen renega dos poetas que aceptan unhas canles e unha servidume formal que eles coidan desfasados porque pensan que facer poesía é ser denunciadores. Moitos críticos, mergullados na teima de que o poeta debe ser o concienciador dos pobos, tildaron ó autor de «ORBALLO ISPIDO», «O RONSEL DO MEU SOLENZO» e «CANTA DE LONXE O CORAZÓN DO TEMPO» de poeta pechado na súa torre de marfil. Están trabucados, quizabes por falla de coñecemento destes libros, verdadeiras xoias bibliográficas, que, moitos, temos fotocopiados por imposibilidade de atopalos no mercado.

Boa proba de súa valía, temóla no feito de que poemas seus enriqueceron escolmas, como as publicadas por Del Riego e Adonais.

Vicente Risco, cando nos fala da poética de Casado, di: «En todo este libro está presente a emoción da terra». Otero Pedrayo engade: «O poeta apalpa lareiras xiadas, espreita os eidos a bravo, as terras amantiñas sen amor, os adeuses alongados na serán...». E Basilio Losada, un dos mellores críticos da poesía moderna galega, tras recoñecer as dificultades dos anos en que foron publicados os poemas de Casado Nieto, cando «os poetas nada podían facer que non fora pechase no seu ánimo e cultívalo inzado de sagrada esperanza», asegura que poemas como «Emigrantes», «A aldea valeira», «Palabras», «Discurso», contarán xa para sempre entre o mellor na poesía galega testemuñal».

Manuel Casado Nieto é un poeta rexo e grave na perfección dos endecasílabos; afervorado e comunitativo nas estrofas de xeito popular, e rebordante de enxebreza nas fermosas triadas.

Casado Nieto, fiscal da Audiencia Territorial de Barcelona, adiantándose ós, deica hoxe, bos propósitos postconciliares, demostrou que a nosa fala é tan rica e nobre coma calquera outra para transmitir a mensaxe do Antigo e do Novo Testamento.

O ano 1968, o Centro Galego de Barcelona encetou un programa de publicacións co primeiro volume «de tres obras que contan —son palabras de Basilio Losada Castro— entre as máis sobranceiras do Vello Testamento. A fondura, o dramatismo do Libro de Xob, a severidade ríspeta do Eclesiatés e o engado enfeitizante da Cantiga das Cantigas, o máis fermoso poema de tódolos tempos, que abondarían para xustificar a súa elección como fito inicial dun programa editorial».

Ben me lembro da presentación do «NOVO TESTAMENTO», na librería «Sargadelos», que acadara tanto éxito de público e unha gran resoancia na prensa barcelonesa. Pero deixemos que fale o autor:

«A comezos da primavera do ano 1974, publiquei o «NOVO TESTAMENTO» na «Editorial Saturno», da Cidade Condal. Eu ben quixera que se editara na Terra que me viu nacer; pero en Galicia só atopou desinterés.»

A pesar dos atrancos, traballando ferreamente, Casado Nieto fixo o que non tentou facer a Igrexa galega en moitos séculos: poñer nas mans do pobo os libros sagrados, traducidos fielmente á lingua dos Cancioneiros, de Rosalía, dos mariñeiros, dos labregos e dos estudiosos da cultura universal que tiñan mester de acudir a edicións alleas para beber nas fontes bíblicas.

«Hai anos —di Casado Nieto— afoutado polo anxeio de lle render un servizo á nosa lingua, veño traballando vagariña, teimosa e desinteresadamente nas versións bíblicas galegas.»

É certo. Podo dar testemuña do garimo con que traballa na tarefa que se impuxo el mesmo con tanto afán. E a miña teima foi sempre darlle folgos para que siga no empeño de rematar a traducción da Biblia.

Como era de esperar, o xurista de Castro Caldelas conquistou a consagración da súa obra coa publicación, derradeiramente, do «PENTATEUCO» en «Bibliófilos Gallegos» da «Biblioteca de Galicia», editado en Santiago, con introducción e comentarios de coengo doutor Xesús Precedo Lafuente e con fermosas ilustracións bíblicas de obras do románico galego.

«Xa ía sendo hora —escribe o traductor— de que a Biblia chegara ás mans dos cregos e dos leigos na lingua galega... ¿Como espallar a liturxia sen o Novo Testamento? ¿Que se fixo neste eido fóra dos labores de Espina e de Mourente, cos Evanxelos, e de Alonso Estrevís, cos Salmos? As linguas non acadan doutorado namentres non se verque nelas o Libro dos Libros.»

Abonda con ler «CONTOS QUE NON SON CONTOS» para decatarse de que Manuel Casado Nieto é un namorado do pobo. Está enraizado na étnia popular. É un observador sutil dos costumes, dos xeitos, da alma do labrego galego. Relouca de ledicia cantas veces se achega a Castro Caldelas; sinte como propias as mágoas dos veciños e recolle, cal se de ouro se tratara, os xiros, as verbas e os contos aldeáns que logo el traslada ós seus libros, elaborados con axeitado estilo e pulimentados pola súa arte.

Personaxes como o Galindo, runfando de señorito; o Xaniño, namorado da filla do Néstor; o Liborio, coa súa retranca; don Severino, que tiña o pobo nun puño; a Olaia, o Estebo..., todos amigos de Casado Nieto, que o autor vai retratando cun galego expresivo, vivo, ricaz.

Non é de extrañar que o profesor Antón Rojo fixera un estudio encol das formas perifrásticas do verbo galego servíndose de exemplos deste libro e que o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago escolmara algúns contos para o estudio do idioma galego nas escolas.

Este ano, Manuel Casado Nieto sufriu unha aceda experiencia. El, sempre tan dinámico, ateigado de sentimentos líricos, aberto e xeneroso, capaz de bagoar diante da dor dos seus semellantes; pero tamén de arrepoñerse á inxusticia con voz de trono e coa forza da súa oratoria esmagadora, alporizounos ó sabermos que unha grave doenza tíñase adonado del. Pero a súa forteza de cerna de carballo saíu triunfadora. Os amigos desexámoslle que supere a enfermidade e que poida voltar axiña ás tarefas profesionais e literarias que distinguiron sempre a súa rexa personalidade. Do seu traballo, aínda agardamos outros moitos e celmosos froitos madurecidos.

El Ideal Gallego, 19-VIII-1980/20-VIII-1980

A Biblia en galego

Recentemente o Servicio de Publicacións da Fundación Barrié de la Maza editou dez libros, feito moi importante do que se fixeron eco amplamente os medios de comunicación. Entre os escritores, todos eles de recoñecida valía, que gracias ó mecenazgo da Fundación virón coroados os seus traballos de investigación ou de produción literaria coa publicación das súas obras, atópase o caldelao Manuel Casado Nieto, ex-presidente do Centro Galego de Barcelona durante dezaoito anos e, de sempre, fondamente vencellado á Colectividade galega da Cidade Condal. Con tal motivo, falamos dos dous novos tomos da Biblia —LIBROS HISTÓRICOS e OS PROFETAS— editados pola Fundación Barrié de la Maza en colaboración con Bibliófilos Gallegos, que se engaden ó primeiro tomo —O PENTATEUCO— publicado en 1976.

—¿Que libros quedan pendentes para culminar tamaña obra?

—O cuarto tomo —LIBROS POÉTICOS E SAPIENCIAIS—, que xa está en imprenta, e «O NOVO TESTAMENTO COMPLETO». Como os anteriores, levarán introduccións e notas de don Xesús Precedo Lafuente, un verdadeiro mestre en Sagra Escritura, que revaloriza notablemente a obra polo seu profundo coñecemento da materia.

—¿Como foi ocurrírselle traducir a Biblia?

—Porque me parecía imposible e dábame vergonza que unha lingua tan importante como a galega non tivera unha versión da Biblia, o libro máis traducido do mundo que se pode ler en 1.600 idiomas e dialectos.

—¿De que fontes se serviu para a traducción?

—En primeiro lugar da Vulgata Latina, cotellada coa Septuaxésima e coa Scofield, e outras Biblias verquidas ós idiomas modernos que eu coñezo.

—Unha editorial seica lle perdeu algún orixinal ¿é certo?

—É verdade. O libro de Xosué tiven que refacelo por completo. Tamén levei outro gran apuro porque extraviáronse tódolos Libros Históricos que lles mandara. Ó cabo dun ano —non sei se sería gracias ó rezo do Responso de San Antonio— apareceron esquecidos nun recuncho dunha imprenta.

—O ano 1968, Publicacións do «Centro Gallego» de Barcelona editoulle «LIBRO DE XOB O ECLESIASTES A CANTIGA DAS CANTIGAS». Seis anos máis tarde. Editorial Saturno publicou NOVO TESTAMENTO (2.^a parte). Tamén publicou na revista «Grial» OS LAIOS DE XEREMIAS, A PROFECÍA DE AMOS e a 1.^a parte do XENESIS, ¿pensou nalgún intre na posibilidade de non ver editada a obra completa?

—Non tiña dúbidas. Sabía que habíase publicar, pero temía que fora un libro postumo. Un traballo tan enorme, de miles de horas, non se podía perder.

—Supoño que agora sentirase satisfeito.

—Certamente. É unha satisfacción espiritual e aledaríame que fora un éxito para os editores que, xenerosamente, sacrificáronse para facer posible a súa publicación.

Don Manuel Casado Nieto, recente aínda a súa viaxe á Coruña, está fundamente impresionado polas atencións recibidas e polo acto académico da presentación dos dez libros no Hotel Finisterre, xuntanza presidida pola Condesa de Fenosa e na que falaram o vicepresidente da Fundación, Xaquín Arias; o Conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde; o director do Instituto Xeolóxico de Laxe, Isidro Parga Pondal e o delegado do Goberno en Galicia, Domingo García-Sabell.

—¿Que opinión lle mereceu —preguntámoslle— a presentación dos libros?

—Foi un acto que revestiu gran solemnidade, pola calidade dos oradores e pola xusteza e gravidade que imprimiron ós seus discursos. A Fundación Barrié de la Maza está prestando un servizo inmenso á cultura galega coa edición de libros importantísimos que non teñen finalidade comercial e si a de enriquecer culturalmente a nosa Terra. Gracias á Fundación, pódese conseguir que libros, que non son de lucro, estean á disposición dos lectores.

Tamén dona Eva Martínez-Carmona e os seus fillos, tan identificados con don Manuel e coa súa obra, síntense plenamente satisfeitos polas delicadezas e polo trato que recibiu dos seus anfitrións na Coruña, e Casado Nieto dinos con humor galego:

«A miña familia tivo moita pacencia comigo, aturándome e sacrificando o seu esparcemento, porque comprenderon a importancia destes traballos.»

El Ideal Gallego, 6-I-1983

Restablecemento dos antigos partidos xudiciais

Entre os galegos radicados en Catalunya, sempre preocupados polos problemas da nosa Terra, foi un acontecemento saber que o Parlamento Galego aceptou unha proposición de Lei para o restablecemento de tódolos partidos xudiciais galegos. Tamén lemos con satisfacción as declaracións do novo conselleiro titular da carteira de Xusticia e Interior, Xoan Luis Pía Martínez, a Ezequiel Pérez Montes, de «El Ideal Gallego», nas que manifestaba o seu interese por un tema tan básico para a demarcación xudicial da nosa Comunidade Autónoma.

Coa nova Lei, que será aprobada sen dúbida, revivirán cabezas de partido como Arzúa, Muros, Negreira, Ordes, Ortigueira, Padrón, Pontesdeume, Becerreá, Quiroga, Sarria, Ribadeo, Viveiro, Allariz, Bande, Castro Caldelas, Celanova, Viana do Bolo, Xinzo de Limia, Caldas de Reis, A Cañiza, Ponte Caldelas e Redondela, vilas que durante decenios, e algunhas durante séculos, foran centros de comarcas naturais, con prestixio histórico ou cun renome económico-social. Privadas de capitalidade xudicial, cos atrancos que elo comportaba para o seu desenvolvemento (perda de Rexistros, en moitos casos de notaría, etc.) sen que foran oídas as xustas reaccións, coa nova Lei, os partidos xudiciais serán rehabilitados.

Para falar dun feito de importancia tal, visitamos ó fiscal don Manuel Casado Nieto que aborda o tema con gran ilusión e confianza.

—Se a proposición se converte, como esperamos, en Lei, terase correxido o desastroso estado de cousas creado polo Decreto de 11 de novembro de 1965 que, dictado dende un despacho de Madrid, suprimía de súpeto máis de vinte partidos xudiciais, o que orixinou resultados nefastos para a poboación en xeral, para as comarcas e para os funcionarios dos xuzgados en activo que viron aumentar desaforadamente o seu labor en perxuício de solucións inmediatas.

—¿Por que considera Vde. desafortunado aquel decreto, aínda vixente?

—Porque, ademais de alonxar ó xusticiable da Xusticia, quebra a configuración comarcal sen respetar as unidades históricas e humanas constituídas ó longo de moitos anos por razóns xeográficas, económicas, tradicionais, etc., que cooperaban entre si e —cousa moi importante— mantiñan vencellos xurisdiccionais.

—Eu tiña entendido, don Manuel, que o Ministerio de Xusticia pretendía, co Decreto do 1965, procurarse uns aforros.

—Galicia é Galicia, e os seus xeitos de agrupación rural, os seus pequenos pero múltiples núcleos de poboación non se asemellan nada ós de outras rexións españolas. Iso é o que debérase ter en conta en troques de arrabuñar uns cativos aforros do xa miserento presuposto de Xusticia.

—A axeitada distribución da xudicatura coa reposición das antigas sedes ¿resolverá os problemas da nosa ordenación territorial?

É un punto de arranque importantísimo para o bo funcionamento das institucións —as locais e as xerais— e quero manifestar a alegría que sinto pola feliz iniciativa do deputado, señor González

Mariñas, e pola intelixente receptividade do Parlamento Galego. Agora é Galicia mesma, por medio dos seus representantes —non calquera burócrata centralista de nacemento ou de adopción— quen vai resolver os seus problemas, feito que nos colma de contento e de satisfacción.

El Ideal Gallego, 26-III-1983

A voz do poeta en Castro Caldelas

A visita ó ilustre fiscal e escritor, don Manuel Casado Nieto, que ó seu labor poético engade a facilidade narrativa e o mérito de ter sido o primeiro en traducir a Biblia ó galego, era obrigada. ¿Quen mellor para, nunha curta visita a Castro Caldelas informarnos da historia e do presente da activa vila, cabeceira da comarca caldelá?

A primeira sorpresa con que nos atopamos na casapazo de don Manuel é a gran cantidade de recordos que conserva de Vicente Risco, o inesquencible mestre das letras galegas, afervoadado de Castro Caldelas, que levado pola súa afición á pintura e pola amizade co poeta, deixou constancia do seu arte nuns fermosos murais pintados no cuarto de Xoan Manuel e lago, cando eran nenos. Os dous intelectuais, de sempre, foron grandes amigos. «Xuntos traballamos na limpeza da inscrición do torreón do solpor da muralla do castelo —dínos Casado Nieto— ata conseguir a súa lectura, que nos confirmou que a fortaleza foi rematada o ano 1560 e, xuntos, temos disfrutado de moitos veráns caldelaos.»

Co amigo, dirixímonos á praza triangular de Ó Prado, encrucillada das carreteras de Trives, Rabal, Ourense e Monforte; rubimos Ó Toural, lugar do campo da Feira e do Grupo Escolar, moi cerca do Santuario dos Remedios, patroa da bisbarra, e, voltando Ó Prado, entramos na casa de M.^a Teresa Cortón, teimuda recopiladora de documentacións de feitos galegos, e ollamos con respecto o, aínda hoxe, insuperable mapa de Fontán.

Pola rúa Grande ascendemos ó Cima da Vila, lugar de casas de cantería e centro histórico do vello Castro, coroado polo castelo amurallado, con tres torres cuadrangulares e esbelta torre de homenaxe, que pertencece ós duques de Alba.

«O castelo —lemos no libro "CASTRO CALDELAS Y SU COMARCA", do caldelao Olegario Sotelo Blanco—, é o símbolo vivo de Castro Caldelas. Nel encerrase a historia toda da vila onde se ergue domeante e altivo, cal xigante que procura e, ó tempo, desinterésase da vida diaria do pobo.»

Dende o castelo, maravilloso mirador a carón da eirexa abandonada de Santa Isabel e de San Sebastián —noutro parroquial— domínase toda a larganza bucólica da comarca. Don Manuel non cansa de louvar o seu pobo nadal. «O que moitos non saben —afirma— é que en 1848 houbo no Castro un pronunciamento civil, debido ó traslado, do Xuzgado á Póboa de Trives.» E engade: «Castro Caldelas é unha das vilas máis enxebremente galegas. Incluso temos a mellor raza bovina: a caldelá, descuberta polo veterinario catalán Romagosa».

Camiño de Lugo, namentres deseemos cara o Sil por A Aveleda, na Riveira Caldelá, de vizosos labradíos, verdes lameiros, gorentosos viños, sombrizas carballeiras e soutsos acugulados de ourizos, acompañánnos os recordos dun día cheo de novas descubertas e aínda nos parece oír a voz rouca, forte e emocionada do poeta que nos agasallou coa lectura dun poema do seu novo libro que se titulará FALO COS MEUS:

Pro medra ó seu carón, ledos, fortes e valentes,
un castiñeiro novo que eu plantei pola mau
e que sendo aínda un neno, amorosiñamente
dá tamén sombra fresca e castañas avau.

Ólloo eu coma un pai con dozor nas meniñas,
e percibo a súa ollada que ven dereita a min,
e falamos ás veces con verbas solermiñas
dista infancia arelosa que il vive e que eu vivín.

Treboada, n.º 11, Xaneiro-Febreiro 1984

Exemplaridade cristiana de Casado Nieto

No local social do Centro Galego de Barcelona celebrouse unha velada literaria en memoria de Manuel Casado Nieto na que interviron Xenxo Carbailo, Olegario Sotelo Blanco e Basilio Losada Castro. Presidiu o acto a vicepresidenta Pilar Corredoira, que excusou a ausencia de Xosé Luis Vázquez Sotelo, desprazado a Galicia para asistir ó enterro de Xulio Yebra Pimentel, a do maxistrado Claudio Movilla Alvarez e a do presidente do Centro, Manuel Pérez Guerra, que non puideron participar como estaba anunciado. Entre o numeroso auditorio encontrábase Xoan Manuel Casado, fillo do poeta caldealao, o fiscal da Audiencia Territorial de Barcelona, representantes de tódolos grupos e irmandades e colegas do finado.

O señor Carballo referiuse á extraordinaria facilidade de palabra de Casado Nieto como orador do Foro e lembrou o brillante discurso que pronunciou como mantenedor dos Xogos Florais organizados polo Centro Galego o mes de maio de 1950. Tamén fixo unha gran louvanza do seu fecundo labor durante os dezoito anos como presidente da Institución nos aspectos culturais e de afortalamiento da unión da comunidade galega.

Olegario Sotelo falou do profundo apego que Casado Nieto sentía polo seu pobo natal e suliñou a importancia do «Libro Blanco de Castro Caldelas» no que reivindica o retorno do Xuzgado á histórica vila. Rememorou, ademais, a importante tarefa que desempeñaba como asesor de Ediciones Sotelo Blanco e o enorme mérito de ter sido o primeiro tradutor da Biblia ó galego.

O profesor Losada Castro, que mantivo íntima amizade con Casado Nieto ó longo de máis de vinte anos —el foi un dos seus mellores colaboradores como directivo do Centro Galego— dixo:

«Atopei en Manolo Casado Nieto un amigo con inmensa calidade humana, un home exemplar e liberal que adicou a súa vida a traballar polos galegos. Casado Nieto sentía un amor afervorado, idolátrico pola lingua galega e escribía cun caudal léxico ricaz, limpo e clarísimo».

A continuación leu algúns dos poemas do homenaxeado e afirmou: «Un libro capital ó que aínda non se lle fixo xusticia e moi louvado por Espriu é "Canta de lonxe o corazón do tempo". Tamén nos deixou outro inédito —"Falo cos meus"— un dos seus máis representativos, porque nel podemos enxergar o home completo nos seus temas constantes, a familia, o Castro, Galicia e a lingua.»

Basilio Losada rematou a súa intervención propoñendo que o Centro Galego publique a obra inédita do poeta. «É a mellor homenaxe —suliñou— que se lle podía facer ó home esgrevio que presidiu esta Institución durante tantos anos.»

Días antes, na sala de actos, asistimos a unha Misa pola alma de Manuel Casado Nieto que faleceu o 18 de decembro tras longa enfermidade.

Oficiou o arcepreste de L'Hospitalet, natural de Bóveda (Monforte de Lemos), don Antonio Rodríguez que, na homilía, remarcou a súa exemplaridade cristiana e a súa entrega á colectividade galega.

Asistiron á función relixiosa a esposa do finado, dona Eva Martínez-Carmona e os seus fillos, XoanManuel, Iago e Eva; o presidente de Centro Galego, Manuel Pérez Guerra, e membros da Directiva; os ex-presidentes Fernando Neira Martínez-Monje, Francisco Dapena Alfonsín e Daniel Pérez Guerra; o profesor Basilio Losada Castro, don Antonio Gómez-Reino, representantes doutras irmandades e numerosos socios e amigos do finado.

Don Manuel Casado Nieto, que exercía de Fiscal en Barcelona, estaba considerado como o patriarca das Letras Galegas da Cidade Condal. Como poeta, recentemente, publicou «Vendima» (Ediciones Sotelo Blanco, Barcelona 1982), que ven a ser unha antoloxía dos libros anteriores «Orballo ispido», «Ronsel do meu silencio», «Canta de lonxe o corazón do tempo», e deixou outros poemas inéditos. Como prosista, enriqueceu a narrativa popular con «Contos que non son contos», «Trancos da vida de Braisiño» e «A boda de Raimundo». En colaboración co seu fillo XoanManuel — premio de poesía galega 1983— traduciu «Mostra antolóxica de poetas contemporáneos: ingleses, franceses, italiáns e cataláns» (Edicións do Castro, 1981). Outro eido moi importante do labor literario de Casado Nieto foi a versión da Biblia ó noso idioma. En 1976 publicou «O Pentateuco» e, en 1982, a Fundación Barrié de la Maza, en colaboración con Bibliófilos Gallegos, editoulle «Libros Históricos» e «Os Profetas». Lamentablemente, o noso gran amigo e admirado poeta non puido ter nas mans o cuarto tomo «Libros Poéticos e Sapienciais» que se acaba de presentar na Coruña, nin «O Novo Testamento completo» que xa está en imprenta e que anxeamos ver publicado.

Faro de Vigo, 31-III-1984

MANUEL BLANCO CASTRO

Hai persoas que dende o barrelo ata o intre derradeiro, as máis das veces sen decatarse, zugan os meles dunha longa vida sen grandes atrancos nin reviravoltas. Outras, nembargantes, semella cal se estiveran predestinadas a camiñar por un vieiro inzado de silvas, de coios e de penedos.

Estas ideas emburúllanme o pensamento cando falo co amigo Manuel Blanco Castro, cando recibo as súas cartas garimosas e sinceras, verdadeiras confesións dun home inqueda que ten mester de compartir os seus pensamentos e anxeios, as súas dúbidas e problemas, coa persoa en quen confía.

¿Por que, cavilo eu, o Manuel Blanco non atopou aínda aquela paz e seguridade que nos fan pensar que un home ós cincuenta anos conquistou a felicidade e tórnase conservador?

M. García Brugos, no libro MEMORIAS DE UN EX-FRANCISCANO, relátanos os longos anos de vida relixiosa que reprimiron ó lugués Manuel Blanco, que estudou no Seminario Seráfico de Herbón e, cumpridos os 18, tomou hábito franciscano en Santiago en agosto de 1944 a pesar de falla de verdadeira vocación e ordenouse sacerdote en Lugo (1955), condicionado polo amor filial e o que dirán.

Estou de acordo co amigo Blanco cando fala de MEMORIAS DE UN EX-FRANCISCANO:

«É un libro cheo de aberracións. Nalgúns puntos biográficos é disparatado. Isto levoume a escribir unhas "memorias" baixo o título NUBARRONES, que practicamente xa teño rematado.»

Estou de acordo, sí. Pero o que non se pode negar é que trinta anos de disciplina imposta forzosamente estigmatizaron ó meu bo amigo, habituado ó estudio e á investigación, que traballou nos EE.UU. na Academy of American Franciscan History e na revista The Américas a carón do historiador galego Lino Gómez Cañedo, e que, durante os anos de dedicación parroquial en Venezuela, escribiu no «Bolivarense», no periódico «Unidad» —fundado por el—, en «Antorcha», na «Revista Comercial de Maturín» publicando, ademais, o libro FIESTAS PATRONALES DE SAN JOSÉ DE GUANIPA.

Non é de extrañar que Manuel Blanco Castro, coñecedor das bibliotecas de máis renome de Santiago, Lugo, Madrid, Washington, Cleveland, Caracas, da Xudío Portuguesa e Rosenthaliana de Amsterdam, da Hispanoamericana e Portuguesa de Utrech —os seus compañeiros chamábanlle «rato de bibliotecas»— non é de extrañar, digo, que dende 1966, ano que Roma o dispensou do celibato para casar coa fiel compañeira Primitiva Neila, non atopara aínda na sociedade o lugar acaído á súa verdadeira vocación de apaixonado investigador e escritor.

Blanco Castro, qué durante a súa vida relixiosa confeccionou máis de 2000 fichas de místicos franciscáns, moitas publicadas en «Liceo Franciscano» e «El Eco Franciscano»; que exerceu o seu ministerio sacerdotal en Lugo, Madrid, Santiago, Zamora e Avilés, atopouse na vida secular sen medios económicos, coa saúde mermada e inmerso na marxinación social e laboral. Increíble situación dun freire secularizado, rico en sabencias, que gastou os mellores anos da súa vida e tivo

que encetar novos vieiros esquecido polos seus e ollado coma un extraño no ambiente que o rodeaba.

O exfreire viuse na obriga de emigrar, primeiro a Holanda, despois a Suíza ata que o ano 1968 fixou residencia en Barcelona. Esporadicamente colaborou en «SOPENA», «PLAZA JANES» e «ESPASA CALPE», facendo biografías de papas, cardenais, bispos, teólogos, filósofos, políticos, xefes de Estado, etc. Traduciu do catalán ó castelán unha obra teolóxica de Mosén Josep Rovira. Fixo unha guía turística de Tuy e outra de Castro Caldelas e, para publicar, ten un Diccionario Bibliográfico de escritores lucenses, outro de clérigos galegos do s. XX e, en vías de publicación: MOLINOS DE VIENTO HOLANDESES Y ESPAÑOLES, LOS SECULARIZADOS e VIDAS BREVES POLICOLORS.

A incompreensión, a enfermidade e quizabes o desfase no que aínda se atopa mergullado, fanlle dicir a Blanco Castro, tan emotivo el:

«Eu quero propalar as inxusticias que me están a facer os que non levaron a alma feita pedazos pola diáspora, os que non teñen a mínima idea do que é ser emigrante, do que representa ter sido sacerdote de tódalas crases sociais e logo verse asoballado polo feito de se secularizar.»

E engade:

«As dores e as incomodidades, moitas molestias nos pés e na columna, non me deixan. Non sei qué demos me persiguen, pois coido que certos feitos semellan obra de meigas. Todo se me revolve en contra e teño os nervios desfeitos pola incompreensión de moitos.»

Manuel Blanco Castro, a pesar dos problemas materiais e físicos, ten anxeios enormes de traballar por Galicia. Escribe cartas a cotío pedindo datos para o «Diccionario biobibliográfico» do que xa ten recollidos máis de 200 nomes.

«Moitas destas biografías xa apareceron en revistas e diarios. A miña ilusión é facer algo pola miña Terra. O tema dáseme xa que, de frade, traballei moito no terreo de investigación.»

Cando foi consagrado bispo de Lugo Frai Xosé Gómez, Blanco Castro non ocultaba a súa ledicia:

«Foi condiscípulo meu. Vivimos baixo o mesmo teito, el de novicio, eu sendo estudante de Filosofía. Logo fixemos un curso de Teoloxía xuntos e, cando rematei a carreira, aínda convivimos dous anos e escribimos en colaboración un traballo (1953) encol do Pai Xoan R. Legísima, figura prestixiosa en tódolos eidos da cultura, predicador do rei Alfonso XIII, rector de San Francisco el Grande, de Madrid, home centenario que aínda sigue escribindo. É merecente dunha biografía completa e digna.»

Tantos anos de vida franciscana deixaron profundas raiceiras no amigo Blanco Castro. Cando remata a nosa conversa non recela confesar:

«Seculariceime para poder chegar ó matrimonio; pero se algún día a Igrexa cede no aspecto do celibato, non me importará volver a desempeñar o sagrado ministerio sacerdotal.»

ADRO XAVIER

«O éxito dos meus libros débese a que primeiro sitúo os feitos políticos, sociais, étnicos e ambientais presentando, logo, os protagonistas nun escenario vivo.»

Así de sinxela e fácil é a técnica empregada por ADRO XAVIER na súa longa e rica creación como novelista, ensaísta e historiador. Deste xeito, humilde como a súa persoa e o seu retiro nunha residencia da Compañía de Xesús, na Cidade Condal, valora a súa produción literaria, que este ano chegou ó medio centenar de voluminosas obras.

Pero ben sabemos que «A Humildade é a Verdade» e esta dinos que ADRO XAVIER é tan grande creador como sicólogo; un consagrado escritor de orixinal estilo; un home galego que reverte agudeza, imaxinación, cultura e, o máis fermoso, capaz de chorar sempre que chega á súa Compostela, a Compostela de Gelmírez, onde viu a luz hai sete decenios.

ADRO XAVIER é un galego universal que viaxou polos cinco continentes dando conferencias sobre temas de sicoloxía matrimonial e xuvenil; dirixindo Exercicios Espiritoais; predicando en grandes concentracións obreiras e, moitas veces, facendo viaxes de estudio pola India, EE.UU., o Camerún, Cuba...

«Son o español que ten feito máis kilómetros por rutas diferentes na India. Enviado polos meus superiores, fixen estudos sobre problemas indúes, das súas relixións e filosofía; recollín lendas; recopilei documentacións en misións católicas; fixen milleiros de fotografías e atopeime cunha agradable sorpresa: ¡un encantador de culebras tocando aires galegos!, o cal non é de extrañar se pensamos que atopábame entre arios puros. É un feito as grandes emigracións arias a Europa que chegaron ata Galicia, Irlanda, Escocia e demais países que hoxe chamamos celtas.»

ADRO XAVIER é o pseudónimo literario empregado por Alexandro Rey-Stolle Pedrosa. ADRO, primeira e última sílabas de Alexandro, e XAVIER, en lembranza de San Francisco Xavier, seu parente, pola rama materna, segundo tradición familiar. O polifacético xesuíta, por outra banda, non podería negar a ascendencia celta-centroeuropea —alto, forte, rubio, ollos azuis— debida, quizabes, ó seu devanceiro Sir Stolle, un alemán peregrino ó sepulcro do Apóstol, afincado en Compostela o s. XVIII.

O autor de «DIEGO GELMIREZ —Reino de Galicia— Siglos XI y XII», laméntase do seu descoñecemento da lingua galega:

«Avergónzame non saber falar correctamente o noso idioma. Certo que vivín na diáspora dende os tres anos. Pero iso non me excusa e agradézoche que este diálogo se publique na lingua de Rosalía, que tantas veces —coa súa lectura— chegou ó máis fondo do meu sentimento ata mesmo facerme bagoar.»

Non podemos catalogar a ADRO XAVIER entre os escritores galegos en lingua galega, como tampouco poderíamos facelo con Valle-Inclán, Pardo Bazán, Menéndez Pidal e tantos outros preclaros fillos de Galicia pero, sen lugar a dúbidas, a biografía de Diego Gelmírez, «a quen adicou as máis fecundas vixilias» —son palabras de X.M. Castroviejo— danos a medida do seu gran amor a Galicia.

Ó longo de cincocentas llanas, ADRO XAVIER, nunha exposición axeitada de causas e feitos, con estilo didáctico, sen presas e con seguridade, achéganos ó pasado desenterrando fontes de documentación e afondando no misterio galaico con intuición e acerto lóxico de observador serio. O autor mergúllase e identifícase tan de cheo coa época que el estudia ó longo do século XI e parte do XII, que consegue unha historia viva, verdadeira, á que difícilmente se lle pode atopar incongruencias. E o lector chega ó convencemento de que está vivindo a realidade gracias á nítida sucesión dos feitos, circunstancias políticas, intereses antagónicos e pleitos relixiosos que xogaban na alta Idade Media: o debalar do Califato de Córdoba, esfaragullado en 23 feudos de taifas; os egoísmos dos reinos cristiáns xunguidos na loita contra os mouros, invocando egoístamente o nome de Santiago, pero esborrallándose novamente, unha e outra vez, nos intres valeiros de contido; amolecidos pola paz; as veleidades de Dona Urraca; os anxeios imperiais de Alfonso VII; a Reforma imposta por Cluny, centralista e afrancesada, que deu tres papas, dictou a súa lei ós reis, impuxo a liturxia romana, consagrou bispos clunyacenses nas principais sés episcopais, espallou pola xeografía occidental centenaes de cenobios e arrombou co rito mozárabe, o misal toledano, a escritura gótica e impratou a música gregoriana e un novo xeito de vida e costumes.

Naqueles intres de descomposición dun sistema vello e caduco que daba paso a unha nova sociedade, xurde en Compostela a figura histórica de Diego Gelmírez. ADRO XAVIER, con argumentacións sólidas, acerta plenamente nos xuícios que fai do seu biografiado. Pódese resumir doadamente.

Gelmírez decatouse axiña de que Poderío, Organización, Progreso e Futuro eran sinónimos de Cluny. As liortas familiares e localistas dos reinos cristiáns, a simonía e o desorden, só levaban á disolución e á escravitude. Gelmírez, atinadamente, colleu partido pola nova situación: vai a Cluny, fai súa a nova disciplina, axuda longamente á Cátedra de San Pedro —Do ut des— pagando canto se lle pide, e consegue independizarse de Braga, as rutas xacobeas, a tiara arzobispal e que a Sé compostelana, durante o seu goberno, chegue ó máximo esplendor. Diego Gelmírez non se vendeu ós franceses, todo o contrario, sacoulles o maior proveito. Boa proba é que pasaron séculos e Cluny morreu; pero Compostela e o Camiño Xacobeo seguiron sendo foco de cultura deica os nosos días.

«A Reconquista —asegura ADRO XAVIER— hai que vencellala necesariamente ó Apóstol Santiago e ninguén pode negar que polo Camiño Xacobeo entraron na península as correntes da cultura europea. Por outra banda, o intre estelar e culminante de Compostela está xunguido ó prelado Diego Gelmírez. El foi quen a botou a andar. Roma e Cluny, temerosas do seu poder, crearon o Condado de Portugal —divide e vencerás— impedindo que se convertirá en realidade o soño de Gelmírez: refacer a Galicia histórica. A triple alianza entre Borgoña, Aquitania e Castela impediu que Galicia acadara a maioría de idade. Ó Longo dos séculos, nas poucas ocasións que voltou a brillar o sol en Galicia, ese sol poderíase chamar Gelmírez. Nas contadas veces que se ceibou un berro contra da inxusticia, ese berro poderíase chamar Gelmírez. ¿Que meigas, que néboas, que misterio

entangaraña a nosa Terra que non é quen de valerse por si mesma e botarse a camiñar? Vino cos meus ollos: en Calcuta, o cuarteto máis famoso, que actuaba nun dos mellores restaurantes da cidade, era galego. No Camerún visitei unha rica prantación de cacao: o propietario, que chegara de polizón á costa africana, era galego. Arreo do mundo atópanse grandes homes de empresa galegos, ¿por que os galegos somos diferentes en canto remontamos os lindeiros da nosa Terra?»

ADRO XAVIER está obsesionado polo problema do baixo desenvolvemento de Galicia. Non atina a comprender a contradición dun pobo que nas súas veigas ricas malvive adurmiñado e, en terras alleas, é quen de conquistar as metas máis altas na política, no comercio e na industria. E láíase:

«Xesús, ¿que demos teñen as meigas galegas que alí estigmatizan a súa xente?»

Tamén eu teño cavilado moito no problema que martela na mente do rexo escritor. Coma el, coñecía galegos da diáspora que, co seu esforzo e tenacidade, triunfaron plenamente. E, coma el, alporízame chegar a Galicia e ollar qué se vive rutinariamente. Moitos achacan ese feito ó caciquismo, outros á falla de cultura; pero eu coido que as raiceiras son máis fondas. Ó meu ver débese ó minifundio —orixe de egoísmos, derrochador de esforzos— que escraviza ós pequenos propietarios e cega as fontes do progreso.

ADRO XAVIER non é só un gran orador, un novelista creador de novos personaxes, pracer este reservado ós deuses. O polifacético xesuíta é, ademais, un gran ensaísta e un sicólogo. Coa biografía de Diego Gelmírez honrou ó gran caudillo medieval galego e fíxose acreedor do recoñecemento do seu pobo, a Compostela natal. Pero eu atreveríame a dicirlle que Galicia agarda de ADRO XAVIER moito máis. É mester un estudio da sicoloxía galega que dea resposta filosófica ó seu laio ¿quen mellor có autor de DIEGO GELMÍREZ para facer o chequeo que Galicia precisa?

El Ideal Gallego, 11-X-1980

SERAFÍN GARCÍA FERNÁNDEZ

O doutor Serafín García é catedrático de Técnica-Física e Físico-Química Aplicada da Facultade de Farmacia da Universidade de Barcelona dende o ano 1973 e director da escola de Óptica Oftálmica adscrita á mesma facultade. Naceu hai cincuenta e nove anos en Vilachá-Pedrosa, aldea de Becerreá (Lugo). Estudiu Bacharelato na Cidade do Sacramento, Ciencias Químicas e Farmacia en Santiago e doutorouse en Farmacia en Madrid.

No curso 46/47 encetou a docencia como Axudante de Clases Prácticas de Técnica-Física e Físico-Química Aplicada na Facultade de Farmacia de Santiago e o ano 1947, por Concurso Oposición, gañou a praza de Profesor Adxunto.

«Para acceder á docencia oficial —explica o doutor García— era mester unha certificación do SEU, de adhesión ó Movemento Nacional, difícil atranco que fixo tambalear a miña carreira

porque no 36 —única ocasión en que as esquerdas ganaron as eleccións en Lugo —o meu pai, o abogado Octavio García, fora presidente da Diputación Provincial lucense e, co triunfo dos nacionais sufrira cadea nun pobo de Soria. Tamaños antecedentes familiares e a miña traxectoria de estudante liberal e contestatario, como diríamos hoxe, demoraban a certificación do SEU e, en consecuencia, impidíame posesionarme da praza. Pero en España tódalas cousas se resolven: un amigo de Lugo facilitoume o certificado e o problema quedou resolto».

Fariase interminable reseñar os cargos docentes do doutor Serafín García en Universidades e Escolas de Maestría Industrial; as súas actividades no Consello Superior de Investigacións Científicas; tantos premios, distincións e títulos académicos gañados, entre os que don Serafín destaca o de «Colegiado de Honor» do Colegio de Farmacéuticos de Lugo, que lle foi concedido o ano 1968.

Do seu nomeamento como académico correspondente da Real Academia de Farmacia, afirma:

«Para min ten suma importancia polo recoñecemento que se fai á miña longa tarefa nos eidos da investigación e da docencia e polo dereito que me dá para asistir ás sesións, presentar traballos científicos e publicar na revista ANALES DE LA REAL ACADEMIA DE FARMACIA.»

Por veces, en colaboración con outros científicos, dirixiu numerosas teses doutorais a tesinas de licenciatura. Ten publicado dúzias de estudos en España e no extranxeiro, predominando os traballos especializados en ácidos biliare e na determinación das constantes físicoquímicas da bilis. Son moi importantes as súas investigacións encol da proteína específica do millo galego e dos procesos para extracción da zeína. Co doutor E. Otero Aenlle, foi un dos introductores en España das investigacións en Físico-Química de Superficies, en particular pola técnica das monocapas superficiais, tema este de gran interese polas súas implicacións biofísicas.

Máis de medio centenar de publicacións en revistas, libros, comunicacións a Congresos, só ou en equipo con E. Otero Aenlle, J.O. Valls, P. Sanz Pedrero, J. Miñones Trillo, E. Iribarnegaray, A. Alsina, A. Leal López, etc., dan a medida da súa gran capacidade de traballo.

Don Serafín participou en Congresos, Coloquios, Reunións Bienales, Cursos Académicos, Seminarios e Symposiums nas principais cidades de España, Alemaña, Francia, Austria, Suíza, EE.UU., Italia e Portugal, e o ano 1969 a Dirección Xeral de Relacións Culturais do Goberno francés invitouno a un curso no Instituto Pasteur de París para ampliar coñecementos.

Pertencese á «Real Sociedad Española de Física y Química» á «Société de Chimie Physique» e á «Kolloid-Gesellschaft E.V.». Foi becado polo goberno francés e pola Academia de Bonn para facer estudos de investigación e tamén polo C.S.I.C. e outros organismos españois para traballar en París, Kiel e Estocolmo.

Xa coñecía ó doutor Serafín García científico e catedrático; pero, con gran sorpresa, acabo de descubrir nel o «alter ego» que leva crabuñado na alma. Serafín García síntese identificado co alento dos antergos. Inda que reside físicamente en Barcelona, está profundamente vencellado á problemática, á paisaxe e á chamada ancestral dos eidos de nacemento.

A longa conversa na súa residencia perto do parque Güell —pulmón da cidade e monumento arquitectónico do xenial Gaudí— de súpeto, pasou da severidade técnica e da estoica léxica científica á bucólica e virxiliana lembranza da aldea. Porque o doutor García, aparte da súa vocación científica e docente, sente verdadeira paixón polo agro. E confesa:

«Eu fun o iniciador da Cooperativa do Campo de Cancelada e o primeiro en modernizar os prados e a gandería naquela comarca. Teño vacas de raza frisona, para produción de leite, e de raza rubia galega, para carne.»

Profundo coñecedor da problemática que afoga a gandería de Galicia, afirma:

«O problema arranca do minifundio. As explotacións para seren rentables débense facer a gran escala. O engorde de terneiros sale caro polo encarecemento dos pensos e a man de obra.»

Hai escasamente un ano, visitei a granxa dun amigo catalán, na comarca do Vallés. O meu aglaio foi grande. O amigo de quen falo merca os terneiros nos mercados galegos e, a pesar do transporte e das perdas que a cotío merman as reses, o engorde dos becerros é rentable. O doutor García aclara:

«Os gandeiros cataláns, que mercan os terneiros nas feiras galegas para engordalos nas súas granxas, sacan bos rendementos porque críanos en grupos de dous ou tres centos. Ademais consiguen pensos económicos elaborados cos excedentes do bullo das uvas e alcanzan beneficios negociando, por exemplo, cos abonos tan estimados nas prantacións de frutais e almendros.»

É sabido por todos que en Galicia non hai «cadenas comerciais» axeitadas para exportar os nosos produtos. Ten razón don Serafín cando fala do minifundio. Non podemos competir. Vendemos a materia prima en troques de elaborala para sacar maior rendimento. Os postos de traballo que se perden por falla de industrias derivadas, benefician a outras rexións. Deste xeito Galicia seguirá sendo un país subdesarrollado. Algo semellante acontece co leite. O noso labrego, faltar de medios industriais e de transformación, traballa para que outros saquen doadamente meirandes intereses.

«O problema do leite —engade— tamén é grave porque o produtor galego nin sequera recibe os baixos precios establecidos pola Administración, xa que os recolledores do leite, en moitos casos, non son empregados das Plantas Leiteiras e descóntanlle ó campesino unha cantidade por litro, o que reduce máis aínda o precio oficial.»

Outro dos grandes atrancos é a falla de organización e de técnicos agrícolas con verdadeira vocación que fagan estudos sobre as propiedades productivas do chan e da súa rentabilidade, que sexan capaces de convencer ós labradores das ventaxas do traballo planificado e ben coordinado.

«Hai que incrementar —remarca— os escasos medios de que dispoñen as Delegacións de Agricultura e os Servizos de Extensión Agraria. Se queremos competir, hai que arrombar co minifundio e, ó meu ver, non queda outra saída que o cooperativismo, xa que o colectivismo supón un cambio total das estruturas políticas actuais.»

O científico, o home fundamente inquedo pola problemática do agro galego, non rexeita a política. É dos que pensan que sen política constructiva e democrática de base, non se pode conquistar a fusión de esforzos capaces de acadar un desenvolvemento integral. Galicia, nestora das autonomías non está sobra de técnicos. Na actualidade, moitos dos seus fillos están prestando servizos noutras comunidades que se aproveitan —voltamos ó problema de sempre— da nosa «materia prima». Nestes intreos en que os arribistas de sempre e os galeguistas de última hora, nunha carreira maratoniana, coas mesmas «artes» que os «situaron» deica agora, loitan para seguir no poleiro das novas institucións, Galicia non pode perder máis oportunidades. Se non quere seguir esmorecendo ten que concienciarse de cales son os vieiros a seguir, debe facilitar a volta dos seus fillos e dar creto ós verdadeiros demócratas e cunha traxectoria nidea. Serafín García estaría disposto a colaborar co Goberno Autonómico.

«A miña vocación científica —afirma— non contradice a miña galeguidade e, certamente, agradaríame contribuir positivamente ó desenvolvemento de Galicia nun senso político-técnico.»

Cantos coñecemos a súa personalidade humana e liberal, a súa capacidade de traballo e organización, non dudamos que don Serafín pode aportar á nosa Terra as súas experiencias científicas e facer extensivos a toda Galicia os seus coñecementos do agro galego.

El Ideal Gallego, 16-X-1980

XAVIER COSTA CLAVELL

A nosa idea asocia o apelido Costa a tres xeneracións de escritores galegos nados en Chantada e vencellados polo sangue á Catalunya irmá. Nos últimos días do verán, o académico Anxel Fole faloume, con respetuosa lembranza, de Xosé Costa Figueiras, autor das novelas «La sugestión de América» e «Las fraguas de la fortuna», de ambiente arxentino, e «Los agros de Sureda», argumentada nun pobo galego. Xosé Costa, que foi redactor de «El Noticiero Universal» e da Enciclopedia Sopena, casou cunha catalana chamada M.^a Cinta Clavell Balada, de cuxo matrimonio naceu Xavier Costa Clavell, gran admirador da figura humana do seu proxenitor a quen lle adicou «La voz», inspirada elexía rebordante de amor filial.

Costa Clavell vive nun piso-museo (pinturas, antigüidades, estanterías ateigadas de libros, grabados e autógrafos pendurados das paredes) nunha das máis enxebres barriadas de Barcelona.

Dialogamos amigablemente, xunguidos por unha amizade que data de anos. A referencia á tradición literaria dos Costa é lóxica. O Xavier confesa: «Certamente, as Letras son a paixón dos Costa. Os meus fillos, Xosé María e Antonio escolleron tamén o vieiro encetado polo meu pai —este ano, precisamente celebramos o seu centenario—, pero a nosa familia non só deu escritores. Por parte materna hai un famoso músico e compositor: Leonardo Balada, autor da ópera "La guerra civil", con libreto de Camilo José Cela. Na actualidade, é director da Escola de Música da ONU. Tamén o meu sobriño Xavier Costa López é un orixinal artista no difícil arte de tallar madeira.»

Xavier Costa naceu en Quinteliña (Chantada-Lugo) hai cincuenta e sete anos. Estudou Bacharelato en Lugo e Periodismo en Barcelona. Residiu na Cidade Condal dende o 53 ó 58, logo viviu en Madrid e fixou residencia outra vez en Barcelona o ano 1961. A súa produción literaria é varia. Como biógrafo, escribiu «Rosalía de Castro» e «La bella Otero»; como historiador, ten publicados «Los últimos días de la República» e «El verano del 36»; nos que relata o enfrentamento entre as dúas Españas, analizando as causas orixinarias da guerra, con obxetividade, con rigurosa seriedade, bebendo sempre nas fontes documentais daqueles intres de loita fratricida e nas propias lembranzas.

Xavier Costa Clavell publicou «El Museo del Prado», en dous tomos (pintura española e extranxeira), e vinte catro monografías de famosos pintores. En Bos Aires deu ó prelo «Los Gallegos» e «A rouca gorxa do meu ser». Outros títulos a engadir á extensa obra son «Lisboa», «La Coruña y Rías Altas», «Niza», «Bandolerismo, romerías y jergas gallegas», «Perfil conflictivo de Galicia» e «Las dos caras de Galicia bajo el franquismo».

Como poeta, publicou «La voz», con prólogo da chorada escritora María Luz Morales finada recentemente en Barcelona, «El caballo de Atila», «Mi voz en carne viva», «El hombre y la muerte», «A rouca gorxa do meu ser», e, últimamente, en Edicións do Castro, «Os anos do vougo» que, ó meu ver, representa unha nova etapa nos seus froitíferos anos de adicación plena ás Letras.

Na traxectoria poética de Costa Clavell «A rouca gorxa do meu ser» coido que é o libro máis significativo dos longos anos de nihilismo e de frustración —o Xavier naceu para ser libre— que lle tocou vivir en tempos acedos. «Os anos do vougo» xa é historia. En certa maneira ven a ser un respiro, a esperanza que agroma no mesmo intre en que a primavera arromba co inverno, un novo botarse a camiñar con folgos mozos e libre de atrancos. Con todo, coido que non me trabuco se afirmo que a orixinalidade de Xavier Costa está na aportación que fixo á cultura galega co seu libro de poemas «A rouca gorxa do meu ser», prologado por Manuel María e con ilustracións do polifacético galego universal, Luís Seoane.

O libro, pequeno de formato pero cheo de contido, deixa ó descuberto a íntima personalidade do autor. O poeta da Terra Cha acerta de cheo nas súas observacións: «X. Costa Clavell danos a súa mensaxe con verbas de cada día. Fai verso en prosa, porque elle pequeno o verso, porque o verso non podía pechar ese anxeio apaixonado que encerra a súa poesía... A súa poesía é un interrogante... No mundo do poeta todo é escuro e difícil».

Certamente, o poeta manifestase, nestes poemas metafísicos e suxestivos, profundamente lírico e desacougado. Poemas como «Isa morte» (ela sempre en min, tras de min, acosándome coas súas carantoñas...) «Isa noite» (nin ti me podes deixar, nin eu te podo conquistar en plenitude...) amósannos un poeta verdadeiro e nideo que non recela contar as súas íntimas vivencias, nin berrar as anguriadas preguntas que lle fan escribir: «eu quero ser eu e soio eu» cando profunda no que considera antagonismo entre o divino e o humano, o falso e o verdadeiro, o real e o descoñecido.

Nembargantes na poesía de Xavier Costa hai intres espaciados nos que latexa unha raiola de luz que lle fai dicir: «sempre, no fondo de nos alenta un anaco de esperanza... E por iso que vivimos». O sentimento da Terra é o celme das súas mágoas: «Alá no fondo sempre brillan, Galicia, eses teus ollos e sinto un agarimoso antergo cántico».

Esa Galicia de luz fai o milagre de manter o espírito de traballo de Xavier e fai que o home asulagado noutrora en mouras depresións, rexurda ilusionado e con novos alentos.

Últimamente, ceibe das ataduras de todo tipo que apreixaban a súa liberdade de movemento e de expresión, aumentou progresivamente a colaboración en diarios e revistas. Os seus traballos periodísticos en «Mundo Diario», «Tele/Expres», «Destino», «Mundo», «Tiempos de Historia», «Hora de poesía», «La Voz de Galicia», etc., chegan a innumerables lectores. As súas crónicas de viaxe por Francia, Italia, Rusia, Turquía, Marruecos, Portugal, América do Sur... foron publicadas en diferentes libros. Costa Clavell é colaborador da Enciclopedia Espasa e está preparando para a Editorial Escudo de Oro «Santiago», «Pontevedra», «París» e «Los reales Sitios de Aranjuez». Tamén está a rematar unha novela titulada «Al paso alegre de la paz» e un ensaio de narrativa galega que aparecerá a carón doutros autores de fala euskera, castelá e catalana.

Traballador incansable, non acouga na creación literaria. Vive do libro, como nos confirman as súas palabras.

«Eu non vivo do periodismo. Vivo do traballo estrictamente literario.»

O amigo Costa Clavell é un apaixonado da pintura, como espectador, e un gran amante da boa Cociña, arte para a que ten unhas dotes extraordinarias.

«Podo gabarme —di— de ser un experto na preparación dos mellores pratos de caza, e os meus amigos aseguran que na miña casa xántase o mellor caldo galego de Barcelona.»

Hoxe é común coleccionar sellos, moedas, brillantes. Iso ó Xavier non lle vai e asegura:

«Eu son coleccionista de lembranzas e rico en amistades.»

El Ideal Gallego, 1-XI-1980

MARÍA URIZ

Ben pode gabarse Galicia da súa embaixadora artística en Barcelona, María Uriz, que ocupa tan destacado lugar no belcanto da Cidade Condal. Os galegos que residimos en Catalunya admiramos a insigne soprano coruñesa non só pola súa arte, que tivemos ocasión de aplaudir en varias ocasións no Gran Teatro do Liceo, senón tamén pola súa amizade, o seu apego á Terra, a canto se relaciona con Galicia e a súa xente e pola súa galeguidade manifestada en cantas xuntanzas culturais de releve organizan os grupos da numerosa colectividade galega. A aureola de prestixio que envolve a profesionalidade de María Uriz débese á categoría artística, ó estupendo estilo e ós éxitos conquistados coas súas actuacións nas últimas temporadas de ópera no Liceo de Barcelona, nos teatros de Madrid, Valencia, Zaragoza, Santander, Elda, Logroño, Mahón e ós concertos e recitais

que deu na Coruña, Gijón, Tarragona, Oviedo, Luxemburgo, Italia, Alemania e no Palau de la Música Catalana.

«De Alemania —confesa María Uriz— teño un dos mellores recordos da miña carreira artística. Endexamaís esquecerei a gran acollida que me dispensou o público alemán, o máis esixente e cultivado do mundo, segundo din os entendidos. A crítica do xornal "Rheinische Post", de Dusseldorf, foi eloxiosa demais —coido eu— coas miñas interpretacións.»

A soprano coruñesa é unha muller nova, de presenza agradable, aberta ó diálogo, dinámica, cordial e cun espírito que reborda humanidade. Estudou Piano, Música de Cámara, Composición e Arte Dramático no Conservatorio da Coruña, rematando a carreira de Canto no Conservatorio Superior de Música do Liceo de Barcelona. Por consello da eximia soprano Montserrat Caballé, tamén seguiu cursos de perfeccionamento en Milán coa profesora Elvira R. Hidalgo, mestre da norteamérica de orixe grego, María Callas, unha das meirandes figuras universais da ópera.

María Uriz foi becada pola Fundación March, por Castellblanch e por Agustín Pedro Pons. O ano 1975 conqueriu o Concurso de Canto Eugenia Kemeny e a Empresa do Gran Teatro do Liceo, en colaboración con Radio Nacional, concedelle a Medalla de R.N.E. como premio á cantante máis nova e máis destacada da temporada operística.

A soprano coruñesa actuou en T.V.E. en moitas ocasións e ten grabado zarzuelas, óperas e tres discos (LPs) galegos. Tamén grabou para a radio, en audición pública e, como protagonista, a ópera «Elisabetta regina d'Inghilterra», de Rossini, estrenada o ano 1815 con enorme dificultade interpretativa pero que na voz timbrada, de agudos nítidos e de gran riqueza armónica da soprano, acadou tal éxito que foi un acontecemento no ambiente músico-cultural.

Outro dos seus máis recentes triunfos foi a actuación, como primeira figura cun rol tremendamente difícil, en «Il Trovatore», de Giuseppe Verdi, no Teatro Griego de Monjuich en funcións de ópera patrocinadas polo Axuntamento da cidade Condal co afán de popularizar o melodrama.

María Uriz sente unha profunda vocación pola música e o canto. Con expresión didáctica fálanos da arte sublime:

«Emilio Cavallieri foi o creador da ópera no século XVI e o teatro Cassiano, de Venecia, foi o primeiro que se adicou a este xénero no ano 1637. Ó longo de catrocentos anos, a ópera acadou gran desenvolvemento artístico nas diversas manifestacións —idílica, seria, cómica, romántica, lexendaria...—, que hoxe coñecemos cos nomes de Comedia Lírica, Drama Lírico, Drama Musical, etc. A ópera é un vencellamento de poesía, música, danza e mímica que os cantores representan no escenario cun senso plástico.»

María Uriz, ten unha voz extraordinaria que abrangue tres octavas completas, chegando ata o «re» agudo, máis alá do «do» sobrecargado, podendo interpretar papeis dramáticos ou líricos. Tamén ten grandes dotes como actriz. Temos a seguridade de que chegará a ser unha das meirandes figuras do belcanto.

«Por agora a miña carreira —di— é breve pero, francamente, aínda que non podo gabarme de logros de tanta categoría como outras cantantes de ópera con moitos anos de escenario, síntome satisfeita.»

E engade co humorismo propio do noso pobo:

«Confío superar a enfermidade da xuventude traballando sen acougo e collendo novas experiencias do único xeito posible: envellecendo.»

Conversando con María Uriz, as horas fuxen decontado. A súa mente é clara, o seu verbo, fácil. Con naturalidade, contesta ás miñas preguntas:

«Teño gran facilidade de adaptación ós rols que interpreto; pero os que quizais encarnei con máis fidelidade foron a señorita "Rosa" —un personaxe máis forte do que se pensa—, de MARUXA, que interpretei no Liceo; o de "Stephano", de ROMEO Y JULIETA, de Gounod; outro, considerado cómico, "Maya", de D. GIL DE ALCALÁ, e o de "Kartenaufschlägerin" de ARABELLA, de Strauss.»

A soprano lírico-spinto ten un longo repertorio de «Lieder» alemáns, franceses, italiáns, ingleses, cancións casteláns, galegas e catalanas. Agora está a preparar NORMA, de Bellini, para Radio Nacional e, como proxecto inmediato, pensa viaxar a New York para cantar no Metropolitan.

«Estou moi ilusionada —afirma namentres ollamos un apretado álbum de fotografías e críticas das súas actuacións— e coido que a folga que orixinou o peche do gran Teatro neiorquino xa entrou en vías de solución e que non se demorará moito o meu debut no Metropolitan.»

Wagner é un autor sublime; pero María Uriz ten preferencia por Verdi porque é un compositor que procura a verdade e chega máis ó sentimento. Dos divos actuais destaca a Alfredo Kraus, Plácido Domingo, Carreras, Aragall, Lavirgen, a extraordinaria Caballé, a Galvany e a, tamén galega, Angeles Gulín.

A Uriz síntese moi feliz en Barcelona; pero o seu rostro ilumínase cando lembra os pais e a cidade natal.

«Vivo neste piso grandísimo moi agusto, con dúas irmás catalanas que me acolleron tal se fora mesmo da súa familia. A Galicia viaxo cantas veces mo permite a profesión porque téñolle moito apego ós meus pais e á Coruña. Eu coido que fun profeta na miña Terra. Ós catorce anos xa empecei a cantar na Coral Polifónica El Eco —meus compañeiros nas grabacións que fixen en galego— e nas primeiras Misas que se celebraron no noso idioma no Convento das Capuchinas e no de Santo Domingo de Compostela. Máis tarde actuei en actos oficiais e, xa como profesional, no Teatro Colón. A miña arte sempre foi moi ben acollida polo meu pobo, que ten unha vella tradición operística. Á miña nai, sobre todo, débolle esta vocación tan fonda que teño pola música porque ela, muller dunha grande sensibilidade musical, foi quen me fixo sentir e comprender a súa beleza.»

Cónstanos que, nuns intres difíciles para a Directiva de Amigos da Opera, María Uriz fixo posible que non se interrompira a continuidade operística na Coruña colaborando na organización dun ciclo de ópera española —Marina e Maruxa— e nun Concerto inaugural cun cast de artistas

amigos de gran renome. Non é de extrañar, pois, que a culta soprano Lirica teña tantos amigos na Cidade Herculina e que sexa profeta na Terra, en xusta compensación á súa entrega desinteresada.

Namentres contemplo unha serie de dibuxos —fermosas creacións da soprano nos intres de vagar— fállame do futuro da Opera e da crítica:

«Coido que o porvir musical está asegurado xa que está en vías de formación un Grupo estatal capaz de promocionar a gran canteira de voces que temos en España. Referente á crítica, tanto na prensa como nos medios de comunicación, é indispensable conseguir canto antes que se faga por verdadeiros especialistas, onde non, o público seguirá desinformado e, en moitos casos, confundido, como ven acontecendo tan a miúdo.»

A hora do ensaio está perto. Teremos máis ocasións de falar da extraordinaria soprano galega porque ten xuventude, unha auténtica vocación e traballa sen acougo. Con tales virtudes, María Uriz, non ten mester de envellecer, abofé, para chegar a ser diva da Comedia Lirica.

El Ideal Gallego, 22-II-1980

Concerto na capela de Santa Ágata

Na capela de Santa Ágata dos reis da Corona de Aragón, nobre edificio do barrio gótico barcelonés, María Uriz deu un Concerto ofrecido polo Departamento de Cultura da Generalitat de Catalunya en colaboración coa Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet del Vallés.

A soprano coruñesa foi presentada polo conseller de Cultura, Joan Rigol, que calificou o seu cantar de «arte maravilloso», e, ó se referir á súa orixe galega e á numerosa audiencia —cataláns e representantes de tódalas colectividades galegas— afirmou: «Este canto que oiremos agora e que nos fará recordar a cultura universal, que é a cultura do canto interpretado, neste caso concreto, por unha artista de Galicia, fainos irmáns e iso é ir construindo o noso país todos xuntos».

Acompañada ó piano por Empar García Cruells, María Uriz interpretou seis arias italianas antigas e varias cancións napolitanas, galegas e catalanas e, requerida polos incesantes aplausos do público, cantou dous bises fóra de programa. Tamén lle foi entregada unha placa e flores pola Irmandade «A Nosa Galiza».

Próximamente, a eximia soprano dará outro Concerto no Conservatorio Municipal e despois irá a Madrid para intervir na temporada de ópera con Nicolai Ghiuseler, Ghena Dimitrova e L. Lima, en Macbeth, e con Carreras e a Caballé, en A. Chenier.

El Ideal Gallego, 19-II-1985

MANUEL FERNÁNDEZ AREAL

Manuel Fernández Areal é Director de Información e Publicacións do «Instituto de Estudios Superiores de la Empresa», con sé en Barcelona, dependente da Universidade de Navarra, adicado a Investigación Básica e aplicada, Formación de universitarios en Dirección de Empresas, Programas de Perfeccionamento para directivos con experiencia e Formación de profesores e investigadores. IESE fai tamén labor de investigación para conseguir unha doutrina de empresa fundamentada en rexos principios científicos cunha visión cristián da vida e do home.

Fernández Areal ten participado nos programas de Alta Dirección de Empresas tratando temas como «Financias Internacionales», «El empresario ante el cambio social», «El papel de la agrupación de empresas en el momento actual», «Participación y responsabilidad en la vida nacional» e impartiu cursos de Etica, basándose en casos reais, que se analizan en equipo denantes de chegar a unha decisión compartida.

A traxectoria deste galego, nado no Ferrol a principios da década dos trinta, que se licenciou en Santiago con Premio Extraordinario o ano 1952 e que se trasladou a Madrid coa idea de preparar as oposicións a Notarías, podémola calificar de pluridimensional. A súa afición ó periodismo fixo que arrombara momentáneamente o estudio de Dereito privado, ingresando na Escola Oficial de Periodismo en cuxa actividade acadou cargos de gran releve: Director de «La Actualidad Española», do periódico «Diario Regional» de Valladolid, da axencia «Europa» e do semanario «Mundo» colaborando, ademais, no «ABC», «La Vanguardia», «Faro de Vigo», «La Voz de Galicia», «El Noticiero Universal», e outros. Pero Manuel Fernández Areal non esqueceu, a pesar dos seus éxitos como periodista, a súa paixón polo Dereito.

«Ó longo da miña longa vida profesional periodística —afirma— non esquecín endexamais a miña condición de home de leis, feito demostrable polos numerosos estudos que fixen encol da lexislación de Prensa e pola tese doutoral que preparei sobre o trasfondo ideolóxico-político das leis españolas de Prensa, titulada "Supuestos políticos y principios ideológicos de la legislación de Prensa en España", baixo a dirección do Profesor José Antonio González Casanova.»

Outra dimensión de Manuel Fernández Areal é a docencia: Foi profesor extraordinario do Instituto de Periodismo da Universidade de Navarra e —outro exemplo máis da integración dos galegos en Catalunya— ensinou, en catalán, Dereito da Información na Escola de Periodismo de Barcelona.

O intelectual ferrolán afincado en Barcelona participou en coloquios internacionais de Prensa e Televisión tales como: Centre International d'Etudes sur l'Information de Estrasburgo; viaxou á URSS e a Finlandia para asistir a un Seminario sobre «O sistema e a política de empresa nos países do Este»; colaborou en xuntanzas organizadas polo «Centro de Estudios Jurídicos de Madrid» e o «Instituto de Ciencias Sociales de Barcelona»; deu conferencias en Santiago e Vigo e, derradeiramente, fixo de moderador nun Coloquio celebrado en Santiago encol da Prensa e dos Medios de Comunicación galegos.

Fernández Areal tamén publicou libros de interés xurídico e político como LA POLÍTICA EN ESPAÑA, EL DERECHO A LA INFORMACIÓN, LA LIBERTAD DE PRENSA EN ESPAÑA, LA LEY DE PRENSA A DEBATE, EL CONTROL DE LA PRENSA EN ESPAÑA, INTRODUCCIÓN AL DERECHO DE LA INFORMACIÓN, etc.; pero unha das meirandes virtudes, coido eu, do profesor Fernández Areal é a súa enteireza, a fidelidade a uns principios éticos, filosóficos e cristiáns que non rifan cun ben marcado humanismo liberal.

O Profesor mergullado —¿definitivamente?— na dimensión de «creador» de homes de empresa, de investigador científico das transformacións sociais, de propulsor dunha democracia para todos, é contundente nos seus razonamentos:

«Os tempos —afirma— son outros. Estamos nun intre de cambio social ben definido. O home de empresa ten mester de compartir as súas decisións con outras persoas dentro da empresa, debe dialogar, enriquecer os propios órganos de representación, pactar e negociar coas centrais sindicais, comprender que son dúas as partes chamadas a decidir o futuro das empresas. Ou se entenden, ou se funden. É mester arrombar xeitos vellos. Todo home que traballa ten, hoxe, maior sentido da súa aportación persoal e, léxicamente, sente anxeios de participar, dalgunha maneira, na xestión empresarial. Ó produtor hai que darlle responsabilidade e participación; o empresario debe aportar o seu esforzo, colaborando na edificación da democracia —no Parlamento, nas Asociacións de Veciños, nos Partidos— impedindo que aqueta se convirta nun poder despótico de grupos e minorías. Vai sendo hora de que deixemos de saloucar polo pasado para agachar a nosa insolidariedade. Hai que combater o "paro" invertindo con garantías de produción. A capacidade de crear postos de traballo dase na empresa privada, en troques, a empresa pública acostuma a ser un niño de despilfarro e ineficacia.»

Coido que o pensamento do profesor Fernández Areal é nidio. Os galegos de Barcelona ben nos podemos gabar de ter connosco un Colaborador Científico de Alta Dirección de Empresas que imparte os seus coñecementos nesta gran urbe, demostrando unha vez máis a valía das individualidades galegas espalladas noutras terras.

Quedei gratamente sorprendido pola personalidade de Manuel Fernández Areal. Home aberto, gran conversador, nidio e sinxelo, non refuga os temas, non agacha segredos. Cadros-muxicas de fino humor, acarón de diplomas e fotos de recordos familiares, penduran das paredes do acolledor bufete, con amplo ventanal, na zona residencial de Pedralbes. Os nosos ollos baten cun artístico Diploma co nomeamento de Manuel Fernández Areal como Membro da ENXEBRE ORDEN DA VIEIRA «por canto fixo, fai e aínda máis fará polo enxerguemento da Terra», fermosa tarxeta de identidade para cantos acuden ó seu despacho.

«Foi unha homenaxe de amizade e lembranza —dinos o profesor— que me fixeron uns amigos e que eu conservo con certo orgullo mesturado de saudade.»

Fernández Areal decátase do meu aglaio ó fixarme nunha placa, das que emprega o Axuntamento de Madrid para rotular as rúas, adicada a el, e explícase:

«Foi unha humorada dun grupo de compañeiros. Moita xentiña sae deste despacho coa idea de pescudar na guía de Madrid en qué barrio se atopa a rúa Manuel Fernández Areal.»

A longa conversa co xa amigo Manuel, transcurriu polas canles máis diversas: lembranzas da súa infancia e xuventude en Galicia, as súas aficións deportistas —montañismo e natación—, as súas inquiredanzas...

Manuel Fernández Areal non garda teima para os que o procesaron no antigo réxime, ten fe no rexurdir da cultura cristiana, está en contra da tradición pendular política que nos pode levar a males maiores, e coida que no diálogo aberto e sincero atópase a menciña para sanar as febres de crecemento que padeceremos na procura das liberdades.

El Ideal Gallego, 25-XI-1980

EDUARDO ALVAREZ PUGA

Eduardo Alvarez Puga é un ourensán nado en Cortegada o ano 1930 que, dende hai vinte anos, reside en Barcelona cidade na que acadou os meirandes logros profesionais nos eidos do periodismo.

De neno, viviu en Tui e ós quince anos pasou a Ourense, onde estudou bacharelato. Licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago e, máis tarde, en Periodismo pola Escola Oficial de Barcelona. O ano 1970 doutorouse en Dereito coa tese «Influencia del Derecho Administrativo en la Economía», dirixida polo profesor Pi i Suñer.

As actividades profesionais do amigo Eduardo discurriron sempre por canles periodísticas e literarias. Traballou na dirección de Editorial Nereo, dirixiu «Ediciones Ánfora», foi secretario xeral de «Ediciones Mundo», director adxunto de «Mundo Diario», subdirector de «Diario Femeniño», director do semanario «Mundo» e da revista «Interviu».

Unha das experiencias importantes na súa carreira foi «Diario Femeniño» que «non callou —dinos— porque a cabeceira do diario retraía ós homes de mercale e as mulleres coidaban que se lles ofrecía un subproduto. A idea era boa; pero cando non se fai tal tipo de diario en ningures, por algo será. Ademais está demostrado que, por un sentido de aforro, moi acusado nas mulleres, estas prefiren ler revistas».

Todos lembramos unha época de ouro no periodismo galego en castelán: Heriberto Quesada dirixía «Cambio 16»; Alfonso Palomares, «Ciudadano»; Manuel Fernández Areal, «Actualidad Española» e Alvarez Puga, «Mundo». Hoxe en día Eduardo Alvarez Puga é o único galego que sigue na dirección dunha revista de incidencia nacional.

Moitas revistas morreron. Outras, de semanais pasaron a mensuais. A maioría teñen agobiantes problemas de supervivencia. Eduardo Alvarez Puga non refuga aceptar parte de culpa dos profesionais na míngua de vendas:

«Primeiros responsables —confesa— somos os periodistas; despois os empresarios. Non soubemos facer as revistas que a xente pedía. Un produto que se vende debe estar orientado pola demanda. Outra causa de que morreran tantas revistas é que din o mesmo que a radio e os diarios, coa desvantaxa de que dan as noticias atrasadas. Hai anos, tiñan mellor mercado porque eran máis ousadas. Facer unha revista é difícil, na actualidade, xa que é mester chegar moito máis lonxe que o periódico.»

Os feitos confirman a teoría de Alvarez Puga: Para vender unha revista hai que darlle ó lector o tipo de información que el procura no mercado.

«A tristura do país —afirma o periodista ourensán— é que a cultura véndese. O éxito da revista que dirixo débese a que se adapta ós gustos do lector e, se non dá maior calidade intelectual é culpa da penuria cultural de España. Como profesional, ter éxito é vender o que fas.»

Profundando no tema, Eduardo Alvarez Puga —home xeneroso, cortés, dado ó diálogo e social— non agacha a súa dor e a súa mágoa diante da realidade cultural actual:

«Eu ben quixera facer cousas do meu gusto. Pero ¿quen me lería? Como profesional, cando un tema me agrada, Penso: ¡Malo! O meu lema é ser honrado e non mentir. Os lectores mercan o noso produto porque denunciemos a corrupción. ¿Débese calar? ¡Non! Hai máis xente na cadea por denunciar esa corrupción ca protagonistas da mesma. O triste é que o país produza moreas deste tipo de informacións. Por outra banda, o meu afán é intercalar colaboracións de intelectuais de gran renome, coa idea de erguer o nivel cultural español. Ogallá —engade o amigo Alvarez Puga— que os nosos lectores nos reclamen cada día máis artigos filosóficos, científicos e literarios. Daquela sentireime plenamente satisfeito.»

Alvarez Puga endexamais ve colmados os seus anxeos de saber. É lector insaciable.

«A Televisión —remarca— produce preguiza intelectual, é unha cultura de laboratorio, fai que a xente se despreocupe por pensar. Nacemos cunha serie de potencialidades que temos que desenvolver e a TV afógaas. O que máis me preocupa é ver que o renacer das liberdades non trouxo un rexurdimento cultural.»

Ó se referir a TV galega, engade:

«Está arrombando a riqueza lingüística de Galicia. A miña xeneración aínda tivemos a sorte de falar galego. A cultura é liberdade e non se debe imponer unha lingua. Hai que concienciar á xente para que sinta a necesidade de ler, de escribir libros importantes, de facer teatro...»

Boa proba de que Alvarez Puga non é só un profesional do xornalismo, que traballa para unha empresa co único afán de surtir o mercado, témola nas obras que publicou: «La extinción de las obligaciones», «Tratado de legislación de Montes», «Suma práctica de las concesiones administrativas», «Historia de la Falange», «Los 90 Ministros de Franco», «El escándalo Matesa», libros, sobre todo os últimos, que foron verdadeiros «bestsellers» pola gran especialización e o dominio dos temas que tratan. Agora, a pesar da profesión que enche a maior parte das súas horas, o Eduardo aínda atopa intres para se adicar á verdadeira vocación de ensaísta, e unha renomada editorial axiña nos agasallará co seu novo libro «Los ministros de Suárez».

ALVARO GONZÁLEZ DE LA VEGA

«Cando estudiaba Bacharelato en Luarca, onde residía coa miña irmá, descubrín a Van Gogh. A súa pintura, sinxela e descoidada aparentemente, ten un luminismo que me cautiva. A Picasso, a Tapies, a Saura non os entendía. A arte abstracta tampouco. Van Gogh, polo contrario, foi a "muxica" que despertou a miña vocación pola pintura. En contraste co arte clásico, tan sublime — Velázquez é terriblemente imponente — Van Gogh foi o que baixou a pintura ó meu alcance. Ademais cadroume en sorte un profesor que me inculcou un ritmo de traballo con certo formulismo; pero con gran liberdade e responsabilidade. As súas clases foron un verdadeiro pracer e, animado por el, empecei a traballar en murais colectivos.»

Deste xeito aberto e familiar, o meu parente Alvaro González de la Vega, a quen coñecín hai tres meses escasos — cousas da emigración —, contoume o seu agromar artístico. O tío Avelino de Randulfe, o home que máis contos sabe de Paradela, volveu este ano á Cidade Condal para pasar unha tempada coa familia. El foi quen me presentou ó artista, que tamén reside en Barcelona. A saudade adonouse do meu espírito cando no «estudio» do pintor ollei nas súas telas as néboas, as chuvias, os ceos borrallentos da nosa Terra natal de San Miguel de Paradela, onde o artista viu a luz por primeira vez un día de feira, o quince do mes de San Martiño de 1954. Os óleos do Alvaro despertaron en min lembranzas dormidas de lonxanos outonos, primaveras lamacentas e chuviosas da miña nenez. No brochazo longo, na forma de estender a pintura e de envolver as figuras na néboa, encontreime con Galicia. Diante da miña confesión o artista argumenta:

«A Galicia que trascende ós meus lenzos non é un feito provocado. Todo arte é subxectivo. Non é de extrañar, logo, que o clima, o ambiente, o medio en que un se move, canto o rodea e a serie de forzas que sempre están apuntando, condicionen ó artista. Profundar no tema sería labor de sicólogos.»

Alvaro González de la Vega rematou o bacharelato en Lugo e fixo Selectividade na Universidade de Compostela. Podía seguir a carreira de Bellas Artes; pero desistiu porque «o que fan na facultade é interpretar a arte a partir do Renacemento e, teóricamente, saes da Universidade como ensinador de artistas. Eu non quixen refrenar os propios impulsos e preferín aprender cos meus fallos, procurando satisfaccións persoais, sen canles academicistas».

O pintor de Paradela coida que a arte clásica é demasiado perfecta. Sente admiración por Goya, El Greco, Rembrandt, Brühel o Vello e por certas obras dos pintores modernos. Os «ismos» conlevan a idea de fado ou rebaño, son conceptos de principios de século aproveitados por oportunistas. O individualismo debe imponse, e asegura:

«Se un artista non é individualista non é verdadeiro.»

González de la Vega, preferentemente, é un pintor ó óleo que lle agrada enfrentarse con formas grandes, de tamaño natural. As súas cores preferidas son o gris, o ocre branco e os vivos apagados. Os personaxes, nos seus derradeiros lenzos, aparecen alineados, ordenados. Na mostra que nos presenta no «Taller Picasso» non é difícil atopar motivos inspirados pola nota discordante da polución, polo elemento fabril e a desconexión do natural —radiografías— a carón do inxenio poético dun ceo de estrelas, cruzado pola Vía Láctea.

Con seguridade, as obras que nos presenta están influenciadas polo ambiente da gran cidade. El decátase da miña observación e adiántase á pregunta:

«Como che dicía antes, o ambiente, queiras non queiras, domina ó creador. Por iso, cada certo tempo, sinto a necesidade de voltar a Paradela para tripar nas carballeiras e parolar cos paisanos, ver caer a chuvia mainamente na ferraia e contemplar o proceso da vida. A chuvia no agro ten unha incidencia e un resultado que se palpa a cotío. Na cidade só serve para inundar as rúas. Agrádame o outono galego coas néboas, a gama de cores roxos, ocre verdes, grises. Inda que non fago pintura paisaxística, vela ó natural, confórtame. Unha posta de sol, por exemplo, e insuperable; pero non tento pintala porque non me atrevo.»

O artista pintor de San Miguel de Paradela presentou os seus lenzos na Diputación de Lugo o ano 1974; na Sala Picasso de Barcelona en 1978; en L'Hospitalet, co gallo dunha homenaxe a R. Barradas; no Sindicato de Pintores de Catalunya e na Sala Lleonart. Este ano conquistou unha Mención de Honor na III Bienal de Pintura Contemporánea de Barcelona. Canto se relaciona coa arte interésalle:

«A música debeu ser a miña vocación frustrada. Gústame toda e escóitoo a miúdo. Por veces excítame e síntome bibrar máis. Tamén leo; pero menos. Non pinto por pracer; fágoo por necesidade, por un sentido vital de sentirme vivo. Pinto para a miña satisfacción; non porque me considere chamado a levar a cabo unha función de profeta.»

A expresión artística do Alvaro non está condicionada por ningunha codificación. Xurde do seu debate interno, quizabes un tanto precipitado e sen detallismos. A crítica barcelonesa recibiu con agrado a súa obra. Jordi Costa, Director da Galería «Taller Picasso» leva dez anos promocionando pintores. Moitos, hoxe grandes firmas, descubriunos el. Eu teño a certeza de que Alvaro González de la Vega é outro dos grandes descubrimentos do promotor catalán.

El Ideal Gallego, 24-I-1981

El Progreso, 8-I-1981

ANTONIO GÓMEZ-REINO PEDREIRA

É confortador falar con homes testemuñas dun longo período da nosa historia, persoeiros que —podíamos afirmar—, vencellan dúas épocas esperanzadoras do noso Pobo: os anos do gran rexurdimento galeguista da xeneración «NÓS», do Seminario de Estudos galegos e do Plebiscito do

36 co novo rexurdir da concienciación galega actual tras un longo aletargamento, que máis ben foi semente, coido eu, a froitificar xa con pulos anovados e rexos.

O Excmo. Señor D. Antonio Gómez-Reino, na actualidade Maxistrado do Tribunal Supremo e Presidente da Audiencia Territorial de Catalunya dende hai tres anos, naceu en Carballo (A Coruña) o ano 1912 pero a orixe familiar venlle de Negreira, comarca inmediata a Santiago. A ascendencia de Don Antonio, ó longo de xeneracións, é integramente galega e, entre os seus devanceiros atópase o coengo de Santiago, descubridor do sepulcro do Apóstol, Antonio López Ferreiro, «curmán — afirma— da miña avoa materna e padriño da miña nai. Na casa onde el naceu, enfrente da Universidade, viviu o meu pai durante os seus estudos de Dereito».

O Presidente da Audiencia Territorial de Catalunya lembra con emoción que foi discípulo de Antonio Losada Diéguez, profesor de Sicoloxía e Léxica no Instituto de Pontevedra, e alumno de Castelao, que impartía clases de dibuxo.

«Castelao —asegura o ilustre carballés— tiña un auténtico carisma, todo el era bondade e estaba tan integramente inmerso na Terra, que toda a súa personalidade era galeguista.»

Por aquelas datas, Gómez-Reino Pedreira militaba no Partido Galeguista e na organización GALEUZCA, cuxo promotor foi Castelao e que tiña por finalidade a acción conxunta dos partidos nacionalistas.

«Na imprenta "NOS", na rúa de Carretas de Santiago —engade— reuníámonos Francisco del Riego, estudante de Dereito coma min, Anxel Casal, o notario Vázquez Ulloa, Salvador Cabeza de León, que foi tamén profesor meu, Cuevillas, Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Alexandre Bóveda e outros homes "Bos e Xenerosos" cos que mantiña unha gran amizade a pesar da diferenza de anos. O noso país, naqueles anos, ofrecíase esperanzador. Eu formaba parte tamén do Seminario de Estudos Galegos e vivín o Plebiscito, que foi apoteósico, unha evidente manifestación popular. Hoxe, 44 anos despois, estou apenado porque recordo a cotío que a nosa Terra non acada un aspecto satisfactorio. O home galego está canso de desatencións e, porque non é violento, manifesta o seu descontento desentendéndose dos líderes —uns e outros— faltos de responsabilidade, que fan política nacional e esquécense da rexión.»

Durante a longa conversa con don Antonio Gómez-Reino surxiu en varias ocasións o afervorado recordo do seu proxenitor o Maxistrado do Tribunal Supremo don Manuel Gómez Pedreira.

«Ó meu pai, que foi íntimo amigo de Alfredo Brañas, débolle a miña galeguidade. Cousa rarísima naquela época, sendo el presidente da Audiencia Territorial de Burgos, a nosa correspondencia era sempre en galego.»

Don Antonio sinte o orgullo filial de ter camiñado na vida por canles semellantes ás do pai: rematou Dereito na Universidade compostelana o ano 33 e, tras facer oposicións á carreira xudicial, exerceu en Laredo, Vitoria e Miranda de Ebro. Do 52 ó 68 foi maxistrado en Barcelona. Logo ocupou, durante tres anos, a presidencia da Audiencia de Burgos e, outros seis, a de Sevilla. Dende 1977 é a primeira Autoridade Xudicial de Catalunya, designado polo «Consejo General del Poder Judicial» e ten ó seu cargo o goberno xudicial do territorio catalán, fóra da actividade propiamente

xurisdiccional que é propia dos xueces e tribunais. Don Antonio Gómez-Reino é presidente do Tribunal Pleno da Audiencia cando esta participa da función xurisdiccional.

O ilustre maxistrado, Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort, ten colaborado en numerosas revistas de Dereito Privado e Dereito Xudicial e, cando a profesión llo permite, a súa maior regalía é pasear. Tamén é un apaixonado lector de novelas, ensaios e temas históricos modernos. Dos escritores galegos, sinte predilección por Ramón Otero Pedrayo, Castelao e Cabanillas que «indiscutiblemente é o poeta galego máis completo deste século. Na obra do Cambadés —di— atópase coma en ningún outro vate da nosa literatura, o xénero popular, o poema épico, a poesía lírica, civil e relixiosa. Cabanillas é merecente dunha maior divulgación».

Moitos fins de semana pásaos nun pobo de Álava, lugar de orixe da súa dona que é burgalesa; pero en canto dispon de períodos máis longos de tempo libre, acude a Galicia cabo dos seus irmáns Santiago —Procurador dos Tribunais na Coruña— e Manuel, que foi Fiscal en Pontevedra e, na actualidade, é Notario en Jerez de la Frontera.

«A miña maior ilusión —confesa— son os longos paseos polo campo e falar nas aldeas coas nosas xentes, coas que temos un gran compromiso. A elas debémolles o idioma que é a esencia da nosa identidade como pobo. Se non fora por eles xa non habería nin lembranza da nosa lingua.»

Don Antonio Gómez-Reino leva longos anos desempeñando funcións na carreira xudicial fora de Galicia; pero endexamais se desentendeu da problemática do seu pobo:

«A nosa Terra —remarca— é a rexión de España que ten meirandes riquezas naturais. Produce, por exemplo, máis enerxía da que consume. Os seus resultados económicos, por negligencia ou desertación das nosas clases dirixentes, surten efectos económicos fóra do país. O aforro, principalmente o orixinado pola nosa man de obra no extranxeiro e polas materias primas que exportamos, a través da Banca, serve para financiar empresas noutras provincias xa industrializadas. Tanta desatención co noso pobo é increíble.»

Don Antonio fálame dos seus grandes amigos galegos residentes en Barcelona: Casado Nieto, Xenxo Carballo, Dapena Alfonsín; dos maxistrados Modesto Pérez, Fernández Ouviaña, Manuel Quiroga, Xesús Corbal, Xosé Alvarez, Luís Bernáldez e Alberto Rodríguez e remata o diálogo aberto e amistoso confesándome unha íntima satisfacción: o seu fillo máis novo está a preparar as oposicións para ingresar na carreira xudicial, unha tradición xa na familia Gómez-Reino.

El Ideal Gallego, 6-II-1981

Homenaxe da colectividade galega

O PENEDO-FOGAR GALEGO e un grupo de amigos agasallaron cunha cea de amizade a don Antonio Gómez-Reino e Pedreira, que durante seis anos foi presidente da Audiencia Territorial de

Barcelona. A homenaxe ó ilustre xurista coruñés celebrouse no Hotel Ritz da Cidade Condal coa presenza de numerosas personalidades de tódolos estamentos da sociedade barcelonesa, tales como o xeneral Pérez Pascual, Juan Ramón Cirera, o señor Bermuy e o honorable Josep Tarradellas.

Xenxo Carballo deu lectura a unha carta do president do Parlament Catalá, Heribert Barrera, e a varios telegramas de adhesión de amigos do homenaxeado que non puideron acudir por diferentes razóns e, a continuación, don Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona, pronunciou un afervorado discurso no que, entre outras cousas, dixo:

«As miñas palabras son unha testemuña do respecto, do afecto e do garimo e da admiración que tódolos galegos residentes en Catalunya sentimos pola figura extraordinariamente humana e importante de Antonio Gómez-Reino. A min e a tódolos galegos agrádanos moito ver que aquí están tamén entrañables amigos cataláns, como o honorable Tarradellas, cuxa presenza é tanto como dicir que Catalunya está hoxe con nós.»

Noutro intre da súa intervención, Víctor Moro afirmou:

«Don Antonio Gómez-Reino vaise a Madrid como maxistrado do Tribunal Supremo, pero a súa presenza vai perdurar entre nós porque deixa tras de sí unha estela de ben facer, de brillante xurista, de home que fixo do cumprimento do deber e do máis correcto desenvolvemento da súa profesión o norte da súa vida. Gómez-Reino exerceu a xudicatura na súa longa singladura profesional con sinceridade, con honestidade e, sobre todo, ó mesmo tempo fixo Xusticia coa xenerosidade e co entendemento que son mester para traballar en temas difíciles sempre, coa calidade humana que o caracteriza porque facer Xusticia sendo humano, coido eu, é a meta máxima do xurista.»

O orador rematou coas seguintes palabras:

«Galicia perde en Barcelona e Catalunya a un dos seus máis preclaros fillos. Pérdeo na presenza física pero non na do espírito. Fago votos para que Antonio Gómez-Reino remate a nova singladura, que enceta agora, tan brillantemente como tódolas anteriores, e que volva a miúdo para que todos xuntos poidamos seguir traballando no engrandecemento das dúas nacionalidades e, por suposto, no de España.

Don Antonio Gómez-Reino, visiblemente emocionado, agradeceu á colectividade galega e ós cataláns a homenaxe que se lle tributaba e, na nosa lingua, referiuse á súa profunda galeguidade e ó garimo que sinte por Catalunya:

«Eu, fillo de galegos e neto de galegos, estudante en Santiago, casado cunha burgalesa filla dunha vasca integral, con fillos nados no país vasco e en Catalunya, e con netos cataláns, tras exercer en Burgos e Sevilla, xa levamos residindo en Barcelona 31 anos. Nos constituímos un xeito de familia cosmopolita da España peninsular que amamos na súa variedade. Catalunya, nesta patria común, sen dúbida é un florón singular que, ademais, é exemplo para os pobos de España. Ós meus amigos e paisanos de O PENEDO-FOGAR GALEGO, verdadeiros promotores deste acto —engadiu o homenaxeado— agradézolles este agasallo que ten unha forte significación de garimo para a miña persoa. Unha forte aperta para todos e deica pronto, pois xa só me restan uns meses de vida oficial e pensamos fixar residencia definitiva aquí, preto dos fillos e dos nosos amigos galegos e cataláns.»

Tamén fixo uso da palabra o expresident Tarradellas, a presidenta de O PENEDO-FOGAR GALEGO, Iolanda Díaz Gallego, que agasallou ó señor Gómez-Reino cun artístico libro coas firmas dos asistentes, e o presidente do Ritz, señor Parés-Neira.

Os irmáns Foxo, Xosé Luis e Evaristo, e Paco Tamara interpretaron varias composicións de gaita e a xuntanza de amizade findou co canto dos himnos catalán e galego.

El Progreso, 24-VII-1983

XOSÉ LUIS FOXO RIVAS

Xosé Luis Foxo naceu en Romeor do Caurel (Lugo) o 12 de Outubro do ano 1950 e estudou Humanidades, Filosofía e Teoloxía no Seminario Conciliar. A súa vocación pola música agromou á carón de X. Castiñeira, Director da Schola Cantorum do Seminario, e do mestre Méndez, Director da Banda Municipal da Cidade do Sacramento. Toca unha chea de instrumentos e domina o clarinete, o saxofón, a gaita e tódolos de percusión galegos; pero a gaita, á que lle adicou dez horas diarias durante oito anos, é o seu instrumento preferido. Dende hai once anos, que fundou en Lugo o grupo TOXOS E XESTAS, conquistou varios primeiros premios e deu a coñecer a música galega, inclusive, en varios países europeos.

O Xosé Luis hai catro anos que reside en Barcelona adicado á música, como profesional. Tamén se diplomou como traductor-intérprete de alemán e inglés pola Universidade Autónoma e, na actualidade, alterna as súas actividades musicais cos estudos de Filoloxía Galaico-portuguesa. Durante o servizo militar, Xosé Luis Foxo compuxo 24 marchas militares, debidamente orquestradas para gaitas, cornetas e tambores e un himno, con ritmo de muiñeira, para o Batallón Gravelinas XXV, onde serviu.

O labor artístico do Xosé Luis céntrase na Escola de Gaitas da Sociedade Recreativa Cultural Galega de Font-trobada e no Centro Galego.

«A miña ilusión —confesa— é preparar profesionais da gaita, impartindo un ensino con base no solfeo. A Escola de Gaitas pretende revalorizar o noso instrumento e os valores culturais galegos, particularmente nos eidos da música tradicional. Na actualidade estamos a ensinar os segredos da gaita a 150 alumnas e alumnos, nenos e maiores, distribuídos en catro niveis, segundo o grado de preparación, para fomentar a música galega en Catalunya. Neste labor conto coa axuda da miña muller Conchiña Aira, que exerce como profesora de danza.

A Escola de Gaitas TOXOS E XESTAS só ten dous anos de vida; pero a súa vitalidade é de admirar. Como método emprega o libro OS SEGREDOS DA GAITA en un CASSETTE DIDACTICO no que están incluídos os principais exercicios e as obras máis relevantes do libro. En tódalas actuacións públicas lograron éxitos sorprendentes, como o conquistado no segundo Festival de Música Galega

de L'Hospitalet e coa participación de 100 gaiteiros interpretando aires galegos polas rúas da Cidade Condal, co gallo da Cabalgada o día dos Reis.

Unha das aportacións máis importantes do Xosé Luis Foxo para mellorar técnicamente a gaita foi a creación do Chamado «Pailón de Bolígrafo» que ven a solventar un grave problema dos gaiteiros: a variación da afinación do «Rouco»; pois ó ser de cana o pallón tradicional, coa humidade, trocaba o soído. O Foxo tamén acada a segunda octava choendo o 75% de determinados buratos do punteiro. Ademais o mestre gaiteiro é autor do libro titulado OS SEGREDOS DA GAITA que, segundo o prologuista Manuel María, Poeta da Terra Cha, enche un valeiro existente na nosa cultura. O libro é un método válido para calquera autodidacta con anxeos de aprender a tocar a gaita. Nel encóntranse pormenores e segredos para conseguir un auténtico dominio e coñecemento do instrumento. OS SEGREDOS DA GAITA, subvencionado polas catro Diputacións galegas, inclúe unha antoloxía de obras compostas polo autor e, aparte da clásica música enxebre, regálanos coa innovación de facer dialogar a gama de instrumentos populares de percusión — pandeiro, redobranter, conchas, etc. — coas gaitas, acadando armónicos importantes e novos na música popular. Como característica destas composicións, temos que suliñar o particular emprego das «alteracións» e «modos menores» que eliminan a aparente monotonía.

Os gaiteiros endexamais tocaron cun Director dediante. TOXOS E XESTAS faíno porque intenta presentar as súas obras en plan orquestal. Como mostras podemos destacar o xa popular VALS DO GAITEIRO ou REGUEIFAS DA GAITA e ANTOLOXÍA DA GAITA do mestre Xosé Luis Foxo. Deixemos que el mesmo nos fale da súa experiencia.

«O gaiteiro intentou, de sempre, adecuar o vals á gaita porque facía as festas el só e, para aledalas, compríalle botar man de tódolos ritmos posibles e facíao de orella por falla de composicións. Tal foi a razón de que eu faga partituras consideradas revolucionarias o que non significa que non estea na liña tradicional. Boa proba son as cincuenta pezas —Muiñeiras, Jotas, Alboradas, Pandeiradas, Foliadas, etc. — que teño composto.»

Foxo sacou o derradeiro verán un LP con músicas propias como ANTOLOXIA DA GAITA, MUIÑEIRA DE MONTEFURADO, VALS DO GAITEIRO, MUIÑEIRA DO COUREL, etc.; REPICADE ANXELIÑOS, de Xosé Castiñeira; HINO GALEGO e ALBORADA GALEGA, de Pascual Veiga, así como JOTA DE ROMÉOR e outros temas populares con arranxos feitos por el. Como podemos ler no álbum «iste longplay ofrécenos novos xeitos de facer música con gaitas», o cal foi un éxito confirmado pola gran cantidade de gaiteiros que, atraídos pola novidade do LP ANTOLOXIA DA GAITA I, xa interpretan as obras do grupo TOXOS E XESTAS.

A Escola de Gaitas TOXOS E XESTAS, no amplo local de Font-trobada organiza tamén ciclos de promoción de tódolos artistas galegos. Por alí pasaron cantantes como Jei Noguerol e Alfredo González, o humorista Antón e axiña contaremos coa actuación de «O XESTAL». TOXOS E XESTAS promociona a música popular galega nas comarcas catalanas, mantén relacións con tódolos grupos galegos e intercambia traballos con FROITO NOVO de Melide e con ESCOLA DE GAITAS DE SANTA MARTA DE ORTIGUEIRA.

«Como proxectos futuros —engade o Foxo— estamos preparando saídas ó estranxeiro e temos en estudio unha proposta para desfilar con 100 gaiteiros e 400 majorets da Generalitat na inauguración dos mundiais de fútbol do 1982.»

Xosé Luis Foxo ten gran capacidade de traballo e de organización. doutro xeito non sería posible unha tarefa tan fecunda nun home tan novo. A canto relacionamos hai que engadir que leva recollido cinco mil partituras de música de gaita. Gran parte delas son melodías populares transcritas por el nas viaxes por tódolas comarcas e aldeas de Galicia con «Fuxan os Ventos», que son «a verdadeira expresión, afirma, da música tradicional e a sementé doutros grupos que xurdiron na nosa Terra». O Xosé Luis está identificado con Xosé Rivas Cruz (MINI) —que foi alumno seu, de gaita, algún tempo—, e lembra con gozo que era o primeiro zanfonista da provincia de Lugo cando actuaba en «GALICIA CANTA Ó NENO», que dirixía Xesús Mato.

Para rematar a nosa longa conversa, preguntámoslle qué diferenza a melodía da gaita galega das outras gaitas:

«Os países con instrumentos semellantes, pero que evolucionaron de modo distinto — responde o mestre gaiteiro— empregan outras estruturas rítmicas, outro matiz diferencial, como pode ser o compás de 4/4 ou 2/4. Soamente os países que chamamos celtas, como Irlanda, País de Gales, Escocia, Le Mans, ou Bretaña francesa, que empregan como nos o compás de 6/8, aseméllanse ás nosas características; pero, como típico da música galega, hai que ter en conta que a expresión rítmica da muiñeira está influenciada, ademais, polo ritmo amalgamado da pandeirada en 5/4.»

El Ideal Gallego, 5-II-1981

XOSÉ MANUEL E ALVARO SEIVANE

O mestre fabricante de gaitas, Xosé Manuel Seivante Rivas, de Ribeira de Piquín (Lugo), leva unha tempada connosco en Barcelona para encamiñar no oficio ó seu fillo Alvaro, que abriu un taller artesán de gaitas na zona do Valle de Hebrón, na vagoada da turística e mundialmente coñecida montaña do Tibidabo.

O día da inauguración, o mestre Seivane, rodeado de amigos, non foi quen de disimular os seus sentimentos e, fondamente emocionado, díxome:

«Hoxe recibín a alegría meirande da vida. Pódelo crer. Endexamais pensei que puidera ter sucesores porque o Alvaro, inda que eu tentara encamiñalo no oficio, deulle por estudar Maestría Industrial do Automóvil.»

E o que son as cousas: A vocación de mestre fabricante de gaitas espertou no Seivane Júnior precisamente lonxe do lar paterno, aquí en Barcelona na Escola de Gaitas TOXOS E XESTAS de Fontrobada que dirixe Xosé Luis Foxo

Un torno, escariadores, taadros, barrenas, trinchas, o gramil (especie de compás), gubias — moitas feitas polo propio Seivane — son as ferramentas do artesán. As madeiras empregadas son nobres: Granadillo de Mozambique; palosanto, do Brasil; palorrosa, de Honduras; ébano, de Cuba e buxo —a máis empregada— de Galicia.

O mestre Xosé Manuel Seivane, namentres o fotógrafo recolle testemuñas do acto inaugural, fai demostracións da arte que ven practicando dende o 1939. Son moitos os anos de entrega plena e ilusionada a fabricar o enxebre instrumento musical galego. Non é de extrañar, pois, que as súas gaitas teñan unha afinación perfecta e unha sonoridade difícil de igualar.

A afición do mestre agromou moi cedo. De rapaz, na aldea natal de Fonmiñá —Pastoriza— mercou unha gaita e, cun torno rudimentario de ballesta calcou os calibres interiores en madeira e despois pasounos a aceiro para escariar. Deste xeito sinxelo deu comezo o labor artesán que máis tarde desenvolvería a carón dun vello constructor de gaitas de Ponteareas, chamado Manuel, o ano 1942.

«Estando no servizo militar en Pontevedra —afirma o mestre Seivane— estudiei solfeo e, os días libres, acudía ó taller do señor Manuel onde aprendín as medidas e métodos que empregaba o famoso constructor.»

O Seivane ten feito un número incalculable de gaitas. Non só Galicia e Asturias, tamén as colonias de galegos de Arxentina, México, Colombia e outros países latinoamericanos hai moitos anos que mercan os instrumentos elaborados no seu taller. As propias gaitas fixéronlle a publicidade e grupos tan importantes como OS CARDELLES, BRISAS DA CORUÑA, XACARANDAINA, OS ALEGRES DE PONTEVEDRA, o BALLET REY DE VIANA, o mestre OTERO COVELO, profesor de gaitas do Conservatorio de Vigo, a escola de gaitas ANCEIS da CORUÑA, TOXOS E XESTAS de Barcelona, etc., gábanse de ter gaitas construídas no obradoiro de Ribeira de Piquín.

Toda unha vida, adicada á nobre arte de fabricar o vello instrumento musical, déulle ó Seivane moitas satisfaccións e innúmeras experiencias. El coñece, coma ninguén, segredos e mañas para lograr unha boa gaita. As diferentes partes de que se compón, defíneas deste xeito:

«O "fol" é a alma da gaita porque nel reside o segredo do gaiteiro que, para ser bo, debe coñecer a técnica do tempero do aire. No "punteiro" obtéñense as distintas notas. No extremo das tres partes de que se compón o "rouco" está a copa de resoancias, unha das partes fundamentais da boa sonoridade. As "buxas" comunican o fol co rouco, co punteiro, coa ronquera e co ronquete, ou chillón, como lle chamo eu. Deben ser o máis cortinas posible para que, deste xeito, o aire comunique directamente coas palletas. Hai que ter moi en conta que a distribución das notas está en acorde co "rouco" que, como é sabido, é o "pedal" polo que se ha de afinar o punteiro dúas octavas máis baixas cá súa tonalidade base.»

O mestre coñece múltiples segredos para a construción e para superar as dificultades e atrancos dunha boa afinación.

«Hai moitos tipos de gaita, engade: "Gaitas Tumbales", de entonación máis baixa e grave: En "Si" bemol, en "La" bemol ou en "Si" natural. "Gaita Redonda": en "Do" natural e en "Do" brillante — tonalidade empregada particularmente pola Escola de Gaitas de Barcelona por considerala máis fidel á tradición— e "Gaita Grileira", en "Re" natural, e notas máis agudas, que foi a máis común.»

Para ser un bo artesán constructor de gaitas é fundamental ser bo gaiteiro. E o Seivane non hai duda de que o é. Coa primeira gaita fabricada no obradoiro do seu fillo Alvaro en Barcelona, interpretou aires populares galegos que case levábannos os pes, abofé.

Pero tamén os constructores de gaitas teñen problemas sociais que, hoxe en día, invaden afeito tódolos currunchos do país. «Os derradeiros anos — confesa— tiñamos unha pequena subvención polo labor artesán, premio— máis que axuda— á nosa colaboración neste eido da cultura popular. Hoxe, en troques, parece ser que nos queren poñer unha contribución. Iso mataría a artesanía en favor da fabricación en serie que é a negación da arte. Os artesáns non estamos a facernos ricos. O que sí facemos é entregarnos de cheo ó estudio da cultura popular. Cada día aprendemos algo e, quen diga o contrario, non progresa.»

Xosé Manuel Seivane Rivas tamén fai outros instrumentos como zanfoñas, requintas e pitos. A gaita máis cara que saíu do seu obradoiro foi unha vendida en Bos Aires, en 210.000 pesetas, con 1.174 incrustacións de marfil, na que empregou dous meses de traballo. Unha gaita de buxo pode costar cinco mil pesos. A cantidade semella elevada; pero non é tal, porque son mester vintecinco horas para deixala a punto e os materiais empregados e as ferramentas son moi caras. O escariador do punteiro, por exemplo, non baixa de 50.000 pesetas.

El Ideal Gallego, 4-III-1981

XOSÉ LUIS VÁZQUEZ SOTELO

Son innumerables as manifestacións que podiamos escolmar en tódolos eidos sociais sobre a personalidade xurídica e humana do doutor Xosé Luis Vázquez Sotelo, profesor Numerario no Departamento de Dereito Procesal da Universidade Central de Barcelona; pero quizais ningunha outra mellor cá dos seus alumnos de 5º curso que, nun artístico pergamiño, escribieron «se admiramos ó mestre, non apreciamos menos ó amigo maior que, coa súa ciencia, coa súa didáctica, a súa experiencia, preparación e dedicación, fíxonos entender, apreciar e estudar o Dereito Procesal convertido, pola pericia da súa interpretación e pola fondura da súa doutrina, en algo básico e esencial». O escrito da nova promoción que conquistou o título universitario baixo a súa orientación didáctica, corrobora as palabras do profesor:

«A miña satisfacción maior é transmitir o saber. Sempre sentín verdadeira vocación pola docencia e a investigación; pero cando rematei a carreira de Dereito na vella Universidade da rúa de

San Bernardo, aconsellado polo meu pai, fixen Oposicións a Secretario Xudicial para ter —é triste dicilo— unha seguranza na vida.»

O ourensán Vázquez Sotelo, que naceu o ano 35 en San Xoan de Río (Povoa de Trives), dende moi neno viviu e estudou fóra de Galicia por mor dos traslados continuados do seu pai, que era Secretario Xudicial de 1.^a Instancia. Logroño, Córdoba, Madrid e, ocasionalmente, Santiago e O Ferrol foron os seus lugares de residencia ata que, despois de exercer en Andalucía e Castela, foi destinado a Verín, o ano 62.

«En Verín —confesa— foi donde mellor me sentín, tanto, que considera ba aquel pobo como a «miña vila». Síntome tan verinés coma caldelao. Os seis anos que exercín en Verín son, sen dúbida, os máis felices e ditosos da miña vida porque coincidiron cos chamados agora, un pouco románticamente, «felices anos sesenta».

En Verín coñeceu e mantivo unha fonda amizade con Don Ramón Oten Pedrayo que, por outra banda, sentía gran apego polo xoven abogado. Vázquez Sotelo asimilou o galeguismo do petrucio de Trasalba e hoxe é un dos máis destacados espalladores da súa obra. Como membro do Consello Rector da Fundación Otero Pedrayo, foi o organizador do solemne acto inaugural da «Ronda Otero Pedrayo» en Castelldefels e a el débese que a nova biblioteca do Centro Galego da Cidade Condal leve o nome do Patriarca das Letras Galegas. Agora está a programar outra gran efemérides vencellada ó recordo de Don Ramón: Unha «Semana Cultural e de Irmandade Galaico-catalana, co gallo da próxima apertura, en Barcelona, dunha rúa adicada ó petrucio de Trasalba.

Xosé Luis Vázquez Sotelo é un home traballador, sedento de saber, incapaz de medrar no escalafón por «riguroso orden de antigüidade» como dicía Castelao e, a pesar dos atrancos que na vida rural choen a adicación ó estudio —falla de bibliotecas e lonxanía dos centros de cultura— preparou Oposicións Restrinxidas que lle supuxeron un novo destino en Barcelona. Pero a súa vocación, como xa dixen, era o ensino. O horario rutinario e o traballo burocrático non cadraban co seu carácter e, na capital do Principado, especializouse trocando, en 1973, a función administrativa pola docencia universitaria.

«O primeiro ano —recorda— foi de moitísimo traballo, con fonda crise na universidade catalana na que atendía, eu só, un total de oitocentos alumnos. Pouco despois fixen Oposicións a profesor Numerario e, no Concurso, quedei o número un, coa sorte de ser confirmado no mesmo posto que viña desempeñando. A docencia universitaria colma as miñas aspiracións e o que máis me aleda é seguir mantendo relacións cordiais cos meus alumnos, moitos dos cales exercen postos de responsabilidade en España e nas repúblicas irmáns de Iberoamérica.»

O Doutor en Dereito Procesal —pai de dúas meniñas e un neno, casado con María Xosé, enxeñeiro agrícola e abogado— ocúpase tamén de casos xurídicos moi diversos —Dereito Civil, Mercantil, Administrativo e, sobre todo, Penal—. O seu «buffet», na zona residencial de Barcelona, é unha mistura de museo e biblioteca, nun ambiente acolledor e agradable. Tallas barrocas, pinturas e fotografías están a falarnos das aficións artísticas do profesor.

«Por veces —afirma— traballo deica altas horas da madrugada e sinto a necesidade de descansar a vista nestas paisaxes galegas do meu gran amigo, o pintor X. Leyra Domínguez ou na

fermosa talla do Supremo Xuez, que está a ollarme coma un fiscal e impídeme ser inxusto porque creo na Xusticia final.»

Unhas veces por mor da profesión, outras polo pracer de aprender e coñecer, viaxou por Italia, Francia, Bélxica, Portugal, os países do Caribe, México e EE.UU. Sempre voltou con xoias bibliográficas ou obras de arte. Os intres máis acugulados de emoción artística e os seus mellores recordos, nembargantes, están vencellados ás alfaias arquitectónicas, á pintura e ó Renacemento italiano, país da cultura latina, do Dereito Romano e da música Gregoriana, os outros grandes amores de Vázquez Sotelo.

O profesor Xosé Luis Vázquez Sotelo, cuxa Tese doutoral «Contribución al estudio del Auto de Procesamiento», dirixida polo Doutor Feneche, mereceu a calificación de «Sobresaliente cum Laude», entre outros traballos, publicou «Procesos Penales Especiales», «El indulto general anticipado», «Análisis sociológico de la Casación civil española», «La Casación civil: revisión crítica» e ten no prelo «Compensación y Proceso» e «El principio acusatorio en el sistema de la acusación formal». Entre o gran número de conferencias maxistras que dictou, hai que suñar a pronunciada no Colexio de Abogados de Barcelona EL PODER JUDICIAL EN LAS NUEVAS INSTITUCIONES ESPAÑOLA Y PERUANA nun acto solemne presidido polo embaixador peruano e primeiras autoridades.

A «Academia Gallega de Jurisprudencia y Legislación», en recoñecemento ós méritos do procesalista ourensán residente en Barcelona, investiuno Académico de Honor e, recentemente, preto de cinco centos amigos, de tódolos estamentos sociais barceloneses, tributáronlle unha homenaxe que tivo gran eco nos Medios de Comunicación.

O noso biografiado —gran amigo do ex-presidente da Colectividade galega barcelonesa, o fiscal e poeta Manuel Casado Nieto— incorporouse ó Centro Galego o ano 70 e, catro anos máis tarde, sendo Presidente o arquitecto tamén ourensán, Dapena Alfonsín, formou parte da Xunta Directiva ocupándose das actividades culturais.

«Un dos meirandes logros —di— foi a organización dunha «Comisión de Cultura». Conquerimos renacer, con gran esforzo, a revista «Alborada», qua levaba moitos anos sen publicarse. Os máis ilustres intelectuais e escritores galegos —Filgueira Valverde, Ramón Piñeiro, Paz Andrade, González López, Naya Pérez, López Nogueira, o P. Isorna e Felipe Arias, entre outros— pasaron pola tribuna do Centro e a revista recolleu as súas conferencias e traballos literarios de gran valía. Debemos lembrar, especialmente, o número adicado a Castelao, no 25 cabodano do seu pasamento, que foi considerado pola crítica como unha obra de antoloxía.»

Xosé Luis Vázquez Sotelo é un home de grandes realizacións, capaz de levar a termo os seus propósitos. Por tenacidade e entrega triunfa sempre no seu empeño. Como Presidente do Centro Galego (1977/80) conseguiu melloras que non discuten nen os seus opositores. Pero deixemos que nos diga el cales foron os fitos destacados:

«O mérito da nova Biblioteca, que leva o nome do Patriarca das nosas Letras, reconstruída dúas veces, non é meu senón da axuda xenerosísima da Fundación Barrié de la Maza, cuxos Presidente e Vicepresidente, a Condesa de Fenosa e don Xaquín Arias e Díaz de Rábago, axudaron de

xeito especial ó noso Centro. De igual maneira, a reconstrucción dos outros locais incendiados foi debida á xentileza do gran empresario don Matías Colsada, que axudou a facer o milagre de que hoxe teñamos un local completamente renovado.»

O profesor, á hora de lembrar méritos, fala sempre dos seus colaboradores, das axudas recibidas. Non é tan personalista como algúns o presentan. El é consciente da etapa difícil — politización, grupos e ¿por que non dicilo intereses de partido— que lle tocou presidir.

«O meu lema —engade— sempre foi o dito de Cicerón "vivir sen amigos non é vivir", porque segundo o mesmo autor latino, no seu libro DE SENECA TUTE "a amizade é a cousa máis sublime despois da sabiduría". Eu non me considero personalista, a non ser que se denomine dese xeito ó home que traballa. Certamente, tiven contradictores; pero ningún pode dicir que non deixei as cousas feitas. O meu oficio de abogado tenme acostumado a consideran ós contrarios, non como inimigos, senón como adversarios.»

Da xestión de Vázquez Sotelo, como presidente do Centro Galego, podíamos falar longamente; pero iso xa está recollido na revista ALBORADA e na colección do desaparecido «Boletín» —o redactor era o periodista Xosé Luis Blanco Campaña— publicado durante o seu mandato. O que, sí, quero suñar é que a imaxe do local social das Ramblas mellorou enormemente e que a Asamblea Xeral de Socios aclamouno Presidente de Honor.

El Ideal Gallego, 14-III-1981

EMILIO HERRANZ

«A cociña é amor. A razón da boa acollida da gastronomía galega en Barcelona débese a que os restaurantes galegos son empresas familiares atendidas polo dono cun garimo directo e persoal que empeza na cociña e chega ata o cliente.»

Con estas palabras sinxelas e ó mesmo tempo tan contundentes, Emilio Herranz aclara nideamente o segredo, que non é tal, do éxito dos galegos que en Barcelona honran a nosa Terra adicándose ó ramo da hostelería.

Na Cidade Condal o difícil sería camiñar polas súas rúas e non atopar bares, bodegas ou restaurantes onde non poder xantar, a prezos axeitados, a gran variedade de pratos típicos de Galicia.

«Pódese falar —engade o señor Herranz— das excelencias da cociña castelá ou da vasca; pero nos podemos presumir e incluso asegurar que a Cociña Galega é a mellor do mundo: o lacón con grelos, as lampreas, a infinda variedade de empanadas, o rodaballo, os mariscos, os capóns de Villalba, os queixos de San Simón, os viños Albariño, Ribeiro e Rosal, os licores-café de Celanova, as augardentes de Portomarín... Toda esta policromía de gustos, nados na arte popular do bo comer e

do bo beber, non ten mester de salsas nen condimentos gorentosos, por veces, moi preto dos lindeiros da vulgaridade.»

O comercio da familia Herranz data de moitos anos. Xa durante a Segunda República adicábanse a mercar pitas e ovos en tódolos mercados de Galicia para logo exportar a centros de consumo como Barcelona, Madrid, Bilbao e outros. Os Herranz foron os pioneiros das granxas galegas —a de Porriño mereceu o título de «Granxa Diplomada» —e os primeiros que estudaron en Bélxica técnicas avanzadas sobre avicultura. En tódalas capitais e vilas importantes de Galicia crearon Centros de Distribución e Venta de Ovos. ¿Quen non oiu falar do Plácido, aquel empregado tan popular el, que acudía a tódalas feiras nunha carroza e, nos corenta, era o aglaio e a novidade das carreteras de Camariñas, Vimianzo, Corcubión, etc. co seu flamante camión? ¿Quen non oiu falar dos casteláns de Betanzos?

Un grupo catalán, quizabes coa idea de emular ós Alfageme, Massó, Curbera e Portanet, do peixe, formou sociedade coa familia Herranz. O traballo medrou, non así os beneficios. Pero cando o Emilio, forte, dinámico, activo e de carácter emprendedor, chegou á maioría de idade tras un proveitoso aprendizaxe a carón do seu pai, decatándose de cal era o camiño a seguir, decidiu adicarse de cheo ó negocio familiar e desprazouse a Barcelona para facerse cargo dos intereses da empresa.

Co gozo que supón ter acertado na profesión, dinos:

«Eu viñen a Catalunya o ano cincuenta para atender directamente o negocio. Non viñen a pedir. Viñen para impoñer a nosa lei. Non me foi doado desartellar o cráneo que zugaba a Sociedade, pero conseguino e revalorizouse o noso esforzo.»

Miles de «polos al ast», importados de Galicia, distribúense en Barcelona pola empresa deste vigués incansable que, ademais, ten restaurantes de gran renome —«Pío Lindo»— nunha céntrica rúa preto da catedral e xunto á Vía Augusta.

Unha das súas meirandes satisfaccións é a de ter creado gran cantidade de postos de traballo, a maior parte ocupados por galegos.

«Gábome —remarca o amigo vigués oriundo do país vasco— de poder dicir que, ó meu carón, ducias de rapaces da nosa Terra aprenderon o oficio. Moitos, hoxe en día, atenden os seus propios establecementos. Co seu esforzo o seu traballo e clara visión comercial, situáronse en puntos estratéxicos da cidade e viven cunha economía folgada.»

Emilio Herranz creou o seu fogar en Barcelona. Aquí naceron os seus fillos e atópase agosto:

«Eu son feliz. Non me sinto extraño porque souben integrarme no ritme deste pobo, en continuo desenvolvemento e progreso, afeito ó tráfico e ás presas Iso non quere dicir que me esquecera de Galicia. Son moitas as viaxes que fago á Terra e, durante as vacacións, vamos aló a familia toda a reponer forzas e logo voltamos á Cidade Condal para atender ó cada vez maior número de cataláns que gozan cos xantares galegos.»

Galicia ben se pode gabar da súa Cociña e nos felicitarnos do triunfo del tantos irmáns que, espallados pola capital do Principado, sentaron cátedra de boa mantenza. O mellor premio para eles é o señorío que ganaron co seu traballo e o seu arte culinario.

El Ideal Gallego, 3-IV-1981

ANA KIRO

Unha das cantantes galegas máis coñecidas é, sen dúbida, ANA KIRO, residente en Catalunya dende os nove meses. Aquela meniña que en Barcelona xogaba algareira e falaba catalán con outras compañeiras —aparte de curtas tempadas estivais vividas en Castañeda, aldea preto de Arzúa— soamente residiu na súa terra dos nove ós catorce anos voltando a Catalunya por moa dun novo traslado do seu pai. Pero a chamada telúrica e as vivencias étnicas non só non morreron nin tan sequera esmoreceron na popular cantante, sel non que desarrolláronse con folgos meirandes ó tempo que arraizaba na arte.

En Pineda de Mar preferiu traballar a seguir os estudos de bacharelato. Alí empregouse na fábrica textil de Josep Aragonés, na actualidade Presidente do Concello e gran amigo da nosa cantante. Máis tarde o seu pai foi destinado a Barcelona e, no barrio mariñeiro da Barceloneta, a nosa biografiada foi aprendiz nunha pastelería e dependente dunha «boutique» no ensanche da capital catalana. Pero a súa verdadeira vocación era o canto.

«Non perdía ocasión —confesa— de me presentar ós concursos organizados polas diferentes emisoras. Os meus pais ficaron aglaiados ó sintonizar nunha ocasión radio San Feliu e oír ó presentador anunciar a cantante M.^a Dolores Casanova González. Non eran gustantes de que me adicara a concursar nos programas radiofónicos; pero eu seguí na miña teima e aquí me tés. Endexamais tiven unha preparación artística. Non teño solfeo nin estudos de canto nen de vocalización. Eu canto totalmente por vocación e porque Deus me deu a voz.»

Unha casa discográfica —a mesma coa que traballou sempre— contratou a M.^a Dolores Casanova, que grabou o seu primeiro disco o ano 66 debutando no mundo artístico co nome de ANA KIRO.

«ANA —afirma—, é un nome que sempre me agradou moito e "KIRO" ven ser unha abreviatura de "Quiroga", apelido de fonda raígame galega na miña familia.»

A famosa cantante actuou en numerosos festivais, interpretando cancións en castelán e catalán; pero a gran revelación de ANA KIRO foi a canción galega. En 1974 «Galicia Terra Meiga» abriu de par en par as portas da fama á nova intérprete da canción popular. ANA KIRO xa ten grabados catorce LPs. Últimamente lanzou seis albums en galego: «Nadal e con galegos», «Ana Kiro canta en galego», «Homenaxe os emigrantes», «Ana Kiro canta a Galicia», «Recordando a Galicia» e

«A miña aldea» que, a carón dos «bestsellers»: «Galicia Terra Meiga» e «A miña aldea» fálannos da gran fecundidade creativa da cantante, que sulíña:

«Á canción galega e á nosa xente débollo todo. Indiscutiblemente o éxito máis multitudinario —22.000 oíntes— conqueríno no Centro Lucense de Bos Aires. Non esqueceréi tampouco endexamais a acollida afervoadada da colonia galega de México que me honrou coa Vieira de Plata e co título de "Cantante Galega dos Emigrados de México" nin olvidarei o garimo con que me recibiron no Centro Español de Caracas e nas comunidades galegas de tantas cidades suizas, inglesas, etc., que visito a cotío.

ANA KIRO é unha muller dinámica, franca, enormemente sincera. Na longa conversa que mantivemos na Gran Vía da Cidade Condal puiden constatar o seu interés pola cultura e polas xentes galegas. Non é de extrañar tal apego porque o pobo é agradecido e ANA KIRO sábeo. O seu gran público é a xente sinxela. Todos lembramos a súa actuación desinteresada en Castañeda como mostra de agradecemento ó pobo que a viu nacer «para que a miña festa, a festa de Castañeda, subirá un pouquiño, porque estaba moi baixiña». Persoas de tódalas edades acudiron á cita coa súa cantante, nun masivo acto de homenaxe á intérprete que, se ben é verdade non ten estudos, como ela mesma afirma, non hai dúbida que ten un sentido da música e do ritmo nada común. Pero escoltemos á propia artista que nos fale de sí mesma.

«Como calquera outro ser humano non teño méritos nin mellores nin peores. Teño os meus defectos e as miñas virtudes como cadaquén. Nacín no inverno, un 24 de xaneiro —son Acuarium— o cal comporta dous, grandes defectos: moi sensible e moi romántica. Dame moita pena ollar a necesidade allea e mágoame non poder axudar a todos. Outro defecto meu é que me agrada moito o mando, quizais porque estou afeita a levar a «batuta» sempre. Teño que gobernar a miña vida, fago de representante de min mesma e cóidome das "galas" e dos "shous" aínda que a miña secretaria fai máis do que pode. Son moi alegre. Gústame moito escoltar música clásica como "relax" e, por riba de todo, son unha apaixonada pola natación e polo sol.»

Na carreira artística, ANA KIRO ten conquerido moitas satisfaccións. Primeiro premio á Simpatía no festival celebrado na isla de Malta; o Minifestival de Benidorm; o «Canciones de la Mar, 1968» de TV; o de interpretación no multitudinario homenaxe a Pucho Boedo, celebrado na Coruña. Tamén actuou numerosas veces na TV en programas de gran sona como «Amigos del Lunes», «Estrellas del Sábado», «Galas del Sábado», «Ritmo 70», «Directísimo», «Estudio Abierto...» No mes de marzal actuará en «Gente Joven» e non tardaremos moito en poder admirar a nosa artista en «Retrato en vivo» e «300 Millones». As súas actuacións na radio en Catalunya, Galicia, Madrid, Bilbao, Zaragoza, etc. son incontables. Cada vez está máis solicitada por este medio de comunicación tan vencellado ós seus tateantes comezos artísticos de concursante radiofónica. O «boom» ANA KIRO destes anos, nembargantes, non impide que a cantante acuda sempre á súa chamada porque «a Radio —remarca cun nisco de nostalxia— foi o meu gran promotor».

Fernando Neira Martínez-Monje naceu en Lugo o ano 1909, no chalet da finca materna que, poucos anos máis tarde, pasou a ser propiedade dos maristas e Seminario de Menores.

«A miña familia —afirma o señor Neira— sempre foi liberal. O meu pai era rexistrador da Propiedade e foi presidente do Círculo das Artes e de «Cantigas e Aturuxos». A miña nai, dona Dolores, era filla do coronel Fernando Martínez-Monje».

Fernando Neira lembra con emoción os anos da nenez, tinguidos polo loito, na Cidade do Sacramento: As actuacións no Coro Infantil; os xogos na Praza de España —daquela chamábase Praza da Constitución—, os amigos da infancia Enrique Ramos, Ernesto Páramo, Luis Ameijide, Luis Ordás e as xuntanzas que tiñan, con alegre algarabía, na casa dos Cantos, onde el vivía coa avoa materna dende a morte da súa nai.

O seu pai, don Marcial, foi destinado a Sevilla cando o Fernandito —nome con que o coñecen, inda hoxe, os seus vellos amigos— tiña doce anos, razón poía que rematou o bacharelato na capital do Guadalquivir. Posteriormente, licenciouse en Dereito pola Universidade de Madrid o ano 31, recén estrenada a República.

Sempre moi sociable, organizador de reunións culturais, de xuntanzas de amigos e —¿por que non dicilo?— de xantares enxebres, recorda cun nisco de añoranza.

«En Madrid, co deputado do Partido Radical, Basilio Alvarez, fun un dos fundadores da Peña Gallega, que estaba na "Plaza del Ángel"; pero, anteriormente, xa creara o coro "Anaquiños da terra" de cuxa primeira Directiva, presidida polo famoso augafortista Alvaro Castro Gil, fun secretario. Tamén estaban na Xunta outro gran lucense deputado das Constituíntes, o coronel de Inxenieros don Ubaldo Azpiazu, e actuaba de director do grupo o lugués maestro Dorado. "Anaquiños da Terra" foi o primeiro coro galego contratado que actuou na Feira Internacional de Chicago e en New York».

Namentres preparaba as oposicións —frustradas pola guerra— acudía ás tertulias literarias de Valle-Inclán, de Gómez de la Serna e ó Ateneo para escoitar a Unamuno porque sempre foi un afervorado da cultura e da conversa entre amigos. «Agora —láíase o meu biografiado— non hai xeito de reunirse. A televisión e a vida moderna están a rematar coa amizade e coas peñas.»

Superados numerosos intres acedos da guerra, don Marcial é nomeado Rexistrador da propiedade en Barcelona, e Fernando fixa tamén residencia na Cidade Condal. As mesmas inquedanzas de home liberal, aberto, amigo do diálogo e o seu amor á Terra fan que organice a Sociedade Artística «Cantigas e Aturuxos» —en lembranza do grupo que presidirá o seu pai en Lugo— que, ó fusionarse o ano 1948 coa «Casa de Galicia», daría orixe ó actual Centro Galego de Barcelona, ocupando el a primeira vicepresidencia e Guisán Pardo —da «Casa de Galicia»— a presidencia.

Como presidente accidental, o señor Neira firmou os estatutos —aínda vixentes— redactados por el e polo secretario Anxel López Cid. Tamén foi director literario e redactor xefe da

revista «Alborada» na que escribía o Pregón, artigos e algúns poemas. Amóstrame a colección completa, que conserva con tanto garimo, e suliña:

«Xa no ano 48, cando escribir en galego era un perigo, publicamos na nosa lingua poemas de X. M.^a Chao Ledo, Augusto Casas e Rosalía de Castro, como podes ver. Pero o feito máis importante de cantos levamos a cabo cando era presidente da Comisión de Cultura, foi —aparte dos conferenciantes que honraron a Tribuna do noso local social— a "Festa das Letras Galegas", celebrada no teatro Poliorama o mes de maio de 1950, xuntanza de verdadeira transcendencia intelectual, na que Manuel Casado Nieto actuou de Mantenedor e conqueriron Premios Cuña Novás, Alvaro Cunqueiro, Bouza Brey, Fernández del Riego e X. M.^a Alvarez Blázquez, entre outros sobranceiros literatos.

Falar de Fernando Neira é falar de festivais, representacións teatrais, de romerías enxebres á «Font de la Teula», de exposicións de pintura, de actividades culturais, de presenza galega en Barcelona, de innumerables actos nos que interviu con eficacia, labor recoñecido polo Centro Galego, que lle fixo entrega dun pergamiño acreditativo de Socio de Honor.

O amigo Neira, con algo de bohemio e moito de poeta —non versificador— e tamén cun gran apegado á natureza, construíu o seu chalet «Anduriña», a semellanza da popa dun barco, en «Font de la Mulassa», vistosa atalaia do monte Carmelo na capital do Principado. A orixinal residencia semella un recanto galego. Das paredes penduran lenzos de Tino Grandío, Pesqueira, Veiga... Un mural representando a Porta de Santiago coa catedral ó fondo; un óleo da Praza do Campo, retratos e unha panorámica do río Miño ó seu paso a carón da desaparecida «Casa Concha» —de tantas lembranzas gastronómicas e esmorgas do «Fernandito» e dos seus amigos que conviten «Anduriña» nun anaco acolledor lucense trasplantado á Barcelona. Na biblioteca, namentres ollamos a colección dos seus escritos publicados en «Vida Gallega», da que era correspondente en Catalunya e Baleares, de «Faro de Vigo», «El Progreso», «Alborada», «Revista Nacional de Cooperativismo», e doutros traballos inéditos, conferencias, poemas e obras premiadas en Certámenes Literarios, con humorismo característico da étnia galega, confesa:

«Aquí vivo coma un ermitaño. Os meus estudos encol do cooperativismo, a literatura, as xuntanzas cos amigos, e, deica hai poucos anos, a miña adicación a organizar actos no Centro Galego, non me deixaron vagar para matinar en casorios.»

Na vida profesional foi «Secretario Técnico de la Unión Territorial de Cooperativas de Consumo de Barcelona», «Asesor Jurídico de las Uniones Territoriales de Cooperativas del Campo y del Mar», «Director del Seminario de Cooperación del Instituto Católico de Estudios Sociales», profesor de «Historia y Doctrina de la Cooperación del Centro Provincial de Formación Cooperativa» e da «Escuela de Asistentes Psicosociales de la Facultad de Psiquiatría». O señor Neira é un afervorado do Cooperativismo Realista que «está integrado —remarca— por teóricos que fan do cooperativismo un instrumento capaz de correxir os defectos do réxime capitalista». E engade: «Cooperativismo é Democracia. Ninguén pode ser obrigado a ingresar ou permanecer. As diversas aportacións á cooperativa representan diferentes beneficios xa que o voto e as ventaxas sociais son iguais para tódolos socios».

Ó pedirlle opinión sobre o cooperativismo agrario en Galicia, manifesta:

«Os labregos galegos deben reaccionar con profunda tenacidade e disciplina, revolucionando as súas explotacións agrícolas, encamiñándoas cara unha determinada produción de calidade. E este cambio radical na estrutura de produción agrícola galega e a organización das vendas, debe ser a misión primordial das cooperativas do leite, das granxas avícolas, dos matadeiros, da compra de materias primas e apeiros de traballo. O movemento cooperativo galego debe ter, ademais, a súa propia compañía de seguros e unha autofinanciación a través das Caixas Rurais Cooperativas.»

Hai anos que coñezo a Fernando Neira. Semella como se o estivera vendo no Centro Galego, rebordando actividade e mímica, estreitando mans, falador incansable, cunha chea de ideas e proxectos, cavilando sempre na boa imaxe galega en Catalunya, invitando conferenciantes ou aproveitando a presenza de persoeiros galegos na Cidade Condal para celebrar veladas literarias no local social das Ramblas... Como proba da irmandade galaico-catalana, a nosa colectividade sumouse a cantos actos de interés celebrou o pobo barcelonés: As Festes de la Mercé, a homenaxe a Anselmo Clavé, festivais benéficos... Incluso no mosteiro de Sant Llorenç de Sous, onde o poeta catalán, Verdaguer, escribirá o seu poema «Canigó», atopamos a presenza do Centro Galego e a de Fernando Neira que, segundo lemos nunha revista catalana, «Deixou escrito no Libro de Ouro do Santuario un poema na súa lingua sonora».

Na vila «Anduriña» as horas fuxen lizgairas escoltando tantas lembranzas que, con oratoria de letrado barroco e mente lúcida, vai desnovelando o empedernido conversador.

«Teño recordos moi gratos —díxome— dos meus longos anos de directivo do noso Centro. Anécdotas podíache contar moitas de Patricio Sánchez, Carlos Martínez Barbeito, Enrique Ramos, María Luz Morales, Augusto Casas, Montero, Casado Nieto...; pero a máis pavera é a do chorado poeta Alvaro Cunqueiro a quen coñecín cando, con Puro de Cora e Trapero Pardo, estivemos na súa casa en Mondoñedo. Sucedeu que, co gallo dunhas conferencias que pronunciou en Barcelona, invitámolo ó Centro Galego. Tiñamos unha arpa arrombada nun recanto e ocurriúsenos retratalo tanguendo o vello instrumento. Pouco contaba el que ía recorrer o mundo na revista «Vida Gallega» dando un Concerto de arpa en Barcelona!

Hai cinco anos que Fernando Neira non voltou a Galicia. Diante da miña extrañeza, confesa:

«Os anos asulagan todo. A derradeira vez que estiven en Lugo sentín moita tristura. Familiares e grandes amigos tiñan desaparecido. Os achaques, por outra banda, xa me condicionaban. A pesar de todo, coído voltar axiña para visitar as miñas curmás, os vellos amigos Pepe Alvarez, Xesús Carballo, Anxel Fole... pasear pola Tolda, entrar na catedral e rememorar tantos intres felices que só viven na lembranza.»

Ó despedirme de Neira sentín un deixo de acedume ó cavilar na diáspora que tanto nos mágoa ós galegos —sempre afeuzados coa idea do retorno e matinando de cote nunha Galicia ideal— e dei outra ollada ó profético retrato de Tino Grandío. Non logro tirar da mente a escena que o artista plasmou no lenzo e que o amigo Fernando Neira comprendeu moi ben.

«Con ocasión dunha mostra que presentou en Barcelona —díxome— o meu grande amigo Tino Grandío, retratoume diante dun pazo galego esborallado, como fondo, e un alcalde pedáneo e

un crego comentando a morte do Fidalgo da Casa Grande. Cada vez que miro o retrato, vexo nos meus ollos a mirada do meu pai.»

El Ideal Gallego, I-V-1981

El Progreso, 26-V-1981

ENRIQUE MOSQUERA DANS

O mes de Nadal, nun hotel da Cidade Condal, o Centro Galego homenaxeou ós socios con 25 anos de antigüidade. Entre o gran número de persoeiros galegos que acudiron á xuntanza de irmandade, atopábase o Xefe Superior de Policía, don Enrique Mosquera Dans que foi acollido con manifestas mostras de garimo. Iso proba que o señor Mosquera, a pesar do pouco tempo que leva residindo en Barcelona, é moi querido pola nosa Colectividade. Non é de extrañar porque a súa maior regalía é dialogar cos seus conterráneos. A lembranza dos costumes, do folklóre e falar a lingua propia, lonxe da Terra natal, son un «relax» na súa difícil profesión.

Don Enrique Mosquera naceu na Coruña o ano 1920. Estudiu bacharelato cos Maristas e, durante a guerra civil, foi Alférez Provisional. O ano 42 ingresou, por oposición, no Corpo Xeral de Policía, sendo destinado ó Ferrol onde casou con Victoria Núñez Ferreirós. Tamén serviu, por breve tempo, en Salvaterra de Miño, volvendo á Cidade Herculina o ano 1951. Na Coruña permaneceu vintecinco anos facendo toda a carreira na Brigada Rexional de Investigación Criminal. Durante 1972 foi Xefe Rexional e, catro anos máis tarde, ascendeu a comisario, con destino en San Sebastián como Xefe da Brigada de Información e, posteriormente, como Xefe Provincial de Guipúzcoa ata finais de 1977 que voltou á Coruña por poucos días. Tamén ocupou a Xefatura Provincial de Málaga, a Xefatura Superior de Policía de Zaragoza e, dende o outono do 79, desempeña o mesmo cargo en Barcelona.

No seu despacho falamos longamente. Varios teléfonos e dictáfonos manteñen ó señor Mosquera en continuo contacto co exterior e cos máis íntimos colaboradores. Mapas da provincia, a Bandeira Nacional, o foto do Rei, un Santo Cristo e varias placas conmemorativas presiden a austeridade do lugar de traballo de don Enrique que, ó decatarse da miña curiosidade, di:

«Estas placas fóronnos concedidas por Radio Miramar e por A.J.39 co gallo duns programas radiofónicos en recoñecemento dos valores humanos do Corpo Superior de Policía. A máis recente é a que nos regalou o "Barça" como agradecemento á laboriosa pescuda policial que deu como resultado a liberación do xogador secuestrado Enrique Castro "Quini".»

No transcurso da nosa conversa, o señor Mosquera atende varias veces ó teléfono. Nunha chamada anúncianlle a localización duns atracadores e, cando reemprendemos o diálogo, confesa:

«Atopámonos con moitos problemas porque a área metropolitana de Barcelona ten catro millóns e medio de habitantes; pero estou moi contento coas plantillas do Corpo Superior de Policía e da Policía Nacional polos resultados, públicos e notorios, das súas actuacións. Hoxe, en Barcelona,

reina a tranquilidade. Temos establecido un dispositivo motorizado de vixilancia, consistente en 90 coches "Zeta" de Policía e 56 vehículos de Policía Nacional que circulan a cotío por tódolos distritos. Tamén contamos con efectivos das Brigadas de Seguridade Ciudadana Xudicial e de Información, que investigan e vixilan para a prevención de feitos delictivos. Podemos afirmar, se comparamos coas grandes urbes europeas, que estamos nunhas cotas aceptables de delincuencia.»

Como funcionario do Corpo Xeral de Policía, don Enrique tivo grandes satisfaccións e síntese plenamente realizado. Durante 39 anos investigou unha chea de feitos penais e acadou brillantes logros profesionais.

«Na Brigada Criminal da Coruña, que teño en gran estima e considero como miña —afirma con certa añoranza— tiven colaboradores excepcionais. En Galicia conquerín éxitos de investigación importantes como no secuestro do neno Mendoza; o tristemente famoso caso do metílico, en Ourense; dous asesinatos de taxistas; a violación dunha meniña de sete anos...»

En certos medios, a imaxe que se ten da policía redúcese a pensar que é un organismo de dimensión disuasoria ou de persecución do crime. Estes días fíxose público en Barcelona que, no primeiro trimestre, houbo 214 atracos a entidades bancarias, 25 a xoierías, 375 a comercios, 505 contra persoas e 14.683 contra a propiedade. O señor Mosquera puntualiza:

«O noso cometido non é soamente a investigación, información ou persecución. Hai que ter moi en conta as incontables accións humanitarias de asistencia a enfermos; as innúmeras axudas que prestan os coches-patrulla; a recuperación de cantidades roubadas; o esclarecemento de delitos e outros servicios.»

Don Enrique Mosquera Dans está en posesión da Cruz ó Mérito Policial con Distintivo Blanco; da Cruz ó Mérito Policial con Distintivo Roxo (Pensionada) e, recentemente, o Goberno concedeulle a Medalla de Prata ó Mérito Policial, apreciadas mostras de recoñecemento á súa efectividade durante longos anos e premio á interminables xornadas de traballo adicado de cheo — incluso moitas festas e domingos— á vocación de investigador do crime e da delincuencia.

Nos dezaoto meses que leva en Barcelona desempeñando tan difícil cargo, soubo facerse querer e respetar. Todos admiran nel as cualidades humanas, o seu carácter aberto, o seu tacto prudente e diplomático —virtudes galegas— que lle abriron as portas da colaboración de tódolos estamentos cataláns.

«Durante o tempo que levo na miña xestión en Barcelona —asegura o noso entrevistado— recibín sempre atencións e axuda por parte das autoridades do Estado e da Generalitat, así como dos partidos políticos, das centrais sindicais e de tódolos medios de comunicación. Tamén debo suliñar o gran servicio que nos prestan os comunicantes anónimos que denuncian delitos no mesmo intre que se cometen, o que facilita enormemente o noso labor policial.»

O mes de Santiago do próximo ano, don Enrique xubilarase. Como bo galego, aneja voltar á Terra. Na Coruña ten a súa casa, os fillos, os netos, os recordos de infancia, os amigos de sempre, a paisaxe. Añora os paseos por Riazor —esquecíame dicir que é un afervoadado simpatizante do Deportivo e que, na Cidade Condal a súa única diversión é ir a ver o Barça e o Español— recorda as tertulias nos Cantóns, as románticas seráns na balconada do xardín de San Carlos... Na Coruña,

ademais, exerceu longos anos a profesión e viviu os mellores intres da súa vida. Non é, xa que logo, de extrañar que estea marinando no próximo Ano Xubilar, que rematará a súa carreira no Corpo Xeral de Policía e empezará a disfrutar plenamente da intimidade familiar.

El Ideal Gallego, 5-V-1981

MODESTO PÉREZ RODRÍGUEZ

Pouco máis de un ano e medio abondou para que o viveirense don Modesto Pérez Rodríguez —home liberal, culto e dado ó diálogo, incapaz de ferir, comedido á hora de enxuizar, fondamente humano, idealista e sensible pero endexamais feble— se fixera merecente do aprecio, da amizade e do respecto nos diferentes estamentos da sociedade barcelonesa, que lle tributaron varias homenaxes de despedida. Eu, que podo gabarme da súa amizade persoal e que sei das súas inquedanzas culturais, do apego que sinto pola nosa Terra e dos méritos que adornan ó amigo, coido que o mellor xeito de manifestar o meu afecto e a ledicia que sentín polo seu nomeamento de maxistrado xuez decano da cidade de Lugo, será contarlle ós irmáns galegos quen é don Modesto Pérez, falarlles da súa carreira brillante, do seu rexo galeguismo, do seu insaciable afán por saber e profundar nas filosofías humanistas para mellor administrar a Xusticia.

Don Modesto naceu en Viveiro o día 9 de Marzo do ano 36. Fillo dun artesán moi respetado no seu pobo, estudiou bacharelato na cidade natal e Dereito na Universidade compostelana, rematando a carreira ós 23 anos con Matrículas de Honor. Simultaneando o servizo militar coa preparación das oposicións a Xuez da XVI promoción da Escola Xudicial, conseguiu a carreira co Número un, sendo destinado a Póboa de Trives.

«De Póboa de Trives —confesa o noso biografiado— gardo gratas lembranzas. Alí sentín as primeiras satisfaccións profesionais ó facer realidade cada día a propia vocación. En Trives, con Ana María, natural de Valdeorras, creamos un fogar ameno e alí medrou o noso primeiro fillo —a meniña é ponferradina— e tamén en Póboa de Trives coñecín a primeira recompensa oficial ó conseguir un accésit polo meu traballo titulado «La influencia de Eugenio Montero Ríos en la Administración de Justicia Española», presentado ó Concurso Nacional para Xueces e Maxistrados.

En 1973, don Modesto Pérez Rodríguez foi nomeado xuez de 1.^a Instancia e Instrucción de Chantada, vila na que promocionou, en colaboración co Axuntamento, a construción do novo edificio xudicial, sendo homenaxeado, segundo consta en acta dunha Sesión Plenaria, polo Concello da moderna vila luguesa.

O ano 1975, destinado a Telde (Gran Canaria), partido xudicial de gran densidade que abrangía Maspalomas e Playa del Inglés, tras unha serie de informes favorables, logrou a creación dos servizos de dous xuzgados de Instrucción.

En Ponferrada (1977) desempeñou o seu cargo con eficacia e o Axuntamento, polos seus méritos profesionais, impúxolle a «Medalla de Ponferradino». Tamén o Centro Galego da progresista cidade mineira do Bierzo honrou ó señor Pérez co título de Socio de Honor, co gallo da conferencia que pronunciara naquel Centro: «Nulidad y Separación del Matrimonio».

Ascendido a Maxistrado, con destino na Audiencia Territorial das Palmas de Gran Canaria, pasou a Barcelona para desempeñar o mesmo cargo na Maxistratura número 13, onde viu coroadas as actividades profesionais coa concesión da Cruz Distinguida de Primeira Clase da Orden de San Raimundo de Peñafort (1980), máxima condecoración da carreira xudicial.

Don Modesto Pérez aproveitou o tempo na capital do Principado acudindo, nos intres libres, á Universidade Central para traballar na tese doutoral «El Derecho a la propia Imagen».

«No meu estudio tento diseccionar —afirma— unha figura xurídica novísima que, de lege data, xurde coa Constitución Española. En esencia, trato da facultade que ten o home de dispoñer da súa efixie. Non hai persoa que non teña o atributo antropolóxico individualizador e, coa súa faciana non só se distingue dos demais, senón que tamén ten dereito a que ninguén publique ou espalle a súa imaxe sen expreso consentimento.»

O maxistrado-xuez decano da cidade lucense tamén superou na Universidade catalana un curso de Dereito Interrexional, cun exhaustivo traballo tituado «Los órganos que, a propósito de las Autonomías, aplicarán el Derecho en Cataluña, Vascongadas y Galicia». Atendamos á súa teoría:

«Se os Tribunais Superiores se constitúen como órgano paralelo, nas Audiencias Territoriais actuais van xermolar a cotío discusións de orde xerárquico e de competencia para absorber determinadas materias específicas. Teríanse que crear Salas de Goberno, ex-novo, para os devanditos Tribunais Superiores e, por exemplo, poderíámonos atopar con que Andalucía —cando goce de Autonomía— quizais tivera que imprantar dous Tribunais Superiores xa que, na actualidade, ten dúas Audiencias: a de Sevilla e a de Granada. É mester integrar as Audiencias nos futuros organismos creando unha Sala Superior —punto de confluencia de varias ramas do Dereito— a donde se chegará por vía de Casación, por vía de Suplicación e por vía de Apelación, segundo a natureza dos litixios, evitando que moitos pleitos (os de Traballo, por exemplo) teñan que se resolver en Madrid.»

Don Modesto é un afervorado da cultura galega. Durante a súa estancia en Trives, os organizadores da Festa da Rapa das Bestas de Campodoso nomeárono «Monteiro Maior» por un ensaio, sobre a orixe dos cabalos salvaxes na zona norte de Lugo, no que recolleu a tradición popular dun xuez que condenou a un home, xa denantes do xuicio, por matar un cabalo.

Como anécdota demostrativa da súa galeguidade, engadirei que don Ramón Otero Pedrayo, o poeta Casado Nieto e don Modesto, nunha xuntanza cultural en Castro Caldelas, remataron cantando o Himno galego —soamente eles o coñecían— feito moi comentado polo atrevemento do Xuez da Póboa naqueles tempos.

O ano 67 pronunciou no seu pobo a conferencia «El primer turista lucense», encol do escritor viveirense Nicomedes Pastor Díaz e, poucos anos máis tarde, co gallo da homenaxe a

Noriega Varela, ocupou a Tribuna do Casino de Viveiro nun acto presidido polos fillos do autor de O ERMO. Don Modesto ten, ademais, un libro inédito: RETAZOS DE VIVEIRO.

O mes de abril fixo o pregón —sucendendo a grandes persoeiros das letras e da política de anos anteriores— da Semana Santa de Viveiro.

«Este ano —di con orgullo de fillo agradecido— os organizadores decidíron invitar un home da Xudicatura e pensaron en min. Eu aceptei ilusionado e falei na igrexa de San Francisco, que ten o ábside máis esbelto de Galicia, diante dunha concurrencia desacostumada. Fixen unha síntese histórica da fe e dos costumes dos nosos devanceiros e, ó remate, a emoción dos meus, as apertas dos amigos e o garimo dos viveirenses, que me distinguiron co título de "Hermano Mayor Honorario de la Junta de Cofradías de Vivero" confirmáronme que no meu pobo non cadra o dito de que "ninguén é profeta na súa Terra"; pois Viveiro deume máis do que eu merezo.»

Tamén en Barcelona asistimos a actos culturais galegos nos que interviu o noso biografiado. Tódolos seus amigos lembramos a súa intervención en Castelldefels, co gallo da presentación do libro «Soldada Mínima», nunha velada literaria na que don Modesto demostrou, unha vez máis, as súas dotes oratorias e o dominio da nosa lingua. Outro dos actos que solemnizou coa súa presenza foi o día que un grupo de galegos residentes en Castelldefels, en íntima colaboración con don Xosé Luis Vázquez Sotelo, e coa testemuña de importantes autoridades de Catalunya e Galicia, inauguraron a Ronda Otero Pedrayo. A don Modesto Pérez Rodríguez agora agárdalle un gran labor na codificación do Dereito, nas demarcacións xurídicas do vindeiro, no espallamento das novas institucións cara o pobo e, sobre todo, no artellamento dese Tribunal Superior aprobado no Estatuto Galego. El síntese con forzas e suliña:

«Con moito gusto aportarei o meu gran de área para canto poida serlle útil a Galicia e á Administración da Xusticia.»

El Ideal Gallego, 12-VI-1981

FRANCISCO NEIRA LEÓN

Francisco Neira León naceu o ano 53 en Muíños (Bande) na veiga da Limia Baixa que, por mor do salto das Conchas, trocou a paisaxe do antergo Itinerario romano de Antonino nun lago artificial xenerador de enerxía. Os seus pais, como tantos matrimonios galegos da década dos cincuenta, emigraron a Venezuela deixando os fillos ó coidado dos avós e, cando voltaron da emigración, fixaron residencia en Barcelona onde o noso biografiado estudiou Bacharelato Superior e empregouse nunha importante industria metalúrxica.

Compangando traballo e estudos, cursou dous anos de Enxeñeiro Técnico; pero a súa verdadeira vocación era o sindicalismo e o ano 75 saíu elexido Xurado de Empresa pola Candidatura Unitaria ingresando, pouco despois, na UGT e no PSOE. Formou parte da Comisión Executiva da

Federación do Metal o ano 76 e ocupou a Secretaría Xeral en 1978. Tamén pertencceu á Comisión Executiva da F.S.C. do PSOE. O ano 80 foi reelegido Secretario Xeral da Federación do Metal de Catalunya e membro do Comité Federal do Metal, en representación de Catalunya. Como máximo representante sindical do Metal de UGT, remata de negociar o Convenio Provincial de Barcelona, o máis importante a nivel provincial de España, que afecta a 250.000 traballadores.

Un dos meirandes problemas actuais é o «Paro» e, lóxicamente, é o noso primeiro tema.

«A solución do "Paro" —afirma— é repartir a riqueza que se ten que facer. Hai dúas alternativas: ir contra o Progreso ou aceptar a automatización. Neste caso sería mester reducir as horas de traballo; pero iso comportaría un consenso xeral das nacións porque, tentar facelo a nivel duns cantos países, sería regresivo. ¿Como poderíamos competir, por exemplo, cos xaponeses que traballan moitas horas e con soldos baixos?»

Neira León ten feito moitos cursiños e viaxou a Francia, Inglaterra, Alemania Federal, Dinamarca, Suecia, etc. para estudar a realidade social. Con axilidade mental explica as súas experiencias:

«Os países nórdicos son os que mellor palían o problema do "Paro". Alí, a través dos impostos, o Estado subvenciona ós parados, que incluso cobran máis cós traballadores en activo, como compesación á anguria psicolóxica que comporta o "Paro". A filosofía daqueles pobos é que tódolos cidadáns teñen dereito ó disfrute da riqueza que se crea; pero non todos teñen a obriga de creala. O feito de ter 18 anos cumpridos dá dereito ás prestacións de desemprego; nembargantes, hoxe en día, o problema é tan xeral que están a prantexarse a redución dos subsidios. Doutra banda, sorprendeume que as leis do anterior Sindicato Vertical eran moito máis proteccionistas cas daqueles países. Aló existe liberdade total de despido e os representantes sindicais non dispoñen de horas, durante a xornada de traballo, para se adicar ó seu cargo, feitos que se compensan pola libre negociación das partes patronais e obreiras.»

Seguindo na súa exposición encol da organización sindicalista dos países nórdicos, Francisco Neira coida que o segredo do seu éxito provén de que eles controlan o emprego sen condicionar a liberdade das empresas a contratar. A sindicación é libre, pero condición indispensable para cobrar o «Paro», porque o Sindicato está corresponsabilizado na determinación e na distribución do uso do diñeiro destinado a tal fin. As folgas páganas os sindicatos cos seus propios recursos.

«Nos países nórdicos —engade— os sindicatos son unha das columnas básicas do sistema político. Aquí vense coma un elemento externo para derrubalo. Nós somos teóricos en demasía. Prantexamos utopías que, logo, non levamos a cabo. Eles son moito máis consecuentes e prantéxanse obxetivos posibles, cada vez máis avanzados. Eu non son partidario dunha traslación mecánica das experiencias nórdicas; pero, sí, que debemos telas en conta.»

O Secretario Xeral do Metal de UGT de Catalunya é un home sincero. Non refuga tratar os temas cruamente e sen demagoxias doadas:

«A desilusión que se palpa no movemento obreiro non é porque non se teña dado un cambio, senón porque as expectativas foron demasiado ilusionistas. O número de afiliados mingouo

moito tras aquel proceso embebedante colectivo porque o estado emocional non se correspondeu exactamente coa realidade. Ademais o cambio tivo a mala sorte de coincidir coa crise económica.»

«Outro dos aspectos a destacar do sindicalismo español —continúa o amigo Neira León— é a forte carga ideolóxica política que impediu que actuara como tal. Algo semellante ocorre en Francia e Italia. Os nórdicos, nembargantes, están máis perto das estruturas gremiais.»

O sindicalista ourensán afirma que a folga é un xeito de arranxar as reivindicacións, pero suliña:

«Pedir a cotío participación en folgas pode ser contraproducente. Aínda que xa estamos nuns niveis de folga homologables, poderíanse utilizar mellor se non representaran un problema económico para os traballadores. Para alcanzar meirandes logros é de razón que os sindicatos conten con fondos para poder pagalas. Sen dúbida, habería menos, pero exitosas.»

É patente que, en determinados sectores obreiros, medra a crítica a outros grupos máis afortunados que conseguiron maiores ventaxas económicas. Francisco Neira coñece o problema a fondo e non o refuga:

«Certamente, existe unha aristocracia obreirista de certos sectores e de empregados de servicios indispensables que, moitas veces, están convertindo as súas reivindicacións en feitos regresivos para outros traballadores máis deprimidos, como poden ser os que traballan na industria, na construción, etc. Estanse dando posicións egoístas e esixentes nun senso negativo e insolidario. Iso lévanos á conclusión de que é mester un cambio estrutural social e económico. Pasarán anos para poder solucionar tantos atrancos ós que debemos engadir o pluriemprego. Un posible xeito de arranxar o complicado tema social sería a creación estatal dun organismo que distribuiría a riqueza producida, o que daría lugar á unha nova élite enormemente burocratizada que, por hoxe, é unha utopía.»

Francisco Neira, pai de tres nenos, gran aficionado ó coleccionismo de sellos e moedas, tamén é un apaixonado pola lectura en xeral e afervorado da poesía galega. Síntese galego enxebre e confesa o seu orgullo por ter nado en Galicia, patria do fundador do PSOE, Pablo Iglesias.

«Gardando as distancias lóxicas do tempo —di— os que militamos no mundo obreiro temos a Pablo Iglesias por un punto de referencia, porque sempre representou o equilibrio dentro do partido e da UGT. Pódese discutir —engade— a Largo Caballero ou a Prieto, pero todos somos seguidores do "Abuelo".»

El Ideal Gallego, 17-VII-1981

XOAN V. FUENTES LOJO

Un dos galegos máis sobranceiros na actualidade en Barcelona é don Xoan Ventura Fuentes Lojo. O noso persoeiro naceu en Muros de San Pedro (A Coruña) o mes de Santos de 1923. Estudou bacharelato en Vigo e fixo os primeiros cursos de Dereito en Santiago, rematando a carreira o ano 44 na Cidade Condal, lugar de residencia da familia Fuentes por mor do traballo do pai que era médico forense.

O servizo militar —mariñeiro de 2.^a no Ferrol e na Secretaría de Xusticia do Ministerio de Marina, en Madrid— non empeceu que Xoan Ventura aprobara as oposicións a Xuez Comarcal denantes de se licenciar nin que tomara posesión do seu cargo en Corcubión ós 22 anos, habilitado polo Ministerio xa que era menor de idade.

«Do partido xudicial de Corcubión —confesa o señor Fuentes Lojo— gardo os máis gratos recordos, aparte de que aló aprendín unha práctica xudicial enorme. Na nosa Terra disfrutei da vida e dinme conta das responsabilidades do xuez cando ten que actuar como tal, con máis razón aínda, se desempeña a función de Xuez de 1.^a Instancia e Instrucción.

En Cee, casou con dona Emilia Lastres, filla do coñecido abogado don Alexandro, e alí preparou as oposicións a Xuez Municipal, sendo destinado a Barcelona a ano 49.

Na capital catalana desempeñou a profesión xudicial ata 1972, en que causou excedencia voluntaria e asociouse ó seu irmán Xosé para se adicar á abogacía nas especialidades de Urbanismo, Propiedade Horizontal, Arrendamentos Urbáns e Rústicos. Hoxe, o bufete Fuentes Lojo é un dos máis prestixiosos de Barcelona. Nel colaboran, integrados nunha exemplar sociedade familiar, o abogado Xoan Xosé e o procurador Alexandre, fillos do noso biografiado, e pensan facelo tamén M.^a Amparo e Manuel cando rematen os estudos.

No gabinete «Fuentes Lojo», na zona axardinada do Paseo de Gracia, o despacho de don Xoan é amplo e acolledor. As grandes estanterías están ateigadas de libros de xurisprudencia. Das paredes penduran mapas e diplomas. A mesa de traballo está presidida polo Código Civil. Un gran ventanal ofrécenos a fermosa panorámica da moderna vía barcelonesa en toda a súa longura, co esbelto obelisco no cruce da Diagonal. O diálogo con don Xoan Ventura, home aberto e con gran facilidade de palabra, é sincero e cordial.

«Son especialista en cuestións inmobiliarias en xeral e en arrendamentos, propiedade horizontal e urbanismo en particular. Tamén son asesor de empresas e presidín gran número de Convenios Colectivos interprovinciais, provinciais e locais; pero a miña teima é escribir. Estou adicado de cheo a facer obras xurídicas. Traballo arreo e a proba tela nos títulos que levo publicado. Non me queda tempo para outras aficións. O fútbol —na mocidade era xogador— gústame velo na televisión, o cine agrádame pero ata certo punto, e a política, como medio de promoción para cargos políticos, non me di ren, o cal non quere dicir que non teña inquedanzas políticas. Denantes que outra cousa, son xurista. O que me doi é ver que o carro deste noso país non rousa como eu ben quixera.»

Certamente a obra do ilustre xurista, membro da Unión Internacional de Abogados, é abundosa e ricaz. Boa proba témola en «Suma de Arrendamientos Urbanos» —sete edicións esgotadas—; «Suma de la Propiedad por Apartamentos» —tres edicións—; «Suma de Justicia

Municipal»; «El Procedimiento en la Justicia Municipal a través de los Formularios»; «El Procedimiento en lo Criminal a través de Formularios»; «Hipoteca de Establecimientos Mercantiles» e «Recurso de Suplicación». Tamén fixo varias traducións ó castelán e colabora con artigos e comentarios a sentencias en revistas profesionais tales como «Foro Gallego», «Revista General de Derecho», «Revista Jurídica de Cataluña» e «Pretor», así como na prensa diaria, especialmente no «Noticiero Universal», «La Vanguardia» e «El Ideal Gallego».

Don Xoan Ventura Fuentes Lojo —Cruz Distinguida de San Raimundo de Peñafort— ten un sentido da Xusticia moi acusado. Vinteseite anos de xuez marcan moito e crean un carácter e unha mentalidade imparcial. Pero, ademais, é un ensinante de vocación: Durante moitos anos foi profesor de Dereito Procesal na Facultade de Dereito da Universidade catalana; na Escola de Práctica Xurídica do Colexio de Abogados; na Escola de Arquitectos Técnicos e, na actualidade, é Abogado Xefe dos Colexios de Administradores de Madrid e Tarragona e Secretario Asesor Técnico da Asociación Nacional de Urbanizadores. Tamén participou en numerosos congresos e simposios, como director ou profesor, e en cursos programados por colexios e entidades, practicamente en todo o Estado, a carón de persoeiros como don Jerónimo Arozamena Sierra, don Rafael Mendizábal Allende, don José Martínez Gil, don Pedro Sanz Boixareu, don Eduardo García de Enterría, entre outros. Non é de extrañar, pois, que a Xunta Directiva de «PRISMA», Club de Opinión, o elixira presidente.

«PRISMA», ó xeito do Club S. XXI de Madrid, é o máis importante que funciona en Catalunya. A Comisión organizadora está composta por grandes figuras das Letras, do Comercio e da Industria. Os galegos podémonos gabar de que un conterráneo noso sexa o presidente de tan importante tribuna de opinión.

«O Club "PRISMA" —explica o señor Fuentes Lojo— ten a súa orixe nun grupo de amigos e clientes nosos que se propuxeron instituír un marco axeitado para satisfacer o anseio de información dos cidadáns en temas sociais, culturais, económicos e políticos co fin de crear hábitos auténticamente democráticos. Eu son dos que promocionan, máis ben, o aspecto cultural, o técnico e o xurídico, sen deixar de recoñecer que outros temas poden ter a súa importancia na vida social e pública do país.»

Cónstame que hai un intento serio de crear en Catalunya unha organización unificadora de ideas, de esforzos, de homes de empresa e de sociedades industriais, agropecuarias, do peixe e de servizos galegos para comercializar produtos da nosa Terra en Catalunya. Don Xoan Ventura é un dos promotores máis ilusionados coa idea. De levarse a cabo, representaría a apertura dun gran mercado para os produtos de Galicia e sería un xeito de lograr que o aforro galego en Catalunya beneficiara á nosa Terra.

Atendamos á explicación que do proxecto fai o señor Fuentes.

«Un grupo de galegos residentes en Barcelona contactou con homes de empresa de Galicia para estudar as posibilidades de crear unha sociedade de divulgación e venda dos produtos galegos na Cidade Condal. Nos colaboramos desinteresadamente na redacción dos estatutos que servirán de base á súa creación e ó seu funcionamento. A organización pode ser de tipo nacional ou provincial e estará integrada por empresarios galegos e incluso outras persoas e entidades directa ou indirectamente vencelladas a eles. Abranguería o comercio de produtos fabricados, agrícolas,

conserveiros, artesáns, libros, etcétera, e promocionaría intercambios culturais, técnicos e de turismo. Para centralizar tamaña empresa é mester axeitar uns locais de exposición e de distribución con restaurante, sala de cultura, servicios médicos e de asesoramento. Un proxecto de tal envergadura sería de desexar que fora patrocinado pola Xunta de Galicia e niso estamos traballando agora.»

Moitos amigos tíñanme falado da rexa personalidade e da enxebreza de don Xoan Ventura. Eu puiden comprobar numerosas veces, no Club «PRISMA», no seu bufete, en conferencias e xuntanzas de amigos, a súa capacidade de organizador, a súa actividade, propia dun home dinámico e de probada forteza física; pero o que máis me admira deste rexo galego é que, a pesar de levar tantos anos fóra da Terra —os seus fillos naceron en Catalunya— a familia Fuentes-Lastres sigue vencellada a Galicia e síntese orgulloso das súas raiceiras.

El Ideal Gallego, 31-VII-1981

ALFONSO COSTA BEIRO

Coido que o mellor introito para facer a semblanza dun pintor é a relación dos logros conqueridos co seu traballo, a súa arte e a súa presenza en Certámenes, Mostras, Bienais, etc. Cantos máis premios mellor e se, ademais, teñen incidencia nacional e internacional, xa non hai dúbida da súa consagración artística. Tal é o caso de Alfonso Costa Beiro, un home novo aínda, nado en 1943 no berce mariñeiro de Noia e residente na Cidade Condal dende os dezaioito anos.

Premios como o «Inglada Guillot»; o «Fundación Güell»; o «Ministerio de Asuntos Exteriores» na VII Bienal Internacional do Deporte nas Bellas Artes —os tres de Barcelona—; o Nacional de Dibujo «Pancho Cossío», de Santander; o «Sotomayor de Pintura», da Coruña; a Medalla de Bronce, no Premio Europa de Pintura, de Ostende (Bélxica); o «Ciudad de Palma, 1979»; o «Artesport», de Bilbao, etc., dannos unha dimensión axeitada da valía da súa obra e, se engadimos que lenzos seus, escolmados para a exposición itinerante, organizada polo IX Concurso «Joan Miró», recorreron América e que participou varios anos na Feira Internacional de Arte de Basilea; na de Arte Contemporáneo de París; en Lisboa; La Habana e nas principais Galerías de España, debemos concordar que nos atopamos diante dunha realidade, dun froito maduro, dun artista cun senso estético e cunha carga de vivencias íntimas transformadas en coruscante expresión plástica.

Tampouco podemos esquecer que o artista de Noia conqueriu o Premio «Ciudad de Bracelona» de Grabado e que é un admirador da poesía. Non é, pois, de extrañar que grabara, conxuntamente con Concha Ibáñez «Longa Noite de Pedra», de Celso Emilio Ferreiro, e que fixera o álbum «Tempo de Compostela» con poemas de Salvador García Bodaño. Tamén ilustrou, derradeiramente, o libro de X. Costa Clavell, «Bandolerismo, Romerías y Jergas Gallegas» con quince dibuixos a pluma imprimidos ademais, por separado, nun álbum. Nestes intres está ilustrando o poemario «La Concreta Poesía de los Científicos» de Cesáreo Rodríguez Aguilera.

É verdade que o artista nace; pero logo ten que facerse. O barrelo do Alfonso, certamente, non puido ser máis suxeridor. As Rías Baixas —natureza farturenta, maxia e fantasía, luz e néboa, realidade e ficción, traxedia e paisaxe— foron, de sempre, viveiro de espíritos fundamente mergullados no máis requintado humanismo e cunha carga metafísica que agromou froitos rícales —Rosalía, Valle-Inclán, Castelao, os Camba, Cabanillas, Manuel Antonio, Felipe de Castro...— condicionados pola dinámica cósmica, os longos solpores, as colleitas farturentas, o alén, o manantío espontáneo das fontes... Alfonso Costa sentiu con forza o aguillón artístico e propúxose plasmalo en realidade. Estudiu técnicas, desenrolounas e, sen decatarse quizais, penetrou na esencia da materia e das ideas, investido de pontifical panteísta. Aquel rapaz — aprendiz de reloxeiro en Noia e, máis tarde, emigrante en Barcelona— nas horas de vagar, adicábase a plasmar as súas inagotables posibilidades con óleos e dibuxos, que deron por resultado a linguaxe plástica dos seus sentimentos.

E o tenaz autodidacta, compangando as obrigas familiares —é pai de dous fermosos pícaros— non se viu defraudado:

«O ano 1972 —recorda— mandei á Fundación March dúas mostras e concedéronme unha Beca que consistía nunha axuda monetaria para poder vivir un ano adicándome de cheo á pintura, sen problemas económicos. Traballei en Florencia e, posteriormente, en Asís estudiei a obra de Giotto que influíu na miña maneira de ver os volúmenes e os espazos na pintura.»

A Fundación March acertou na selección de Costa Beiro que, por outra banda, viu abertos novos horizontes no mundo da arte.

«Ó principio —afirma— a miña pintura era impresionista, logo experimentei unha época cubista que durou pouco; despois vivín unha etapa expresionista e, a partir do 71, evolucionei cara a Nova Figuración, intre no que me atopo, aínda que fun cambiando o xeito de ver as cousas e os temas. O meu estilo —segundo os críticos— é unha mistura de Neofiguración e de algo de Surrealismo; pero eu non son gustante de verme encasillado en ortodoxias nin «ismos». Pinto o que eu quixera ver do mundo. O creador non debe estar supeditado; debe facer o que lle agrada. Cando elimino —por exemplo— uns pes, non é que deforme a realidade, é porque o cadro non ten mester deles».

Alfonso Costa Beiro calcula que leva producido perto de mil obras espalladas por Museos, coleccións públicas e particulares. Aparte doutros temas, pintou as series O Mundo Cósmico, A probeza do Campo, O mundo dos Touros, A loita Social, Homenaxes ós Tolos e á Velázquez, Os Antipapas...

«A idea da Homenaxe ós Tolos —explica— xurdíume namentres pintaba o muráis do Instituto Frenopático de Barcelona. Ó contacto cos enfermos sentín a necesidade de plasmar o seu mundo tan distinto ó noso.»

Costa Beiro pintou varios murais no devandito Instituto, que dirixe o Doctor X. L. Martí Tusquets. Agora está a preparar outro de 400 metros cadrados, representando o Apocalipse:

«Inspirándome en San Xoán, tento facer o Apocalipse da Loucura. No centro do mural, un olio xigante —Deus— e ós lados, dúas xeneracións a camiñar cara o centro. No cumio, que representa o infinito, dibuxarei un moucho —representación da siquiatría— espallando menciña

para sandar ós enfermos e, nun recanto, poñerei a Arca de Noé —símbolo do escudo de Noia— como refuxio salvador dos predestinados a fundar unha nova civilización.»

O artista noiés non acouga. Traballa a cotío. Semella como se tivera presa por manifestar o rebordante caudal de ideas que gurgullan do seu manantío artístico inagotable. Derradeiramente está a facer a serie dos «Cuidadores» que os críticos bautizaron como pintura futurista e que eu coido, máis ben, unha toma de conciencia ecolóxica. Nembargantes será mellor que escoltemos a súa propia interpretación destas recentes creacións.

«Pinto persoeiros alleos ó sentimento da natureza que tentan salvar algo que se vai perder. Quero dar a entender que é mester salvar o entorno que nos rodea. Estámolo estragando todo e por iso dou a imaxe do "Coidador Valeiro", que realmente non existe.»

O Alfonso tamén fai escultura e cerámica. Hai un ano, realizou, conxuntamente co pintor catalán Ramón Pujol Boira, cincuenta xogos de xadrez fundidos en Bronce. Co mesmo artista, cada un na súa esfera estética, fixo a serie de oito grabados a dúas tintas «Dues nits amb la Princesa Alba» e a edición «Barcelona», de augafortes presentados en carpetas de catro exemplares o cal confirma unha vez máis a colaboración e a irmandade galaico-catalana.

Saír da monotonía diaria programada e conversar con homes como o Alfonso é unha regalía. O artista de Noia ten un carácter que invita axiña á amizade e á confianza. Alto el, loiro, ollos azuis, espírito panteísta é, talmente, o retrato dos nosos devanceiros xermánicos cantados polos poetas. Ten o «Estudio» na rúa de Verdi, nome que cadra ben coa súa paixón pola música.

«Eu —confesa— non sei pintar sen música. Se non fora pintor, sería pianista ou concertista de guitarra.»

O Costa Beiro tamén é un afervoadado deportista. Nun recanto podemos ollar bicicletas, balóns, raquetas...

«Cando era rapaz —lembra cun sorriso tinguído de humor— era un rillote que sementaba o terror polas estreitas rúas do meu pobo coa "bici". Hoxe fago deporte doutro xeito máis civilizado: Cada día corro algúns kilómetros no parque de Montjuich para clarexar a mente.»

Cónstame que o escritor e crítico de arte, X. Costa Clavell, vai publicar unha extensa biografía do pintor de Noia. Sen dúbida será un libro de gran interés, porque, o protagonista, dende calquera anco que se analice, ten unha rexa dimensión.

El Ideal Gallego. 15-VIII-1981

Homenaxeado no SPORTING «Toxos e Xestas»

No restaurante «Sporting Toxos e Xestas» da Cidade Condal, propiedade dos irmáns lugueses Pedro e Xosé Luis López Fraga, tributóuselle unha homenaxe ó pintor de Noia residente en

Barcelona, Alfonso Costa Beiro, Segundo Premio de Pintura do Congreso de Diputados —o Primeiro quedou deserto— dotado con 500.000 pesetas.

Entre os numerosos amigos que acompañaron ó homenaxeado nunha cea de irmandade con productos, todos eles, chegados de Galicia —no «SPORTING» incluso a loza é de Sargadelos— atopábase o presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra; os profesores Basilio Losada Castro, Moncho Sánchez Tabarés e Eduardo Butragueño; os escritores Xavier Costa Clavell, Xoan Manuel Casado, Olegario Sotelo Blanco e Ramón Clemente así como Xosé Luis Foxo, director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas», que precisamente, encetou as súas actividades artísticas nos locais do restaurante «SPORTING» na popular barriada de Gracia.

Alfonso Costa Beiro que, entre outros moitos, tamén é premio nacional «Pancho Cossío», fixo estudos en Italia en 1972 becado pola Fundación March e, recentemente, o Ministerio de Cultura concedeulle unha beca de medio millón para investigación da pintura a través da loucura, que está a realizar no Instituto Frenopático de Barcelona, coa representación do Apocalipse nuns murais de catrocentos metros cadrados.

O artista de Noia, expositor en América, Europa e nas principais cidades de España, durante o mes de febreiro presentará unha serie de óleos encol de temas de ballet na Galería CITANIA de Santiago de Compostela.

El Ideal Gallego, 10-II-1984

La Pintura de Alfonso Costa

Autoridades barcelonesas, críticos de arte, profesionais do mundo das artes plásticas e numerosos amigos de Alfonso Costa Beiro déronse cita na Galería «La Pedrera» para asistir á presentación do libro «La Pintura de Alfonso Costa» escrito por Xavier Costa Clavell e cunha abondosa mostra da obra do pintor de Noia residente na Cidade Condal.

Fixo a presentación do libro José Corredor Matheos, director de Espasa Calpe, poeta e un dos mellores críticos de pintura de España, que se referiu á inspiración, verdadeiramente inagotable do artista e afirmou: «calquera obra de Alfonso Costa ten un selo inconfundible. É un pintor —engadiu— que, arrincando do expresionismo, pasou por unha fase de cubismo, logo, por unha matización surrealista e, hoxe en día, ten un estilo propio cunha gran capacidade de riquísima imaxinación. Alfonso Costa —dixo o presentador noutro intre da súa intervención— interesa ós entendidos, e mesmo ó público en xeral, pola súa forza cromática, polo dibuxo maxistral e pola inventiva creadora, cun xeito de facer tan de seu, que non é doado definir».

Corredor Matheos eloxiou tamén o texto da obra do escritor chantadino afincado dende os anos sesenta en Barcelona, Xavier Costa Clavell, e calificou de estupendas as reproducións dos cadros así como a impresión do libro do que se editaron mil exemplares —cen, numerados e cun dibuxo orixinal— firmados polo artista.

Próximamente, o pintor galego, un dos máis premiados nos últimos tempos —aínda é recente o conseguido no Congreso de Diputados— expoñerá en Madrid e Dortmund e, a comezos do vindeiro ano, presentará amplias mostras da súa obra pictórica en Osaka e New York.

El Ideal Gallego, 15-XI-1984

XOSÉ MARÍA COSTA GÓMEZ

É un feito sabido, por cantos sinten interés pola nosa cultura, que en Barcelona, dende hai moitos anos, temos unha representación de poetas importantes, todos eles vencellados ó Centro Galego onde se teñen celebrado actos culturais, conferencias, recitais de poemas e, derradeiramente, Concursos Literarios en colaboración co Grupo «Nós», de Sabadell. Se recuamos no tempo, o noso primeiro recordo e homenaxe é para o gran poeta ourensán Augusto Casas, morto na Cidade Condal o ano 73. Nestes intres ¿quen non coñece a Manuel Casado Nieto —patriarca das Letras Galegas en Catalunya—, a Xavier Costa Clavell, autor de OS ANOS DO VOUGO, e ós novos: Xoán Manuel Casado, Xosé Lois García, Xosé María Costa e Xesús González?

Xa teño falado dos poetas consagrados e con obra abundosa. Hoxe fareino de Xosé María Costa Gómez, fillo de Xavier Costa Clavell e neto do, tamén escritor, Xosé Costa Figueiras.

O Xosé María naceu en Laxe (ChantadaLugo) o mes de febreiro do ano 51. É o máis vello de tres irmáns —Antonio tamén é poeta— e dende os dezasete anos reside en Barcelona onde rematou o bacharelato e cursou dous anos de Dereito, carreira que abandonou para traballar nunha empresa editorial namentres preparaba oposicións a Banca. Na actualidade companga o traballo cos estudos de Xeografía e Historia. Con sinceridade, el mesmo explica as razóns que o motivaron para trocar Leis por Historia:

«Deixei Dereito porque pareceume deshumanizado. Aténdese máis á norma cá persoa. Pérdete nunha morea de artigos. Todo está enormemente normativizado e, no intre que xurde algo que non encaixa nas normas, non sabes qué facer. Estudio Historia —engade o amigo Xosé María Costa— porque penso que é máis axeitada para comprender o mundo e atender á xente que, en definitiva, é o único substancial; todo o demais son accidentes. Neste senso, penso que a Historia tamén supera á Filosofía pois, polo coñecemento racional —que é o da Filosofía— tampouco se pode chegar a moitas das metas que ela pretende. Por outra banda, coido que a poesía é, igualmente, un xeito moi importante de comprender o mundo a través da sensibilidade, que é fundamental no ser humano.

Xosé María Costa, dende neno, viviu nun ambiente literario e artístico, rodeado de libros, revistas, pinturas, esculturas... Na casa do seu avó, en Chantada, e a carón do pai, coñeceu moitos persoeiros das Letras e das Artes. Non é de extrañar que, naquel clima familiar, agromara nel a vocación pola literatura.

«Lúa canto caía nas miñas mans. Para min —confesa— estar inmerso nos libros era unha cousa natural e, escribir, algo que me semellaba lóxico e completamente normal.»

En Barcelona empezou escribindo en castelán na prensa local ó tempo que mandaba as súas crónicas a «El Ideal Gallego» e, máis tarde, colaborou en galego nos periódicos da colectividade galega de Buenos Aires, na revista Grial e noutros xornais de Galicia. Á nosa pregunta de cales son as razóns polas que agora emprega habitualmente o noso idioma, contesta:

«Escribo en galego porque coido que é a maneira de contribuir ó desenvolvemento da nosa lingua. É mester falar e escribir na fala dos nosos labregos e mariñeiros que mantiveron o galego durante xeneracións. E quero suñar "galego" por estar en desacordo coas modas lusistas que, técnicamente, poden ter acertos pero, francamente, penso que o noso pobo non fala portugués.»

Co libro «Cas Redes Cheas», editado por Edicións do Castro o ano 76, Costa Gómez deuse a coñecer «cun feixe de poemas —son verbas do profesor Losada Castro— que constitúen unha boa promesa de labor coallado». É un poemario unificado polo paso do tempo, con vivencias persoais e alusións á sociedade daqueles intres. A maioría dos poemas —escritos cando o poeta tiña 23 anos— son intimistas, sensuais e están en connotación coa realidade. Como ben dixo o crítico Xesús Manuel Valcárcel «nos versos proustianos do poeta chantadino hai un anseio non satisfeito de dobregar o tempo ata acadar unha fusión perfecta entre o presente do poeta e o pasado que canta».

Xosé María Costa Gómez, que admira a Rosalía, Manuel Antonio, Amado Carballo e Pimentel —un dos seus poetas preferidos— está a rematar un novo libro, na mesma liña de «Cas Redes Cheas». A revista COORDENADAS, de poesía galega actual, no seu primeiro número monográfico, adiantounos «Malenconía», un dos poemas do próximo libro do noso biografiado: «...Nise intre no que soio os paxaros / alimentan a carne escura das sombras / cando soio unha voz chea de auga / escribe a caída da chuvia contra o / arbore que o tempo se leva ponla a ponla / pensa que tan soio a terra non mancha os sentidos / que o vivir o placer e as olladas / son coma mortos que pensan...». Nestes logrados versos, certamente, o poeta sigue na «recherche» proustiana. O Costa, segundo propia confesión, fai poemas porque é unha canle doada para exteriorizar o sentimento, moito máis ceibe cá prosa e non está tan suxeto á mecánica literaria.

«En Galicia —afirma— deuse mellor o poema como forma de manifestar o pranto, a intimidade persoal e, a protesta. A través dos séculos, non sé puido facer doutro xeito. Eu estou coa poesía porque dá máis sensación de liberdade, é máis concisa cá prosa e, cunha axeitada colocación dos adxetivos, conquire a beleza e o ritmo necesarios. Non fago poemas rimados porque coido que sería pecharme nuns lindeiros que condicionarían as miñas vivencias. A pesar diso, non refugo as formas clásicas. O fundamental —continúa o xoven poeta— é que a poesía teña beleza e a disposición das verbas dun xeito musical. O tema —amoroso, elegíaco, intimista, ou calquera outro— é o de menos. Pero todo isto non son máis que divagacións. A poesía penso que é mellor facela ca definila.»

Hai anos que coñezo ó amigo Xosé María. Xuntos, colaboramos na revista «Alborada» e no «Boletín» do Centro Galego, en «Táboa Redonda» de «El Progreso»; intercambiamos libros e artigos de mutuo interés; petamos nas portas das editoriais coa ilusión de publicar os nosos poemas; mantivemos diferentes puntos de vista no xeito de entender a poesía, sempre vencellados polo

mesmo afán: Galicia e a súa Cultura. Tamén el creou o seu fogar en Catalunya con Montserrat Rey, de Póboa do Caramiñal, e xa teñen unha meniña. Pero os seus anceios siguen postos na Terra.

«En canto remate a carreira —asegura afeuzado— voltarei a Galicia.»

Ese é o sentir dos galegos que sufrimos a diáspora. Ogallá chegue o día en que tales desexos se convirtan en realidade.

El Ideal Gallego, 9-X-1981

XOAN MANUEL CASADO MARTÍNEZ-CARMONA

Dende o terceiro piso do antigo I.N.P., hoxe Tesorería Territorial, a Gran Vía de les Corts Catalanes é unha arroiada de coches e «Buses»; un ir e vir de xente. A calor é abafante e o ruído enxordecedor. Unha manifestación de obreiros en «paro» está a reclamar traballo, a viva voz, diante da Consellería de Treball e os coches policiais, non cansan de soar as sereas. Mal comenzo para falar, sen nervios e de vagar, co amigo Xoa Manuel Casado Martínez-Carmona, catalán de nacemento, pero celoso conservador das antergas raiceiras.

O ambiente violento da rúa vai minguando ou quizais somos nos que, pasados os primeiros intres de aglaio, afacémonos ó que xa semella habitual nesta gran cidade, e o diálogo co poeta alóngase sen presas, sen orde nin programa, tal e como deben ser as conversas verdadeiramente amistosas cando xurden espontaneamente como auga clara o limpa dos manantíos.

O Xoa Manuel naceu en Barcelona o 18 do mes de Nadal do ano 1949 nun fogar de escritores: o poeta Manuel Casado Nieto e a novelista barcelonesa Eva Martínez-Carmona. Estudou Dereito e, na actualidade, é xefe de Servicios Xurídicos da Seguridade Social, por Oposición, e Asesor Xurídico da Consellería de Sanitat da Generalitat de Catalunya; pero a súa verdadeira vocación é a creación poética e o seu «hobby», dende hai algúns anos, a lectura de obras de filosofía.

«De sempre —afirma— adiquei moitas horas á lectura. En galego, Rosalía considéroa un poeta superior a Curros, Pondal e Cabanillas. Dos europeos, sempre preferín a Baudelaire, polo que teño unha afición constante, e Ezra Pound, entre outros. Froito da lectura habitual dos meirandes creadores de poesía contemporánea é o libro MOSTRA ANTOLOXICA DE POETAS OCCIDENTAIS — Ungaretti, Eliot, Espriu, Eluard, Quasimodo, Carner, Char, Yeats e moitos máis— que traducimos ó galego o meu pai e máis eu.»

Os críticos da obra de Xoa Manuel Casado, autor de «Rexistro de Menores Espantos» (1973) e «Os Preludios» (1980), este publicado por Edicións do Castro, quixeron ver nos seus poemas influencias de Guillén, Gil de Biedma, Valente, Prévert, Laforgue, Vinicius de Moraes...

«Non sei —asegura— que influirán en min. Pode ser, se nos referimos a determinadas actitudes, que teña semellanzas cos poetas da xeneración dos anos cincuenta porque vivimos un clima barcelonés común. En canto a certa influencia dos grandes poetas europeos, non é de extrañar debido á afición perseverante que sinto por eles.»

O Xoan Manuel axiña nos agasallará cun novo libro de poemas titulado «Libro de Caldelas», que está a editar «Galaxia» pero, ademais, como xa dixen, é un apaixonado «de toda filosofía moderna que tente explicar o home como tal». E engade:

«Admiro moito as construcións lóxicas dos racionalistas, aínda que non me convencen. A Ética de Spinoza, nembargantes, é dunha construción admirable e acudo a cotío á súa lectura que me serve de aprendizaxe intelectual.»

Podíamos lembrar moitos escritores galegos, nados noutros países, que honraron a nosa lingua. Últimamente, homes excepcionais como Seoane, nado en Bos Aires, e Lorenzo Varela, que viu a luz na Habana, cubriron de loito, co seu pasamento, as Letras Galegas. En Xoan Manuel dase tamén, con nitidez a «chamada ancestral» que el considera lóxica:

«Síntome plenamente galego —suliña— quizais porque sempre me desenvolvín neste entorno. Dende os sete anos ata os once, residín en Pontevedra, onde o meu pai exerceu como Fiscal Xefe da Audiencia Provincial. Novamente en Barcelona, non deixamos de acudir en numerosas ocasións á Terra, pero tamén na Cidade Condal me sinto motivado por amigos, escritores e intelectuais galegos que nos visitan a cotío. Nembargantes o meu fondo galeguismo quizabes se deba, máis ben, á miña amizade con Basilio Losada e á admiración que sempre sentín polo meu pai, polos seus poemas e contos e pola tradución que fixo da Biblia á nosa lingua cando apenas había ren escrito en galego dos Libros Sagrados.»

O profesor Losada Castro, no limiar de «Os Preludios», escribe: «Penso qué este libro, con aquel caderno titulado "Rexistro de Menores Espantos", que é en realidade unha entrega anticipada deste, é moito máis que a promesa dun poeta novo de Galicia. Penso que quizais este mangado de poemas podería encetar unha etapa na lírica galega. Unha etapa na que a comunicabilidade fora de novo, como nos tempos do Romanticismo, unha esixencia».

Estas verbas dun crítico con tan fondos saberes nos eidos da literatura, son abondo esclarecedores do que agardamos do xoven poeta.

Xoan Manuel Casado non refuga o emprego da rima, aínda que —coido eu— os seus mellores poemas son os libres. É de admirar a súa gran facilidade para encadear, con espontánea elegancia, metros diferentes: «Pequeno hotel dos sábados á noite / onde exercín o estímulo / que adeprendera algún inverno atrás / na miña propia casa / con medo e música ao noso redor! / Illa espaciada após de seis naufraxios / cómo recordo os días nos que con meritoria / exaltación tecía / meu aduvío final, onde tan decidido / comprobeime de home!...».

Os seus poemas falan de cousas que pasan, sempre teñen que ver coa vida dentro dunha temática variada de sentimentos, de vivencias que están no home e, ás veces, íntimas, que concordan coa súa definición da poesía:

«A poesía é intento de explicación do home. O poema ten que transcender a sí mesmo, do contrario, non acada —ó meu ver— a última e verdadeira función, e convértese nun artificio verbal.»

Conversando co amigo, as horas ruaron lixeiras. A Gran Vía voltou á normalidade de intensa pero non esmagante circulación. Teremos máis ocasións de falar co poeta e dos libros que está a rematar: «As Botellas, as Ramblas e os poemas de amor», de ambiente barcelonés, e «Terra centea», narracións do medio rural.

FEDERICO GOBARTT AMOR

Con don Federico Gobartt tiñamos coincidido moitas veces en actos culturais e asambleas do Centro Galego; en galerías de arte para admirar mostras dos noso artistas; en xuntanzas de amigos; pero endexamais mantiveramos unha conversa demorada, sen presas, de vagar.

A nosa cita no seu despacho da séptima pranta da Delegación de Hacienda, cunha fermosa panorámica do Barrio Gótico, do porto e da montaña de Montjuich, foi longa e de gran interés. Lembranzas de proxectos colmados de ilusión cando colaboraba con don Francisco Eyré, presidente dun Centro Galego recién nado; recordos dos enormes atrancos que puxeron en perigo a supervivencia da nosa institución, que se resolveron pola tenacidade e entrega do presidente Manuel Casado Nieto e colaboradores como Efrén Campo, Balado, Vilariño e o propio Gobartt, directivo do Centro Galego en moitas ocasións, dende os anos mozos de estudante de Dereito na Universidade barcelonesa ata o ano 1975, data en que cesou na vicepresidencia para deixar paso ás novas xeneracións.

Agora, desvencellado de cargos directivos, a pesar dos abondosos compromisos profesionais, non refuga acudir a cantos actos galegos de interés se celebran no local social das Ramblas ou noutros lugares, porque os longos anos de residente en Catalunya non minguaron a súa galeguidade.

«A miña esposa é coruñesa e, lóxicamente —afirma don Federico— no noso fogar respirase e pálpase Galicia. Sempre estivemos vencellados á Terra. Incluso as tres fillas, nadas en Barcelona, síntense orgullosas das súas raiceiras galegas. Cada ano, por Semana Santa e no verán, acudimos a Castro Caldelas, lugar de veraneo da miña familia dende que era un neno. Non é de extrañar, logo, que me considere caldelao, un caldelao de vocación que, coido eu, ten máis mérito que un caldelao de nacencia.»

«Gobartt» ó contrario de «Amor», realmente non é un apelido común na nosa Terra. Sen rodeos, quizabes ferindo a súa sensibilidade, manifesto a miña apreciación e don Federico retruca: «É verdade que os meus ancestros son oriundos de Flandes e que fixaron a súa residencia en Andalucía o século XVII; pero iso non fai para que non me sinta galego coma calquera outro».

O señor Gobartt ten feito un estudio da súa árbore xenealóxica. Un devanceiro seu loitou na guerra de Independencia contra os franceses. Outro, o xeneral Federico Gobartt, foi gobernador do

Castelo de Montjuich. A tradición familiar —nove militares— trunouse no avó, que foi funcionario de Obras Públicas. Tamén o seu pai traballou no mesmo Ministerio en Ourense, lugar de nacemento do noso entrevistado o cinco de abril do ano vintenove. Na Cidade das Burgas estudou as primeiras letras con Xoan Xesta e dona Anxelita Paradela, e o bacharelato, no Colexio P. Sarmiento, máis tarde Cardenal Cisneros. Foi alumno de Bóveda, irmán do galeguista Alexandre, e de Martínez Doval, Xoaquín Lorenzo e de Taboada. Cursou o primeiro de Dereito en Madrid e rematou a carreira en Barcelona. O ano corenta e nove ingresou, por Oposición, no Ministerio de Hacienda e, na actualidade, é funcionario do Corpo Técnico de Administración Civil. Foi Xefe de Contribución Rústica, do Patrimonio de Loterías, do «Imposto sobre la Renta» e, derradeiramente, ascendeu a Xefe de Relacións cos Contribuíntes, antes, «Administración de Rentas Públicas».

Nestes intres que estamos a vivir un período de troque no sistema tributario por mor de profundas modificacións na política impositiva, é unha regalía para os galegos de Barcelona saber que tamén na nosa Colectividade barcelonesa hai persoeiros en materias tan complexas. Non só o profesor Gobartt, outros homes como o señor Pazos, xefe de Inspección; don Aquilino Fernández Rodicio, xeneral do Corpo de Mutilados; os inspectores señores Balado e Rodríguez Prado, e unha abondosa restra de funcionarios son boa proba da integración dos galegos en Catalunya. Pero escoltemos as razóns que, segundo o noso biografiado, orixinaron o novo sistema impositivo.

Estamos pendentes da publicación do «Impuesto sobre el valor añadido» (I.V.A.) que substituirá ós impostos indirectos en cascada de Tráfico de Empresas e ó de Lujo. Isto levaranos a unha revolución total impositiva porque vai ser, ó parecer, un imposto único indirecto que cada quen pagará polo valor que incorpore á mercancía mercada, descontando sempre o imposto pagado por el denantes. O «IVA» é de xeneral aplicación na CEE e, polo mesmo, un condicionante para o noso ingreso na Comunidade Europea. Certamente, comporta grandes atrancos, polo que será mester ter en conta a situación real do país.

Día a día xurden reformas fiscais en profundidade e novas disposicións. Hai que adaptarse ó novo sistema, irse afacendo á realidade e, dende logo, assimilar as directrices da OCDE. Federico Gobartt é conscente da necesidade que ten o home público de estar atento ás innovacións científicas e técnicas modernas para non esmorecer e ¿que outro xeito mellor de exercicio diario có ensino? Na cátedra do doutor Calleja, da Universidade Autónoma de Barcelona, é profesor de Dereito Fiscal «unha actividade complementaria —afirma— da miña traxectoria na Administración Civil que interésame moito porque o contacto coa xuventude universitaria é moi eficaz, e ter que preparar os temas dame azos para o estudo. O meu método didáctico é ensinar ós alumnos cómo se resolven problemas da vida real. ¿De que lles valería —engade— aprender soamente leis se non coñecen casos prácticos de balances, de declaracións de Renta, etcétera, que lles pode presentar un cliente?».

A pesar de tanta actividade profesional e de adicación ó ensino, Federico Gobartt aínda atopa horas para publicar artigos xurídico-fiscais, para escoitar ópera e ler a Cela, Gironella, ó seu compañeiro de estudos ó poeta ourensán Xosé Anxel Valente, a Curros e a Blanco Amor, autor de «A Esmorga», a obra da literatura galega que máis o impresionou.

O recordo dos escritores galegos lévanos a un tema de actualidade suscitado polo profesor Gobartt en xuntanzas con Casado Nieto, Basilio Losada e outros amigos inqueda polo futuro da

nosa lingua porque falar do galego en Catalunya, e con maior razón, cando os interlocutores coñecen o catalán e o galego, o primeiro que se bota de falla no noso idioma é o valeiro dun pompeu Fabra. Don Federico láíase de non termos unha Normativa e da anarquía idiomática dos nosos escritores e engade:

«Moitos aseguran que a liberdade idiomática enriquece a lingua; eu coido, máis ben, que estámola acastrapando. Respeto tódalas tendencias, lusistas ou non, pero non as comparto. Verbas como "para" "el" "existencia" "ao" "tódolos" en troques de "pra" "il" "esistencia" "ó" "todos os" — expresións vivas en moitas comarcas — achégannos ó castelán tanto como o emprego do "j" en troques do "x" que tan ben resolveu o sonido equivalente do "ch" francés. É unha mágoa que o galego occidental, moi acastrapado por certo, estea arrombando a morfoloxía empregada polos mestres da Xeneración NOS. Os filólogos non se decatan que coas súas teorías fonéticas e etimolóxicas están forzando a evolución castelanizante do galego. Consideran, por exemplo, que se debe escribir "x" nas voces cultas de sonido composto de "es" cando o pobo emprega sempre o fonema "s", e eliminan o apóstrofe, de uso indiscutible na fala popular, cando o seu emprego é normal noutros idiomas e prestaríalle ó galego maior enxebreza gráfica.»

Concordo con don Federico Gobartt. Os técnicos en lingüística, coido que sen pretendelo, están forzando a evolución da fala arcaica en troques de arrequentala coa semántica e os xiros vivos nos recunchos da nosa Terra. O pobo conservou e creou unha lingua sen tecnicismos; os lingüistas quizabes a esganen. Deica hoxe, a Real Academia Gallega pouco fixo polo galego nen tampouco tivemos a sorte dun Pompeu Fabra, como os cataláns.

El Ideal Gallego, 16'I-1982

XOSÉ ANTONIO PET POSSE

Don Ramón Otero Pedrayo escribiu: «Os amigos son presenzas gasalleiras e amantiñas as que debes evocare». ¡Canta razón tiña o señor de Trasalba! Realmente evocar as amizades sinceras é unha regalía. A min tenme sucedido moitas veces sentir a presenza gasalleira e amantiña de amigos como Xosé Antonio Pet Posse, delegado de Tabacalera en Barcelona, que tantas amizades e credibilidade conquistou na Cidade Condal. A mellor testemuña témola nos 1.200 estanqueiros — hoxe considerados como clientes e empresarios, non simples funcionarios — que, a raíz de asumir o Xosé Antonio a representación da macra Sociedade en Barcelona, síntense membros dunha mesma familia.

O xoven directivo galego, nado en Ponteceso o 4 de Febreiro de 1941, leva vinte anos ocupando cargos de responsabilidade en Tabacalera. Encetou a xeira profesional o ano 62 co ingreso, por oposición, na Delegación Comercial de Gerona, cidade que non era extraña para el, pois durante catro anos, cursara estudos na Academia Preparatoria Militar «General Solchaga». O ano 67 casou cunha catalana e o mesmo ano foi trasladado á Fábrica de Tabacos da Coruña onde permaneceu cinco anos moi proveitosos en experiencias de fabricación e coñecementos de procesos técnicos na manipulación de tabaco en rama. En 1972 voltou a Gerona, como interventor e, tras ser

ascendida a delegado da mesma praza, a requerimento da Compañía, o ano 1976 foi nomeado delegado provincial da empresa en Barcelona e membro do Tribunal Provincial de Contrabando.

Son moitos os anos de residencia de Pet Posse en Catalunya, interrompidos soamente polo destino na Coruña e as visitas que fai a miúdo ó seu pobo natal na vizosa comarca de Bergantiños cantada polo bardo Pondal. Con fondo sentimento e garimo recorda os eidos de nacemento, os estudos no Colexio dos Maristas da Cidade Herculina, a súa familia —unha institución de comerciantes e industriais de creto adicados ó trato de madeira, á hostelería e á construción —os costumes, os amigos, a Costa da Morte...

A tradición galega dos Pet, en Galicia, é recente. «O meu bisavó —explica o Xosé Antonio— era veterinario, oriundo da Bretaña francesa ou quizabes da Normandía, que exerceu en Laracha, e o avó, comerciante de wolfram nos anos corenta, estableceuse en Ponteceso onde fundou aserradeiros e, co meu pai, adicáronse á exportación de madeira que embarcaban no porto de Laxe para Israel e Marruecos, principalmente a comezos dos anos setenta. Daquela había un comercio prometedor e falábase, incluso, da creación dun complexo industrial de celulosa, que, de terse levado a cabo, sempre e cando comportara a explotación integral dos produtos derivados da madeira, houbera orixinado unha riqueza comparable á dos países nórdicos.»

Os Pet de Ponteceso, familia católica moi conservadora, anceiaban que o seu fillo estudiara a carreira militar; pero non eran as armas a vocación do Xosé Antonio e, involuntariamente, escolleu a profesión que mellor lle acaía. Con mentalidade de servizo e de superación, fixo cursiños e diplomouse como técnico superior en Dirección de Marketing «porque —di Pet Posse— é indispensable o estudo das novas técnicas e, sobre todo, das directrices que dicta a CEE».

«Co ingreso de España no Mercado Común —afirma— desaparecerá o monopolio tal como aconteceu en Francia e Italia. Xa estamos a cambiar de sistema de distribución. Centralizaranse os almacéns nas capitais de provincia, eliminando os actuais dos partidos xudiciais, e suministrarase directamente ás expendedorías. Tamén se estableceu, polo Decreto 2547/74, unha normativa para creación de novas expendedorías aplicando criterios comerciais —mellores proxectos de instalación e mellor aportación humana— otorgándose as concesións por concurso público, e incorporouse como anagrama da Compañía a folla de tabaco coa letra "T", prescindindo da Bandeira Nacional que, por ética, non debe usarse en beneficio propio.»

Quizabes haxa quen pense que a desaparición do monopolio será un trauma para Tabacalera, xa que outras empresas poderán introducir os seus produtos no mercado. Xosé Antonio Pet Posse é sincero:

«Tabacalera será unha empresa máis; pero coa enorme ventaxa de que, practicamente, fabrica e comercializa o 95% dos produtos que o consumidor reclama, e mantén unha tradición comercial en 26.000 puntos de venda con distribución propia, directa e segura. Ademais, vende signo de franqueo, efectos timbrados, boletos de xogo para bares e, próximamente, venderá tamén os impresos do ministerio de Xusticia. O Estado fíxolle tales concesións de distribucións e venda en exclusiva debido ó seu prestixio de boa xestión. Non hai duda, logo, que o futuro está asegurado. Competir con nos é difícil por mor da importante rede comercial de que dispoñemos. Agora —engade Pet Posse— Tabacalera é un monopolio de dereito; coa entrada na CEE será unha selección de mercado por clientes.»

Non é doado atoparse con homes de empresa que sintan o celme da poesía, da música ou a regalía de escribir. A friaxe dos intereses e as relacións comerciais, polo común, arromban cos valores do espírito. Xosé Antonio Pet Posse é a excepción. Afervorado da música clásica, poeta e novelista, é un admirador de Camilo José Cela pola riqueza rebordante do seu vocabulario; do bardo da mitoloxía celta, Eduardo Pondal; do vate civil, Curros Enríquez; do gran prosista Neira Vilas e do poeta da Raza, Ramón Cabanillas. Coa novela LA TABERNA DE BERGANTIÑOS, de ambiente galego, quedou finalista do premio «Inmortal Ciudad de Gerona» o ano 1971 en competencia co gran escritor Julio Manegat. Ten gran número de poemas inéditos e está a rematar outra novela na que, a través dos personaxes, profunda na sicoloxía a no individualismo do home galego.

Tanta actividade soamente pode darse nun home con gran capacidade de traballo. Pai de familia numerosa —catro fillos— e coa responsabilidade do alto cargo que desempeña, é un milagre que aínda atope horas para se adicar a ler e a escribir.

El Ideal Gallego, 3-II-1982

«Portoceo en el fin del Mundo»

Xosé Antonio Pet Posse, bergantiñán de Ponteceso afincado na Cidade Condal que, á súa profesión como delegado de Tabacalera, engade a condición de escritor, acaba de ver convertido en realidade o seu anxeo: «Planeta» publicoulle a novela PORTOCEO EN EL FIN DEL MUNDO, unha das dez primeiras clasificadas no último concurso da prestixiosa editorial.

A obra está prologada por outro gran escritor galego, Gonzalo Torrente Ballester, que fai unha atinada exposición do que el entende por creación literaria e do xeito de escribir do Xosé Antonio. «Nárranos —di o profesor— a mesma Galicia que contou dona Emilia e que cantaron os poetas.»

—¿Por que —preguntámoslle ó autor— desarrollas un tema galego?

—Porque a pesar de vivir tantos anos fóra de Galicia, síntome moi vencellado á nosa Terra inda que, quizabes, a lonxanía me dea unha perspectiva distinta dos problemas que tento analizar serenamente.

—¿Que teñen de verdadeiros os personaxes da túa novela? ¿Non pensas que algúns poderían sentirse ofendidos?

—Portoceo pode ser un pobo calquera da Costa da Morte ou do resto de Galicia. Conque o argumento, en certo modo, é político-social, é inevitable que xurdan nomes da política da actualidade, como referencia. Os personaxes son ficticios, inda que algunha persoa poda sentirse identificada. Nembargantes, se os caciques, que existen, se dan por aludidos, eu pediríalles que se avergoñen da súa condición e que deixen de selo.

—¿Que pretendes coa túa narración?

—Que se cumpra o que di o noso bardo Pondal: «Desperta do teu sono, fogar de Breogán». É dicir: que o pobo galego teña conciencia dos seus males e se poña en marcha cara uns horizontes máis núdeos. O que pretendo é prantexar uns problemas sen profundizar, porque iso corresponde ós sociólogos.

—¿Que temas debería tratar a narrativa actual galega?

—A crúa realidade de Galicia e deixar un pouco de lado a lírica. Poetas civís, como Pondal, Curros e Cabanillas, e pensadores, como Castelao, siguen vixentes. Se esta novela axudara a prender, inda que fora unha pequena labarada de concienciación no noso pobo, daríame por satisfeito.

El Ideal Gallego, 21-I-1983

«Las Gemelas de Fornelos»

Coincidindo coa festa do Antroido, que os socios e amigos de «O Penedo-Fogar Galego» celebraron no restaurante «Casa Darío», fíxose a presentación da novela «Las Gemelas de Fornelos», do escritor de Ponteceso Xosé Antonio Pet Posse.

Abriu o acto o catedrático Serafín García e presentou o libro o profesor Basilio Losada Castro, director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona que afirmou:

«Pet Posse compón unha narración que prende no lector dende a primeira páxina ata o final. Sen excesivas complexidades técnicas e mantendo ó longo de todo o relato un excelente ritmo — dixo noutro intre— o narrador dibuxa uns personaxes plausibles e divertidos nun ambiente galego perfectamente plasmado».

A continuación, o presentador de «Las Gemelas de Fornelos», nova entrega creativa na que Pet Posse confírmase como un fácil dominador do idioma —lembramos os aínda recentes eloxios dos críticos pola súa anterior novela «Portoceo (En el fin del mundo)»— explicou o argumento da obra, protagonizada por dúas irmáns xemeas tan igualiñas que «nin o mesmo home dunha delas pode distinguilas» e findou: «A partir desto poden imaxinar as variacións e xogos de vodevil nunha novela que devolve o pracer de ler».

Xosé Antonio Pet Posse, tras agradecer as palabras do profesor Losada Castro, anunciou a pronta aparición doutra novela, «La taberna de Bergantiños», que, xunto ás xa publicadas, pecha unha triloxía sobre tema galego. Tamén pensa editar un libro de poemas e, logo, unha novela de ambiente catalán.

El Ideal Gallego, 19-II-1985

CARLOS DE ARCE ROBLEDO

Carlos de Arce Robledo naceu en Chantada (Lugo) o 3 de febreiro de 1932 nun fogar de longa tradición militar. Fixo dous cursos no Colexio dos Maristas da Coruña e bacharelato en Madrid. Dende moi novo sentiu gran vocación polas letras, o teatro e a música frecuentando tertulias nas que coñeceu persoeiros tales como Benavente, Azorín, Wenceslao Fernández Flórez, Nicolás González Ruano e Miguel Mihura dos que garda gratos recordos, e conviviu con Daniel Sueiro, Gabriel Elorriaga, José Antonio Novais, Mauro Muñiz, Isaac Montero e moitos outros compañeiros que, como Carlos de Arce, conseguirían renome literario.

Nos seus primeiros tempos de escritor fixo algunhas obras teatrais que estreou en centros parroquiais e introduciuse en medios artísticos e cinematográficos levando unha vida bohemia como intérprete da canción moderna en salas de festa. Ó rematar segundo de Dereito arrombou cos estudos para viaxar a Francia, Inglaterra, Alemania e Italia. Fixo un Curso de Historia e Arte na Sorbona e de Literatura Francesa, contactando coa cultura e xeitos da vida europea. Froito das súas viaxes é urtha fermosa serie de reportaxes publicados no diario «Pueblo», recollidos máis tarde no libro «Por Europa en autostop».

O Carlos, nado en Galicia, estudante en Madrid e viaxeiro por toda Europa, afinouse en Barcelona hai vinte anos. En 1964 casou cunha catalana namorada de Galicia e do carácter do noso pobo. Aledan o seu fogar dúas filias e a figura matriarcal da súa nai. Arrodeado dunha morea de libros, está a traballar na coordinación dun tratado de gastronomía —xa fixo outro de prantas— para unha colección de varios tomos dunha prestixiosa editorial. O Carlos é un experimentado coñecedor dos segredos profesionais —ten ocupado cargos na dirección e redacción de semanarios, revistas e empresas editoriais— e sabe onde se atopa a virtude, pero tamén a ruindade e as máis noxentas cativizas dos círculos literarios e dos medios de comunicación. Conversador incansable, aberto, de rebordante diálogo, conta anécdotas vividas por el en cenáculos políticos, en consellos de administración de editoriais creadoras de «bestsellers» famosos, e fala dos atrancos que atopou para «poder expresar co corazón as vivencias propias vendóme na obriga, en moitas ocasións, de escribir, coma se fora un programador de IBM, novelas de encarga, documentacións históricas, procesos criminais... que se vendían moi ben».

O amigo De Arce defínese como home liberal e independente. «Cando vas baixo dunha bandeira —di— estás marcándote para toda a vida. Os nosos políticos teñen liortas no Congreso por cousas vulgares e esquécense dos grandes problemas de Estado. Os humanistas —engade— son os que fan que o mundo ande. Polo contrario, os supertécnicos non teñen ideas capaces de evolucionar cara un mundo mellor. A nosa xeneración abriu canles para crear unha situación, pero a que nos precede está a manipular e fabricar unha xuventude parva e deshumanizada.» Ó se referir ó home galego califícao de desprendido, xeneroso, capaz de triunfar en todo o mundo. A causa dos atranco» para o ingreso de España na CEE, según Carlos de Arce, débese a que «os nosos produtos agrícolas son moi competitivos e os recursos humanos os mellores de Europa, por iso ó Mercado Común interésalle unha España feble enfrentada por separatismos».

Como escritor, ten unha obra extensa e moi variada: Conto, ensaio, novela, teatro, reportaxes. «Para o creador —afirma— o máis importante é poder plasmar aquilo que, nun intre determinado, expresa mellor a autenticidade do seu pensamento e iso resólvese botando man de tódolos xéneros literarios.

O conto «Gibraltar» do seu libro «La naranja», traducido ó inglés, publicouse nunha antoloxía de narracións a carón doutros grandes mestres como Pemán, Lill, Palma, Quiroga, etc. «La Ciudad Desierta», novela finalista do «Premio Planeta 1957», publicada en Puerto Rico e Barcelona, deulle sona como escritor xa consagrado. «El insaciable Eros» (1971), ensaio sobre erotismo, reimpresso seis veces, tivo un éxito resoante superado por «Eros blanco», libro de fácil venta e rentable economicamente e por «Donde el amor cambia de nombre». Outro dos grandes logros de Carlos de Arce como escritor de temas eróticos —non pornográficos— foi «La sexualidad en el amor», que escribiu baixo o pseudónimo de Dr. Firkel Häring.

«Para poder escribir encol destes temas —maniféstanos— tiven que consultar moitos libros de medicina e xurisprudencia. Os autores que máis me serviron no meu labor de sintetizar e clarificar certos temas, foron o italiano Dr. Rinaldo Pellegrini e o xurista Jiménez de Asúa.»

Outras novelas —«La meta del Duque», escrita ós 20 anos, e «Concierto para un silencio»— os libros de contos longos —«Una paloma en la tormenta» e «Los desgajados»— e ensaios como «Escritores Españoles», no que fai axeitados estudos sobre A. Buero Vallejo, Elena Quiroga, T. Salvador, Ignacio Aldecoa, C. Laforet, etc. e «Cuentistas contemporáneos» forman parte da abondosa produción de Carlos de Arce. Pero a súa creación mellor sigue sendo «Ramassage» (1961) que viu a luz por primeira vez baixo o pseudónimo de «Paul Reader» que se fixo popular. Escoitemos a opinión do autor:

«"Ramassage", que firmei en 1971 co meu verdadeiro nome en Ediciones Picazo, foi finalista no premio Elisenda de Moneada baixo o título "La borrachera de los olvidados" e acadou gran éxito de crítica e moita difusión. Nela refrexo a sicoloxía dun grupo de estudantes que coñecín durante unha estancia de quince días en París. Os persoeiros da novela semellan tolos pero, en realidade, rebordan fe e humanidade.»

Como traductor, Carlos de Arce traballou para Editorial Ferma e Editorial Bruguera nas que publicou perto de corenta títulos verquidos directamente do inglés, do francés e do italiano ou de edicións críticas: Dostoyevski, Maupassant, Dumas, Eugenio Sue, Julio Verne, Jorge Sand e Diderot son algúns dos grandes escritores traducidos por el que, sen dúbida, enriqueceron a súa formación técnica na arte de relatar.

O «alter ego» de Carlos de Arce, Paul Reader, durante anos, foi considerado como un famoso escritor inglés verquido ó castelán. Houbo críticos que eloxiaron ás empresas editoras pola perfección do que coidaban tradución. Incluso nos catálogos da UNESCO aparece Paul Reader como un escritor inglés traducido por C. de Arce. «Paul Reader», pseudónimo escollido para burlar a censura, en determinadas ocasións, e, noutras, como recurso editorial para satisfacer modas extranxeirizantes, fíxose famoso en España e América pero o «alter ego» de Carlos de Arce non desprazou a verdadeira personalidade do autor que sigue a traballar afervoadamente noutras novelas.

«Cando me sinto máis agusto —confesa— é cando me retiro ó meu chalet e escribo horas enteiras compenetrado cos persoeiros que eu creo e que me son entrañables. Teño varias novelas inéditas: "El carrusel de las ilusiones", primeira parte dunha triloxía, e, a preferida, "Procesión de fieras", que considero a máis lograda. Pero o meu soño —engade— o meu proxecto máis ilusionado é facer a historia da casa dos Arce de Piñeiro. Será unha novela histórica das catro xeneracións que me precederon e que se encetaría cos ancestros carlistas, pasando por uns devanceiros que foron, ela, camareira da raíña, e, o seu marido, camareiro cuberto diante do rei, ata chegar ós tempos recentes de familiares nosos, uns, que fixeron fortuna na emigración, outros, que voltaron pobres. Xa teño moita documentación e coido que algún día verei convertido en realidade o meu anxeio. A "Historia dos Arce de Piñeiro" — remarca con decisión o amigo Carlos— será a miña filial homenaxe a Galicia ollada a través duns feitos históricos desenvolvidos en Chantada.»

El Ideal Gallego, 10-II-1982

ALBERTO XOSÉ CARRO IGELMO

O doutor Alberto Xosé Carro Igelmo reside na Cidade Condal dende 1955, ano que ingresou, por oposición, no Corpo de Secretarios Técnicos Sindicais. Arestora é Xefe Provincial do Fondo Nacional de Protección ó Traballo, dende a creación en 1978, e profesor decano da Escola Social de Graduados Sociais, onde explica Historia Social do Traballo procurando «sacar ensinanzas da historia social, sobre todo contemporánea, para non bater cos mesmos erros do pasado».

Carro Igelmo, cando chegou a Catalunya coidaba que retornar á Terra non se faría demorar; pero «a boa acollida que atopei na capital do Principado e as posibilidades de desenvolver os meus coñecementos son causantes de que fora quedando ano tras ano, aínda que sigo coa ilusión de voltar definitivamente á Coruña cando me retire».

Don Alberto Xosé —puiden comprobalo— é un afervoador de Galicia. Con orgullo, remarca que ningún ano deixou de acudir, unha vez como mínimo, á Cidade Herculina onde naceu o dezanove de setembro de 1928. Fillo único dun fogar humilde, medrou sempre a carón da nai que endexamais aforrou sacrificios para a súa formación. E non se sentiu defraudada porque o Alberto Xosé cursou bacharelato no colexio Dequidt e Dereito e Graduado Social na Universidade compostelana sempre con becas e matrículas de honor en tódalas asignaturas, sendo premio extraordinario de Licenciatura. Ós 22 anos doutorouse pola Universidade de Madrid e, de volta a Galicia o ano 1952, por concurso, foi profesor encargado de cátedra de Dereito do Traballo en Santiago ata que, como dixeran, ocupou o seu destino en Barcelona, desempeñando diversos cargos na Organización Sindical, o derradeiro —denantes de ser transferido ó Ministerio de Traballo— como Director Provincial de Convenios Colectivos.

Na actualidade aínda companga o cargo de funcionario público coa actuación de presidente, por elección das partes —empresas, traballadores e Centrais Sindicais— en numerosos Convenios,

debido ó seu prestixio e imparcialidade e por ser persoa moi coñecida nos medios económico-laborais de Barcelona.

Hoxe en día o Paro Laboral xa semella un tópico; pero o real, o tristeiramente magoante é que a falla de postos de traballo é un cancro na sociedade actual. Don Alberto Xosé Carro Igelmo, como Xefe do Fondo, vive a cotío os acedumes do abafante problema de milleiros de persoas que dependen da protección oficial para poder subsistir. Non refuga dar datos — verdadeiramente esmagadores— da malfadada situación que segue a agravarse.

«O Fondo de Protección —afirma o señor Carro Igelmo— axuda con prestacións para xubilacións anticipadas; concede préstamos a longo prazo e baixo interés a empresas en crise que se convirten en cooperativas ou sociedades anónimas laborais; coopera na integración laboral dos minusválidos; facilita o retorno dos emigrantes ós seus pobos de orixe; financia costes de guarderías laborais e participa en moitos outros programas económicos. O ano 1981, na provincia de Barcelona, as axudas a través do Fondo, supuxeron un doce por cento do Plan de Inversión Nacional deste organismo, con cerca de dous mil douscentos millóns de pesetas.»

Moreas de expedientes, dictámenes e resolucións pasan cada día polas súas mans. É un milagre que aínda poida adicarse ó ensino, a escribir e dar conferencias por toda España. Don Alberto Xosé sigue solteiro —coido que por pouco tempo— o que lle permitiu entregarse por enteiro a tantas actividades. «Agora —láíase— é tal o volume de traballo que temos no Fondo que, cada vez máis, véxome privado dos meus "hobbys": viaxar, o deporte náutico, a música, o diálogo cos amigos. Do que non me privei aínda é de acudir a cantas óperas se representan no Liceo e ós concertos do Palau de la Música.»

Don Alberto Xosé, de sempre, foi un gran viaxeiro «gustante de sacar ensinanzas importantes para a profesión». Ademais dos seus desprazamentos a París, Bruselas, Viena, Roma, etc. para asistir a Congresos —el é secretario de L'Unión Internationale des Miroitiers-Vitriers— ten realizado moitas viaxes turísticas. No seu piso, nunha zona residencial barcelonesa, puidemos admirar iconos, pezas de marfil, obras de arte, estatuillas exipcias —recordos das viaxes por Rusia, India, Tailandia, Grecia e países de América e África a carón de porcelanas de Sargadelos, de lenzos de famosos pintores galegos e de trofeos náuticos, como o IV Gran Premio Ciudad de la Coruña, de motonáutica, que conquistou en 1973. O piano, que el toca por afición musical, preside a acolledora estancia.

Outra das facetas do doutor Alberto Xosé Carro Igelmo é a de escritos de tratados encol do Dereito do Traballo e de Sindicalismo. «El despido justo», por exemplo, é un libro de consulta, citado en numerosas sentencias dos Tribunais Laborais, en cuxa actualización está a traballar para unha nova edición. «Historia social del trabajo» —de texto en moitos centros docentes—; «Introducción al Sindicalismo» que, segundo di o Licenciado mexicano Antonio Gómez Pelegrín, é unha obra considerada indispensable na División de Estudios Superiores da Universidade Social de México; «El Concepto de Accidentes de Trabajo en el Derecho Español», tese doutoral de don Alberto Xosé, que, ampliada, foi publicada en Santiago cando era profesor de Dereito do Traballo; «El Congreso de Sants», onde estudia as orixes do anarcosindicalismo; «Convenios Colectivos de Trabajo», que viu a luz ás poucas semanas de terse promulgado a primeira Lei de Convenios Colectivos en España, e «La Suspensión de Contrato de Trabajo» son mostras da súa tarefa como escritor, xeira á que debemos

engadir unha chea de colaboracións en revistas españolas e extranxeiras de gran releve xurídico como «Revista de Derecho de Trabajo», «Boletín de Divulgación Social», «Bolletino Informativo», de Roma, «Revista del Consejo General de Colegios Oficiales de Graduados Sociales», etc. Na actualidade, o profesor Carro Igelmo está a preparar «Curso de Derecho del Trabajo», libro no que expon a teoría do traballo en xeral e a lexislación española das relacións laborais individuais e colectivas.

«Nos meus libros —afirma o profesor Carro Igelmo— sempre intentei ser obxectivo e manterme á marxe das fluctuacións políticas, movéndome nas miñas argumentacións e na miña crítica, por argumentos técnico-xurídicos. Está claro que o mundo das relacións laborais é moi complexo e está en íntima relación coa política; nembargantes eu, incluso en épocas recuadas, nos meus escritos sempre critiquei aquilo que considerei atentatorio á Xusticia Social. Na actualidade española sobra política e cecais non se soubo situar ós sindicatos no seu "rol" exacto. Os sindicatos rebordaron en moitos intres o bo xeito que debería presidir a política laboral aínda que, derradeiramente, superada a arroiada destes anos de transición, semella que as augas tornan á súa canle. Conven clarificar as cousas e iso é o que pretendo coa monografía "Derechos Sociales en el Orden Constitucional Español", que estes días sairá á rúa.»

Carro Igelmo é Diplomado de Estudios Contemporáneos pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo, de Santander; de Estudios Iberoamericanos, pola Hispano-Americana de Santa María de la Rábida; de Cultura Portuguesa para Extranjeros, por Coímbra e, debido ás súas publicacións e ó seu labor científico e docente, foi condecorado coa «Cruz de Caballero de la Orden de Cisneros» e coa «Encomienda de la Orden Civil de Alfonso X el Sabio». O ano 1971, o Axuntamento de Barcelona, a petición dos alumnos, concedeulle unha artística placa ó mérito docente.

Ademais de ser un persoeiro polifacético —non hai que esquecer as súas actividades como crítico en Radio Galicia e a súa participación en cine amateur— don Alberto Xosé é un cultivador da amizade. A súa mansión de verán, na vila de Masnou, cunha piscina suntuosa e unha abastada bodega é lugar de xuntanza cos amigos e de recreo para practicar o seu deporte favorito, a natación. Podíamos contar fermosas anécdotas de don Alberto Xosé, sobre todo de épocas pasadas cando non estaba tan oufegado polo traballo. Moitos recordamos con garimo cando era secretario xeral do Centro Galego —daquela o señor Carro Igelmo xa soaba como ministrable— e aínda hoxe se fala das súas actividades artísticas no Coro e do seu carácter sempre ledado que era a regalía dos coristas da colectividade galega.

El Ideal Gallego, 14-III-1982

DEMETRIO PITA SALORIO

O profesor doutor Demetrio Pita Salorio, casado coa luguesa dona Alicia Varela e pai dunha meniña de tres anos, reside na Cidade Condal dende 1976, ano, que por unanimidade do Tribunal, ganou as oposicións á Cátedra de Oftalmoloxía da Universidade de Barcelona. Ademais de catedrático, é director do Departamento de Oftalmoloxía da mesma Universidade, director da Escola Profesional de Especialidade Oftalmolóxica para postgraduados, xefe do Departamento de Oftalmoloxía do Hospital Clínico e vicedecano da Facultade de Medicina. O doutor Pita Salorio tamén dirixe a sección de Oftalmoloxía da Clínica Platón, dotada de importantes adiantos modernos tales como un equipo de Neurofisioloxía Clínica aplicada á Oftalmoloxía e unha unidade de ciruxía especial. Cando o doutor Demetrio Pita —sempre co número un en tódalas oposicións— chegou a Barcelona ós 31 anos para desempeñar a súa brillante carreira, era o catedrático máis novo de España. Hoxe, tras seis anos de exercer na capital do Principado, como investigador e como docente, ten conquistado sona internacional, do que nos gabamos os seus numerosos admiradores e amigos da colectividade galega.

Demetrio Pita Salorio, fillo do renomeado odontólogo lucense, Agustín Pita, e da coruñesa, dona Felisa Salorio, naceu na Coruña o día catro de marzo de 1944. Na Cidade do Sacramento fixo os primeiros estudos e corsou bacharelato no Colexio dos Maristas. En Valencia, a carón do seu tío, o catedrático de Anatomía, doutor Barcia Goyanes, estudou Medicina.

Rematada a carreira, en 1967 especializouse en Oftalmoloxía en Santiago onde encetou o labor docente como axudante, adxunto e agregado nas primeiras oposicións que houbo a nivel nacional. Doutor con «Sobresaliente cum Laude» pola Universidade compostelana (1971), foi galardonado pola Sociedade Española de Oftalmoloxía co premio á mellor tese doutoral polo traballo «Las alteraciones retinarias en la hipertensión arterial» e a Real Academia de Medicina de Galicia concedeulle o Premio Extraordinario «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa» polo estudio «Manifestaciones Oculares de las Hemopatías». O pasado ano, a Sociedade Española de Oftalmología otorgoulle outro importante galardón: o «Premio ó mellor labor científico do ano 1981».

O doutor Pita Salorio é membro da Real Academia de Medicina de Galicia, académico de Doutores de Catalunya e, por concurso entre tódolos ciruxáns españois, pertence á Real Academia Nacional de Medicina. Dirixiu sete teses de doutorado, leva pronunciado duascenas trinta conferencias e ten participado en oitenta congresos, coloquios e symposiums por toda España e numerosas cidades de Europa e América —Florenza, Roma, París, Lisboa, Praga, Budapest, Dallas, Chicago, Bogotá, Caracas...— presidindo xuntanzas ou presentando ponencias encol da problemática oftalmolóxica, na súa vertente quirúrxica ocular, fundamentalmente traballos sobre ciruxía do Glaucoma e Catarata, con técnicas operatorias ideadas por el con destacados éxitos.

Ós numerosos artigos publicados en revistas especializadas españolas e extranxeiras, hai que engadir «Retinopatías Vasculares», libro que trata das manifestacións que producen na retina a diabeite, a hipertensión, a arteriosclerose, etc. e o interesantísimo «Atlas sobre retinopatías vasculares», con fotografías en color, agotado en castelán e que se está a editar en portugués para o Brasil. Os dous tratados escribiunos en colaboración co catedrático de Oftalmoloxía de Santiago, o seu curmán Sánchez Salorio, para quen o doutor Demetrio Pita ten verbas de fondo garimo:

«En Santiago, "fonte limpa de medicina", a carón do meu primo e mestre, formámonos moitos oftalmólogos. A Sánchez Salorio —suliña o doutor coruñés— débolle canto son.»

Na Cátedra explícanos os traballos que está a realizar e móstranos as aulas onde, coa axuda de cinco profesores, imparte clases a novecentos alumnos.

«O máis importante para min, e por riba da vida profesional —afirma— está a carreira universitaria. A miña vocación é o ensino e o meu anxeio, estar sempre ó día para mellor responder ás necesidades dos meus alumnos de licenciatura, de doutorado e especialización. O gran problema —engade— é a masificación do alumnado. Tanta concurrencia desaforada de estudantes de Medicina soamente pode correxirse cunha selectividade axeitada.»

A Facultade de Oftalmoloxía de Barcelona conta cun laboratorio de investigación básica e fundamental para o desenvolvemento científico e cun moderno equipo adquirido nos EE.UU.

«Agora estamos a traballar —di o doutor Pita Salorio— encol de problemas de secreción lagrimal con animais de experimentación mediante isótopos radioactivos. Estudiamos a localización dos receptores que existen nas células da glándula lagrimal, que supoñemos serán os autorreguladores da produción da bágoa. Relacionado con isto, estamos a facer un estudo experimental mediante análise histopatolóxica de ollos privados de secreción lagrimal. Todo isto con anxeio de atopar un medio terapéutico que sane aquelas doenzas oculares derivadas de existencia de lesión na glándula lagrimal. A nivel de cirurxía do Polo Anterior do ollo, concretamente de trasplantes de córnea e cirurxía de Catarata e Glaucoma — afirma o ilustre oftalmólogo galego— estamos investigando os mecanismos inmunolóxicos nos trasplantes de córnea que, certamente, teñen menos problemas de rechazo por mor da falla de vasos sanguíneos.»

Querido e respetado polos seus colaboradores, Pita Salorio rodeouse dun xoven equipo de profesionais formados por el e xa está a recoller o froito de varios anos de entrega á dura tarefa. Xoven, forte, rebordante de saúde e afanoso de saber, non lle fallan recursos técnicos e humanos para seguir profundando nas investigacións científicas que escasamente lle deixan vagar para os seus «hobbys» pois o ilustre catedrático é tamén un afervorado da ópera e dos deportes náuticos que practica, durante as vacacións, na acollidora vila de Pontedeume.

El Ideal Gallego, 2-IV-1982

ANTONIO PASTOR FERNÁNDEZ

Pode semellar un tópico falar unha e outra vez da saudade, do misterioso sentimento da Raza e dos feitos diferenciais da nosa etnia, temas nos que profundaron filósofos, como Ramón Piñeiro, e médicos, como García-Sabell, en «A Saudade» e «Ensaños», obras non superadas aínda, que estudian a alma e o comportamento antropolóxico do noso pobo. Non é farfullar nin crear fermosas metáforas literarias afirmar que o galego está condicionado por un sentimento ancestral que o xunxe á Terra. É unha realidade que palparamos cantos residimos noutros países, constatando

a cotío como o paso do tempo, en troques de minguar os nosos vencellos con Galicia, agrándaos facendo máis desacougante a nosa existencia en terras alleas a medida que transcurren os anos. O Teniente Coronel don Antonio Pastor Fernández, a pesar de ter vivido case sempre fóra de Galicia, non é unha excepción. A emoción embárgao cando lembra as viaxes á Terra, a describe con fervor panteísta a paisaxe galega, as vizosas veigas do Sil, a maxestuosidade arcaica do Cebreiro, a terra Cha luguesa, a fermosura da ría de Ares, e Seselle, na parroquia de Caamouco, onde hai varios anos mercou unha casa «para ter unha raíz alí e seguir anclado en Galicia». «Non sabería explicar — engade— o sentimento que levo dentro, pero o que sí podo dicir é que cando vou alá incluso os nomes dos pobos galegos danme a sensación de teren unha maior expresividade.»

Neto de don Abelardo Fernández, deputado provincial e propietario do comercio e do diario «Correo Gallego», de gran incidencia nos medios ferroláns daquela época, e fillo do capitán de navío da Marina de Guerra, don Manuel Pastor, e de dona Xosefa Fernández, Antonio Pastor Fernández naceu no Ferrol o 12-5-30. Fixo estudos primarios no colexio dos Mercedarios da Cidade Departamental e cursou bacharelato no Colexio Maravillas de Madrid.

Sendo estudante de Obras Públicas, decidiu ingresar no Corpo da Guardia Civil, na Academia General Militar de Zaragoza e, ós 25 anos, conseguiu o grado de Teniente con destino en Malgrat (Barcelona). En 1957 serviu no Grupo Expedicionario da Veguería Episcopal de Andorra e, dous anos máis tarde, ascendeu a capitán sendo destinado á Compañía de Sitges onde permaneceu un ano. De 1960 a 1963, data do seu ascenso a Comandante con destino na Comandancia de San Pablo, prestou servicios no porto e na Comandancia Móvil de Barcelona. En 1975 foi promovido a Teniente Coronel, ocupando o cargo de Teniente Coronel Maior e, ó ano seguinte, nomeárono Xefe da Comandancia, mando que desempeña na actualidade.

Don Antonio Pastor Fernández, ademais da brillante carreira militar, fixo cursos de especialización en Antiterrorismo, Criptografía e Drogas. Polas súas actividades profesionais está en posesión da Cruz de San Hermenegildo e, polos méritos conquistados en feitos significados, fóronlle concedidas as cruces do Mérito Civil, Militar e Policial.

O ilustre militar galego recíbenos na Comandancia e, namentres gorentamos uns cafés, falamos dos seus recordos de infancia, da súa carreira, da familia que creou en Catalunya —a súa dona é catalana e teñen dous fillos nados na Cidade Condal— da súa profesión, das relacións que mantén con amigos galegos e da súa vinculación —como socio— ó Centro Galego de Tarragona. O despacho, amplo e cun mobiliario sinxelo, está presidido polo retrato do Rei e, das paredes, penduran deseños relacionados coa Benemérita Institución e un foto firmado por Franco. Enriba da mesa, a Bandeira nacional e, á dereita, un busto do anterior Xefe de Estado.

«Sempre sentín gran admiración —afirma— polo meu paisano. Nacemos na mesma rúa María e tamén eu fun bautizado na Capela Castrense de San Francisco, que conserva unha placa alusiva ó bautizo do Caudillo. Coma outro home calquera, puido ter erros pero a Historia recoñecerá os seus enormes méritos.»

De vez en cando entra un guardia para darlle a novidade. O teléfono tamén soa a miúdo, o Teniente Coronel Pastor dá as ordes que coida oportunas e seguimos a amistosa conversa.

«Temos que resolver moitos problemas —explica adiantándose á miña pregunta— porque abrangamos moitos servizos. Esta Comandancia é responsable do orden público, sobre todo nos medios rurais, e ten como función propia a vixilancia no porto, no aeroporto e na costa. Levamos o control dos avións, do campo de tiro, dos explosivos, do tiro olímpico, do tráfico, etc. Créame que non fallan atrancos porque Barcelona e a súa área metropolitana, cunha poboación de catro millóns de habitantes cun alto nivel de vida, ten unha gran rede de carreteras e ferrocarriles e, ademais, é unha zona conflictiva con problemas de tráfico de drogas, delincuencia e sociais.»

Preguntámoslle a don Antonio en qué se diferencian as responsabilidades da policía e da Benemérita e contesta:

«Nós somos os responsables de manter o orden público no ámbito rural, pero nas cidades tamén temos as mesmas funcións por sermos axentes da policía xudicial. Os servizos da Policía e da Guardia Civil non se interfíren porque estamos en contacto permanente e con actuacións coordinadas. O que realmente nos diferencia é que a nosa Institución, creada polo Duque de la Ahumada en 1844, sempre foi netamente militar e a Policía Nacional non.»

O Teniente Coronel Pastor Fernández está identificado plenamente coa profesión pero, como bo ferrolán, sente nostalxia polo ambiente mariñeiro da súa cidade natal e, con fino humor galego, dinos que síntese frustrado por non ter sido mariñeiro. Nos sabemos que, en certa maneira, éo pois ten participado en regatas internacionais a vela no Ferrol, na Coruña e Lisboa e, durante o verán, practica o deporte de pesca submarina na fermosa ría de Ares.

El Ideal Gallego, 6-V-1982

JEI NOGUEROL

Xosé Antonio González Noguero —Jei Noguero na carreira artística— naceu en Covas-Viveiro o día primeiro do mes de San Xoán de 1950. De neno e na mocidade, por mor dos continuados traslados do seu pai, que era guardia civil, viviu en diferentes pobos de Galicia: Ferreira de Valadouro, San Cosme de Barreiros, Padrón, A Ponte do Porto, Fonsagrada e Lugo, onde rematou o bacharelato e encetou a carreira artística.

«Do Instituto de Lugo —recorda con emoción— gardo as mellores lembranzas, sobre todo do profesor Xesús Alonso Montero. A el débelle, igual ca moitos outros alumnos seus, a miña concienciación de home galego.»

Segundo de catro irmáns, o xoven estudante a quen os pais, de escasas posibilidades económicas, lle pagaban unha pensión na Cidade do Sacramento, sentiu a chamada da canción e, sen esquecer os estudos, formou o conxunto EVASIÓN actuando en numerosos festivais e en programas de Radio Popular organizados polo gran profesional da radio, Manuel Lombao. Pero o Jei decatouse axiña de que tamén el podía facer un labor positivo na cultura do seu país —acababa de

nacer en Santiago «Voces Ceibes» con Benedicto, Xavier, Xerardo Moscoso, etc. pioneiros da Nova Canción Galega— e decidiu compoñer cancións galegas, conscente da necesidade de «apalear as musas da sátira e da protesta», como dixo en certa ocasión o seu profesor e amigo don Xesús.

«Ó principio —confesa o cantautor— compoñía por afición, sen pretender adicarme de cheo á música; pero deime en interesarme pola problemática da nosa Terra e, ó ver que as miñas creacións agradaban, sentínme na obriga de me prantexar en serio a canción de compromiso como medio de expresión e de comunicación co pobo, sen renunciar á canción de amor e á de tema popular.»

Ó rematar o preuniversitario, ó Jei Noguerol ocurriúselle trasladarse a Barcelona para mostrar as súas primeiras cancións —sinxelas pero ilusionadas— a Claudi Martí, director de Edigsa. Notificoulle o seu anxeio a Alonso Montero e o profesor deulle o enderezo do poeta Xavier Costa Clavell, residente na Cidade Condal.

«Foi unha tolada dun rapaz de dezanove anos —dínos o artista— porque, sen máis, saín de Lugo facendo autostop, co posto e coas "letras". En Barcelona soamente coñecía dous rapaces galegos, cantantes tamén e, o mesmo día da miña chegada, fun con eles a Sitges. Alí, no paseo marítimo, gañamos algúns pesos cantando para os turistas; pero cando maior era o corro dos oíntes, os municipais remataron o noso folklóre "por escándalo na vía pública" e a primeira noite en Catalunya paseina no calabozo do Axuntamento.»

Na Cidade Condal, o Jei, tivo mellor sorte. «Edigsa» interesouse polo cantante galego e Costa Clavell acolleuno no seu fogar coma un irmán. Firmou contrato coa empresa discográfica e voltou a Galicia para regresar novamente a comezos de outono e grabar o primeiro disco «Denantes dos 20 anos».

«A raíz da grabación do disco —di o noso biografiado— decidín residir en Barcelona mantendo sempre, iso sí, relacións coa Terra, acudindo ás chamadas de asociacións culturais, calquera que fora a súa ideoloxía, pois endexamais me vencellei a ningún partido e sempre traballei por libre. O meu primeiro éxito conseguino en Betanzos-Infesta nun concurso celebrado o ano 1970. Naqueles anos a xente respondía moi ben porque o só feito de cantar en galego xa conlevaba unha postura definida fronte á situación política.»

«NUNHA TARDE... UN PENSAMENTO» foi o segundo disco de Jei Noguerol, recibido pola crítica con certo desinterés xa que os temas eran de amor e, daquela, estaba de moda interpretar cancións de compromiso. Seguiulle «SEÑOR MINISTRO, POR FAVOR» (EdigsaXistral 1974), auténtica sorpresa, pola súa retransa e fina ironía, que acadou un éxito resoante, chegando a todo o pobo galego.

En 1976 publicou o primeiro L.P., co título do primeiro disco e con varias cancións novas e os maiores éxitos dos «singles» anteriores. Dous anos máis tarde, esta verco selo Movieplay, grabou o L.P. «CANTIGAS DA FRADERIA», fermoso álbum de temas todos eles inspirados no acontecer diario na casa da aboa materna, en San Román do Val, hoxe abandonada e coas terras a monte por mor da emigración.

Na década dos 70, Jei Noguerol participou en numerosos recitais con M.^a del Mar Bonet, Pi de la Serra, Ovidi Montllor e outros moitos cantantes da «Cançó Catalana». En 1977 puxo música e

«letras» a dúas obras de Valle Inclán emitidas por RTVE. En colaboración con Manolo Galcerán, musicou e fixo as cancións da banda sonora do primeiro largometraje en galego MALAPATA (1980). En decembro do mesmo ano, no XIV Festival de Villancicos Nuevos, celebrado en Pamplona, a súa canción «Belén, anoitece» conquistou o primeiro premio e o ano pasado, con «Unha pomba xunto ó mar», quedou segundo no concurso «Música para Rosalía» organizado na Coruña co gallo do centenario de «Follas Novas». Derradeiramente o troveiro viveirense fixo xiras por Francia e Italia e, neste mes adicado ás Letras Galegas, actuará no teatro Luis Seoane, da Cidade Herculina, en Madrid e en varias localidades de Pontevedra.

O cantautor galego residente en Barcelona vive moi perto da Universidade Central onde cursa a carreira de Filoloxía. Os irmáns, os amigos, os músicos Pi da Bahía, Santi Mouriño, Pedro González e Kiko de Cariño son os seus compañeiros que o visitan a cotío e dan calor familiar e artístico ó seu fogar. O Jei anxeia aumentar coñecementos, aprender idiomas, viaxar e, como proxectos inmediatos, pretende publicar un libro das súas «Letras», entre as que hai poemas de calidade. En relación co novo L.P., que ten en preparación, sulina: «Aledaríame moito que fora publicado por algunha casa discográfica galega. Consideraríao como un recoñecemento de Galicia ó meu labor profesional e á miña total entrega á nosa cultura».

Jeí Noguerol, a pesar de terse integrado en Catalunya, bota de falla «os paraísos perdidos da infancia, o contacto coa natureza e co mar —en Fonsagrada tamén añoraba a costa— as falcatruadas da nenez, a paisaxe...» e, á hora de compoñer cancións, inspírase en recordos de feitos reais, con nomes auténticos. Deste xeito conseguiu os mellores logros. Pero, dende hai anos, cada vez é máis difícil vivir da música. O intérprete sulina a necesidade de potenciar a canción galega nos medios de comunicación porque «a música popular —engade— é unha leira moi importante da cultura de Galicia e cantar en galego sigue sendo unha postura social que eu asumo plenamente».

El Ideal Gallego, 16-V-1982

XOAN XOSÉ DEIROS GARCÍA

Xoan Xosé Deiros, nado en Becerreá o día de San Xoan do ano vinteseis, dende ben novo —era o máis vello de cinco irmáns— traballou rozando toxos; facendo de camareiro os días de feira que na súa casa servían xantares; arrexuntando feixes de leña que logo vendíallos á señora Zoila, pulpeira moi coñecida por aquelas comarcas; ofrecendo ás feireantes xabón elaborado pola súa nai e que el despachaba de mañá cedo berrando «xabón da veta, a pesetiña o vendo»... Pero, como tantos outros, o xoven Xoan Xosé decatouse de que as posibilidades de progreso no seu pobo eran cativas e, dado o seu espírito emprendedor e comercial, decidiu emigrar. Por aquelas datas a sangría emigratoria collía os roteiros de Bos Aires, Caracas, Brasil e das grandes cidades españolas. El decidíuse por Barcelona, onde parou unha tempada cuns tíos. Era nos anos da posguerra, do estraperlo, de moitas privacións.

«Cando cheguei á Cidade Condal —dínos Xoan Xosé Deiros— tiña dezaseis anos. Case non sabía falar castelán e encontreime con grandes atrancos para estudar e con complexos de inferioridade entre as xentes do novo país de residencia obrigada; pero, gracias a uns familiares, conseguín traballo nunha empresa textil e, simultaneando traballo e estudos, pouco a pouco, funme situando ata ocupar o cargo de contable.»

O Xoan Xosé, na pensión onde residía, perto da estación de Francia, el mesmo se preparaba o xantar —¡con que ilusión recibía os chourizos e botelos que lle mandaban os seus pais dende Becerreá!— e adicábase de cheo ós libros. Na Escola de Altos Estudos Mercantiles fixo, por libre, Peritaxe e Profesorado Mercantil e rematou a carreira de Intendente Mercantil. Os seus irmáns Gloria —na actualidade, directora dun colexio estatal—, Araceli — profesora de E.X.B.— e Fernando (Leticia emigrara á Arxentina) seguiron as pegadas do irmán maior que, coa súa compañía, sentiu de novo o garimo familiar.

«Na miña soedade na gran urbe —confesa o señor Deiros— os meus pensamentos vagaban pensando nas causas que me motivaron para ter que emigrar. Dende o nivel natural da miña curta idade, matínaba nas condicións socioeconómicas, orixe de tanto dramatismo na nosa xente, feito que puiden constatar con maior realismo cando estaba a facer prácticas de milicias universitarias no porto de Vigo, en vendo pais sexaxenarios chorando desconsoladamente na despedida dos fillos, que embarcaban e que, quizabes, non voltarían a ver. Daquela, eu dicíame: ¿Como é posible que tantos galegos influíntes no Goberno da Nación non eviten o desmembramento da sociedade galega? Galicia —asegura o economista e editor fillo de Becerreá— non pode prosperar porque está rota pola base, que é a familia. Calquera fogar está a chorar a ausencia dos fillos que tiveron que marchar e que, cando retornan xa non son os mesmos. Son, como se dixeramos, un pouco extranxeiros na propia Terra porque xa ven as raíces da súa familia dun xeito moi diferente a cómo eran, e os amigos e achegados tampouco se decaían da problemática do emigrante, que volve sedento de beber nas súas orixes, e nótase alleo pola súa maneira de ser, polos seus costumes, polo seu acento...»

Falar da emigración con don Xoan Xosé Deiros García, é desacougante. Manifesta o seu sentir con tal sinceridade e cun realismo tan cru, que fainos decatar do idealismo en que estamos mergullados e que, nalgunha ocasión, xa temos comprobado con dor nas viaxes á Galicia.

«En realidade —remarca— o emigrante, por veces, síntese apátrida. Cando volve ó seu lugar de nacemento en procura de calor, en troques de agarimo, o que atopa é certa incompreensión. Dende o punto de vista social e psicolóxico —aínda os que triunfaron economicamente— son merecentes de comprensión.»

O señor Deiros, o ano 1952 ingresou nunha importante editorial, empresa na que desempeñou cargos de gran responsabilidade. Durante cinco anos de residencia na América Latina, organizou a rede comercial e, posteriormente, colaborou na creación de sucursais en Francia e Portugal. Na actualidade, é director de varias empresas do Grupo multinacional e alto executivo da macra sociedade domiciliada na capital do Principado. Home de moita experiencia nos eidos da economía, a súa teima é o estudo da política fiscal que está provocando o empobrecemento do país.

«O problema —afirma— está nas Administracións, que non canalizan axeitadamente os recursos que reciben. Nos EE.UU. xa se están arrombando teorías económicas, case dogmáticas, como as de Keines, e xa se alvisca unha clara tendencia á recuar a procedementos clásicos. Arthur Laffer, asesor de Reagan e autor da "Curva Laffer", ten demostrado que os impostos, cando superan determinados límites, como sucede en realidade na CEE, tenden a rebaixar a actividade económica nos sistemas de libre mercado. Está claro —engade o señor Deiros— que o abuso impositivo afoga a economía de mercado, xenerador de emprego e riqueza.»

Volvendo á temática galega, preguntámoslle cal sería, segundo el, o camiño a seguir polo Goberno Autónomo.

«A política fiscal da Xunta de Galicia —dinos— na dobre vertente de captación e de inversión, tería que basarse en solucións acordadas coas necesidades do noso país en troques de incorporar modas empregadas noutras nacións para xustificar políticas seudoeconómicas que, na realidade, serían o fracaso do sistema autonómico. Resulta evidente —repito— que o intervencionismo absurdo e radical das Administracións dos chamados Estados Democráticos tenden a afogar calquera manifestación do sistema de libre mercado, contradicándose e, polo mesmo, favorecen a estatificación das actividades económicas. Galicia, en primeiro lugar, debe formar empresarios galegos que, coa axuda da Administración, poidan crear empresas e postos de traballo. O galego é moi imaxinativo e, nun ambiente apropiado dentro da rexión, podería desenvolver grandes proxectos. Hai que dotalo —puntualiza o noso biografiado— de elementos culturais e materiais e darlle acceso a créditos de interés privilexiado porque é evidente que non pode haber empresas sen capital.»

Tódolos galegos sentimos anxeios de facer algo positivo e real por Galicia, cada quen baixo o seu punto de vista humano e profesional. O señor Deiros, home de abondosas experiencias nos eidos editoriais non refugaría colaborar en proxectos para promocionar o nivel cultural, científico e tecnolóxico de Galicia.

«Non se concibe un país como Galicia —afirma— sen unha ferramenta de traballo tan importante, social e culturalmente, como é a lingua. Os galegos temos que organizar o propio sector editorial e non pretender que o fagan outros. É unha tarefa demasiado importante para deixala en mans alleas, aínda que teñan dereito a participar. Sería fermoso que esta empresa apaixonante do espallamento da cultura fora asumida pola nosa xente. Pero o primeiro esforzo que debemos facer é crear unha normativa para darlle unidade e coherencia ó idioma escrito e ensinar o seu emprego correcto. Convén —suliña don Xoan Xosé Deiros— chegar, de algún xeito, a un estilo gramatical enxebre voltando, quizais, no noso caso, ás orixens clásicas para evolucionar como idioma moderno.»

Como director dunha importante editorial de Lisboa, coñece as teorías lusistas e a problemática das linguas Galaico-portuguesas.

«Cando lin a posibilidade de que o galego adoptara a ortografía portuguesa —confesa— pensei que podía ser unha solución; pero decateime axiña que non é válida. O idioma galego, cun fillo que é o portugués, e cun neto, que é o brasileiro, ten a súa propia identidade e o seu propio estilo. Non sería unha solución popular acoller o portugués como patrón do futuro. Debemos convencernos de que seguirán subsistindo as tres linguas do toro galaicoportugués, hoxe tan

diferenciadas, que xa se están a facer edicións especiais de libros idénticos para o mercado portugués e o brasileiro.»

Fondamente concienciado dos problemas de Galicia, don Xoan Xosé, ten verdadeiros anxeos de colaborar no rexurdir da nosa Terra nestes intres históricos que estamos a vivir. O seu pensamento resúmeo deste xeito:

«Coido, con sinceridade, que Galicia atópase fronte ó gran desafío que representa ter logrado a Autonomía e que os galegos podemos contribuir en por nos á solución dos problemas culturais, económicos e sociais a través das institucións propias. A tarefa principal que nos agarda é a formación tecnolóxica e científica do individuo sobre todo nos sectores onde Galicia é potencialmente rica, como poden ser o agro, as industrias do mar, o turismo, etc. Neste sentido —matiza o editor galego residente en Barcelona— os que vivimos fora da nosa Terra, se a Xunta acerta a crear os estímulos e canles que son mester, coido que podemos axudar ó desenvolvemento e á prosperidade de Galicia. Hai que mobilizar recursos por medio dunha comunicación eficiente. ¿Por que —pregúntase o señor Deiros— non converter os Centros Galegos en verdadeiras embaixadas de Galicia, a través das cales poidamos os emigrantes, coa forza evidente que representamos, contribuir e participar no desenvolvemento galego e na consolidación da Autonomía?»

El Progreso, 12-VIII-1982

TOMÁS NÚÑEZ DE LA FUENTE

O doutor Tomás Núñez de la Fuente, xefe clínico, dende 1971, do Departamento de Medicina Interna, Servicio de Cardiología Hemodinámica da Residencia Sanatorial Francisco Franco, da Seguridade Social, a pesar de levar moitos anos de integración profesional e afectiva na Cidade Condal —está casado con dona Mercedes Mir e ten catro fillos nados en Barcelona— síntese fondamente vencellado á Terra. Socio do Centro Galego dende que chegou a Catalunya, endexamais perde ocasión de acudir ós actos culturais e xuntanzas de amigos da Colectividade galega, e a maior regalía, del e da súa familia, son os meses estivais de residencia en Corgo onde o renomeado cardiólogo reencontrase cada ano cos mellores amigos da infancia.

Tomás Núñez de la Fuente naceu en Lugo o 21/6/34. Fillo do médico dentista don Tomás Núñez Regüela e de dona Celestina de la Fuente, estudiou Bacharelato no Colexio dos Maristas e no Instituto da Cidade do Sacramento e licenciouse en Medicina en Compostela. O ano 1959 doutorouse pola Universidade de Madrid, merecendo a calificación de sobresaínte pola tese «Valoración cardiopulmonar en los pacientes de Cor Pulmonale crónico» e, durante unha tempada, no Hospital Clínico madrileño, compangou o labor profesional na cátedra do doutor Segovia de Arana coa asistencia ás clases do doutor Antonio Crespo Alvarez na Escola de Enfermedades do Tórax, ata que veu a Barcelona para facer a especialización en Cardiología na Escola Universitaria de

Cardioloxía, traballando, ademais, no Hospital do Tórax como médico residente (1959/62) e como xefe do Servicio de Cardioloxía (1962/1974).

Cubizoso de saber, na capital do Principado especializouse na Escola de Cardioloxía en Hemodinámica e, en 1963, a Universidade catalana seleccionouno para cursar Cardioloxía Clínica e de Enfermedades do Tórax no National Institute of Heart e no Brompton Hospital de Londres. O ano seguinte conquistou unha beca Alfred Richman Scollarchip, do Departamento de exploración cardiopulmonar do Hospital Cleveland de Ohio e, a carón do doutor Henry A. Zimmermann, estudou Hemodinámica aprendendo os métodos máis avanzados de Cateterismo Cardíaco, ou sondaxe do corazón, por medio de técnicas de cine, televisión e radioloxía con substancias de contraste. Tamén fixo cursos de especialidade no Hospital Saint Pierre, de Bruselas, no Broussais, de París, e no Instituto Nacional de Cardioloxía, de México, e foi o primeiro en España e o segundo en Europa en facer unha coronarioanxiografía, aplicando as modernas técnicas de Hemodinámica, que exerceu no Hospital Cruz Roja e na Clínica Quirón (1967/70) como Xefe do Departamento, denantes de ocupar o actual cargo na Seguridade Social.

O doutor Núñez de la Fuente é especialista en Aparato Circulatorio e Respiratorio; diplomado en Enfermedades do Tórax, do Corazón e Vasos; en Patoloxía Médica; en Gastroenteroloxía, etc. Foi xefe de Servicios de Hemodinámica da Escola Universitaria de Cardioloxía de Barcelona e profesor de Clases de Hemodinámica (1964/68). Tamén impartiu ensino nos hospitais Cruz Roja e Sagrado Corazón, na Universidade Autónoma, na Escola de Medicina Interna, do profesor Pedro Pons, e, como Xefe de Sección de Medicina Interna-Cardioloxía, entre outros moitos, dictou cursos de máxima especialidade, tales como «Ritmos lentos. Indicaciones de implantación de marcapaso», «Transtornos del ritmo cardíaco», «Tromboembolismo pulmonar diagnóstico y tratamiento», «Hemodinámica y Angiografía de las Neumopatías» e «Valoración de los enfermos neumopatas descompensados Angio y Hemodinámica».

Tamén é membro numerario das Sociedades españolas de Cardioloxía e de Aparato Respiratorio; Xefe do Servicio de Administración da Sanidade Nacional, por concurso-oposición, e ten publicado na Universidade de Barcelona, un traballo de investigación encol dos efectos do Dipiramidol sobre a Hipertensión Arterial pulmonar en doenzas valvulares mitrales. A moitas outras publicacións en revistas como «Circulation», «Medicina Clínica» e «Revista Española de Cardiología» teriamos que engadir a súa participación en numerosos congresos en España e no estranxeiro para dictar conferencias ou presentar películas de coronariografía selectiva, pero suliñaremos só o gran éxito conquistado cun film dun caso de Fibrona de Ventrículo Esquerdo, estudio clínico que o doutor Núñez de la Fuente presentou na Sección Cardiolóxica da Academia de Ciencias Médicas.

O cardiólogo lugués ten recordos entrañables do Laboratorio de Exploración Cardíaca de Cleaveland. No ano 66, debido á carencia de medios para investigación na Universidade de Barcelona, estivo tentado a voltar a EE.UU. «Non o fixen —dinos— porque por aquelas datas, cos ilustres cirurxáns Paravisini Parra e Castro Lloréns, creamos un servicio de Exploración Hemodinámica e Ciruxía Cardíaca. Eu sentíame satisfeito porque o meu equipo exploraba ó paciente, dáballes o diagnóstico e dictaminaba se conviña operar ou non. Logo, o ano 71, ó ingresar na Seguridade Social sentíame aínda máis integrado profesionalmente porque xa contei cun equipo de investigación, con medios limitados pero cun porvir esperanzados. Lamentablemente —engade o doutor Núñez—

estes últimos anos o labor encetado na Residencia Sanatorial malogrouse porque foron suprimidos os presupostos de investigación e, dende entón, aínda seguimos pendentes da decisión a tomar coa Sanidade española: ¿Medicina pública ou potenciación da Medicina privada?»

O coñecido cardiólogo galego láíase da falla de Xerentes Hospitalarios, de que a Administración non ten mentalidade de dotar economicamente a investigación estatal para erguer o nivel da Medicina en España e, como solución axeitada, propon o sistema que tan bóos resultados dá nos EE.UU., xa que a socialización da Medicina, proposta por algúns partidos, podería comportar unha burocratización desaforada, se non está ben xerenciada.

«En Norteamérica —afirma— existe un Seguro Médico de Empresas de Seguros e outro de Hospitales Privados. En ambos dase unha gran actividade científica e, se ben é certo que nos hospitales privados a investigación está mellor gratificada, os que desenvollean o seu traballo de pescuda nas Empresas de Seguros tamén viven sen afogos e atópanse satisfeitos porque sintense compensados ó se poder adicar ó labor experimental. Algo semellante —suliña o doutor Núñez de la Fuente— deberíase aplicar ó noso país para tentar poñernos ó día.»

Pedímoslle ó gran cardiólogo a súa opinión encol da Medicina en Galicia e cómo ve o seu futuro no novo proceso autonómico que se está a encetar, e resposta:

«A tradición médica compostelana, que deu á Medicina galega figuras ilustres como Nóvoa Santos, Barcia, etc., tal como correspondía a unha época de traballo individualista e, máis ben, en solitario, agora está sendo relevada por unha xoven xeneración médica, con mentalidade diferente, adicada ó traballo en equipo en centros cualificados. Aí, coido eu, é donde se deben volcar os dirixentes da nova Galicia Autonómica para que se desenvolle un labor médico de alto nivel, que xa se contrasta en algúns centros. Deste xeito —suliña o noso biografiado— eles sentiríanse realizados tanto a nivel humano como científico e poderían desenvolver todo o seu poder creativo tan característico da alma galega.

El Progreso, 17-VIII-1982

OLEGARIO SOTELO BLANCO

Fillo de labradores, Olegario Sotelo Blanco naceu en Quintela, zona montañosa de Castro Caldelas (Ourense) o día oito de setembro de 1945. Ó rematar terceiro de bacharelato, os pais non puideron seguir pagándolle os estudos na Cidade das Burgas e tivo que se adicar ó labor duro e improductivo da aldea. Á xuventude galega soamente lle quedaba un vieiro: a emigración. O Olegario, que xa tiña arranxada a documentación para emigrar a Alemaña, preferiu, nembargantes, trasladarse a Barcelona cun veciño. Na Cidade Condal fixo de camareiro, limpou e coidou ranchos, traballou nun taller de reparación de electrodomésticos... Non había xeito de atopar emprego estable, pero o xoven caldelao non desfalleceu e, nas horas de vagar, adicouse ó estudio rematando o Bacharelato e Maestría Industrial. Durante o servizo militar en A Coruña, fixo cursos de

Contabilidade e de Delineante e, ó reintegrarse novamente á vida civil, conseguiu ingresar como administrativo nunha empresa constructora de Barcelona.

Sotelo Blanco decatouse axiña das enormes posibilidades do ramo da construción, sobre todo nas zonas costeiras debido ó «boom» turístico e, primeiro facendo pequenos arranxos e, máis tarde, como promotor e contratista de chalets en Canet de Mar, introduciuse de cheo no negocio. Consciente da importancia dunha especialización técnica para o seu mellor desenvolvemento empresarial, diplomouse como «Constructor de Obras» e «Delineante de Construcción», e, por oposición, conquistou o título de «Agente de la Propiedad Inmobiliaria».

«Certamente —afirma o amigo Olegario— hai quince anos, cando creei "Construcciones Sotelo Blanco", tiven a sorte de que a euforia constructora aínda estaba en alza. Elo e a axuda que me deron moitos cataláns que confiaban na miña honradez profesional e que víronse compensados tamén polo meu traballo, foi o verdadeiro éxito da miña empresa na que sempre contei con bos colaboradores, a maioría galegos e, moitos, antigos compañeiros de pensión.

O ano 1971, o activo empresario caldelao encetou o seu labor de constructor de pisos de tipo medio en Barcelona e, por mor do rápido incremento das vendas, fundou «Inmobiliaria Sotelo Blanco», firma comercial e de servizo de compraventa. As devanditas empresas e outras adicadas a actividades de importación e de ocio ou de cultura, como a Galería de Arte «La Pedrera» e «Ediciones Sotelo Blanco», forman o «Grupo de Empresas Sotelo Blanco», que xa goza de merecido prestixio.

O fulgurante despegue do empresario galego orixinou moitas suposicións, algunhas absurdas.

«Sei —dinos— que determinados criticóns de turno relacionan os meus logros con inexistentes vencellos á política de Franqueira ou de Cabanillas; a entidades, como FENOSA, ou a institucións relixiosas. Ren máis lonxe da verdade. Son completamente alleo a partidos políticos porque non quero hipotecar a miña liberdade nin a miña iniciativa. Consideróme home liberal e sen resentimentos políticos. O pouco que fixen —suliña— débolio ó traballo, ó estudio e á total entrega ás miñas empresas. Non teño medo ó risco meditado nin me sentín nunca conforme co que fago. Descanso cambiando de tarefa e, mesmo nas viaxes, aproveito para aprender e traballar.»

Non é unha afirmación valeira a do Olegario. Quen o coñece sabe do seu afán por aprender e que a súas viaxes responden sempre a unha razón profesional ou cultural. Froito do seu peregrinar por Europa e do contacto coa emigración, temólo en «Galicia, pueblo emigrante. ¿Por qué?», primeiro libro e primeira experiencia como escritor. Os continuados desprazamentos á Terra natal foron a fonte inspiradora do segundo: «Castro Caldelas y su comarca», «obra de moitas horas de investigación, de pescuda en arquivos, de tripar camiños —son palabras do poeta Casado Nieto— dun caldelao que triunfou na emigración e quixo facer unha homenaxe ó seu pobo natal». Próximamente publicará unha escolma de entrevistas con persoeiros galegos que el visitou por toda a xeografía española. Tampouco hai que esquecer as súas colaboracións na prensa —é corresponsal de «La Región» de Ourense— sobre todo as crónicas periodísticas, a raíz dunha viaxe a Brasil e Bos Aires, que foron reproducidas por diferentes axencias informativas.

Olegario Sotelo Blanco, dende hai catro anos, con Mario Gargallo dirixe o programa «Aquí todos», de Radio España, outra leira —a radio— que xa está en condicións de aplicar o seu Grupo de Empresas. É doado decatarse de cal é o seu método de traballo porque o dinámico promotor endexamais se aventura a unha nova empresa sen primeiro estudar e vivir o que poderíamos chamar un período de proba. Derradeiramente un feito aparece nido na súa traxectoria: unha clara inqueda intelectual. Atreveríame a dicir que a verdadeira vocación do polifacético empresario é espallar cultura cos medios que ten máis a man, a radio e o libro.

«Estou totalmente entregado —dinos— ó traballo editorial. Xa abrín unha delegación en Ourense para comercializar as nosas publicacións. Non é un negocio de gran rentabilidade, pero conformóme con cubrir gastos. O feito de editar obras de escritores actuais e de recuperar xoias esquecidas, como fixemos con «A CENTVRIA e RONSEL, para min é motivo de satisfacción. Referente á radio —engade— teño solicitadas tres emisoras en Galicia, unha en Madrid e outra en Barcelona, que emitirán en cadea programas culturais galegos».

O noso biografiado non refuga dar a súa opinión encol da problemática actual nas diferentes vertentes da economía, da empresa e da temática política e social. No seu despacho, de Guinardó —un dos barrios máis acolledores da capital do Principado— falamos longamente da crítica situación do país.

«Como empresario —afirma— coido que a situación, agravada polo "paro" é moito máis difícil do que se pensa. Non se asumiu o cambio con sinceridade e os políticos acuden ó parcheo como solución. A Administración, en troques de potenciar as industrias con futuro, apoian as ruinosas eternizando problemas. Deixan entrar firmas extranxeiras cando o correcto fora afortalar as nacionais para poder competir. As Centrais Sindicais —engade— tampouco preveron o futuro e, coas folgas desaforadas, provocaron o peche de moitas industrias temerosas de perder os beneficios ganados con facilidade.»

O xoven empresario galego é consciente da responsabilidade do home de empresa e coñece as súas virtudes e os seus defectos:

«Moitos empresarios, cando non tiñan problemas laborais, soamente arramplaban cos beneficios esquecendo a inversión e agora atópanse indefensos ante a competencia. Por outra banda, grandes capitais fóronse para fóra —Arxentina, por exemplo, semellaba a panacea— e non tiveron medo ó risco. ¿Por que —pregúntase Sotelo Blanco— non o corren aquí?»

Ó referirse á Comunidade Económica Europea, matiza:

«Se queremos entrar na CEE, debemos pensar qué podemos ofrecer e con qué podemos competir. É mester unha planificación en profundidade, unha previsión tecnolóxica e uns programas de inversión pensados con vistas ós próximos 10 ou 15 anos. Hai que facer unha política laboral de pleno emprego, aceptar a flexibilización de plantillas e inculcarlle ós empresarios un espírito de responsabilidade. Todo isto leva anos.»

En canto á crise da construción, sector que coñece a fondo, puntualiza:

«A vivenda social non arranxa nada. O Estado debería obrigar ás Caixas de Aforro a financiar, con créditos a longo prazo e baixo interés, vivendas de calidade. Con intereses do 18% non hai seguridade para amortizar préstamos hipotecarios. Pero non todo é negativo —remarca— e a proba témola nas grandes empresas constructoras españolas que están traballando en Oriente Medio con técnicas e homes españois e que son un argumento válido de cómo debemos abrírnos ós mercados de África e de América, onde aínda temos posibilidades de comerciar con países receptores dos nosos produtos.»

Referente ó problema concreto de Galicia, afirma:

«As posibilidades de ocupación e de retorno dos emigrantes, daríanse cunha política de creación de industrias, sobre todo agrícolas, dos produtos propios do país e coa explotación integral das existentes —celulosas, alúmina, etc.— para que non sexan simples lugares de explotación contaminante ou, como os asteleiros, centros de montaxe de industria auxiliar. Vexo o futuro de Galicia dun xeito optimista, se somos quen de empregar na propia Terra a iniciativa e os esforzos de que somos capaces en terras alleas.»

Durante a longa conversa con Olegario Sotelo Blanco, interrompida a miúdo por chamadas telefónicas e consultas dos seus empregados, lembramos as verbas que Xosé F. Filgueira Valverde, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, pronunciou co gallo da presentación de «VENDIMA», do poeta Manuel Casado Nieto, e de «RONSEL», últimas aportacións de Ediciones «Sotelo Blanco» á cultura galega.

«O Olegario — afirmou o ilustre profesor— é un home que me fixo recordar moitas veces aqueles rapaces que fundaron o Seminario de Estudos Galegos. É un máis daqueles que tanto traballaron pola cultura galega.»

El Progreso, 25-VIII-1982

XOAN ANTONIO SEOANE CAMBA

Xoan Antonio Seoane Camba descubriu a súa vocación pola Botánica ó visitar o Instituto de Investigacións Pesqueiras de Vigo, nunha viaxe de fin de curso cos seus compañeiros de Común de Ciencias da Universidade de Santiago. O director, que era catalán, faloulle da posibilidade de facer a carreira de Bioloxía en Barcelona e o xoven universitario compostelano decidiu trasladarse á Cidade Condal onde, durante os cursos 1954-55 a 1957-58, foi becario do Instituto de Investigacións Pesqueiras do Patronato «Juan de la Cierva» do C.S.I.C. Ó rematar o segundo de biolóxicas, o profesor doutor García del Cid facilitoulle facer prácticas no laboratorio de Vigo, o que motivou que Xoan Antonio Seoane se interesara polo mundo das investigacións algolóxicas.

Rematada a carreira, en 1958 foi nomeado Colaborador do Patronato e, en 1959, destinárono ó Laboratorio de Cádiz. En 1963, por consello dos profesores Fischer-Piette e Feldmann,

foi becado polo Goberno francés para traballar en París nos laboratorios de Criptogamia do Museo e de Bioloxía vexetal Marina da Facultade de Ciencias, visitando, ademais, os laboratorios costeiros de Boscoff, Dinarda, Banyuls e Arcachon.

O ano 1964 doutourouse en Barcelona coa calificación de sobresaínte «cum laude» e Premio Extraordinario. A súa tese «Estudio sobre las algas bentónicas de la costa sur de la península Ibérica (litoral de Cádiz)» publicouse un ano máis tarde. O doutor Seoane pediu o traslado a Vigo, donde permaneceu como asesor técnico da Xunta Consultiva de Investigacións Científico-Pesqueiras ata 1969, ano que, por concurso-oposición, conseguiu a praza de profesor agregado de Botánica (Criptogamia) na Facultade de Ciencias da Universidade de Madrid. Dende outono de 1971 é Catedrático de Botánica da Facultade de Farmacia de Barcelona e Director do Departamento de Botánica da mesma Facultade, da que foi, tamén, Vicedecano (Abril-80/Febrero-82).

O Catedrático Xoan Antonio Seoane Camba é membro da Sociedade Ficolóxica de Francia e formou parte do Comité Nacional do VI Congreso Internacional de Algas Marinas, celebrado en Santiago, ó que concorriron representacións de máis de trinta países que presentaron 82 Comunicacións recollidas nun voluminoso libro publicado pola Dirección Xeral de Pesca.

O doutor Seoane Camba, que durante once anos foi un dos oito membros do Comité Internacional, asistiu a varios congresos no extranxeiro; pero do que garda mellor recordo é do celebrado no Xapón.

«As miñas experiencias naquel país —afirma— son inolvidables. Chamáronme moito a atención os cultivos que os xaponeses fan da *Porphyra* (nori), de gran importancia para a súa economía nacional xa que supón uns ingresos superiores ós das ostras perlíferas, ós crustáceos e á explotación ballenera xuntos. O Nori é unha pranta rica en vitaminas e emprégase como ensalada, en confituras, sopa, etc. E maravilloso —engade o profesor Seoane— o progreso daquel país no cultivo mariño e a panorámica aérea dos seus mares parcelados é unha imaxe imborrable no meu recordo.»

Un dos primeiros estudos científicos, o profesor Seoane fíxoo en Vigo. Por primeira vez, baixo a súa dirección e co emprego de escafandras, estudiáronse as poboacións das algas do fondo da ría. «Algunos datos sobre el *Gelidium*», traballo patrocinado pola Dirección Xeral de Pesca, foi o resultado da súa investigación. Nel estudia as enormes posibilidades do Ager-Ager, de tanta importancia en microbioloxía, en conservas, etc. Preguntámoslle ó doutor Seoane Camba qué futuro teñen as rías galegas no eido do cultivo marino e dinos:

«Sosteo que o esforzo investigador e económico, no noso país, debe estar orientado cara a explotación dos propios recursos, cunha filosofía de investigación similar á xaponesa ou a dos xudíos, que foron capaces de explotar o deserto. Moito máis doado é explotar o mar. Nos debemos aproveitar o que temos e, polo mesmo, o noso esforzo ten que se encamiñar ó cultivo marítimo, non só de especies vexetais senón tamén das animais —peces, crustáceos— que se podía levar a cabo nas propias granxas marítimas. As algas —engade o profesor— á máis do seu interés na depuración natural das augas, son elementos de produción de materia orgánica vexetal, que pode ser tratada posteriormente polos químicos. Baixo este punto de vista, son importantes os plans de investigación feitos pola marina dos EE.UU. para conseguir metano a partir da alga *Macrocystis pyrifera*. No futuro

a obtención de materia orgánica, como materia prima química, non poderá facerse a través de vexetais terrestres, moi esquilados xa, senón a través dos vexetais marinos.»

O doutor Seoane, con datos publicados pola F.A.O., demostra o perigo que representaría a explotación irresponsable dos boscos por mor da desertización e remarca:

«É obrigado recurrir á produción de materia orgánica a través do mar. A materia orgánica enerxética —alimentaria, hidrocarburos, hidratos de carbono, grasas, etc.— hai que conseguila co cultivo racional do ambiente marino. A explotación integral da enorme riqueza que se asenta nas nosas rías, reportaría para Galicia un cambio total na estratexia productiva do noso país, con repercusión na política social, con miles de postos de traballo en industrias químicas. O mar que é un espazo vital, deica agora foi explotado dun xeito silvestre. O problema actual das nosas empresas pesqueiras débese a que as nacións están a parcelar o mar. Os mares teñen dono e o noso é un verdadeiro xardín. As parcelas propias son as que temos que poñer a producir porque a pesca, no sentido clásico, desaparecen. Galicia, coa correspondente tecnoloxía, está nas mellores condicións para se converter na pionera do desenvolvemento do cultivo do mar. Os boscos e a agricultura tradicional non hai dúbida que deben potenciarse, pero a produción de materia orgánica para a industria ten que vir do mar.»

A especialización do doutor Seoane na Cátedra de Botánica da Facultade de Farmacia de Barcelona é o estudo das prantas de interese en farmacia e a experimentación en laboratorio, incluso, de prantas exóticas. Hai que salientar, neste senso, que os estudantes de quinto xa cursan unha nova asignatura «Botánica Especial» para unha mellor orientación dos alumnos no estudo de produtos naturais, de moito interese na Facultade de Farmacia de Barcelona porque precisamente está instalada no centro da industria farmacéutica nacional.

Falar do interese das prantas na industria farmacéutica, ós profanos na materia lévanos a preguntarlle ó profesor qué opina o home de ciencia das herbas medicinais. A súa resposta é clarificadora:

«A tradición popular é a base de moitas investigacións. O científico depura ideas, experimenta as prantas científicamente e a maior parte das veces conséguese éxito; pero hai casos nos que a acción que a tradición atribúe a determinadas prantas, non é real. A herboristería é realmente unha parte importante da Botánica; pero debería controlarse moito máis por técnicos na materia.»

O profesor cóntanos que os alemáns teñen en Cuenca prantacións de especies do xénero das Labandas para extraer esencia e que Rusia é a primeira potencia neste tipo de industrias; que das ágades, prantas do deserto, abundantes nas Canarias, obtense cortisona e hormonas sexuais; que o bilicroque (digital), o fento (helecho macho), a xesta e os ruibarbos, entre moitas outras prantas comúns en Galicia, son de gran interese en medicina. Tamén o caruncho do centeo, coñecido por «dentón», ten moita aplicación en tocoloxía. Hoxe en día, o caruncho, que en realidade é unha enfermidade, cultívase en grandes cantidades en Suíza, o que motivou o descenso dos altos prezos que se pagaban por este fungo na nosa Terra.

O catedrático Seoane Camba, nado na parroquia de Leiro-Abegondo o día 8 de xaneiro de 1933 é un afervoador do seu lugar de nacemento. A súa maior regalía é saír ó campo e ó mar e, nas horas de vagar, o seu «hobby» e a partida de billar cos amigos. El mesmo fixo a árbore xenealóxica de once xeneracións dos Camba, familia de longa tradición naquela vizosa comarca coruñesa. Casado con dona María Asunción Suárez, viguesa licenciada en Bioloxía de Farmacia que traballa no seu Departamento de Botánica, síntese orgulloso das vellas raiceiras galegas e agoira para Galicia un futuro rico porque «é un país —dinos— con enormes posibilidades e con abundosa materia prima sen aproveitar aínda». Home de formación científica, presenta a problemática galega baixo unha concepción que non estamos afeitos a escoitar nas xuntanzas —case exclusivamente culturais— dos galegos de Barcelona. Coido de gran interese rematar esta breve semblanza do ilustre catedrático transcribindo a súa opinión de científico.

«Debemos traballar moito —afirma— pola nosa cultura, polas nosas letras; pero quero engadir que hai unha tendencia, quizais excesiva, de facer de Galicia un centro de tipo literario e poético. Sen restarlle importancia ás Humanidades, debemos traballar máis pola ciencia, construír ciencia para Galicia. En xeral esquivémonos da súa importancia. A Xunta —engade o doutor Seoane Camba— fará un gran servizo á nosa Terra se potencia a ciencia e a técnica, pilares, tamén, imprescindibles para o desenvolvemento integral de Galicia.

El Progreso, 29-VIII-1982

Faro de Vigo, 22-IV-1983

CONSTANTE MILLÁN MEIJIDE

Dende neno oín falar sempre do restaurante «Carballeira» cun aquel de sinónimo de «bo xantar», de lugar de xuntanza de amigos para celebrar unha festa, un aniversario ou mesmo para tomar uns «ribeiros» con marisco. Dudo que haxa algún barcelonés de vello que non teña gozado os pratos de «Carballeira» e comentado cos amigos as excelencias da súa cociña. É máis: o propio nome do restaurante, non sei se pola forza silábica ou porque lémbranos o famoso personaxe teatral, ten «gancho», como se di no argot portuario. Hoxe en día sigue tendo gran sona, a pesar de tantos outros que —con mellor ou peor fortuna— se instalaron na capital do Principado.

Constante Millán Meijide, un santiagués que o mes de marzo compriu 74 anos e que aínda leva a dirección da súa empresa persoalmente ata os mínimos detalles —el merca, controla calidades, confecciona as cartas e non deixa que ninguén tome decisións— é unha institución, un nome respetado polos trinta e tres empregados que o teñen ó corrente de todo. É un profesional de tan recoñecida valía que, moitos dos seus clientes aconséllanse con el á hora de escoller o menú. É frecuente oír: Millán, ¿que como?

Pero o que moitos non saben é que o restaurante, coñecido popularmente por «Casa Carballeira» é o froito de longos anos de traballo e de bo goberno. A obra dun home empregado de Banca, en Madrid e Barcelona, neto dun cociñeiro da Casa Real, cunha gran vocación pola Cociña, que, o ano 44, paseando pola zona portuaria, na rúa Reina Cristina, viu un pequeno bar que se traspasaba e non dubidou arriscar os cativos aforros para facer realidade o anxeio da súa vida.

«Metinme na cociña —dinos— e tiven o acerto de preparar xantares galegos —empanada, pulpo, pescada, marisco...— cun estilo propio que agradou ó público polo xeito da presentación e pola maneira de preparar os pratos. Pero non crea que os comezos foron doados —engade— pois, daquela, por esta rúa soamente transitaba o aire e algún que outro traballador do porto. O primeiro día —afirma o señor Millán— lémbrome ben que fixen oitenta e dúas pesetas de caixa. A base de degustacións gratuitas, eu aficionei ós cataláns a comer pulpo, nécoras, percebes... xa que, daquela, as virtudes do marisco eran practicamente descoñecidas en Barcelona.»

«Casa Carballeira» prosperou, ampliou locais e comedores e o señor Millán tivo proposicións particulares e oficiais para rexentar grandes hoteles. «Non aceptei —afirma— porque sempre tiven gran apego á miña empresa e non aturaría endexamais traballar condicionado. E síntome satisfeito do meu labor. Por aquí —suliña— pasaron xentes de tódalas erases sociais e fixen grandes amigos.»

O Libro de Ouro do Restaurante Carballeira —mais adiante falaremos dos firmantes galegos— confírmanos as palabras de don Constante. O Príncipe de España, na actualidade Rei Juan Carlos, e a súa augusta nai, a Condesa de Barcelona; ministros; embaixadores; pintores, como Gabriel Miró; toureiros famosos; primeiras autoridades de Catalunya; xentes da Xudicatura; músicos, como o maestro Sorozábal; artistas, como Ingrid Bergman e o director de cine Rossellini; escritores e académicos, como González Ruano e Díaz Plaja; persoeiros da Generalitat, como Maciá Alavedra ou Trías Fargas; xentes da radio, do espectáculo e do deporte, entre os que escolmamos Matías Prats, Mari Santpere e Miró-Sans; españois e extranxeiros, deixaron constancia do seu paso por «Carballeira» en dibuxos, frases laudatorias e poemas de gabanza culinaria nos máis diversos idiomas —mesmo en chino— da arte de Constante Millán. Todos honraron —como el di— «a miña casa», onde se pode comer marisco de Vilagarcía, do Cabo Fisterra e de Vigo; lacón e chourizos de Lugo; lamprea do Ulla e do Tambre; ameixas de Carril; caldeirada; pimentos de Padrón...

Das corenta especialidades diferentes que un bo «gourmet» pode escoller na «Casa Carballeira», atopamos pratos exquisitos ideados por Constante Millán, como o «chuchu» de merluza e arroz, moi dixestivo e tranquilizante, que el mesmo prepara para os grandes amigos; as «fabes» ó xeito asturiano; o bacallau con sanfaina; o abadexo e a raía, pescados pouco apreciados anos atrás, pero que, adubados por Millán, convertíronse en manxares moi estimados.

Pero, qué gabanza mellor cá do Rei don Juan Carlos, que o día doce de febreiro de 1968 escribiu con prosa rimada: «Restaurante Carballeira bueno dicen que es y lo puedo certificar; pero yo creo que a pesar de que la comida es buenísima, su amabilidad, cordialidad y simpatía, son difíciles de igualar».

«O segredo da miña cociña —asegura o noso biografiado— é que os productos son recentes e naturais. A gastronomía galega, en Barcelona, é un éxito. Pódense facer moitas variacións de

pratos, á plancha ou con salsa se o cliente a pide; á mariñeira ou non. Pero eu non son partidario das salsas porque deturpan o verdadeiro saibo dos alimentos.»

Na «Casa Carballeira» sentimos a sensación de estar nun típico restaurante compostelano. A exposición de marisco, mesmo á entrada; os inspirados óleos de Pesqueira Salgado; as artísticas cerámicas de Vigo penduradas das paredes; miniaturas de barcos e algúns grupos de comensais falando galego, recórdannos a rúa Nova ou a rúa de Villar de Santiago. Porque Millán, afervorado do seu lugar de nacencia, sóubose rodear de ambiente galego. ¡Como se revé no seu pazo, perto de Barcelona, amostrándonos o hórreo, o carro galego, as figuras de pedra labradas por canteiros de Pontevedra e os dous cruceiros do escultor Parrado Conde ou a cortiña onde cultiva pimentos de Padrón!

Dende 1931, data da súa chegada a Barcelona, foi socio da Casa de Galicia e da Sociedade Artística «Cantigas e Aturuxos» ata que se fusionaron para se converter no actual Centro Galego, do que é socio tamén. No Libro de Ouro, ó que xa nos referimos, as manifestacións dos galegos residentes ou de paso pola capital do Principado son unha testemuña de amizade e de garimo a Millán. Evaristo Mouzo, Fernando Boado, Costa Clavell, Enrique Mariñas, María Luz Morales, Enrique Ramos, Xulio Prieto Nespereira, Lobo Montero, Arcadio López Casanova e moitos máis, pasaron pola «Catedral de la Cociña Gallega», como escribirá o maxistrado don Francisco Eyré Varela.

Transcribo algunhas opinións, escritas en galego por persoeiros da nosa

Terra, no devandito libro: «É eiquí onde os galegos / se tenden ledos a mau. / Si hai Galicia en Barcelona / é obra de Millán!!», escribe o poeta caldelao, Manuel Casado Nieto, ó remate dun longo poema. E o doutor Xerardo Fernández Albor, actual presidente da Xunta de Galicia, en 1977 afirmaba: «Vín enfermo e sin apetito e marchéi forte e "curado" despois de comer o "bacalao". Que máis se pode decir! (Vín a recordar tempos despois de 32 anos, gracias ao amigo Carballo)».

Alvaro Cunqueiro o mes de Nadal de 1962 firmaba «despois dunha cea moi boa, unha noite de inverno», e o gran mestre don Ramón Otero Pedrayo, catro meses máis tarde, coa súa farturenta capacidade de escritor e de aglaio, pedía: «Que o conto da carballeira de Santa Susana rexe sempre na ialma de Carballeira e a foula do mar catalán teña pra íl os acentos barudos do mar dos Fisterres! Terra a nosa!, abril 1963».

Para rematar esta breve escolma permítanme que o faga cun poema fundamente lírico do inolvidable poeta Augusto Casas morto nesta capital o mes de Nadal de 1973: «Teño estreliñas na noite / camiños teño no mar... / Conmigo vai o que teño: / Saudades para cantar!» (San Xohan 1951).

Na conversa con Constante Millán, pioneiro da gastronomía galega en Barcelona e un dos homes que máis contribuíron a borrar a falsa idea que se tiña en Barcelona dos inmigrantes galegos, adiviñamos un nisco de acedume. El sabe que o Restaurante Carballeira é unha obra persoal. O seu fillo Constantino, economista, e a filla, casada co abogado coruñés Xosé Fuentes Lojo, non continuarán a obra creada con tanto garimo. Pero os acertos —coido eu— non se miden por unha obra aillada; a grandeza dos homes mídese polas ideas e pola aportación ó desenvolvemento da sociedade. Neste senso, a continuidade do labor de Constante Millán é un feito que podemos comprobar na

gran cantidade de restaurantes galegos —moitos, dirixidos por discípulos seus— que siguen a obra do mestre.

El Progreso, 12-IX-1982

El Ideal Gallego, 30-XI-1982

RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ

O casual encontro con Ramiro López López nunha xuntanza de amigos na Casa Darío, foi unha inolvidable sorpresa, e todo, pola forza telúrica que, coma ningún outro pobo, sentimos os galegos. Non hai duda que a Terra ten un poder de atracción extraordinario. Ela xungue, crea irmandade, esperta vivencias adurmiñadas que colman de gozo o espírito.

A pesar de sermos veciños, non nos coñeciamos debido á emigración que nos trazou roteiros diferentes dende moi novos e, tantas veces fomos a Paradela, nunca coincidimos. Emporiso, dende o mesmo intre que nos deu a coñecer o común amigo, Ramón Clemente, sentimos a alegría do reencontro dos vellos amigos vencellados pola amizade, pola lingua, polo recordo da paisaxe, os costumes e as xentes do seu pobo. ¡Era a chamada da Terra! Neto materno de don Ramiro, lembrado aínda en Paradela pola súa bondade, polo seu consello atinado e polo seu desprendemento, Ramiro López López naceu en Pacios, capital do Concello, o día 4 de Xullo do 36 e reside nesta populosa cidade dende hai oito anos. É técnico de operacións de voo de Iberia, no aeroporto do Prat. El prepara rutas dos avións e o plan de voo. É responsable do combustible e do estado das pistas; dalle ós pilotos os datos que lle piden, sobre todo os referentes a meteoroloxía, e contacta cos controladores cando é mester. Pero antes da súa profesión actual, o Ramiro traballou nos máis variados oficios. Don Luis, o seu pai, nado en Madrid pero oriundo de Treilán pola rama paterna e de Bibille, pola nai, que foi ama de chaves do xeneral Primo de Rivera, voltou coa familia a Madrid e adicouse á construción de vivendas. «Ó primeiro—dinos o Ramiro— triunfou economicamente e non regateou esforzos para nos dar estudos ós cinco irmáns. Pero, debido a un desfalco que nos fixeron, a empresa do meu pai quebrou e todos tivemos que traballar moi duro. Eu —engade— fixen de paleta, de electricista, de carpinteiro e fun empregado dunha cafetería. Presentáronsenos moitos atrancos, pero saímos adiante.»

Os seus irmáns, Luis, Sara, Manuel, Mario —este nado en Madrid e bautizado en Sarria— e o propio Ramiro, que é o máis vello, son Procuradores dos Tribunais. O Mario, ademais, está a rematar a carreira de Enxeñeiro de Camiños e Canales e, Ramiro, a de Dereito. Todos se sinten vencellados a Galicia, especialmente á Casa de Delle, máis coñecida por Casa do Secretario, pois don Ramiro e don Luis foron secretarios do Axuntamento. Nela ubícanse o Concello e o Xuzgado, pero en canto quede libre, coa entrada en servizo da nova Casa Consistorial, pensan convertila en residencia familiar.

Parece como se o Ramiro se esquecera da razón da xuntanza entre amigos na Casa Darío: a súa presentación oficial como Candidato ó Senado por Barcelona. Rodeado de paisanos, fala de Paradela, dos lugares de Camporredondo, da Fonte, de Randulfe, e non pode conter a emoción ó

recordar o consello da súa tía, a señora Filomena do Correo, que lle dixo ó víspera de marchar para Madrid: «Vas polo mundo. Compórtate ben e as portas hánchese abrir todas cando ti pases». Lembra anécdotas, fainos rir cos contos do seu tío Francisco; pero os mellores recordos que garda son os do avó, «home moi humano ó que todos acudían para que lles resolvera os seus problemas».

Ficamos aglaiados do fondo sentimento galego do noso veciño, a pesar do seu desvencellamento material coa Terra e, ó remate do xantar, cataláns, casteláns e galegos brindamos coa queimada que el mesmo preparou co rito enxebre para esconxurar as meigas.

Dona Sara pediulle ó seu home: «Non lle quites a idea da política ó noso fillo, porque lévaa no sangue». tiña razón. O Ramiro naceu para político. El fundou o Sindicato de Amas de Casa e o Sindicato Libre de Aviación y Sus Servicios (S.L.A.S.), integrado na Confederación de Sindicatos de Traballadores, e agora enceta novas e máis aventuradas singladuras. «Presentóme ás eleccións por C.D.S. —afirma— porque considero que é un partido interclasista, integrado por labregos, obreiros, funcionarios e intelectuais. De todos eles arranca a dignidade e o engrandecemento dos pobos. Eu —suliña— consideróme obreiro, empregado e traballador profesional e sei que no traballo é donde se forxa o porvir da nación. Se me elixen, tratarei de loitar con tódolos medios ó meu alcance para axudar a sacar o país adiante.»

El Progreso, 21-XI-982

DANIEL PÉREZ GUERRA

A data oficial de nacemento de Daniel Pérez Guerra é o 8/2/40, pero a realidade é que naceu en plena Noite Boa do ano trintenove en Requeixo (ChantadaLugo), aldea da vagoada luguesa do monte Faro que no cume limita as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra. «Foi un ano dunha invernia moi dura —dinos o amigo Daniel— e con grandes toradas de neve. Os camiños estaban intransitables, o que xustifica a miña tardía inscrición no Xuzgado.»

O pai do Daniel, que era nativo de Laureiro, lugar da vertente pontevedresa do Faro, para encamiñar culturalmente ós cinco fillos, fíxose garda de asalto, ocupando destinos en Tui, Vigo, Madrid e Murcia antes de fixar residencia definitiva en Barcelona o ano 46, emporiso nunca renunciou á súa vocación labrega. «Sempre conservou a casa —engade o Daniel— e a tódolos irmáns ensinounos a traballar a terra. A súa idea era que, diante dunha necesidade de enfrentamento coa vida, a "terra" (e o seu coñecemento) é xenerosa en canto a proporcionar o necesario para a subsistencia. A nosa nai inculcounos tamén un espírito de observación e contacto satisfactorio coa natureza que resultounos moi proveitoso. Ver como medran os froitos, escoitar o martelar das pingas da choiva no millo, os labores de seitura... O traballador agrícola —recalca o noso biografiado— convírtese, como se dixeramos, nun creador.»

A súa entrega á tarefa docente na Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade Politécnica de Barcelona dende 1979 explicando «Legislatura y Economía Aplicadas»; as recentes oposicións a Agregado de Cátedra, que gañou co número un; a diaria atención ós problemas que se lle amorean no bufete particular; a presidencia do Centro Galego de Barcelona e do «Comité Internacional de Estudios Económicos de Accidentes de Trabajo», única organización española, nesta materia, acollida á Federación Mundial de Asociacións de Seguridade... Tal chea de actividades para un home con moito de poeta, de amante da natureza e das artes, non é de extrañar —ben nos decatamos durante a amistosa conversa que mantivemos no seu despacho na céntrica zona Diagonal-Paseo de Gracia— non é de extrañar, digo, que lle produzan un certo valeiro, un, poderíamos dicir, desacougo ó non se poder adicar máis a miúdo ós seus «hobbys» e ó cultivo da terra que, «certamente —confesa— é pouco rentable, pero para vivir tampouco se necesita tanto».

Con todo, o Daniel non deixa de acudir á casa materna varias veces ó ano. Toda a familia síntese fortemente vencellada a Requeixo. Alí están as cinzas do pai, morto na Cidade Condal o ano 1971, e os mellores recordos da infancia. A casa dos Pérez Guerra é o lugar de reunión e de recreo dos cinco irmáns arredor da figura matriarcal de dona Purificación. Manuel, aparelador; Alfonso, arquitecto; Emilio, cardiólogo; Anxeles, abogado, e o noso entrevistado Daniel, de sempre, concordaron nas ideas e nos proxectos. Incluso durante os seus estudos no colexio dos «Padres de la Sagrada Familia», os catro varóns coincidiron nos «Cuadros de Honor» dos seus respectivos cursos. E xa coas carreiras rematadas, decidiron traballar conxuntamente na especialidade de accidentes de traballo. Froito de dous anos de estudio, foi o libro «Seguridad en el Trabajo de Construcción de Edificios», que acadou a primeira Mención Mundial no Congreso Internacional da O.I.T., celebrado en Xinebra o ano 1969. A parte de Arquitectura foi estudada por Alfonso e por Manuel; a de Medicina de Empresa, por Emilio; a legal de Dereito Comparado, por Anxeles, e Daniel fixo a de Dereito Positivo a aplicar en España. En 1969, os irmáns Pérez Guerra fundaron tamén a «Asociación Española de Prevención y Seguridad», homologada, como xa dixemos, a nivel internacional.

Pero o maior mérito de Daniel Pérez Guerra é o seu esforzo e a súa tenacidade para conseguir os fins que se propón. Dende ben novo, durante as vacacións, recorreu Europa traballando nos máis diversos empregos ó tempo que facía cursos de verán en Xinebra e París. Ademais, fixo estudos en Coímbra e, becado pola Facultade de Dereito Internacional de Estrasburgo, en Trieste, París e Estrasburgo. Gran aficionado ó deporte, participou nos campionatos estudiantiles de atletismo de Catalunya, pero as súas aficións principais son a lectura e a música. El foi o fundador da Tuna da Facultade de Dereito que actuou en Mónaco e Berlín, invitada polos gobernos dos respectivos países, así como noutras cidades europeas. Como escritor, Daniel Pérez Guerra colaborou no Noticiero Universal con artigos de temas xurídicos, e na revista «Arte y Cemento», entre outras. As súas lecturas preferidas son os ensaios sociolóxicos e os do seu eido profesional. Cando as numerosas obrigas lle deixan vagar, cultiva a pequena horta que ten en Valldoreix, onde reside coa súa dona, Grace Mackay, unha escocesa orgullosa da súa orixe celta, profesora do Colexio Americano de Barcelona.

«A profesión tenme totalmente absorbido —láíase o Daniel— por iso cando podo traballar na horta e vexo como medran as leitugas, os pimentos ou os tirabeques, sinto unha grande regalía.»

Como remate da longa conversa, non podía fallar a alusión ó Centro Galego que el preside dende hai tres anos. Próximamente celebraranse novas 1 eleccións á presidencia e o Daniel aínda non ten decidido se presentará candidatura. Preguntámoslle cal foi o maior logro, na súa opinión, dos alcanzados durante o seu goberno da institución galega, e responde:

«A miña maior satisfacción é ter conseguido a harmonía entre os socios. Esa era a miña meta. O meu labor, nese sentido, xa está feito. Asumín a presidencia nuns intres conflictivos e coido que alcancei o meu obxectivo que era superar atrancos e traballarmos conxuntamente. En canto ás melloras materiais, como pode ser o Bar Social, aínda que as considero importantes, pois facían moita falta, coido que tiveron un proceso de realización normal dentro da tarefa desenvolvida pola Xunta Directiva.»

El Progreso, 7-I-1983

ROBERTO F. ALONSO

Roberto F. Alonso, de Navia de Suarna (Lugo) expón os seus lenzos na Sala de Exposiciones de la Editora Nacional. O escritor chantadino e crítico de pintura, Xavier Costa Clavell, no acto de presentación da obra do pintor galego residente na Cidade Condal dende hai oito anos, afirmou:

«Alonso quixo facer, e coido que o logrou, o poema plástico dun río, O Navia. O pintor foi ganano polo meiguizo das augas do Navia e cada lenzo dos aquí pendurados é un canto ó río. As augas semellan rebordar dos cadros, ledas e agradecidas á interpretación pictórica do artista.»

Tamén Roberto F. Alonso pronunciou unhas palabras de agradecemento ós numerosos amigos que acudiron ó acto da inauguración da abondosa mostra de óleos sobre táboa, con incrustacións de coiros de río, que ven a representar un gran labor na experimentación plástica do pintor de Navia.

Maio 1983

DARÍO PIN VÁZQUEZ

Darío Pin Vázquez naceu en Os Vilares de Baleira, parroquia de Santa María de Piñeira (Fonsagrada-Lugo) o día 6 de decembro de 1923. Educado nun ambiente profundamente católico — un primo seu, Dositeo López Pardo, foi misionero e mártir en China— ingresou no Seminario de Lugo donde estudou Humanidades e encetou Filosofía, disciplina que se viu obrigado a abandonar a causa dunha grave enfermidade. Trasladado a Madrid por consello do seu irmán Amador, sacerdote

castrense, tras un longo e difícil tratamento médico, conseguiu recuperarse e, de volta a Galicia, empregouse nunha importante Compañía de Seguros.

A carreira profesional de Darío Pin foi brillante. De inspectorproductor de Coruña, Lugo e Ourense, o ano 52 pasou a selo de Zaragoza, Badajoz e Palencia. Ascendeu, logo, a xefe inspector de Catalunya, Aragón e o País Vasco e, dende 1976, é subdirector da Compañía en Barcelona.

O señor Pin Vázquez está casado con Nelly María Fernández, arxentina filla dun odontólogo lugués, e síntese fondamente enraizado na Terra que o viu nacer e conserva con garimo a casa dos seus devanceiros. Na Cidade Condal é home coñecido e estimado en tódolos medios sociais, sobre todo na colonia galega, acudindo a cantas xuntanzas celebran os nosos paisanos cando non lio impiden razóns profesionais.

Co gallo da recente assemblea celebrada en Mallorca encol da problemática do Seguro Privado dialogamos co noso compatriota, director da Axencia 1 de Barcelona da empresa que representa, sobre a necesidade de previsión na vida moderna e da falla de protección que os poderes públicos dan ó Seguro de Vida:

«Antes —afirma o señor Pin— facíanse moitos seguros de Vida e Aforro hoxe non se poden facer nun plan de aforro debido á erosión monetaria. Seguro de Vida con porvir en España —engade— é o Seguro de Cobertura de Risco a fondo perdido, porque nun país con devaluación constante da moeda, a renta de traballo pasa a ser o maior capital. Ocorre que a prima de desgravación por I.R.P.F. do Seguro de Vida desgrávase de cara ó imposto xeral sobre a Renta nun 15% cun tope de 300.000 pesetas, cando en realidade débese considerar un gasto deducible da Base Imponible sen ningún tope

—¿Que ventaxas ten o asegurado cun, por exemplo, Seguro de Vida de 10 millóns?

—As primeiras 500.000 pesetas están exentas do imposto sobre sucesións e o capital excedente estao nun 90%. Pero a gran ventaxa consiste en que o herdeiro dun patrimonio, ó percibir a suma asegurada por unha Póliza, pod facer fronte ós pagos do Imposto de Sucesión, ós prazos pendentes, etc. se ter mester de malvender parte da herencia.

—¿Dase o caso de incendios provocados para cobrar a suma asegurada?

—En épocas de crise sempre se notou un aumento de casos de incendios, pero non é doado demostrar a intencionalidade, nin temos tampouco estadísticas. En canto a riscos que nos non asumimos están, por exemplo, as Discotecas que, pola cantidade de material combustible que posúen, non é rentable asegúralas xa que o mínimo conato de incendio acostuma a se converter nun siniestro total. Nembargantes —engade Darío Pin— todo é asegurable. A prima está en función do risco que as Compañías asumen segundo a política que adopten.

—¿Cales son os maiores problemas que afectan hoxe en día ás Compañías aseguradoras?

—A falla de tesourería. Dase o caso de moitos impagos de clientes e as Compañías teñen mester de líquido para pagarlle ós seus asegurados o risco cuberto, inda que, logo, cobrarán das compañías reaseguradoras.

—A Seguridade Social Obrigatoria e as Mutuas de Accidentes de Traballo que xa cobren a maioría dos españois ¿perxudican ó Seguro Privado?

—Só en parte, porque o verdadeiro beneficio destas institucións está nos Seguros de Grandes Riscos, como pode ser: contratos con empresas de barcos, de aviación, etc.

—Para rematar, señor Pin, ¿podemos dicir que existe competencia entre as Compañías de Seguro Privado e o Estado que administra a Seguridade Social?

—Todo o contrario. Nos somos recaudadores do Estado xa que unha parte das primas que cobramos son para o Consorcio de Compensación de Seguros. Pódese asegurar que tódalas Compañías nutren ó Estado coas súas aportacións. Referente á cobertura dos seguros, España aínda está moi atrasada se a comparamos con outros países, por exemplo, no tocante á agricultura.

El Ideal Gallego, 8-V-1983

Faro de Vigo, 7-IX-1983

VÍCTOR MORO RODRÍGUEZ

Aínda non hai un ano, coñecín a Víctor Moro no local social do Centro Galego. O novo director do Banco de España en Barcelona acababa de chegar á Cidade Condal e unha das primeiras cousas que fixo foi asociarse á nosa Institución. Por aquelas datas, ó deixar Vigo, cidade donde residíu longos anos —o que orixinou a crencia de que Víctor Moro era nativo da Cidade da Oliva cando o certo é que naceu en Ribadeo—, por aquelas datas —digo— apareceu na prensa unha declaración na que o ilustre ribadense dicía: «Como galego de caste que son, para cumprir o meu ciclo vital de galeguidade, fállame soamente vivir a lonxanía de Galicia, máis teño a seguridade que será un alonxamento físico, pero nunca sentimental e espiritoal».

Certamente, Víctor Moro, o ex-político deputado por Pontevedra, que nas súas actuacións no Parlamento e na Administración sempre defendeu teimudamente os intereses da nosa Terra e que agora está arredado da política porque é «inimigo de capelas e de política subterránea», sigue a «facen» Patria fóra de Galicia. No Centro Galego e en tódolos grupos, irmandades e xuntanzas de galegos de Barcelona, don Víctor Moro é xa coñecido como un afervoador defensor dos intereses e da ideosincrasia do seu pobo. Non perde ocasión de acudir, sempre que llo permiten os compromisos profesionais, a cantas manifestacións de confraternidade se suscitan; pero, aínda máis, queremos suliñar que algúns importantes fitos culturais galegos celebrados derradeiramente en Barcelona e mesmo en Galicia, débense a Víctor Moro: lembramos, por exemplo, a recente exposición antolóxica de Prego de Oliver no Palacio de Pedralbes, ou a participación activa que o noso estimado consocio tivo na presentación do billete de cincocentas pesetas, coa imaxe de Rosalía, nun solemne acto que tivo lugar na casa da inmortal poetisa, en Padrón, o 28 de febreiro.

Non falarei da importancia de que, por primeira vez, un billete de Banco de España fora adicado a unha muller, non raíña, nin do brillante discurso pronunciado por Víctor Moro na casa da Matanza nin tampouco dos persoeiros que alí se deron cita para festexar tan importante efeméride, coincidindo co 146 aniversario do nacemento da escritora gloria das Letras Galegas. Só quero deixar constancia do noso agradecemento e da felicitación ó esgrevio consocio, un dos principais promotores da feliz idea de poñer en circulación cen millóns de billetes nos que podemos ler na nosa lingua estes profundos e maravillosos versos de Rosalía: «Non Follas novas, ramallo / de toxos e silvas sós, / hirtas coma as miñas penas, / feras, coma a miña dor».

Treboada, Xullo-Agosto, 1983

Débase profundar na mensaxe social de Rosalía

Convocados por Ramiro López e Manuel Vázquez, un grupo de setenta amigos reuníronse no restaurante «Casa Darío» para un xantar de irmandade. Á xuntanza, acudiron socios das diferentes sociedades galegas, persoas de diversos estamentos cidadáns e tamén políticos. Á hora do brindis, en resposta a suspicacias dos representantes dos medios de comunicación —próxima elección de Xunta Directiva no Centro Galego de Barcelona e precampaña electoral en Galicia— Ramiro López afirmou: «O máis importante é que, cantos estamos reunidos aquí pretendemos a unidade da nosa colectividade para traballar pola Terra dende Catalunya».

A pesar das manifestacións dos organizadores, Francisco Ferrío, apoiado pola totalidade dos comensais, propuxo a Víctor Moro para candidato á presidencia do Centro Galego, e Amador Rosas, tras recordar que don Víctor participou na consecución do billete de cincocentas pesetas adicado a Rosalía, remarcou que o ilustre fillo de Ribadeo é un home ilusionado cunha Galicia mellor, máis próspera e máis xusta.

Don Víctor que, a raíz do seu nomeamento como director do Banco de España en Barcelona, asociouse de inmediato ó Centro Galego e que ten participado activamente na organización de actos culturais de gran relevancia —Exposición de Prego de Oliver no Palacio de Pedralbes, Festival de Música Galega no Palacio de Congresos de Montjuich, Exposición de Castela no Palau Moja, e que ten pronunciado conferencias e feito presentacións de escritores galegos en Rubí, Terrassa, no Centro Galego, na Universidade, no Penedo Fogar Galego— viuse na obriga de responder ás diferentes alusións. «O Centro Galego —dixo— é unha cousa moi seria. Representa moito para os galegos e, polo tanto, é un tema para tratar nunha mesa á beira de amigos, para pensar profundamente e con seriedade todo o que representa o seu pasado, o seu presente e o seu futuro.»

A alusión do señor Rosas, sen embargo, foi o detonante que, unha vez máis, fixo explodir a alma profundamente galega do amigo Víctor Moro que, polo seu carisma, a súa capacidade de traballo, tenacidade e ilusión, podía contribuir á tantas veces proxectada unidade dos galegos. A súa idea sobre Galicia é nidia ó falar da cantora do Sar:

«De Rosalía —dixo— non temos máis que o recordo, o afecto e a emoción dunha muller que foi, sen dúbida algunha, a primeira que soubo interpretar seriamente a profundidade da traxedia, das angurias e da marxinación do pobo de Galicia. Analizouse moito —engadiu— a súa figura na Universidade e en textos doutorais falando sempre de Rosalía como precursora do movemento romántico da poesía española do século pasado; sen embargo eu coido que aínda non se profundizou seriamente na súa mensaxe social, de reivindicación, de progreso, esperanza e desenvolvemento dun pobo que latexa sempre no máis fondo da súa poesía. Tiña que ser precisamente unha muller —afirmou noutro intre— quen acadase os niveis máis altos para poder explicar en verso a traxedia de Galicia porque, é patente, no noso pobo, se hai unha figura importante, é a muller. Algún día terase que escribir o que representa a muller en Galicia levando adiante unha familia namentres os homes espallados polo mundo loitan para manter ós seus. Iso —suliñou— sóboo describir Rosalía coa súa mensaxe profunda e aceda do mundo galego. Neste ano, centenario da súa morte, —findou o amigo Víctor Moro entre os afervoados aplausos dos presentes— debemos rescatar e dar a coñecer a súa mensaxe de esperanza, de avance e de canto representa progreso social para Galicia.»

Faro de Vigo, 3-II-1985

Fiel a chamada da Terra

Na cea-homenaxe que «O Penedo-Fogar Galego» lle ofreceu a Víctor Moro fixo a presentación do homenaxeado a presidenta da institución, Iolanda Díaz Gallego, que afirmou: «Inda que "O Penedo" é pluralista e apolítico, sentímonos moi honrados de que un dos nosos socios fundadores fora nominado candidato por Coalición Galega á presidencia da Xunta de Galicia». Referiuse, tamén, á presenza de Basilio Losada, galardonado recentemente co Pedrón de Honra, que correspondeu ós aplausos dos 150 comensais cunhas breves palabras de agradecemento, e, a seguido, leu telegramas de adhesión enviados polo doutor Tomás Núñez de la Fuente e os señores Gómez-Reino e Neira Rodríguez, que non puideron asistir.

No seu discurso «de agradecemento e afecto ó "Penedo-Fogar Galego" e a canto representa na colectividade galega de Catalunya», Víctor Moro manifestou:

«Temos escoitado moitas veces que a nosa Terra é unha terra rica de xente pobre, o cal debe rematar dunha ver por todas. Seguimos asoballados —remarcou— pola incultura e o subdesenvolvemento abraiante e non acabamos de atopar os vieiros do noso futuro e da nosa esperanza. Cada día estou máis convencido —engadiu don Víctor— que iso é consecuencia de que sempre entregamos o noso poder político en mans alleas, razón de que Galicia se atope nas condicións actuais.»

«Volvo á Terra abandonando unha posición doada —dixo noutro intre do seu parlamento— para seguir vieiros de sacrificio e de traballos, e fágoo, única e exclusivamente, por tranquilidade de conciencia, porque non quero que sobre as miñas costas, o día de mañá, os meus fillos e os meus paisanos de Galicia poidan dicir que non acudín á chamada da Terra. Volvo —seguiu o, deica agora,

director do Banco de España en Barcelona— cheo de esperanza, de ilusión e de inquedanzas, pensando que un abrente florido e milagreiro, que merece a nosa Terra, ábrese por riba de Fisterra convocando, de novo, ó pobo de Galicia para que se erga e reclame o seu, o que lle pertence, o lugar que lle corresponde entre os pobos de España, esixindo xusticia, progreso e cultura para non seguir sendo o furgón de cola das rexións españolas.»

Víctor Moro, que foi interrompido polos aplausos dos asistentes en tres ocasións, criticou duramente a «un medio de comunicación do Estado» polas referencias que fixo «á vocación de emigrantes dos galegos» e, tras afirmar que os galegos emigran por necesidade, findou o seu discurso coas seguintes palabras:

«Pido a todos que pensedes en Galicia e que non neguedes a vosa colaboración para facer esa Galicia que todos soñamos.»

Seguidamente, un grupo de «Toxos e Xestas» interpretou aires galegos coreados polos asistentes, intre en que se personaron no local os directivos e xugadores do Liceo Caixa-Galicia e representantes doutras entidades galegas para sumarse á homenaxe.

Con anterioridade á cea, no local social de «O Penedo-Fogar Galego», Federico Gobartt, xefe de Relacións cos Contribuíntes, da Delegación de Facenda, pronunciara unha conferencia encol do Imposto de Renta das Persoas Físicas, que foi seguida con gran interés polo auditorio.

Faro de Vigo, 23-IV-1985

EDUARDO TRIGO CEPÁ

Eduardo Trigo Cepa, xefe dos Servicios Postais da Xefatura Provincial de Comunicacións de Barcelona, naceu en Baiona o 6/12/35, pero pasou a infancia en Arzúa, vila á que foi destinado o seu pai que era funcionario de Correos. Ós 19 anos foi nomeado xefe da Administración de Correos de Padrón, praza que ocupou ata 1960 que pediu traslado a Barcelona. Na Cidade Condal desempeñou importantes cargos e, polo seu labor e pola efectividade desenvolvida ó longo da súa carreira, foi distinguido coa Medalla de Ouro do Mérito Postal. Eduardo Trigo Cepa accedeu ó actual cargo en decembro do pasado ano.

Casado cunha catalana, María Dolores Fanlo, e a pesar de tantos anos de residencia en Catalunya, no seu fogar respirase galeguidade e o matrimonio Trigo non deixa de acudir tódolos anos coas dúas fillas a Galicia.

«Síntome moi vencellado —afirma sen dubidalo un intre— ós parentes de Baiona e de Cambados, pobo natal do meu pai, e ós numerosos amigos de Arzúa e Padrón cos que pasei a infancia e a xuventude.

O señor Trigo Cepa ten todo arranxado para marchar de vacacións á Galicia. Pasará uns días en Arzúa; visitará ós amigos de Padrón «terra de literatos e artistas, como o amigo Beiró Buxán»; acudirá a Cambados, Patria do poeta Ramón Cabanillas que el recorda con admiración; viaxará ó Cebreiro e ó Caurel invitado polo seu gran amigo Xosé Luis Foxo, o coñecido mestre director da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» de Barcelona, e disfrutará o resto das vacacións na paradisíaca vila mariñeira e estival de Baiona.

A fogaxe na Cidade Condal é agotadora. Na Administración Central de Correos falamos con ilusión do xa próximo reencontro coa Terra, da paisaxe, do clima, das festas e ¿por que non? dos problemas dos verquidos, da pesca, da concienciación social galega e, por uns intres, mergullados no sentimento de amor á Terra que nos xungue a cantos vivimos na diáspora, esquecemos a razón da entrevista: falar da súa profesión, das melloras introducidas derradeiramente pola Dirección Xeral de Correos e Telecomunicación; das complexas actividades reflexadas en estadísticas puntuais; do funcionariado e dos proxectos máis inmediatos.

«A Administración Provincial de Barcelona —explica o señor Trigo— desarrolla unha chea de actividades atendidas por 6.125 empregados. Na capital do Principado, ademais do artístico Palacio de Comunicaciones remozado recentemente, ten 39 sucursais, 15 centros de reparto e tres pabellóns para atender correspondencia de segunda categoría. Na provincia conta con cinco administracións e 57 oficinas técnicas. Para que teñas unha idea do volume de traballo que desenvolvemos —engade don Eduardo— direiche que na cidade entregamos 600.000 cartas e 400.000 impresos a diario e, mensualmente, 60.000 paquetes e outros 40.000 tipos de envíos voluminosos; 110.000 xiros nacionais, 5.000 internacionais e 10.000 urxentes; os certificados pódense cifraren 800.000 e os reembolsos en 50.000 cada mes. En canto á correspondencia "nacida" na capital, supera un 15% as cifras anteriores. A todo isto hai que engadir o parque móvil composto por 113 furgóns e 240 motocicletas.»

—Con tal volume de traballo ¿como se explica que cada ano teñan déficit?

—Hai que ter en conta que Correos chega ata os recantos rurais máis alonxados e isto encarece moito os servizos, que non se poden suprimir por seren unha prestación pública do Estado que debe beneficiar a todos.

—¿Como ve as relacións Institución-Funcionariado?

—Nestora son de comprensión. Incluso poderíamos dicir excelentes, se as comparamos coa etapa de folgas do 76/77. Os funcionarios de Correos conseguiron melloras importantes e, afortunadamente, superouse aquela etapa de reivindicacións xustas.

—Teño entendido que teñen problemas en canto a imprantación de xornadas partidas.

—Non é do caso. A xornada seguirá sendo seguida. O que sucede é que para conseguir un reparto máis rápido, nos distritos de tráfico postal maior, temos en estudio establecer servizos de mañá e tarde.

—¿Que novidades introduciu últimamente a Institución?

—Por exemplo: POSTAL EXPRÉS, un servizo de porta a porta que xa funciona nas capitais máis importantes con gran éxito. Outra novidade que imprantamos en dez poboacións é a entrega a domicilio de paquetes postais normais ata dez kilos —antes o máximo eran cincocentos gramos— previo pago dunha tasa.

Co señor Trigo Cepa recorreremos as instalacións de clasificación automática, de moderna tecnoloxía italiana, con máquinas capaces de distribuír correspondencia para 324 destinos diferentes a un ritmo de 30.000 cartas por hora.

—Estas instalacións ¿comportan a perda de postos de traballo?

—Con elas conseguimos maior perfección e rapidez alixeirando en gran maneira a tarefa dos empregados. Referente ó problema que apuntas, non se dá na nosa Institución por mor da expansión continuada de novos servizos. Boa proba éo que xa estamos programando o traslado a un novo edificio máis amplo para atender mellor o tráfico de efectos que medran día a día.

—¿Que novidades pensan introducir a curto prazo?

—De inmediato, posiblemente no mes de xaneiro, a Dirección Xeral establecerá en toda España a Codificación Postal que consiste en cinco cifras que se engadirán ó punto de destino expresado na correspondencia. As dúas primeiras identificarán a provincia; a terceira a capital —representada polo «O»— ou as vías de encamiñamento —indicadas polos números do 1 ó 9— e as dúas últimas cifras corresponderán ó distrito postal da capital e ó punto de destino das localidades provinciais. Este sistema —engade— xa se emprega na maioría das nacións e vai facilitar enormemente o noso labor.

Non hai duda, engadimos nós, que a innovación é acertada e as imprentas van ter traballo abondo para axear á nova normativa de Codificación Postal millóns de tarxetas, sobres e impresos comerciais.

—¿Que outros servizos presta a Dirección Xeral?

—Ademais dos servizos postais e de telecomunicación, comprende os da Caixa Postal —en vías de reestructuración— que actúa como calquera outra entidade bancaria, coa gran ventaxa para o cliente de poder efectuar operacións de aforro, contas correntes, préstamos, pago de nóminas, etc. en todo o territorio nacional.

El Ideal Gallego, 21-VIII-1983

MARÍA LUÍSA GARCÍA LÓPEZ

Na Facultade de Farmacia da Universidade de Barcelona, acadou o grao de doutora en Farmacia a licenciada en Farmacia e Medicina e axudante da Cátedra de Físicoquímica Aplicada, María Luisa García López.

A tese doutoral versou sobre o tema «Estudio Físicoquímico del glucógeno» e foi realizada no Departamento de Físicoquímica Aplicada baixo a dirección do catedrático don Serafín García e dos doutores Josep Oriol Valle Planells e Marc Barracó i Serra.

O Tribunal que a xuzgou, presidido por don Serafín García, estivo composto polos doutores citados, por don Antonio Ribera Blancafort, ex-rector da Universidade de Palma de Mallorca, e pola doutora Montserrat Baucells Vilella.

Á vista dos méritos científicos que concurren no traballo realizado pola doutoranda, o Xurado concedeulle a máxima calificación de Sobresáinte «cum laude».

A nosa noraboa á nova doutora galaico-catalana, afervorada da súa terra de orixe, Portomarín, galego parlante e gran recitadora de Celso Emilio Ferreiro e tamén ó Departamento que dirixe este gran persoeiro da Colectividade Galega de Barcelona, o catedrático don Serafín García Fernández.

El Progreso, 20-XI-1983

XOSÉ RAMÓN NEIRA PÉREZ

No Saló de Sant Jordi do Palau de la Generalitat o Honorable president, Jordi Pujol, a proposta do conseller de Comerç i Turisme, Francesc Sanuy i Gistau, otorgou o Diploma Turístic de Catalunya ó Restaurante «O Botafumeiro», propiedade de Xosé Ramón Neira Pérez, en recoñecemento á súa destacada contribución ó fomento do turismo.

«Moncho», garimoso nome co que é coñecido o Xosé Ramón na Colectividade Galega e entre os seus innumerables amigos barceloneses, naceu en Silva-Pol (Lugo) o 21-XI-40. Dende neno residiu en Lugo onde encetou estudos de Comercio que se viu na obriga de abandonar para adicarse ó traballo. Ós doce anos empregouse de «botones» na cafetería Anduriña, logo traballou nos restaurantes Castroverde e A Barra e, ós catorce, emigrou a Barcelona co seu gran amigo e valedor Norberto Legazpi, metre de hotel na Cidade Condal. A primeira gran contrariedade do xovencísimo emigrante foi cando, nunha cafetería, rexeitaron os seus servicios polo feito de ser galego. Pero a súa valía demostrouse axiña noutros restaurantes e, compangando o traballo cos estudos de inglés, francés e hostelería, o amigo Moncho Neira ós 18 anos xa era encargado dun importante local das Ramblas. Rematado o servicio militar na 21 Escuadrilla da Arma de Marina en Cartagena donde foi nomeado «Reposteiro Maior», o Xosé Ramón voltou a Barcelona e, empurrado polo seu espírito de home emprendedor, abriu restaurantes en diferentes puntos da cidade —O Nabo de Lugo, Pazo de Neira, Mesón San Froilán, O Afilador, María Castaña— que, unha vez acretados, vendía para emprender outra empresa maior.

O ano 1973 fundou «O Botafumeiro», local que, tras varias reformas e ampliacións é un dos máis acolledores e renomeados da capital do Principado, feito que orixinou a entrega do galardón ó

que nos referimos. Como galegos non podemos por menos de admirar o labor de Moncho e o seu amor a Galicia. A través da gastronomía, con productos da Terra e mesmo cos case cincuenta postos de traballo, a maior parte ocupados por galegos, Moncho Neira está a crear unha imaxe de Galicia en Barcelona moi diferente da que el viviu amargamente ó chegar á gran cidade. A decoración de «O Botafumeiro», imitando a típica dos pazos galegos, traballada en madeira de carballo polo artesán Santiago González, e os lenzos de artistas como Godoy e Alfonso Costa, que nos lembran a paisaxe, os monumentos e o folklore de Galicia, axudan a respirar un ambiente propio da nosa Terra.

Polo Botafumeiro pasaron unha interminable chea de artistas, políticos, deportistas famosos, ministros, xefes de Estado e persoeiros de renome, como o cosmonauta ruso Bladimir, que deixaron estampados gabanciosos autógrafos no Libro de Ouro do restaurante. Moncho síntese orgulloso de ser o Cociñeiro Maior e nos intres de vagar péchase na súa biblioteca —ten máis de trescentos libros de gastronomía— e adícase á lectura dos últimos exemplares mercados nas súas viaxes, porque tamén é un incansable viaxeiro: Inglaterra, Formosa, Brasil, Suiza, Italia, Hong-Kong, Francia —a donde foi como invitado do Barón Philippe de Rotchild— entre outros países, son lugares nos que aprendeu moito da arte gastronómica e os menús de máis renome universal. «O coñecemento doutras Cociñas —afirma— é de gran interés. Son moi importantes a china e a francesa pola calidade, pola confección, pola variedade e pola materia prima que empregan. En Canadá e en Florida — engade— as carnes asadas son sensacionais e o mesmo podo dicir dos pescados do Xapón.»

Son grandes os eloxios que fai de determinadas Cociñas, pero confesamos que ficamos abraizados cando se refire á Cociña Galega. «Podo asegurarche —sigue o amigo Moncho— que a nosa variedade hosteleira é amplísima e coa materia prima mellor do mundo. Non temos mester de crear unha Cociña Galega, como pretenden algúns. O que sí debemos facer é recuperar os pratos da época dos nosos abós e non cismar só no marisco. Hai que promocionar especialidades como a carne de feira, o bacallau con repolo, os callos con garbanzos, a tortilla de mexilón, o rape, a lamprea, as tartas, os brazos de xitano, os roscóns, as filloas, todo elo regado con viños Albariño, Condado, Amandi, Ribeiro, que son caldos artesanais pero que conservan o verdadeiro saibó dos nosos viños, superiores ós de Alsacia e do Rhin.»

Entre as moitas especialidades culinarias gabadas polos amigos de O Botafumeiro, poderíamos citar a sopa de nécoras, o mero á cantábrica, o rodaballo á améndoa, a pescada do pincho á cazola e as filloas recheas de centolo. A Cociña Galega, segundo Moncho, non ten segredos: «A razón do seu éxito —suliña— é que os componentes son simples e naturais. Non ten mester de salsas nin tampouco, como xa dixen, necesidade de novas creacións porque a súa variedade é interminable e a calidade dos nosos productos non se atopa en ningures».

Podemos afirmar que Xosé Ramón Neira está a promocionar Galicia porque a gastronomía é unha manifestación cultural popular como poden selo actividades tales como a música —el é un afervoadado da gaita e do acordeón— ou a literatura. Outra proba do seu amor á Terra é a colaboración que presta a cantos actos galegos se dan en Barcelona, e unha demostración do seu apego ás raíces antergas é a propiedade que mercou en Miranda satisfacendo, ó mesmo tempo, a ilusión do seu pai, que perdera os bens na xuventude e agora atende con garimo as novas terras regalo do fillo.

CLAUDIO GARRA ENRÍQUEZ

Claudio Garra Enríquez, director xeral dunha importante empresa barcelonesa dedicada ó frío industrial vencellada a un grupo financiero galego, naceu en Vigo (5-IX-30) e reside en Barcelona dende o ano 1966. Enxeñeiro pola Universidade de Bilbao, o señor Garra especializouse como Enxeñeiro Frigorista en Los Angeles nunha pranta piloto dependente do Instituto de Investigacións dos EE.UU., patrocinado pola firma danesa HESTTE MOÛER que lle conseguiu unha beca a través do Goberno de Copenague. Rematados os estudos, traballou en San Francisco e, tras cinco anos de residencia en Norteamérica, segundo propia confesión, volveu á súa cidade natal «porque sentía verdadeira nostalgia pola Terra e non podía resistir máis a dor da emigración».

Claudio Garra, que é un afervorado da cidade de Vigo, na súa residencia en Santa Perpetua de La Mogoda non cansa de tecer lembranzas da xuventude: os anos de estudante no Colexio dos Maristas, os comezos da frustada carreira de Profesorado Mercantil; as súas actuacións como parella de baile no Grupo de Coros e Danzas de Vigo; os anos de futbolista no Berbés e no Coia; os catro como directivo do R.C. Celta, sendo presidentes Moncho Castro e Rodrigo Alonso... Vigo éo todo para o noso entrevistado. Marina Domínguez, a súa dona, e os tres fillos son vigueses tamén. A familia Garra non desaproveita ocasión de acudir á súa casa na Cidade da Oliva e, en Barcelona, é coñecida en tódalas xuntanzas das irmandades galegas.

Home de profundos coñecementos técnicos do frío, Claudio Garra Enríquez pertence ó Instituto Nacional do Frío, organismo dependente do Instituto de Investigacións Científicas Juan de la Cierva. É representante internacional da Asociación Europea de Explotacións Frigoríficas e, como asesor técnico, traballou na montaxe de prantas frigoríficas en Costa de Marfil, México e, na actualidade, en Túnez.

—O futuro do frigorífico no ramo de alimentación —preguntámoslle— ¿está asegurado?

—Sí. Temos que nos convencer de que a maior parte de tódolos alimentos pasarán polo campo da conxelación. Cando hai excedentes, o frío é o único conservador e tamén o único que nos permite comer determinados manxares fóra da época de produción.

—Vostede viaxou ó Xapón, como responsable de «frío industrial», cunha misión comercial española invitada polo Goberno nipón ¿qué impresións sacou daquela visita?

—Sorprendeme a técnica xaponesa, en moitos casos máis adiantada cá europea, sobre todo no tocante ó automatismo completo mediante controles electrónicos das cámaras frigoríficas; pero sorprendeme máis aínda o esmero que sinten os empregados polo bo mantemento e custodia dos intereses empresariais.

—¿A que se debe que sexamos importadores de carnes conxeladas?

—Á falla de protección oficial da gandería do país, superior en calidade á de outras nacións. Impórtanse miles de toneladas de vacuno de Sudamérica e incluso de Holanda e de Alemania; porcino de Polonia, Dinamarca, Hungría e China nacionalista, donde mercamos tamén coellos. Lóxicamente isto tradúcese nun gasto de divisas que podíamos aforrar se tiveramos unha estrutura axeitada e subvencións da Administración para instalacións de granxas de engorde. Hai que potenciar rexións privilexiadas, como Galicia, aptas para a cría de carnes.

—¿Pódese dicir o mesmo do marisco?

—É outro caso. A importación do marisco débese, principalmente, a que en España é maior a demanda cá oferta. Mercamos pulpos de Tailandia; langostinos de Cuba e do Senegal; cigalas de Escocia... Os produtos marinos de Galicia, máis ben, distribúense en fresco. O autoabastecemento é outro tema de urxente necesidade no que deben traballar os técnicos. As rías galegas podíanse converter en ricas granxas marinas tal como está a suceder no Xapón.

—¿Que tanto por cento de calidade perden os conxelados?

—O único que fai o frío é deter o proceso de descomposición dos alimentos, maniendo todo o seu sabor e proteínas. A calidade dos conxelados depende da súa procedencia, segundo foran capturados en mares cálidos, pobres en pastos mariños ou ricos en plancton.

—¿Que opina dos mares de Galicia?

—A riqueza das súas augas é extraordinaria, por ser unha rexión rica en chuvias que arrastran ó litoral microorganismos das nosas terras libres de contaminación, o que constitue unha gran fonte alimentaria para os pescados e mariscos.

—¿Como ve o porvir da industria frigorífica galega?

—Moi prometedor porque é a mellor dotada de España e a que dispón de máis metros cúbicos. O frío industrial ten un gran futuro en Galicia pois temos portos de mar de suma importancia que son receptores de grandes cantidades de pescados e base dos maiores conxeladores da nosa flota.

El Ideal Gallego, 3-I-1984

XOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Xosé Fernández Fernández, natural de Maroxo (Arzúa), emigrou a Barcelona o ano 65 recén cumpridos os vinte. Home ínquedo, adicouse a diferentes profesións e, compangando o traballo cos

estudios, fixo Maestría Industrial en Electricidade, Marketing Comercial e, sendo directivo do Centro Galego de Barcelona foi un dos promotores da emisora «Radio Celta» da devandita entidade.

O Xosé é taxista (de 11.200 que traballan en Barcelona, 3.500 son galegos) porque «agrádame ser independente —afirma— inda que a profesión é dura, exposta e mal organizada. Certo —engade— que intentamos poñer medios para a colaboración de todos pero é difícil conxuntar tanta xente por mor da desunión e das desconfianzas que se orixinan a cotío».

—¿Non tedes organizacións sindicais?

—Por falta de sindicatos non hai queixa. Temos dez, incapaces de organización e de apoiar as reivindicacións xustas, e unha Corporación Municipal que non é quen de regular un servizo correcto nin de poñer os medios axeitados para un desenvolvemento doado. Non funciona, por exemplo, o estudio de paradas, e circúlase de valeiro, queimando inútilmente combustible valorado nuns mil seiscentos millóns anuais.

—¿Non será que o número de licencias é desorbitado?

—Certamente, son excesivas. Segundo estadísticas a nivel de Europa, sería aconsellable un taxi por 1.200/1.700 habitantes e Barcelona ten tres e medio por 1.000.

—¿Que sería mester para conseguir verdadeiros profesionais?

—Deberíase organizar cursiños de 3 ou 4 meses para que os aspirantes a taxistas coñeceran as rúas, as tarifas, os edificios públicos, as vías de comunicacións rápidas; pero tamén sería moi importante que nestes cursiños participaran sicólogos para orientar ós alumnos no trato co público.

O Xosé participou activamente nunha sociedade cooperativa galega de taxistas de Barcelona, rexistrada a nivel xurídico na Generalitat o 18-I-1980. Daniel Pérez Guerra, abogado natural de Requeixo (Chantada) e profesor da Universidade de Barcelona, encargouse de redactar a parte xurídica dos estatutos.

—Fallou —laméntase o amigo Xosé Fernández— por falta de respaldo económico e de interese dos propios socios taxistas. Coido que a causa principal débese a que os galegos, de uns anos para acá, non ven seguridade nesta profesión. Dá a impresión de que só pretenden permanecer nela o tempo preciso ata conseguir outra mellor.

—¿Que medidas pensas que son imprescindibles para que se recupere o sector do Taxi?

Hai que facer un Regulamento da Industria do Taxi que reestructure a concesión de licencias, que dea subvencións para carburante e renovación de material xa que o Taxi é un servizo social. Que os taxistas pasen revisións médicas anuais e que se eliminen os dependentes clandestinos, orixe dunha cantidade de taxis competitiva debido a que os coches non paran de circular. Deste xeito a Corporación Metropolitana podería absorber as 2.000 licencias que sobran —pagándoas a prezo de mercado, claro está— para, logo, redistribuílas a medida que sexa mester.

O Xosé, a pesar de que se laia da dureza da profesión, aínda arrabaña tempo ó tempo para escribir as súas experiencias diarias polas rúas da cidade. Froito destas observacións, das conversas

cos clientes e dos servicios que está a facer á sociedade, é o libro «Taxi ¿profesión ou vocación?» que pensa publicar e que non dudamos tería un gran interés pola gran cantidade de anécdotas e conversas que nos relata de xentes de tódolos estamentos barceloneses.

El Ideal Gallego, 23-VIII-1984

ALFREDO GONZÁLEZ VILELA

Tódolos galegos residentes en Barcelona que, vencellados por un claro apego á Terra, participamos con algún xeito de actividade ou inda que só sexa coa presenza física, nos numerosos grupos e irmandades que xurdiron na provincia a partir de 1977, coñecemos ó Alfredo González Vilela, o cantautor nado en Becerreá o 11 de febreiro de 1951.

O Alfredo fixo os seus primeiros poemas no Seminario de Lugo onde aprendeu, tamén, música a carón do gran mestre Xosé Castiñeira Pardo. Daqueles anos de preparación para o sacerdocio, os seus mellores recordos están vencellados ás actuacións coa Eschola Cantorum e coa orquesta do Seminario, na que tocaba o saxofón. O seminario de Lugo foi viveiro de músicos, tales como o crego Xesús Mato, fundador de «Fuxan os Ventos» e doutros que non remataron a carreira, como Carlos Villanueva, Xosé Luis Foxo, Xosé Luis Freire ou Alfredo González, que aproveitaron en maior ou menor grado as ensinanzas do mestre Castiñeira.

A gaita e a guitarra seguiron sendo as compañeiras deste trovador que actuaba en cidades e vilas de Galicia e que, durante tres veráns, deu recitais para grupos de emigrantes galegos en Suíza antes de fixar residencia en Barcelona o ano 1976.

Eran tempos dun gran rexurdir de concienciación patriótica na colectividade galega. O Centro Galego de Barcelona e o de Tarragona; a emisión «A nosa Galiza», de Radio Miramar; o grupo «Nós», de Sabadell; a Asociación «Rosalía de Castro», de Cornellà; a Irmandade de Mollet; a Escola de Danzas e Gaitas «Toxos e Xestas»... todos competían en pro da cultura galega. A canción de denuncia da problemática da nosa Terra seguía sendo válida e o Alfredo endexamais refugou colaborar cos devanditos grupos para, co seu arte, protestar das inxusticias sociais.

Alfredo González actuou con María Manoela, con Fuxan os Ventos, con Jei Noguerol, con homes de Voces Ceibes en Santiago o Día da Patria Galega, e formou parte do grupo Petapouco, creado en Barcelona por Blanco Campaña e no que participaban Tucho, Gloria, Fernando e Julita, conxunto que, logo, como está a suceder con moitas esperanzadoras empresas culturais, esmoreceu incomprensiblemente.

O Alfredo non desfallece no seu propósito creativo e, na actualidade, sigue a compoñer música e a interpretar letras propias e do seu compañeiro, cantautor tamén, Mariano Alonso, actuando os dous co nome «Dúo Lembranzas».

Pero o que nos trae a falar hoxe do Alfredo non son precisamente as súas composicións musicais nin a súa voz, nin o xeito de facer bibrar as cordas da súa guitarra. O que nos move a escribir estes breves ringuilóns é o seu libro de poemas próximo a editarse.

O cantante de Becerreá, dende lonxanas terras, pídelle á ruliña mensaxeira... «fálame da miña Terra / fálame da libertá...» e, cando recorda as angueiras que aburan ás xentes da aldea, berra: ...«desperta, pobo / canto asoballo enriba de ti / céibate do xugo...» Noutro intre, fala coa Galicia que o viu nacer e confésalle, coma un namorado á noiva: ... «emigrante son / e cando a ti volvo / chouta o corazón...»

Non hai dúbida que os poemas de Alfredo González son vivencias propias de home identificado coa súa xente e coa tradición popular, feito que podemos comprobar en «A Festa de San Antón», pero tamén con azos para denunciar ós aproveitados, tan ben retratados na súa ruindade en «Catro casas quedan».

Outros poemas que, máis ben, deberíamos chamar cantigas para cantar en salas de festa, son «DOCE E DONDA» e «SENTIMENTO», por exemplo, nas que o autor aparécesenos ilusionado por un amor idílico e romántico. Estas «letras» amorosas coidamos que xurdiron dunha necesidade de repertorio de evasión e non expresan o seu xeito de ser nin as súas verdadeiras inquiredanzas. Pensamos que o Alfredo auténtico atópase nos primeiros poemas, composicións máis acordes co seu labor de home doído pola problemática social galega nas que se reflexa a súa preocupación pola lingua, polos costumes e polo futuro do seu pobo.

Setembro, 1983

XAIME DEL VALLE-INCLÁN

Pola prensa, entereime que Jaime del Valle-Inclán presenta estes días unha mostra de óleos na Cidade Condal; pero a miña sorpresa foi ler que o artista reside en Barcelona dende hai dez anos. De inmediato, púxenme en contacto co pintor que, rebordante de amabilidade, contoume da súa obra, dos seus recordos de infancia cando don Ramón María era director da Academia de Bellas Artes de España en Roma o que facilitou a súa vocación artística; falamos dos anos da República, da loita fraticida —o ano 38, recién cumpridos os dezaseis, alistouse ás ordes de Enrique Lister e de Santiago Alvarez— do exilio en París ó se rematar a guerra; do longo periplo por países americanos —Chile, Argentina, Brasil, Venezuela, Colombia, México, Cuba, Perú e de novo Venezuela ata o ano 1958 que fixou residencia en España.

Jaime del Valle-Inclán Blanco foi profesor de dibuxo e historia das Artes en S. Cristóbal del Táchira (na Venezuela andina), corresponsal en París das revistas «Gente», da Habana, e «Élite», de Caracas. Taraballou na radio, no cine, foi comentarista de arte e publicou unha biografía de Pablo

Ruiz Picasso e o libro de poemas «Auto Sonoro» na época de asesor artístico e literario do famoso enxeñeiro José Torán con quen traballou varios anos en Madrid.

Ó longo da súa vida, Jaime del Valle-Inclán estivo sempre relacionado con persoeiros da Cultura e das artes —Pablo Neruda, Ramón Gómez de la Serna, Suárez Picallo, José Caballero, grandes amigos— e, inda que traballou en tódolos eidos artísticos, por riba de todo é pintor.

A súa obra está espallada por diferentes países, incluso en Belem do Pará amazónico, e participou en exposicións celebradas en Santiago de Chile, Quito, Santo Domingo, na III Bienal Iberoamericana de Arte de México, en Vigo, Barcelona e Madrid entre outras.

Jaime del Valle-Inclán é un home de gran naturalidade, dado ó diálogo cos amigos máis íntimos, alleo á ostentación e ó aplauso. Goza do seu retiro case xeórxico a carón do parque do Putxet da Cidade Condal e a súa regalía é crear, plasmar nos seus lenzos, sen espectacularidade colorista, a realidade que agroma do seu espírito profundamente lírico.

Na galería de arte «Foga-2», reafirmámonos na impresión que nos causou o artista no seu fogar. Unha ducia de óleos —bodegóns, paisaxes e unha maternidade, con gamas de verdes, marelos, azuis e grises moi elaborados— delatan o refinamento, a cortesía, o ascetismo e a sobriedade de Xacobo, nome que figura na súa documentación oficial, e sentimos a emoción que producen as verdadeiras obras de arte en quen as contempla.

«Cabuxa», «Ría de Marín» e «Curva de Agüete», paisaxe perto de Bueu onde acude tódolos veráns para reencontrarse coas súas propias raiceiras, son temas típicos galegos, envoltos na brétema, cun alento tristeiro e cincento ambiental que o artista leva crabuñado no máis íntimo, nun senso telúrico non localista. Porque Jaime del Valle-Inclán, o mesmo que o seu proxenitor, sinte fondo apego por Galicia e, da mesma maneira que don Ramón quixo que catro dos cinco fillos nacerán na Póboa de Caramiñal, tamén el, de acordo coa súa esposa Anxela Cruz, madrileña por nacemento pero afervoadada de Galicia, quixo que o seu fillo lago nacera en Compostela.

Fisicamente, con moito parecido ó inmortal autor de «Tirano Banderas» e «Lámpara maravillosa» —obras preferidas por Xacobo— non se afincou nas Letras como don Ramón pero herdou o espírito suave, delicado e poético que nos embarga ó contemplar a súa arte pictórica, sutil, aterciopelada e cun trasfondo nostálxico e de misterio. Algo semellante ó que sentimos cando lemos ó meirande creador literario que deu Galicia á lingua de Castela.

El Ideal Gallego, 14-III-1984

Faro de Vigo, 13-IV-1984

PEDRO E XOSÉ LUIS LÓPEZ FRAGA

Os lugueses Pedro e Xosé Luis López Fraga, nados no lugar de Vilasuso, parroquia de Vilares (Guitiriz), son os donos do restaurante SPORTING «Toxos e Xestas», relacionado coa Escola de Gaitas

e Danzas porque Xosé Luis Foxo, o seu director, iniciou as actividades folklóricas neste local da popular barriada barcelonesa de Gracia.

É grande o mérito destes dous galegos que, con esforzo e sacrificios, superaron tantos atrancos ata conseguir merecido renome no eido da hostelería. O Pedro foi vendedor ambulante de roupas polos pobos de Galicia denantes de se empregar nunha empresa da Coruña que, ó pouco tempo, quebrou. Ó se atopar na rúa, emigrou a Barcelona onde traballou como interino en Correos. O Xosé Luis, dez anos máis novo, axudaba ós pais nas labours do agro e, os veráns ía á seitura a Castela. «Eu fun —dinos— un dos derradeiros "fouciños" que fixemos a sega en Castela cando xa estaba a se mecanizar. Co meu tío Cesáreo, que era o "mayoral", fun por primeira vez en 1965 sendo un rapaz de 14 anos. Era un traballo moi duro, á xusta, de sol a sol e malmantidos. Canta razón tiña Rosalía —engade o amigo Xosé Luis— ó denunciar o mal trato que os casteláns lle facían ós galegos. Con todo, eu era novo e sentíame realizado porque nas "cadrillas" ían os máis fortes e, ó remate da seitura, voltabamos á casa cunha boa presada de pesos.»

O Xosé Luis, ó non poder conseguir unha beca para facer mestría industrial en Lugo, tamén emigrou á Cidade Condal a carón do seu irmán. Na capital do Principado traballou en varios restaurantes e, durante o servizo militar, fixo estudos de Cociña en Santiago. De volta a Barcelona, montou unha xoiería co Pedro e ás poucas semanas sufriron un atraco ficando arruinados. A sorte non lles valía, pero non desfaleceron e, coa axuda do pai, en 1970 alugaron un local e traballaron arreo en colaboración coas súas donas María Linda Taboada e Matilde López. Dez anos máis tarde, o vello bar —hoxe propiedade— sufriu importantes reformas e arestora, como xa dixemos, é un restaurante acolledor con dous salóns e capacidade para 150 persoas. Primeiras autoridades barcelonesas, políticos, artistas —das paredes penduran cadros de Alfonso e Nacho Costa, de Vergés Grau, Pascual Casaubón, Andreu Freget, Agustí Río, Concha Ibáñez, Cati Joan, Manuel Solé, M.^a Asunción Reventós, Juan Guillén e unha escultura de Víctor Corral— acuden ó SPORTING «Toxos e Xestas» atraídos pola gastronomía galega, de produtos propios da Terra. Tamén é lugar de cita e de tertulia de intelectuais dos que, para non alongarnos en demasía, só citaremos os galegos Costa Clavell, Basilio Losada, Xoan Manuel Casado, Alvarez Puga, Ramón Clemente —residentes na Cidade Condal— e Bernardino Graña, Elíseo Alonso, Pexegueiro e Méndez Ferrín que consideran o «SPORTING» como un recanto de Galicia en terras catalanas.

Faro de Vigo, 28-IV-1984

MANUEL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

Persoa moi integrada nas colectividades galegas da provincia de Barcelona, Manuel Vázquez Fernández vive a Terra e respira en galego. Dende que chegou á Cidade Condal (1964), a súa maior regalía foi sempre cooperar á difusión dos valores do seu país de orixe e potenciar a identidade autóctona dos galegos residentes en Catalunya.

O amigo Manolo naceu en Monforte de Lemos (28-VIII-39). O seu pai, natural de Taboada e emigrante en Cuba, casou en Toural-Pesqueiras onde transcorreron os primeiros anos do noso

biografiado que, ós catorce, estudiaba Bacharelato e réxime de internado no Colexio de Santa María da Antigua primeiro monumento renacentista de Galicia, chamado tamén Colexio do Cardeal en lembranza do seu fundador o cardeal Rodrigo de Castro, na Cidade do Cabe, e que está rexentado por escolapios.

O seu tío paterno, crego de Seteventos, pretendía que o sobriño estudiara a carreira sacerdotal, pero el preferiu marchar á Coruña onde rematou os estudos e fíxose funcionario de Telégrafos.

«Naqueles primeiros anos da miña xuventude —confesa Manuel Vázquez— sentíame diferente dos demais compañeiros e notábame condicionado polos anos de vida retraída e mística no convento e pola influencia de dona Rita, unha profesora particular sumamente relixiosa.»

Ós dezaioito anos voltou a Toural e traballou como técnico de FENOSA na central de Belesar e en Ribadavia ata que, aconsellado polo maxistrado don Francisco Eyré, decidiu trasladarse a Barcelona para preparar as oposicións a secretario da Delegación Sindical de Rubí.

«De don Francisco —rememora con profundo agradecemento Manuel Vázquez— gardo os mellores recordos. En Barcelona foi o meu valedor e quen me orientou na miña carreira; en Galicia, que el visitaba a miúdo, eramos compañeiros inseparables na caza, arte na que don Francisco era un experto.»

Tras ganar as oposicións, exerceu como secretario comarcal en Rubí; en 1970 ascendeu a Delegado na mesma cidade catalana; en 1972 ocupou o cargo de director do Centro Social Wad-Ras, de Barcelona e, ós dous anos, dirixiu o Cinco Rosas, de San Baudilio de Llobregat. Na actualidade, é director provincial de Centros Sociais de Barcelona, dependentes da Seguridade Social.

Manuel Vázquez Fernández, casado cunha catalana —Antonia Obiols Alcoverro— namorada de Galicia deica o punto que fala a nosa lingua a perfección, é pai dun fillo nado na Cidade Condal pero mantén, como xa dixeran, fortes vencellos coa Terra e coas colectividades galegas de Catalunya.

Foi vicepresidente do Centro Galego de Barcelona durante o mandato de Daniel Pérez Guerra e, arestora, é membro da Comisión de Emigración. Como tal, foi invitado polo Parlamento Galego para asistir á discusión e aprobación da Lei da Galeguidade na que el, entre outros, participou con varias enmendas. Tamén foi un dos promotores do novo servizo «Interciti», Barcelona-Galicia, da RENFE.

Gran animador de peñas e grupos, o seu afán é manter a unidade dos galegos e lograr que o Centro Galego de Barcelona, como principal institución galega, acolla ideas e esforzos de tódalas irmandades espalladas pola provincia para celebrar conxuntamente grandes efemérides e crear unha imaxe digna da importante colonia galega. No aspecto cultural —propulsor de publicacións, coloquios, xuntanzas folklóricas, emisións radiofónicas, e relacións coa Generalitat e a Xunta de Galicia— Manuel Vázquez está a facer un gran labor e a súa colaboración é estimada no Centro Galego, nas irmandades de Terrassa e Rubí —onde conserva grandes amizades da súa época de secretario e delegado sindical— en Mollet, nas Escolas de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» e «Saudade», no «Penedo-Fogar Galego» e, sobre todo, na Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro», de Cornellà, lugar onde reside, que acaba de nomealo presidente.

Xuño 1984

Ferrocarril MonforteA Coruña

Manuel Vázquez Fernández, presidente da Asociación Cultural Rosalía de Castro, de Cornellà, e vocal da Comisión de Emigración do Centro Galego de Barcelona, atópase estes días en Lugo para disfrutar dun período estival. En nome dos compañeiros da Comisión e de numerosos socios e entidades galegas da provincia barcelonesa, maniféstanos:

—Atendendo ás peticións que se fixeron a raíz do peche da veda de pesca o 30 de xullo, fixemos unha xestión no Goberno Civil para ampliar dito período. Quero agradecer ó gobernador, que nos orientou no xeito de abordar o tema a través da Consellería de Agricultura, a cal accedeu a ampliar a veda ata o día 19 pensando na solicitude dos nosos emigrantes que veñen nesta época.

—¿E como reaccionou a colectividade galega ante o novo servicio de Renfe Barcelona-Vigo?

—Este logro, tongamente esperado, foi ben recibido pero non satisfizo por completo porque o tramo Monforte-A Coruña quedou desatendido.

—Seguiredes insistindo para alcanzar unha solución axeitada, penso.

—Non hai duda. Xa contactamos co presidente da Xunta, don Xerardo Fernández Albor, que se comprometeu a seguir facendo xestións —colaboración que agradecemos e agardamos que dea os froitos desexados— para resolver este problema. De conseguirse, beneficiaría unha gran parte de residentes na Cidade Condal oriundos de Lugo e A Coruña que se sirven do ferrocarril.

El Progreso, 9-VIII-1984

XESÚS VÁZQUEZ SÁNCHEZ

O presidente da Comisión de Festas de Santiago Apóstol, Pedro Rodríguez López, en nome da colectividade galega de Barcelona, fixo entrega dunha placa a Xesús Vázquez Sánchez en agradecemento á colaboración que ven prestando a tódalas entidades financiando os programas das súas actividades culturais.

O Xesús é un empresario novo aínda que, co seu irmán Herminio, creou unha importante empresa de automoción en Barcelona. Naceu en Santiago (16-XI-48) pero pasou a infancia en A Queimada (Oza dos Ríos-Betanzos); estudou Formación Profesional na Coruña e, ós vinte anos, emigrou a Barcelona onde, compangando traballos de mecánica co estudio, especializouse como perito de Automoción e Diversos; fixo cursos de Mandos Industriais, de Dirección de Empresa e de

Xestión Económica e Financiera. Na actualidade, estudia Ciencias Empresariais na Universidade de Barcelona.

—¿Que tipo de colaboración —preguntámoslle— mantés coas entidades galegas?

—A miña participación consiste en axudar economicamente segundo as miñas posibilidades. Coas miñas aportacións Penso que son útil á colectividade galega. Canto máis se desenvolva culturalmente para defender a propia identidade, mellor. Eu, persoalmente, sentiríame máis realizado.

—¿Que lle pedirías á colonia galega?

—Unión, porque deste xeito contaremos con medios amplos para organizar importantes actividades culturais, deportivas, de formación, de asesoramento e axudas recíprocas. Sería ideal que tódolos grupos —que son necesarios nas diferentes barriadas e poboacións da provincia— puideran sentirse integrados, sen esquecer a propia personalidade, nunha organización superior que atendera os intereses de cantos residimos en Catalunya vencellados por un afán común: Galicia.

—¿Que obxetivos te marcache de cara ó futuro?

—De momento penso seguir coas miñas actividades comerciais e o estudo. Nas diferentes etapas da miña vida propúxenme unhas metas que, deica hoxe, cumpríronse e, para dentro duns anos, prantexeime adicarme a actividades de realización persoal. O meu propósito é escribir sobre temas empresariais e sociais dada a miña experiencia nestes eidos.

Incansable traballador e autodidacta, o Xesús tivo varios talleres antes do actual con perto de trinta empregados, a metade galegos, e, dende hai sete anos, é representante de Fasa-Renault que o ano pasado deulle o Premio ó Mellor Servicio de Asistencia en Vacacións de España. Xesús Vázquez Sánchez é membro da Asociación Internacional de Expertos en Automóvil e, como tal, asistiu a congresos internacionais en Venecia, París e Palma de Mallorca. Non dubidamos que seguirá cimpindo os seus obxetivos.

El Progreso, 9-VIII-1984

ENRIQUE VIDAL ABASCAL

Na céntrica Sala Llorens de Barcelona, Enrique Vidal Abascal presentou unha mostra dos seus óleos. Con tal motivo, entre o numeroso público interesado pola arte do ilustre matemático xubilado, fundador da Escola de Xeometría Diferencial da Universidade de Santiago en 1940, encontrábanse moitos dos seus amigos residentes na Cidade Condal, tales como o presidente da Audiencia Territorial de Catalunya, señor Gómez-Reino, Luis Suárez, Serafín García, Xenxo Carballo, Santiago Guisán e o vicepresidente do Centro Galego Manuel Vázquez.

Vidal Abascal, que naceu en Oviedo o ano 1908, é orixinario de Lalín (Pontevedra) e, dende neno, viviu en Galicia estando sempre vencellado ós movementos políticos e culturais galegos. Na súa xuventude foi membro do Partido Galeguista e, ademais de numerosas publicacións científicas, editou en galego un libro titulado «Sobre a Universidade e a Pintura Galega» e unha biografía de Ramón M.^a Aller. Tamén pronunciou conferencias en Buenos Aires, nas universidades de Lausanne e de París, en Oberwolfach, Strasbourg, Niza, Moscú e en moitas cidades españolas.

O Goberno francés concedeulle a condecoración de «Officier des Palmes Academiques». Pero o que nos move hoxe a falar de Vidal Abascal é a pintura. Ten exposto nas principais cidades de Galicia e en Madrid e as súas obras están en mans de coleccionistas de Barcelona, Madrid, Zaragoza, Ciudad Real, A Coruña, Pontevedra, Vigo, Santiago, nos museos de Lalín e Pontevedra, na Galería Souto (Ourense), na Diputación da Coruña, no Rectorado da Universidade compostelana e no Colexio Maior «Cernuda» de Zaragoza, entre outros.

Ó finalizar a xornada inaugural da exposición, dialogamos co artista, rebordante de satisfacción polo éxito conseguido de asistencia e de vendas.

—Vostede é un matemático e moitos dos seus alumnos están a impartir ensino en moitas universidades. Tamén é presidente da Academia Gallega de Ciencias. ¿Como se pode compangar a arte coa ciencia?

—Dende a miña xuventude, quizabes influido polo meu profesor de dibuxo, Tito Vázquez, sentín vocación pola pintura que foi un complemento, ou «hobby», da miña profesión.

—O catedrático e gran crítico de arte, X. Antonio Castro Fernández, di que as súas figuras case estáticas, lixeiramente redondeadas, resaltan o seu sentido plástico evocando as formas do vanguardismo pictórico da xeneración Nós. ¿Síntese, Vde., vencellado ós grandes pintores galegos?

—Cunha visión sincera sigo as tendencias dos pintores de mediados de século: Colmeiro, Maside, Souto; pero coido que sempre hai posibilidade de demostrar a personalidade propia.

—Alvaro Cunqueiro dixo que a súa pureza de expresión xurde do seu oficio científico. ¿Como definiría a súa pintura? ¿Por que prefire pintar figuras humanas?

—Os meus lenzos tenden un pouco ó primitivismo porque creo que a nosa cultura está moi vencellada ó románico. A personalidade de Galicia encontra a súa expresión máis sinxela no románico. En canto á segunda pregunta, pinto figuras humanas porque paréceme que conteñen máis valores plásticos e fálannos sempre do misterio da vida.

—¿Pódese falar dunha Escola Galega de Pintura?

—Sí. Existe un xeito propio de expresar a pintura no noso país; pero Galicia, por ese complexo de inferioridade tan manifesto, ten medo a falar dunha escola de seu. E témola, como a teñen os vascos, os asturianos ou os cataláns. Laxeiro, Colmeiro, Prego de Oliver —grandes mestres, xa clásicos— e Virxilio son bos exemplos.

ANTONIO ROSÓN PÉREZ

«A reunión con Jordi Pujol era unha débeda que tiña pendente dende que estiven aquí na conmemoración do 50 aniversario do Parlamento Catalán. Eu coido, que por consideración ós galegos residentes en Barcelona, debemos manter relacións estreitas coa Comunidade catalana, que ten un desenvolvemento político de longa experiencia.»

—¿Falaron da situación política en termos xerais ou de algo concreto?

—Falamos de política en xeral; pero tamén da posibilidade de que se reforcen en Galicia opcións políticas de signo reformista que cubran o valeiro existente. Unha conversa cun político da categoría de Jordi Pujol é sempre aleccionadora e conveniente.

—Jordi Pujol, Roca e Trías Fargas ¿pretenden que xurda unha forza política galega semellante á que eles representan en Catalunya?

—Teño a certeza de que «Convergencia i Unió» verá moi compracida esa posibilidade. Nese esforzo estamos moitos galegos e confiamos que pronto poderemos falar de realizacións. Persoalmente xa fixen pública a miña separación da estrutura que quedou da UCD e a miña disposición para alentar a formación dunha opción política en coincidencia coa de «Convergencia i Unió».

—Antes de vir a Barcelona, tivo varias xuntanzas co secretario xeral do P.G. ¿Que impresión lle causou o dirixente galeguista?

—Sí. Tiven a oportunidade de coñecer e tratar ó señor Rodríguez Peña e debo confesar que me impresionou a súa entrega á causa de Galicia e a súa sinceridade. Coido que é motivo de satisfacción atopar homes xóvenes entregados de verdade ó país.

—Esa nova formación política que se tenta crear ¿é consciente do que representaría para o nacionalismo galego outra frustración?

—Efectivamente. Tódolos galegos debemos poñer atención e responsabilidade eliminando riscos e aproveitando a posibilidade que agora se lle ofrece a Galicia, que reúne tódalas condicións obxetivas que determinan unha nacionalidade e isto xa está feito na Constitución. O que precisamos é vontade política para preservar a nosa identidade e para participar con criterio reformista na política do Estado. A ese propósito sumóme con plenitude e sinceridade e anexo que homes novos tomen ó seu cargo a súa realización na que, repito, estarei como un máis.

—Estamos a falar dun novo partido cando aínda hai pouco puidemos observar unha tendencia do electorado favorable ó bipartidismo...

—O bipartidismo ten a súa razón de ser noutros países; no noso a experiencia demostra que hai que limitar esa bipolarización. É un feito que unha opción reformista ten o seu sitio entre o PSOE e AP. O que hai que facer é reconquistar os votos que responden a aquel principio chamado ata o de agora «Centro» que, evidentemente, nutriron tamén as dúas opcións triunfantes nas últimas eleccións.

—Nos medios de comunicación publicáronse nomes de políticos relacionados coa idea que Vde. propón dunha nova opción.

—Non coñezo, polo de agora, que determinadas figuras políticas de Galicia tomasen unha decisión neste tema do que vimos falando. O procedemento sería facer un chamamento a tódolos galegos, tanto ós residentes en Galicia como ós que están fóra para que participen nesa política que ata agora ábrese como perspectiva.

—¿Viu a Víctor Moro?

—Tiven oportunidade de velo, sí. Aínda que está lonxe da Terra por mor da súa profesión, síntea profundamente e ten moitas inquiredanzas polo acontecer galego. Son vello amigo del e, cando veño a Barcelona, sempre que podo, fágolle unha visita.

—Pasando a outro tema, don Antonio, ¿cómo está o desenvolvemento das transferencias?

—A inquietude que se puxo de manifesto por iniciativa dos grupos parlamentarios, coa última versión que fixo pública a Xunta, é máis optimista no sentido de que se van a acelerar as transferencias coa singularidade que nos corresponde.

—Para rematar, ¿dimitirá da Presidencia do Parlamento Galego?

—Aínda que a miña designación foi feita pola Cámara, é evidente que por motivacións éticas, ó facerme presente noutra opción política, teño que reflexionar sobre a posibilidade de dimitir da Presidencia.

El Ideal Gallego, 27-I-1983

TOMÁS FERNÁNDEZ MARTÍN

Tomás Fernández Martín, antigo director en funcións de EL IDEAL GALLEGO e, dende hai uns días, director xeral dos medios de comunicación social da Xunta de Galicia, veu a Barcelona para asistir a unha exhibición de material móbil de televisión e entrar en contacto cos responsables do proxecto do Terceiro Canal de T.V. da Generalitat de Catalunya.

—¿Que interese ten para a Xunta —preguntámoslle— esta visita?

—É especialmente útil de cara ó Terceiro Canal da T.V. autonómica que prevé o noso Estatuto. Por unha banda, vin as últimas novidades de material móbil que están aparecendo no mercado e, por outra, coñecín de cerca o proxecto catalán.

—¿Que afinidade pode haber entre os proxectos catalán e galego?

—Grande, xa que a regulación prevista nos respectivos Estatutos é practicamente igual. O proxecto catalán atópase nunha fase avanzada de elaboración e xa están feitos os estudos precisos e o anteprojecto correspondente. Foi convocado un concurso para a redacción definitiva do proxecto e coidan encetar as súas emisións dentro deste ano. Podo asegurarche que esta visita foi moi proveitosa para nós.

—¿A que se debe que Galicia só teña media hora de programación no circuito galego cando Catalunya dispón de varias horas entre as dúas Cadenas?

—É un problema que depende de RTVE; pero nestes intres estamos a impulsar e favorecer, en canto poida depender de nós, o incremento da programación específica galega tanto na televisión como na Radio Nacional.

Namentres falamos, na pequena pantalla, un persoeiro do Parlament é entrevistado en «Vosté Pregunta». Non hai duda que os cataláns souberon negociar a nivel estatal os programas — catro horas e media— xa conseguidos e que os galegos aínda estamos lonxe de lograr. A pregunta é lóxica:

—Agora, na etapa autonómica ¿vaise a recuperar o tempo perdido?

—Esperamos que ésta sexa unha das preocupacións dos novos responsables de RTVE en Galicia. Pola nosa parte aceleraremos, porque ésta é a vontade do Goberno, a posta en marcha de canto prevé neste eido o Estatuto para que a nosa Comunidade Autónoma poida contar axiña con Radio e Televisión propias ó servizo dos cidadáns galegos.

—¿Contades con medios económicos para que iso sexa realidade?

—Nos presupostos deste ano está prevista unha cantidade para realizar os estudos previos do Terceiro Canal de T.V. Pero a realización definitiva do proxecto esixe grandes sumas de diñeiro. Os cataláns, por exemplo, recorreron a unha emisión de Deuda Pública, fórmula que poderíamos empregar nós tamén.

—¿Non é unha contradicción que os medios de comunicación estatais que acostuman a estar nas mans do goberno central de turno, influían en nacionalidades autónomas con programas políticos diferentes?

—Se RTVE cumprira realmente coa súa condición de radio e televisión públicas, non tería por que darse contradicción algunha xa que os intereses daquelas estarían perfectamente representados. Nembargantes tales intereses maioritarios e os específicos galegos estarán mellor defendidos dende a radio e a televisión autónomas porque as pretensións da Administración Central poden non coincidir, como está a suceder, coas das comunidades autónomas.

—¿Que estades a facer pola radio e pola prensa, medios que non teñen mester de grandes capitais para o desenvolto da súa actividade?

—Este tema é outro dos que me informei nesta visita á Cidade Condal. A Generalitat está a facer un labor moi grande no sentido de promocionar a lingua e a cultura catalanas a través da radio e da prensa. Nós temos a idea de traballar tamén nesa dirección en todo o que signifique potenciación da cultura e da nosa lingua. Neste campo, ademais, temos o propósito de proxectar a información de Galicia para as Comunidades Galegas residentes fora da nosa Terra.

El ideal Gallega, 4-II-1983

XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR

A visita do presidente da Xunta de Galicia ó Centro Galego de Barcelona, aproveitando a súa estancia oficial en Catalunya, foi un acontecemento extraordinario. No local social da nosa Colectividade non se recorda un acto que despertara tanto interés nin tanta concurrencia de xentes de tódolos estamentos barceloneses a pesar de ser día laboral.

Xerardo Fernández Albor, acompañado polos conselleiros de Industria e de Agricultura, por altos cargos da Xunta e o honorable conseller adxunto á Presidencia da Generalitat, señor Coll i Alentorn, foi recibido pola Directiva do Centro Galego presidida por Manuel Pérez Guerra e, acto seguido, departiu na Sala de Xuntas coas Directivas de cada un dos grupos, irmandades e centros galegos, con Estatutos propios, existentes en Catalunya. O señor Fernández Albor e os seus acompañantes firmaron no Libro de Ouro e, a continuación, pasou ó Salón de Actos sendo acollido polos asistentes con afervoados aplausos.

O señor Pérez Guerra, tras agradecer a presenza do presidente da Xunta de Galicia, afirmou: «Galicia debe loitar para que os seus fillos non emigren; para que aqueles que están lonxe volvan a ela se llo permite a súa situación e se están dispostos a encetar de novo outra loita. O emigrante —engadiu— agora máis ca nunca, neste intre en que Galicia recobra a súa identidade, debe estar no pensamento dos seus gobernantes e a súa problemática debe reflexarse nas leis promulgadas polo poder lexislativo».

O presidente do Centro Galego rematou o seu discurso rogándolle ó señor Fernández Albor: «Cando se encontre de novo na nosa Terra, déalles unha aperta ós homes e ás mulleres que atope. Gracias, señor Presidente».

Manuel Pérez Guerra agasallou a Fernández Albor cun artístico cadro coa fotografía da Masa Coral «Lonxe da Terra» e, seguidamente, presentouse o libro, editado polo Centro Galego «Galegos en Catalunya, 1978-1982».

Don Luis Suárez Delgado, con brillante oratoria, encetou o seu parlamento facendo grande eloxio do libro, con louvanzas que lle agradecín, pero que quizabes estean un tanto influidas pola vella amizade que nos xungue.

Referiuse tamén o señor Suárez a outros libros galegos, editados en Barcelona ou con gran conexión cos cataláns, de Alfredo Brañas, Murguía, Otero Pedrayo e Valentín Paz Andrade, e sulíñou: «"Galegos en Catalunya, 1978-1982" é un gran testemuño de todos nós. Este libro é unha tarefa, este libro é dos amigos, este libro é a vida da Colectividade galega no que están dende Filgueira Valverde ata os máis modestos escritores galegos. É unha crónica que poden levar todos consigo para dar a saber que os galegos, por moi lonxe que nos atopemos, pensamos na Terra. Este segundo libro de Publicacións do Centro Galego —rematou o presentador— é un regueiro que temos que seguir cultivando a través das irmandades, ese gran tesouro do Centro Galego».

O Presidente da Xunta, tras manifestar a súa satisfacción por se atopar coa Colectividade galega de Catalunya, afirmou: «Aquí coñecín o amor a Galicia; aprendín destes homes o que eles sinten pola súa historia, pola súa lingua. Eu, que son un galego nado en Compostela, nun medio urbano e universitario, aprendín moito de Casado Nieto, que, sen decatarse, convertiume á miña Terra e á miña lingua. Foi o meu mestre, neste senso, e querelle agradecer as ensinanzas que me deu na xuventude cando estudiaba ciruxía nesta cidade».

Recordou a amizade que o xungue a Suárez Delgado e as tarxetas-poemas de felicitación «O Galo» con que o veterano galeguista agasalla tódolos anos, por Nadal, ós seus amigos e, ó referirse ós escritores nomeados polo presentador, dixo:

«Nós, os galegos, o único que temos que facer é seguir sempre xunguidos, facerlle caso a estes homes que loitaron pola nosa cultura. Eu tiven o honor de inaugurar o monumento a Brañas en Carballo. Os políticos — engadiu— somos secundarios; o importante son os homes de Galicia, os que fan Patria da boa no seu fogar, no libro, na oficina, na clínica. Se eu estou, neste momento, loitando pola política é soamente polo empeño de unir a tódalas mulleres e a tódolos homes da nosa Terra porque, fixédevos ben —sulíñou o presidente do Goberno Galego— ou nos recuperamos o noso senso, a nosa Patria, os nosos problemas ou non nolos vai arreglar ninguén.»

O señor Fernández Albor foi moi aplaudido e findou o seu discurso con estas palabras que lle agradezo fondamente:

«Gracias por honrar a este home que fixo este libro, que, como di Suárez Delgado, é un libro importante. Tódolos libros son dun gran valor cando teñen o corazón e o estilo do teu. "Galegos en Catalunya, 1978-1982" será tamén, algún día, un libro importante para a nosa historia, para a nosa historia dos galegos en Catalunya.»

Rematado o acto literario, cantouse o Himno Galego e, logo, no Bar Social, serviuse un viño e produtos gastronómicos do país.

Como remate á súa estancia en Catalunya, o presidente Xerardo Fernández Albor, agasallou cunha cea de despedida, celebrada nun céntrico hotel, a tódolos representantes dos centros, irmandades e grupos galegos, ás autoridades da Generalitat e a persoeiros galegos das letras, da

xudicatura, da banca, da ciencia, da industria, etc. Queremos suliñar algúns párrafos dos discursos dos máximos responsables das dúas Comunidades Autónomas:

«Hai que pasar do sentimento do amor á Terra —dixo Fernández Albor— a outro de compromiso cos homes da propia Terra. Isto é moi importante. A Galicia amámola todos. Galicia provoca en nos un sentimento de amor. Un día oínlle dicir a Víctor Moro que un pobo que rí e canta é un pobo maravilloso. É verdade, pero non abonda con querer á Terra, é mester comprometerse por ela, porque Galicia ten dous millóns de persoas no exterior e eu chámolle exterior, inclusive, ós que están aquí, inda que estean encantados. Para os que queren voltar, temos que darlles postos de traballo na nosa Terra. Temos que comprometermos con este enorme problema, temos que facer todo o posible para que, os que queiran vivir e morrer no seu pobo, teñan dereito a facelo.»

Máis adiante, o presidente galego lembrou que o seu curmán Valentín Fernández, emigrante e morto en Bos Aires, escribíalle: «Galicia é un tesouro cun cego sentado encima». E dixo: «Eu sempre penso: vamos a ver se levantamos ese cego. E ¿que é ese cego para nos? Ese cego é que non seamos nos mesmos os responsables do progreso galego. Despois de tantos siglos de centralismo que non arreglou os nosos problemas, estou convencido —suliñou Fernández Albor— que, co Estado Democrático vamos a conseguir ese progreso que, dende logo, endexamaís conseguiríamos nun Estado autoritario sen liberdades».

O Honorable Jordi Pujol fixo un gran eloxio de Fernández Albor, «que non fai política por vanidade e ten o único afán de sacar o país adiante, cun sentimento profundamente galego e con anxeios de construír Galicia».

Noutro intre do seu discurso, Jordi Pujol afirmou que Galicia seguirá adiante porque os galegos temos o hábito do esforzo e do traballo, garantías dunha profunda solidariedade entre os países galego e catalán. O presidente da Generalitat findou con estas palabras: «Xerardo Fernández Albor e nós tivemos exactamente o mesmo diapasón. A Generalitat, e eu mesmo, congratúlamonos moitísimo de ter estado con vostedes, xente que —nótase e pálpase— aman profundamente Catalunya».

Faro de Vigo, 6-IV-1983

Visita ás colectividades galegas

«Síntome feliz de estar aquí, de poder entregar unha Bandeira galega e uns libros do Fondo Editorial da Lei de Galeguidade, que é canto nós podemos dar agora.» Con estas palabras o presidente da Xunta de Galicia contestou ó discurso pronunciado polo presidente do Centro Galego de Barcelona, Manuel Pérez Guerra, no acto celebrado no local social ateigado de socios e coa presenza dos parlamentarios galegos Ramón de Vicente, Pablo González Mariñas e Ceferino Díaz, que asistiron a un coloquio encol da reconversión industrial, e do concellal de distrito Rodolf Guerra que representaba ó Concello de Barcelona. Co mesmo afervoadado garimo foi recibido no Centro Galego de Lleida, no Penedo-Fogar Galego de Barcelona e nas agrupacións e irmandades de Mollet,

Cornellà, Rubí, Terrassa e «Saudade», de Barcelona; pero tamén temos que suñar as correctísimas acollidas oficiais que lle dispensaron os alcaldes de Mollet, Lleida, Rubí e Terrassa nas sesións dos respectivos concellos e que acompañaron ó presidente do Goberno galego durante os seus contactos coas colectividades galegas radicadas nas propias demarcacións.

O presidente da Xunta atopouse con sorpresas como a presenza de 120 gaiteiros de «Toxos e Xestas» que agardábano no aeroporto do Prat; coa interpretación do himno catalán «Els Segadors» polos gaiteiros de Mollet, como mostra de integración en Catalunya; co reencontro emocionado con vellos amigos na Cidade do Segre —qué ben interpretou «Dous Amores» Rosa González— e, en Rubí, o doutor Fernández Albor atendeu unha danzante que se estordegou un pe; en Terrassa entregou diplomas a nenos concursantes de dibuxo de temática galega; no local de «Saudade» tomou nota de varias reivindicacións; no da Asociación «Rosalía de Castro» de Cornellà, a donde acudiu tamén o alcalde, abrazou ó seu curmán Cándido Amador Rosas, concellal da localidade e, na «Casa Darío», nunha cea ofrecida polas directivas de tódalas institucións galegas, lembrou, con fondo pesar, a recente perda do seu gran amigo Casado Nieto.

Tódalas entidades visitadas e as que non puido visitar, como o grupo «Nós», de Sabadell; a Peña Galega, de Castelldefels; «Airiños da nosa Galicia», de Santa Coloma, e «Os Composteláns» —coas que prometeu estar noutra ocasión— contarán, dende agora, co fondo editorial contemplado na Lei de Galeguidade. O presidente aceptou agradecido os recordos que lle entregaron cada unha das agrupacións e unha placa colectiva que lle ofreceron durante o xantar de despedida ó remate do cal dixo: «Alédame enormemente esta placa conxunta cos nomes de todos pero a miña maior regalía será que na próxima ocasión me fagades entrega doutra na que diga: "Federación de Sociedades Galegas de Catalunya"».

Non queremos rematar esta crónica sen nos referir máis extensamente ós discursos pronunciados na «Casa Darío». Tras unha breve presentación a cargo de Xenxo Carballo, Iolanda Díaz Gallego, presidenta de O Penedo-Fogar Galego, agradeceu a presenza do presidente de Galicia e suñou a importancia de que tódalas directivas das entidades galegas asentadas en Catalunya puideran falar co representante elixido polo pobo galego, en pe de igualdade e «como lumieiras de galeguidade que naceron con grandes esforzos, co pensamento posto na Terra, coa idea de espallar a cultura galega, con diversos matices, pero cun punto de coincidencia que é Galicia». Iolanda, tras agradecer tamén a presenza do conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración, Xoan Corral, a do director xeral de Emigración, Xosé Carlos Rodríguez, e dos parlamentarios, dixo: «Este non é o intre de pregar pero tampouco queremos dicir como Castelao: "O galego non pide, emigra"». E engadiu: «Galicia non se pode esquecer dos milleiros de fillos que viven na diáspora porque eles mantiveron latexante a nosa identidade cando non era doado facelo e moito menos propágalo». Iolanda Díaz findou coas seguintes palabras: «Anceiamos que as autoridades galegas sexan portadoras para Galicia do noso espírito loitador, nestes intreiros de expectativa arelante que está a renacer, e do noso profundo amor á Terra».

O presidente Fernández Albor afirmou: «Somos galegos por enriba de todo. O fundamental é que sexamos un pobo con protagonismo político con toda a sociedade en marcha. A miña obriga —engadiu— é levar Galicia polo vieiro da irmandade e solidariedade e romper co espírito un pouquiño individualista. Agora que Galicia é responsable do seu destino, todos nos somos o futuro

da nosa Terra, que é como un tesouro cun cego sentado enriba —don Xerardo facía alusión a unha comparación empregada polo seu curmán Valentín Fernández, persoeiro da política arxentina morto hai uns anos— e ese cego, deica hoxe fómoloo nós. Non sigamos —findou o presidente da Xunta de Galicia— séndoo nunca máis».

Manifestacións do presidente galego

«Os que temos máis tradición autonomista, máis e mellor debemos defendela. Ou nos salvamos todos ou se funde a barca con todos nós. A barca é o progreso e a liberdade.»

«Un pobo que canta "Els Segadors" e o himno galego, e fala catalán e galego co mesmo afervamento é un pobo que está integrado e identificado co lugar de residencia. Cremos que así seguiremos ó longo da historia.»

«Inda que non chova, temos que sementar. É responsabilidade de todos. Acabouse culpar ós demais. Nos somos quen debemos traballar, convencidos todos de que a Autonomía é fundamental. Non vaíamos culpar á Democracia da crise económica. A única posibilidade de saír dela é pensar no futuro. Cun Estado autonomista e democrático é como podemos conseguir unha mellor convivencia en paz.»

«Síntome feliz de podervos entregar algo: uns libros e unha Bandeira como recordo. É todo canto podemos hoxe. Pouco a pouco irá crescendo o noso autogoberno e os presupostos serán máis dignos cada vez para poder facer cousas en común.»

«Acúsanme de electoralismo, é inevitable. Non vamos quedar na casa para non ser acusados. O meu peregrinar polos centros galegos como presidente da Xunta é para manter un diálogo aberto con tódolos grupos galegos para que non se esquezan da lingua e da historia de Galicia. Ese é o noso xeito de defender España.»

Resume de El Ideal Gallego, 1-IV-1984

Faro de Vigo, 4-IV-1984

«TREBOADA» Nº 13, Maio-Xuño 1984

Día de Galicia na Felra de Mostras de Barcelona

O xefe do Goberno galego viaxou a Barcelona acompañado polo conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio e o de Turismo, Xuventude e Deportes, Ramón Díaz del Río Jáudenes e Manuel Anxel Villanueva Cendón, para presidir os actos do «Día de Galicia». Foi recibido polo conseller de Comercio e Turismo da Generalitat, Francesc Sanuy, polos xefes dos sectores naval e aéreo de Catalunya, os portavoces dos grupos parlamentarios cataláns, diversos directores xerais da Xunta e da Generalitat, o director do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro, os presidentes das

colectividades galegas e gran número de galegos representantes dos diferentes estamentos barceloneses.

Na recepción oficial, en contestación ó discurso do presidente da Feira, Josep M. Figueres, don Xerardo Fernández Albor dixo: «Nós estamos convencidos de que o comercio é fundamental para Galicia. Fálase moito de reconversión industrial e menos de comercio. Unha das nosas obrigas —suliñou— é aumentar a exportación porque somos un pobo creativo, traballador, imaxinativo e debemos facer que se coñezan as nosas cousas e o noso labor e ¿que mellor sitio que esta Feira de Mostras de tanto prestixio universal para promocionar os nosos produtos?».

Tras izarse a Bandeira galega e interpretarse os himnos galego e catalán pola Escola de Gaitas «Toxos e Xestas», Fernández Albor e demais autoridades fixeron un recorrido polo recinto ferial deténdose no «stand» da Cámara de Comercio de Lugo onde foi saudado polo presidente da Diputación luguesa, Francisco Cacharro Pardo, e polo presidente da Cámara lucense Mauricio Posada Veiga, trasladándose, logo, ó Pabellón de Galicia.

No Palacio Ferial (4), a Consellería de Industria, Enerxía e Comercio presenta unha abondosa mostra de produtos galegos. Perto de 100 expositores da industria naval, da madeira e de fundición; de produtos artesanais, cerámica en xeral, pizarra e granito; de accesorios para automóvil, manufacturas do caucho, moda textil, electricidade, xoiería e artesanía; de plásticos, publicacións de libros galegos e do sector alimentario, ocupan un amplo pabellón de 600 metros cadrados no que, ademais, hai un «stand» da consellería de Turismo, Deportes e Xuventude con folletos de propaganda en catalán e un vídeo que continuamente presenta as rutas turísticas, os costumes e a riqueza monumental de Galicia. Importantes novidades da mostra, moi eloxiadas pola crítica especializada, son a furgoneta PICK-UP fabricada por IMESA no polígono de Sabón-Arteixo, con carrocerías de fibra de vidro, e o camión URO, de tracción todo terreo, exposto na praza do Universo.

No Pabellón galego, autoridades, industriais e público rebordaban contento pola dignísima presenza dos sectores industriais e comerciais de Galicia. Cacharro Pardo manifestou o seu anxeio de que en próximas edicións a representación sexa moito máis ampla, e Posada Veiga engadiu: «É mester que se coñeza a importancia dos nosos produtos dentro do contexto da economía nacional». Fernández Albor, que recorreu con detenemento tódolos «stands», felicitou ós organizadores e animounos para incrementar a presenza de Galicia nos próximos anos e, a continuación, no restaurante galego «Botafumeiro» celebrouse un xantar ó que asistiron 160 comensais. Ó remate, o presidente da Xunta pronunciou un discurso que findou coas seguintes palabras: «A irmandade entre o pobo catalán e galego foi, é e será. Non importa qué partidos gobernen porque a irmandade entre os pobos está por riba dos partidos políticos que en determinados intre encarnen as institucións».

Faro de Vigo, 15-VI-1984

TREBOADA, Xullo-Agosto 1984

«Ós galegos de Galicia —manifestounos Fernández Albor ó remate da III Mostra da Cociña Galega celebrada en Barcelona— direilles que aquí temos uns irmáns, que todo o mundo está moi contento con eles, que representan moi ben á súa Terra, que son un exemplo de galeguidade, que quere dicir, tamén, integración cunha Terra tan preto de nos como é Catalunya, e que co seu traballo, coa súa honradez e co seu xeito de comportarse, son un orgullo para todos nós os galegos.»

A cea de irmandade, organizada pola Hostelería Galega en Barcelona, á que asistiron mil comensais, foi presidida polo xefe do Goberno galego, Xerardo Fernández Albor, e polo deputado catalán Trías Fargas, que representaba ó Honorable Jordi Pujol. Entre as numerosas personalidades invitadas, atopábanse o conselleiro Villanueva Cendón e o director xeral da súa consellería, Díaz Ray; o secretario xeral do Departamento de Comercio, Consumo e Turismo da Generalitat, Andreu Gisbert; o presidente de Coalición Galega, Antonio Díaz Fuentes; os vicepresidentes das diputacións da Coruña e Ourense, señores Sardiña e García; os presidentes das Cámaras Oficiais de Comercio e Industria de Lugo e Pontevedra, Posada Veiga e Portela Paz; o presidente da Cámara Agraria de Pontevedra, señor Casalderrey; representantes das sociedades patrocinadoras Automóviles «V.S.» Renault; Banco Pastor; CaixaGalicia; Televés, S.A.; Empresa Montaña e Toyota; os directores de Radiocadena Española de Barcelona, A Coruña, Monforte, Ourense e Vigo, que emiten o programa «Con Acento», e colaboradores dos restaurantes galegos Botafumeiro, Can Ribot, Carballeira, Casa Darío, El Hogar Gallego, La Xarxa, Lemos, Lino, Marisqueiro Panduriño, Medulio, Mesón Los Pacos, Mesón Morriña, Mesón Nouriño, O Enxebre, O Nabo de Lugo, Solera Gallega e Sporting-Toxos e Xestas, así como Comercial Iguazú e a Delegación Pazo Ribeiro.

O acto foi presentado por Xosé Luis Blanco Campaña e amenizado pola orquesta «Trébol», de Ferrol, e os postres foron servidos por Carlos Folgueira «O Rey das Tartas de Mondoñedo».

Finalizada a cea, foron entregadas placas conmemorativas a membros da Hostelería Galega e ós medios de comunicación e, seguidamente, o presidente don Xerardo Fernández Albor nun breve discurso manifestou o seu contento por se atopar entre os galegos residentes en Catalunya. «Galicia —dixo— está en pé, está marchando, buscando a súa dignidade histórica, a súa lingua, a súa historia, a súa identidade; pero esta identidade de amor éo, non soamente entre galegos senón para os cataláns e os outros pobos de España. Este exemplo que dá Galicia —suliñou o presidente galego— é o que eu quero que algún día resoe en toda España. Estou seguro que se conseguirá».

A festa gastronómica findou coa interpretación do himno galego e coa actuación dos grupos de gaita e danza do Centro Galego de Barcelona.

Faro de Vigo, 1-XII-1984

MIGUEL IGLESIAS PÉREZ

Maderas Ornanda, S.A., que fabrica caixas portabotellas, envases de froitas, caixas industriais e contenedores de madeira en Miñortos (Porto de Son), presentou os seus produtos en HISPABACK 83, no Salón Industrial de Envase e Embalaxe, celebrado na Feira de Barcelona.

O stand da empresa galega, con domicilio social en Noia (A Coruña), foi deseñado polo artista-pintor nativo daquela histórica vila e residente na Cidade Condal, Alfonso Costa Beiro, e polo escultor Casaubón. Pola súa orixinalidade e pola calidade dos seus acabados, o stand, presidido pola neta de Noé, Noela, símbolo de Noia, artisticamente pintada sobre madeira por Costa Beiro, foi premiado por unanimidade do xurado calificador.

Miguel Iglesias, xerente da importante empresa noiesa, agasallou ós seus numerosos amigos galegos e cataláns con viños e especialidades típicas da Terra, servidas por Xosé Luis López Fraga do restaurante SPORTING «Toxos e Xestas».

El Ideal Gallego, 9-IV-1983

MANUEL PREGO DE OLIVER

Por primeira vez —a próxima estará adicada a Salvador Dalí— no maravilloso marco do Palacio Real de Pedralbes de Barcelona presentouse a obra dun pintor vivo. Estamos a falar de Manuel Prego de Oliver, que inaugurou unha exposición antolóxica patrocinada polo Axuntamento.

Fixo a presentación o académico Gonzalo Torrente Ballester e presidiu o acto o alcalde Pascual Maragall. Entre os numerosos asistentes atopábase o director do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro; o delegado de Hacienda, Eduardo Fernández; os profesores Serafín García, Pita Salorio, Seoane Camba, Basilio Losada, Vázquez Sotelo; persoeiros galegos de varios estamentos sociais tales como Casado Nieto, Costa Clavell, Xoan Manuel Casado, Darío Pin, Pet Posse; o presidente do centro Galego de Barcelona, Manuel Pérez Guerra, e representantes das irmandades e grupos de Mollet, Sabadell, Rubí, Terrassa, Castelldefels, Cornellà e do Fogar Galego «O Penedo»; críticos de arte e os medios de comunicación.

Torrente Ballester, con oratoria fácil e ricaz, preguntouse: ¿Por que Prego transmite a calidade da madeira a tantas pinturas e tantas cousas que non son de madeira, como poden ser as mans, as caras, as roupas da nosa xente? E engadiu: porque Galicia, ademais de mar e de pedra é bosco e, en certos intres, na nosa Terra, a calidade da madeira dos carballos e daqueles castiñeiros está en todas partes como un dos elementos fundamentais da nosa natureza. Prego soubo interpretala nestes desnudos, nestes cegos e nestes vellos que, afortunadamente —suliñou o escritor ferrolán— constitúen a parte literaria da cultura fronte ós que defenden a pureza absoluta da plástica.

O académico invitou ós asistentes a visitar as mostras antolóxicas e afirmou: «Son a mensaxe de occidente, dos boscos e da plástica que nos trouxo a este Palacio o amigo Manuel Prego.»

O alcalde Pascual Maragall encetou o seu discurso refiríndose á fermosa imaxe empregada por Torrente Ballester sobre a influencia da vida solar nos pobos —Catalunya país de nacente; Galicia, de solpor— e felicítouse pola presenza do pintor galego na Cidade Condal. O rexidor barcelonés suliñou a importancia do intercambio cultural, das manifestacións poéticas e plásticas «lingua das formas da beleza» e findou cunha referencia ó seu avó, Joan Maragall, que dicía: «Hai que respetar as Españas, o conxunto das diferentes terras da Iberia, e axudar a conquistar un diálogo cordial e intelixente».

Pola noite, Manuel Prego e Torrente Ballester foron invitados polo concellal de cultura, Raimon Martínez Fraile, a unha cea á que asistiron Víctor Moro e outros amigos do gran artista galego quen, ó remate, manifestou o seu agradecemento ó Concello barcelonés pola favorable acollida dispensada á súa obra.

Na xuntanza mensual da Peña do Penedo, Xenxo Carballo tamén presentou ó invitado de honor, Prego de Oliver, e, a continuación, Víctor Moro fixo unha eloxiosa semblanza do pintor que «ten a condición fundamental —dixo— de ser fiel a si mesmo, cunha obra de autenticidade, profunda e verdadeira, moitas veces esquecida polos grupúsculos caciquiles culturais de Galicia, circunstancia que tamén se deu no esgrevio escritor galego Torrente Ballester».

Víctor Moro foi moi aplaudido cando, ó se referir á mostra antolóxica do consagrado artista, afirmou:

«O acontecemento de onte é moi importante para Galicia e para a cultura galega. Onte Galicia entrou pola porta grande do Palacio Real de Pedralbes.»

El Ideal Gallego, 13-V-1983

XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE

O Conselleiro de Cultura, Xosé F. Filgueira Valverde, pronunciou no Centro Galego unha conferencia sobre O LIBRO GALEGO encetando, cos seus profundos coñecementos histórico-biográficoliterarios o extenso programa de conferencias, exposicións de libros, de cerámica e de pintura.

Presidiron o acto o director xeral de Cultura da Generalitat, señor Manent, o Xefe de Relacións Públicas do Axuntamento, Martínez Fraile, e o presidente da institución galega, Manuel Pérez Guerra, que fixo a presentación do ilustre conferenciante. Entre o numeroso público atopábase Araceli Filgueira Iglesias, directora xeral de Bibliotecas da Xunta de Galicia; Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona; membros da Xunta Directiva e da Comisión de Cultura do

Centro Galego; representantes das Irmandades Galegas e vellos amigos do Conselleiro, como o veterano galeguista Luis Suárez Delgado.

Filgueira Valverde, con rebordante erudición fixo unha amena exposición da historia do libro galego, dende os vellos códices ata a actualidade, suliñando á importancia da lírica medieval Galaico-portuguesa, a imprantación da imprenta en Galicia, o rexurdimento literario galego e o labor renovador e creativo en tódolos eidos da sabencia realizado pola xeneración «Nós» e polo Seminario de Estudos Galegos.

O esgrevio bibliófilo findou a súa documentada lección maxistral facendo fincapé na importancia dos libros, porque nos achegan á cultura e ó pensamento dos nosos devanceiros. «Os libros —dixo— fan o milagre de que poidamos seguir escoitando os poemas de Rosalía, o verbo ricaz e barroco de Otero Pedrayo, as maravillosas invencións de Cunqueiro e que nos podamos achegar ó pensamento de Castelao, de Risco e de tantos outros persoeiros que están vivos na súa obra.»

Maio, 1983

Conferencia na Universidade de Barcelona

Catalunya soubo rendir unha merecida homenaxe a Martín de Riquer, co gallo da súa xubilación na cátedra. Á iniciativa da Universidade sumáronse a Generalitat, os organismos científico-culturais e os medios de comunicación.

Para Galicia é un honor que, entre unha vintena de recoñecidos romanistas belgas, italiáns, franceses, ingleses e os españois Joaquín Molas, Manuel e Carlos Alvar e Antonio Vilanova invitados a un importantísimo coloquio, se incluíra ó profesor Filgueira Valverde. Para el debeu ser moi grato que, a pesar da tormenta que facía intransitable a Cidade Condal, a Aula Magna estivese chea de oíntes para escoitar a súa lección encol da épica carolinxia.

O orador, que empozou falando en galego, lembrou os traballos de Bouza Brey, Risco, Taboada Chivite, Horrent e Rodrigues Lapa e fixo grandes eloxios de Martín de Riquer, que acaba de publicar unha edición da «Chanson de Roland». Tamén destacou o enorme servizo que o profesor fixo á poesía galega medieval divulgándoa fóra de Galicia. A continuación, o profesor Filgueira Valverde abordou o tema dos motivos da presenza da materia carolingia no Camiño Francés, as representacións iconográficas e onomásticas e, moi especialmente a parodia da «Chanson de Roland» que se conserva nos cancioneros galaico-portugueses da Vaticana e da Biblioteca Nacional de Lisboa.

Humorísticamente, «esperpentizado», presentou o cadro das circunstancias en que se compuxo e suliñou os seus valores de crítica social contra os ricos homes e os acontecementos históricos de mediados do século XIII, para facer máis comprensible o orixinal que leu ó remate da súa amena exposición.

O rector da Universidade, señor Badía, pronunciou un importante discurso de apertura dos actos, e o decano, señor Oliver, os prestixiosos profesores cataláns Aramón Serra e Pere Bohigas — tamén quero remarcar a presenza dos galegos Basilio Losada Castro e Xoan Manuel Casado— os ponentes extranxeiros e o numeroso auditorio familiarizado co tema, acolleron con vivo interés a lección do erudito galego.

Faro de Vigo, 22-III-1984

XESÚS ALONSO MONTERO

Invitado polo Centro Galego de Barcelona co gallo do Día das Letras Galegas, Alonso Montero pronunciou unha conferencia no Paraninfo da Universidade Central encol da vida e da obra do poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro, titulada O POETA QUE AMOU A VERDADE E PRACTICOU O BEN. Presidiron o acto académico o conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde, e o presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra, e fixo a presentación do conferenciante, Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona, que, entre outras cousas, afirmou: «Alonso Montero é un dos máis esgrevios defensores da nosa lingua e nós, os galegos, o noso pobo, temos xa contraída con el unha débeda inesquecible porque a lingua é a nosa identidade, é o sangue que artella e fai un país e unha cultura».

Falar de Xesús Alonso Montero, profesor do Colexio Universitario de Vigo dende hai seis anos, escribir da súa obra e da súa persoa semella un tópico porque a súa personalidade, a súa tarefa como escritor, como crítico e colaborador en tódolos medios de comunicación, é abondo coñecida nos eidos da nosa cultura; pero non sería fiel a min mesmo se, aproveitando a súa presenza novamente en Barcelona, non fixera un agradecido repaso —inda que superficial— do abondoso labor intelectual deste infatigable escultor da problemática sociolingüística do noso pobo.

Alonso Montero, nado en Vigo o mes de novembro de 1928, premio extraordinario en Filosofía e Letras pola Universidade de Madrid e doutor pola tese LENGUA Y ESTILO DE MANUEL CURROS ENRIQUEZ EN SU POESÍA GALLEGA, está casado con Emilia Pimentel e ten tres fillos, o máis novo, nado en Lugo onde don Xesús desenvolveu durante varios anos as súas actividades docentes.

O labor do profesor non é só un traballo didáctico, éo tamén de concienciación dos seus alumnos. Pódese dicir que a maior parte dos cinco mil discípulos que Alonso Montero ten aleccionado coas súas clases e —o máis importante— co seu exemplo, coa súa valentía, coa decidida defensa da verdade, das liberdades e os dereitos humanos, a maioría deses rapaces —digo— hoxe homes espallados por tódolos estamentos da vida cidadana, lembran con orgullo as ensinanzas do mestre, que non tivo medo á cadea nin se amedrou co desterro (lembramos os cinco meses destinado forzoso en Montilla (Córdoba) ata que recuperou a cátedra lucense con honores populares) e soamente —penso— hai unha pequena lagoa no curriculum de Xesús Alonso Montero:

a política. A súa bondade fíxolle aceptar o encabezamento dunha candidatura política mal programada e que non tivo eco popular. Foi unha sorte porque a nosa Terra non está sobra de «formadores» e ¿que mellor servicio a Galicia có de «formador» de promocións estudiantiles? ¿Como podía desaproveitar o noso pobo a verdadeira vocación do profesor Alonso Montero, conferenciante, editor de libros, escritor, impulsor e asesor de actividades intelectuais tales como o recentemente creado Consello de Cultura Galega?

A vocación literaria do profesor vigués encétase cuns artigos publicados na revista GRIAL o ano 1951 sobre Curros e a Saudade. Como froitos xa madurecidos, citaremos LA PALABRA EN LA REALIDAD (1963); CEN ANOS DE LITERATURA GALEGA, en colaboración con E. Ramos de Castro (1964); REALISMO Y CONCIENCIA CRITICA EN LA LITERATURA GALLEGA (1968); O GALEGO NA ESCOLA, en colaboración con Xosé M.^a de Marcos (1970); ROSALÍA DE CASTRO (1973); INFORME-DRAMATICO-SOBRE LA LENGUA GALLEGA (1973); POLÍTICA Y CULTURA EN GALICIA, 1977 (1978); ESCRITORES: DESTERRADOS, NAMORADOS, DESACOUGANTES, DESACOUGADOS (1981) e numerosas traducións, aportacións teóricas sobre «Dilingüismo» e «Diglosis», recuperacións de textos esquecidos como PADRENUUESTRO DEL SIGLO XVII e EVANGELIO DE SAN MATEO e un longo etcétera ata a recente edición crítica da produción literaria de Manuel Leiras Pulpeiro con poemas descoñecidos deica hoxe.

Coido que con esta breve reseña das actividades intelectuais de Xesús Alonso Montero queda máis que xustificada a ledicia e o fervor con que foi acollido no noso Centro Galego de Barcelona «este teimudo loitador na defensa da lingua galega», como ben dixo Víctor Moro.

Faro de Vigo, 24-V-1983

MANUEL ANXEL VILLANUEVA CENDON

Co gallo da presentación da campaña MEJOR GALICIA, LO TIENE TODO, no Hotel Ritz, de Barcelona, conversamos co conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes, Manuel Anxel Villanueva Cendón que, tras manifestarnos a satisfacción pola acollida que lle dispensou o Honorable Jordi Pujol e a importancia que teñen os intercambios galaico-cataláns, engadiu:

—A Xunta de Galicia é consciente da importancia que o turismo pode supoñer con estes actos de propaganda nos eidos da economía, da cultura e da universalidade. O turismo axuda á democracia e á convivencia. Canto máis se coñezan os pobos, canto máis se dialogue e nos relacionemos, mellor poderemos superar os problemas nestes intres difíciles que nos tocou vivir.

—¿Lograrán canalizar o turismo cara Galicia?

—Asistimos a cantas feiras están relacionadas co turismo en España, Europa e América para tratar de dar a coñecer a nosa Terra. Galicia é a gran descoñecida, sobre todo a Galicia do interior. O turismo é unha industria que pode xenerar moita riqueza. Se Escocia e Suiza, con climas moito

peores có noso, teñen un turismo de calidade, nos temos que telo tamén. Non queremos un turismo masivo, o que non quere dicir que atendamos só a un turismo de élite. Queremos un turismo de tipo medio, que lle guste disfrutar da nosa cultura, da nosa tradición, dos nosos monumentos e da nosa gastronomía.

—¿De qué xeito promocionan vostedes o turismo en Galicia?

—Convencendo ás axencias de viaxes, ós profesionais de hostelería e ós restaurantes, da súa importancia. Tamén invitamos periódicamente a grupos de escritores e periodistas de toda Europa e América que, logo, escriben nos seus xornais encol das excelencias de Galicia. O mes de outubro iremos a San Francisco, invitados polo presidente dun grupo que rexenta 20.000 axencias de turismo nos EE.UU., para empezar a traballar con «paquetes turísticos» chamados «10.000 dólares, 20 días».

—¿Cal é a súa mensaxe para os galegos de Catalunya?

—O noso recoñecemento polo seu amor á Terra, lonxe da Terra. E dicirlles que nos vamos a traballar para que Galicia mellore, e pedimos que nos axuden, sen distingos de partidos nin ideoloxías. Cando todos xuntos sexamos capaces de facer un pobo máis aberto, máis xusto e máis honesto, estaremos logrando que os galegos da emigración volvan á nosa Terra.

Faro de Vigo, 25-V-1983

Galicia esixirá que o dereito se cumpra

O conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes, Manuel Anxel Villanueva Cendón, mantivo unha xuntanza de traballo co presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra, para tratar da instalación dunha Oficina de Turismo Galega en Catalunya.

O señor Villanueva, a quen acompañaban o director xeral de Turismo, González Sobral, o director de Emigración, Xosé Carlos Rodríguez, e o vicepresidente da diputación da Coruña, Celestino Sardiña, manifestou:

—Aproveitando a nosa asistencia á festa da Cociña Galega en Catalunya, que é un xeito de promocionar a nosa Terra e de demostrar o que Galicia é —¿como non?— achegámonos ó Centro Galego en percu de colaboración para montar, próximamente, unha Oficina de Turismo Galega en Catalunya. O Goberno Galego quere potenciar a nosa arte, a nosa cultura, a nosa gastronomía e tamén, inda que moitos non o cren, temos un clima maravilloso para disfrutar de vacacións e de estancias inesquecibles.

—Seica pensan editar propaganda turística en catalán.

—É certo. Con iso non facemos máis que corresponder á xentileza da Generalitat que editou uns folletos en euskera, galego e catalán. Nos, evidentemente, cada ano estamos notando unha maior presenza de turistas cataláns e é lóxico que queiramos facilitarlles información no seu idioma.

—A consellería que vostede preside ¿ten problemas de transferencias?

—Prácticamente temos tódalas competencias ó mesmo nivel que o País Vasco e Catalunya. Cremos que no ano 84 as cousas irán por canles normais. O Goberno Central non terá máis remedio que cumprir os compromisos que establece a Constitución. A Consellería de Turismo, Xuventude e Deportes vai facer unha inversión do orde dos mil cincocentos millóns que, engadidos ós 800 ou 1.000 que poden aportar as Diputacións e os Concellos afectados polas obras que se van a realizar, supoñen un inicial relanzamento de Galicia en infraestructuras hosteleiras, residencias para Terceira Idade e Minusválidos, instalacións deportivas, etc. Sen dúbida, facilitarannos o labor, que ata hoxe foi imposible por falta de medios. —¿Pode concretar algo referente a Portomarín?

—Eu podo, certamente, garantir que o parador de Portomarín non se vai pechar. O Estado poderá por dificultades pero a Xunta asumirá o seu compromiso. Entendemos que Portomarín xa foi bastante sacrificado. Hai unha rede de 68 Paradores do Estado cunhas perdas anuais de 780 millóns. Non ten sentido pensar que cerrando o de Portomarín, cun déficit anual de dez millóns, vaise solucionar o problema. A maiores, Portomarín está no Camiño de Santiago e, polo tanto, cumpre un motivo fundamentalmente turístico e de acollemento dos peregrinos que chegan a Galicia. Non hai unha razón para que o Estado faga iso e a Xunta non o vai tolerar porque, ademais, crearía serios atrancos ós traballadores que alí teñen o seu emprego.

—Sinceramente, señor conselleiro, ¿o Goberno Central pon trabas á Xunta?

—O que está claro é que non lle está a facer a vida razonable. Madrid dase conta que cada cesión que fai ás Comunidades Autónomas é unha perda de poder. Galicia quere manter os fíos de conexión pero, evidentemente, loitará, de feito está loitando moi seria e bravamente, en contra desta obstrución de Madrid. Teño a seguridade de que Galicia vai vencer nesta discrepancia de criterios e o Goberno de Madrid deberase dar conta de que a razón é de Galicia, non deles.

—¿Coida que a Xunta deberá tomar medidas radicais?

—Chegarán, sen dúbida, porque o que se está producindo por parte do Goberno de Madrid é esquecer a existencia dun Estado de Autonomías. Tómanse medidas sen consultar e sen pedir previa información. Por exemplo, no tema dos asteleiros o Goberno Galego ofreceu, dos seus fondos propios, unha inicial aportación de cinco mil millóns para, en colaboración co Goberno Central, tratar de reconvertir os asteleiros e de evitar a perda de postos de traballo. Tristemente, esta oferta, que é a primeira que fixo o noso Goberno e que podía seguir noutros casos, aínda non tivo confirmación en Madrid. Quero dicir que non están xogando bazas legais de entendemento. Sen dúbida, teremos que recurrir non só ós medios de comunicación, ás declaracións diarias ou semanais senón que teremos que acudir ó Tribunal Constitucional para que, dunha vez, se estableza a verdade e a realidade dos feitos.

O conselleiro decátase da dureza das súas palabras e engade:

—Galicia é un pobo serio, traballador, que sempre trata de dialogar; pero sería malo que os agravios do Goberno Central orixinaran en Galicia unha reacción que puidera ser grave no futuro. Por iso nos agardamos do sentido común do Goberno de Madrid que se sente nunha mesa a

negociar sen trampas nin cacicadas e outras cousas máis. Eu creo que isto xa leva camiño e Galicia esixirá que o dereito e a verdade se cumpran.

Novembro, 1983

Homenaxe á Cociña Galega

Manuel Anxel Villanueva Cendón, conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes, en representación do presidente do Goberno Galego, Fernández Albor, presidiu a festa gastronómica de homenaxe á Cociña Galega patrocinada pola Hostelería Galega en Barcelona, a Xunta de Galicia e as catro diputacións galegas. A organización correu a cargo de Xesús Fernández Cobelo, distribuidor de produtos galegos na Cidade Condal, e dos hosteleiros Xaime Bernárdez, de L'Hogar Gallego; Darío Duro, de Casa Darío; Luis Meire, de Mesón Morriña; Moncho Neira, de O Botafumeiro, e de Gonzalo Cortizas, como coordinador.

Xunto ó conselleiro, ocuparon a presidencia os directores xerais de Turismo e Emigración, González Sobral e Xosé Carlos Rodríguez; o vicepresidente da Diputación da Coruña, señor Sardiña; autoridades barcelonesas e representacións da Colectividade galega en Catalunya.

Presentou o acto Blanco Campaña, de Radio Nacional de España en Galicia, e a velada foi amenizada pola renomeada orquesta TRÉBOL do Ferrol e polo humorista O Xestal que, ademais de aledar ós mil douscentos comensais cos seus contos, interpretou varias foliadas acompañado ó órgano polo famoso locutor de Camariñas. Tamén foron moi aplaudidos Gonzalo Cortizas, que cantou «Dous Amores» e o poeta Ramón Cazorla polo poema «Canto a España». O Corpo de Baile do Centro Galego ofreceu tres danzas e a Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas» interpretou «Pasa Corredoiras Medieval» e os himnos galego e catalán.

Rematada a cea de irmandade, entre outros importantes regalos, sorteouse un Renault-5 adquirido en Automóviles V.S. e o conselleiro pechou a festa gastronómica cunhas palabras de felicitación ós organizadores e á Colectividade galega, en nome propio e do presidente Fernández Albor e, a continuación, fixo entrega de placas de prata a tódalas entidades galegas de Catalunya así como insignias da Xunta para aqueles que se veñen destacando na promoción da cultura e dos valores de Galicia.

25 de Novembro de 1983

Expotrén Galicia, na Cidade Condal

Na roda de prensa celebrada por mor da inauguración de EXPOTREN GALICIA, o conselleiro de Turismo, Xuventude e Deportes da Xunta de Galicia, a quen acompañaba o xefe de Servicios Xerais da consellería de Industria, Enerxía e Comercio, Pedro E. Sanz Sánchez, manifestou: «Boa proba de que a exposición "Galicia en Marcha" non é un feito folklórico exclusivamente é que, en

Lisboa, FENOSA conseguiu un contrato de 3.000 millóns e, en Madrid, tratouse cun grupo de banqueiros suízos da posible creación dunha sociedade de venda de produtos galegos. Ademais — engadiu Villanueva Cendón— Moitos expositores xa contactaron con empresarios interesados nas nosas ofertas para nomear delegados comerciais nas diferentes cidades visitadas».

No acto de inauguración na Estación Término, o concellal Ramón Trías Fargas deu a benvida á delegación galega que —dixo— «está identificada cos problemas e ledicias de Catalunya» e, tras afirmar que os dous pobos poden coordinarse perfectamente, suliñou: «Encántame saber que, neste tren, os cataláns poderán apreciar as grandes cousas que vostedes producen e fan en Galicia».

Tamén pronunciaron breves discursos Eduardo Bueno, do Grupo Popular, e o director de promoción Comercial da Generalitat, señor Granell, pechando o turno de intervencións o conselleiro Villanueva Cendón, que manifestou o seu agradecemento ás autoridades pola acollida dispensada á embaixada industrial e comercial patrocinada pola Xunta de Galicia, e felicitou ás institucións galegas residentes en Catalunya que, cos seus respectivos grupos de danzas e gaitas, acudiron masivamente ó acto inaugural.

Entre os numerosos representantes dos diferentes estamentos barceloneses, atopábanse a teniente de alcalde de Barcelona, Joaquina Alemany; o subdirector da 5.^a Zona de RENFE, José M.^a Alvarez; os directores do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro, e do Banco Pastor, Xosé Luis Nores; o director de COMFERSA, Gabriel Rodríguez, e o representante de Caixa Galicia, que próximamente instalárase en Barcelona, señor Barbeito.

Coincidindo coa estancia de EXPOTREN GALICIA, o Ballet Rey de Viana da Diputación da Coruña, actuou con gran éxito no Palacio de Congresos de Montjuich.

1984

XOSÉ LUIS GONZÁLEZ SOBRAL

No Hotel Ritz dialogamos co director xeral de Turismo, Xosé Luis González Sobral, que nos manifestou:

—Coa campaña «MEJOR GALICIA, LO TIENE TODO» pretendemos facer propaganda e promoción de Galicia, que os galegos emigrados non se esquezan da Terra e que estean presentes na vida colectiva do desenvolvemento político do noso país. Un xeito de conseguir este obxectivo pode ser o turismo.

—¿Temos en Galicia unha estrutura hoteleira axeitada?

—O número de camas aínda é insuficiente. Neste intre, coido que os galegos que acadaron un capital na emigración teñen unha boa ocasión de investir, xa que esa estrutura da que me falas é cativa.

—¿Como se entende, logo, que pretendan pechar algúns paradores?

—Segundo as miñas noticias, o único que pode pechar de un momento a outro é o de Portomarín. O que podo afirmar é que a consellería de Turismo tentará intervir para que a Administración Central, de quen dependen os paradores, non o peche. Naturalmente, sería un contrasentido e vamos a facer todo o posible para que continúe prestando servizo.

—O problema débese, coido eu, a que o turismo en Galicia concéntrase en tres meses de verán, ¿non sí?

—É verdade. Por iso o noso esforzo está dirixido a fomentar o turismo de primavera e de inverno. E conseguíremolo porque xa se está a dar unha mentalidade diferente no turista que sentíase atraído exclusivamente polo sol e pola praia. Alemaña, os países Nórdicos e Francia están a cambiar a estrutura das vacacións e toman o sol quince días no estío e o resto disfrútanos por Nadal ou na primavera visitando países descoñecidos, atraídos polas festas populares, os costumes, os monumentos, as súas tradicións e gastronomía. Neste eido, Galicia ten moito que aportar ó mercado turístico das segundas e terceiras vacacións.

—¿Teñen proxectos para fomentar o turismo de inverno?

—Sí. O ano pasado xa participamos nas xuntanzas turísticas de Madrid e o próximo outono presentaremos un stand de propaganda turística invernal.

—¿Para cando a estación invernal dos Ancares?

—Houbo un proxecto que, desgraciadamente, non se levou a cabo. O que lle podo dicir é que o noso desexo é crear unha empresa pública de turismo en Galicia. Neste intre é imposible porque non temos medios, pero no futuro a nosa idea é axudar a crear pequenos establecementos de acordo co ambiente e a atmósfera do que debe ser un hotel galego propiamente dito. En canto recibamos as competencias, pensaremos nos Ancares porque estamos convencidos de que, como Manzaneda e outras zonas de inverno, hai que potencialos.

—¿Que competencias van a recibir de inmediato?

—Aínda están sen transferir algunhas Oficinas de Turismo, pero coido que isto terá un prazo breve de culminación. Recibiremos pronto as competencias sobre axencias de viaxes e as de ensino en materia turística e tamén vai ser transferida a Escola de Hostelería de Santiago, co cal poderemos dar personalidade propia á nosa profesionalidade hosteleira.

Galicia en «RODATUR 84»

A Xunta de Galicia presenta un stand no Salón Europeo de Turismo da Feira de Mostras de Barcelona na que participan a maioría das comunidades autónomas e máis de trinta países, ademais de empresas turísticas extranxeiras e a case totalidade das españolas.

O stand galego, moi ben emprazado e cunha decoración axeitada á realidade paisaxística e monumental de toda a rexión, chama poderosamente a atención tanto de profesionais do turismo como do público, que pode contemplar a permanente exhibición de dúas proxeccións en vídeo referentes a temas galegos. Así mesmo son numerosas as peticións de información e material de promoción e propaganda que se facilita constantemente.

Numerosos empresarios de Turismo e Hostelería acuden ó stand de Galicia e manteñen contactos con diferentes axencias de viaxe interesadas na oferta turística galega. Entre as personalidades que visitaron o pabellón galego hai que destacar a presenza do Honorable president da Generalitat, Jordi Pujol, e a do ministro de Transportes, Turismo e Comunicación, Enrique Barón, que foron recibidos polo director xeral de Turismo da xunta de Galicia, señor González Sobral, por Agustín Leis, xefe de Servicios de promoción de Turismo, e Xaime Martínez, xefe da Oficina de Turismo da Coruña.

Tamén hai que suñar a colaboración dos coros do Centro Galego, que o Día de Galicia fixeron unha exhibición folklórica seguida con gran interese por numeroso público.

El Ideal Gallego, 5-IV-1984

VÍCTOR F. FREIXANES

Invitado pola Comisión de Cultura do Centro Galego, Víctor Freixanes, xoven catedrático de galego en Vigo e autor da novela O TRIANGULO INSCRITO NA CIRCUNFERENCIA, que xa vai pola segunda edición e que próximamente aparecerá traducida ó castelán por Basilio Losada Castro, falou encol do tema O ATLANTISMO.

Fixo a presentación do conferenciante o profesor Losada que, tras se referir ós galardóns conseguidos por Freixanes —Premio «Eduardo Blanco Amor», «Premio Nacional de Crítica para narrativa galega», e, recentemente, «Premio Crítica Galicia-83» —afirmou que O TRIANGULO INSCRITO NA CIRCUNFERENCIA é a mellor novela de cantas se publicaron últimamente na península.

Ó remate da súa disertación, falamos con Víctor Freixanes sobre a normativa ortográfica galega. A súa opinión, coído eu, é convincente:

«Debemos apoiarnos nas institucións que hoxe teñen un traballo recoñecido no estudo da nosa lingua. Temos que traballar nesa mesma dirección porque o que non podemos facer é

contribuir á confusión de termos cinco ou seis normativas. Compre unha normativa flexible e logo, literariamente, cada quen que poida seguir a súa propia opción. É mester para o ensino, para o emprego nos medios de comunicación e na administración.»

En canto ó premio que lle fixo maior ilusión, dínos:

«O "Premio Galicia-83", creación na que participei hai anos, é o que máis me agradou porque naceu con moitos esforzos, nun intento de construír en Galicia un encontro da cultura para homenaxear tódolos anos a xentes que nos parecían importantes. O feito de que, na sexta edición, me adxudicaran a min ese mérito, como podes imaxinar, foi emocionante.»

O amigo Víctor F. Freixanes é a terceira vez que ven a Barcelona para falarnos da problemática galega. Tamén deu conferencias en San Sebastián, en Lisboa e, hai poucos meses, en Venezuela. Todos lembramos a polémica que suscitou entre a colectividade galega de Caracas o gran poeta Celso Emilio co libro «Viaxe ao país dos ananos». Coincidimos co profesor cando afirma:

«Na Irmandade Galega de Caracas hai dous sectores que van alternando o poder por elección bianual. Celso Emilio enfrentouse co sector máis conservador, conscente de que non tódolos galegos daquela colectividade son "ananos". Os actuais directivos son progresistas e, ademais, cunha gran preocupación por Galicia. Nembargantes, coído que non se lles debe pedir a eles, nin ós que estades en Catalunya, por exemplo, cousas que nos non somos capaces de facer. A solución ten que estar na propia Galicia.»

Periodista, colaborador diario nunha emisión radiofónica, o Víctor láíase do pouco que levamos adiantado nos medios de comunicación para recuperar plenamente a normalización da lingua.

«Demos algúns pasos no ensino, é certo, e nalgúns experiencias na administración, como no caso de Redondela, que son feitos esperanzadores. Vaise introducindo o galego na radio e na TV, pero as institucións deben comprometerse, "mollarse" e definirse claramente. O Estatuto di: "As institucións públicas de Galicia comprometeranse á defensa e uso da lingua galega". Iso é fundamental. Como ben dixo Carlos Mella cando ampliou a 800 millóns o presuposto para Cultura —cativo se o comparamos cos 400 millóns programados pola diputación de Guipúzcoa ou cos invertidos pola Generalitat na defensa e uso do idioma catalán — nestres intres invertir en cultura é o máis rentable para a Xunta de Galicia.»

Víctor F. Freixanes, tras afirmar que o noso idioma é o máis falado proporcionalmente se se compara co vasco e co catalán, remarca que a Xunta debe crear o terceiro canal de TV e reivindicar emisoras propias, como Radio Institucional de Euzkadi ou Radio4 de Barcelona, e tamén axudar con subvencións ás publicacións galegas, como está a facer a Generalitat de Catalunya.

«Que a Xunta de Galicia ten pouco diñeiro —recoñece o amigo Víctor— é un feito obxectivo a suliñar, pero iso non é razón para que non lle poidamos esixir uns criterios políticos definidos. Eu pediríalles que fagan unha gran campaña de dignificación da nosa lingua porque o galego é cousa de todos e o que mantén a nosa identidade como país.»

Faro de Vigo, 31-V-1983

O Atlantismo

Con oratoria fácil e amena, o conferenciante tratou da épica e da novela atlántica — especialmente da portuguesa e da inglesa — e da poesía medieval galega inmortalizada por Martín Códax, Xohan Zorro, Mendiño e Paio Gómez Chariño, cantores do mar que non tiveron continuadores. «A Literatura galega —dixo— perdeu o carro da historia durante catro séculos ata o Rexurdimento no que destacaron os grandes poetas do mar Eduardo Pondal e Manuel Antonio.»

Tamén se referiu Víctor F. Freixanes á teoría do Colón pontevedrés, de Celso García de la Riega, á lenda do Magallanes galego, á importancia das empresas constructoras de naos, ás escolas de navegantes de Pontevedra e recordou persoeiros galegos que participaron en importantes descubertas —Pedro Sarmiento de Gamboa, Gómez Catoira, Fernández Gallego, os irmáns Gonzalo e Bartolomé de Nodal, Xil de Andrade, Soutomayor, Alvaro de Bazán, etc.— que confirman a vocación atlántica de Galicia inda que «non tivo reflexo na narrativa galega».

Freixanes rematou a súa conferencia coas seguintes palabras:

«Hoxe estase a dar unha poesía atlántica e unha narrativa importante relacionadas co mar, que fan pensar nun novo e venturoso rexurdimento das Letras Galegas.»

El Ideal Gallego, 1-VI-1983

XOSÉ CARLOS RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Xosé Carlos Rodríguez, Director Xeral de Emigración da Xunta de Galicia, asistiu en Mollet del Vallés á inauguración da «IV FIESTA POPULAR DE LAS NACIONALIDADES O REGIONES», organizada pola Irmandade «A NOSA GALIZA», acto que presidiu o Honorable Jordi Pujol, president da Generalitat de Catalunya.

O señor Rodríguez González aproveitou a ocasión para se reunir coa Comisión de Emigración de Barcelona composta por Pilar Vázquez, Xosé Manuel Caamiña, Feliciano Martínez, Daniel Pérez Guerra e Manuel Vázquez. Con tal motivo falamos co Director Xeral, autor do proxecto aprobado pola Xunta e membro da ponencia parlamentaria e da Comisión Institucional do Parlamento.

—¿Que opinión lle merece —preguntámoslle— a Proxecto de Lei?

—Mellorouse moito. Teño a satisfacción de dicir que se fixo un esforzo por parte de tódolos grupos políticos do Parlamento para conseguir un texto unánime e isto é moi importante.

—¿Para cando a Lei de Recoñecemento da Galegidade?

—Con certeza, irá ó pleno antes do 30 de xuño, data en que remata este período de sesións.

—¿Que se pretende con esta Lei?

—Crear pontes de integración coa vida social e cultural de Galicia. Establece a creación dun Consello Consultivo das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia e sen ánimo de lucro que soliciten o recoñecemento da súa galegitude e que, entre os fins estatutarios redactados de acordo coa lexislación do lugar de asentamento, recollan a defensa dos intereses galegos da lingua, das artes, da literatura e das tradicións do noso pobo.

—¿Que posibilidades de colaboración contempla a Lei?

—En programas de radio e televisión, creación dun fondo editorial, establecemento de cursos de lingua, historia e cultura de Galicia mediante convenios con outras universidades e a de Santiago. En fin, sería moi longo dicir todo canto se espalla ó redor dos dezaseis artigos do texto definitivo da Lei.

—Esperamos que esta Lei non se convirta nunha simple declaración de principios e de dereitos recoñecidos sen efectividade real.

—O que fai falla agora é conseguir no Parlamento a dotación presupuestaria e esa vai ser a miña loita no futuro. Eu prométole ós galegos que están fóra facer canto me sexa posible para que os grupos parlamentarios coñezan a realidade dos emigrantes.

—Cambiado de tema, don Xosé Carlos, ¿que opinión lle merece o feito de que o Honorable Jordi Pujol presidirá a IV Festa Popular?

—É moi significativo que asistirá a esta festa organizada polos galegos de Mollet, e das súas palabras despréndese a coincidencia que temos de criterios respecto da necesidade de integración no ámbito en que viven e traballan os galegos en Catalunya. Eu defendo as súas palabras de absoluto respecto á afirmación da propia identidade e raíces culturais. As dúas cousas non son incompatibles.

—E para rematar ¿que lles diría ós galegos da Irmandade «A NOSA GALIZA»?

—Felicítalos pola organización desta festa popular e desexarlles que sigan pois vexo que, non só están integrados no medio en que viven senón que representan un auténtico facho da cultura e do folklora de Galicia e isto hai que conservalo e melloralo con outras actividades de tipo cultural e artístico máis amplas, conquerindo cada vez un nivel maior. Están a facelo e ánimoos para que sigan por este camiño.

El Ideal Gallego, 7-VI-1983

Inseguridade social

O director xeral de Emigración da consellería de Traballo, Seguridade Social e Emigración da Xunta de Galicia, Xosé Carlos Rodríguez González, aproveitando a súa estancia en Barcelona co gallo

da festa gastronómica en homenaxe á Cociña Galega, organizada por Hostelería Galega en Barcelona e patrocinada pola Xunta de Galicia e as catro Diputacións galegas, asistiu no Centro Galego de Barcelona a unha xuntanza de traballo cos señores Manuel Vázquez, Feliciano Martínez e Pilar Vázquez, da Comisión de Emigración, para tratar de temas relacionados coa dirección xeral que preside.

—No Instituto Nacional de Emigración —manifestou Xosé Carlos Rodríguez— presentamos un borrador dun Convenio, que pretendemos firmar antes de final de ano, para a través do Fondo Nacional de Asistencia Social, atender as necesidades daqueles emigrantes que sofren unha situación de indixencia.

—¿En que países se dan casos máis graves para unha acción inmediata? —En Arxentina, Uruguay e Brasil, sobre todo, xa que nos países europeos o problema é menor debido a acordos de seguridade social establecidos.

—¿Con que problemas técnicos se atopan?

—De todo tipo. Hai que regular as cuantías de subsidio, as condicións para acceder a el, circunstancias persoais dos beneficiarios, o xeito de remesar os fondos de Asistencia Social e de facer os pagos, a valoración de ingresos mínimos, a condición política de galegos, e outras.

—¿Hai moitas peticións de retorno?

Aprobadas temos vinte, e varias en estudio. O Instituto paga a viaxe e nos proporcionámoslles prazas en residencias o máis preto posible do seu lugar de orixe.

—¿Que axudas teñen previstas para traballadores emigrantes que retornan á patria?

—A consellería de Traballo subvenciona con aportacións que van dende un 10% ata un 50% pequenas empresas cooperativas con viabilidade económica creadas, preferentemente, por emigrantes retornados e obreiros en paro. Nestes intres están a punto de ser aprobadas oito solicitudes de empresas cooperativas e temos outras vinte en trámite de aprobación.

—¿Que novas pode darnos sobre a problemática obreira actual en Galicia?

—Hai unha comisión, formada por técnicos da Xunta e Comités de Empresa, que solicitou unha entrevista con Solchaga para atopar solucións á discriminación que se está a facer con Galicia. Por razóns políticas, impídensenos contratacións políticas. Como exemplo temos o caso duns pedidos feitos por Sur-Africa. Chega a tal extremo a discriminación que pretenden levar ENFERSA a Sagunto e empregar os seus produtores en ENDESA, unha empresa condenada a morte en canto se agote o filón de lignitos dentro de quince anos.

No transcurso da xuntanza de traballo coa Comisión de Emigración estudiáronse moitos temas relacionados coa problemática galega. Pola súa importancia queremos suliñar a opinión do señor Rodríguez González no referente á Cuota Agraria.

—Xa temos acordos que trasladamos á Administración Central pedindo un réxime xusto de valoracións. Estamos todos convencidos que non se pode seguir así dentro da inseguridade social

que estamos sufrindo. Para o traballador autónomo autoconsumista e deficitario, o cálculo das xornadas técnicas é unha carga inxusta e desproporcionada. É unha reivindicación que non abandonamos.

Faro de Vigo, 7-XII-1983

RAMÓN DE VICENTE VÁZQUEZ

Co gallo da celebración do DÍA DE GALICIA na Feira Internacional de Mostras de Barcelona, o conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio da Xunta de Galicia celebrou unha roda de prensa cos diferentes medios de comunicación no Centro Galego de Barcelona. A seguido, o señor Ramón de Vicente Vázquez, acompañado do subdirector xeral de Promoción e Desenvolvemento Industrial, Antonio Santiago Valladares Gil, e do xefe de Servizos Xerais e da Secretaría Particular da Conselleira, Pedro E. Sanz Sánchez, fixo entrega de cen libros para a biblioteca do Centro.

O señor Pérez Guerra, que recordou a metopa co escudo de Galicia, obra do artesán Lino Cao, entregada polo conselleiro en anterior ocasión, agradeceu o novo agasallo do ilustre membro do Goberno Galego e, a continuación, no Bar Social do Centro, a Directiva ofreceu unha cea ó señor De Vicente e ós seus acompañantes.

O programa de actos do DÍA DE GALICIA iniciouse cunha recepción á que asistiron os presidentes do Centro Galego e de tódalas irmandades galegas así como representantes galegos de tódolos estamentos da sociedade barcelonesa. Presidiron os conselleiros de Industria, Enerxía e Comercio, señor De Vicente, e o de Xusticia e Interior, señor Pía Martínez; o conseller de Treball da Generalitat, señor Rigol; o presidente da Feira, Josep M.^a Figueras e altos cargos das cámaras de Comercio e Industria e dos medios oficiais.

Na súa intervención o señor Figueras suliñou o feito de que, por primeira vez, se celebrara na Feria Internacional de Barcelona un día especial adicado a unha comunidade autónoma «un fito —dixo— importante dentro das relacións dos distintos pobos que forman a comunidade de España».

O conseller de Treball, señor Rigol, referiuse á solidariedade institucional entre a Xunta de Galicia e a Generalitat e á importancia da Exposición de Artesanía Galega no marco da Feira de Barcelona que representa «unha nova forma de irmandade e de descubrimento entre as dúas nacionalidades históricas».

O conselleiro Ramón de Vicente agradeceu a colaboración das institucións catalanas e, igual que os señores Figueras e Rigol, suliñou a necesidade de solidariedade entre os pobos galego e catalán «para poder superar a crise e conseguir que esta democracia, que desexamos todos, siga adiante».

A continuación as autoridades e invitados asistiron ó acto de izar a Bandeira Galega namentres os gaiteiros interpretaban os himnos galego e catalán e, logo, inaugurouse oficialmente o stand e fíxose unha ofrenda floral diante do cruceiro que preside a mostra de artesanía galega.

Pola serán, e tras un xantar no típico restaurante galego BOTAFUMEIRO, o doutor Luciano García Alen, no Palacio de Congresos, pronunciou unha conferencia encol do SENTIDO DE LA FUNCIONALIDAD Y DE LA ESTÉTICA EN LA ALFARERÍA GALLEGA, ilustrada con fermosas diapositivas e, acto seguido, celebrouse un festival folklórico coa actuación dos grupos de gaita e danza do Centro Galego de Barcelona, da Asociación «Rosalía de Castro de Cornellà», da Irmandade de Rubí e das Escolas «Saudade» e «Toxos e Xestas», rematando o acto coa interpretación do Himno Galego.

Faro de Vigo, 9-VI-1983

A venta de auga produciría importantes ingresos

O conselleiro de Industria, Enerxía e Comercio, Ramón de Vicente, viaxou á Cidade Condal, como xa informamos ós nosos lectores, e no local social do Centro Galego concedeunos unha entrevista da que resumimos os puntos que coidamos de maior interés e actualidade, como é o caso das transferencias, a venta de auga de Galicia, a investigación mineira e a grave crise actual.

—¿Como se desenvolven, señor conselleiro, as relacións entre Galicia e a Administración Central?

—A nosa Terra estivo abandonada moitos anos. Temos grandes necesidades de todo tipo. Coido que non hai un espírito aberto por parte da Administración Central, que quizabes é menos autonómica do que pensabamos. As competencias non nos chegan acompañadas de medios económicos.

—¿Que posibilidades ten Galicia de aproveitar a súa riqueza enerxética para atraer industrias?

—É denigrante que cunha produción do 25% de enerxía a nivel nacional, soamente percibamos un canon do 15.6% porque este contéplase por potencia instalada en troques de valorar a produción real. Somos exportadores do 50% da enerxía que producimos e que podería consumirse no noso país se tiveramos competencias na fixación de precios máis baratos para atraer grandes industrias, pero iso, por hoxe, non é posible.

—¿Que hai de realidade en canto á venta de auga a Canarias e Arabia?

—Xa tivemos varias xuntanzas para tratar do tema. Coido que é de gran interés para Galicia porque, ademais de importantes ingresos para a nosa economía, sería beneficioso para manter os mínimos de salinidade das rías, pois está comprobado a gran cantidade de ameixa que morre en certas épocas debido á abundancia de auga doce.

—¿Teñen in mente un estudio das materias primas existentes en Galicia?

—Xa temos en marcha un plan moi ambicioso. Vamos a crear un Instituto Mineiro e, nos próximos anos, pensamos ter investigado o 50% das nosas posibilidades neste importante sector.

—Vigo e O Ferrol, derradeiramente, teñen grandes atrancos para seguir mantendo os postos de traballo. ¿A que é debido?

—Falta de seguridade na venta do producido. Falta de medios financeiros para unha continuidade das empresas na xestión industrial dado que, se o produto que a empresa vende non ten contraprestación económica á tempo, orixínanse unhas cargas financeiras que, practicamente, absorben todo o posible beneficio que puidera ter a transacción comercial.

—¿Que pode facer a Consellería que Vde. preside para solucionar estos problemas?

—Nada directamente, porque os sectores en crise son competencia exclusiva do Goberno Central. Entón o que fai o Goberno Galego é, por riba de todo, estar presente no Consello Executivo do Plan de Reestruturación dos Sectores en Crise para intentar que o trato recibido polas empresas de Galicia sexa equiparable ó das outras nacionalidades e rexións.

O conselleiro Ramón de Vicente é doutor enxeñeiro naval, naceu en Vigo e está casado con M.^a Xosé Aldecoa Argaya, navarra vascoparlante. Teñen seis fillos, dos cales, cinco naceron en Barcelona. No seu fogar respirase unha fonda concienciación das nacionalidades históricas. Referente á emigración galega, afirma:

—Como galego, sempre tiveron a obsesión de visitar tódolos centros galegos dos lugares que recorrín por motivacións profesionais. Agora, con máis razón, como membro da Xunta de Galicia, cóidome obrigado a saudar ós nosos paisanos para darlles unha verba de alento. Deste xeito penso que facemos galeguismo e fomentamos o amor á Terra. Nesta nova visita a Barcelona xa consideramos o Centro Galego coma algo noso e espero ter a satisfacción de compartir a amizade con Vds. noutras ocasións.

Faro de Vigo, 18-VI-1983

PAZ LAMELA VILARIÑO

Paz Lamela Vilariño, directora xeral de Ensino da Lingua Galega, da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, que mantivo unha longa entrevista coas directoras xerais de Básica e de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya, Sara Blasi e Aina Molí, e coa cap del Servei d'Ensenyament Català, Margarida Muset, síntese satisfeita pola colaboración dos organismos cataláns.

—¿Por que esta visita á Generalitat?, preguntámoslle.

—Viñen porque coido conveniente estudar o que fan os demais e para intercambiar opinións sobre algo tan importante para nos como é a lingua. Entendo que este é o momento xusto porque é un intre estelar para o idioma galego xa que acaba de se aprobar a normativa, a normalización e a Lei da Galeguidade. Vou moi leda desta viaxe porque puiden recoller algunhas ideas —por exemplo, a campaña que teñen de catalanización— e ó mesmo tempo porque me decatei que tamén nos estamos a facer cousas importantes.

No Centro Galego de Barcelona a directora xeral de Ensino Galego mantivo unha xuntanza cunha representación de profesores galegos que exercen o ensino en Sabadell e que lle expuxeron as súas inquedanzas encol da lingua, qué posibilidades teñen eles de adquirir a especialidade de galego e a necesidade duns programas para a asignatura e para a adaptación dos profesores nacionais á realidade galega. A señora Lamela entregoulles copia das ordes que regulan a especialidade de galego e manifestou:

—Os programas de galego para nivel preescolar, EXB, Bacharelato e Formación Profesional terémolos a mediados de Xullo, e a adaptación dos outros programas estarán en plan experimental no curso 83/84. Próximamente —afirmou— remesarámoslles os programas de galego e dende Barcelona vostedes poderán aportar ideas para o documento de apoio que se elaborará ó longo do curso vindeiro.

Paz Lamela, natural de Antas de Ulla, inspectora xefe de EXB da provincia de Pontevedra ata hai tres meses, que foi nomeada directora xeral, vive nun ambiente galeguista. O seu home, Manuel Rielo Carballo, articulista en galego na prensa de Galicia, e os seus irmáns políticos, Nicanor e Isaac, son autores de renome nas letras galegas. Ela é gran coñecedora da problemática que sufriu a lingoa galega que, coas leis aprobadas no Parlamento, está a encetar unha nova singlatura.

—Galicia —dinos— non tivo un Pompeu Fabra pero ten dúas institucións, o Instituto da Lingua e a Real Academia, de gran prestixio. Facía falta unha normativa flexible para o ensino e para a Administración Autónoma. En canto á normalización é un labor que temos que facer entre todos para que o noso idioma acade o cume que lle corresponde. A Lei foi aprobada por unanimidade e isto supón que terá longa vida.

Referíndose a Manuel Vázquez, da Comisión de Emigración do Centro Galego, manifestou:

—En canto á Lei da Galeguidade, quixera manifestar a importancia que ten para os galegos asentados fóra de Galicia. Galicia non se pecha nas súas fronteiras. Onde haxa un galego hai Galicia, porque en todo galego latexa moi fondamente o galeguismo, que toma forma material na galeguidade.

—¿Cales son os proxectos da dirección xeral que vostede preside?

—Os máis inmediatos son regular as exencións en materia lingüística dentro do ensino, continuar os cursos de iniciación, perfeccionamiento e especialidade en galego, rematar os programas de asignatura, iniciar a elaboración de documentos de apoio nos tres niveis recollendo as aportacións do profesorado e potenciar nos centros educativos a poesía e a narrativa galega coa presenza de autores para, a través deles, chegar a un mellor coñecemento de Galicia.

—Para rematar, ¿que atrancos atopa no seu labor?

—A falta de concienciación social da importancia do idioma, a falta de especialistas en lingua galega e escasos medios materiais, pero, con bon entendemento, entre todos, sairemos adiante.

El Ideal Gallego, 28-VI-1983

XOSÉ PENA COLLAZO

De volta de Cantonigrós onde actuaron no Festival Internacional de Música, os componentes da Coral Polifónica Lestonnac, de Cangas, (Pontevedra) confraternizaron cos galegos residentes en Barcelona en varios actos organizados polo Centro Galego co gallo da festa do Apóstol.

Cantaron na Misa celebrada na parroquia de San Jaume polos socios falecidos durante o ano, e na que se celebrou en Castelldefels, ambas oficiadas en galego polo arcipreste de L'Hospitalet, Antonio Rodríguez, natural de Bóveda (Monforte). Tamén deron concertos no local social da entidade galega e no recinto do Castelo da vila estival de Castelldefels, lugar tradicional xa da romería enxebre, que tódolos anos organiza o Centro Galego de Barcelona, aberta ós socios, a tódalas Irmandades e simpatizantes.

A Coral Lestonnac coñecida internacionalmente

A internacionalmente coñecida Coral Lestonnac acadou o afervorado aplauso de centos de galegos que tivemos ocasión de escoitar a súa artística mensaxe en obras como «Canción de Berce», «O San Campio», «Vela ahí vai», «O voso Galo Comadre», etc.

Durante breves intres falamos co director Xosé Pena, que nos manifestou: —O meirande premio ó noso teimudo traballo dende a creación da Coral en 1974, foi actuar en representación de Galicia, o mesmo que NO VOS VENTOS de Beluso-Bueu —eles na modalidade gaita e danza— nunha xuntanza na que participamos dous mil coristas de vinte países.

—Cóntenos da orixe da Coral, dos seus componentes, do futuro.

—O noso grupo está composto por 45 membros, pais e alumnos do Colexio «Compañía de María» de Cangas, fundado por Lestonnac, señora de orixe francés. En canto ó futuro pretendemos seguir mellorando e pensamos publicar un L.P. que sexa testemuña das actuacións da nosa Coral para a historia.

—¿Qué opinión lle mereceu o Concerto Internacional de Cancións e Danzas do Mundo?

—Dunha técnica e conxunción de danza moi ben armonizadas. Nos viñemos, máis ben, a aprender e non a competir. Non se acorda en España outro festival de calidade tan extraordinaria.

—¿Con que medios económicos contaron para esta viaxe?

—É lamentable dicir que en Galicia só recibimos axudas da Diputación de Pontevedra e do Axuntamento de Cangas. Por outra banda, temos que manifestar o noso agradecemento ó Centro Galego de Zaragoza e ó Axuntamento daquela maravillosa cidade, donde demos concertos tamén, pola súa xenerosa colaboración e ó Centro Galego de Barcelona que, nada máis chegar, abriunos as portas de par en par.

—¿Que impresión sacaron desta romería en honor ó Apóstol?

—Estupenda. Levamos unha mensaxe para Galicia destes irmáns que, inda que lonxe, véselles concienciados de amor á Terra. A nosa noraboa para o presidente Manuel Pérez Guerra e para Pedro Rodríguez, da Comisión de Festexos, polo éxito cultural e de irmandade nesta festa do Castelo de Castelldefels que semella un anaco de Galicia en terras catalanas.

Treboada, Setembro-Octubro 1983

XAIME REY DE ROA

O Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación, Xaime Rey de Roa, acompañado polo director xeral da Producción Agropecuaria, Dasío Carballeira, tivo unha xuntanza co presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra e cos directivos señores Ferrío, Rosas e Pedro Rodríguez no local social das Ramblas, ocasión que aproveitamos para falar da problemática agropecuaria de Galicia.

—¿A que se debe a súa presenza en Barcelona?

—Viñemos porque do 15 ó 18 vamos a presentar dous pabellóns na Expoaviga-83 de Barcelona, un de gando —raza Rubia galega, caldelá, limiana, ovella galega, etc.— e outro de produtos do campo e do mar —queixos, viño, conservas, castañas...— e coidei oportuno ver como vai a construción dos pabellóns. Invitados polo president Jordi Pujol, volveremos á inauguración da Feira na que, por primeira vez, estará presente a nosa Comunidade Autónoma que presentará, ademais, os programas principais da Consellería referentes ó campo galego así como as cifras da potencia agropecuaria e do sector mariñeiro de Galicia de cara ó futuro, con gráficas e programas para desarrollalos.

O conselleiro é un afervoadado da produción agropecuaria, un técnico experimentado, con gran vocación e que se adica, xa de vello, ás labours do agro.

—Sí. Xa hai 20 anos que me adico a estas tarefas. Hoxe arrima a 80 cabezas de gando de leite o que temos e facemos o máximo aproveitamento dos produtos forraxeiros que só se complementan, para aumentar a produción, cos cereais necesarios. Estamos producindo 7.500

litros por hectárea que coido que é unha boa produción. Facemos recría e, dende hai tres anos, practicamente non mercamos gando de fóra da explotación. Tamén teño catro égoas que rapan a erba que deixan as vacas, e os potros vendémolos para carne.

—¿A súa explotación particular pode servir como modelo do que se debe facer en Galicia?

—Penso que sí porque as posibilidades de Galicia están baseadas fundamentalmente na capacidade productiva da nosa Terra e, sen que se poidan suprimir as importacións de grá na totalidade, podemos afirmar que unha boa parte da carne e do leite producido polo noso gando deben conseguirse aproveitando os nosos recursos, que é a maneira de abaratalos para poder competir coas outras comunidades autónomas e con Europa.

—¿Isto supón un aforro de divisas e creación de postos de traballo?

—Certamente, non só supón un aforro senón que ademais permitirá que a xente do agro mellore e se asente nel porque os seus produtos serán máis competitivos e aumentarán os seus ingresos. Nós estamos a traballar neste eido con afán dende a Administración porque é a nosa misión e pensamos que deste xeito favorecemos o desenvolvemento do noso pobo.

—Para rematar, ¿por que pensa que apenas é mester a importación de pensos?

—Porque en Galicia temos o clima axeitado para o logro de forraxes a diferenza doutras rexións menos favorecidas neste senso. Nós temos tamén os centros de consumo lonxe e polo tanto debemos competir no prezo das proteínas.

Faro de Vigo, 12-XI-1983

Galicia na Expoaviga-83

A gandeiría e os produtos alimentarios galegos, por primeira vez, están representados en dous pabellóns na Expoaviga-83 de acordo coas atinadas actuacións de promoción que está levando a cabo a Xunta de Galicia. Xaime Rey de Roa, conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación do noso Goberno Autónomo, home con profunda vocación agraria, cumpriu amplamente coa obriga, que el asumiu afervorado, de presentar no recinto ferial de Montjuich as razas naturais bovinas e ovinas de Galicia así como os froitos da Terra —queixos, leite, enlatados, conservas, viños— debidamente manufacturados segundo as máis modernas técnicas de envasado e presentación. Incomprensiblemente, en edicións anteriores Galicia non concorrira a tan importante mostra nacional na que participan as máis renomeadas empresas coas que o noso país debe competir, intercambiar técnicas e ¿por que non? aproveitar os seus logros para aplícalos axeitadamente ó medio ambiente galego tanto nos eidos de produción como nos de transformación e comerciais.

A Expoaviga83 foi inaugurada polo Honorable Jordi Pujol, president da Generalitat de Catalunya, que se demorou longo tempo nos pabellóns de Galicia interesándose polas experiencias e proxectos da Xunta en temas agrícolas. O conselleiro Rey de Roa, acompañado dos altos cargos do seu departamento, señores Carballeira, Dadín e López, informou ó President Pujol, ó conseller de Ramadería e demais autoridades, dos avances e dos programas da Xunta en materia agrícola,

forestal, de marisqueo e, sobre todo, de conservación e desenvolvemento das razas autóctonas galegas seguindo as recomendacións dos organismos internacionais de PENUMA e da FAO.

A visita do Honorable Jordi Pujol ós pabellóns galegos rematou cunha degustación de produtos galegos servidos no stand de alimentación polo hosteleiro galego residente en Barcelona, señor Castaño.

El Ideal Gallego, 19-XI-1983

RICARDO CARBALLO CALERO

No Palacio de Congresos de Montjuich celebrouse o «I Congreso de Movimentos de Renovación Pedagóxica» no que participaron varios colectivos galegos a carón de representantes de tódalas nacionalidades e rexións do Estado. Invitado pola Asociación Socio Pedagóxica Galega, o académico don Ricardo Carballo Calero falou encol da Evolución Histórica da Lingua Galega e ó remate da súa brillante exposición pedímoslle a súa opinión sobre o Congreso.

—Levo unha grata impresión —afirmou o ilustre escritor e filólogo galego— porque, por primeira vez puxéronse en contacto, organizadamente, moitos colectivos que se preocupan do progreso en materia pedagóxica nas diversas nacionalidades e rexión do Estado. Téñense contrastado distintos puntos de vista e temos enriquecido a nosa información sobre múltiples problemas, todo o cal é moi positivo. Doutra banda, considero tamén un paso importante cara a comprensión entre os diversos pobos peninsulares o feito de que son oficiais no Congreso o castelán, o galego o catalán e o euskera e, polo tanto, pódense empregar nas discusións en pe de igualdade mediante a utilización da tradución simultánea. Isto significa un recoñecemento, non frecuente ata agora, da igualdade de dereitos que deben ostentar as diversas falas do país.

Poeta, dramaturgo, crítico literario, autor dunha «Gramática Galega» (sete edicións), novelista —con qué emoción lin na miña mocidade «A xente da Barreira»— vello galeguista, loitador de sempre pola nosa cultura, un dos homes cimeiros de «Galaxia», primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega, Carballo Calero é un afervorado do reintegracionismo do noso idioma ó complexo galego-portugués «cunha política moderada e prudente nas modificacións».

—Somos partidarios —dinos don Ricardo— da reintegración, en primeiro termo, porque ten en conta o pasado da lingua, o que é moi importante dado que no pasado están as raíces e fundamentos do presente e, o non telos en conta deixa no aire ese presente. Doutra banda, o noso idioma desenvolveuse nunha serie de variantes, que debemos considerar, como o castellano ten en conta o andaluz ou as formas hispanoamericanas, senón queremos atoparnos en condicións de inferioridade competitiva.

—Hai anos, vostede non escribía con ortografía portuguesa, ¿por que?

—Eu non denominaría así a ortografía que difere da castelá. A ortografía que eu propugno é a propia do galego-portugués, que, naturalmente, se parece a portuguesa máis que á castelá,

porque galego e portugués son variantes do mesmo sistema lingüístico, e o castelán pertence a outro sistema. Escribir galego con ortografía castelá é contrario á natureza das cousas, e só se explica nunha época de depreciación da nosa lingua. Se o galego non é un dialecto do castelán, non ten por que vestir a súa librea ortográfica. É natural que coordine a súa ortografía coa do portugués, que é unha modalidade do mesmo sistema. Hai anos, non era viable entre nós unha ortografía autónoma. Era unha etapa na que a presenza do Estado Centralista aconsellaba non complicar a lectura con novidades ortográficas aínda que se fundasen na tradición histórica. Esa situación está hoxe enteiramente superada dende o momento en que hai ensino oficial do galego. Entón agora compre utilizar unha ortografía propia e non emprestada.

—Como continuación da «Historia da Literatura Galega Contemporánea» e de «Libros e Autores Galegos» ¿ten en proxecto algún outro?

—Xa teño en prensa «Letras Galegas», unha recopilación de artigos e estudos literarios de obras de autores actuais publicados en revistas e periódicos. Traballo moito. As horas escorréganme das mans non sei cómo e noto a falta de tempo para realizar os proxectos que alimento.

—¿Que destacaría vostede da súa obra?

—Quixera que foran os críticos e os lectores os que responderán a esa pregunta porque me considero incapaz de contestar axeitadamente.

El Ideal Gallego, 15-XII-1983

VÍCTOR MANUEL VÁZQUEZ PORTOMEÑE

O conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, presidiu no Centro Galego de Barcelona os actos celebrados co gallo da homenaxe ós socios con 25 anos ininterrompidos de antigüidade na Entidade galega da Cidade Condal.

Con Vázquez Portomeñe asistiron tamén, como invitados de honor, o alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, e o seu secretario particular, Xulio Giz, que mantiveron conversacións no Concello barcelonés para a celebración dunha próxima «Semana Lucense en Barcelona».

Tal como estaba anunciado, no local social da Sociedade galega celebrouse un coloquio encol da problemática de Educación e Cultura, acto ó que asistiron representacións dos grupos e irmandades de Mollet, Terrassa, Sabadell.

Cornellà, Santa Coloma, do Grupo «Saudade», de «O Penedo-Fogar Galego» e dos colectivos que, baixo a coordinación de Xosé Paz, participaron no «I Congreso de Movimentos de Renovación Pedagóxica» celebrado no Palacio de Congresos de Montjuich.

O conselleiro, con sinceridade e facilidade de diálogo, contestou a cantas preguntas se lle fixeron relacionadas coa Consellería que preside aclarando conceptos e convencendo ó numeroso público sen máis altercados que o suscitado co alcalde de Corcubión, Rafael Monzo, pequena fricción que rematou nun ambiente de comprensión, a pesar das diferencias ideolóxicas.

A continuación, autoridades, directivos, socios e amigos do Centro Galego trasladáronse a Castelldefels para asistir a unha cea de irmandade no Hotel Mediterráneo, propiedade do consocio Constantino Mariño. O Honorable Jordi Pujol, president da Generalitat de Catalunya, inda que non puido participar por obrigas do seu cargo, acudiu para saudar e conversar durante uns intres coa colectividade galega, anunciando, nun breve discurso, que o vindeiro mes de febreiro visitará Galicia en viaxe oficial, correspondendo á visita que o presidente Fernández Albor realizou a Catalunya na primavera pasada.

Ó remate da cea de irmandade as autoridades mencionadas, o representante da Generalitat, señor Goicoechea, o alcalde de Cornellà, señor Prieto, o presidente do centro Galego, Manuel Pérez Guerra, outros directivos e Manuel Vázquez, da Comisión de Emigración, entregaron insignias de ouro do Centro ós seguintes socios homenaxeados: Xosé A. Vide Cid, Carlos Aránaz Suárez, Xosé A. Capón García, Nicolás Chaos Lolo, Manuel Fernández Muíños, Benito Alvarez Rodríguez, Fernando Camiño Balsa, Avelino López Valcárcel, Manuel Gómez Chaos, Claudio Vázquez Rodríguez, Luis Sánchez Carracedo, Manuel Rodríguez López, Manuel Varela Rodríguez, Lisardo Fernández González, Alvaro Puga Rodríguez e Manuel González García.

Tras unhas palabras do presidente do Centro Galego, o alcalde de Lugo, señor Quiroga, agradeceu a invitación e a colaboración da Colectividade Galega nos actos que se están a programar a nivel dos axuntamentos de Lugo e de Barcelona e o conselleiro pechou o acto dando a noraboa, en nome do presidente Fernández Albor, ós socios que «durante 25 anos —dixo— mantiveron fidelidade ó Centro Galego de Barcelona, o máis representativo de España». O señor Vázquez Portomeñe referiuse máis adiante á inmejorable impresión que lle causou a Colectividade Galega de Buenos Aires e engadiu: «A Galicia nosa tamén vive aquí en Barcelona. Galicia está latexando onde late un corazón galego. Coas vosas vidas e o voso traballo engrandecestes a Comunidade Catalana e iso ennobreceu o nome de Galicia. Levades a nosa Bandeira altísima e sodes os mellores embaixadores neste recanto de España. Tedes dereito ó apoio do noso Goberno Autónomo —findou o conselleiro de Educación e Cultura— porque creo, sinceramente, que aquí tamén vive Galicia».

Denantes do regreso a Galicia, os señores Vázquez Portomeñe e Quiroga Rodríguez, visitaron os locais sociais das escolas de gaitas e danzas «Toxos e Xestas» e «Saudade» quedando gratamente impresionados polo gran labor cultural que están a realizar estes centros promotores do folklore galego en Barcelona.

Faro de Vigo, 17-XII-1983

Axudas económicas e libros

«ESPERO QUE SEGUIRÁN VDS. ADIANTE NA IDEA DE FACER XUNTANZAS NESTE CENTRO GALEGO DE BARCELONA, COMO ENTIDADE MAIS ANTIGUA, PARA FACER UNHA FEDERACIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS EN CATALUNYA.»

Con estas palabras, o presidente da Xunta de Galicia don Xerardo Fernández Albor, pechou o acto de entrega de axudas económicas (once de cento cincuenta mil pesetas e tres de cincuenta mil) ás catorce colectividades galegas convocadas con tal motivo na sé do Centro Galego.

O conselleiro de Educación e Cultura, Víctor M. Vázquez Portomeñe, manifestou que a aportación da súa consellería é unha proba de que «cantos gobernamos Galicia á orde do señor presidente, acordámonos de Vds., de que Galicia vive tamén fóra das súas fronteiras e que Vds. son unha prolongación da nosa Terra».

Anteriormente, nunha roda de prensa á que asistiron gran número de representantes de tódolos medios de comunicación da Cidade Condal, o conselleiro Vázquez Portomeñe, dixo que a razón da súa presenza en Barcelona era puramente institucional para cumprir a promesa feita en ocasión anterior e para contactar co conseller de Educación da Generalitat de Catalunya «porque está pendente unha reunión do Consejo Nacional de Universidades e queremos concordar puntos de vista». Anunciou, tamén, que os días 26 e 27 de xaneiro celebrarase en Santiago o I Congreso de Etnografía e Folklore, organizado pola consellería que el preside, e no que participarán as nacionalidades históricas e tódalas comunidades autónomas.

Vázquez Portomeñe, a quen acompañaban o subdirector xeral Cebeiro Santiso e os presidentes das sociedades galegas, señores Pérez Guerra e Manuel Vázquez, ó se referir ás realizacións da súa consellería, explicou o programa de concursos de becas, axudas a gastos de estudos e viaxes para escritores, artistas e músicos así como adquisición de libros editados en galego e de subvencións para canto se relacione coa cultura. «Nós non temos pechadas as nosas fronteiras —afirmou— senón que, polo contrario, abrímolas a tódolos feitos culturais pero, dende logo, sen renunciar ás nosas propias esencia. Queremos entrar, e de feito estámolo facendo xa —dixo noutro intre o conselleiro— en Europa e América donde se ven máis reflexados os nosos afáns universalistas por mor da emigración que sofre o noso pobo.»

Tamén se referiu á necesidade de colaboración de todos. «É absolutamente necesaria —engadiu— porque a cultura non se debe a ningunha ideoloxía concreta. A cultura está por encima de tódolos idearios. Polo tanto, a súa aportación é unha obriga de todo tipo de institucións, incluso privadas e de crédito. Todos cantos teñen algo que dicir neste eido —suliñou o conselleiro Vázquez Portomeñe— deben colaborar, concretamente, co Goberno galego e, este, evidentemente, con eles, sumando esforzos.»

Faro de Vigo, 20-XII-1984

Treboada, Febreiro-Marzo 1985

Aproveitando a presenza na Cidade Condal do conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración, Xoan Corral Pérez, que sistou ó VI Congreso de Alianza Popular, un grupo de amigos do mundo empresarial, da medicina, da abogacía —Francisco Romero Vidal, Xosé M.^a Fernández Rodríguez, Rodolfo González Gallego, entre outros— e das entidades da Colectividade galega de Barcelona agasallaron ó conselleiro e ó director xeral de Emigración, Xosé Carlos Rodríguez, cunha cea de irmandade no restaurante Morriña do lucense Luis Meire.

O señor Corral Pérez, nesta ocasión, falounos dos logros e das próximas realidades da súa consellería.

—O logro máis recente —dinos— é a firma dun Convenio coa directora xeral do Instituto Español de Emigración que vai facer realidade a repatriación de ancianos galegos que, sen límite de número, poderán vivir os últimos anos da súa vida en Galicia. Este feito, de fondo contido humano, primeiro que suscribe unha Comunidade Autónoma coa Administración Central, abre un camiño de colaboración institucional e, o máis importante para min, deberá supoñer que, no futuro, o tratamento dos problemas dos emigrantes que fai o Estado Español, polo menos no caso galego, vaise canalizar co asesoramento e execución da Xunta de Galicia.

—¿Que outros Convenios teñen en proxecto?

—Próximamente firmaremos un no que se atribúe á Consellería a organización da Semana da Hispanidade en New York a celebrar en outono, e xa falei co ministro de Traballo, que por certo acolleu a idea con moito interés, do estudio doutro Convenio que permitirá a difusión da cultura galega entre os nosos emigrantes para potenciar a propia identidade como pobo orgulloso da súa galegitude dentro da sociedade de residencia. Finalmente, prantexaremos a firma doutro Convenio coa determinación de axudas concretas para aqueles emigrantes que desexen retornar e traballar en Galicia.

—¿Que conclusións sacou destes contactos con galegos de diferentes estamentos barceloneses?

—Foi unha experiencia especialmente aleccionadora para min, que teño a obriga de coñecer cómo viven, cómo sinten e cómo traballan as nosas xentes fóra da Terra. Neste encontro contactei con persoas que, tendo triunfado na súa profesión, non deixan de cavilar na súa orixe. Algunhas xa mantiveron reunións comigo para instalarse como empresarios en Galicia e contribuir ó seu desenrolo. Na medida das posibilidades da Xunta e, a través do decreto de Fomento de Emprego, dende a miña consellería trataremos de axudalos todo o posible.

—Señor conselleiro, ¿que opinión leva dos galegos de Barcelona?

—Coma noutras ocasións, sinto ledicia e gratitude pola acollida xenerosa dos meus paisanos do Centro Galego que preside Manuel Pérez Guerra e teño que singularizar as mostras de garimo especiais recibidas de Manolo Vázquez, membro da Comisión de Emigración, que, cos demais

galegos de Barcelona e das irmandades de Mollet, Cornellà e Rubí representados nesta ocasión por Caamiña, Valcarce e Coello, non acougan no seu propósito de contribuir a facer o gran pobo unido e forte que todos anceiamos.

Xaneiro 1984

VICENTE QUIROGA RODRÍGUEZ

O alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, a quen acompañaba o seu secretario particular, Xulio Giz, asistiu ós actos celebrados no Centro Galego de Barcelona co gallo da homenaxe ós socios con 25 anos ininterrompidos de antigüidade na entidade galega, actos que foron presididos polo conselleiro de Educación e Cultura Víctor Manuel Vázquez Portomeñe.

Aproveitando a súa estancia na Cidade Condal, o presidente do Concello lugués e o seu secretario mantiveron conversacións no Axuntamento barcelonés para a celebración dunha próxima «Semana Lucense en Barcelona».

—¿Que pretende coa proxectada xuntanza a nivel de axuntamentos?

—Traer mostras de pintura, escultura e fotografía de Lugo así como conferenciantes, a Banda Municipal, un grupo folk de música celta representativo das novas correntes musicais e películas relacionadas coa cidade e provincia de Lugo, para dar a coñecer, ós lugueses residentes en Catalunya e ós cataláns, a cultura da nosa Terra e ¿por que non? a nosa riqueza gastronómica.

—¿Que impresións leva das xuntanzas de traballo cos responsables do Concello barcelonés?

—Excelentes. Colmáronnos de atencións, puxéronnos automóvil á nosa disposición e manifestaron vivo interés pola nosa idea. Seguiremos as conversacións para ultimar os detalles e conseguir que tamaña manifestación cultural sexa unha realidade.

—¿Cando naceu a idea de celebrar a «Semana Lucense»?

En agosto e, logo despois, durante as festas de San Froilán, tivemos xuntanzas co presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra, que abriunos as portas da Entidade que el preside e ofreceunos plena colaboración. Agora contactamos tamén cos presidentes doutros grupos e irmandades para, todos xuntos, organizar uns actos que, estou seguro, serán un acontecemento para os cataláns e un orgullo para os lucenses residentes na Cidade Condal.

Treboada, Xaneiro-Febreiro 1984

O director xeral de Cultura da Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, Luis Álvarez Pousa, acudiu a Barcelona para asistir a varios actos culturais e contactar coa Consellería de Cultura da Generalitat. No teatro da Sociedade Cooperativa «Sala Villarroel» inaugurou a exposición «Tres etapas do Teatro Galego 69-84» na que, por medio de fotografías e carteis, puidemos seguir a evolución do Teatro Galego nos últimos quince anos, dende a proliferación de grupos de aficionados ata a creación do Centro Dramático Galego, pasando pola etapa de transición da Mostra de Ribadavia.

A continuación, despois de transmitir un saúdo do conselleiro Vázquez Portomeñe ós galegos residentes en Barcelona, Álvarez Pousa pronunciou unha conferencia encol do tema «A política teatral para o ano 84 en Galicia», seguida dun longo e esclarecedor coloquio.

O conferenciante empezou afirmando que «o Teatro Galego forma parte do proceso de normalización cultural na que estamos empeñados». E engadiu: «Hai que crear unha infraestrutura teatral e cooperar á dinamización de tódolos colectivos e individuos que teñen mester de colaboración para crear en liberdade».

Ó se referir ó Centro Dramático Galego, fundado este ano, dixo que, aparte do seu carácter artístico e técnico, é unha alternativa para salvar a pervivencia de grupos profesionais no país. Entre os proxectos asumidos pola Dirección Xeral, que preside, enumerou o propósito de levar adiante actividades teatrais que fomenten o interese de novos públicos; a potenciación de publicacións otorgando becas a escritores interesados no tema; o apoio ás iniciativas das corporacións locais e ás diputacións; axudas a amateurs, grupos de teatro infantil e sociedades que verán atendidas as peticións de subvencións previo estudio das solicitudes presentadas na comisión asesora. Anunciou, ademais, que próximamente organizaranse centros piloto de dinamización cultural en Cambre, Vilagarcía de Arousa, Ribadavia e no barrio da Milagrosa, de Lugo, e que a dirección xeral de Cultura mercará unha carpa itinerante para facer representacións a partir do mes de xuño.

Pola noite, na espaciosa «Sala Villarroel» estrenouse en versión castelán a obra de Xosé Luis Méndez Ferrín e Teatro Artello «Celtas sen filtro» que dirixe Eduardo Alonso.

O público, que enchía por completo o local, aplaudiu a obra e ós actores Alfonso Agra, Rosa Álvarez, Ernesto Chao, Antonio Duran, Manuel Pombal e Rosa Hurtado intérpretes de corenta persoeiros —cregos, bispos, empresarios, xentes do pobo, mendigos, periodistas— que agradaron pola axilidade de expresión, a ironía, o sentido crítico tocante ás institucións, ós políticos e ós costumes da actual sociedade galega pola típica retranca popular que tanto gustou ós espectadores, en gran maioría cataláns xa que, en días sucesivos, representárase en galego.

Na sala «La Pedrera», o responsable da dirección xeral de Cultura expuxo o programa de política cultural do seu departamento. «Atopámonos nunha encrucillada decisiva —dixo— e debemos enfrentarnos ó mañá con técnicas novas sen claudicar no proceso de creatividade galega. Estamos en desventaxa con outras culturas pero contamos cunha nómina de xentes capaces de afortalar a potencialidade creativa que existe en realidade no noso país.»

Para acadar unha infraestrutura cultural, o señor Álvarez Pousa enumerou varios proxectos de lei sobre o libro, museos, arquivos, etc., que se presentaron no Parlamento Galego, e a creación de organismos como a Biblioteca Xeral de Galicia, o Centro de Información e Documentación de Galicia, e a Editorial Galicia, entre outros.

«Estamos a poñer os fundamentos —manifestou— para, a dous anos vista, conquistar uns obxetivos mínimos porque a Cultura —suliñou— debe ser a arma de liberdade para o noso pobo.»

O director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, que goza de gran credibilidade en tódolos medios galegos barceloneses, foi presentado polo profesor Basilio Losada Castro que afirmou: «Luis Álvarez Pousa, home de acción cultural, aberto ó traballo e ó diálogo, está a marcar eficazmente a actividade cultural que vai dar a Galicia unha forza permanente e viva».

Maio de 1984

ENRIQUE IGLESIAS ALVARELLOS

Invitado pola organización da «II mostra do libro galego en Catalunya», Enrique Iglesias Alvarellos pronunciou unha conferencia encol do tema «A música culta en Galicia». O profesor lugués foi presentado por Olegario Sotelo Blanco quen fixo unha eloxiosa semblanza do polifacético conferenciante, escritor, editor e director do orfeón Xan Montes que, ó remate de máis de dúas horas de ameno discurso e interesante diálogo cos numerosos oíntes, foi moi aplaudido e encontrouse coa gradable sorpresa de poder saudar a varias antigas alumnas súas residentes na Cidade Condal.

Enrique I. Alvarellos empezou diferenciando a música folklórica —nada no pobo sen autor coñecido— da música popular que aparece máis elaborada e menos expontánea. Referiuse, logo, á música culta medieval —as cantigas do Rei Sabio— e á dos vellos mosteiros, conventos e catedrais, resaltando o labor do mestre Pacheco de Mondoñedo, ata chegar ó período romántico do século XIX que, en Galicia, deu tres grandes compositores: Xan Montes, Pascual Veiga e Chané.

O profesor Alvarellos, que está a rematar un libro no que fai un estudio sobre máis de 400 bandas de música de Galicia, das que hoxe existen unhas trinta, afirmou que a primeira das que se ten coñecemento é a de Ribadavia (1840). «A provincia con máis bandas de música —dixo— foi a de Pontevedra; as de Ourense eran famosas polo seu soído; da Coruña, as mellores foron sempre as de Ortigueira, verdadeiro viveiro de músicos onde competían os Garrote, os Rey e os Rebollar. Lugo sempre tivo bandas de menos calidade pero nestora —remarcou o conferenciante— ten unha banda moi técnica e culta dirixida polo mestre e compositor Fernández Graba.»

Tamén se referiu o amigo Alvarellos ás corais que en número de 100 (16 en Lugo) están a facer un gran labor en Galicia «pero é mester —suliñou— que os poderes públicos as promocionen

organizando cursiños, espallando partituras, organizando encontros de manifestacións musicais do país e alleas».

Noutro intre o profesor engadiu: «Dende 1950, "Música en Compostela" é unha sobranceira plataforma de promoción musical e o mesmo podemos dicir das Semanas Musicais do Corpus lucense e, agora, podemos gabarnos porque xa contamos cun conservatorio de rango superior en Vigo».

Referiuse máis adiante ó atranco que representa a falla de composicións musicais para voces mixtas (á versión de Negra Sombra feita polo P. Otaño está vouga de expresión galega) e louvou a tarefa de Xosé Castiñeira como director do Coro Orfeón Lucense, e os traballos de Xesús Bal y Gay que — dixo — é o mellor musicólogo do mundo.

Enrique I. Alvarellos findou a conferencia analizando a arte musical de grandes gaiteiros, como Xosé Luis Foxo, dos grupos folk-celtas e dos cantantes de música popular que están de actualidade en Galicia e afirmou: «Da música moderna tamén se pode dicir que é culta cando está ben interpretada».

El Progreso. 22-VI-1984

EMILIO CAO

A Sociedade Cooperativa Sala Villarroel, en colaboración coa Generalitat de Catalunya, a Diputación, o Axuntamento de Barcelona e o Ministerio de Cultura, organizou a «II Mostra de Teatro 1984» das comunidades autónomas e nacionalidades históricas. A Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, representada polo director xeral de Cultura, Luis Álvarez Pousa, que inaugurou a exposición «Tres etapas do teatro Galego 69-84» e pronunciou unha conferencia, tamén cooperou na presentación da peza teatral «Celtas sen filtro» de X. L. Méndez Ferrín e Artello —actos dos que xa informamos— e no recital de Emilio Cao ó que nos vamos a referir hoxe.

Os amigos e admiradores de Emilio Cao non quedaron defraudados porque o cantante santiagués ofreceu un repertorio de composicións propias como «Estrela do Norte» «E ó tempo fiando un paño» ou «Auroriña» e de temas populares como «Pandeirada de Nebra» e «Estrela no mar» que entusiasmaron ó auditorio.

Moi lonxe da época roquera e dos seus vencellos con Voces Ceibes, dende hai dez anos, o Emilio está a compondor e interpretar creacións, que xurden do máis íntimo do seu espírito, e pezas tradicionais con arranxos propios que son unha regalía bucólica. Pero máis ca cantante, Emilio Cao (arpa, zanfona, guitarra) é un concertista. A voz no seu repertorio é circunstancial. Por veces, xurde coma un manantío de salmo bíblico, outras, coma un poema que se funde na dozura dunha harmoniosa melodía.

Autodidacta e aberto a tódalas tendencias de creación, Emilio Cao compón, ademais, pezas instrumentais que interpreta acompañado por Luis Delgado (baixo eléctrico), Begoña Olavide (flautas) e Luis Paniagua (sitar, violín e percusión); pero Penso que a música intimista e tradicional é a que mellor cadra co seu sentimento lírico e ancestral.

O famoso cantante que ten publicado tres discos de longa duración —«Fonte do arado», «A lenda da pedra do destino» e «No manto da auga»— está a preparar o cuarto LP e axiña voltaremos a telo entre nós porque, próximamente, actuará na televisión catalana.

El Ideal Gallego, 19-VI-1984

Treboada, Xullo-Agosto, 1984

MARGARITA GUERRA

Escoitei por primeira vez a Coral «Ars Musicae» na Toxa, onde interpretou varios temas galegos e cataláns en honor do honorable Jordi Pujol, que visitaba oficialmente Galicia acompañado polo presidente da Xunta, Fernández Albor. E lembro que o president da Generalitat e a súa dona, Marta Ferrusola, gratamente impresionados polo concerto, manifestaron o anxeio de que a Coral pontevedresa actuara en Barcelona. Do 10 ó 16 deste mes cumpriuse o seu desexo co gallo da celebración da XX edición das «Jornades Internacionais del Cant Coral», organizadas polo Concello de Barcelona coa participación de 600 coristas de dezanove prestixiosos grupos españois, europeos e de Filipinas que confraternizaron durante unha semana e conseguiron o aplauso dun público crítico e de gran tradición coral.

A Coral «Ars Musicae», que preside Antonio Couso, actuou no Palacio da Generalitat baixo a dirección de Margarita Guerra, que fixo entrega dunha mensaxe de Fernández Albor para Jordi Pujol; acadou grandes éxitos no incomparable marco do Saló Tinell; no Distrito 4º de Les Corts; no Poble Espanyol donde tódalas corais estrenaron «Cant a la Terra nativa», orixinal de Matilde Salvador, e cantaron conxuntamente cos demais coros a obra de Roxelio Groba «Canto de Berce», dirixidos por Margarita Guerra. O acto de clausura tivo lugar no bosco de Vilajoana, en Vallvidrera.

Aproveitando uns intres de descanso, falamos coa directora que síntese moi afalagada polas mostras de agrado e felicitacións que recibiu de grandes mestres e directores de corais como Josep M.^a Castelló, Oriol Martorell e Manuel Caveró, entre outros.

—¿Cantos coristas componen «Ars Musicae»? , preguntámoslle.

—Vinieseis, pero soamente nos desprazamos 21 por falla de colaboración das institucións onde traballan, que negaron permiso a algúns compañeiros.

—¿Que opina desta magna xuntanza internacional? ¿Foi positiva para vostedes?

—Ver diferentes estilos de tantos países é enriquecedor. Percíbese o que está mal feito e un decátase do que non se debe facer. Contactar con artistas de tanta categoría, como o Coro de Cámara «Diego Durón» de Canarias, e co Grupo Polifónico «Francesco Coradini», de Arezzo, e mesmo cos grupos folklóricos de Iugoeslavia, Hungría e Polonia, non hai duda que é moi positivo.

«ARS MUSICAE» destacou a nivel europeo

—A crítica barcelonesa dixo que «Ars Musicae» destaca a nivel europeo ¿que nos pode dicir doutras corais galegas?

—Temos algunhas boas, pero en xeral as corais están faltas de preparación técnica, vocal e de estilo. Fan falla cursiños de perfeccionamento. En Galicia a música é a «cenicienta» das artes. A Administración non se preocupa de promocionar nos centros de ensino a música galega, unha das máis expresivas e ricas de todo o Estado Español. É tristísimo.

—¿Hai bos compositores galegos na actualidade?

—Moi poucos. Temos que recoñecelo. Deberíanse crear concursos para autores, incluso non galegos, para enriquecer o noso repertorio. Hoxe un dos mellores músicos é Roxelio Groba, que se preocupa por armonizar temas galegos. Outros bós compositores son A. Paz Valverde e Miguel Groba. Dos non galegos, estudiosos da nosa música —engade Margarita Guerra— non podemos esquecer o gran labor de Agustín Bertomeu, que dirixiu a Coral Polifónica de Pontevedra e a Banda da Escola Militar de Marín, e Antonio Celada, afervoador de Galicia, director do Conservatorio de Toledo e mestre de capela da catedral da mesma cidade.

«Ars Musicae» deixou o pabellón de Galicia ben alto nas «XX Jornades Internacional del Cant Coral a Barcelona» interpretando ós devanditos autores, madrigais europeos, obras das catedrais de Santiago, Mondoñedo e Tui recollidas no libro de Joam Trillo e Carlos Villanueva, e temas cataláns como «La Justa», de Mateo Flexa El Vell, e «Joveníbola» de Lluís Millet, creador do Orfeó Cátala. Non é de extrañar que nos medios musicais barceloneses se pense nun próximo reencontro con «Ars Musicae» que actuaría no Palau de la Música Catalana.

El Ideal Gallego, 20-IX-1984

VÍCTOR LÓPEZ VILLARABID

Invitado pola Federación de Gremios de Editores de España, Víctor López Villarabid asistiu á clausura do Salón Internacional del Libro «Líber-84» celebrado na Feira de Mostras de Barcelona. No pabellón da Xunta de Galicia puidemos falar uns intres co polifacético amigo aburado por cuantiosos contactos profesionais.

—¿Que impresión levas de «Líber-84»?

—Moi boa. Supera as anteriores edicións que vin. Trinta países con seiscentos representantes e perto de trinta stands, notoriamente é algo que sorprende pola variedade cultural e técnica de nacións como Cuba, Rusia, Arxentina, Colombia, México, China, etcétera. Ademais, quedei maravillado pola abundancia de innovacións tecnolóxicas de informática, sonido e imaxe.

—España ¿estivo ben representada?

—Había as principais edicións das universidades, dos gobernos autónomos, de medios de comunicación, fotocomposición e lasser, sen faltar unha ampla representación do goberno central. Penso que o colectivo editorial español estivo á altura dos países máis adiantados.

—¿Que opinas da organización?

—Unha vez máis, os cataláns demostraron que saben organizar as feiras moi ben. Iso é un mérito que se lles recoñece dende séculos.

—¿E do pabellón de Galicia?

—Por primeira vez vin varias editoriais galegas unidas polo afán de dar unha imaxe digna de Galicia. Estaban representadas «Galaxia», Edicións do Castro, Edicións Xerais, a Universidade de Santiago, a propia Xunta e, caso sorprendente, Ediciones Sotelo Blanco, unha editorial galega de Barcelona, que está colaborando eficazmente á nosa cultura e que, entre a xa importante produción, presentou a novidade «Poesía completa de Leiras Pulpeiro», do profesor lugués Ramón Reimunde. Eu preguntóme: ¿por que en Galicia non se dá esa unión que demostramos na emigración?

A entrevista con Víctor L. Villarabid é curta por mor das súas obrigas profesionais, pero axiña voltará á Cidade Condal para asistir á presentación do seu libro «SARRIA Y EL CAMIÑO FRANCÉS POR TIERRAS LUCENSES» no novo local social de O PENEDO-FOGAR GALEGO e no Centro Galego de Barcelona.

El Progreso, 5-X-1984

Faro de Vigo, 6-X-1984

«Sarria y el Camiño Francés por tierras lucenses»

«Víctor López Villarabid é un traballador sen acougo na radio, na prensa e como fotógrafo, que honra a Sarria, a Galicia e ós galegos», dixo Iolanda Díaz Gallego, presidenta de O PENEDO-FOGAR GALEGO, no acto de presentación, con proxección de abondosas diapositivas feitas polo autor, de «Sarria y el Camiño Francés por tierras lucenses».

O libro, da Colección «Guías Everest», está ilustrado con 48 fotos en color de paisaxes, monumentos e artísticas xoias; sete en branco e negro, testemuñas do Portomarín asulagado e de Sarria a comezos de século, e catro cartografías da provincia, do Camiño Francés, do municipio e da

vila de Sarria. Nel, o autor relátanos feitos históricos: o milagre do Cebreiro, o tránsito de reis, como Isabel e Fernando, que se albergaron na «Casa da Marquesa» de Triacastela, da orixe de Samos, do Pai Feijoo e dos poetas Ramón Cabanillas e Noriega Varela, grandes admiradores do vello cenobio «berce de cultura dende o reinado de Ordoño II»...

Nos capítulos adicados a Sarria, Villarabid, con estilo ameno, reseña monumentos —o convento da Madalena, a torre de homenaxe, a igrexa do Salvador— e recreáase describíndonos a importancia social, económica, cultural e artística da vila, os persoeiros e linaxes vencellados a Sarria, como Alfonso IX, o xuglar Alvaro Gómez, o tallista Gregorio Fernández, o conde Rodrigo Álvarez cofundador da Orde de Santiago, Frai Luis de Granada, o Pai Sarmiento... E seguindo a ruta do Sepulcro do Apóstol, lévanos a Barbadelo, a terras de Paradela, Portomarín, Monterroso e Vilar de Donas para rematar en Palas de Rei donde se conserva o castelo de Pambre «o mellor da provincia de Lugo».

Sen esquecer detalle, unhas veces recurrido á tradición popular, outras, citando a investigadores como Francisco Vázquez Saco, Manuel Vázquez Seijas, Narciso Peinado, Armando Losada, Eduardo Seijas, Amor Meilán, Murguía ou Amador López Valcárcel, expon hipóteses como que os sarios repoboaron Sarria no século IV, ou que o maestro Mateo era oriundo das veigas de Portomarín, e lembra a xesta de Alfonso II na batalla de Santa Cristina de Viso contra Mahumud, e as guerras de dona Urraca contra o seu home Alfonso el Batallador.

Pero o escritor non só recopila datos coñecidos. Ó longo de varios anos recorreu o «Camiño Francés» e tódalas ramificacións menores nos oito concellos lucenses. Por iso, ó tempo que nos informa do paso de santos, príncipes e aventureiros —«facendo uso de "Salvoconductos de Santiaguíños" fixéronse moitas fechorías»— faino do cultivo do liño e das ferrerías que aínda coñeceron os nosos pais, da arquitectura, da topografía, dos castros, da flora e fauna, da gastronomía e da emigración.

Como ben dixo o novelista Pet Posse na cea de irmandade do Penedo-Fogar Galego, á que asistiron Víctor López Vallarabid e a súa dona, Rocío, como invitados de honor «Villarabid conseguiu facer un libro de gran interés porque é un home extrovertido, de gran sociabilidade e cunha facilidade enorme para a comunicación.

Xenxo Carballo, tras agradecer a presenza do escritor e a de Joan Molíns, director da sucursal de Caixa de Galicia que se inaugurará o próximo 16 de xaneiro en Barcelona, así como a dos directivos do Club Liceo da Coruña, señores Lendoiro, Pintor e Rebollar, invitados tamén, anunciou que o día 14 de decembro «O Penedo-Fogar Galego» inaugurará a nova sé social na Avenida Príncipe de Asturias, n.º 4. Ó acto están invitados Fernández Albor e Jordi Pujol así como outras personalidades da cultura e da administración das dúas nacionalidades históricas.

Faro de Vigo, 22-XI-1984

El Progreso, 9-XII-1984

No pabellón de Metalurxia da Feira de Mostras de Barcelona celebrouse o salón internacional do Libro, Liber-84. Ó acto de inauguración asistiron o Honorable Jordi Pujol e o ministro de Cultura Javier Solana que eloxiaron a magna mostra que reuniu a máis de seiscentos expositores de trinta países representados en catrocentos stands.

No do Ministerio de Defensa, conversamos co xefe do Servicio de Publicacións da Dirección Xeral de Relacións Informativas e Sociais, teniente coronel Alvaro de Arce, chantadino de familia de antiga tradición militar.

—¿Que fondo editorial presentou o Ministerio de Defensa en Liber-84?

—Trouxemos ó redor de cen títulos a máis das revistas que editan as Forzas Armadas, grabados e cartografías dos nosos servizos históricos —militar, naval e aéreo— así como láminas de uniformes militares de diversas épocas. Foi un esforzo das distintas editoriais dos exércitos de Terra, Mar e Aire que demostraron, nesta edición de Barcelona, que as Forzas Armadas teñen un profundo interese por todo canto é cultura. Foron moitos os distribuidores e libeiros, a nivel nacional e internacional, os que se interesaron en mercar e distribuír as obras que se exhibiron.

—¿Como se compaña tal cantidade de títulos en castelán coa afirmación de que o 90 por cento dos españois non entraron endexa nesa biblioteca e que o 60 por cento non le libros?

—Hai que recordar que o mercado do libro en lingua española sobrepasa os 300 millóns de hispanoparlantes e que a tirada das edicións son moi cortas. Ademais hai títulos que, practicamente, só os leen persoas interesadas por temas profesionais. Sí, lamentablemente, os castelán-parlantes lemos moi pouco.

—¿A que se debeu a escasa asistencia a Liber-84 de escritores e homes de renome cultural?

—Iso tamén mo estou preguntando eu.

—¿Non cre que foi, máis ben, unha xuntanza pródiga en lamentacións por mor de tantas suspensións de pago latinoamericanas?

—Por desgracia non son lamentacións. Son realidades. As casetas que presentaron Arxentina e Colombia, as máis numerosas de Iberoamérica, non houberan podido concurrir se non estiveran subvencionadas polos correspondentes organismos gubernamentais destes países. É mester que os gobernos de todas as nacións se dean conta de que a formación integral dos seus cidadáns conquírese potenciando a súa cultura e que, polo tanto, deben axudar economicamente á difusión e venda de libros.

—Dada a supervaloración do libro-objeto-ornamental ¿podería afirmarse que os editores prefiren o éxito económico ó literario e científico?

—Como calquera empresario, os profesionais do libro tamén pretenden gañar diñeiro. Agora ben, coido que só gañan para vivir e, algúns, para arruinarse.

—Vimos moitas innovacións tecnolóxicas relacionadas coa imaxe, o sonido e a informática. Os volúmenes sonoros, por exemplo, ós que se lles aplica un aparato e escóitase a voz dos protagonistas ¿desprezarán o libro tradicional?

Penso que non, pero o lector fará unha maior selección. Como persoa que proveño dos medios audiovisuais, coido que chegará un día no que os diálogos e guións de televisión estarán escritos polos grandes escritores, que tamén deberán pensar no medio audiovisual como elemento de comunicación das súas creacións.

El Ideal Gallego, 6-X-1984

ANTONIO DÍAZ FUENTES

Aproveitando a presenza en Barcelona do deputado Antonio Díaz Fuentes, que pronunciou unha conferencia sobre «A Cuestión Galega Hoxe» invitado por «O Penedo-Fogar Galego», pedímoslle unhas declaracións e o presidente de Coalición Galega accedeu gustoso.

—¿Que pensa o pobo galego do partido que vostede preside?

—A expectativa social que o noso proxecto despertou en Galicia é enorme. Nós, agora, temos que ter o acerto de transformar o que é un estado de opinión nunha organización activa de partido que se transforme en resultados electorais concretos.

—¿Pódese falar de viraxe político na maioría de membros de C.G.?

—Non. Os compromisos partidarios dos que militaban en UCD quedaron rotos. Recobraron a súa independencia e entón dedicáronse a facer en Galicia unha empresa política nova pola que moitos homes de UCD xa estaban loitando dende hai moito tempo.

—¿Por exemplo?

—Víctor Moro é un. Cando estabamos na lexislatura constitucional, no 77, xa el traballaba para facer isto.

—¿Cal é a súa situación actual respecto de C.G.?

—Non é un recién convenido do proxecto, pero reside en Barcelona e ten aquí unha tarefa e uns compromisos que non sei ata qué punto determinarán que poida converterse en suxeto activo da política en Galicia. Dende logo, Coalición Galega sente enorme simpatía por Víctor Moro porque o seu pensamento é coincidente co que se está a facer.

—¿E Franqueira e Rosón?

—Franqueira é un dos pilares da creación de Coalición Galega. En canto a Antonio Rosón, nestes intres, inda que expresa claramente a súa simpatía por un proxecto desta natureza, penso que non ten definido o seu propio desino persoal. Está moi situado na súa responsabilidade

institucional como presidente do Parlamento Galego. El dixo repetidas veces que non sabe que facer, se retirarse da política ou comprometerse con algunha formación.

—Vostede ¿marca o ideario do partido? ¿Escribe en galego?

—Teño unha responsabilidade importante de partido e, dalgunha maneira, son un dos portavoces que expresa os criterios do mesmo. Emprego indistintamente as dúas linguas. O galego non me causa ningún tipo de novidade porque, no medio social en que vivo, falar galego é tradición. Debemos cultivalo porque é a lingua nosa.

El Ideal Gallego, 20-X-1984

CARLOS FOLGUEIRA «O Rei das Tartas»

Invitado pola «Associació de Confiters de Catalunya», «O Rei das Tartas», Carlos Folgueira, conseguiu un gran éxito na Exposición «Alimentaria» celebrada en Barcelona, e sumou outro Diploma de Honor máis para engadir ós numerosos trofeos, medallas e títulos acreditativos das famosas tartas «Chicha» da súa creación.

«O Rei das Tartas», que hai tres anos xa estivera na Cidade Condal para recibir de mans dos presidentes de Hostelería de España e Francia o nomeamento de «Maitre de Rotisseur», otorgado pola «Chaine de Rotisseurs» de París, o próximo día 23 de novembro voltará para servir o postre da súa especialidade —tarta plana de améndoas, biscoito e cábelo de anxo— na «III Mostra de la Cociña Gallega en Barcelona» unha vez que pronuncie o ritual poema revestido cos seus atributos e condecoracións.

O popular reposteiro mindoniense foi entrevistado por diferentes medios de comunicación e deixou grabadas numerosas cuñas radiofónicas para promocionar, a través de tódalas emisoras catalanas, a gran cea organizada pola Hostelería Galega en Barcelona coa colaboración de Gonzalo García Cortizas, que actúa de coordinador.

A magna mostra gastronómica de enxebres pratos galegos —marisco, cachola, lacón, cachelos— regados cos mellores viños da nosa Terra, celebrarase no Hotel Princesa Sofía. Como nas anteriores edicións, están invitadas as primeiras autoridades de Catalunya e Galicia e contase coa asistencia de mil comensais. Este ano «O Rei das Tartas», coa súa especialidade, engadirá á gran festa de irmandade galaico-catalana un componente máis da rica e variada Cociña Galega.

Tras agotadoras xornadas de traballo, intres antes do seu retorno a Mondoñedo, falamos con Carlos e Chicha, a súa esposa, que non ocultan a súa regalía polo éxito conseguido nesta viaxe e pola acollida dos galegos residentes en Barcelona, que nos aledou a nova do próximo reencontro seguros de que, na «III Mostra de la Cociña Gallega en Barcelona», «O Rei das Tartas» contribuirá ó espallamento das excelencias culinarias de Galicia.

El Ideal Gallego, 1-XI-1984

El Progreso, 1-XI-1984

RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ

Ramón Piñeiro López acudiu á Cidade Condal para recoller a Creu de Sant Jordi, condecoración creada pola Generalitat para distinguir a diversas persoas que destacaron na exaltación dos valores de Catalunya. O intelectual galego, autor de «Filosofía da Saudade» e os demais galardonados, foron condecorados polo Honorable Jordi Pujol nun solemne acto celebrado no Saló de Sant Jordi.

—¿A que se debe —preguntámoslle— a concesión de tan importante condecoración?

—O feito de que me concederán a Creu de Sant Jordi, entendo eu e ademais así o di o Decreto, é en recoñecemento ós longos esforzos de colaboración entre cataláns e galegos, moitos deles, protagonizados por min, en colaboración cos cataláns, na defensa dos dereitos dos dous pobos e das súas culturas durante moitos anos. Acordáronse diso ¿verdade? e quixeron obxetivar ese recoñecemento mediante a concesión desta Creu.

—¿Que representa para Vde. a Creu de San Jordi?

—Para min é un símbolo de longos anos duros e difíciles, de loita e de colaboración común que, ademais, deron lugar a amistades entrañables. Algúns deles xa morreron pero siguen vivos no recordo. A Creu de Sant Jordi, para min, é un símbolo de todos.

—O feito de condecorar a dous galegos ¿pódese considerar como unha mostra de irmandade entre as dúas nacionalidades históricas?

—Non podo xuzgar as intencións da Generalitat. O que sí sei é que Basilio Losada, residente en Barcelona dende moi novo, é unha especie de cónsul de Galicia en Catalunya e, ó mesmo tempo, unha parte de Catalunya en Galicia. É dicir, este home é, en esencia, o enlace e a ponte comunicativa entre as dúas culturas e, polo tanto, estaba absolutamente xustificado que lla deran ¿non? En min, supoño que hai razóns afectivas. En Basilio, dado o labor constante que fixo e está facendo moi eficaz e xenerosamente, hainas moi obxetivas.

—O profesor Basilio tenme falado en moitas ocasións de que Vde. foi o seu mestre e o da súa xeneración. ¿Como influíu Vde. no seu compromiso con Galicia?

—El, e outros da súa idade, coñecémonos dende hai moitos anos. Daquela, o ideal galeguista estaba, diríamos, concretado nun grupo reducido e, ademais, era un labor arriscado e difícil. Eles tomaron contacto con algúns de nos e mantivemos relacións nun intercambio continuo. Tratamos de axudarlles a adquirir a súa conciencia e visión persoal de Galicia e, ó mesmo tempo, o

compromiso con Galicia. Pola nosa parte démoslles toda a axuda que podíamos para que eles puideran realizar o desenvolvemento da súa personalidade, cousa que moitos fixeron e o Basilio, dende logo, dunha maneira exemplar. O resto —manifestounos o mestre, satisfeito polos resultados de tantos anos de sementeira do ideario galeguista— fixérono eles mesmos. É dicir: cada un deles levou a termo o propio desenvolvemento da súa personalidade utilizando os medios e os recursos que tiñan ó seu alcance. Nós eramos parte deses recursos.

Faro de Vigo, 21-XII-1984

ISAAC DÍAZ PARDO

Tras a inauguración oficial da «Exposición gráfico-biográfica e documental sobre Castelao», que tivo lugar no Palau Moja baixo a presidencia do honorable Joan Rigol, conseller de Cultura da Generalitat de Catalunya, acto no que interviron Ramón Piñeiro, Valentín Paz Andrade, Ramón Martínez López e o propio conseller, falamos con Isaac Díaz Pardo que nos explicou:

«A exposición inaugurámola coincidindo coa XIII experiencia do Seminario de Sargadelos, en agosto. Logo, presentouse no Museo Carlos Maside e agora en Barcelona e pensamos dala a coñecer noutras cidades.»

—¿Cal é a orixe do gran labor que está a facer Sargadelos?

—As cousas do Castro, de Sargadelos, do Museo Carlos Maside e do Seminario de Sargadelos foron concebidas no exilio e por exilados, fundamentalmente por Luis Seoane coa colaboración de tódolos amigos, en especial Rafael Dieste e Lorenzo Varela. A arte, para estes homes —seguiu explicando Díaz Pardo— era un elemento de comunicación co home, como quería Castelao que non fixo outra cousa máis que comunicar co pobo. Eles entendían, como se entende hoxe, que a arte é un sistema de comunicación e que se non serve para comunicarnos, non serve para nada. Este é o espírito que ten tamén o Seminario de Sargadelos, que é unha institución con moita vitalidade.

¿Como surtiu a idea desta exposición?

—Para dar a coñecer a obra de Castelao ó pobo que estivo ausente no acto de chegada dos seus restos a Galicia, acto no que soamente había autoridades e que serviu, en troques de unir, para dividir. Non vamos facer acusación a ninguén pero temos que considerar que foi un recibimento mal feito. Castelao tiña que vir para unir e seguir vivindo co seu espírito, co seu exemplo e a súa conducta humana que está por enriba da súa obra.

—Defíneme a Castelao artista.

—Castelao non é simplemente un artista como moitos cren. É moito máis. El mesmo dicía: «Eu son un artista para poder vivir, pero utilizo os lápices e a pluma para comunicarme co meu pobo, para reivindicar as súas dificultades», e Luis Seoane afirmaba: «A arte de Castelao é como un

cabalo de Troia metido no seu tempo, que puxo de manifesto e desentrañou unha serie de problemas que estaban sen resolver en Galicia».

Mostra de Seoane na Galería Sargadelos

No acto de inauguración, na Galería Sargadelos, da exposición de figurines e decorados que Luis Seoane fixo para o espectáculo «Castelao e a súa Época», de Ricard Salvat, o escenógrafo catalán manifestou que no seu traballo empregou textos de autores de diferentes nacionalidades da Península Ibérica pero o núcleo principal da obra era o fragmento final de «Os vellos non deben de namorarse».

O espectáculo fora producido o ano 1969 pola Compañía universitaria CITAC, de Coímbra, que xogou un rol moi importante na renovación teatral portuguesa. «Interesoume a figura de Castelao —dixo noutro intre da presentación dos inspirados dibuxos de Luis Seoane— porque o gran nacionalista galego facía de ponte entre as dúas culturas peninsulares e porque tiña unha personalidade de dimensión universal.»

A continuación, Ricard Salvat explicou que por medio de Alonso Montero e Isaac Díaz Pardo, conseguira de Luis Seoane o coidado da realización técnica de decorados e figuríns e engadiu: «A súa estancia con nós na Universidade de Coímbra é unha das experiencias máis luminosas e enriquecedoras de cantas tiven na vida. Luis fascinou ós estudantes pola súa infinita cultura e coñecementos, pero ó mesmo tempo, tiña a virtude de inqedalos e escitalos. Penso —findou Ricard Salvat— que Seoane, co seu traballo, soubo interpretar o espírito da plástica de Castelao e convertila en materia teatral-arquitectónica. É unha mágoa que daquel traballo que non se puido estrenar por causa da censura portuguesa, non quede máis que o recordo e estes figuríns e bocetos de decorados dun mestre —Luis Seoane— que continuaba e interpretaba ó mestre por excelencia: Alfonso Castelao».

El Ideal Gallego, 29-XII-1984

XESÚS CÉSAR SILVA MÉNDEZ

«A Escola Internacional de Circo» «Benposta Nación de Muchachos» é un movemento renovador no que se compangan a habilidade física co estudio e que pretende facer homes para transformar un mundo que non nos gusta. Os simples argumentos non sirven para trocar as cousas porque a base da cultura está no coñecemento do home e do seu entorno.»

Así nos define o pai Silva a institución, por el creada, ó remate da sesión da tarde do maravilloso espectáculo de circo que presenta, para regalía de nenos e maiores, na praza Catalunya, o lugar máis céntrico de Barcelona. Madia leva a se atopar plenamente satisfeito polo gran éxito

alcanzado e non é de extrañar que as súas primeiras palabras sexan de agradecemento para o conseller de Xuventude da Generalitat e o concellal Martínez Fraile polas facilidades que lle prestaron. «Non sucedeu así na Coruña —láíase— que o mes de agosto negáronnos o aparcamento diante do Palacio de Deportes para montar a carpa.»

O pai de Xesús César Silva Méndez quería que o seu fillo fora arquitecto coma el, pero a vocación sacerdotal foi máis forte no rapaz que estudiou a carreira de crego en Comillas e, logo, encetou o apostolado na súa cidade natal de Ourense creando, en 1956, a «Cidade de los Muchachos de Benposta».

«Dende o comenzo —dinos— a formación cultural e o circo foron as metas que me propuxen para desenvolver o labor evanxélico entre os rapaces.» E engade: «Na nosa institución o estudio é obrigado. Os rapaces están matriculados no Centro de Ensino de Benposta, de Ourense. Estudian EXB, BUP, F.P. e COU, grado indispensable para poder acadar o primeiro título na nosa Escola Internacional de Circo que está recoñecida oficialmente. Cando actuamos —sigue manifestándonos o P. Silva— levamos con nos os profesores e os alumnos teñen catro horas diarias de clase. Tamén temos residencias universitarias. Homes formados en Benposta xa exercen carreiras ou traballan en circos, teatros e nos mellores espectáculos do mundo».

As actividades circenses amateurs da institución chegaron a tal grado de profesionalización que xa recorreron os cinco continentes batendo tódolos records de éxito e de permanencia en cartel. En 1974 actuaron durante cinco meses nos EE.UU., en México, Colombia e Venezuela; o ano seguinte, durante seis meses, no Xapón; o ano 1976 pasárono en China; o 1977, estiveron seis meses en Australia e recorreron Singapur, Tailandia, Indonesia e Filipinas; do 77 ó 80 fixeron representacións en toda Sudamérica; en 1981 actuaron en Israel; durante 1982 asistiron ás súas actuacións 300.000 nenos madrileños; o pasado ano recorreron Alemania e foron a admiración de Berlín durante tres meses e, este ano, antes de reaparecer en Barcelona donde se presentaran por primeira vez hai vinte anos, actuaron en Galicia.

O Circo «Benposta Nación de Muchachos» non ten fronteiras

É evidente a orixe galega de «Benposta Nación de Muchachos» que nos comenzos, en Ourense, era coñecida por «Cidade de los Muchachos». O pai Silva, home activo, incansable e co único afán de avanzar por un vieiro que moitos calificaron de «apostolado revolucionario» estendeu o nome «Benposta» polo mundo enteiro. A metade dos 150 xóvenes artistas son galegos, os demais, son oriundos de dez países diferentes. No espectáculo tamén actúan gaiteiros e ondea a bandeira de Galicia «pero por riba de todo —afirma o pai Silva— está o espírito de denuncia, tan propio da nosa Terra, que condena as inxusticias que se están dando nun mundo no que, cada minuto, morren 47 nenos».

«Benposta» non ten fronteiras e o seu futuro parece asegurado.

«A miña aspiración —afirma o amigo Xesús César Silva que acaba de cumprir cincuenta anos— é seguir creando comunidades no mundo enteiro. Ademais da de Ourense, temos as de Bruselas, Bogotá, Santo Domingo, Nicaragua, Mozambique, dúas en Madrid e, próximamente,

esperamos crear outra en Barcelona. O porvir parece asegurado porque temos uns estatutos básicos e xente maravillosa que son garantía da continuidade da Institución.»

Faro de Vigo, 2-I-1985

RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ

Don Ramón Martínez López, presidente do Seminario de Estudos Galegos, participou, con Valentín Paz Andrade e Ramón Piñeiro, no acto de presentación da exposición gráfico-bibliográfica e documental sobre Castela inaugurada polo conseller de Cultura da Generalitat, Joan Rigol, no Palau Moja de Barcelona.

Dado que o intelectual galego é tamén presidente do Partido Galeguista aproveitamos a ocasión de telo entre nós para que nos informe dos problemas e do porvir do Partido.

—¿Como ve o futuro do ideario político que vostede preside?

—No próximo congreso do día 20 de xaneiro, demostrarase que está rexurdindo con forza. Cada día —non esaxero nin estou facendo propaganda— recibimos información de novos grupos que se crean nos lugares máis dispares de Galicia. O último creo que foi en Verín; o penúltimo, no Grove e, o anterior, en Cedeira.

—¿Cal é a posición actual dos antigos galeguistas?

—O criterio noso é animar á xente nova para que continúe o noso labor e nos quedar un pouco para axudar. Temos que loitar moito porque os inimigos xa se sabe quen son agora, uns señores que quixeron matar o Partido Galeguista por catro votos.

—Iso, se non recordo mal, acordouse nun Congreso.

—O Congreso ó que se refire está demostrado que foi absolutamente ilegal posto que o secretario xeral que o convocara fora exonerado —non expulsado— do seu cargo. É o que os abogados chaman pomposamente «ilegal convocatoria». É dicir: faltáballe forza de convocatoria.

—¿A qué se debe a ruptura con Coalición Galega?

—Ata o último momento, nos ofrecémoslles ir xuntos en federación. Eles falaron de fusión e, finalmente, intentaron matarnos por catro votos, como lle dixen; pero nós continuaremos con máis ilusión ca nunca.

—Dícese que vostedes son máis intelectuais ca políticos. Que non teñen un programa de goberno.

—Temólo e ata o punto de que é o único programa razonado. Por exemplo, fronte á reconversión industrial, que foi estudada por dous afiliados nosos de SODIGA, recoñecemos que, nalgúns casos de España, é necesaria, pero o que fallou foi a consideración previa dos resultados que ía producir. O que está a pasar en Galicia é tremendo. Outro exemplo: os pimentos de Padrón xa non son tan bos porque están feitos debaixo de plástico e iso denunciárono os naturalistas. Din que se debe ser práctico. «Cando me din que se debe ser práctico —dicía Oscar Wilde— boto man do revolver para deter ó individuo que sei que me vai proponer algunha inmoralidade.» Hai que ser práctico... Xa sabemos o que é iso. ¿Que somos intelectuais? O acto que acabamos de celebrar foi intelectual pero saíu moi político ¿non?

—¿Que resultados lle pronostica a Coalición Galega?

—Hoxe van mal. Andan á procura de xente moi importante en Barcelona, pero parece que está un pouco dura a cousa.

¿Refírese a Víctor Moro?

—Eu non dixen nada.

Don Ramón, moi prudente el, anúncianos que, de inmediato, inaugurarán un local do Partido e que este mes de xaneiro celebrarán un congreso. Síntese moi esperanzado e con moitos ánimos para seguir adiante. Polo que nos dixo, o pobo parece que responde.

El Ideal Gallego, 5-I-1985

ANTONIO PINTOR VIDAL

Don Antonio Pintor Vidal, presidente de honor de «Trofeo Liceo la Paz FUTBITO» impuxo a insignia de ouro desta modalidade deportiva a dona Marta Ferrusola, presidenta do XXII Festival de la Infancia y Juventud, nun acto celebrado na Feira de Barcelona. No mesmo acto tamén lle foi entregada a insignia de prata a don Xavier Juncosa, xefe de Relacións Públicas da Dirección General de Deportes da Generalitat.

«Sabemos —dixo o señor Pintor en catalán— da importancia do voso pobo e do gran interés que significa o intercambio entre as nosas nacionalidades históricas e cremos que o mellor xeito de facelo é empezar polos nenos. Para conseguilo —engadiu— recorreremos á señora Marta Ferrusola para que nos axude neste labor.»

Nun breve discurso, a dona do president da Generalitat agradeceu a insignia e as palabras do señor Pintor Vidal e ofreceuse a colaborar para que FUTBITO enraice no Principado e manifestou o anxeio de que os organizadores prosigan na idea de estreitar lazos deportivos e de amizade entre Galicia e Catalunya.

«Futbito», deporte escolar

«Futbito» é unha modalidade deportiva, para nenos de 8 a 14 anos, que o Colexio Liceo la Paz iniciou na cidade da Coruña o ano 1974 e que potenciou a nivel de competición intercolexial extendéndose, logo, a toda Galicia patrocinado pola Xunta de Galicia. Na temporada 1983/84, neste deporte, apadriñado por dona María Asunción Baltar de Fernández Albor, participaron 8.000 nenos da nosa nacionalidade e, segundo o seu presidente de honor, don Antonio Pintor, contase que no curso actual participarán 15.000 alumnos.

A nivel estatal xa existen contactos con Catalunya para potenciar «Futbito» e, como resultado das xestións dos directores xerais de Deportes da Xunta e da Generalitat, señores Lousa e Vilaseca, no verán houbo un intercambio de escolares —cincuenta galegos conviviron con cataláns en Amposta e outros tantos rapaces cataláns fixérono con galegos en Gandarío— durante doce días. «O próximo verán —manifestounos o señor Pintor— esperamos triplicar este importante intercambio.»

El Ideal Gallego, 18-I-1985

CLAUDIO SAN MARTIN PÉREZ

«Caixa Galicia —dixo don Claudio San Martín Pérez— quere prestar os seus servicios en Barcelona procurando ser de utilidade non só para aqueles galegos que fixaron a súa vida aquí senón tamén para todos aqueles non galegos que poidan servirse na nosa Institución.»

Ó acto de inauguración da sucursal Caixa Galicia de Barcelona asistiron o delegado do Goberno en Galicia, Domingo García-Sabell; o vicepresidente do Parlament catalán, Arcadio Calzada; o secretario xeral da Consellería de Economía da Generalitat, señor Basañer; o director xeral de Caixa Galicia, Xosé Luis Méndez; o director e o interventor da nova Oficina, señores Molíns e Moreda; os directores do Banco de España e do Banco Pastor en Barcelona, Víctor Moro e Xosé Luis Nores; presidentes de caixas de aforros e das entidades galegas da provincia, e representantes de tódolos estamentos barceloneses.

Bendeciu as novas instalacións o párroco da concatedral de San Xulián, do Ferrol, don Amable Rodríguez Armada e, a seguido, o presidente da Institución fixo unha detallada exposición das actividades da Caixa Galicia «nacida —dixo— en 1978 coa fusión de entidades de aforro galegas centenarias para servir á comunidade donde está enclavada, desenvolvendo unha importante actividade xeneradora de riquezas.

Don Claudio San Martín, tras facer un canto do progreso social, da capacidade de traballo e do nivel de progreso de Catalunya, engadiu: «A nosa chegada a Catalunya é o inicio dunha nova singladura para contribuir ó aumento do nivel de vida e á consecución de maiores cotas de benestar social. Non son poucos os atrancos que vamos atopar no noso camiñar, pero sabemos que, a pesar da crise que nos invade, aínda queda un lugar para o optimismo. Estar en Barcelona —afirmou o

presidente da Institución galega de aforros— enraízanos nesta nobre terra e condúcenos a prestar un mellor servizo a cantos galegos foron acollidos aquí e a cantos cidadáns teñan mester dos nosos servizos».

«Caixa Galicia será un novo fogar galego»

A continuación, o señor San Martín pronunciou unhas palabras en catalán ofrecéndose a colaborar coas xentes de «tan nobre pobo do Estado español» e seguiu en lingua galega: «O noso agradecemento a Catalunya pola acollida que deron a aqueles galegos que tiveron que saír a traballar fóra de Galicia e o noso agradecemento polo que supón atopar un segundo fogar, outro dos motivos polos que Caixa Galicia quere tamén prestar os seus servizos en Barcelona procurando ser de utilidade non só para aqueles galegos que fixeron a súa vida aquí senón tamén para todos aqueles non galegos que poidan servirse na nosa Institución. Teñan a seguridade —findou don Claudio San Martín— de que, alí, Caixa Galicia é a súa casa e, dende agora, nesta Oficina atoparán sempre un novo fogar».

Seguidamente, inaugurouse unha exposición de dibuxos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao incorporados ó fondo artístico da entidade, primeiro dunha serie de actos culturais que Caixa Galicia proxecta organizar na Cidade Condal para aproximar a cultura galega a Catalunya, como un servizo máis para os 80.000 galegos censados no Principado, e tódolos asistentes foron agasallados cun exemplar do libro «175 Dibuxos de Castelao».

«Viñen dun xeito particular —dixo o delegado do Goberno en Galicia— para corresponder á amizade que me une cos directivos de Caixa Galicia cos que teño gran relación afectiva. Eu —continuou o señor García-Sabell— celebro moito esta expansión da institución de aforros galega porque o feito de nos irradiar cara o mundo da economía e do negocio paréceme sempre ben, de maneira que esta apertura que estamos celebrando é un signo moi positivo da capacidade de Galicia.»

Tamén don Víctor Moro sulíñou a enorme importancia de que unha caixa de aforros galega se instale nunha praza financeira de tanta categoría donde existe unha corrente de negocios coa nosa Terra que, con toda seguridade, Caixa Galicia vai favorecer e alentar. «A vocación tradicional das caixas de aforros de espallar a cultura autóctona pode traer a Barcelona unha mostra, sempre digna, do que é Galicia. Fago votos —remarcou o ilustre galego de Ribadeo— para que a súa presenza na capital catalana sexa fructífera, que teña moitos éxitos e para que as relacións Catalunya-Galicia encontren na Caixa un instrumento de prosperidade e de apoio mutuo.»

Nunha roda de prensa celebrada anteriormente á inauguración, o director da División Internacional de Caixa Galicia, don Xoan Dapena Traseira, manifestou: «A Oficina que inauguramos hoxe é a segunda que abrimos fóra do territorio da nacionalidade histórica de Galicia, despois da de Madrid en 1981 e, nos próximos días, encetaremos unha nova etapa coa apertura dunha representación en Ginebra á que lle seguirá, próximamente, outra en Londres. Tamén temos en estudo a nosa presenza física no continente americano».

O señor Dapena, a quen acompañaban Eliseo Barbeito Naya, director do Departamento de Imaxe e Relacións Exteriores, e o director da nova Oficina, Joan Bautista Molíns Buxó, afirmou que, ademais de atender ós clientes de Caixa Galicia e ós galegos radicados en Catalunya, a Oficina da Cidade Condal especializarase en operacións de comercio internacional e facilitará a proxección da empresa galega e española no comercio mundial.

«Caixa Galicia —engadiu— é a primeira entidade galega que firmou un préstamo sindicado en ECUs, a moneda comunitaria europea, e xa conta con 61 corresponsais bancarios con representación en 21 países.»

En canto á contratación de personal, negou que houbera habido presións de ningún tipo e dixo que se procurou un equilibrio na plantilla de empregados entre cataláns e galegos. «O equipo directivo —manifestou— está compensado: un catalán, o señor Molíns, é o director, e Xosé Daniel Moreda, que reborda galeguismo por tódolos poros e será quen máis contacto diario vai ter cos galegos, é o interventor.»

En tódalas entidades galegas respirase gran optimismo e satisfacción pola chegada de Caixa Galicia a Barcelona. Pola sona da xestión eficaz de que ven precedida e como impulsora da nosa cultura, posta de manifesto nas palabras do seu presidente e na exposición de Castelao, o aforro galego, sen dúbida, canalizarase cara a institución financeira galega tan dignamente instalada nos amplos e modernos locais de Paseo de Gracia, n.º 28. O emprazamento é o máis axeitado que se podía pensar por mor das numerosas actividades bancadas que se desenvolían naquela importante zona comercial e ós galegos aledaños ver a Bandeira de Galicia ondear a carón da española e a catalana na nobre fachada de granito galego, incomprensiblemente pintada de marelo, chata que se suscitou na roda de prensa e que, segundo aclarou o señor Dapena, foi unha esixencia administrativa do Concello de Barcelona.

El Progreso, 24-II-1985

Treboada, Febreiro-Marzo. 1985

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

No Centro Galego de Barcelona pronunciou unha conferencia sobre «Vida e obra de Antón Losada Diéguez» Francisco Fernández del Riego, o intelectual galego coñecido tamén polos pseudónimos «Cosme Barreiros» e «Salvador Lorenzana».

Paco del Riego, para os amigos, un dos fundadores de «Editorial Galaxia» e director da Fundación Penzol, encetou o programa de abondosos actos culturais co gallo do «Día das Letras Galegas», acertada idea que acadou unha proxección extraordinaria e que fora proposta por el á Academia Galega para conmemorar tódolos anos o 17 de maio de 1863, data da publicación de «Cantares Gallegos» de Rosalía de Castro.

—¿Como ve —preguntámoslle— o futuro de lingua galega?

—Fundamentalmente positivo se o ensino contribúe a fortalecer as posibilidades do idioma; pero estas posibilidades pódennas contrarrestar os medios de comunicación se non encetan un labor regaleguizador utilizando a fala na medida que as circunstancias do país esixen.

—O pobo ¿toma conciencia da propia lingua?

—Antes había un complexo idiomático que agora empeza a ser vencido, sobre todo, nas masas obreiras e tamén no campo en certa maneira.

—¿Como definiría o grupo monolítico dos anos cincuenta e sesenta de «Galaxia»?

—Foi un grupo minoritario inicial que fixo o labor de restauración da cultura galega; pero hoxe o campo ampliouse notablemente e é natural que, dentro da ideoloxía galeguista común a todos, surxise esta pluralidade actual. Penso que as posicións monolíticas non conducen a nada. O pluralismo é fructífero.

Fernández del Riego, nestora está plenamente entregado á organización da Biblioteca da Fundación Penzol, que se está trasladando á Casa de Cultura, de Vigo, e láíase da falta de tempo para escribir as súas memorias.

—Teño un material asombroso que, soamente ordenalo, levaríame moito tempo. Interesaríame escribilas, non como protagonista, senón para testemuñar documental e vivencialmente unha época crítica da historia galega contemporánea.

Colaborador do suplemento «La Noche», que foi o punto de partida da recuperación cultural galega, autor de escolmas de poesía, de milleiros de artigos, dunha novela inédita, varios libros e, como dixo Basilio Losada, «un home de traballo, esforzo e intelixencia ó servizo de Galicia», Francisco Fernández del Riego, dinos:

«Do libro que me sinto máis satisfeito é «Letras galegas do noso tempo» no que, por primeira vez, deuse unha visión da literatura universal actual en lingua galega.»

O ilustre persoeiro das letras galegas xa estivera na Cidade Condal noutras ocasións para recoller un premio por un traballo que presentara encol da literatura provenzal e galega e para falarnos de Pondal e da literatura galega. Esperamos que non tarde en voltar e que o libro de memorias que lle agradaría publicar sexa unha realidade axiña.

10-V-1985

X. ENRIQUE MONTEAGUDO

O xoven profesor de Filoloxía Románica e do Instituto da Lingua Galega, Enrique Monteagudo, pronunciou unha conferencia sobre «Problemática lingüística» na Aula Magna da Universidade Central de Barcelona.

Fixo a presentación o escritor e editor Olegario Sotelo Blanco, que agradeceu a súa presenza en nome da comisión organizadora do «Día das letras galegas» e, a continuación, o profesor Monteagudo expuxo as razóns da existencia do bilingüismo en Galicia imposto na época medieval. «A progresiva elevación do idioma galego —dixo— no século XIII, quedou marxinada pola Real Audiencia do Reino de Galicia, creada polos Reis Católicos, e pola influencia da Igrexa. Só un 2 por cento dos maxistrados eran galegos e, entre os séculos XV e XIX, non chegou a unha ducia o número de bispos galegos.»

Referiuse máis adiante o profesor Monteagudo ás causas que orixinaron o rexurdir do galego e á Lei de Normalización Lingüística aprobada pola Xunta de Galicia e pasou a valorar o cumprimento da mesma por parte da Administración autónoma que «non cumpre os obxetivos mínimos da súa aplicación».

Entre outras cousas, afirmou que o predominio do castelán sobre o galego é claro nas comunicacións e propagada das consellerías agás a de Educación e a de Sanidade, nin demostrou vontade de galeguizar a toponimia galega, como sucedeu no caso de permitir un referendun en Pobra do Caramiñal que deu como resultado o manter «Puebla do Caramiñal».

En canto á galeguización da propia Administración, remarcou:

«A Xunta cometeu o erro de crear o Departamento da Dirección Xeral Lingüística dentro da consellería de Educación e Cultura o cal fai que non teña capacidade para influir na galeguización da propia Administración autonómica.»

Enrique Monteagudo recoñeceu, sen embargo, que a presenza do galego no ensino é positiva e que un 90 por cento dos alumnos xa sabe escribir en galego, pero non se fixo a tentativa, nin sequera experimental, de introducir o galego como lingua vehicular.

Tamén afirmou que últimamente deuse un gran paso adiante coa inauguración da Radio autonómica e coas emisións en galego do sector privado. Do canal 3 de TV, que esperan inaugurar o 25 de xullo, mostrouse pesimista porque «segundo os profesionais, non hai absolutamente ningún material que se poida emitir, nin grabado nin dobrado, e temémonos que terán que improvisar».

Criticou finalmente ós concellos en xeral e ás diputacións que, deica agora, non fixeron practicamente nada pola normalización do galego e laiousse de que a Real Academia da Lingua Galega non é un organismo dedicado á investigación lingüística e que, o único que fixo, foi aprobar as normas ortográficas.

No coloquio que se suscitou a continuación, dixo: «Non hai dúbida que as organizacións nacionalistas axudaron enormemente á normalización do idioma, pero en algunhas non acaba de verse na práctica un claro desenvolvemento dos seus principios».

No tema da normativización non quixo profundar. «É unha polémica —afirmou— confusionista, falsa e negativa. O fundamental é que os grupos sociais reivindicán a normalización do noso idioma.»

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Na «III Mostra do Libro Galego en Catalunya» presentada no Edificio «La Pedrera» Xosé Luis Méndez Ferrín dixo que «aproveitando a concurrencia de tantas persoas ilustradas, coñecedoras e amantes da nosa literatura» quería poñer en dúbida a Historia da Literatura Galega tal como se ten escrito deica agora e presentar a novela de Xavier Costa Clavell «O Conde de Vilóide» publicada por Ediciones Sotelo Blanco.

O profesor vigués, un dos mellores poetas e narradores galegos actuais, conseguiu plenamente ambas intencións; pero extendereime soamente na primeira por considerala unha exposición totalmente reveladora da creatividade literaria española e galega neste intre en que «a narrativa galega tería que botar un foguete para celebrar a chegada de «O Conde de Vilóide» que é algo así como un vaso de agua fresca a confortarnos».

Méndez Ferrín encetou a súa lección maxistral afirmando que a Historia da Literatura, tal e como a pensaron os clásicos do positivismo do século XIX, Lansón en Francia, Mendes dos Remedios en Portugal, Marcelino Menéndez y Pelayo en España, e o catalán Joan Ruiz i Calonge, é algo que está por revisar. E ó se referir á redución do estruturalismo lingüístico que quixo someter ás súas canles a psicoloxía e a antropoloxía, remarcou: «Agora mesmo estamos vivindo a destrución, a pulverización e a aniquilación da utopía estruturalista e, polo tanto, hai que abrirse de novo á conciencia histórica, é dicir, ó home como ser histórico».

Tamén confesou o profesor Méndez Ferrín —que se autocalificou disciplinado sindicalista, home gradualista, comunista normal «que quere dicir un revolucionario, non un rebelde»— a melancólica conclusión de se ter decatado de que non existe o existencialismo, corrente na que se formou e participou, e lamentouse do abamento e de toda clase de enfeitizos alleos e de romances «absolutamente ilexibles que está sufrindo a literatura galega actual».

Noutro intre da súa exposición, criticou duramente o realismo burgués e dixo que os anos 1954/1955, J. R. R. Tolkien, en Oxford, con «O señor dos aneis»; Pere Calders, en Catalunya, con «Cròniques de la veritat oculta»; e, en Galicia, Gonzalo R. Mourullo e Alvaro Cunqueiro, autores de «Memoria de Tains» e «Merlín e Familia», deuse unha viraxe na literatura contra «Don Quijote de la Mancha», Balzac e o realismo pedestre que nos estivo facendo sufrir durante séculos. «Aquel que non vexa —afirmou— como o mundo está a recuperar as formas da narrativa popular, que son a fantasía e non outras, que ningún conto tradicional do mundo foi endexamais "realista" e que, agora, no mundo en que estamos vivindo, o realismo feneceu, pasaríalle algo semellante ó que lle sucedeu a Leandro Fernández de Moratín cando se escandalizaba dos poetas románticos porque non rimaban ben os seus versos.»

O polifacético escritor, que abogou pola recuperación de antigos grandes escritores como Miguel de Molinos, María de Zayas, Francisco Delicado, Amadís de Gaula e os arquetipos da

narrativa popular «que é un dos grandes tesouros da humanidade», engadiu ó se referir á Historia da Literatura Galega contemporánea: «Esta ofrécenos falacias tales como o menosprecio de Pondal e louvanzas desmesuradas acríticas de Rosalía así como a incompreensión de escritores como Costa Clavell e outros, feito contra o que veno a rebelarme na vosa presenza. Isto —suliñou— é algo que debemos practicar tódolos ensinantes a non ser que queiramos repetir e reproducir nos nosos alumnos unha imaxe da Historia da Literatura Galega que non existe. Hai que reprantexarse —findou o profesor Méndez Ferrín— este gran tema pendente e volver a facelo de novo».

18-V-1985

SANTIAGO ÁLVAREZ

No Edificio «La Pedrera», donde se ven celebrando a «III Mostra do Libro Galego en Catalunya», Santiago Álvarez presentou «Castelao y nosotros los comunistas» (Ediciós do Castro), «un libro —dixo— no que dou a coñecer as relacións amistosas que mantiven co líder galeguista que se consagrou por enteiro a loitar por Galicia, pola democracia e a autonomía».

O político galego, nado en San Miguel de Vilamartín de Valdeorras, impecablemente traxeado, gran conversador, riseiro, ledo e comunicativo, en ningún intre nos deu a imaxe dun vello revolucionario durante a entrevista que mantivemos denantes da presentación do libro. Máis ben deunos a impresión dun feliz petrucio de encendidas meixelas ó remate dun abondoso xantar o día da festa do Patrón da aldea.

—¿A que obedece o conservadurismo do pobo galego?

—En Galicia, particularmente, hai un peso da tradición de dereitas debido á influencia do caciquismo tradicional e á dispersión cidadana motivada polo minifundio xa que nas catro provincias galegas hai tantos lugares de poboación como na metade de España. En Galicia tampouco se deu nunca un intento serio de corte coas raíces do pasado. Alí, a posición política da xente non responde obxetivamente ós propios intereses socioeconómicos.

—¿A que se debe tal situación?

—En primeiro lugar á falta de unidade dos que hoxe parece estaren enfrentados e, naturalmente, á escasa forza das esquerdas que están tamén dispersas. Sen esa unidade, quen sae ganando son as forzas de dereita e concretamente A. P. Hoxe por hoxe Galicia, con Cantabria, son as únicas comunidades donde hai gobernos que son monopolio da dereita.

—Teño entendido que vostede cataloga a Castelao como político de esquerda.

—Na conferencia que pronunciei no Centro Galego de Madrid e que titulei «Castelao home de esquerda», digo, xustamente, que Castelao era home de esquerda, posición que tomou os anos

trinta e á cal sempre foi fiel. Castelao integrouse no Frente Popular para lograr a autonomía de Galicia, pero non era marxista como afirmou Luis Soto. Era un home democrata, amigo dos comunistas, cos que tiña relación, pero, naturalmente, non era marxista. O que sí é verdade, el e nós defendíamos obxetivos políticos comúns.

—Vostede foi comisario político con Lister ¿que lles separa na actualidade?

—Enrique Lister sempre foi un combatente pola liberdade democrática e por Galicia. Hoxe, entre el e máis eu, hai diferencias políticas porque el foise do P.C.E. e eu sigo sendo membro do Comité Central. Lister, á súa maneira, sigue sendo un loitador pola causa do pobo e defende un sistema democrático de goberno. Eu fun padriño da súa primeira filla e, xuntos, fomos corresponsables do 5.º Corpo do Exército loitando, como bos compañeiros e bos irmáns, pola mesma causa.

—¿Por que escribiu «Castelao y nosotros los comunistas» en castelán?

—As publicacións en galego enaltecen a nosa lingua, pero limitan as posibilidades de lectores que se informan sobre Galicia.

—¿Pensa escribir algún outro?

—Está a saír un de memorias da miña infancia e xuventude no que relato as circunstancias acaecidas durante a dictadura de Primo de Rivera —o caciquismo, a problemática relixiosa, o centralismo (lémbrome da gran tolena que me deu un mestre por contestarlle en castelán)— e fago un extenso estudio do período republicano. O libro remata cos sucesos do 18 de xullo do 36. Tamén estou a rematar as miñas memorias sobre a guerra civil. O ano vindeiro será o 50 aniversario daquela ecatombe e penso que as razóns históricas e sociais que a motivaron xa se poden situar obxetivamente.

Santiago Álvarez cóntanos, logo, que el contribuíu a constituir en Madrid o Batallón de Milicianos galegos que chegou a contar con 1.200 homes, reclutados a maioría entre traballadores e segadores, pero tamén recorda o apoio de intelectuais galegos residentes na capital —Castelao, Lorenzo Varela, Dieste, Seoane, Barcia, os irmáns Isla Couto e Xaime del Valle Inclán— e ó referirse ó fillo do ilustre don Ramón que se atopaba entre o numeroso público, dixo: —Xaime del Valle Inclán incorporouse cando estabamos en vísperas da batalla do Ebro. Era un neno de dezaseis anos, moi simpático e cun espírito crítico moi agudo. Destinámolo á sección de operacións do Estado Maior e tivemos que obrigalo por disciplina a aceptar porque el quería loitar en primeira liña. Recordo —engadiu satisfeito ó se encontrar co antigo camarada— que era un rapaz moi intelixente e moi inqueda.

20-V-1985

XOSÉ LUIS NOVO CAZÓN

É bo que quen ocupa cargos de responsabilidade no goberno de Galicia contacte coa colectividade galega de Barcelona. Os galegos residentes nesta cidade, penso que influídos polo exemplo dos cataláns, tan concienciados eles da súa personalidade histórica e cultural, son un viveiro de ideas e un interesante eido de información de cómo se debe traballar, se hai vontade de facelo seriamente, para acadar un rápido rexurdimento do noso país.

Nesta ocasión temos que celebrar a boa idea de Olegario Sotelo Blanco que invitou ó subdirector xeral do Libro, da consellería de Educación e Cultura, Xosé Luis Novo Cazón, para que nos falase de «O Libro Infantil e Xuvenil Galego na Actualidade» co gallo da «III Mostra do Libro Galego en Catalunya».

O conferenciante, que fixo unha exposición de logros e de proxectos inmediatos do seu Departamento, ofreceuse a dialogar cos presentes, o cal foi de gran interese porque suscitáronse preguntas como: ¿Por que a Xunta non «arrima» máis diñeiro ós programas de cultura galega? ¿Por que os ensinantes galegos non imparten as diferentes disciplinas, historia, matemáticas, ciencias... na lingua propia? ¿Que iniciativas teñen para normalizar o feito ilóxico de que os libros de texto sexan traducións de editoriais alleas á realidade da nosa Terra?

Como resume da súa intervención escolmamos as seguintes afirmacións do Xosé Luis, un lugués de Villalba, de trinteseis anos, pai de dous meniños, doutorado en Historia pola Universidade de Oviedo, autor de «Loio: de mosteiro frutuoso a encomienda santiaguista» e «El priorato santiaguista de Vilar de Donas», tese doutoral que ten no prelo. Non refugou contestar, incluso, cando un interlocutor puxo en dúbida que un partido de dereita sexa capaz de impulsar iniciativas para o desenvolvemento da conciencia nacional galega.

«A Dirección Xeral de Política Cultural, se non fai máis é porque non pode. O problema, por falla de diñeiro, é tremendamente difícil, pero o proceso de galeguización, inda que será longo, xa estamos no camiño de superalo.»

«Mais ca unha cultura dirixida, as institucións deben impulsar iniciativas privadas.»

«O problema do ensino en galego depende en gran maneira dos propios ensinantes. Non sería positivo que impartirán a docencia en galego por vía de imposición. O camiño axeitado é que o fagan por convencemento.»

«Certamente sufrimos unha colonización de libros de texto traducidos e que nos falan, pono por caso, da época medieval en Catalunya e non din cousa dos Irmandiños.»

«Fixemos un convenio coa Asociación de Tradutores en Galego que vai traducir ó noso idioma corenta títulos da literatura universal.»

«Xa temos un servizo itinerante de bibliotecas con libros en castelán e galego, pero procuramos potenciar a literatura galega infantil e xuvenil en especial. É unha preocupación fundamental para nos que os rapaces adquiran o hábito lector e que, quen xa o teña, o consolide porque, fundamentalmente, diso depende o futuro e o rumbo que vaia tomar a cultura galega.»

24-V-1985

XULIO GIZ RAMIL

Dentro do abondoso programa de actos e conferencias que se veñen celebrando no Edificio «La Pedrera» co gallo da «III Mostra do Libro Galego en Catalunya» tivemos a satisfacción de asistir á conferencia que pronunciou o amigo Xulio sobre «O galego: nativos e conversos».

Xulio Giz, na actualidade, xefe de Gabinete de Presidencia do Axuntamento de Lugo e impulsor das importantes e nunca tan numerosas actividades culturais do Concello da Cidade do Sacramento, encetou o seu parlamento agradecendo ós galegos residentes en Barcelona o gran labor cultural que están a desenvolver, máis sensibilizados, quizais, pola influencia do catalanismo, e afirmou: «Aquí sigue Galicia celebrando as Letras Galegas cando nos coidamos que xa cumprimos. Aquí, aínda hoxe, sempre, é «Día das Letras Galegas».

Intercalando poemas de Casado Nieto e outros poetas residentes nesta cidade, e de Manuel María, Celso Emilio, Méndez Ferrín e Díaz Castro, lembrou que nos anos 58/59, intre que se pode considerar histórico, xurdiu en Galicia unha xeneración de «nativos» ou «conversos» ó galego e engadiu: «Para nos o galego era algo novo, redescuberto, que servía como instrumento de concienciación, pero tamén de diferenciación, de loita... temóme se non sería tamén unha moda. Pero afortunada moda a que nos fixo conversos ó galego».

Analizou logo a situación actual da normalización do idioma galego «un camiño que hoxe están a seguir moitos, uns por convicción, outros por comenencia» e mostrouse optimista porque o pobo está a tomar conciencia da importancia de manter a identidade lingüística propia, os universitarios consideran o galego o vehículo normal de expresión, fálano a cotío os mestres, RTVG emite en galego as 24 horas do día e ata os políticos descubriron que lles é rentable.

«Que tire a primeira pedra —dixo— quen non sexa no fondo un converso... que choute de ledicia o que sexa un verdadeiro converso... que nos dean dous millóns de conversos e Galicia será inmorrente porque o será o seu idioma.» E findou: O idioma galego fainos ser sensibles coma Rosalía, tan valentes coma Curros, tan señores coma Pero Pardo de Cela e tan sabios coma o Rei Alfonso X.

A continuación, o conferenciante contestou numerosas preguntas do público, feitas incluso en catalán, e a velada rematou nun ambiente de irmandade e confianza no futuro da concienciación galega que xa empeza a ser unha realidade.

Pequena semblanza do amigo

Colmoume de gozo pasar varias horas co amigo e presentalo a tantos outros amigos comúns —Basilio Losada, Costa Clavell, Xosé Luis Foxo, Alfredo González... e a moitos que non o coñecían aínda en persoa— aledoume, sí, polo moito que lle debo dende a década dos sesenta cando Xesús Mato me presentou a el en Radio Popular donde xa estaba a facer programas en galego —el foi un dos pioneiros— intre no que se encetou a fonda amizade que nos une.

Durante longos anos fun testemuña dos seus éxitos: Premio Nacional de R.T.V. «Ciudad de Salou», Premio de Prensa de Cambrils, Premio Mundial de Radio «Mallorca»... ata case trinta galardóns, a maioría, en colaboración con outro gran amigo: Marcial González Vigo.

Funcionario do Ministerio de Información e Turismo dende 1964, — transferido máis tarde a Cultura, e corresponsal de varios xornais— o Xulio compangou traballo con estudos e acadou a licenciatura en Ciencias da Información. Con Marcial González Vigo escribiu: «El Dios de Roma que lloró por Lugo» e «Salou novia del mar» e, ademais de pronunciar numerosas conferencias, publicou en galego «Os poetas de Villalba» —a súa vila de nacemento (1947)— e «Medio cento de galegos e Rosalía».

Xulio Giz Ramil, que polos seus traballos sobre temas turísticos foi nomeado «Membro da Asociación Nacional de Escritores de Turismo», a pesar das longas horas de labor no Axuntamento de Lugo, aínda arrinca tempo ó descanso e fai programas en RTVG, a emisora autonómica que dirixe Xosé Luis Blanco Campaña tan vencellado el a Barcelona donde se formou profesionalmente. Froito da súa actividade radiofónica, o amigo Xulio publicará axiña «A Radio máis nova», «Galicia pobo a pobo» e «Literatura viva», nos que se recollen os contidos dos seus programas en RTVG e que serán patrocinados polas consellerías de Educación e Cultura e de Turismo, Xuventude e Deporte. «Temos que facer conversos e convencer a tódolos galegos —díxome cando voltaba á Terra— de que coñecendo e usando o idioma facémonos verdadeiros membros do noso pobo». Concorro plenamente co amigo Xulio: «temos que seguir camiñando cara adiante».

El Progreso, 9-VI-1985

AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA «SAUDADE»

«Saudade» é unha agrupación galega creada por 23 socios fundadores, a maior parte, escindidos de «Toxos e Xestas». Inaugurou domicilio social o 25 de setembro do 82 na rúa Santa Otilia, 44, no barrio do Carmelo da Cidade Condal e, na actualidade, ten 133 socios. Manuel López Rodríguez, de As Nogais, e Ernesto Lagarón, de A Fonsagrada, dirixen a sección de gaiteiros e as actuacións do grupo; o profesor de EXB, Xulio Cougil, nado en Cortegada (Ourense) imparte cursiños de galego para os nenos e encárgase das programacións teatrais; Mari Carmen Font Piqué, catalana casada cun rapaz de As Nogais, e María do Carme Iglesias González, de Celanova, son as profesoras de danza.

Na sé da agrupación, con bar social, dependencias para impartir clases, unha ampla sala para actuacións e unha espaciosa pista descuberta para recreo dos nenos, falamos cos responsables da organización, dos proxectos e do futuro da sociedade.

—Estamos a facer os Estatutos —dinos Manuel López— para dar legalidade oficial á Escola que xa conta con 96 alumnos. Ademais pretendemos integrarnos no Consello Consultivo das Comunidades Autónomas Asentadas Fóra do País, previsto na Lei da Galeguidade.

Manuel López, que rematou o servizo militar no Ferrol sendo director da sección de gaiteiros, e Ernesto Lagarón que, ademais de gaiteiro, dirixe a sección de baile, estudian solfeo. «Os exámenes no Conservatorio do Liceo —láíase o Ernesto— son duros. É mester sacrificarse moito para poder compangar o estudio coas obrigas profesionais, pero a ilusión que temos posta na Escola axúdanos a superar os atrancos.»

—¿De que vos sentides máis satisfeitos?

Da confianza dos numerosos galegos residentes nesta zona, da súa colaboración e da ilusión con que mandan os fillos ás nosas clases de gaita e danza. Entre todos, traballamos duro para acondicionar o local e xa actuamos en Terrassa, Cornellà, en festas e actos populares organizados polo Axuntamento tales como a cabalgata de Reis na que desfilamos cunha monumental carroza típica galega. Tamén temos que suñar o noso agradecemento a Baldomero Alonso e á súa dona, que confeccionan os traxes rexionais; a colaboración de Manuel Valdés, de radio «TeleTaxi»; dos artesáns fabricantes de gaitas, Seivane e Francisco Calvo; e da profesora Mari Martí Kessler, do Grupo EIDOS da Coruña, que nos impartiu un cursiño de danza.

—¿Que proxectos tedes para o novo curso?

—Compangando clases con actos culturais, como poden ser conferencias e funcións de teatro, temos a intención de acudir a Munich atendendo unha invitación para actuar na Festa da Cervexa e, por suposto, seguiremos colaborando co Centro Galego de Barcelona, cos grupos e irmandades e coas institucións catalanas.

Coido que é moi importante o feito de non se pechar exclusivamente no puramente folklórico. A Agrupación «Saudade» entendeu así e formou un grupo teatral.

—O teatro —afirma Xulio Cougil— é un medio moi eficaz para chegar ó pobo. É certo —engade— que esixe ós actores un gran sacrificio, pero compensa ver que o público agradece tales manifestacións culturais.

Na festa remate de curso á que asistimos, o público deulle a razón ó Xulio. Á petición dos socios, o grupo de teatro dirixido por Balbina Lenza repuxo a obra de Antón Fraga e Manuel Lence Buíde, A CARREIRA DO MANUEL. Ernesto Lagarón (estudiante), Manuel López (crego), Manuel Fernández (o pai), Xulio Cougil (médico), Ignacio Vázquez (Santiago), Xosefina Osorio (a nai), María Xosé Arias (Carmina), María do Carme Iglesias (Milagros) e María do Carme López (estudiante) recibiron o aplauso afervorado do público que — temólo observado noutras representacións de temática popular— agradece este xénero de comedias que lémbrenlle o costumismo da aldea lonxana.

A Agrupación Cultural Galega remata o primeiro curso con bo pe e nos podemos afirmar que non lles falta ilusión nin anxeios de triunfo.

El Ideal Gallego, 12-VII-1983

Folflore galego na capital de Baviera

A Peña Galega de Munich, que preside Modesto Hermida, invitou á Escola de Gaitas e Danzas «Saudade», de Barcelona, para actuar conxuntamente no Festival Internacional de Folklore celebrado no Circus-Krone-Bau e na Festa da Cervexa da capital do Land de Baviera. A participación dos representantes galegos, a carón dos alemáns e de grupos de Italia, Iugoslavia, Escocia, Bélxica, Austria, Suíza, etc., revestiu unha extraordinaria brillantez artística. No Circus-Krone interpretaron a marcha «Buxos verdes», «Pandeirada de Montrove», «Na beira do mar», «Himno do antergo Reino de Galicia» e unha composición coral baixo a dirección do mestre Jordi Mora.

A presentación de «Saudade» no Circus, en presenza de autoridades locais e do Goberno Autónomo galego representado polo conselleiro Corral Pérez, coincidiu co primeiro aniversario da fundación do grupo que, ó día seguinte, formou na cabalgata a carón da Peña Galega de Munich cunha artística carroza alusiva ó hórreo galego.

O acto, que abriu o presidente bávaro Franz Josef Straus, foi un espectáculo inesquecible popular no que desfilaron 56 carrozas, gran número de bandas de música e sete mil participantes europeos con polícromos traxes rexionais que encheron de corido as amplias avenidas da verde Cidade da Alte Pinakothek, onde Castelao se reconciliou con Rubens, e da que o líder galeguista escribiu: «Munich é un pouco a cidade dos meus soños». Cantos presenciamos como os nosos representantes conseguían arrancar o nada fácil aplauso dos alemáns ó longo do recorrido, sentímonos orgullosos da súa actuación e, dende a lonxanía, cavilabamos na necesidade de potenciar tantas entidades galegas da diáspora que viven co pensamento posto na Terra.

Entrevista con Ernesto Lagarón

No palacio da «Oktoberfest» falamos co Ernesto Lagarón, presidente de «Saudade», un rapaz novo, con gran fe no futuro da Escola.

«Levamos un grato recordo —dinos— destes actos folklóricos que remataron cun xantar de irmandade con tódolos grupos participantes, que aplaudiron «A Rianxeira» con verdadeiro fervor. Tamén mantivemos unha reunión con membros da Directiva da Peña de Munich, que nos felicitaron pola nosa actuación e entregáronnos unha medalla conmemorativa donada polo Axuntamento da Cidade do Isar. Ademais, consideramos moi positiva unha entrevista que mantivemos co conselleiro de Traballo, Seguridade Social e Emigración, señor Corral Pérez, con Xosé Carlos Rodríguez e con Gonzalo Anaya.

—¿Cantos fostes contratados pola Peña Galega de Munich?

—Solicitaron doce gaiteros: Xosé Ferro, Eduardo Doval, Manuel López, Xoan Carlos López, Amador Casánova, Xavier Alonso, M.^a Fe Rodríguez, Ofelia Quiroga, Jordi Fernández, Francisco Díaz, Xosé Núñez, eu, pero tamén actuou Ricardo Fernández (bombo), que ía, ademais, como responsable do grupo. Como acompañantes, viaxaron M.^a do Carme Iglesias, M.^a do Carme Font, Isabel Rancaño, os socios fundadores Xulio Cougil, Dositeo Fernández, Manuel Rancaño, Baldomero Alonso e outros socios ata un total de 31 persoas que fixeron o sacrificio de nos acompañar, feito que a Directiva moito agradece. Tamén quero deixar constancia do noso agradecemento a Miguel E. Martínez, socio da Peña Galega de Munich, que foi un guía e compañeiro maravilloso.

El Progreso, 12-X-1983

Declaracións do conselleiro Xoan Corral

No Palacio da Cervexa, falamos co conselleiro Xoan Corral a quen acompañaban o director xeral de Emigración, Xosé Carlos Rodríguez, e o secretario da presidencia da Xunta de Galicia, Gonzalo Anaya.

—¿Por que, señor Corral Pérez, a súa presenza, por segundo ano consecutivo, na Oktoberfest?

—A nosa presenza en actos coma este ten, como significación prioritaria, axudar con tódolos esforzos ós nosos emigrantes para que culminen a súa integración nas sociedades dos países de acollida para superar os traumas que actitudes discriminatorias poidan acarreadles. Quero dicir que non deixaremos de loitar institucionalmente xunto cos nosos paisanos da emigración, non só para que consigan as máis altas consideracións nos pobos que os acollen senón para poñer en práctica, tal como estamos a facer, medidas que estimulen a actividade económica e o fomento de emprego en Galicia para que atopen acougo feliz cantos queiran voltar á súa Terra.

—¿Que opinión lle mereceu esta festa?

—A significación que ten a festa para a nosa Terra é, fundamentalmente, a ledicia de constatar persoalmente que os nosos paisanos son fondamente apreciados polo pobo alemán, como comprobamos nos contactos que mantivemos coas autoridades de Baviera. Por outra banda, queremos deixar testemuña emocionada da gratitude de Galicia á Peña Galega de Munich pola súa estimable aportación, que é impagable na tarefa de fixar a identidade do noso pobo e de difundir as nosas ricas e fondas tradicións e vasta cultura por todo o mundo, neste caso, en Alemania. —¿Con que autoridades contactaron?

—Asistimos a unha recepción no Consulado á que acudiu o ministro bávaro de Asuntos Culturais e personalidades políticas e técnicas da municipalidade de Munich. Puiden comprobar, con ledicia, a alta estima que o Estado Libre de Baviera ten cos nosos emigrantes. Tamén queremos expresar públicamente a nosa gratitude ó Cónsul pola súa aportación á brillantez da participación da

Peña Galega de Munich e da Escola de Gaitas e Danzas SAUDADE, de Barcelona, no desfile da Oktoberfest.

—¿Cales son os proxectos da Consellería, que vostede preside, verbo da emigración galega en Europa?

—Estimular tódalas colectividades para que se esforcen, coa axuda da Xunta, en difundir as súas tradicións porque, desta maneira, están facendo a Galicia universal, sen fronteiras, como pretendemos os galegos.

Para rematar, diremos que a Xunta de Galicia regalou ó axuntamento de Munich un cruceiro que se erguerá fronte ó castelo de Blüttemburg, unha pradeira semellante ás de Galicia nas que se fan as romerías. No corazón de Baviera quedará para sempre un anaco da Terra como testemuña permanente dos nosos emigrantes.

Faro de Vigo, 27-IX-1983

Estatutos e representación teatral

A Escola de Gaitas e Danzas SAUDADE xa ten Estatutos e, dende o día 7 de febreiro, denomínase AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA «SAUDADE». Con personalidade propia de acordo coa Lei de Asociacións vixente, os fins da Agrupación, ademais dos benéficos e recreativos, son promover e difundir a cultura, a lingua e as tradicións de Galicia, fomentándoa e sendo exponente de tales valores en Catalunya. A sé e o enderezo social da Sociedade está en Barcelona, rúa Santa Otilia, 44, baixo.

A Xunta Directiva quedou constituída por: Ernesto Lagarón Vidal, presidente; Manuel López Rodríguez, vicepresidente 1.º; Manuel Rancaño Álvarez, vicepresidente 2.º; Xulio Cougil Vázquez, secretario; M.^a do Carme Iglesias Suárez, vicesecretaria; Xerardo Rodríguez Roda, tesoreiro; Ricardo Fernández García, vicetresoreiro; Amable Alonso Rodríguez, contador; Baldomero Alonso Rodríguez, bibliotecario, e polos vocais: Manuel Fernández Arias, Ramón Pintor Pazo, Dositeo Fernández Fernández, Gustavo López Méndez e Xosé Ferro Abella.

A sección de teatro, que dirixe Balbina Lenza, representou O MENCINHEIRO A FORZA, versión e adaptación de LE MEDECIN MALGRE LUI, de Molière, feitas por Xosé Manuel Carballo. Perto de cincocentas persoas aplaudiron ós intérpretes Xoan Carlos López, Marta Vázquez, Susana Ledo, Manuel Botana, Jordi Fernández, Pilar Oliveira, Xavier Alonso, Hortensia Vidal e Fernando Fernández que, próximamente, repoñerán a mesma peza teatral a petición de socios e amigos.

Tamén queremos sulñar a gran audiencia do festival último no que participaron o acordeonista Xosé Antonio León Álvarez, a humorista María Xosé e o DÚO LEMBRANZAS —Alfredo González e Mariano Alonso— que aledaran ó público con cantigas populares galegas e mexicanas.

E para rematar quero informar ós nosos lectores que, próximamente, celebrarase unha SEMANA LUCENSE EN BARCELONA. Con tal motivo, recentemente, o conselleiro de Educación e Cultura, Vázquez Portomeñe, e o alcalde de Lugo, Vicente Quiroga a quen acompañaba o secretario particular Xulio Giz, visitaron a sé da Agrupación Cultural SAUDADE no barrio do Carmelo, onde hai unha rúa e unha pasaxe adicadas a Lugo. O alcalde da Cidade do Sacramento donará dúas placas co escudo lucense e, con tal motivo, SAUDADE organizará un acto folklórico que estará presidido polos representantes dos concellos de Barcelona e Lugo.

Faro de Vigo, 19-II-1984

Campos Romay visita SAUDADE

Antonio Campos Romay, teniente de alcalde de Servicios Sociais do Concello da Coruña, participou nas «Xornadas de Descentralización e participación Cidadana» celebradas no Consell de Cent do Axuntamento de Barcelona, organizadas por dita institución. Asistiron representantes de Córdoba, Valencia, Madrid, Zaragoza e A Coruña, observadores doutras provincias e membros das xuntas de distrito da Cidade Condal.

O concellal Campos Romay, que falou do «Regulamento de Descentralización» aprobado recentemente pola corporación municipal coruñesa, participou nunha mesa redonda donde se analizou a problemática actual das diversas normativas existentes no Estado encol do tema. Como conclusións fundamentais, suxeriuse a necesidade de seguir avanzando no proceso descentralizador que conleva a desconcentración e a consolidación das xuntas municipais e dos consellos de distrito.

Campos Romay, correspondendo á invitación da Agrupación Cultural Galega SAUDADE, tamén asistiu a un acto celebrado no local social da entidade galega «para contactar —dixo— cos irmáns que están fóra da Terra». Solicitada a súa opinión sobre os problemas surxidos entre o Concello coruñés e El Ideal Gallego, manifestou:

«Penso que puido haber malentendidos dentro dunha política económica asumida polo Goberno municipal e que a situación se endureceu innecesariamente. É mester a maior cordialidade entre os medios de comunicación social e as institucións públicas porque, ó fin e ó cabo, uns e outros teñen obriga de servir ó cidadán do mellor xeito posible.»

El Ideal Gallego, 7-IV-1984

«Letras Galegas 1984»

Con moi bo acerto, a Agrupación Cultural Galega «Saudade» programou as Xornadas Culturais «Letras Galegas 1984» para fins de maio e comezos de xuño xa que as datas tradicionais para tales celebracións estaban sobrecargadas de actos organizados por outras entidades galegas. En Barcelona hai unha ducia de sociedades que manteñen aceso o lume das tradicións e os costumes

da nosa Terra e sería moi positivo que, no futuro, o Día das Letras Galegas se celebrara conxuntamente e, logo sí, cada colectividade que organice ó longo do ano xuntanzas como esta de «Saudade», ás que poidan asistir tódolos galegos e simpatizantes xunguidos polo afán de colaboración e irmandade.

No seu local social do barrio barcelonés de Horta, a Agrupación «Saudade» encetou as actividades culturais e de festexos cunha exposición de libros e con xogos infantís. Tamén pronunciou unha conferencia sobre Armando Cotarelo Valledor o antigo galeguista, Luis Suárez, e o grupo teatral de rapaces representou «Menciñeiro á forza», de Molière, en versión feita por Xosé Manuel Carballo.

Conferencia de Basilio Losada e actuación de Ancoradouro

No Teatro Hogares Mundet, Basilio Losada Castro, presentado por Antonio González Bolaño, falou sobre «A Lingua Galega» para máis de 600 oíntes que acolleron con grandes aplausos a afervorada defensa que o profesor fixo da nosa lingua que calificou de «gran creación espiritoal de Galicia, producto da capacidade de traballo, de amor e sensibilidade dun pobo».

A continuación tivemos a regalía de coñecer o gran labor artístico que o poeta Xosé Vázquez Pintor está a facer co grupo de teatromimo «Ancoradouro», de Cangas de Morrazo. «Ancoradouro —dinos o seu director— naceu hai dous anos co anxeio de recuperar para o teatro galego a expresión corporal como base para crear actores e aficionar ó público polo teatro.» Pili, Monica, Sara e Tere, rapazas entre 13 e 16 anos, reafirmaron en Barcelona os éxitos conseguidos ó longo de cen representacións por Galicia e, últimamente, en Bilbao e Oporto.

Gran Festa Popular Galega con «Eidos», «Muxicas», «Jei Noguerol», «Brétema» e «Lonxe da Terra»

Os Coros e Danzas «EIDOS», da Coruña, que dende hai corenta e catro anos están a representar o folklore galego por Europa e América, aledaran coas súas danzas ós case dous milleiros de expectadores que se deron cita no campo de deportes de «Hogares Mundet». Os 22 danzantes e gaiteiros que dirixe M.^a Berta Tapia interpretaron «Muiñeira vella de Mórdomo», «Foliada de Anllóns», «Danza de Bergantiños», Jotas e Pandeiradas. A componente do grupo, Mari Martí Kessler, a quen xa coñeciamos polos cursos que impartiu en «Toxos e Xestas» e «Saudade», manifestounos a súa ledicia pola gran acollida, dos galegos residentes en Barcelona e por reencontrarse cos seus antigos alumnos.

O quinteto de gaiteiros «Muxicas», de Vigo, Nazario González, Xosé Manuel Fernández, Xosé Rey, Xoan Somoza e Manuel Vázquez, aínda recente o seu triunfo artístico no «II Festival de Música Galega en Barcelona», organizado por «Toxos e Xestas», foron novamente moi ben acollidos polos admiradores da música tradicional.

O cantautor Jei Noguerol, que presentou varios temas do seu próximo LP «Ríndome», que sairá o mes de xuño producido polo cantante e por Xerardo Rodríguez, agradou ó público que recorda con garimo ó popular intérprete de «Señor Ministro, por favor». O artista galego residente na Cidade Condal viaxará próximamente a Galicia para cantar na súa Terra como adoita facer tódolos veráns.

O Grupo Folk-Instrumental galego «BRETEMA» confirmou a sona da que viña precedido. A súa música ven a ser o froito dun traballo a través da investigación nas raíces profundas galegas e, na procura de que non quede estancada, componen en base ás mesmas raíces. Manuel Hermida é o coordinador do grupo formado por Ramón Iglesias, Lois Rilo, Isaac Fuentes, Xulio López, Xaime Fernández e Xoan Porto. Coincidindo co terceiro aniversario da súa presentación, acadaron un éxito resoante con temas de propia colleita como «E ti xa non estás», «Polka do Rueiro», «Pasacorredoiras de Xallás» e «Pandeiretada», intercalados con pezas populares tales como unha pandeirada con coplas esquecidas. Na actualidade «Brétema» está a traballar na recuperación de cantigas de berce recollidas por toda a xeografía de Galicia que, non dudamos, serán un importante logro artístico.

Tamén hai que destacar as actuacións do grupo «Lonxe da Terra» do Centro Galego de Barcelona e da Agrupación «Saudade», sempre acollidos con entusiasmo pola colectividade galega, e que foron moi eloxiados polos grupos chegados de Galicia.

A festa rematou ás doce da noite, tras seis horas de folklore, coa entrega de placas conmemorativas ós diferentes grupos e ós presentadores, Manuel Valdés de Radio TELETAXI, e Olegario Sotelo Blanco, e cunhas palabras de agradecemento do presidente de «Saudade» a cantos colaboraron ó éxito da Gran Festa Popular Galega.

Treboada, Xullo-Agosto, 1984

«Saudade», o grupo máis numeroso dos participantes no San Froilán

A Agrupación Cultural Galega «Saudade», de Barcelona, foi o grupo folklórico máis numeroso de cantos participaron nas festas de San Froilán. Preto de sesenta gaiteiros e danzantes recorreron as rúas da cidade, actuaron ante numeroso público diante do Axuntamento e na praza de Santa María, encabezaron o desfile dos tractores concursantes e interpretaron o himno galego no solemne acto de consagración na misa celebrada no parque e ó rematar a ofrenda floral feita polo vicepresidente da Xunta, Xosé Luis Barreiro, diante do monumento a Rosalía.

Denantes do seu regreso a Barcelona, onde participarán nas xuntanzas folklóricas organizadas polo concello da Cidade Condal, falamos co presidente da agrupación, Ernesto Lagarón, que nos manifestou:

«Marchamos moi agradecidos polas atencións do alcalde, Vicente Quiroga, e do seu secretario particular, Xulio Giz, ós que xa coñeciamos porque visitaron o noso local social en Horta, o barrio barcelonés onde temos as nosas actividades. Alí vivimos moitos miles de galegos e incluso hai

unha rúa e unha pasaxe adicadas a Lugo. Naquela ocasión falárase de celebrar unha Semana de Irmandade entre os concellos de Barcelona e Lugo, que esperamos poida ser unha realidade na próxima primavera.»

El Ideal Gallego, 9-X-1984

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA «ROSALÍA DE CASTRO», DE CORNELLÀ

A Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro», de Cornellà, celebrou unha assemblea extraordinaria para nomear nova Xunta Directiva, resultando elexida por maioría absoluta a presentada por Manuel Vázquez Fernández.

A candidatura triunfadora, entre outros puntos, propónse fomentar a unidade entre tódolos socios, rexeita a política de partidos, pretende reformar os Estatutos co fin de reforzar a Entidade, potenciará a biblioteca, as actividades deportivas e culturais, manterá relacións de irmandade con tódalas sociedades galegas de Barcelona, buscará solución para a amortización do bar social, relanzará o Boletín da Asociación e colaborará coas Institucións Galegas e co Patronato «Rosalía de Castro».

A nova Xunta Directiva quedou formada por Manuel Vázquez Fernández, presidente; Ramón Pérez Lage, vicepresidente; Eladio García Méndez, secretario; Manuel Fernández, tesoreiro, e polos vocais Xosé Vila, Alfredo Romero, Ruperto Baltar, Xosé Luis Montes e Xesús López.

A Asociación Cultural Galega «Rosalía de Castro» é a segunda da provincia de Barcelona por número de socios —preto de tres centos— e ten como presidentes de Honor a don Xerardo Fernández Albor e ó Honorable Jordi Pujol.

El Progreso, 15-VII-1984

Jordi Pujol presidiu á cea de irmandade

O Molt Honorable Jordi Pujol asistiu á cea de irmandade de fin de ano organizada pola Asociación Cultural «Rosalía de Castro», de Cornellà, da cal é Presidente de Honor.

Acompañado da súa dona, Marta Ferrusola, que foi agasallada cun ramo de flores por nenos vestidas co traxe rexional, Jordi Pujol visitou as dependencias da sociedade, especialmente a biblioteca, e interesouse polos problemas e os proxectos que lle expuxo a Xunta Directiva.

Ó finalizar a cea, o presidente da Asociación, Manuel Vázquez Fernández, pronunciou un discurso no que, tras agradecer a presenza do xefe do Goberno catalán e da súa esposa, dixo: «Os

galegos que organizaron as súas vidas coa perspectiva da presenza nas acolledoras terras catalanas, nunca esquecerán a súa propia cultura». E suliñou: «É mester potenciar, conxuntamente, a Generalitat e as institucións galegas afincadas en Catalunya, a comunicación, a convivencia, a solidariedade e a cultura sen prantexar —remarcou— atrancos á nosa orixe».

O señor Vázquez findou o seu discurso cunhas palabras de agradecemento, tamén, ó director de CaixaGalicia, señor Molíns, pola aportación cultural da institución que el dirixe.

Jordi Pujol, que agradeceu a invitación, lembrou os fitos principais de colaboración galaico-catalana ó longo da historia, as súas visitas a Galicia e as condecoracións entregadas recentemente pola Generalitat a dous ilustres galegos, Basilio Losada e Ramón Piñeiro, e engadiu:

«É un feito positivo que existan estas sociedades rexionais e que teñan un lugar donde recordar as súas peculiaridades e a súa cultura. A maioría de vostedes —continuou o Honorable President— van quedar aquí e o labor que deben facer é manter as propias raíces ó mesmo tempo que se incorporan a Catalunya.»

A xuntanza rematou coa interpretación dos himnos das dúas nacionalidades históricas seguido dun longo e amistoso coloquio sen formulismos protocolarios e nun ambiente de irmandade galaico-catalana.

El Ideal Gallego, 27-XII-1984

El Progreso, 30-XII-1984

Treboada, Febreiro-Marzo 1985

Gran romería galega tras un mes de actividades culturais

A Coordinadora formada polo Centro Galego de Barcelona, a Agrupación Cultural «Saudade», a Asociación «Rosalía de Castro» e «Edicións Sotelo Blanco», rematou o mes de maio con varios actos culturais que puxeron fin a un extenso programa adicado ás «Letras Galegas-85».

O día 30, na sala «Cine Club», de Cornellà, coa presenza do alcalde saínte, señor Prieto, e o entrante, señor Montilla, o actual presidente da Asociación, Ramón Pérez Lage, fixo a presentación das bases dun Concurso Literario, que premiará os mellores traballos sobre a vida e a obra de Rosalía de Castro, e no que poderán participar tódolos alumnos do terceiro ciclo de EXB, BUP e FP.

A continuación, o director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona, Basilio Losada Castro, pronunciou unha conferencia sobre a vida e obra da poetisa do Sar e pechouse o acto coa actuación do Grupo de Danza da entidade. Pola noite, no domicilio social da Asociación celebrouse unha cea á que asistiron os señores Prieto e Montilla, o deputado Francisco Neira León, o ex-presidente da entidade, Manuel Vázquez, actual presidente do Centro Galego de Barcelona, representantes doutras colectividades, a Xunta Directiva da Asociación co membro recentemente incorporado á mesma, Xosé Sevane Méndez, e numerosos socios e amigos.

O 31 clausurouse na «Pedrera» a «III Mostra do Libro Galego en Catalunya» coa presenza do subdirector xeral do Libro da consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, Xosé Luis Novo Cazón, e a do teniente-alcalde delegado de Cultura do Axuntamento de Lugo, Manuel Núñez Carreira. O mesmo día, pola noite, o Grupo Galego «Brath» da cidade luguesa ofreceu un recital no Palacio de Congresos de Montjuich.

Pero actos tan importantes ós que debemos engadir a conferencia pronunciada polo profesor Monteagudo na Aula Magna da Universidade; a de Fernández del Riego, no Centro Galego; as de Méndez Ferrín, Santiago Álvarez, Novo Cazón, Xulio Giz e Xavier Alcalá, na «Pedrera»; a de Ramón Piñeiro no local social de «Saudade»; a exposición «Galicia artística e monumental» de José Ramón, no Centro Galego; e a actuación de «Saudade» e «Ana Kiro e a súa orquesta», que foi aclamada por 8.000 persoas no Velódromo do Paseo Valle de Hebrón, a tantas actividades hai que engadir —digo— a multitudinaria asistencia de galegos que se congregaron no parque «Can Mercader», de Cornellà, o día primeiro de xuño e na que participaron a Banda Municipal de Lugo, os grupos folklóricos «Lonxe da Terra» e «Rosalía de Castro», de novo o Grupo Galego «Brath» e a orquesta «Finisterre», un día de inolvidable irmandade entre os galegos da diáspora e os chegados de Galicia —ata as pulpeiras eran de Carballiño— nunha festa que recordaba as romerías da nosa Terra.

Banda Municipal de Lugo

A gran expectación este ano —o magnífico grupo «Brath» xa o coñeciamos e xa falamos del noutra reseña— foi a Banda Municipal de Lugo. Fundada o ano 1868, presentouse oficialmente o ano 1875 baixo a dirección do mestre e gran compositor Xoan Montes. Na actualidade está dirixida polo mestre Indalecio Fernández Groba, natural de Guláns-Ponteareas.

Fernández Groba estudou no Real Conservatorio de Madrid, foi premio extraordinario de Contrapunto e Fuga ó rematar os estudos o ano 1963. Traballou varios anos en Suíza donde ganou o segundo premio do «Concurso Nacional de Composición de Suíza» cun tema que foi interpretado por máis de cen Bandas na cidade de Bienne. Entre outras obras compuxo «Saludo a Lugo», «A Freixa», «O Ventoleiro» e «A Ruliña», interpretadas e grabadas incluso por diversas Bandas.

O mestre Indalecio Fernández Groba dirixe a Banda Municipal de Lugo dende febreiro de 1979 e imparte ensino a 50 rapaces e rapazas. «A nosa banda —dinos— está atravesando un momento moi bo. Despois duns anos que poucos se interesaban por estudar, contamos con xuventude e conseguimos unha importante renovación de instrumental pero aínda temos mester de algúns xefes de rexistro, sobre todo, en clarinetes e metal grave.»

Ó repertorio programado para o Concerto houbo que engadir outros temas debido ás constantes peticións do auditorio entusiasmado polo conxuntado e moi empastado que soa a famosa Banda, dirixida cun dominio perfecto polo mestre Fernández Groba, e que acadou un enorme éxito de interpretación tanto de conxunto como polos solistas de gaita, saxofón, oboe, flauta, bombardino e o xovencísimo requinto.

Manuel Núñez Carreira

O teniente-alcalde de Lugo, Manuel Núñez Carreira, que representaba ó alcalde Vicente Quiroga Rodríguez, ó remate dun apretado programa de actos —tamén asistiu á presentación do Concurso de Poesía Esquíu en Caixa-Galicia— manifestounos:

«A colectividade galega de Barcelona é digna de ter en conta no noso programa de axudas a nivel cultural. Observei algo moi importante: os galegos que viven aquí sinten máis intensamente a Terra cós que vivimos aló.»

O señor Núñez Carreira contactou con representantes de diferentes entidades galegas, pronunciou discursos, visitou varios locais das diferentes entidades, invitou ós grupos folklóricos e ás autoridades para as festas de San Froilán e alabou a organización que fixo posible a multitudinaria romería galega.

«Transmitireille ó alcalde Quiroga —dixo no parque "Can Mercader"— a capacidade de bo facer e o fondo galeguismo que comprobei nos galegos residentes en Catalunya. As portas do Concello de Lugo están abertas para axudarvos a seguir neste camiño de amor a Galicia que constatei ó longo de dous días de intensas actividades que vos honran.»

Clausura de Radio Celta e Radio Amistad

No rebumbio da festa, despois do unánime aplauso do público ó corredor Anxel Lage que contou a súa aventura de unir Catalunya e Galicia correndo en nove días e medio os 1.275 kilómetros que separan Barcelona de Santiago patrocinado por Automóviles V.S. e Empresa Montaña, enterámonos do peche da emisora «Radio Amistad» de Empresas Sotelo Blanco que emitía programas en galego. Uns días antes sucederá o mesmo con «Radio Celta» do Centro Galego. Esperamos que os atrancos administrativos se resolvan e que sexan legalizadas axiña. A nosa colectividade meréceo.

CAIXA-GALICIA

Presentación das Bases do 5.º Premio Esquíu de Poesía

Na sé social de CaixaGalicia, de Barcelona, presentouse o 5.º Premio de Poesía Esquíu, acto ó que concorriron representantes de tódalas entidades galegas da provincia, os escritores e poetas galegos residentes na Cidade Condal X. Costa Clavell, Olegario Sotelo, Xesús González, Ramón Clemente e Xoan Manuel Casado, e invitados dos diferentes medios de comunicación.

Entre as personalidades asistentes atopábase o subdirector xeral do Libro da consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, Xosé Luis Novo Cazón; o concellal de Cultura do Axuntamento de Lugo, Manuel Núñez Carreira; e o xefe da Obra Social de CaixaGalicia, señor Martelo.

Presidiu o director da entidade, Joan Bautista Molíns, a quen acompañaban Fernando Bores, secretario da Sociedade de Cultura Valle-Inclán, do Ferrol; dona Julia Uceda, membro dos Xurados Esquíu; o profesor Basilio Losada Castro e os poetas ganadores da anterior edición: Pilar Rubio Montaner, que leu varios poemas do seu libro «Un aprendizaje», e MiguelAnxo FernánVello, poeta do lugar de Cospeito, Terra Cha (Lugo) que, asimismo, deu lectura a algúns poemas de «Memorial de brancura».

Abriu o acto o señor Molíns e, a continuación, o señor Bores explicou as bases do Premio nas modalidades castelán e galego, que este ano presenta a novidade dun accésit sen dotación económica pero co compromiso da publicación da obra premiada.

Tamén pronunciou unhas breves palabras dona Julia Uceda e, a seguido, Basilio Losada Castro, en galego, fixo un gran eloxio da nova poesía galega «a mellor do que se está a facer hoxe en tódalas linguas peninsulares e á altura de países europeos de longa e sostida tradición cultural» e agradeceu a iniciativa da Sociedade Cultural Valle-Inclán e a xenerosidade de CaixaGalicia por darlle ós novos poetas a oportunidade de publicar os seus libros, e manifestou o seu anxeio de que noutras edicións se institúa un premio para concursantes cataláns.

O profesor Losada Castro findou a súa intervención con frases moi laudatorias para o poeta FernánVello «un dos grandes poetas —dixo— de todo o ámbito das literaturas ibéricas que recuperou o amor como tema poético».

O señor Molíns, tras afirmar que transmitiría o anxeio do profesor Losada ós organizadores do Premio Esquíu e agradecer as brillantes intervencións dos oradores e dos poetas, deu por finalizada a presentación do 5.º Premio de Poesía Esquíu e, seguidamente, servíuse un cóctel e mostráronse as modernas instalacións da Oficina de Caixa-Galicia ós numerosos invitados.

Maio 1985

CENTRO CULTURAL «AIRIÑOS DA NOSA GALICIA»

O florecemento e expansión do folklore galego en Catalunya é unha realidade. Ós numerosos grupos que xa existen na provincia engádese o Centro Cultural «Airiños da nosa Galicia», nova escola de gaitas e danzas de Santa Coloma de Gramanet, populosa cidade do cinturón industrial de Barcelona.

Preto de duascenas persoas asistiron á xuntanza inaugural do local social cedido polos irmáns Rodríguez Acebedo na rúa Calle Mayor, 41-43. O acto foi precedido por unha intensa campaña nas emisións galegas das radios «Besós», «Tele-Taxi», «Mollet» e Radio España.

A Directiva de «Airiños da nosa Galicia» está composta por Imerio Mato Mouriño, presidente; Manuel Rodríguez Acebedo, vicepresidente; Carlos González Losada, relacións públicas;

Manuel Sánchez Ramal, secretario; Xosefa Sobrino Blanco, tesoreira; Alfonso Mato Mouriño, contador, e polos vocais Ovidio García, Anxel González e Xesús Capón.

Fernando e Julita, coñecidos intérpretes das danzas galegas, son os profesores de baile, e Francisco Calvo Regueiro, artesán constructor de gaitas, e Amador Casanova, os mestres de música.

En nome do presidente, fixo a presentación Carlos González e pronunciaron discursos Ernesto Lagarón, presidente da Agrupación «Saudade», que sulinou a necesidade de traballar en equipo e de non desalentar endexamais. Xosé Manuel Caamiña, presidente de «A nosa Galiza», de Mollet, ofreceuse tamén para traballar conxuntamente cos irmáns de Santa Coloma pola cultura galega, respetando as comunidades plurais que conviven co pobo catalán.

Faro de Vigo, 16-XI-1983

Francisco Calvo Regueiro: un novo concepto de gaitas

O amigo Calvo Regueiro, nado en 1938 na bisbarra de Bergantiños emigrou a Barcelona hai 22 anos. Aprendeu a tocar a gaita co mestre Ferreiro no Centro Galego de Barcelona e, dende 1978 ten un taller de gaitas en Santa Coloma. Investigador e creador de novos sonidos, acadou axiña grandes éxitos e moita demanda. Hoxe, a súa produción de gaitas está espallada por España, Marsella, Munich, Basel e incluso en bandas militares de Huesca e A Coruña.

Últimamente fixo unha nova versión da gaita catalana «sac de gemecs», que mereceu a pública gabanza do president Jordi Pujol. Excelente gaiteiro, Francisco Calvo dirixe, tamén, o grupo de gaitas da Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet del Vallés.

CENTRO GALEGO DE BARCELONA

Manuel Pérez Guerra, novo presidente

O aparelador Manuel Pérez Guerra, natural de Requeixo-Chantada (Lugo), resultou elixido presidente do Centro Galego por vinteseite votos máis có seu oponente, Serafín García, quen felicitou á Candidatura ganadora así como á Xunta Directiva saínte pola forma correcta de prantexaren as eleccións e pola moderación e irmandade que se observou durante o desenvolvemento da Asamblea Xeral.

Os componentes da nova Directiva —algún xa formaban parte da anterior ou en diferentes Comisións de Traballo— son os seguintes: presidente, Manuel Pérez Guerra; vicepresidente 1.º, Xosé Fernández Castro; vicepresidente 2.º, Antonio Rodríguez Rodríguez; secretario, Cándido Amador Rosas Outes; vicesecretario, Francisco Ferrío Diéguez; contador, Melquíades Moreno González; vicecontador, Celia Ferreiro Riazor; tesoreiro, Pedro Rodríguez López; vicetesoreiro, Demetrio

González Fernández; bibliotecario, Lida Fernández López; vicebibliotecario, Custodia González Ratón, e como vocais: Fermín Pereira Fernández, Francisco Castela Dopacio, Diño Quiroga Méndez, Eladio Figueiras Mazaira, Xoaquín Fernández do Adrio e Xosé Fernández Fernández.

—¿Que propósitos de actuación tedes para os anos vindeiros?, preguntámoslle a Manuel Pérez Guerra.

—Entre outros, seguir desenvolvendo unha política de unidade e rematar os proxectos da Xunta anterior, a reforma dos Estatutos, un estudio para facer un polideportivo, crear unha biblioteca e unha sala de xogos para os nenos, potenciar as actividades das mulleres, mercar un vídeo e unha pantalla grande de T.V., incrementar as actuacións da Masa Coral, do Corpo de Baile, dos grupos de Gaita e Teatro e aumentar os actos culturais.

—¿Tedes presente cooperar coas outras irmandades, asociacións e grupos?

—Sí. Está no noso ánimo potenciar as relacións con tódalas institucións galegas radicadas en Barcelona e no resto de Catalunya.

—¿Como pensades conseguir unha maior participación e un contacto máis directo cos socios?

—Promoveremos reunións e asembleas extraordinarias para estudar temas e tomar decisións coa maior participación posible de socios. Xuntos, podemos facer que o Centro Galego consiga un xusto prestixio e que teña un peso social importante.

—¿Pensas que será doado alcanzar a aspiración que téis de quintuplicar os mil socios actuais?

—Lograremos ese número se conseguimos que o noso Centro sexa o lar de cantos galegos vivimos e traballamos en terras catalanas.

El Progreso, 22-II-1983

Día das Letras Galegas: conferencia de Iolanda Díaz, representacións teatrais de «Terceiro Andar» e «Leticia», e actuación de «DOA»

Mellor ca dicir «Día das Letras Galegas», teríamos que falar de «Mes das Letras Galegas» porque os diferentes programas de actuacións culturais do Centro Galego de Barcelona sucedéronse durante unha chea de días —por veces— coincidindo nas datas con actos celebrados por outros grupos e irmandades.

Xa informamos das conferencias pronunciadas por Filgueira Valverde, Alonso Montero e Víctor F. Freixanes. A continuación resumimos outras xuntanzas no local social —a conferencia de Iolanda Díaz, teatro, exposición de pintura, libros e cerámica— que findaron cunha festa enxebre na vecina localidade de Cornellà.

Iolanda Díaz Gallego, que foi presentada polo noso consocio Manuel Arias, con oratoria de fondo amor á Terra, falou do NACIONALISMO GALEGO facendo historia das motivacións e dos persoeiros que posibilitaron o recoñecementó oficial da autonomía de Galicia deténdose, especialmente, na exposición das actividades da emigración americana nas que ela participou activamente durante os longos anos de residencia en Montevideo.

Tamén se representou a peza teatral AS MAZAS DE DON ABUNDIO, ofrecida polo grupo de teatro TERCEIRO ANDAR. Anxo L. Baranga, Sara Sanjurjo e Mari Carmen Boixet —catalana cun perfecto dominio do galego— e Xan Gil fixeron unha interpretación moi aplaudida da comedia de Roberto Merino.

A continuación actuou o grupo DOA, da Coruña, composto por Luciano Pérez, fabricante de gaitas da Diputación de Lugo —seguindo a tradición do seu pai e do seu avó— que toca a gaita e a zanfona; Carlos Castro, percusión e teclados; Xoan Piñón, guitarra electrónica, laude e flauta sopranino; o cordobés Xavier Jurado, flauta travesera, flauta irlandesa e bombardia; e Miro Casabella, antigo socio do Centro que, coa zanfona, a cítola e a súa voz, lembrounos anteriores recitais na Cidade Condal antes de fixar residencia na Coruña hai once anos.

O grupo DOA, nin puristas nin tradicionalistas, nunha línea actual e de vangardia, recrean folklore con instrumentos populares e electrónicos, fan música medieval e popular galega, escocesa, francesa e mozárabe. Publicaron un L.P. «O SON DA ESTRELA ESCURA» e teñen actuado como profesionais en New York, Canadá, Berlín, Francia, Madrid, Barcelona e en numerosas cidades e vilas galegas. Entre as obras interpretadas, acadaron gran éxito CABALGATA DE RIBADAVIA, DANZA DO ROSAL, CANTIGAS DE ALFONSO X, A CASADIÑA INFIEL e CARBALLESA.

Outros actos culturais, como a actuación do grupo «LEDICIA» de Burela, que representou «SE O SEI NON VOLTO A CASA», de Varela Buxán; a intervención de Xosé Manuel Carballo co fermoso conto A CUCA; a exposición do pintor santiagués residente en Barcelona, Luciano Couselo Castro, e unha mostra de cerámica e libros, dannos idea do labor desenvolvido pola Comisión de Cultura, merecente da felicitación de tódolos consocios.

Tarradellas presidiu a festa en Cornellà

O abondoso programa de actos celebrados ó longo de todo o mes de maio pechouse cunha romaxe enxebre nun parque de Cornellà. A festa encetouse coa visita ó Axuntamento da capital do Baix Llobregat. A Directiva, presidida por Manuel Pérez Guerra, foi recibida polo alcalde, señor Prieto Caballé, quen manifestou o desexo de irmandar Cornellà con outra cidade galega e prometeu seguir apoiando o labor cultural da Asociación «Rosalía de Castro» da populosa cidade catalana.

Xa no campo da festa, o crego diocesano de Barcelona, Xoan Rodríguez, ourensán de Carracedo-Veiga do Bolo, oficiou a Misa en galego e, seguidamente, actuaron os grupos «Lonxe da Terra», do Centro Galego; «Irmandade Galega de Rubí», Grupo «Nós», de Sabadell; «Rosalía de Castro», de Cornellà e as Escolas de Gaitas e Danzas «Saudade» e «Toxos e Xestas», todos eles, presentados polo locutor Manuel Fernando.

O expresident da Generalitat, Josep Tarradellas, acompañado pola teniente alcalde de Urbanismo de Barcelona, Mercé Sala, e polo alcalde de Cornellà, honraron coa súa presenza a concurrida fesla galega na que volveu a actuar o grupo DOA, houbo premios para as mellores empanadas e roscóns, xogos para nenos e baile amenizado por unha renomeada orquesta.

Dialogamos co expresident quen coincidiu coa teniente de alcalde Mercé Sala ó manifestar a súa satisfacción por estar entre galegos que «sen esquecer os vencellos coa Terra —dixo— síntense identificados co pobo catalán».

O señor Tarradellas, que non ocultaba a súa emoción, engadiu: «Esta festa recórdame outras ás que asistín en Bos Aires. O afecto que os galegos sinten por Catalunya penso que os cataláns tamén o sentimos por Galicia, e eu non podo esquecer que Brañas editou EL REGIONALISMO GALLEGO en Barcelona e tampouco podo olvidar a Castelao a quen coñecín o ano 31, sendo eu deputado do Axuntamento. Castelao era unha gran persoa, un gran dibuxante, unha gran figura coa que tiven ocasión de falar outras veces en Arxentina. Galicia —suliñou o ex-president da Generalitat— tiña unha minoría galeguista moi boa, entre os que non podemos esquecer a Otero Pedrayo e, incluso, a Portela Valladares, que era un home moi especial pero profundamente galego a quen o recordo da Terra facíao chorar. Tamén tiña en gran estima ós cataláns. A pesar das súas ideas políticas, tivemos relacións moi cordiais».

O señor Tarradellas non coñece Galicia. Diante da miña extrañeza, afirmou ilusionado:

«Agora teño que ir a Asturias e é moi posible que me achegue a Galicia porque alí teño grandes amigos.»

Á pregunta de qué lle aconsellaría el á nosa Colectividade, o vello catalanista manifestou:

«Que pequenos e grandes sigan con esta fe en Galicia porque isto quere dicir que lle queren a Galicia e a España.»

Treboada, Xullo-Agosto 1983

Faro de Vigo, 4-VI-1983

Romería en Castelldefels

Cun abondoso programa de actos, o Centro Galego celebrou o Día do Apóstol. Festas infantís, concursos de xogos sociais, unha Misa polos socios falecidos durante o ano, a elección das raíñas das festas: Sabela García, Susana Álvarez e Ana María García, así como as Damas de Honor, María do Carme Lorenzo e María do Carme Abellos; xuntanzas, verbenas e actividades que tiveron un brillante cabo coa tradicional romaxe ó Castelao da Vila de Castelldefels. Festa enxebre ó xeito das celebradas en Galicia, con Misa oficiada en galego polo arcipreste de L'Hospitalet, Antonio Rodríguez, natural de Bóveda (Monforte) e cantada pola Coral Lestonnac, de Cangas, que viaxou a Catalunya para participar no Festival Internacional de Cantonigrós.

Fixo a ofrenda ó Apóstol o presidente do Centro, Manuel Pérez Guerra que, entre outras cousas, dixo: «Queremos que Galicia desperte e loite pola Terra que nos viu nacer para que poida acoller de novo a todos aqueles que, coma nós, estamos lonxe dela».

Hai que suliñar o éxito da Coral Lestonnac, que deu un Concerto no recinto do Castelo, e tamén as actuacións dos grupos de danza e gaita «Lonxe da Terra» e «Saudade» así como a calidade dos concursantes de Baile e Gaita nas modalidades de maiores e pequenos.

Pedro Rodríguez, da Comisión de Festexos, agradeceu a presenza da Coral: «Neste día —dixo— xa tradicional, que a nosa Entidade ven organizando tódolos anos con espírito de irmandade para vencellar a cantos residimos en Barcelona, a Coral Lestonnac realzou a festa do Apóstol coa súa presenza artística».

Treboada, Setembro-Octubro 1983

Coloquio sobre a Lei de Galeguidade

Presidido por Manuel Pérez Guerra, celebrouse un coloquio sobre a Lei de Recoñecemento da Galeguidade. Manuel Vázquez e Feliciano Martínez informaron das enmendas propostas pola Comisión de Emigración do Centro Galego de Barcelona, da que eles forman parte, e do debate da Lei no Parlamento de Galicia, sesión á que asistiron invitados como observadores.

Os ponentes suliñaron a importancia da Lei e manifestaron a súa satisfacción polo feito de que foran recollidas varias das súas suxerencias, tales como a referencia á emigración interior —en principio só se recoñecía a referida a países extranxeiros— e ó dereito que as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia teñen para participar na vida social e cultural de Galicia. «Lamentablemente —dixeron os ponentes— non foi posible manter a nosa proposta de participación en temas económicos e políticos por consideraren que podían ser causa de anticonstitucionalidade.»

Suscitáronse intervencións dos que consideraban a Lei vouga de contido ó negar dereitos políticos. Con todo, recoñeceuse que o espírito da Lei recolle moitas inquiredanzas dos emigrantes, e os membros da Comisión de Emigración pediron a participación de todos para seguir contactando co Consello de Comunidades Galegas, que actuará con carácter deliberante e suxerirá á Xunta as medidas convenientes para o melior cumprimento dos seus fins.

Condena dos verquidos na Fosa Atlántica

O Centro sumouse oficialmente á condena dos verquidos de residuos radiactivos na chamada Fosa Atlántica dando publicidade a unha nota de protesta que foi entregada ós medios informativos. Tamén mandou comunicacións, por tal atentado contra a natureza, ó Parlamento e Consulado británicos, ó Goberno Central español e ós organismos de Galicia así como un telegrama

de adhesión á Xunta pola súa decisión de condenar os verquidos atómicos no mar, feito rexeitado por vinte países na Convención de Londres. «O Centro Galego de Barcelona —asegurou o presidente Manuel Pérez Guerra— apoiará sempre cantas reivindicacións se susciten a nivel institucional de Galicia.»

Treboada, Setembro-Ocubro 1983

A XIII Noite Melga de Sarria, adicada ó Centro Galego de Barcelona

Organizada polo Centro Cultural «Meigas e Trasgos, CIT», de Sarria (Lugo), celebrouse a XIII Noite Meiga na sé da Sociedade «La Unión». Este ano, a xa tradicional festa, foi adicada ó Centro Galego de Barcelona, que estivo representado polo presidente, Manuel Pérez Guerra, polos directivos Xoaquín Fernández e Celia Ferreiro, por Daniel Pérez Guerra, en representación da Comisión de Emigración, e por este cronista. Tamén asistiron varios consocios que disfrutaban das vacacións na comarca sarriana.

Perto de mil persoas acudiron á festa que foi presidida por Tomás Subirán, en representación do gobernador civil; Adolfo de Abel Vilela, delegado provincial de Cultura; Concepción Díaz, directora provincial de Información e Turismo; Manuel Núñez Carreira, en representación do alcalde de Lugo; Corral Guitián, alcalde de Sarria, e outras representacións oficiais e dos medios de comunicación.

Abriu os actos a presidenta da «Meigas e Trasgos», Carmela González de López Vizcaíno, e fixo o pregón o mantenedor P. Luis Vázquez Fernández. A continuación a presidenta do Centro Cultural entregou unha placa conmemorativa do acto a Manuel Pérez Guerra, que correspondeu cun recordo do Centro e pronunciou un discurso de agradecemento en nome da Colexividade galega de Barcelona.

Entregáronse placas de Socios de Honor a Manuel Lombao e a Xosé Manuel Barreira, de Radio Nacional, e premios literarios: o primeiro, en prosa, a Xosé Manuel Carballo, crego de Castro de Rei, que xa coñecemos polas súas actuacións na nosa Sociedade; o segundo a Xaime Félix López Arias e o terceiro a Xesús Manuel Valcárcel. En poesía foron galardonados Lino Braxe Mandiá, o autor desta reseña e Xulio Béjar Gutiérrez.

Seguidamente actuaron o grupo folklórico e a Coral de «Meigas e Trasgos», que dirixe Enrique Iglesias Alvarellos, e serviuse unha cea, rematando a festa coa escenificación de A NOITE MEIGA e coa actuación da orquesta «Vagalume».

Treboada, Setembro-Ocubro 1983

Festas de San Froilán en Lugo

O alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, moi interesado en celebrar unha «Semana de Lugo en Barcelona», invitou ó Centro Galego e a este cronista ás festas de San Froilán, que este ano tiveron unha resoancia excepcional, organizadas pola Comisión de Festas que preside Enrique Álvarez Paredes e na que participou moi activamente o secretario Xulio Giz.

En representación da nosa Entidade, asistiron Manuel Pérez Guerra, o tesoureiro, Pedro Rodríguez López, e Fermín Pereira.

Entre outros actos, estivemos na presentación de «88 GALLEGOS, una tierra a través de sus gentes», de Olegario Sotelo Blanco, e nunha recepción ofrecida polo presidente da Diputación, señor Cacharro Pardo, ó presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, á que asistiron o conselleiro Vázquez Portomeñe, autoridades da provincia e numerosos invitados, como Xosé Luis Foxo que acadou un gran éxito coas actuacións dos cincuenta componentes da Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas».

En presenza das autoridades e no marco maravilloso da praza de España rebordante de xente, nun radiante Domingo das Mozas, Manuel Pérez Guerra no seu discurso dixo: «Ante todo quero agradecer moi sinceramente ó Excmo. señor alcalde desta cidade, Vicente Quiroga, que invitara ó Centro Galego de Barcelona a estes actos, xa que os que estamos fóra da nosa Terra consideramos un gran mérito que, os que tedes a sorte de vivir nestas verdes paisaxes, nos recordedes nos vossos corazóns e nos teñades presentes nas vosas mentes para darnos a posibilidade de participar en actos, coma este, que están presentes no corazón do noso pobo. Agora máis ca nunca, neste intre en que Galicia recobra a súa identidade, loitemos por unha Terra mellor na que tódolos seus fillos poidan ter cabida. Co corazón na man, dígovos: ¡Graciñas amigos!».

Pouco despois o presidente e acompañantes da nosa Institución, coas devanditas autoridades, xantabamos o típico pulpo no ferial de San Froilán disfrutando dun inesquencible ambiente de irmandade e festa popular.

Treboada, Nadal 1983

A Reconversión Industrial en Galicia

Interviron: Ramón de Vicente, Pablo González Mariñas, Ceferino Díaz, Xan Carballo, Enrique Teixeira e Manuel Amor Deus

No Salón de Actos do Centro Galego celebráronse dous coloquios organizados polos membros da Comisión de Emigración, Manuel Vázquez, Feliciano Martínez e Eladio Figueiras, para tratar da «Reconversión Industrial en Galicia». No primeiro, interviron o parlamentario do Grupo Popular, Ramón de Vicente, e os portavoces dos partidos de C.G. e PSOE do Parlamento Galego, Pablo González Mariñas e Ceferino Díaz. No segundo, Xan Carballo, Enrique Teixeira e Manuel Amor Deus, das Centrais Sindicais INTG, UXT e CC.OO. En ambas ocasións fixo a presentación o presidente

da Sociedade, Manuel Pérez Guerra, e, ó remate das interesantes xuntanzas que tiveron gran audiencia de público, falamos cos ponentes que nos concretaron as súas opinións encol do tema.

RAMÓN DE VICENTE: «A reconversión naval e a situación no 70% das industrias pequenas no eixe Ferrol-Arousa-Vigo é moi preocupante porque non se contempla un estudio técnico serio que hai que facer para tódolos asteleiros de España. É triste pensar que o Goberno central non queira recoñecer que hai asteleiros con tres veces máis persoal e con perdas cinco veces maiores ca ASTANO, empresa de alta e punteira tecnoloxía. O presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, fixo unha valente declaración institucional e solicitou unha entrevista con Felipe González para prantexarlle a inxusticia que se pretende facer con Galicia. As nosas institucións autonómicas non van quedar tranquilas "véndoas pasar", senón que estarán ó fronte desta loita, coas presións que faga falla para esixir Xusticia».

PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS: «O Goberno socialista leva unha política de Reconversión drástica e acelerada sen ter ningunha consideración coa problemática específica de Galicia. O Goberno galego tivo algún tipo de iniciativas, como a oferta dos cinco mil millóns e o Libro Blanco sobre o tema, pero pouco máis. Non hai alternativas de traballo nin claras ofertas de crear emprego. Coa reconversión redúcese a potencia industrial de España e, polo mesmo, de Galicia. Ante as esixencias da CEE para o noso ingreso, estanse sacrificando razóns técnicas e obxetivas pensando nun triunfo político do Goberno socialista. A reconversión ten que se facer, non unidireccional senón globalmente e dende un punto de vista solidario e contando con que Galicia estaba nunhas condicións de arranque económico».

CEFERINO DÍAZ: «A crise económica galega é grave porque dase nun país subdesarrollado, con moitos emigrantes que retornan de Europa ó perderen os postos de traballo. Este feito, que incide tanto na agricultura coma no sector pesqueiro e na industria, está sendo acometido polo Goberno co Decreto Lei de Reconversión e Reindustrialización, de por sí polémico e importante porque afecta a un dos sectores punta da economía galega. Non hai demanda por falta de competitividade en moitos aspectos, pero o sacrificio dos traballadores ten que ser mínimo e ó mesmo tempo hai que industrializar Galicia nas zonas do interior que foron sempre esquecidas. O Goberno debe comprometerse nesta tarefa. Se o meu Goberno discrimina a Galicia, como galego, diríalle que hai que facer Xusticia, pero Penso que non haberá que chegar a tal extremo».

XAN CARBALLO: «Opoñémonos ó Decreto Lei de Reconversión polas nefastas repercusións sociais que conleva. A nosa nación está sometida á política económica dun Goberno que pretende integrarse de inmediato na CEE en función de intereses capitalistas que supoñen a destrución de miles de postos de traballo e a desfeita económica de Galicia dun xeito galopante. Temos a urxente necesidade dun plan galego de emprego para reestructurar racionalmente tódolos sectores industriais do noso país controlando os propios recursos naturais, o aforro e a inversión dentro duns plans xerais económicos de Galicia».

ENRIQUE TEIXEIRO: «A reconversión hai que facela de forma prioritaria se non queremos perder o tren da historia. A nosa posición privilexiada nas mesas de negociación pola fraternidade co PSOE, aproveitarémola para que a reconversión vaia parella coa reindustrialización e a creación de proxectos que absorban os excedentes necesarios para facer viable o Decreto Lei. Debemos reclamar urxentemente que Vigo e Ferrol sexan declaradas Zonas de Urxente Reindustrialización. Dende unha

posición sindicalista, non podemos pretender salvar só ASTANO. Trátase de sacar da crise, da mellor forma posible, todo o Sector Naval».

MANUEL AMOR DEUS: «A reconversión é unha necesidade que se debe axear ó noso modelo industrial. A que nos propón o Goberno do PSOE consiste nunha redución da produción e de plantillas. As Bolsas de Paro son despedidos aprazados financiadas coas indemnizacións dos traballadores, e a alternativa ZUR conleva o desmantelamento de industrias, como ENFERSA, e, ademais, pode ser unha trampa para subvencionar ó capital privado a través da empresa pública. Temos mester dunha planificación democrática das estruturas industriais, e o sector público, cun sistema financeiro forte, debe intervir de forma activa para crear empregos e desterrar favoritismos».

El Ideal Gallego, 6-IV-1984

Treboada, Maio-xuño 1984

«Letras Galegas-84»

O abondoso programa de actos —coloquios, conferencias, excursións e unha festa popular— programados pola Xunta Directiva co gallo das «Letras Galegas-84», iniciouse coa inauguración dunha exposición-venta de libros e cassettes, exposición itinerante que o amigo Xixirei, entusiasta espallador da cultura galega, presenta en tódalas xuntanzas folklórico-culturais celebradas polas institucións galegas barcelonesas.

Ó acto de apertura, que presidiu Manuel Pérez Guerra, asistiron o rexidor e deputado Rudolf Guerra, en representación do alcalde de Barcelona; o escritor X. Costa Clavell, socios e simpatizantes da colectividade.

A continuación, celebrouse un coloquio encol da «Arte Galega Actual» no que participaron Xosé Antonio Castro, da Dirección Xeral de Cultura da Xunta de Galicia; os pintores Reimundo Patiño e Alberte Permuy; a vicepresidenta do Centro, Pilar Corredoira, e a crítico de arte, Gloria Picazo, que se referiron á fantástica floración da pintura actual, á necesidade de crear infraestruturas para a súa promoción en Galicia e no exterior, e consideraron moi positivo que as institucións galegas estean a facerse eco do feito plástico.

Conferencia do poeta Xavier Seoane

«A poesía —dixo Xavier Seoane— é un acto de creación no que hai unha mistura entre desexo de coñecemento, búsqueda da comunicación, urxencia expresiva, anxeio de transmitir sensacións, ideas, mensaxes... É un xeito de profundar no home e na existencia.»

Ó longo da súa conferencia encol da «Nova Poesía Galega», o poeta coruñés, autor de «Poesía experimental», «Os bosques encendidos», «A caluga do paxaro» e «Anisia e outras sombras», comentou textos repartidos previamente ós oíntes, da obra de poetas actuais dos que só

citaremos os residentes en Barcelona: Margarita Ledo, Xoan Manuel Casado, Xosé M.^a Costa e Xosé Lois García.

O tema da nova poesía centrouno a partir do ano 76 ata hoxe e afirmou: «Nestes intres estamos nun gran momento creativo e de asimilación de moitas técnicas para ampliar o campo temático e expresivo. Un intre —remarcou— que dará os mellores froitos dentro de moi pouco».

Festa Popular en Cornellà. Actuación da orquesta «Trébol»

A Festa Popular celebrada no parque «Can Mercadé», de Cornellà, en colaboración coa Asociación «Rosalía de Castro» e na que participaron tódolos grupos e irmandades, tivo un gran éxito popular.

Manuel Pérez Guerra, acompañado polo alcalde Federico Prieto e polo concellal Ramón Caminals, tras agradecer a participación de tódalas agrupacións, fíxolles entrega de trofeos e, a continuación, Prieto Caballé manifestou o seu contento pola brillantez da festa e engadiu: «Temos que construír Catalunya con todos, entre todos, sen que ninguén quede fóra na tarefa que nos anima».

Pola tarde houbo xogos para nenos e gran baile amenizado pola orquesta «Trébol», do Ferrol, composta polos músicos Pedro García Canosa, cofundador do grupo hai trintecinco anos, os irmáns Pedro e Antonio Cabalar, Francisco Pérez, Jacinto Paredes, Xosé Manuel Cebal e Demetrio Carro, xa coñecidos en Barcelona e que, unha vez máis, acadaron un resoante éxito con temas como «Putpurri Galego», o pasodoble «Lugo-Ferrol», «Os teus ollos», «Galicia Terra Nosa», en homenaxe a Paco Tamara morto recentemente nesta cidade, e outras composicións da canción moderna.

Presentou os actos Manuel Valdés, director do programa «Lonxe da Terra».

O ciclo de actos das «Letras Galegas-84» findou coas intervencións do poeta Xoan Manuel Casado —premio da Crítica de poesía galega 1983— e do crítico literario Xesús González —autor de «Antoloxía da poesía subrealista de expresión francesa»— que faláron no Salón de Actos do Centro Galego sobre o tema «¿Existe hoxe unha cultura galega?». Os ponentes coincidiron en que existe unha literatura de expresión galega pero insistiron na necesidade da normalización do idioma no ensino, nos medios de comunicación e nas institucións que teñen o poder e administración de Galicia.

Treboada, Xullo-Agosto 1984

Jordi Pujol recibiu a colectividade galega o Día do Apóstol

A festividade do Apóstol Santiago, dende hai poucos anos, deixou de ser festa en Catalunya o que motivou que a colectividade galega adiantara a data da súa celebración. O propio día de

Santiago e Día da Patria Galega, na igrexa de Sant Jaume, de Barcelona, directivos e membros de tódalas entidades galegas asistiron a unha Misa en honor do Patrón e, a continuación, unha representación das mesmas foi recibida polo Honorable Jordi Pujol no Palau de la Generalitat.

Durante a recepción, de gran cordialidade entre galegos e cataláns, Daniel Pérez Guerra, en nome de tódalas sociedades galegas da provincia, pronunciou unhas breves palabras de salutación ó president e fíxolle entrega dun documento solicitando a reimplantación da festividade do Apóstol en Catalunya.

O Honorable Jordi Pujol acolleu con agrado a proposta xa que, de sempre, a festa de Sant Jaume tivo gran arraigo no Principado. «Non podo prometer nada —dixo— porque, por Lei, soamente hai catorce festas, incluídas dúas locais, durante o ano e teríase que modificar o Estatuto dos Traballadores. Eu —engadiu o president do Goberno catalán— pedínlle ó Goberno central que os diferentes entes autonómicos poidan establecer o número de festas das súas propias comunidades. Dado que hoxe en día —puntualizou Jordi Pujol— a maioría dos convenios colectivos establecen un número anual de horas a traballar, poderíamos recuperar festas como o Corpus, O Xoves Santo, Sant Jaume e outras. Penso insistir no tema e para elo —dixo o president da Generalitat— Penso pedirllas colaboración.»

Logo, Jordi Pujol e a súa dona presenciaron unha demostración folklórica na praza de Sant Jaume onde conversaron cos componentes dos grupos e da numerosa colonia galega. «O próximo ano —pediu— quero velos aquí á mesma hora.»

A cordial xuntanza de irmandade galaico-catalana findou coa interpretación dos himnos catalán e galego.

El Progreso, 29-VII-1984

Treboada, Outubro-Novembro 1984

Celebrouse o Santiago con anticipación

Este ano as festas do Apóstol e do Día da Patria Galega ancetáronse o día 21 cunha mostra folklórica de tódalos grupos galegos de Barcelona celebrada no Pobo Español de Montjuich. No transcurso do festival, cuxa presentación correu a cargo de Amador Rosas, foron elixidas Raíña das Festas, Montserrat Pintor; Raíña do Centro Galego, Palmira Rodríguez; e Raíñas Xuvenil e Infantil da mesma entidade, Marta López e Beatriz Fernández. O acto findou cunha verbena popular.

O domingo, día 22, a colectividade galega asistiu a unha recepción ofrecida polo Concello de Castelldefels presidido polo rexidor Josep Pavón, que ostentaba a representación do alcalde Agustí Marina. A continuación, os diferentes grupos desfilaron pola cidade e ás 11 da mañá celebrouse a misa en galego na explanada do castelo, seguida dunha demostración folklórica e un xantar campestre.

Pola tarde houbo concurso de Danzas Galegas e o xurado composto polos concellais Francesc Blay, Matilde Mas, Francesc Bercero, Josep Bautista, Manuel Dopico e Norbert Murillo, acordaron conceder o primeiro premio para maiores a María Xesús Rosas e Mireia Carreño, do Centro Galego; o segundo, a Montserrat Pintor e Manueli Rodríguez, do grupo «Saudade». Na modalidade de infantís, resultaron ganadores Serxio Pérez e Noelia Pérez, da Irmandade de Rubí, e Xoan Carlos López e Marta Diéguez, do grupo «Saudade».

Seguidamente, o presidente da Comisión de Festas, Pedro Rodríguez López, en nome das diferentes entidades, entregou unha placa a Xesús Vázquez Sánchez en agradecemento á súa colaboración.

Fixo a presentación dos actos o locutor Manuel Valdés de Radio TeleTaxi e a festa rematou cun gran baile amenizado pola orquesta «Tropical Pop».

Treboada, n.º 15, Outubro-Novembro 1984

Actualización dos Estatutos

Próximo a rematarse o seu mandato, Falamos co presidente Manuel Pérez Guerra.

—¿Que logros consideras máis importantes da Xunta que presides?

—Sen dúbida, a reforma, por unanimidade assemblearia, dos Estatutos para axeitalos á lexislación vixente e que agora reduce os directivos a doce, inda que se poderán ampliar os vocais segundo as esixencias das actividades da sociedade. Pero a novidade principal é que, caso de se acordar a disolución do Centro, os libros pasarán á Biblioteca de Catalunya baixo o patrocinio da Xunta de Galicia, para que estean a disposición de tódolos galegos residentes aquí.

—¿Algún outro feito importante?

—A creación dunha emisora de radio, que potenciará, principalmente, as culturas das diferentes comunidades autónomas, con especial dedicación á nosa Terra. Os programas sobre Galicia serán en galego e pensamos que servirá moito ó noso Centro que, na actualidade, está nuns intres de gran expansión tanto en captación de socios como en desenvolvemento de actividades.

—¿Que acto inmediato pensades organizar?

—O día sete de decembro celebraremos a cea de irmandade anual de costume, na que se fará entrega de insignias conmemorativas ós socios con 25 anos ininterrompidos como membros da sociedade. Pero este ano terá un maior interese porque, ademais, farase unha homenaxe ós socios fundadores.

—¿Presentaraste á reelección en xaneiro?

—Non creo, debido ás miñas obrigas profesionais. Pero o que podo asegurar é que cumpriremos o noso mandato e na asamblea ordinaria, tal como se acordou na do día 10 de novembro, fixarase a convocatoria de eleccións de acordo cos novos Estatutos.

El Ideal Gallego, 28-XI-1984

Festa fin de ano

Cebeiro Santiso: «A colectividade galega de Barcelona é como unha insua de Galicia»

Unhas dúas centas persoas asistiron á cea de irmandade organizada polo Centro Galego de Barcelona na que, como cada ano por estas datas, fíxose entrega de insignias ós socios da institución con 25 anos de abtigiüidade. Nesta ocasión, ademais, homenaxeouse ós fundadores que, coa fusión da «Casa Galicia» e a Sociedade Artística «Cantigas e Aturuxos» constituíron a entidade o 25 de xaneiro do ano 1948.

Presidiu a cea, en representación de Víctor M. Vázquez Portomeñe, conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, o subdirector xeral de Promoción e Difusión Cultural Severo X. Cebeiro Santiso, e entre as personalidades asistentes, atopábanse o ex-presidente da Audiencia Territorial de Barcelona, don Antonio Gómez-Reino; o presidente da Federación de Casas Rexionais, señor Montoto; e directivos das colectividades galegas de Barcelona e Lérida.

O acto foi presentado por Manuel Coello e Pilar Falcón que leron telegramas de adhesión do Honorable Jordi Pujol e de Vázquez Portomeñe e agradeceron a colaboración do Banco Pastor, Caixa Galicia, o Bar Social e o Bingo do Centro Galego, Foto Stilb, Muebles Virrey, Pazo Ribeiro, Renault VS e Viajes Viferias.

Pronunciaron discursos o señor Montoto; o socio fundador e ex-presidente, Fernando Neira Martínez-Monje; o presidente actual, Manuel Pérez Guerra, que fixo un chamamento á unidade e colaboración de tódolos galegos, cada un co seu xeito de facer «xa que o fin que perseguimos todos é o mesmo», e Cebeiro Santiso que foi moi aplaudido cando, tras afirmar que a colonia galega é como unha ínsua de Galicia en Catalunya, dixo: «Felicítovos porque, cantos residides nesta nacionalidade histórica irmá, seguides sentindo a Terra como os que estamos en Galicia».

Ó rematar a cea, fíxose un sorteo de regalos e a tradicional queimada que preparou Francisco Franco, coñecido empresario da gastronomía galega na Cidade Condal. A xuntanza findou coa interpretación do himno galego seguido da actuación do corpo de gaitas do Centro e un animado baile popular.

El Ideal Gallego, 11-XII-1984

Faro de Vigo, 14-XII-1984

Fútbol-sala

O equipo de fútbol-sala dos empregados da consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia enfrentouse ó titular do Centro Galego nun encontro amistoso no que se impuxo o visitante por un gol a cero.

Os nosos rapaces, coas baixas de Xaime —máximo goleador— e Alonso, que lles restou a potencialidade a que nos tiñan afeitos, non puideron resolver o partido ante un contrario que demostrou calidade de xogo e boa preparación física.

Ó remate, sen máis incidencias que a lesión do porteiro Quique, o presidente do Centro, Manuel Pérez Guerra, fixo entrega do trofeo «Caixa-Galicia» ó ganador e a de outros dous, donados pola nosa entidade, a cada un dos equipos como recordo da primeira competición que se disputou entre un conxunto galego de Barcelona e outro procedente de Galicia.

Acompañaba ós xugadores da consellería o subdirector xeral de Promoción e Difusión Cultural, Severo X. Cebeiro Santiso, que manifestou gran interese por este tipo de contactos deportivos coas comunidades asentadas fóra de Galicia.

Os directivos Pedro Rodríguez e Eladio Figueiras, que se mostraron satisfeitos pola actuación dos nosos xugadores, aproveitaron para propoñer a creación dun equipo infantil. Andan á procura de alguén que o subvencione. Esperamos que se brinden voluntarios axiña.

Teatro e Masa Coral

Co gallo da cea que a Xunta Directiva ofreceu no local do noso Bar Social a cantos colaboran na confección de «Treboada», ademais das melloras técnicas que os coordinadores Coello, Quiñoá e Xaquín Fernández teñen en estudio para esta revista, tratouse da necesidade de volver a facer obras teatrais. María do Pilar Vázquez, que tantas obras representou e que ten unha gran vocación teatral, está entusiasmada coa idea e pediu colaboración. A mesma ilusión expresounos Mario Nieto cando falamos da reorganización da Masa Coral. Sen dúbida, son dúas seccións que deron renome ó Centro e que, de rexurdir, agradeceríamolo os socios.

Treboada, Febreiro-Marzo 1985

Homenaxe ós escritores en Lingua Galega

Organizada pola Xunta Directiva do Centro Galego, no restaurante do local social celebrouse unha ceahomenaxe ós escritores en lingua galega afincados en Barcelona. Asistiron Manuel Blanco

Castro, Xoa Manuel Casado, Xavier Costa Clavell, Xosé María Costa, Xosé Luis Foxo, Graciela García, Xesús González, Anxo L. Baranga, Basilio Losada, Luis Suárez Delgado e este corresponsal. Algúns, que non puideron acudir, como Isaac Rielo Carballo e Xosé Antonio Pet Posse —invitado igual ca Olegario Sotelo Blanco e Carlos de Arce, escritores galegos que escriben en castelán— e o doutor Sixto Seco, que tiña previsto desprazarse a Barcelona para estar cos homenaxeados, mandaron telegramas de adhesión.

Fixo a presentación dos escritores o presidente Manuel Pérez Guerra que sulíñou a importancia do acto. «Por primeira vez na historia da nosa sociedade —dixo— celébrase unha homenaxe ós poetas, críticos e narradores que residen na Cidade Condal e que escriben na nosa lingua. Esperamos —engadiu o señor Pérez Guerra— que esta iniciativa se repita en próximos anos e que se faga extensiva a outras actividades artísticas: pintores, músicos e cantantes, todos eles merecentes do noso recoñecemento polo seu labor.»

Tamén falou Luis Suárez Delgado, vello galeguista cunha enorme actividade cultural nas entidades galegas de Catalunya dende hai máis de cinco décadas, que fixo un afervorado canto dos intelectuais do Rexurdimento, de cantos fixeron posible revistas como «Ronsel», «Centuria» e «Alfar» e da Xeneración «Nós».

En nome dos homenaxeados, Basilio Losada Castro, tras unhas palabras de agradecemento ó Centro e un emocionado recordo para o poeta caldelao Casado Nieto «que sentiríase feliz —dixo— de atoparse entre nós», afirmou: «Os escritores galegos somos xente que fixo profesión de amor á nosa lingua que, a maioría de nós, descubrimos na emigración».

Referiuse, logo, o profesor Losada á acollida e comprensión de Catalunya «á que lle ofrecemos o mellor que temos, pois cataláns van a ser os nosos fillos» e engadiu: «Poida que a nosa obra non sexa sobranceira, poida que algúns poetas sexan discutibles ou que as ideas dos críticos non fluían con habilidade, pero facémolo para sentírmolos vivos porque, se perdernos a nosa lingua, perderíámolo todo. Ser escritor galego é un esforzo gasalleiro, grato, de amor e servicio. Pensamos —findou Basilio Losada— que dunha maneira ou doutra, estamos poñendo un granciño de área para que Galicia recobre a conciencia da súa identidade».

A continuación, o subdirector xeral de Promoción e Difusión Cultural que representaba ó conselleiro Vázquez Portomeñe, agradeceu o labor que o Centro está facendo polos escritores galegos que viven en Barcelona «cousa que en realidade —continuou— debía facer a Xunta de Galicia pero, por desgracia, hai que recoñecelo, non estamos facendo todo o que tiñamos que facer polos nosos escritores».

Ó dar as grazas a Catalunya polo ben que está tratando ás nosas colectividades, o señor Cebeiro afirmou: «Neste caso non temos que queixarnos como Rosalía de Castro cando se refería ós que ían á seitura a Castelá» e deu cabo ó seu discurso pedindo ós homenaxeados que sigan facendo patria e trabaliando por Galicia e anunciou:

«Vaise chegar a un acordo para que quen escriba teña unha garantía de ver publicados os seus traballos. Estoulles falando no nome do conselleiro de Educación e Cultura —remarcou— que está moi interesado no tema.»

Guiomar Amell i Amell, coordinadora territorial de Barcelona, que representaba ó conseller Joan Rigol, pechou o turno de discursos manifestando o seu contento por se atopar entre escritores galegos e congratulándose porque o pobo de Galicia, como o de Catalunya, síntese enraizado nas propias particularidades. «Iso fai que nos sintamos seguros —dixo— e que, sen desprezar a ninguén, podamos ofrecer toda a nosa riqueza e personalidade os demais que, en definitiva, é o que debemos facer tódolos pobos.»

El Ideal Gallego, 10-III-1985

Manuel Vázquez Fernández nomeado presidente

O día 20, no Centro Galego de Barcelona, celebrouse a Asamblea prevista e, a continuación, confirmouse a única candidatura presentada para a nova Xunta Directiva formada por Manuel Vázquez Fernández, presidente; Mario Nieto da Aira, vicepresidente; Manuel Rodríguez López, secretario; Xavier Pérez Otero, contador; Carlos Piñeiro Pico, tesoreiro; Luis González Fernández, bibliotecario; e polos vocais Roxelio Rodríguez Blanco. Eladio Figueiras Mazaira, Pilar Vázquez Martínez, Eduardo Valcarce Fernández, Alonso Fernández Barba, Rafael Poza Estévez e Pedro Rodríguez López.

É un firme compromiso da nova Directiva facer unha reestructuración dos criterios seguidos na administración dos fondos sociais e, para conseguilo, o novo presidente pretende que os costes fixos da entidade sexan cubertos polos ingresos procedentes das cuotas dos socios. No tocante ó desenvolvemento das actividades das diversas seccións, o señor Vázquez Fernández afirmou:

«Cada sección —as clases de danza e gaita, a revista "Alborada", o Fútbol Sala, a Comisión de Festexos, a emisora "Radio Celta"— deberá ter canles propios de autofinanciación mediante a obtención, para as súas actividades específicas, de colaboracións, donativos, subvencións, etc. Cos fondos acadados polo Bingo e outros —engadiu— procederase a un emprego ponderado equitativo dos mesmos de maneira que non sexan absorbidos por un reducido número de seccións.»

O novo presidente da institución galega pediu participación, esforzo e altruismo persoal a tódolos socios e findou afirmando que se seguirá unha política realista de potenciación da presenza do Centro Galego «sen rebordar en ningún caso —dixo— os límites que nos impon a máis estricte eficacia e sen caer na tentación de proxectos ilusorios que poidan cuestionar a continuidade do noso Centro».

Á proposta do señor Vázquez Fernández, tamén foi aclamado por unanimidade o Consello Consultivo, composto por Manuel Prieto Viana, presidente; Daniel Pérez Guerra, secretario; e os vocais Basilio Losada Castro, Anxel María García Rodríguez e Xavier Domínguez Ojea.

Como asesores, foron nomeados Feliciano Martínez Marino e Antonio Hijo Pérez.

CENTRO GALEGO DE LÉRIDA

O Centro Galego de Lérida naceu o 15-XII-77 nunha xuntanza de amigos convocada por Carlos Souto Fernández no bar «O teu lar». O mesmo día redactouse a Acta Fundacional e nomeáronse os cargos directivos provisionais, confirmados na primeira assemblea xeral celebrada o 10-11-78 na que tamén se aprobaron os Estatutos. Foi inscrito no Rexistro Provincial de Asociacións, co número 237, o día 14 do mesmo mes.

O primeiro de abril, tras unha assemblea extraordinaria, acordouse alugar un local e dona Laura Rodríguez Somoza fixo entrega dunha Bandeira de Galicia ó presidente do Centro, Xosé García Rivas, e, un mes máis tarde (12-V-78), coincidindo coas festas de Lérida, inaugurouse a primeira sé social nun acto ó que asistiron o alcalde, señor Corbella, acompañado doutras autoridades e da Comisión de Festexos ilerdense.

Na actualidade, os galegos da Cidade do Segre teñen o seu fogar na rúa Alcalde Costa, 1, 1º, importante logro do actual presidente, Severino Fernández Vereza, a pesar da oposición manifestada por algúns socios nun principio. O amplo local ten bar-restaurant, salón social, sé de xuntas, despacho, terraza con almacén e un espacioso patio que se utiliza como terraza de verán, con barbacoa e barra de bar, e para representacións teatrais e folklóricas.

Actividades culturais

«Dende a súa fundación —dinos o vicepresidente 2.º Maximiliano Castro Novoa— vimos celebrando actos xa tradicionais na nosa entidade, tales como o "Día das Letras Galegas" e do "Magosto", e participamos nos desfiles de carrozas nas festas patronais da cidade, no stand da Feira de Lérida para promociñar a gastronomía galega e organizamos a festa de "Breogán", cada ano en diferentes poboacións da provincia para dar a coñecer os costumes e o folklóre galego.»

De certo, a colectividade galega de Lérida síntese fortemente vencellada polo amor á Terra e á cultura propia, como puidemos comprobar durante a visita oficial que fixo o presidente da Xunta de Galicia, don Xerardo Fernández Albor, a aquel Centro o 24 de marzo do pasado ano. Naquela ocasión tivemos a grata sorpresa de contactar cunha sociedade con perto de tres centos socios, que non coñeciamos, ilusionada na promoción da cultura e dos costumes do noso país na Catalunya irmá.

Gracias ás xestións de Carlos Souto Fernández no Ministerio de Cultura, e, posteriormente, coa colaboración da consellería de Cultura da Xunta de Galicia e con donacións particulares, creouse unha biblioteca con 2.000 volúmenes. Tamén conta cun grupo de danzas e outro teatral, que dirixe

Rosa González Mahía, inspirada poeta, realizadora da revista «Xurdimento», intérprete de cancións galegas e catalanas e diseñadora, incluso, dos traxes rexionais do grupo, que está desenvolvendo un gran labor cultural e de formación da xuventude do Centro.

Entre outros, pronunciaron conferencias no local social, Fraga Iribarne; os profesores de Historia da Universidade de Santiago, Hermelindo Portela e Juan Gelabert; o presidente do Centro Galego de Zaragoza, Xosé Luis Soto Cordero; o catedrático de Lingua Galega do Instituto de Ensino de Santiago, Abuín de Tembra, e Luis Suárez Delgado, antigo galeguista residente en Barcelona.

«Fariase longo —afirma o amigo Maximiliano Castro Novoa— relacionar tantos actos de promoción cultural, exposicións, como a de Xosé Dapena; actuacións benéfico-sociais e actividades recreativas que se levaron a cabo ó longo de sete anos de historia da nosa institución, todo elo debido á colaboración afervorada dos socios entre os que é obrigado destacar o tesoreiro Celso González e o vocal Maximino Bernárdez. Pero quero manifestar —suliña Castro Novoa— que esta realidade de hoxe débese ó fundador e impulsor da sociedade, xa difunto, don Carlos Souto Fernández a quen temos a obriga moral de rendir unha digna homenaxe á súa memoria.»

Directiva actual

Na assemblea xeral, celebrada o 23 de marzo, foi elixida a nova xunta directiva que quedou constituída por: Severino Fernández Vereza, presidente; Xosé Terceiro Folgar, vicepresidente primeiro; Maximiliano Castro Novoa, vicepresidente segundo; Eduardo Mayer Garea, secretario; Euxenio Paredes Pena, vicesecretario; Celso González Gómez, tesoreiro; Luis Trigo Domínguez, contador; e os vocais Xosé Antonio Barreiros Somoza, Maximino Bernárdez Martínez e Antonio Riveras Bungalés.

El Ideal Gallego, 24-IV-1985

ESCOLA DE GAITAS E DANZAS GALEGAS «TOXOS E XESTAS»

M. Dafonte imparte un cursiño de danza

Coidamos moi positivo, baixo o punto de vista de promoción da música galega, a actuación de «Toxos e Xestas» no programa de T.V.E. «Un...dos... tres...».

A invitación foilles cursada polo inédito e espectacular de tan numerosa banda de gaiteiros —corenta mulleres e homes— que interpretaron temas de música tradicional, «Pasacorredoiras de Vilar» e «O Vals do Gaitero», do mestre director da Escola, Xosé Luis Foxo.

Outra novidade do grupo de Font-trobada é que estes días conta coa colaboración de M. Dafonte, mestre de danza galega contratado pola Escola para impartir leccións de danzas, ó igual

que o fixeran en ocasións anteriores Mari Martí Kessler e Geranio Torreiro. Con outros compañeiros ourensáns e co asesoramento de Xaquín Lorenzo, Dafonte está levando a cabo un labor de recolleita de danzas en diferentes comarcas que, logo, pule, pero sempre dentro da línea tradicional, tratando de espallalas e confrontalas cos distintos estilos doutros lugares de Galicia.

Conchiña Aira, responsable do grupo de danzas «Toxos e Xestas», fálanos de varias pezas inéditas incluídas no seu repertorio e das novas aportacións de Dafonte:

«A "Danza Procesional de Seara de Montes" cunha primeira parte de palillos e, outra, de trenzado de cintas, é unha danza de longa duración e con gran variedade de movementos con ritmos lentos e vivos. Outra danza tamén con música e características inéditas, que o noso grupo vai a transcribir en pautas musicais —engade a nosa interlocutora— é "A Redonda de Lobeira", peza moi lenta e cuns "puntos" moi sinxelos, que bailábana os vellos formando un círculo.»

A preocupación da Escola é aprender dos grandes mestres e ampliar o seu repertorio manténdose sempre fieles á tradición. Conchiña Aira resume así a lección de M. Dafonte:

«O máis importante é que os nosos danzantes aprenderon que na danza 2 fundamental que o home e a muller interpreten ben os seus respectivos papeis. A muller ha bailar moi amodiño, case cos brazos gachos, sen grandes novementos, con delicadeza e solemnidade, expresando desta maneira a súa feminidade; o home, en troques, debe facelo dun xeito máis arrogante e brincadeiro. A muller —suliña a profesora— debe mirar para os pes do home morque el é quen ten que facer os "puntos" e a muller seguilos.»

Festa fin de curso

A Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas», que ten perto de 250 alumnos, celebrou a festa de remate de curso coa entrega dunha placa honorífica a Marta Fernández de Frutos e con diplomas para ós alumnos Xosefa Liñares, Alicia Dobarro, Natalia López e Diego Lara polo seu bo aproveitamento durante o curso 82/83.

Iolanda Díaz Gallego, presidenta de O PENEDO-FOGAR GALEGO, fixo unha gabanza do labor que están levando a cabo os mestres de gaita e danza, Xosé Luis Foxo e Conchiña Aira. A continuación presentou o libro de contos galegos REENCONTRO COA ALDEA, aconsellando a súa lectura ós nenos —a maioría nados en Barcelona— «para o mellor coñecemento —dixo— dos costumes dos devanceiros».

Tamén se proxectou un film das actividades da Escola durante o curso e das actuacións realizadas ó longo do ano en TV., nas festas do Corpus de Ourense, nas XIII Xornadas Internacionais de Folklore de Barcelona, así como noutros actos organizados por diferentes grupos na provincia e en Galicia, nos que «Toxos e Xestas» conseguiron importantes premios, como o aínda recente de Anceis (A Coruña) onde concursaron Xan Eiró e Antón Sánchez (gaitas), Moncho Pérez (redobranter), Pedro Padín (bombo) e Rodolfo Pérez (pandeireta) sendo galardonados co segundo premio.

Igual que anos anteriores, grupos da Escola actuarán durante o verán en diferentes certámenes de Gaita, estando programada xa a súa presenza en Portomarín (Lugo) o 14 de agosto dentro da celebración dos Domingos Folklóricos da vila luguesa.

El Progreso, 6-VII-1983

Fernández Pazos premiado no II Certame de Música pra Gaita

Fallouse o «II Certame de Composicións Musicais pra Gaita», da Escola «Toxos e Xestas», de Barcelona, cos seguintes resultados: 1.º Premio, dotado con 15.000 pesetas e medalla de ouro conmemorativa, para Benxamín Fernández Pazos pola obra «Troula pra catro gaiteiros»; 2º Premio, dotado con 10.000 pesetas e medalla de prata, para Antonio Fernández Rodríguez pola obra «Muiñeira do froito novo»; 3.º Premio, dotado con 5.000 pesetas e medalla de bronce, para Nazario González Iglesias, «Moxenas», pola obra «Foliada de Andrea», e Mención honorífica, dotada con Medalla especial conmemorativa, para Xosé Caba Garrote.

Con tal motivo, falamos con Xosé Luis Foxo, director da Escola, para que nos dea a súa impresión do Certame e sobre o mestre compositor Benxamín Fernández Pazos, nado en Mondariz o ano 1888, ganador tamén do anterior certame celebrado en 1981 e que, ó parecer, está en plenitude de inspiración.

«Realmente a obra premiada —dinos o Xosé Luis— é de gran orixinalidade, particularmente pola súa técnica contrapuntística na que o autor é un experto.»

—¿É coñecida a obra de Benxamín Fernández Pazos?

—Coido que calquera persoa informada de composicións para gaita sabe deste gran compositor que leva facendo música dende principios de século. —Nestes intres ¿hai compositores novos de valía?

—Hai moita xuventude adicada á nosa música. Boa proba é a participación de 36 obras neste certame que vimos de celebrar.

—¿Pensades seguir convocando concursos de música galega?

—Sí, porque entendemos que son de gran interés. Estas experiencias, inda que recentes, tiveron moita repercusión no mundo da gaita. Por iso tentaremos seguir neste camiño para abrir novos vieiros á xente que anxeia dar a coñecer a súa obra.

—¿Pensades publicar as composicións premiadas?

—«Troula pra catro gaiteiros» sairá na próxima edición do meu libro «Os segredos da Gaita». E, se alguén se interesa por calquera outro tema dos presentados, non teremos inconveniente en facilitalos.

O mestre Cajaraville impartiu un cursiño de danzas

Manuel Cajaraville Pensado, director artístico da Agrupación Folklórica ATURUXO, da Coruña, impartiu un cursiño de danza na Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas». A bailarina M.^a Victoria López foi a intérprete das ensinanzas do mestre que os alumnos de Xosé Luis Foxo asimilaron e agradeceron con sinceras mostras de garimo no acto de clausura.

Cajaraville, Medalla de Ouro «Marcial del Adalid», primeiro premio en tódolos certámenes celebrados nas Xornadas Folklóricas de Santiago, coreógrafo e autor de «Suite Gallega», «Romería», «Noite de Meigallo e Esconxuro», ademais, publicou recentemente o libro «Debullando folklore» «verdadeiro compendio da cultura espiritoal do país galego», como ben di Xaquín Villar no Limiar.

Home aberto ó diálogo, o mestre Cajaraville, rebordante de contento polo labor que está a facer a Escola, afirmou:

—«Toxos e Xestas» é de admirar. Atrévome a dicir que non hai outra organización en número de gaitas como esta. Os cursiños —engadiu— sen dúbida algunha, foron de gran interés porque, en quince días, os alumnos correxiron defectos e xa danzan coma calquera grupo de Galicia.

—¿Quen seguirá impartindo as danzas?

—Coido que Alicia Dobarro e M.^a Xosé González son as mellor preparadas, con máis cualidades, xeitoso estilo e gran elegancia. Tamén captou moi ben as nosas leccións Antón Sánchez que é un rapaz fino bailando. Baixo a coordinación de Conchiña Aira, dado o interés que poñen, chegarán moi lonxe na danza.

Como remate á estancia de Cajaraville e de M.^a Victoria en Font-trobada, celebrouse unha festa que findou con «O Fandango Muradán», danza picaresca recollida en Muros, que impresionou ó público pola coreografía que lle soubo imprimir o mestre e pola alegría, a naturalidade e soltura da gran bailarina M.^a Victoria.

Tamén queremos suliñar as recentes actuacións da Escola no Salón de Infancia da Feira de Mostras de Montjuich en representación de Galicia. A estas Xornadas Folklóricas acudiron trinta agrupacións. «Toxos e Xestas» tivo un resoante éxito o mesmo que na cabalgada dos Reis Magos na que 120 gaiteiros desfilaron, segundo xa é tradicional, como unha mostra máis da irmandade galaico catalana.

Próximamente, o grupo de Font-trobada actuará na Festa da Augardente a celebrar na vila dos Cabaleiros da Alquitara. Con tal motivo, grabarán un programa para TVG. O devandito programa, baixo o título «A Emigración» está dirixido por Maribel Outeiriño. Nel inclúiranse varias danzas inéditas do mestre Cajaraville, recollidas en aldeas da provincia da Coruña entre as que destacan: A Regueifa, Pandeirada de Mens e Muiñeira de Lañas.

Faro de Vigo, 20-I-1984

A Generalitat interesada pola cultura galega

O director xeral de Difusión da Generalitat, Albert Manent, interesado por coñecer as actividades dos numerosos grupos e irmandades dos galegos afincados en Barcelona, visitou a Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas».

No local social de Font-trobada, foi recibido polo presidente da Sociedade Recreativa Cultural, señor Xesús López, e polo director da Escola, Xosé Luis Foxo. O grupo de danzas interpretou «Muiñeira de Cañas», «Pandeirada de Mens» e «Muiñeira Barcalesa», e os gaiteiros, «Verbas garimosas» e «Pasacorredoiras de Vilar», entre outras.

O señor Manent, que encetou o seu parlamento en galego, logo seguiu en castelán e rematou cunhas palabras en catalán, resaltando a importancia de que un grupo tan abondoso de rapaces e rapazas se sintan irmandados polas tradicións e a cultura propia, animou ós responsables e alumnos da Escola a seguir na liña de alto nivel artístico «nestes intres —dixo— nos que un gran sector xuvenil está desvencellado de canto significa cultura».

Xosé Luis Foxo, tras agradecer a mensaxe de ánimo do representante do Goberno catalán, agradeceu o apoio e as axudas do departamento de Cultura da Generalitat, que ofreceuse a colaborar no «II Festival-Certame de Música Galega», a celebrar o 19 de maio no Palacio de Congresos de Montjuich organizado por «Toxos e Xestas».

Acto seguido, fíxoselle entrega da medalla da Escola ó señor Manent e a velada findou coa interpretación dos himnos catalán e galego. Logo, o director xeral, acompañado por don Xesús López e por Xosé Luis Foxo, visitou as dependencias da Escola e foi informado das próximas actuacións en Portomarín, co gallo do Día da Augardente, e en Burela, nun festival organizado polo grupo «Ledicia».

El Progreso, 21-III-1984

«Toxos e Xestas» no Día da Augardente de Portomarín

Como xa é tradicional, na vila de Portomarín celebrouse o «Día da Augardente» e o Capítulo Xeral da Orde Serenísimas da Alquitara recibiu, como novos cabaleiros, ós conselleiros de Educación e Cultura e de Turismo, Xuventude e Deportes, Vázquez Portomeñe e Villanueva Cendón; ó presidente da Caixa de Aforros de Galicia, Claudio San Martín; ó director de Televisión Española en Galicia, Alexandre Criebeiro; ó xerente de CEPUMASA, Manuel Caparrós de Aro; ó concellal de Portomarín,

Cándido López; ó cosecheiro de augardente, Manuel Rodríguez Cifuentes; ó ex-veterinario en Portomarín, Francisco Xavier González e ó director de «Toxos e Xestas», Xosé Luis Foxo.

Presidiu o Gran Canciller da Orde da Alquitara, Eloi Rodríguez López, que pronunciou un afervorado discurso de agradecemento á Xunta de Galicia e a cantos colaboran no engrandecemento do Concello de Portomarín que el preside e, tras unhas breves palabras do señor Villanueva Cendón que foi moi aplaudido cando afirmou: «se o Ministerio pecha o Parador de Turismo de Portomarín, a Xunta de Galicia abirao antes de dous meses», Vázquez Portomeñe pronunciou unha fermosa peza oratoria referida á augardente da comarca.

Rematados os actos, o conselleiro de Educación e Cultura afirmou: «Esta xuntanza da Orde da Alquitara e da cata e premios da augardente de Portomarín, que é unha das famosas de Galicia, é verdadeiramente unha manifestación de gran interés porque ofrece un marco para actuacións culturais con coros, grupos de gaita e danza como, nesta ocasión a Escola "Toxos e Xestas", vidos da Catalunya lonxana tan vencellada espiritoalmente a Galicia. A existencia de grupos coma este — engadiu o conselleiro do Goberno galego— venen a demostrar que a arte popular non morre e que chega moito máis aló das fronteiras da nosa Terra.»

E ó se referir á promoción dos produtos galegos, afirmou: «Eu quixera que festas coma esta se repitan moi a miúdo porque son a exaltación dos produtos de Galicia, típicos e de enorme calidade, a través dos cales pódense coñecer no resto de España e por tanto no mundo.»

Faro de Vigo, 3-V-1984

«II Festival de Música Galega en Barcelona»

O «II Festival de Música Galega en Barcelona», organizado pola Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas», que dirixe Xosé Luis Foxo, foi o espectáculo musical galego máis importante de cantos se levan realizado na Cidade Condal, en calidade e variedade, tanto polos temas tradicionais e populares como polos de recreación de música celta. Tódalas intervencións dos participantes foron acollidas polo público, que enchía o local do Palacio de Congresos e Exposicións nas dúas sesións de tarde e noite, con afervoradas mostras de simpatía para os diversos grupos e de agradecemento e admiración polo labor da Escola e do seu director, que durante sete meses traballaron rexamente para a montaxe de tan variada e artística manifestación musical.

Ó remate das diferentes actuacións, Xosé Luis Foxo fixo entrega de medallas conmemorativas ó director xeral de Ensenyament da Generalitat, Albert Manent; ó presidente da Diputación de Ourense, Victorino Núñez; ó responsable de Cultura da Diputación de Barcelona, Ferrán Bello, e a don Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona, e agradeu a colaboración prestada por cantas entidades cooperaron á realización do Festival. A continuación gardouse un minuto de silencio en homenaxe a Francisco Rodríguez Coteló —«Paco Tamara»— recentemente falecido nesta cidade, e o Festival findou co canto do Himno Galego interpretado por 120 gaiteiros de «Toxos e Xestas». A presentación correu a cárrego de Manuel Valdés, director do

programa «Lonxe da Terra», de TELETAXI, que retransmitiu integramente o Festival para Catalunya e Balears.

«Brath»

O grupo «Brath» (nome atribuído ó pai de Breogán) foi unha revelación que necesariamente debe trascender máis alá das fronteiras de Galicia porque ten un estilo de música folk-celta que entronca co facer do xeito tradicional dos vellos países atlánticos. Está composto por Eloi Caldeiro, Xan Carballal, Manuel Botana, Suso Álvarez, Faustino C. Muínelo e Pedro Prosper.

«Tanto no primeiro LP como no que vai saír —dinos Caldeiro— intentamos unha música nova axeitada á realidade galega actual sen rexeitar ningún dos outros vieiros da arte musical de Galicia. No próximo LP "Viaxe alén da Fisterra" —engade o batería de Sarria— pretendemos explicar unha viaxe dende as cumes do Caurel e os Ancares ata unha illa sagra suposta na que se xunguirán tódalas culturas atlánticas xa que trataremos temas de música tradicional, pezas instrumentais irlandesas, escocesas e composicións propias.»

Agrupación folklórica «Aturuxo»

«Aturuxo» presentou a danza «Maneo de Mens», recollida en Malpica e estrenada neste Festival. É unha das danzas máis anergas que se coñecen en Galicia, quizais con reminiscencias suevas. Xa a bailaban os bisavós das mulleres (entre 60 e 81 anos) que, co acompañamento da pandereta e os seus cantos, fixeron saltar as bágoas do público. Outra das obras que interpretaron, foi «Fandango Muradán», picaresca danza de palacio, elegante pola súa galanura, que se asemella á «jota» pero cunha expresión diferente de movementos.

Manuel Cajaraville, director artístico e coreógrafo do grupo composto por 34 artistas, como proxecto inmediato, está a programar a actuación nas Xornadas Folklóricas Galegas de Santiago e, próximamente, actuarán en Turquía e Bos Aires.

«Saraibas»

Este grupo da canción folk galega, composto por Miguel Sanjurjo, Oscar, Paco, Martín, Avelino e as rapazas Enma, Mariela e Mariely, todos eles de San Sadurniño-Ferrol, acadaron prolongados aplausos, sobre todo, con «Ai Galeguiños», «Tiruliru» —do folklore portugués— e con «Nación». Sanjurjo manifestounos:

«O que nos propoñemos é, pura e simplemente, espallar o que é noso. Ás veces usamos formas tradicionais; outras, de propia creación.»

«Saraibas», que se fundou o ano 1978, ten grabados dous LP e o seu propósito é continuar organizando o certame rexional de canción infantil «Cantareliña» (este ano convocaron o segundo)

que, tras eliminatorias previas, finalizará o 30 de xuño coa entrega de oito premios que van de 25.000 pesetas ata 200.000 o maior. Tódolos componentes do grupo viven da súa profesión e os beneficios invírtenos en promocionar «Cantaraliña».

«Mini» e «Mero»

«Mini» e «Mero», con «Boro» e Manolo Rico, presentáronse en Barcelona como grupo novo e interpretaron «Galicia mailo Miño», «Xan Guindán», «María Balteira» e o tema popular «Nana de adúlteros», coreado por un afervoadado palmexar de mans.

«Estamos intentando seguir —dinos "Mini"— na liña que tiñarnos en "Fuxan" coa música tradicional. Queremos cantarlle ó país dende abaixo, levar a música en vivo ós lugares a onde non chega.»

E "Mero" engade:

«Non queremos facer música de escaparate. Queremos recoller e levar ás novas xeneracións o feito cultural autóctono, do que están desconectados, para mellor identificármonos como galegos. Próximamente integraranse no grupo un rapaz e dúas rapazas que xa están ensaiando.»

Os pioneiros e famosos promotores da música popular siguen contando coa colaboración e orientacións de Xesús Mato e, en canto ó nome artístico do grupo, da súa presentación oficial e do LP en preparación, non queren adiantar cousa. No seu momento, estamos seguros, darán moito que falar.

Suso Vaamonde

Suso Vaamonde, acompañado por oito músicos, cantou «Mariñeiros da Marola», de Curros; «Cantiga do amante preso», de Méndez Ferrín; o putpurri «Caracol, Cuco e o meu Burriño», de Manuel María; «O mozo Daniel», poema inédito de Celso Emilio que atopou en Caracas, e «Castelao», de Darío Xohan Cabana.

O cantante, gran amigo de todos nós, a carón de Sinda, a súa encantadora dona, atopábase feliz por estar de novo entre os seus admiradores que lle brindaron unha acollida moi emotiva.

«Teño —díxonos— un disco grabado en Caracas nun LP con 44 cancións feitas nestes tres anos en Venezuela e que penso sacar na miña antiga casa de discos LIMOEIRO. Estoume poñendo ó día —engadiu— porque ando un nisco desnortado e tremendamente emocionado por tantas mostras de garimo.»

Tódalas entidades galegas de Barcelona xa están a pensar na organización dun multitudinario recital do famoso cantante e eu propoñería como data óptima o día de Santiago, que este ano trátase de celebrar conxuntamente polo Centro Galego e tódolos grupos e irmandades.

«Muxicas» de Vigo

O quinteto tradicional «Muxicas», que xa coñeciamos pola súa participación no I Festival-Certame celebrado no verán de 1981, está formado polo gaiteiro e compositor Nazario González Iglesias, por Xosé Manuel Fernández Costas, Xosé Rey Rivero, Xoan Somoza Mera e Manuel Vázquez Rodríguez.

O público, especialmente sensibilizado para a gaita, aplaudiu e seguiu coas palmas as súas interpretacións, con preferencia, «A muiñeira de Chantada».

Pablo Quintana

O cantante investigador da música tradicional de Galicia, Pablo Quintana, acompañado por tres músicos con instrumentos populares, foi unha das grandes revelacións do II Festival de Música Galega en Barcelona.

Nado en Os Óseos (Asturias), bisbarra galega pola súa cultura, deixou os estudos de aparelador pola música. Ten publicado un LP «O cego andante», xa esgotado, e outro en preparación.

«Dende hai 12 anos —manifestounos— pretendo facer o que non fan os organismos oficiais que é recopilar e espallar melodías recollidas no pobo. Non creo nos musicólogos de conservatorio —engade o xa amigo Quintana— como estudiosos do folklore, porque sempre terán prexuícios clásicos. Eu Penso que a raíz da música popular débese procurar na xente maior das aldeas que manteñen as vivencias dos nosos antergos.»

El Progreso, 25-V-1984

Treboada, Xullo-Agosto 1984

Actuación de Xosé Manuel Carballo

Tamén se presentaron dous libros de X.A.M. e Anxo L. Baranga

No local social da Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas» celebrouse un festival de fin de curso no que participaron o ilusionista Xosé Manuel Carballo, o grupo de teatro «Toxos e Xestas» e «Los Hozgar», trío de variedades excéntricas. Así mesmo foron presentados os libros «Un pequeno favor e outras historias de humor perverso» (Sotelo Blanco Ediciones) e «Martín Coutinho», de X.A.M. e Anxo L. Baranga, polo escritor e editor Olegario Sotelo Blanco quen se referiu á ben lograda peza teatral e ós orixinais contos dos referidos autores e remarcou a necesidade de facilitar as publicacións dos escritores novos para o cal creou a colección «Medusa» de literatura xuvenil.

A continuación actuou o grupo de danzas e gaitas da Escola e o festival rematou coa entrega de medallas ós ganadores dos concursos de poesía, dibuxo e contos galegos e con diplomas para Víctor Parada, Xosé María Móndeolo, Elvira Lara, Ana María Prados e Mari Carme González, alumnos dos distintos niveis de aprendizaxe da Escola.

Xesús Vázquez, en representación de «Toxos e Xestas» entregoulle tamén unha placa ó crego de Castro de Rei, Xosé Manuel Carballo que, coa súa arte como elemento de concienciación galega sen esquecer a mensaxe cristiana, tivo unha actuación moi brillante.

A presentación dos actos correu a cargo de Mago Heberi.

Xuño 1984

Fallo do III Certame «Toxos e Xestas» de composicións musicais para gaita galega

Tras unha selección das mellores composicións, entre 37 presentadas, o xurado constituido o día 15 de outubro acordou conceder os seguintes premios: O primeiro para Xosé Romero Miguens, componente do «Grupo Rosales» de Rianxo, pola obra «IRIADONA» (Aire de Muiñeirapolka), dotado con 20.000 pesetas e medalla de ouro.

Nazario González Iglesias, «Moxenas», conseguiu o segundo, dotado con 15.000 pesetas e medalla de prata, pola obra «JOTA MUXICAS»; Benjamín Fernández Pazos, o terceiro, dotado con 10.000 pesetas e medalla de bronce, coa muiñeira «MONDARICEIRA», e Antonio Fernández Rodríguez foi premiado cun accésit e 5.000 pesetas pola pandeirada «O ATURUXO».

Xavier Villasenín imparte un cursiño de danza

Xavier Villasenín Codesido, director artístico da Agrupación «Brisas da Terra», de Santiago, gañador das XVI Xornadas Folklóricas Galegas celebradas o mes de xullo en Compostela, acaba de impartir un cursiño de danza na Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas», de Barcelona. En Font-trobada falamos co artista que nos manifesta:

—Quedei admirado do labor que se está levando a cabo aquí. Hai grande ilusión nos responsables do grupo, e os seus componentes, cun pouquiño de sacrificio, penso que poderán competir coa maioría dos grupos que existen na nosa Terra.

—¿Que te propuxeche alcanzar coas túas leccións?

—Tentei correxir algúns pequenos defectos de estética. Defectos témolos todos xa que nos desenvolvemos nunhas circunstancias limitadas; pero hai que procurar superarse para conseguir maior soltura e seguridade nos escenarios.

—¿En que zonas de Galicia se interpreta mellor a danza galega?

—Sen lugar a dudas, na Coruña e Santiago acadaron xa un nivel moi elevado artisticamente. O problema de moitos grupos é querer imitar o ballet porque non comprenden que a dignidade do folklore atópase na raíz popular e na sinxeleza do artista.

Dende 1973, Xavier Villasenín conseguiu tres medallas de ouro, dúas de prata e catro de bronce para a Agrupación que el dirixe e, persoalmente, seis premios á mellor parella. Este ano concedéronlle o premio ó mellor bailador. Importantes galardóns e unha longa experiencia que, sen duda algunha, será moi proveitosa para «Toxos e Xestas». Como logo nos diría Xosé Luis Foxo, director da Escola, coas leccións de Villasenín, o grupo de danzas síntese satisfeito porque incorporou ó seu repertorio importantes obras como «Xota de Paradela», «Xota de Santiago» e «Danza de Bergantiños», esta, semellante á muiñeira tradicional pero cunhas peculiaridades especiais que a poden definir como muiñeira lenta, se se contrasta o xeito de bailar entre o home e a muller, el con potentes saltos reverenciais e a muller, modosiña, pícara e, en certa maneira, cun nisco de desdén.

El Progreso, 25-X-1984

Faro de Vigo, 26-X-1984

El Ideal, 26-X-1984

Antoloxía da Gaita II

Organizado pola Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas», no seu local social de Font-trobada celebrouse un Festival-Presentación do disco longplay «Antoloxía da Gaita II», segundo que publica a Escola.

Presentou o acto a profesora de danza M.^a Xosé González (Cote) e, tras a actuación do cantante galego Mariano, moi aplaudido polo público que enchía o local, o grupo de teatro de «Toxos e Xestas» puxo en escena a obra teatral «A fiestra valdeira», de Rafael Dieste, e as rapazas «As xeitosiñas» —tamén da Escola— dirixidas por Luis Darriba que pretende facer unha gran agrupación coral, interpretaron varios temas do disco con acompañamento de zanfona a cargo de Xosé Luis Foxo.

O L.P. «Antoloxía da Gaita II», froito dun traballo de oito anos, contén pezas de concerto, con acordes sinfónicos de gaitas non comúns na música galega. Tamén se emprega moito o contrapunto musical —melodías distintas que se van interpretando paralelamente— que conleva unha gran riqueza armónica. Presenta varias obras en «si» bemol e outras en «do» brillante, así como cantigas tradicionais acompañadas con zanfona; sen embargo a maioría son pezas ganadoras dos certámenes de composición que «Toxos e Xestas» convoca anualmente.

«Por suposto —dinos o director da Escola, Xosé Luis Foxo— con este labor non quixemos facer o típico disco de gaitas, senón algo novo e orixinal. Estas grabacións foron realizadas en varios tonos de gaita co fin de eliminar a aparente monotonía, que non é tal xa que a gaita é un dos instrumentos musicais máis ricos. Ademais incluímos a zanfona, moi tradicional no noso país.»

O Festival foi grabado para o programa, que dirixe Xesús Capón, «Airiños Galegos», de Radio Besos, e retransmitido en directo por Manuel Valdés, director de «Lonxe da Terra», de TELETAXI, e rematou cun Concerto de música a cárgo dos gaiteiros da Escola.

El Ideal Gallego, 13-IV-1985

«III Festival de Música Galega»

«I MostraExposición do Traxe Tradicional Galego»

Organizado pola Escola de Gaitas e Danzas Galegas «Toxos e Xestas» e co apoio do Departamento de Cultura da Generalitat de Catalunya, da Diputación de Ourense e da Consellería de Emigración da Xunta de Galicia, no Palacio de Congresos de Montjuich celebrouse o «III Festival de Música Galega en Barcelona», que foi retransmitido en directo por «TeleTaxi» no programa «Lonxe da Terra» que dirixe Manuel Valdés. Participaron os grupos seguintes:

«Colegiata de Sar»

Grupo formado por 38 persoas, un dos mellores de Galicia, interpretou, entre outras, «Danza das Patelas», unha jota chea de viveza e gran fortaleza e «Muiñeira de Chantada». O baile das mulleres, moi fino, parsimonioso, movendo acompasadamente os pés e a cintura, sen erguer a vista do chan, peculiaridades moi propias da dozura da muller galega, e os homes saltando de xeito viril, entusiasmaron ó público admirado, tamén, pola gran variedade de colorido nos traxes de finais do século XVII.

Coincidindo coa actuación de «Colegiata de Sar», o director Xosé Luis Míguez Abucide, premio á mellor parella de baile en varias ocasións e encargado da sección do traxe galego antergo e moderno do Museo do Pobo Galego, presentou no Edificio «La Pedrera» a «I Mostra-Exposición do Traxe Tradicional Galego en Barcelona» moi concurrida e admirada pola calidade dos traxes das diferentes comarcas galegas, a maioría, primeiros premios nas dúas modalidades.

«Coral de Ruada»

Fundada en 1919, a «Coral de Ruada», de Ourense, está composta por 20 voces femeniñas e 30 masculinas. Interpretaron aires de montaña, a cantiga mariñeira «Cando saín de Ourense», tres foliadas do mar, «Negra Sombra» e «Afife», un canto de irmandade galaico-portugués composto polo seu director, o mestre Manuel de Dios. Os coristas, ataviados con traxes de boda da comarca de Nogueira de Ramuín e con acompañamento musical de gaitas e percusión, acadaron un resoante éxito. O doutor Vázquez, médico en Ourense, é o gaiteiro maior e, para a continuidade futura da sociedade, a Coral Ruada ten un grupo de puericantores.

Agrupación «Castro Floxo»

No seu repertorio, a Agrupación «Castro Floxo», da Diputación de Ourense, que dirixe Xulio Fernández, ofreceu danzas de diferentes provincias galegas, como a jota «Ó redor da Lareira», recollida por Xaquín Lorenzo; «Pandeirada de Linares»; «A Carballesa», da comarca do Incio e con acompañamento de acordeón; e unha danza procesional típica de Arbo na que os danzantes fan variadas coreografías con arcos de bimbio.

«Farruco» entrevista a Anxel Lage

O gran humorista santiagués «Farruco», cos seus contos satíricos e con moito de pimenta fixo seu ó público que agradeceu, ademais, os poemas patrióticos que recitou de Ramón Cabanillas. Fixo tamén unha entrevista simpática e inxeniosa ó lugués de Castro de Rei, Anxel Lage, campeón europeo de resistencia de superfondo que intentará recorrer en nove etapas os 1.275 kilómetros que separan a Cidade Condal de Coruña. Segundo informou Xosé María Domínguez, do programa «Con Acento», o atleta galego sairá da praza de Sant Jaume, de Barcelona, o día 16 para chegar á Cidade Herculina o día 25. A aventura atlética de Anxel Lage está patrocinada polos industriais galegos residentes en Barcelona Xesús Vázquez, de Automóviles VS, e Antonio Sánchez Quintana, da Empresa Montaña.

«Os Rilos de Basauri»

O cuarteto de gaitas «Os Rilos de Basauri», ós que xa coñeciamos por teren actuado no «I Festival de Música Galega en Barcelona», interpretaron varias pezas tradicionais e foron moi aplaudidos por un auditorio moi entendido e esixente, sobre todo pola impecable interpretación de «Alborada», do mestre Pascual Veiga. Os Rilos son descendentes do famoso gaiteiro «Rilo de Betanzos», premiado polo Concello de Santiago o século XIX.

O Festival, que agradou moito pola artística actuación de tan significados representantes do bo facer no eido musical tradicional de Galicia, rematou coa actuación da banda da Escola «Toxos e Xestas», composta por 135 membros e coa entrega de placas conmemorativas a tódolos participantes, á Generalitat e á Diputación de Ourense.

Maio 1985

GALERÍA DE ARTE «LA PEDRERA» EDICIONES «SOTELO BLANCO»

Mostra do Libro Galego e edición de «Logos»

Na Sala de Arte «La Pedrera», galegos e cataláns poderemos admirar, durante tres semanas deste mes de maio adicado ás Letras Galegas, unha Mostra do Libro Galego en Catalunya, organizada por «Ediciones Sotelo Blanco» e patrocinada pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en colaboración coa Generalitat de Catalunya, na que participan tódalas editoriais galegas «co fin de ofrecer ó público unha visión panorámica da produción galega actual».

Ó longo do mes celebraranse conferencias a cargo do profesor Basilio Losada Castro, que falará encol do tema «Traxectoria do Libro Galego»; do pintor Prego de Oliver, sobre «El Arte como Fidelidad a su Tierra y a su Tiempo»; un recital de poesía galega e unha táboa redonda á que están invitados os poetas Manuel Casado Nieto, Xosé Lois García, Xavier Costa Clavell, Xosé M.^a Costa Gómez, XoanManuel Casado e este cronista.

A presentación da edición facsímil da revista «LOGOS» foi presidida polo conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde, que pronunciou unhas breves palabras sobre a importancia da Mostra; por Araceli Filgueira, directora xeral de Bibliotecas da Xunta de Galicia; polo director xeral do Libro, da Generalitat de Catalunya, señor Puigjener a quen acompañaba o xefe de Servicios Territoriais, Xavier Tortras, e por Manuel Casado Nieto que fixo un gran eloxio da edición dos dous tomos de «LOGOS», «obra —dixo— de enorme importancia, que se engade ás anteriores publicadas por "Ediciones Sotelo Blanco", "LA CENTURIA" e "RONSEL", da "Serie Resgate".

«"LOGOS" —explicou o conselleiro no seu brillante discurso a continuación do señor Casado— foi a primeira revista católica escrita enteiramente en galego. Nela colaboraron a carón de grandes persoeiros seglares galegos do rexurdimento renovador e creativo en tódolos eidos da sabencia, importantes pensadores relixiosos dende 1931 a 1936.»

O profesor recordou nomes esgrevios de colaboradores de «LOGOS» como Losada Diéguez, Antón Iglesias Vilarelle, Cabanillas, Castelao, todos eles de conviccións católicas, e de cregos que profundaron nos eidos da filosofía, da teoloxía, da astronomía ou na creación literaria: Amor Ruibal, Pedret Casado, Ramón Aller, Crecente Vega e Quiroga Palacios que máis tarde sería cardeal de Compostela.

O conselleiro findou o seu parlamento agradecendo a Olegario Sotelo o seu interese por rescatar grandes obras galegas dos devanceiros, e os numerosos asistentes tributaron un longo aplauso ó ilustre profesor e ó editor da obra recuperada para a cultura galega.

Faro de Vigo, 21-V-1983

«88 Gallegos — una tierra a través de sus gentes»

Acaba de saír do prelo o segundo volume de «88 Gallegos — una tierra a través de sus gentes», de Olegario Sotelo Blanco. O primeiro publicouse no mes de maio ó mesmo tempo que dous tomos de «LOGOS», revista de cultura relixiosa (Pontevedra, 1931-1936) presentados polo

profesor Filgueira Valverde na Galería de Arte la Pedrera, de Barcelona. Esta nova entrega de Sotelo Blanco Ediciones engádese a outras obras publicadas pola mesma editorial como «La Centvria», «Ronsel», o libro de poemas de Casado Nieto «Vendima», «Castro Caldelas y su comarca», de Olegario Sotelo Blanco, e «Galicia, pueblo emigrante. ¿Por qué?», do mesmo autor en colaboración con Antonio Armesto Pontón.

—¿Para cando, preguntámoslle ó editor e escritor ourensán afincado en Barcelona, a presentación oficial de «88 Gallegos»?

—Vaise facer en Madrid na Sala Sargadelos, coincidindo coa feira LIBER-1983 e, o día 8 de outubro, no paraninfo da Diputación de Lugo, dentro do programa de actos culturais das festas de San Froilán. Tamén está previsto que don Xosé Filgueira Valverde faga a presentación de «88 Gallegos» e de toda a colección da serie Resgate, en Santiago.

—¿Que te propuxeches coa publicación destas semblanzas de galegos?

—Fundamentalmente, unha aproximación á Galicia de hoxe. Dar unha visión, non miña pois sería demasiado obxetiva. Recurrín a galegos de diferentes profesións e estamentos sociais a través dos cales coido que se consegue unha idea da Galicia real.

—¿Que temas, dos moitos e variados que tratas cos teus entrevistados, coidas de maior interés para Galicia?

—Penso que todos son importantes, pero sobre todo os relacionados co campo, os mariñeiros, a emigración e coas solucións que as distintas persoas aportan para resolver problemas culturais, socioeconómicos e, incluso, políticos.

—¿Que proxectos tes como escritor?

—Como todo escritor teño varias ideas «in mente». Na actualidade estou preparando un libro sobre a problemática da emigración e xa teño bastante avanzada unha novela que trata da xuventude actual.

—¿E como editor?

—Penso seguir ampliando as nosas coleccións sobre temática galega. Nestes intres está no prelo MEDUSA, escolma de contos de Anxel Fole, Gonzalo R. Mourullo, Xosé M. Martínez Oca, Xoan Ignacio Taibo, Claudio Rodríguez Fer, Xaquín do Valle-Inclán e X. Enrique Monteagudo. Tamén estamos a preparar unha colección de contos para nenos e outra serie de comarcas de Galicia.

El Ideal Gallego, 7-X-1983

«A Alfarería en Galicia», de Luciano García Alén

Na Sala de Arte «La Pedrera» o profesor Xosé F. Filgueira Valverde inaugurou a II MOSTRA DO LIBRO GALEGO EN CATALUNYA, organizada pola Asociación Galega de Editores e patrocinada

pola consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e polo Servei del Llibre do Departament de Cultura da Generalitat.

A continuación, o ex-conselleiro de Cultura da Xunta fixo a presentación do libro editado pola Fundación «Barrié de la Maza, Conde de Fenosa» A ALFARERÍA EN GALICIA, do profesor Luciano García Alén, con grandes eloxios para o autor que «recorreu tódolos recunchos de Galicia —dixo— para estudar a arte dos nosos alfareiros plasmándoa nun libro tan importante, neste eido da nosa cultura, coma AS CRUCES DE PEDRA EN GALICIA, de Castelao».

Acto seguido, Luciano García Alén pronunciou unha documentada conferencia sobre A ALFARERÍA EN GALICIA ante un numeroso público que seguiu con gran interés a súa maxistral exposición encol do tema.

Albert Manent, director xeral de Ensenyament da Generalitat, presidiu o acto e, ó remate, pronunciou unhas palabras en galego, castelán e catalán para felicitar ós organizadores da Mostra do Libro Galego e manifestar o seu anxeio de que se edite unha antoloxía bilingüe de poetas das dúas nacionalidades históricas.

Entre os asistentes atopábase Roca Junyent, o director do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro, os catedráticos Serafín García e Seoane Camba, representantes das colectividades galegas en Barcelona, os poetas Costa Clavell, Xoan Manuel Casado e Margarita Ledo.

O deputado señor Roca manifestounos:

«Este fermoso libro "A ALFARERÍA EN GALICIA", como explicou moi ben García Alén, é o resultado dun esforzo colectivo que pon de manifesto a vitalidade da cultura galega. Quedei gratamente impresionado de que cidadáns de Catalunya, neste caso, que teñen a súa raíz en Galicia e que se sinten galegos, poidan xuntarse precisamente para afirmar a propia identidade cultural. Iso coido que é moi positivo —engadiu o político catalán— e atópome moi satisfeito de que se teña producido gracias á axuda e á colaboración da Generalitat de Catalunya.»

El Progreso, 29-VII-1984

Álvarez Pousa e Joan Granados clausuran a «II Mostra do Libro Galego en Catalunya»

O director xeral de Cultura da Xunta de Galicia, Luis Álvarez Pousa, e o director xeral de Patrimonio Escrito e Documental da Generalitat, Joan Granados, presidiron a clausura da «II MOSTRA DO LIBRO GALEGO EN CATALUNYA».

Joan Granados que manifestou o seu contento polo feito da normalización cultural galega, dixo: «A lingua non é un sistema de signos para nos entender, non. É como un molde ó servicio dun pobo, por iso o rexurdir dunha cultura pasa pola recuperación da lingua propia».

Tamén fixo uso da palabra Joaquín Romaguera, presidente da Federación de Cineclubs de Catalunya, que afirmou: «A planificación da política cultural galega relacionada coa imaxe é mellor cá catalana porque contempla un proceso aberto, integrador e rupturista ó mesmo tempo, con calendario e propostas de produción e difusión realistas».

Luis Álvarez Pousa expuxo os proxectos do seu Departamento e abogou por unha tarefa en común entre as tres nacionalidades históricas, falou da posibilidade dunha coproducción teatral co Centro Dramático da Generalitat e das obras teatrais que presenciou durante a súa estancia en Barcelona. «Comprobei —dixo— a súa rentabilidade cultural e comercial. O día que o teatro galego teña os seus propios locais e o seu público que pase por taquilla, ese día os indicios de recuperación cultural serán feitos que asentarán un edificio difícil de botar abaixo.»

El Ideal Gallego, 5-VI-1984

Ediciones Sotelo Blanco publica tres novos libros galegos

«Sotelo Blanco Ediciones» acaba de publicar tres novos libros: «MEDUSA», que salvouse do naufraxio coa desaparecida «Reprografía 1846», no que podemos ler relatos de Anxel Fole, Gonzalo R. Mourullo, Xosé M. Martínez Oca, Ignacio Taibo, Claudio Rodríguez Fer, Xaquín do Valle-Inclán e X. Enrique Monteagudo; «UN PEQUEÑO FAVOR E OTRAS HISTORIAS DE HUMOR PERVERSO», de Anxo L. Baranga, J.A.M., libro de humor de gran calidade e cun dominio extraordinario da lingua, e un volume prologado polo doutor Rof Carballo que recolle a obra en galego de Euxenio Montes: «Tres contos de cegos», «Estética da muiñeira» e «Versos a tres cas o neto».

—¿Que outros proxectos inmediatos tes?, preguntámoslle a Olegario Sotelo Blanco.

—En agosto xa estará na rúa o libro do profesor lugués Ramón Reimunde «POESÍA COMPLETA DE LEIRAS PULPEIRO», un profundo estudio da obra do poeta mindoniense, con prólogo de Ricardo Carballo Calero. Pretendemos que sexa de interés para o ensino nas escolas e agardamos que xurdan outros autores con ensaios críticos de escritores galegos para dar a coñecer os valores da nosa Literatura. A comezos de outono publicaremos «PINOCHO» que iniciará unha nova colección de libro infantil en galego, e Xosé Lois García xa está a rematar unha escolma da nova poesía galega que tamén aparecerá antes de finalizar este ano.

—¿Máis proxectos?

—Para a colección «Resgate», este verán pretendo contactar con Anxel Fole para reeditar en facsímil a revista «Yunque».

Olegario Sotelo Blanco é vocal da Xunta Directiva da Asociación Galega de Escritores que, segundo di, non funciona como debera.

—A Asociación de editores en catalán e vasco é un exemplo a seguir. Os nosos non mandan información, nin comunicados, nin solicitan colaboración da Administración, asociáronse para representar cargos pero non para traballar. Se non se toman outras medidas, o mellor será dimitir.

El Progreso, 5-VIII-1984

El Ideal Gallego, 7-VIII-1984

GRUPO «NÓS» DE SABADELL

Conferencia de Pilar García Negro

No auditorium de Radio Sabadell, e coa presenza do alcalde, Toni Farrés, do concellal de Cultura, Oriol Civil, e de Aureli Argemí, que representaba ó CIEMEN, Pilar García Negro falou sobre Rosalía de Castro «un dos máis altos exemplos —dixo— que deu a nosa literatura e a nosa historia». A profesora do Instituto «Eusebio da Garda», da Coruña, congratulouse por se encontrar cos galegos da Cidade do Vallés e sulíñou que «a cultura, para que sexa viva e liberadora para os pobos que a teñen, hai que rehabilitalizala e practicala porque non pode ser unha reliquia de museo, nin simplemente unha añoranza, senón que debe ser unha práctica diaria».

A conferenciante afirmou que a Cantora do Sar, cunha conciencia moi clara do seu deber patriótico, acertou a interpretar as coitas e os problemas dos homes galegos do seu tempo, motivo polo cal adquiriu un valor simbólico extraordinario. «CANTARES GALLEGOS —engadiu— é un libro fundamental porque, cun compromiso moi fondo, moi forte, o que fai é lavar a cara dos seus compatriotas, a imaxe totalmente deformada que España tiña de nós».

Noutro intre da súa exposición, M.^a do Pilar García referiuse a FOLLAS NOVAS como «o mellor libro das literaturas peninsulares, dende logo, e excepcional mesmo na literatura europea, que conxuga moi ben toda unha parte lírica, intimista, moi angustiada e moi obsesiva, cunha auténtica epopeia do seu pobo e unha auténtica poesía épica do seu país».

Ó remate da conferencia da profesora luguesa, Aureli Argemí pronunciou unhas palabras de felicitación á colonia galega de Sabadell polos seus afáns culturais e pola súa colaboración no último número adicado a Galicia da revista catalana do CIEMEN.

A velada findou coa presentación dos libros «Galegos en Catalunya, 1978-1982» e «Reencontro coa aldea» a cargo da entusiasta promotora da cultura galega Iolanda Díaz Gallego.

El Ideal Gallego, 11-V-1983

Obras no local social e nova directiva

O Grupo «Nós» de Sabadell, unha das colectividades galegas de Barcelona que máis traballou pola nosa cultura nos anos de transición —conferencias, teatro, festivais, a creación do certame literario «Nós»— acaba de saír dun esmorecemento transitorio, debido a que moitos dos seus fundadores —mestres de E.X.B.— conseguiron o traslado a Galicia deixando un vougo no Grupo que, arestora, está a rexurdir con vitalidade e ilusión.

Os galegos da cidade vallesana rematan de facer importantes obras no local social — Carretera de Barcelona, 31— e, para celebrar a inauguración da nova sala de actos, organizaron un (estival no que actuaron o cantautor Alfredo González, moi aplaudido polo auditorio que enchía o local, e o grupo de gaitas e danzas formado por corenta alumnos. Presidiu a xuntanza Ramón Pujol, da delegación de «Benestar Social», de Can Oriach, de Sabadell, e o acto findou con baile e a proba de pratos típicos da Terra servidos no bar social.

A nova Xunta do Grupo «Nós» está formado por: Xulio Vázquez Toural, presidente; Serafín Villanueva Bembibre, secretario; Ramón Oblanca Fernández, tesoreiro; Rosario Maseda Pérez, bibliotecaria, e polos vocais de Danza, Carmen Rodríguez López e María Rosa Gómez Alvar, e o de Festexos, Eusebio Méndez Toural.

Faro de Vigo, 17-IV-1984

Actividades culturais

Entre as actividades desenvolvidas últimamente polo Grupo «Nós» hai que suliñar a «Xornada de Teatro e Folklore Galego» celebrada no Teatro Municipal «La Farándula» donde o grupo de «Saudade» presentou «O Menciñeiro á Forza», de Molière; a festa do Magosto; a participación nas actividades culturais organizadas polo Axuntamento da capital vallesana e a presenza da entidade nas festas patronais cunha carroza e algunhas máscaras típicas do Xinzo, como «A Pantalla».

O Grupo «Nós» está a organizar un taller de máscaras, como as de Laza, e o «Día das Letras Galegas» representaron «Maíos» e o sainete «Estebiño». Debido a un reaxuste na Xunta, Eusebio Méndez é o novo presidente; Milagros Maseda, vice-tesoreira, e Gloria Vega, vocal de danza e gaita. María Rosa Gómez Alvar substituíu a Serafín Villanueva na secretaría.

El Progreso, 19-V-1985

IRMANDADE «A NOSA GALIZA», DE MOLLET

Jordi Pujol preside a IV Festa Popular das Nacionalidades e Rexións

Organizada pola Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet del Vallés, celebrouse a IV Festa Popular das Nacionalidades e Rexións. O acto inaugural celebrado na Sala Fivaller, foi presidido polo Honorable President Jordi Pujol, a quen acompañaban o director xeral de Emigración da Xunta de Galicia, Xosé Carlos Rodríguez González; o director xeral de Difusió Cultural da Generalitat, Albert Manent; a alcaldesa de Mollet, Carme Coll; e o presidente da Irmandade, Xosé Manuel Caamiña. Presentou os actos o locutor de Radio Reloj, Mario Gargallo, e, tras a intervención das pubillas, que recitaron poemas de exaltación ás diferentes nacionalidades e rexións, o poeta Manuel Casado Nieto presentou o libro «Galegos en Catalunya, 1978-1982», editado polo Centro Galego de Barcelona, facendo unha encendida gabanza de Galicia e dos galegos que, na emigración, saben integrarse nas comunidades que os reciben sen deixar de seguir traballando pola cultura do país de nacemento.

Tamén o doutor Jordi Casassas, profesor da Universidade de Barcelona, pronunciou unha conferencia sobre «Historia de las Nacionalidades y Regiones» e, a continuación, foi elixida Raíña das Festas a pubilla de Canarias, e Damas de Honor, as representantes de Navarra e Galicia.

Seguidamente celebrouse unha cea á que, ademais das autoridades devanditas, asistiron o presidente do Centro Galego de Barcelona, Manuel Pérez Guerra, representacións doutros grupos e irmandades da colectividade galega, das casas rexionais de Cádiz, Aragón, Murcia-Albacete, Castilla-León, Asturias, Andalucía, Navarra, Extremadura, Baleares, Valencia, Canarias e Catalunya así como os componentes dos grupos de gaitas e danzas da Irmandade, directivos, socios e numerosos amigos.

Ó remate da cea de confraternidade, o señor Caamiña entregou placas conmemorativas á Generalitat e á Xunta de Galicia e o señor Xosé Carlos Rodríguez correspondeu coa entrega dunha Bandeira galega para «A nosa Galiza», pechando o acto o Honorable Jordi Pujol, que sulinou a gran importancia de manter as diferentes culturas e fixo unha gran louvanza da nosa Terra, que visitará oficialmente o mes de febreiro, invitado polo presidente da Xunta de Galicia, don Xerardo Fernández Albor.

Faro de Vigo, 8-VI-1983

Nova Xunta Directiva

En cumprimento do disposto nos Estatutos da Irmandade «A nosa Galiza» de Mollet del Vallés (Barcelona), no local social, rúa Castela, 2, celebrouse unha Asamblea Xeral Ordinaria para, entre outros temas, proceder á renovación da Xunta Directiva, resultando elixidos os asociados seguintes:

Presidente de Honor, Xosé Manuel Caamiña Varela; presidente, Constante Calvo Martínez; vicepresidente 1.º, Miguel Anxel Castro Domínguez; vicepresidente 2.º, Pedro Rodríguez Rodríguez; secretario 1.º, Xesús Rodríguez Espeso; secretario 2.º, Emilio Gutiérrez Rodríguez; tesoureiro, Manuel Rodríguez González; delegados do Grupo, Mariano Vilas Martínez e Francisco Rodríguez López e, como vocais: Xesús Silva Villanueva, Arturo Ferro Martínez, Manuel Ferro Martínez, Zacarías Antón Fernández, Manuel Pérez Vidal e Miguel Margade Alonso.

A nova Directiva agradeceu o labor desenvolvido polo anterior presidente, señor Caamiña, que por razóns de traballo non pode seguir ó fronte da Irmandade, e acordaron nomealo Presidente de Honor. En canto ós actos máis inmediatos a celebrar pola colectividade galega de Mollet, tratouse da visita que o presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, realizará á sociedade o 24 de marzo co gallo da entrega que fará, a tódolos grupos galegos en Catalunya, da Lei de Galeguidade. E, como proxecto principal para o mes de maio, xa están a confeccionar o programa da V Festa popular das nacionalidades e comunidades autónomas, segundo nos comunica o presidente, Constante Calvo Martínez.

Faro de Vigo, 18-III-1984

«V Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas»

Organizada pola Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet del Vallés, celebráronse as xornadas da «V Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas» con actuacións folklóricas, actos culturais, concurso literario e verbenas populares, patrocinados pola Generalitat, o Concello de Mollet, as diputacións de Barcelona e da Coruña, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura.

O acto inaugural, presentado polo famoso locutor Mario Gargallo, foi presidido polo director xeral de Difusión Cultural da Generalitat, Albert Manent, que representaba ó Honorable Jordi Pujol; o secretario da Presidencia, Ramón Goicoechea; a alcaldesa de Mollet, Carme Coll; o representante da Diputación de Barcelona, señor Carpio; o presidente da Irmandade «A nosa Galiza», Constante Calvo; os concellais señores Torrecillas, Montón e Millán; os presidentes do Centro Galego de Barcelona, da Asociación «Rosalía de Castro» de Cornellà e do Grupo «Nós» de Sabadell, Manuel Pérez Guerra, Manuel Vázquez Fernández e Xulio Vázquez Toural, respectivamente; e polos representantes da Casa dos Navarros, do Esbart Gaudí, Casa de Cádiz, Casa de Murcia, Centro Aragonés de Sarria, Hogar Castellano-Leonés, Hogar Extremeño e Centro Asturiano.

Tras a actuación do Grupo de Danzas e Gaitas da Irmandade «A nosa Galiza», rapazas ataviadas con traxes rexionais presentaron as 17 bandeiras das diferentes nacionalidades e comunidades autónomas e María do Carme Valledor resultou elixida raíña das festas, Paqui Sánchez e Amparo García, damas de honor, e Eva Santiago, pubilla en representación de Catalunya.

Conferencia de Basilio Losada sobre «Estado actual de España»

Tamén foron entregados premios a nenos concursantes no Certame Literario sobre Nacionalidades e, a continuación, o profesor Basilio Losada Castro, director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa da Universidade de Barcelona pronunciou unha maxistral conferencia encol de «Estado actual de España».

«Estas bandeiras que teñen diante —dixo— son o símbolo duns pobos que queren recobrar a propia voz. Frente á uniformidade —engadiu o profesor Losada Castro— queremos unha España viva, capaz de integrar a tódolos pobos irmáns da península.»

Basilio Losada referiuse máis adiante á Europa das nacións «que debe forxarse —remarcou— coas mellores aportacións de tódolos pobos do continente». E rematou o seu discurso, moi aplaudido polos centenaes de oíntes que enchían a espaciosa Sala Fivaller, dicindo: «Tódolos cidadáns oriundos doutras rexións debemos sentirnos integrados e absolutamente solidarios con esta Terra que nos acolleu, sen esquecer as nosas raíces, manténdooas vivas e, ó mesmo tempo, temos que ofrecer a Catalunya a nosa gratitude con respecto e amor polas súas tradicións, a súa lingua e a súa historia».

O acto findou coa interpretación dos himnos galego e catalán interpretados pola coral «El Clavell» e, a seguido, nun restaurante da localidade, serviuse unha cea de irmandade á que asistiron o Honorable Jordi Pujol e a súa dona Marta Ferrusola.

Jordi Pujol: «Que ninguén poida romper esta convivencia»

Ó remate da cea, o presidente da Irmandade «A nosa Galiza» agradeceu a presenza do president da Generalitat e demais autoridades que «honran esta festa —dixo— institucionalizada con gran acerto polo Concello de Mollet e claramente apoiada polo pobo que revive o folklore e a arte a través das asociacións culturais, sociais e artísticas presentes nesta xuntanza».

O Honorable Jordi Pujol, que dialogou con tódolos comensais, pechou o acto felicitando á Irmandade «A nosa Galiza» de Mollet e ós participantes na «V Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas» e engadiu:

«O esforzo que se está a facer para vencellar á xente e conseguir que se coñeza e misture, débemolo seguir procurando de maneira que ninguén, de dentro ou de fóra, poida romper esta harmonía. Que ninguén poida interrompirla o anseio de mutua estima e comprensión. Eu convidovos —findou o president da Generalitat— a que sigades nesta tarefa con tenacidade e espírito de traballo matinando nas xeneracións novas que, en definitiva, poden acadar a maravillosa convivencia que se está creando no noso país.»

O discurso de Jordi Pujol foi acollido con garimosos aplausos que se convertiron en afervorada adhesión ó president da Generalitat cando Xosé Souto dixo: «Nestes intres difíciles para o matrimonio Pujol nos estamos con eles como eles están con nós».

Coloquio sobre maxia

Organizado pola Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet, e patrocinado polo Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya, o Concello da cidade do Vallés e o Servei de Cultura da Diputació de Barcelona, na Sala Fivaller celebrouse un festival no que actuaron os grupos de danza da Irmandade e os magos Roden e Carles. A continuación abriuse un coloquio no que participaron a xornalista e poeta Margarita Ledo Andión e Francisco Veiga Rodríguez, profesores de Ciencias de Información da Universidade catalana; o escritor Xavier Costa Clavell; Pedro Guirao Hernández, autor de «Ecos del más allá», estudio sobre a posibilidade espiritoal despois da morte; o presidente da institución galega, Constante Calvo, que tratou de casos de parapsicoloxía e de Ciencias Ocultas, e o mago Roden que se manifestou incrédulo no tocante a telepatía e afirmou: «a maioría de feitos extraordinarios que se contan son fraudes e trucos que nos facilitou o esperitismo».

A ironía en Galicia non ten sentido traxico-morbo

O profesor Francisco Veiga, estudioso do mundo mítico-máxico, dixo que certos ritos e ideas que se dan en Galicia —augas de fecundidade, o mal de ollo, a visita a curandeiros— danse tamén noutras latitudes, mesmo en Venezuela ou nos Balcanes. «Diferenciando o componente mítico do de consumo turístico —afirmou— en Galicia perviven prácticas máxico-relixiosas mesturadas, feitos que deben estudiarse como unha manifestación máis da cultura autóctona. A maxia en Galicia —engadiu o profesor Veiga— é sinxela ata o punto de que o labrego é capaz de se mofar do demo e a súa ironía non ten sentido trágico morbo».

Xavier Costa Clavell estableceu a diferenza entre «meiga» —bruxa galega— que é un ser mítico, radicalmente ruín, creado pola fantasía popular, e a «sabia» ou «feiticeira» que é unha muller de carne e oso á que o pobo lle atribúe poderes sobrenaturais que ela aproveita para explotar ós crédulos.

Margarita Ledo, tras explicar varios casos de Licantropía —transformación de seres humanos en lobos— que se dan na literatura popular galega, afirmou: «Todo este universo de expresións non racionais son produto dunhas situacións conflictivas ben a nivel colectivo —as amañadoras, as conselleiras, as bruxas cumpriron un papel de responder a determinadas demandas— ben sexa a nivel persoal, como a moza que se enfrenta ó pai, este maldícea e a maldición fai que se convirta en loba. O universo mítico que vai definindo as culturas —suliñou a polifacética escritora chairega— no caso de Galicia caracterízase por unha vinculación forte á natureza e por un sentido de gran acción».

Entre o numeroso público que seguiu con gran interés o desenvolvemento das diferentes opinións dos participantes na táboa redonda, atopábase a alcaldesa do Concello de Mollet, Carme Coll, presente sempre nas manifestacións culturais da Irmandade «A nosa Galiza».

El Ideal Gallego, 13-XI-1984

Nova Xunta Directiva

De acordo co establecido nos Estatutos, a Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet del Vallés, celebrou Asamblea Xeral Ordinaria na que, entre outros temas, procedeuse á renovación da Xunta Directiva que quedou constituída por Constante Calvo Martínez, presidente; Manuel Rodríguez González, vicepresidente; Xesús Rodríguez Espeso, secretario; Francisco Rodríguez López, tesoureiro; e polos vocais Mariano Vilas Martínez, Arturo Ferro Martínez, Manuel Ferro Martínez, Emilio Gutiérrez Rodríguez, Xosé María Velasco González, Alfonso Vales García, Zacarías Antón Fernández e Anxel Pérez Martínez.

Homenaxe ó poeta Manuel Casado Nieto

Organizado pola Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet del Vallés, celebrouse unha homenaxe en recordo do poeta Manuel Casado Nieto.

Presentou o acto o presidente da sociedade, Constante Calvo, e entre os numerosos asistentes atopábase Gema d'Armengol, en representación da Dirección General de Cultura da Generalitat, e Xoan Manuel Casado, fillo do poeta caldelao, a quen lle foi entregada unha placa conmemorativa.

Previamente ás intervencións do escritor e editor Olegario Sotelo Blanco, deste corresponsal e do profesor Basilio Losada Castro, pasouse un vídeo da presentación que o homenaxeado fixo, poucos meses antes do seu pasamento, do libro «Galegos en Catalunya, 1978-1982» na sala Fivaller de Mollet nunha inesquecible velada presidida polo Honorable Jordi Pujol.

O profesor Losada empezou explicando que escoitou por primeira vez nun acto público a Manuel Casado Nieto o ano 50, co gallo da Festa Galega das Letras, no teatro Poliorama cando aínda non era presidente do Centro Galego. «Naquel acto memorable —dixo— pronunciou un discurso cheo de afervorada emoción galega, tan seguro conceptualmente e cun xeito de falar tan de seu, que prendeunos a todos de inmediato porque tiña esa gran calidade dos grandes oradores que, no momento que empezan a falar, dan a impresión de que coallan o ambiente e que todo o mundo está prendido das súas palabras.»

Referiuse, logo, á súa gran amizade co escritor caldelao, que durante dezasete anos foi presidente do Centro Galego de Barcelona, e manifestou: «Eu que traballei dez anos con el, podo dicir que a gran obra que fixo Casado no Centro Galego non foi a Biblioteca nin converter a sociedade

nunha presenza activa e viva culturalmente en Catalunya, senón o exemplo permanente que el daba de galego falante que sentía o inmenso orgullo da súa fala e que o patentizaba fóra onde fóra nun tempo que, moitos, coidaban que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben».

Referente á produción literaria de Casado Nieto, remarcou que el foi un dos grandes poetas de Galicia, un excelente narrador nunha prosa carregada de serena emoción. «Ler un texto de Casado —suliñou— é ter conciencia viva de que estamos diante dun verdadeiro clásico da nosa lingua.»

Ó falar da traducción que fixo da Biblia, tarefa na que hai vinte anos están a traballar trinta escrituristas, afirmou: «A versión de Manuel Casado Nieto, nun galego dignificado, vivo e eficaz, é unha das grandes aventuras do espírito titánico levado a cabo por un home só. Eu non sei ata que punto a Biblia do Casado teña un valor escriturístico e técnico posto que tamén hai unha técnica na traducción da palabra de Deus, pero sei que é un dos monumentos meirandes da lingua e da cultura galega e unha proba xigantesca de amor e esforzo».

O profesor Basilio Losada findou con estas palabras:

«Hai un ano deixounos un gran home e para min un gran amigo de quen aprendín unha lección que nunca esqueceré: o amor á nosa lingua, o mellor que temos e o que nos define porque o día que perdamos a fala non seremos nada. Seremos unha nación miserenta de xente desleigada, xente que foi capaz de perder a súa cultura, que era a súa presenza no mundo.»

El Ideal Gallego, 6-II-1985

El Progreso, 10-II-1985

«VI Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas»

No maravilloso marco do Parque Municipal de Mollet del Vallés, engalanado coas bandeiras dos diferentes pobos de España e rebordante de colorido polos variados traxes rexionais, celebrouse a «VI Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas», organizada pola Irmandade «A Nosa Galiza» co patrocinio do Departament de Cultura da Generalitat de Catalunya, do Axuntamento da localidade, do Servei de Cultura da Diputació barcelonesa, da Diputación da Coruña e das consellerías de Emigración e de Cultura da Xunta de Galicia.

Presidiu o acto de apertura o conseller Agustí Bassols, que representaba ó president Jordi Pujol, e participaron, ademais do grupo de danzas e gaitas da Irmandade, o Centro Cultural Andaluz, o Centro Aragonés, a Coral «El Clavell», o Esbart Gaudí, o Centro Asturiano, a Casa dos Navarros, o Hogar Extremeño, a Casa de Cádiz, a Casa de Murcia-Albacete, a Casa de Soria e o Hogar Castellano-Leonés.

Entre as personalidades asistentes atopábanse a alcaldesa de Mollet, Carme Coll; o representante da Diputación de Barcelona, señor Laboria; o director xeral de Difusión Cultural, señor Manent; o director executivo do Centre de les Cultures de les Comunitats Autónomes, señor Goicoechea; os presidentes de tódalas entidades que actuaron e das colectividades galegas da provincia.

Ó remate do acto de inauguración pronunciaron discursos a alcaldesa, que se ofreceu a continuar colaborando «para seguir facendo posible as diversas manifestacións culturais das entidades afincadas en Mollet»; o señor Laboria, que resaltou a importancia da cultura como vehículo de comunicación; e o conseller de Xusticia que eloxiou a «VI Festa Popular» «xa tradicional» e, en galego, dixo: «É moi significativo que sexa a Irmandade "A Nosa Galiza" a que fixo o esforzo de levar adiante esta irmandade de pobos. A miña felicitación, moi especialmente, para o seu presidente Constante Calvo e para os seus colaboradores de xunta directiva».

A continuación, tras a inteipretación dos himnos galego e catalán pola Coral «El Clavell», na masía Can Muía houbo degustación de pratos típicos galegos e seguiu a festa con actuacións folklóricas e unha gran verbena popular.

Maio 1985

IRMANDADE GALEGA DE RUBÍ

Víctor Moro fai unha chamada á unidade

Don Víctor Moro que, de sempre, leva crabuñado no corazón o engado e o agarimo pola Terra, non desaproveita oportunidade de se achegar ós irmáns galegos. Hoxe en Barcelona, onte nas Américas lonxanas, antonte en Europa, a súa maior regalía é acudir ás xuntanzas dos seus paisanos para recordar e falar da nosa cultura, da nosa realidade e do que é mester facer en pro do progreso de Galicia.

Son poucos os meses de Víctor Moro entre nós e moitas as veces que coincidimos en xuntanzas organizadas por irmandades, peñas ou grupos da nosa colectividade. A máis recente, cos irmáns de Rubí que, «como outras Casas de Galicia espalladas polo mundo —son palabras de don Víctor— pensan, traballan e, de noite e de día, viven co recordo da Terra, nesta Catalunya que recibe a tódolos galegos coas mans abertas, con amizade e fraternidade».

Víctor Moro acudiu á vila do Vallés para presentar «GALEGOS EN CATALUNYA, 1978-1982» e «REENCONTRO COA ALDEA» sendo recibido polo presidente da Irmandade, Xosé Rodríguez. Cerviño, polo alcalde e o concellal de Cultura, señores Llugany e Botella, por representantes de entidades galegas invitadas e pola case totalidade dos socios e simpatizantes que enchían o amplo e acolledor local social da entidade que «non por cativa e sinxela —dixo Víctor Moro— deixa de ser importante pois aquí latexan corazóns de primeira magnitude».

Non falarei da encendida oratoria do presentador, abondosa en louvanzas para a miña persoa e as miñas recentes publicacións, eloxios que agradezo e que danme azos para seguir no meu labor. Pero, polo compromiso que teño coa nosa colectividade, asumido por min con ilusión, non podo deixar de informar da lección de patriotismo e das ideas básicas que don Víctor sentou en Rubí.

«O galego —afirmou nun intre da súa intervención— é un home aberto ó mundo, é internacional por excelencia, intégrase, sitúase, traballa e, ó pouco tempo, vive tódalas inquedanzas da terra que o acolleu, sen embargo non se esquece do curruncho natal, leva sempre consigo o recordo da carballeira, o fungar do vento no piñeiral, a lembranza do camposanto, das feiras, das postas de sol... pero —engadiu— ademais de todo iso que nos acompaña, sabemos agradecer o acollemento que se nos dispensa e temos a posibilidade de acadar, co noso traballo e co noso esforzo, unha situación e un benestar axeitado para as nosas familias.»

O esgrevio ribadense dixo máis adiante:

«Aproveito esta ocasión para facer unha chamada a algo moi importante que é a unión de todos nós. Temos necesidade de xunguirnos. Somos poucos e valemos pouco; separados, non valemos nada. É mester seguir avanzando no vieiro da unidade para que a colectividade galega sexa forte e a súa presenza máis importante porque agárdanos unha tarefa moi importante. É de enorme mérito —remarcou— que traballemos pola terra que nos acolle, que ó mesmo tempo vivamos os recordos do noso chan, pero temos que ser conscientes de que Galicia sigue no atraso, no subdesarrollo, necesitada de medidas axeitadas para deixar de ser unha Terra rica de homes pobres. Galicia ten mester de ser unha Terra rica de homes ricos e iso —cada vez estou máis convencido— temos que facelo dende fóra. O noso labor —suliñou con seguridade e firmeza— non será trascendente para a nosa Terra se non somos quen de servirnos das experiencias conseguidas nos países que nos acollen e de trasladar á Galicia a inquedanza de que debemos avanzar e deixar de ser o tren de cola das rexións españolas.»

«Esa —rematou o señor Víctor Moro— é a tarefa que nos debe xunguir a todos, moito máis importante cas miudeces que nos separan.»

El Ideal Gallego, 24-IV-1983

Conferencia de Iolanda Díaz

No local social da Irmandade Galega de Rubí, Iolanda Díaz Gallego falou sobre «Historia do Nacionalismo Galego». Entre os numerosos asistentes ó acto, atopábase o concellal de Cultura, señor Jacas; os presidentes das colectividades galegas de Terrassa e de Cornellà, Antonio Rodríguez e Manuel Vázquez; e o vicepresidente de O PENEDO-FOGAR GALEGO, Francisco Puga.

Para demostrar a razón do nacionalismo galego, a conferenciante empezou cunha exposición das causas —o ambiente xeográfico, a vexetación, a lingua, os costumes— orixinarios da etnia galega, e referiuse a datos históricos que conformaron a nosa nación: os oestrimnios, que poboaron Galicia na idade de Bronce; os celtas, oriundos de Hallstatt no Baixo Rhin, que introduciron o emprego do ferro; a dominación romana; Prisciliano; a invasión dos mouros, que non callou na nosa Terra; e a fulgurante grandeza de Compostela durante a Idade Media, que esmorecería co reinado de Isabel de Castela, vencedora de dona Juana á que apoiaban os condes galegos.

A conferenciante referiuse máis adiante á invasión francesa, que foi o detonante que despertou a concienciación de Galicia como pobo con identidade propia e que se iría afianzando coas teorías rexionalistas de Antolín Faraldo, coas federalistas de Brañas e coas nacionalistas de Xohan Viqueira e de Vicente Risco ata chegar ó Partido Galeguista, cuxo líder máximo foi Castelao, e ó Plebiscito de 1936 favorable ó Estatuto Galego, que conseguiu estado parlamentario nas Cortes reunidas en Montserrat o 1.º de febreiro de 1938.

Iolanda Díaz Gallego rematou o seu parlamento congratulándose de que ideas federalistas, que empezaron a xermolar hai 150 anos, xa son venturosa realidade nunha Europa na que tódalas nacionalidades están a integrarse voluntariamente sen perder a propia identidade.

Nova Directiva

Celebrada a Asamblea estatutaria, resultaron elixidos: Presidente, Manuel Neira Rodríguez; vicepresidente, Dolores Méndez Rial; secretario, Miguel Romeo Luaces; tesoreiro, Salvador Pérez Pérez; cultura, Graciela García e Montserrat Marino. Como vocais: Manuel Marino, Xesús Macía, Manuel López e Manuel García.

El Ideal Gallego, 24-III-1984

III Aniversario da Irmandade

Coincidindo co terceiro aniversario da súa fundación, a Irmandade Galega de Rubí encetou o programa de festexos con diferentes competicións deportivas —un partido de fútbol entre o seu equipo e «O noso Lar», de Terrassa, con triunfo final dos egarenses por 3 a 2; concurso de cometas e xogos para nenos— actos que remataron cunha abondosa sardiñada no parque Can Oriol.

O día seguinte, domingo día 3 de xuño, a Xunta Directiva e o grupo de danzas da colectividade galega foron recibidos oficialmente no Axuntamento e, a continuación, no devandito parque celebrouse unha festa popular á que concorriron gran número de galegos e simpatizantes atraídos polo folklore, a gastronomía da Terra e a actuación dun conxunto musical.

A festa iniciouse cunha misa oficiada en galego, castelán e catalán polo párroco de Santa María de Rubí, mossén Antón Roca, na que comulgaron por primeira vez seis nenos do grupo de baile que interpretou diferentes cánticos relixiosos en galego dirixidos por Dolores Méndez acompañados ó órgano por Jorge Sánchez, de Radio Nacional.

Seguidamente actuaron os grupos de gaita e baile do Centro Galego de Barcelona; «A nosa Galiza», de Mollet; «Rosalía de Castro», de Cornellà; «O noso Lar», de Terrassa; Grupo «Nós», de Sabadell, e as escolas de gaitas e danzas «Saudade» e «Toxos e Xestas» sendo agasallados todos eles con placas conmemorativas entregadas polo presidente da Irmandade Galega de Rubí, señor Neira, que agradeceu a súa participación artística. O presentador, Manuel Valdés, do programa «Lonxe da Terra», de TELETAXI, recibiu asimesmo un trofeo pola súa colaboración ó éxito da festa.

Os actos celebrados pola mañá foron presididos polo alcalde, señor Llugany, que manifestou o seu contento pola abondosa participación de grupos e pola irmandade reinante.

Pola tarde, o cantautor Alfredo González interpretou varias das súas creacións, moi ben acollidas polo público, sobre todo «Catro cousas quedan», «Pra Habana» e «O carriño». A romería findou cun baile popular amenizado por un conxunto musical.

Xuño, 1984

Nova Xunta Directiva

De acordo co establecido nos Estatutos, a Irmandade Galega de Rubí celebrou eleccións resultando elexida a candidatura presentada por Manuel Coello García. O novo presidente contará coa colaboración de Gabriel Planas Bamio, vicepresidente; Casto González Gallego, secretario; Miguel Guzmán Martínez, tesoreiro; e coa dos vocais Wenceslao Galán Sánchez, Cultura; Xulio González Nogueira, Deportes; Antonio Mena Gibaja, Interior; Ana Martínez, Bibliotecaria; e Ramiro Quián Castro, Festexos.

El Progreso, 5-V-1985

IV Aniversario da Irmandade de Rubí

Coincidindo co 4.º aniversario da súa fundación, a Irmandade Galega de Rubí, en colaboración co Axuntamento, organizou un extenso programa de actividades: un campionato de fútbol; unha cea de irmandade cos alcaldes e varios concellais de Rubí e Celanova, os componentes da Banda de Música da monumental cidade ourensá, representacións das colectividades participantes, directivos e socios da entidade; un Concerto no teatro «La Sala» a cargo da devandita

Banda; a inauguración dun monolito que da o nome de Celso Emilio Ferreiro á praza coñecida por «Plaza de la Palmera»; e unha gran festa popular no bosco Can Oriol, con actuacións folklóricas e representacións das irmandades de Rubí, Mollet, Terrassa, Santa Coloma e Os Composteláns; a Asociación «Rosalía de Castro», de Cornellà; o Grupo «Nós», de Sabadell; as escolas de gaitas e danzas «Saudade» e «Toxos e Xestas»; o Centro Galego de Barcelona; O Penedo-Fogar Galego; a Unión Extremeña, Centro Aragonés e Peña Cultural Andaluza (Joaquín Fernández), de Rubí. Tamén houbo xantar campestre e actuaron a Banda de Música de Celanova, o grupo de «Jazz» SPORT 4 DE RUBÍ e o conxunto CONTACTO.

Concerto da Banda de Celanova

As autoridades e o numeroso público que asistiron ó Concerto da Banda de Música de Celanova, quedaron plenamente satisfeitos polo axustado e afinamento das interpretacións e a calidade artística dos solistas no repertorio presentado: «Ponteareas», «Sinfonía», «Anillo de Hierro», «La Tabernera del Puerto», «Las Bodas de Luis Alonso», «Festa na Tolda», «Leyenda de Montelongo», «San Rosendo» (inspirada obra do director, o mestre Alejandro del Río), a sardana «La Santa Espina» e os himnos galego e catalán.

No intermedio, o alcalde da cidade fixo entrega duns obsequios ó director e ós componentes da Banda e o poeta Gabriel F. Valente leu un acróstico adicado ós músicos celanoveses.

A Banda de Música de Celanova está integrada por 40 músicos (tres son rapazas) e o seu presidente actual é Manuel Fernández. Foi creada o ano 1908, conseguiu varios primeiros premios, actuou en TVE, ten grabados dous L.P. e o ano 83 foi invitada a actuar en Venezuela. A Banda nútrese da Academia de Música na que dá clases de solfeo e instrumental a trinta alumnos o mestre Del Río.

Inauguración dun monolito adicado a Celso Emilio

O acto central de irmandade entre os pobos de Rubí e Celanova foi o intre de descubrir o monolito co nome do fillo de Celanova, o poeta Celso Emilio Ferreiro, na «Plaza de la Palmera».

Pronunciaron breves discursos o presidente da Irmandade de Rubí, Manuel Coello; o ex-presidente, Manuel Neira; o alcalde de Rubí, Miquel Llugany, e o de Celanova, Adolfo Vázquez Rivero, que era portador dun agarimoso saúdo da viuda de Celso Emilio, e que rematou cunhas frases de agradecemento en catalán pola homenaxe tributada polo Concello de Rubí ó esgrevio poeta. O concellal da área de Cultura da Corporación Vallesana, José Sánchez del Viejo, leu o poema «Longa noite de Pedra» e o poeta Gabriel F. Valente, que foi nomeado Socio de Honor da Irmandade, deu lectura a outro en louvor do vate da Cidade de San Rosendo.

O solemne acto findou coa entrega de placas conmemorativas, pombas en liberdade, foguetes e coa interpretación dos himnos galego e catalán.

A iniciativa de tan importante efeméride débese ó anterior presidente, Manuel Neira Rodríguez, e ó concellal Sánchez del Viejo, gran admirador da nosa Terra, ata o punto que acaba de publicar un libro titulado «Galicia-Poemas de un viajero».

Para culminar os actos de irmandade iniciada entre os dous pobos, en agosto ou setembro farase unha festa semellante en Celanova coa apertura dunha rúa co nome de Rubí. Con tal motivo, desprazaranse como invitados á cidade galega a Corporación Municipal de Rubí, a Irmandade Galega e o Esbart Danzaire da cidade, un dos mellores grupos folklóricos de Catalunya.

El Progreso, 2-VI-1985

IRMANDADE GALEGA «O NOSO LAR» DE TERRASSA

Inauguración do local social

«Os fins de "O NOSO LAR" —dixo Antonio Rodríguez, presidente da nova Irmandade Galega que acaba de inaugurarse en Terrassa— son dar a coñecer a nosa cultura, colaborar con esta cidade que amamos, na que vivimos e na que traballamos e a de nos manter unidos a tódolos centros e irmandades galegos de Catalunya.»

Ó acto asistiron o alcalde de Terrassa, Manuel Royes; o concellal de Cultura, Jordi Laboria; autoridades locais; o presidente do Centro Galego de Barcelona, Manuel Pérez Guerra, representantes das Irmandades e Grupos galegos da provincia; Víctor Moro, director do Banco de España en Barcelona, e a totalidade de socios de «O NOSO LAR» así como numerosos simpatizantes e amigos.

O alcalde foi agasallado cunha Bandeira Galega «chave —dixo o presidente da Irmandade— coa que a cidade de Terrassa pode abrir as portas de "O NOSO LAR"».

O señor Royes, tras agradecer o ofrecemento e a colaboración dos galegos da cidade egarense afirmou:

«Non hai que perder a propia identidade, polo contrario, debes procurala e recreala. Os dous mil galegos de Terrassa, a carón das persoas doutras rexións e dos cataláns, entre todos, conseguimos esta gran cidade que é nosa, vosa e de todos.»

Tamén o señor Laboria sulíñou que «a cultura acádase maniendo a identidade dos pobos» e, a continuación, serviuse un viño e pratos típicos galegos.

Actos oficiais e romería presididos por Filgueira Valverde

Invitado pola Irmandade Galega «O NOSO LAR» e polo Excmo. Axuntamento de Terrassa, co gallo da devandita inauguración do local social dos galegos da vella Egara, o conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, señor Filgueira Valverde a quen acompañaba a directiva da Irmandade Galega, foi recibido na Casa Consistorial polo alcalde Manuel Royes Vila, polo concellal de Cultura, Jordi Laboria e por Xavier Tortras, xefe de Servicios Territoriais da Generalitat de Catalunya. Tras departir coas autoridades locais, o conselleiro recibiu a tódolos representantes da Colectividade Galega en Catalunya e pronunciou unhas palabras de agradecemento pola acollida dispensada, findando o seu breve parlamento cunha eloxiosa referencia ó libro editado polo Centro Galego de Barcelona «GALEGOS EN CATALUNYA, 1978-1982» «onde aparecen recollidas —dixo— as testemuñas do que fan os galegos aquí e as crónicas das visitas tan gratas que facemos os galegos á Catalunya e ós cataláns que saben querer á Galicia». Tamén se referiu o señor Filgueira Valverde ó libro «REENCONTRO COA ALDEA» que «é un reencontro —afirmou— coa cultura agraria e coa raíz da vida galega que nestes intres tamén vive a transformación industrial».

Acto seguido, o presidente de «O NOSO LAR», Antonio Rodríguez, agasallou cunhas placas conmemorativas ó Concello de Terrassa, á Xunta de Galicia e á Generalitat, e o alcalde fixo entrega de exemplares dun artístico libro sobre a arte visigótica e románica da comarca ó conselleiro, á Generalitat e á Irmandade Galega.

Dende o balcón da Casa Consistorial, o señor Filgueira Valverde dirixiuse ós numerosos oíntes facendo unha louvanza da tradición cultural de Terrassa e das características semellantes de Catalunya e Galicia —a poesía dos xoglares, o románico, a lingua, o Rexurdimento e a Renaiñenza— e, ó se referir ós galegos residentes na cidade catalana, manifestou: «Eu desexo o mellor para esta terra que vos ten acollido e que ese centro que hoxe abridades os galegos de Terrassa sexa un facho da cultura nosa e, sobre todo, pídovos que esa Irmandade sexa xustamente un conxunto de irmáns que se sintan fraternalmente xunguidos como cantaba o poeta Maragall no seu poema á Sardana».

O señor Xavier Tortras falou da contribución cultural que os galegos podemos aportar a Catalunya «cunha cultura tamén milenaria» e o alcalde, Royes Vila, rematou o seu discurso con estas palabras:

«Vós fixestes o camiño das estrelas ó revés e vivides e traballades nesta cidade que axudastes a facer con xentes doutras rexións e cos cataláns. Non esquezades a vosa identidade porque este pobo —suliñou— que está feito por todos, é voso.»:

O acto oficial da recepción do conselleiro galego pechouse cunha mostra folklórica na que participaron os conxuntos de gaita e danza do Centro Galego de Barcelona; a Asociación Cultural «Rosalía de Castro», de Cornellà; a Escola de Gaitas e danzas «Toxos e Xestas»; a Irmandade Galega, de Rubí; a Agrupación Cultural Galega «Saudade» e a Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet.

A continuación, tódolos grupos, simpatizantes e amigos acudiron ó espacioso parque Vallparadís donde se celebrou un xantar de irmandade e actuaron novamente os grupos de danza e gaita, rematándose o folklore cun festival infantil seguido de baile popular amenizado por unha famosa orquesta. O polifacético profesor invitado de honor, señor Filgueira Valverde, ó se despedir de todos nos no campo da festa, dixo:

«Non abonda con estar orgullosos de ser dunha Terra maravillosa, con tantas tradicións, tantos homes ilustres e un espírito universalista. O que fai falla é que sintades Galicia, que procuredes saber o galego, que leades ós nosos poetas, que sigades mantendo esta fidelidade á raza, á Terra, sobre todo á lingua. Non é só o traxe, non é só o baile —engadiu o conselleiro de Cultura— son moitísimas cousas máis as que din que nos somos galegos, as que nos permiten sentirnos NÓS, as que nos permiten seguir sendo unha individualidade, unha nacionalidade, un pobo. Eu, o que desexaría —findou o señor Filgueira— é que moitos destes rapaciños, algún día poidan tamén rendir a Galicia non só esta actividade da emigración que mantén a conciencia galega en lonxanas terras, senón que poidan tamén ser grandes homes e grandes mulleres que sirvan a súa Terra como os seus devanceiros.»

Faro de Vigo, 8-V-1983

IRMANDADE «OS COMPOSTELÁNS»

Homenaxe a Xosé Nouriño

Organizada pola Irmandade «Os Composteláns», da populosa barriada de Poble Nou, de Barcelona, celebrouse unha festa galega na que actuaron os grupos Escola de Gaitas e Danzas «Saudade», a Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet, unha representación do Centro Galego de Barcelona, a Irmandade de Rubí, a Asociación «Rosalía de Castro», de Cornellà, a Escola de Gaitas e Danzas «Toxos e Xestas», e os Irmáns Gaiteiro Vilader. Tamén hai que agradecer a colaboración de Manuel Valdés, de RADIO TELETAXI e de Manuel Fernando, de Radio «Minuto».

Tras percorrer as rúas principais interpretando alboradas e música popular, os grupos folklóricos galegos e os directivos da Irmandade organizadora foron recibidos polas autoridades locais e, a continuación, nun lugar da praia, axeitado polo Axuntamento para celebrar os actos programados, o ourensán Xoan Devesa Blanco, de Viana do Bolo, mercedario do Mosteiro del Puig de Santa María de Valencia, oficiou unha Misa en memoria de Xosé Nouriño, fundador de OS COMPOSTELÁNS, morto en accidente o mes de abril.

Durante a celebración da Eucaristía a Irmandade «A NOSA GALIZA» interpretou diferentes cantos relixiosos e o Himno do Apóstol Santiago e, acto seguido, os grupos de Gaitas e Danzas alledaron coas súas actuacións folklóricas á numerosa concurrencia de galegos e simpatizantes cataláns.

Rematado o xantar de irmandade, tódolos representantes dos diferentes grupos pronunciaron unhas palabras de homenaxe ó fundador da Irmandade «OS COMPOSTELÁNS» e fixeron entrega de artísticas placas á súa viuda, dona Isabel, «en lembranza do Xosé Nouriño, galego auténtico, que todos recordamos con garimo», como ben dixo o popular locutor de radio, Manuel

Fernando, interpretando o sentir xeral de cantos coñecemos ó dinámico empresario de Llobre-Vedra (A Coruña), querido e admirado en tódalas entidades e grupos culturais galegos da provincia.

A Irmandade «OS COMPOSTELÁNS» é unha sociedade con Estatutos propios aprobados pola Generalitat o mes de abril. Ten local social, cedido polo seu fundador Xosé Nouriño, na rúa Perelló, 60. A xunta Directiva está formada por Suso Fernández, presidente; Manuel Quián, vicepresidente; Xoán Manuel Núñez, secretario; Graciano Picapiedra, tesoreiro; e polos vocais Amadeo Campos e Xosé Suárez. A Irmandade naceu por iniciativa dun grupo de amigos composteláns residentes na Cidade Condal, segundo nos di o presidente «para revivir aquí actos culturais e folklóricos como se estiveramos en Galicia». «O noso obxectivo —engade Suso Fernández— é defender a nosa fala e a nosa cultura en Catalunya e cooperar para que tódolos grupos galegos, cada un coas súas peculiaridades propias, cheguemos a crear unha colectividade importante de galegos residentes en Barcelona».

Unha vez que findaron os actos de homenaxe a Xosé Nouriño, a viuda e directivos de «OS COMPOSTELÁNS» trasladáronse á igrexa de San Jaume para asistir a unha Misa ofrecida polo Centro Galego de Barcelona en lembranza dos socios falecidos durante o ano. A función relixiosa estivo presidida polo crego Antonio Rodríguez, arcipreste de L'Hospitalet, natural de Bóveda (Monforte) que oficiou en galego unha Misa solemne cantada pola Coral de Lestonnac, invitada polo Centro tras representar brillantemente a Galicia no Festival Internacional de Música de Cantonigrós.

A homenaxe a Nouriño findou cunha ofrenda floral da Irmandade «A NOSA GALIZA», que se trasladou ó cemeterio presidida polo relacións públicas da entidade, Xosé Souto.

El Progreso, 7-VIII-1983

O PENEDO-FOGAR GALEGO

Local provisional

Como xa saben os lectores de «Galegos en Catalunya, 1978-1982», un grupo de amigos crearon a «Peña do Penedo» que, dende os seus comezos, interesouse pola problemática galega, dándolle ás ceas mensuais celebradas na «Casa Darío», un xeito cultural e folklórico que agoiraba o nacemento dunha nova entidade, como así sucedeu.

No mes de febreiro de 1983 xa se tentaron seriamente uns novos roteiros e convertiuse en Irmandade Galega. E coincidindo coa festa do Entroido, Manuel Casado Nieto fixo a presentación do libro «Portoceo», de Xosé Antonio Pet Posse, e Xosé Luis Foxo estrenou unha muiñeira adicada ó Penedo, interpretada polo autor, por Carmiña Aira e Paco «Tamara».

En marzo, Darío Duro, propietario do restaurante «Casa Darío», cedeu un local á Irmandade Galega «O Penedo» para que puideran celebrar actos culturais namentres non conseguían un local

social propio. Lembrando o historial da Peña, creada no outono de 1981, o secretario da xunta provisional, Xoaquín de Soto, manifestaba:

«Pretendemos, en primeiro lugar, promocionar a cultura galega en Catalunya, entendendo por cultura no só a literatura senón tamén tódalas artes e manifestacións que se comprenden neste termo, para conseguir unha mellor e maior relación social e humana entre todos. A nosa idea é chegar a unhas instalacións de máis voos no entorno de Barcelona para poder cultivar e incrementar as relacións entre galegos no aspecto cultural, humano e recreativo.»

Á inauguración do local provisional asistiron o delegado de Hacienda, Eduardo Fernández, o director do Banco de España en Barcelona, Víctor Moro, os catedráticos Serafín García e Seoane Camba, o profesor Basilio Losada e a maioría dos amigos que normalmente acudían á xuntanza mensual.

O primeiro acto celebrado no novo local, consistiu na presentación do libro «Reencontro coa aldea», orixinal desde cronista, por Víctor Moro a quen agradezo profundamente a súa brillante intervención.

Tamén quero deixar constancia, antes de me referir ós inicios da recente etapa, xa oficial, de O PENEDO-FOGAR GALEGO, á cea homenaxe á muller galega, ocasión na que interviu, en representación da muller catalana, a locutora de televisión, Ana Castells, e non esquezo as manifestacións de garimo que os comensais lle tributaron a don Antonio Gómez-Reino, removido do seu cargo de presidente da Audiencia Territorial de Barcelona, cuxa honorabilidade e capacidade deixou patente Xenxo Carballo nun afervorado discurso.

Constitución da sociedade

«As persoas pasan, as obras son as que perduran. Eu, nesta Sociedade que acaba de nacer, puxen toda a esperanza e pretendo ser un elemento vencellador. Estou aquí para defender a nosa Terra, sobre todo a nosa cultura e, coa confianza que vostedes me demostran, coa colaboración de todos, espero poder levar a termo cousas que nos honren ós galegos e que sexan honra de Galicia.»

Con estas palabras realistas, non idealistas nin utópicas, como suliñou o señor Delfín Araujo na súa brillante intervención, Iolanda Díaz Gallego asumiu a presidencia de O PENEDO-FOGAR GALEGO, nova institución galega que «empezou sendo peña de amigos —dixo— e chegou á maioría de idade e xa debe camiñar doutro xeito para chegar a ser unha entidade orgullo dos galegos de Barcelona».

Iolanda Díaz Gallego, enigrante durante 25 anos, participou na fundación de varias institucións galegas en Sudamérica. Dende hai cinco anos, reside na Cidade Condal e xa é coñecida polo seu labor como conferenciante e como propulsora da cultura galega a través de emisións de radio, coloquios e xuntanzas intelectuais no Centro Galego e en tódolos grupos e irmandades da provincia.

O PENEDO-FOGAR GALLEGO naceu o 17 de xuño coas aportacións de 43 socios fundadores convertíndose nunha nova entidade aberta a cantos galegos se queiran asociar. A proposta do señor Araújo, don Antonio Gómez-Reino foi nomeado Presidente de Honor e a Xunta Directiva, elixida por aclamación, está composta por: Iolanda Díaz Gallego, presidenta; Serafín García, vicepresidente 1.º; Francisco Puga, vicepresidente 2.º; Manuel Ramas, secretario; Xoaquín de Soto, vicesecretario; Antonio Pérez Díaz-Terán, tesoreiro; Carlos Priego, vicetresorero; Antonio López, contador; Xosé Antonio Pet Posse, bibliotecario, e Federico Gobartt, Xenxo Carballo, Delfín Araújo, Emilio Fernández e Xoan Antonio Seoane, como vocais.

El Ideal Gallego, 22-VI-1983

Co presidente da Xunta, Filgueira Valverde e o Concello de Santiago

Socios de O PENEDO-FOGAR GALEGO, presididos por Iolanda Díaz Gallego, acudiron a Santiago para venerar o Apóstol e presentar a nova Sociedade ás autoridades galegas.

Mais de trinta persoas, membros e amigos de O Penedo, entre os que se atopaban os vicepresidentes Serafín García e Francisco Puga e os directivos Xenxo Carballo, Manuel Ramas, Antonio López e Emilio Fernández, asistiron á Misa do Peregrino e, a continuación, nos salóns do Axuntamento foron recibidos polo alcalde en funcións, Dr. Servio Ponte Fernández, e polo teniente de alcalde Dr. Xosé Miñones Trillo.

Iolanda Díaz explicou as orixes de O PENEDO-FOGAR GALEGO e afirmou que o obxectivo principal da nova Sociedade era manter un vencello coa Terra. «Por iso estamos aquí, aproveitando as vacacións estivais —dixo— para intercambiar ideas e facer a presentación do PENEDO e decirlles que vamos a colaborar con tódalas entidades galegas de Barcelona xunguidos á Galicia.»

O Dr. Servio Ponte agradeceu a visita «dun feixe de bós galegos que están fóra de Galicia a facer un labor notorio e que nos deixan abraiados pola súa fonda galeguidade» e, tras lamentar non poder ofrecer outra cousa có monumental marco da cidade, engadiu: A nosa colaboración co PENEDO-FOGAR GALEGO e con tódolos demais grupos da emigración sempre será leal. Esperamos moito de vos e queremos ofrecervos todo o que nos poidamos dar, que non será tanto como o que merecedes».

Logo, nun típico restaurante, celebrouse un xantar de irmandade ó que asistiron o presidente do Goberno galego, Fernández Albor; o conselleiro de Cultura, Filgueira Valverde, e as autoridades municipais. A reunión transcorreu nun ambiente de gran amizade e simpatía na que non faltaron os contos de don Xerardo, ameno e fácil conversador, nin o humor e as artes ilusionistas do crego de Castro de Rei, Xosé Manuel Carballo.

Ó remate, Iolanda Díaz pronunciou unhas palabras de agradecemento ás autoridades por honraren coa súa presenza a xuntanza. «Estamos aquí ás ordes do Goberno galego —dixo— neste intre propicio para a nosa Terra. O pobo galego que vive físicamente en Galicia —engadiu— coido que ten mester do pobo galego que vive na emigración. O noso vencellamento é fundamental para acadar o destino histórico que Galicia merece. Nós, dende Catalunya —suliñou a presidenta do

PENEDO-FOGAR GALEGO— podemos facer un traballo que nos honre e sexa orgullo para os galegos afincados no Principado. O PENEDO non quere aillarse das outras entidades galegas que hai en Barcelona. Queremos ir a par de todos, xunguidos en tódolos actos, á beira dos irmáns que están asociados noutros grupos. A nosa meta —findou Iolanda Díaz— é, exclusivamente, defender e espallar a nosa cultura e interesarnos pola problemática da Terra. E cando Galicia necesite de nós, diremos: «aquí estamos, digan qué debemos facer».

Iolanda Díaz destacou tamén a presenza de Darío Pin e do socio fundador, número un, Ramiro López que, visiblemente emocionado, agradeceu a colaboración de todos e manifestou: «A realidade é que os emigrantes seguimos estando en Galicia inda que esteamos a mil kilómetros de distancia».

O presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, encetou o seu discurso afirmando: «Por enriba das opcións políticas, o meu pensamento íntimo é que haxa unha sensación de pobo; que a unión estea por riba das loitas políticas, e, igual que os políticos son necesarios, tamén é mester ese sentimento de amor á Terra, de pobo vencellado a España pero auténticamente galego».

O presidente do Goberno galego, tras afirmarse na súa auténtica galeguidade, remarcou: «Temos que seguir construíndo tódolos días este pobo e este sentimento que temos de irmandade». Referiuse, máis adiante, a unha entrevista que acababa de facer en galego para a televisión catalana, que se inaugurará o día once, e á xuntanza cos representantes da Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet del Vallés, señores Caamiña e Souto, e engadiu: «Penso que a miña obriga é estar aberto a tódolos emigrantes, inda que sexa sacrificando o período de vacacións». E suliñou: «Hai que traballar pola cultura que é a realidade da nosa Terra. Dende agora mesmo teremos unha comisión para estudar os problemas da emigración que trataremos de remediar. Cando me encontro cos galegos da diáspora sempre sinto unha alegría e unha tristura. A alegría do encontro e a tristura de ter que nos separar ata sabe Dios cando».

Filgueira Valverde, recente aínda a súa viaxe por Sudamérica, sintetizou desta maneira as súas impresións de gratitude: «Colmáronme de atencións e garimo. É mester que nos ocupemos máis dos emigrados, que os teñamos mellor informados. A nosa maior preocupación debe ser manter a galeguidade dos fillos e dos netos dos nosos emigrantes que teñen unhas institucións maravillosas e que fixeron grandes cousas pola nosa cultura dende a Galicia ideal».

El Ideal Gallego, 17-VII-1983

Tarradellas invitado de honor

Á cea de irmandade de «O PENEDO-FOGAR GALEGO» asistiu como invitado de honor o ex-president da Generalitat de Catalunya, Honorable Josep Tarradellas, cuxa personalidade e gran humanismo resaltou a presidenta da Sociedade, Iolanda Díaz Gallego. «Da súa parte humana —dixo— sabemos moito. El acompañou ós galegos en distintas latitudes, en intres de ledicia e de tristura e, como nesta ocasión o fai con nós, en América distinguiu e alentou coa súa presenza a outros irmáns da nosa comunidade.»

Hai uns meses, o expresident falounos do seu anxeio de vixar a Galicia ó voltar de Asturias, visita que non lle foi posible realizar.

«Quería coñecer Galicia —dinos— pero non me foi posible. Non sei se antes de fin de ano o conseguirei. Case me dá vergonza non ter estado nun país que admiro e estimo tanto, onde teño moitos e grandes amigos.»

—¿Que opina da proliferación de autonomías?

—Creo que todos teñen dereito á autonomía, pero non fagamos confusión. Hai tantas que non nos entenderemos e as verdadeiras autonomías históricas perderán en troques de ganar, porque compáranos ós que non teñen lingua nin costumes propias.

—¿Que pensa da posible supresión da Capitanía Xeral da Coruña?

—Políticamente non ten moita importancia, pero espíritoalmente sí. As tradicións débense conservar, do contrario, faise un mal ó país, involuntariamente, inconscientemente quizais. Iso desdibuxaría a personalidade histórica de Galicia. Polo tanto eu son partidario de que se manteña a Capitanía Xeral da Coruña.

O señor Tarradellas non quere opinar sobre o resultado das próximas eleccións ó Parlament Català porque «sería mal profeta». Como modelo de Estado, escollería o británico. En canto á solución do país vasco, considera que a primeira condición é «facer a unidade que non teñen» e, da situación de España, afirma:

«Hai problemas, claro está, pero ninguén podía pensar, hai anos, que a transición se conseguiría tan tranquilamente. Se excluímos o país vasco, todo marcha relativamente ben.

El Ideal Gallego, 11-XI-1983

Presentación Oficial

Nun hotel da Cidade Condal tivo lugar a presentación oficial do PENEDO-FOGAR GALEGO. Presidiron a xuntanza representantes da Generalitat, da Xunta de Galicia, do Axuntamento de Barcelona e o alcalde de Santiago. Tras unhas breves palabras da presidenta da Sociedade, Iolanda Díaz Gallego, que agradeceu a presenza das autoridades, foille entregado un pergamino ó Presidente de Honor, don Antonio Gómez-Reino, quen agradeceu a distinción que se lle facía. Durante a cea de irmandade, á que asistiron 160 persoas, actuaron «Los Zacatecas» e «Toxos e Xestas», presentados por Ana García e Enrique Méndez. A festa rematou cun sorteo de abondosos regalos e coa interpretación dos himnos galego e catalán.

Manifestacións de Raimon Martínez Fraile, Xerardo Estévez, Victorino Rosón e Aina Moll

Raimon Martínez Fraile, concellal de Relacións Ciudadanas: «Esta xuntanza é unha mostra máis de que Galicia ten unha gran capacidade de convocatoria e de unión. Os galegos teñen a

virtude de levar polo mundo —e este exemplo deberíámolo imitar o resto dos españois— as tradicións e os costumes dos ancestros. É un pobo que sabe integrarse no lugar de residencia ó tempo que recorda a súa orixe.»

Xerardo Estévez, alcalde de Santiago:

«Viñen expresamente á Barcelona para atender á invitación que O PENEDO-FOGAR GALEGO fixo ó Concello de Santiago por ser a capital de Galicia. Neste sentido, pensei que tiña a obriga de representar a tódolos concellos da nosa Terra e, polo mesmo, que debía estar neste acto.»

«O proceso de afortalamiento das comunidades galegas fóra de Galicia é moi importante en canto a manter a nosa identidade como pobo entre os que, por razóns de todo tipo, teñen que estar lonxe dos eidos de orixe. Penso que O Penedo é unha creación potente a pesar de ter seis meses de vida nada máis. A presenza dos que representamos neste intre á Generalitat, á Xunta, ó Axuntamento de Barcelona e ó de Santiago implica o apoio institucional a este xeito de asociacionismo que, realmente, é moi interesante.»

Victorino Rosón, subdirector xeral de Promoción e Difusión Cultural da Xunta de Galicia:

«Viñen adrede e, ademais, cunha encomenda do presidente Fernández Albor, que era o principal invitado a esta xuntanza do PENEDO-FOGAR GALEGO, e tamén en nome do conselleiro de Educación e Cultura, Vázquez Portomeñe, que sentiu non poder estar hoxe presente aquí. Encomendáronme que fixera chegar ó PENEDO a simpatía e o apoio que teñen na Xunta de Galicia. Síntome sorprendido pola Galicia que está fóra da Terra. Hoxe puiden comprobar que a resposta da galeguidade é un sentimento profundo que trascende ás propias institucións.»

Aina Moll, directora xeral de Política Lingüística:

«O PENEDO-FOGAR GALEGO tivo a gran amabilidade de convidar á Consellería de Cultura e viñen, en nome do Conseller Max Canher, para compartir esta festa de presentación oficial da nova Sociedade, que esperamos fará un labor de irmandade entre Galicia e Catalunya. É unha festa moi familiar e, ó mesmo tempo, moi solemne e moi agradable.»

El Ideal Gallego, 22-XII-1983

Homenaxe a Castelao

«Hoxe para nós —dixo a presidenta da sociedade O PENEDO-FOGAR GALEGO— é un día transcendental porque encetamos as actividades culturais. E ¿que cousa mellor para empezar a nova andadura desta Entidade que facer un acto de homenaxe a Castelao? Coido —engadiu Iolanda Díaz Gallego— que este primeiro encontro será unha semente que froitificará ricaz ó longo do futuro do PENEDO-FOGAR GALEGO.»

Con estas palabras ilusionadas e ateigadas de confianza no porvir da máis nova das sociedades galegas afincadas en Barcelona, Iolanda Díaz Gallego abriu a velada cultural celebrada na sala de arte LA PEDRERA, cedida para tal fin polo empresario e escritor ourensán Olegario Sotelo Blanco.

Entre os numerosos socios e amigos asistentes atopábase o presidente de Honor, don Antonio Gómez-Reino e Pedreira, os vicepresidentes señores Serafín García e Francisco Puga, o secretario Manuel Ramas e a maioría dos directivos. O acto iniciouse coa proxección de diapositivas referidas a Castelao, comentadas por Xoan Madriñán, e, a continuación, don Luís Suárez Delgado, antigo galeguista, compañeiro do gran dibuxante, escritor e político de Rianxo, fixo a semblanza de Castelao, con oratoria fácil e, por veces, con manifesta emoción ó lembrar anécdotas e intres inolvidables a carón do polifacético persoeiro galego.

Tras o discurso do señor Suárez, que foi moi aplaudido, María Teresa Gómez-Reino, Ana García Esquius —barcelonesas de orixe galega— e Xoan Madriñán recitaron, con arte e garimo, poemas de dor e de lembranza de Ramón Cabanillas, Xesús Nieto Pena e Valentín Paz Andrade en memoria do esgrevio autor de SEMPRE EN GALIZA.

Logo, actuou un grupo folklórico da Escola de Gaitas «Toxos e Xestas» baixo a dirección de Xosé Luis Foxo que, como ben dixo a presidenta de O PENEDO-FOGAR GALEGO «están representando en Barcelona a nosa Terra e as nosas tradicións».

A velada cultural pechouse coa interpretación do Himno Galego.

El Ideal Gallego, 17-II-1984

Entrevista con Iolanda Díaz Gallego

Coincidindo co primeiro aniversario da constitución de «O Penedo-Fogar Galego» como entidade cultural galega con estatutos propios, os socios e amigos celebraron unha cea de irmandade no restaurante galego «Casa Darío» da Cidade Condal.

Con tal motivo falamos coa presidenta da Sociedade, Iolanda Díaz Gallego, encol dos proxectos inmediatos, do futuro da colectividade que ela preside e da actualidade galega.

—¿Cal é o propósito inmediato de «O Penedo-Fogar Galego»?

—Rematar as obras de acondicionamiento do noso fogar social, na avenida Príncipe de Asturias, n.º 4, que inauguraremos oficialmente o mes de setembro.

—¿Que tipo de actividades pensades realizar?

—Encetaremos as actividades culturais impartindo clases de Lingua e Historia Galega. Tamén organizaremos ciclos de conferencias e un grupo de teatro. Ademais, crearemos un premio para

ensaio encol das «Correntes de emigración a Galicia a partir do século XVIII, a súa influencia e aportación cultural, social e económica», cuxas bases daremos a coñecer axiña.

—¿Tedes algún outro proxecto?

—Sí. Pensamos facer un gran festival no que participarán grupos galegos, cataláns, doutras comunidades autónomas e países sudamericanos. Quizais se celebre a finais de outono.

Iolanda Díaz Gallego, natural de Sarria (Lugo), foi emigrante en Uruguay vintecinco anos. Dende hai seis, reside en Barcelona. O ano 1975 estivo en Rianxo co gallo da inauguración do monumento a Castelao.

—¿Que opinas —preguntámoslle— do traslado dos restos de Castelao?

—Sen entrar noutras consideracións, os que vivimos na emigración sabemos da anguria que representa a interrogante da posibilidade de voltar á Terra que nos viu nacer. Castelao anxeiaba voltar e polo mesmo debemos sentirnos orgullosos de que o seu anxeio se cumpra.

—¿Que lle pedirías a tódolos galegos sen distinción de grupos nin idearios políticos?

—Que sexan tolerantes dentro dun pluralismo e que procuren fortes vencellos de irmandade para traballar por Galicia.

—Ti que estiveches tantas veces en Chacarita ¿cando pensas ir a Santiago para rendir homenaxe a Castelao?

—Lamento moito non poder ir agora. Pero, como anos anteriores, «O Penedo-Fogar Galego» terá unha xuntanza en Compostela e faremos unha ofrenda floral ó autor de «Sempre en Galiza». O feito de que os restos de Castelao descansen no Panteón de Galegos Ilustres seméllame un soño despois de tantos anos de loita en América para conseguilo.

En Montevideo, Iolanda Díaz colaborou con outros emigrantes e co Patronato de Cultura Galega na publicación de libros que non se podían editar en Galicia, fixo teatro galego, emisións de radio e televisión para promocionar a nosa cultura, traballou —como está a facer nestes intres como presidenta de «O Penedo-Fogar Gallego»— coa ilusión posta no rexurdir cultural e material da súa patria. A pregunta parece lóxica:

—¿Sinteste satisfeita co grado de autonomía conseguido por Galicia?

—Sempre se quere máis, pero por algo había que empezar. Anxeiamos non quedar defraudados e que a nosa Terra sexa nosa.

Faro de Vigo, 3-VII-1984

O PENEDO-FOGAR GALEGO, en Santiago

«Non vimos aquí a chorar tempos idos. Vimos a testemuñar unha homenaxe a aqueles que, coa súa obra e co seu exemplo, defenderon e espallaron a nosa condición de pobo diferenciado.» Con estas palabras, Iolanda Díaz Gallego encetou o seu discurso na ofrenda floral a Castelao no Panteón de Galegos Ilustres no convento de Santo Domingo de Bonaval.

Acompañaban á presidenta de O PENEDO-FOGAR GALEGO, de Barcelona, os membros directivos da sociedade galega da Cidade Condal señores Serafín García, Francisco Puga, Antonio López, X. A. Pet Posse, Xenxo Carballo, X. A. Seoane, Federico Gobartt, Carlos Priego, Emilio Fernández, e representantes doutras entidades galegas barcelonesas, señores Caamiña, Coello e Vázquez, así como numerosos socios de O Penedo. Noutro intre do seu emocionado discurso, Iolanda Díaz manifestou a esperanza de que a presenza dos restos de Castelao en Galicia sirva para irmandar a tódolos galegos sen menoscabo da pluralidade de matices e ideas. «Que o seu exemplo —findou— sirva para que todos comprendamos que debemos vivir en paz, facer unha Galicia mellor e rematar dunha vez por todas coa emigración.»

A continuación, na catedral, o canónigo don Manuel Ferro Couselo celebrou unha Misa en galego e funcionou o Botafumeiro e, seguidamente, os componentes de O PENEDO-FOGAR GALEGO asistiron a unha recepción no Axuntamento sendo recibidos polo alcalde en funcións, Xaime Castiñeiras.

A estancia do grupo en Compostela rematou cun xantar de irmandade ó que asistiron o presidente da Xunta de Galicia, Fernández Albor; o conselleiro de Educación e Cultura, Vázquez Portomeñe; o alcalde en funcións, Xaime Castiñeiras; o canónigo, Ferro Couselo; o xefe do Gabinete de Prensa da Consellería de Educación e Cultura, Miguel Gómez Ponte, e perto de corenta consocios de O PENEDO-FOGAR GALEGO.

El Progreso, 14-VIII-1984

Faro de Vigo, 16-VIII-1984

El Ideal Gallego, 17-VIII-1984

Díaz Fuentes: «Hai que emprender un verdadeiro movemento social e revitalizador de Galicia»

Invitado pola sociedade galega «O Penedo-Fogar Galego», de Barcelona, Antonio Díaz Fuentes pronunciou unha conferencia na sala «La Pedrera» cedida por Olegario Sotelo Blanco. O prestixioso abogado de Sarria, presidente de Coalición Galega e deputado do Grupo Centrista, foi presentado polo directivo Federico Gobartt da devandita institución que preside Iolanda Díaz Gallego. O tema tratou sobre «A Cuestión Galega Hoxe».

«Galicia —dixo Díaz Fuentes— é unha comunidade que se atopa coa responsabilidade do seu autogoberno, coa eventualidade do ingreso na C.E.E., con grandes problemas sociais derivados dunhas condicións industriais que non cumpriu e ante unha evolución a nivel internacional que está dibuxando unha concepción económica e cultural totalmente nova. Todas estas novidades —

engadiu— son ás que se debe facer frente agora. Hai que mobilizar os ánimos da nosa Terra e emprender un verdadeiro movemento social e revitalizador de Galicia.»

Díaz Fuentes referiuse máis adiante á serie de lacras e atrancos históricos debidos á carencia tradicional dunha burguesía «que non cumpriu un rol activo impulsor da sociedade», e criticou as relacións sociais de dependencia características en Galicia e que dificultan a estrutura cidadana. Tamén se referiu á falta de referencias éticas que o pobo galego contempla na vida pública e que comporta unha crise de credibilidade, unha actitude defensiva e excéptica manifestada no absentismo, xa tradicional, á hora do sufraxio.

«Hai que saír de todo iso —remarcou o conferenciante— potenciando a idea de galegitude. Débese partir da base de que ó noso pobo non lle abonda a institucionalización de Galicia. O noso pobo —afirmou— quere renovación e, polo tanto, débese atender ós modos operatorios de producir modificacións na realidade económica e social da nosa Terra.»

O político sarriano tamén dixo que o tema desarrollista «Non foi excesivamente atendido na tradición rexionalista galega» e findou a conferencia dicendo que «o tema económico está na conciencia e no movemento impulsor de hoxe».

Ó remate da disertación, seguida con gran interés polos asistentes, os directivos e socios de «O Penedo-Fogar Galego» agasallaron ó matrimonio Díaz Fuentes cunha cea de irmandade nun típico restaurante galego.

Faro de Vigo, 16-X-1984

Fernández Albor presidiu a inauguración da nova sé social

«O Penedo-Fogar Galego» inaugurou a nova sé social na rúa Av. Príncipe de Asturias, 4. O acto foi presidido polo xefe do Goberno galego, don Xerardo Fernández Albor, a quen acompañaban o conselleiro de Educación e Cultura, Víctor Manuel Vázquez Portomeñe; o deputado Ramón Trías Fargas, que ostentaba a representación do Honorable Jordi Pujol; o gobernador militar de Barcelona, xeneral Gómez Rica; o presidente da Diputación de Ourense, Victorino Núñez; o deputado Alfredo Sánchez Carro, que representaba ó presidente da Diputación de Lugo; o director xeral de Difusión Cultural da Generalitat de Catalunya, Albert Manent; o director do Gabinete Técnico da Presidencia da Xunta de Galicia, Gonzalo Anaya; o subdirector xeral de Promoción e Difusión Cultural, Severo X. Cebeiro Santiso; o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez; o director do Banco Pastor, Xosé Luis Nores; o director e o interventor de Caixa Galicia, señores Molíns e Moreda; os presidentes de tódalas entidades galegas, diversas personalidades, socios e amigos. Tras os discursos de ritual, o presidente Fernández Albor declarou inaugurado o local social e, a continuación, brindouse con viños da Terra servidos por Xosé Luis, do restaurante «Monte Medulio». Pola noite, no hotel Princesa Sofía, celebrouse unha cea de irmandade á que asistiron máis de dous centos cincuenta comensais.

Jordi Pujol co Penedo-Fogar Galego

Ó remate da cea, o Honorable Jordi Pujol, que presidiu a entrega dos premios de Santa Llúcia noutro salón do mesmo hotel, foi moi aplaudido por tódolos asistentes cando apareceu acompañado por Fernández Albor que, durante uns intres, estivera tamén na xuntanza catalana. «Viñen só para saudalos —dixo o presidente catalán— para manifestarlles a apertura da Generalitat a canto é cultura galega en Galicia e en Catalunya, para darlles as grazias pola súa actitude sempre moi positiva e moi constructiva aquí en Catalunya e, por suposto, para poder dicilo diante do presidente de Galicia que é un gran presidente e, sobre todo, un home que ama moi entrañablemente a súa Terra, primeira condición de honorabilidade de calquera persoa.»

O presidente da Generalitat afirmou que Galicia é un país que coa defensa da súa identidade, feita ó seu xeito, á súa medida e de acordo cos seus criterios, foi sempre un exemplo e un país co que Catalunya, dende os tempos de Brañas, tivo unha relación moi cordial. Jordi Pujol acabou dando as grazias ós galegos residentes en Catalunya pola súa presenza, pola vontade de comprensión e de convivencia e pola incorporación á nacionalidade histórica irmá.

Discursos de Trías Fargas, Iolanda Díaz e do presidente galego

«Os galegos encaixaron en Catalunya —dixo o profesor Trías Fargas na súa intervención— por moitas razóns que os fan semellantes, dentro do distintivo, ós cataláns: Os galegos son sentimentais, xente que reacciona co corazón, que se emociona cos bos sentimentos, que vive do espírito máis que da materia e, ó mesmo tempo, con cualidades moi catalanas. O galego é un home con iniciativa, un home que traballa e que sabe que soamente o traballo rinde de verdade. Por iso é respetado en todas partes.»

Referiuse, logo, ás diferencias culturais e de lingua entre os dous pobos «que nos levan a unirnos e comprendernos» e rematou o seu discurso coas seguintes palabras:

«Vexo con verdadeiro entusiasmo a presenza de vostedes en Catalunya. É moi positivo a nova sé social que acabamos de inaugurar. A presidenta daba grazias a Catalunya polo ben que recibimos ós galegos. Pois ben, dígolles a vostedes e ó presidente da Xunta: Grazias polo moito que están aportando a Catalunya.»

«O día de hoxe —remarcou a presidenta Iolanda Díaz Gallego— é un día de gran importancia para "O Penedo-Fogar Galego". Un día de ledicia pero, ó mesmo tempo, de compromiso que non pode quedar soamente en verbas e promesas. Temos a sorte —engadiu— de atoparnos nun país, Catalunya, que ten as mesmas ou semellantes inquiredanzas e, cando necesitamos calquera cousa, recurrimos ó director xeral de Difusió Cultural da Generalitat, o señor Albert Manent, que é o noso paño de bágoas. Os galegos queremos demostrar ós cataláns que nos queremos participar na cultura calatana pero, se ben é certo que estamos integrados en Catalunya, o sentimento noso está posto na Terra.»

Iolanda Díaz Gallego agradeceu a presenza de Fernaández Albor «que sempre responde ás nosas chamadas e está á nosa beira» e a de Jordi Pujol «que nos visitou para demostrarnos o garimo

que sinte pola colectividade galega» e a das autoridades barcelonesas e galegas así como a de socios e amigos. «Para todos —dixo— o noso maior agradecemento, unha alegría que nos sai do corazón, que nos dá pulos para seguir loitando e defender todo o relativo á nosa Terra e á súa problemática. "O Penedo-Fogar Galego", que xa é unha realidade con preto de dous centos socios —findou a presidenta Iolanda Díaz Gallego— traballará en colaboración con tódalas entidades e irmandades galegas de Catalunya para honrar Galicia e a súa cultura.»

Pechou o acto o doutor Xerardo Fernández Albor que, despois de afirmar que Galicia e Catalunya están identificadas por problemas comúns de identidade cultural, de autonomía, de consolidar a democracia e a liberdade, referiuse á idea expresada polo profesor Trías Fargas «os galegos teñen a sorte de identificarse co pobo que os acolle sen perder as raíces» e engadiu: «Galicia é un sentimento que levamos dentro e non perderemos nunca».

«O Penedo-Fogar Galego» —continuou o presidente da Xunta de Galicia—, como ben dixo Iolanda, está a facer un bo labor, como o fan tódalas células de universalidade. Eu diría máis: como o fan tódalas células de galegitude. E teño o deber de agradecer este exemplo de identificación coa cultura de Catalunya e de amor a este pobo que os acolleu. Para min é unha honra — findou o presidente do Goberno galego— escoitalle ó Molt Honorable Jordi Pujol e ó profesor Ramón Trías Fargas que o pobo catalán está agradecido ós galegos porque saben querer esta terra. Quero felicitarvos pola sé social que hoxe inauguramos. Gracias a todos en nome de Galicia.»

Faro de Vigo, 23-XII-1984

El Ideal Gallego, 26-XII-1984

Visita do «LICEO CAIXA GALICIA»

No recén inaugurado local social de O Penedo-Fogar Galego, Leopoldo Clavería, colaborador en Barcelona do Liceo Caixa Galicia, fixo a presentación dos xogadores coruñeses de hockey sobre patíns «para crear simpatizantes —dixo— entre a numerosa colonia galega residente en Catalunya, lugar de continuados desprazamentos dos liceístas porque a maioría dos equipos da División de Honor-Trofeo "Paulino Martín" son cataláns».

Presidiu a xuntanza a presidenta da entidade, Iolanda Díaz Gallego, e os xogadores Daniel Martinazzo, Areces, Huelves, Quico Alabart, Mario Rubio, Luis Garvey, Carlos Figueroa, Pablo del Moral e Alberto Galmán firmaron autógrafos e contestaron a cantas preguntas lles fixeron os numerosos asistentes. Tamén se pasou un video sobre as actividades do club campeón de Liga 1982/83, de Europa Copa CERS 1982/83 e da Copa do Rei 1983/84 e, ó remate, nun ambiente de gran irmandade, deportistas e simpatizantes brindaron no restaurante «Monte Medulio» polo triunfo no actual campionato de Liga.

Daniel Martinazzo, reincorporado ó Liceo onde xa xugara a temporada 81/82 e que foi campeón do mundo co equipo italiano Vercelli, manifestou que na Escola Leyma —donde el é

profesor— están a especializarse moitos rapaces: «aínda hai moito por facer —recoñeceu— para conseguir un nivel óptimo do hockey pero estamos a traballar duro e esperamos que o noso labor axiña dará bos resultados». E o delegado do equipo, Pepe Guillín, e o entrenador, Carlos Gil, coincidiron ó afirmar que cada enfrentamento é para eles unha verdadeira final en espera do partido contra o Barcelona, a celebrar o día tres de febreiro no Palau Blaugrana onde se decidirá o campionato da División de Honor.

Xaneiro 1985

PEÑA GALEGA DE CASTELLDEFELS

Homenaxe a Manuel Dopico

Organizado por entidades deportivas, turísticas, asociacións de veciños, C.I.T., hostelería, etc, e coa participación da Peña Galega de Castelldefels, no hotel Mediterráneo, propiedade de Constantino Mariño, un galego de Mondariz moi vencellado a Castelldefels, socio do Centro Galego de Barcelona e activo membro da Peña Galega, celebrouse unha homenaxe ó concellal de Turismo, Manuel Dopico Villodres.

A abondosa representación galega estivo presidida polo secretario do Centro Galego de Barcelona, Amador Rosas Outes, que suliñou o agradecemento da colectividade galega ó señor Dopico, concellal de Turismo na actual Corporación e de Relacións Públicas na anterior, que veu facilitando dende hai moitos anos a celebración da festa do Patrón Santiago no castelo de Castelldefels coa xenerosa aportación do pobo representado polo Concello.

En nome da Peña Galega da turística vila, o señor Vázquez Sotelo recordou outros actos de irmandade galaico-catalana nos que sempre foi protagonista o señor Dopico, tales como a inauguración da Ronda Don Ramón Otero Pedrayo «un feito exemplar, mesmo para Galicia —dixo— que non se pode botar ó olvido». A continuación, o señor Vázquez Sotelo leu un telegrama da Fundación Otero Pedrayo de adhesión ó homenaxeado e un grupo de gaiteiros composto por Francisco Calvo, Amador Casanova, Manuel Santín e Carmina Calvo, interpretaron composicións populares galegas.

Tras os discursos do señor Mariño, que falou en representación da Hostelería, e das diversas entidades, Manuel Dopico, visiblemente emocionado, agradeceu a colaboración de cantos fixeron posible as realidades e melloras conseguidas e ofreceuse para seguir traballando en defensa dos intereses do pobo de Castelldefels, un dos núcleos turísticos máis importantes de Barcelona.

Faro de Vigo, 25-X-1983

«SARGADELOS», GALERÍA DE ARTE

«TRASATLANTIC - Ciclo de Arte Novo Galego, 1983-1984».

Na galería «Sargadelos», que ven actuando máis como institución cultural que como galería de arte privada, inaugurouse «TRASATLANTIC - Ciclo de Arte Novo Galego, 1983-1984» no que participarán, ó longo de nove meses, Reimundo Patiño, Correa Corredoira, Manuel R. Moldes, Alberte Permuy, Menchu Lamas, Alberto Datas, Fermín Encinar e Xaime Cabanas.

Coordinan este Ciclo Xosé Ramón López Calvo, Alberte Permuy, Pilar Corredoira, Gloria Picazo e Xoan Anleo que esculleron o vocablo TRASATLANTIC polo que ten de vencello coa idea de grandes naves surcando océanos, como colosos transvasadores de modas e culturas e como nexos de unión intercontinentais. Con esta mostra tratan de presentar en Barcelona, un grupo de xóvenes artistas galegos con identidade propia, conscientes da importancia do intercambio cultural coa creación actual catalana.

Á inauguración asistiron gran número de invitados cataláns e galegos. Críticos, pintores, escritores e profesores da Universidade, entre os que se atopaban coñecidos membros da colectividade galega, tales como Basilio Losada, Costa Clavell, Moncho Tabarés, o pintor Alfonso Costa, os poetas Xosé M.^a Costa, Margarita Ledo e Xosé Lois García, o escritor Xesús González, o presidente do Centro Galego, Manuel Pérez Guerra, e numerosos amigos do artista.

Outono, 1983

Reimundo Patiño

A traxectoria de Reimundo Patiño nos eidos da plástica é longa e abundosa. No ano 1960 expuxo, por primeira vez, co Grupo Boj en Valencia; en 1961 e 1962 deuse a coñecer en Lugo, Buenos Aires, Vigo e Luviana (Iugoeslavia) co Grupo A Gadaña; participou tamén cun arte moi comprometido na exposición itinerante «Estampa Popular Galega (1968-1970)» nas principais cidades galegas e en Montevideo. Na década dos setenta, Patiño expuxo en numerosas ocasións en Madrid, Barcelona e, practicamente, en toda Galicia colaborando, ademais, nas homenaxes ó Che (La Habana), a Blanco Amor e Luis Seoane; facendo grabados, comics ou publicacións de libros. Nesta década, Reimundo Patiño sigue superándose na tarefa creativa destacando a mostra que levou á 5.^a Bienal Internacional de Pontevedra e, últimamente, as presentadas no Círculo das Artes de Lugo e no Pazo Xelmírez de Santiago.

Os lenzos do pintor coruñés tiveron gran éxito de crítica porque o importante da súa pintura é que en vez de empregar trucos ilusionistas facendo distancias falsas, traballa soamente coa densidade e superposición dos pigmentos do lenzo. Nos cadros de Patiño o centro dos eixos de

perspectivas son substituídos por diversos eixos de coordenadas. Non hai que falar da antítese figurativa non figurativa, contradición que deixou de existir na pintura moderna porque, dende que se inventou a fotografía, o artista pode obrar con liberdades plenas para expresar doutros xeitos a realidade do home de hoxe. E, dende logo, a plástica sigue sendo figurativa porque, ó cabo do tempo, ensina aspectos da verdade que antes non tiñamos ollado.

Os cadros de Patiño móstrannos un artista dunha gran disciplina formal e apaixonado, que traballa sobre esquemas que se ven rebordados pola cor, como se a paixón superara a razón e a lóxica. A obra de Patiño, con manchas moi rápidas e cunha gran sensibilidade cromática está moi perto do expresionismo alemán e do informalismo norteamericano. A súa pintura baséase, máis ben, na harmonía dos múltiples centros nos diferentes espazos mesturados nun mesmo lenzo. Patiño fuxe da tradición que poderíamos chamar do estatismo mediterráneo e mergúllase nas formas xeroglíficas e na fantasía da arte popular galega e nórdica abrindo amplos vieiros a unha xeneración nova de pintores comprometidos coa cultura da nosa Terra.

«Abriu o Ciclo Reimundo Patiño —dinos Alberte Permy— porque inda que é doutra xeneración (naceu no 1936), no valeiro total que se daba en Galicia nas décadas dos sesenta e dos setenta, el xa estaba facendo este tipo de pintura. Patiño —engade o amigo Alberte— é coma un pórtico que conecta coas tendencias que se están dando no mundo da plástica actual.»

E Pilar Corredoira, licenciada en Historia e coñecida crítico de arte, suñña:

«É un pintor moi actual que, hai moitos anos, descubriu esta pintura que se leva hoxe, unha pintura viva, moi expresionista e moi forte.»

Faro de Vigo, 1-XI-1983

Correa Corredoira

Moitas veces temos oído requintadas interpretacións do qué se entende por arte. Cada crítico e mesmo cada creador expón a propia idea da creación plástica, musical ou literaria analizando as técnicas empregadas polo autor comparándoo con grandes mestres consagrados ou encaixonando a súa obra nun «ismo» de moda. Coido que para certificar a autenticidade dun bo artista non é mester empregar longas retóricas nin afondar en cavilacións filosóficas. Abonda con «sentirse impresionado» pola creación contemplada. Iso é o que nos sucedeu na Galería «Sargadelos» ó «bater» cos lenzos do pintor coruñés Correa Corredoira, óleos que expresan un estado de ánimo do autor, transmitido con enerxía e que o contemplador percibe como un gozoso descubrimento. Así, diante do tríptico «Work in progress» reverdecen en nos as vivencias dunha xuventude cada vez máis lonxana na que a representación do pecado, o temor á Xusticia divina e a vergonza de ser descubertos loitaban despiadadamente co amor apaixonado condicionado por uns supostos que aínda se dan hoxe en día.

«Grávidas, I, II, III», como deusas da fecundidade e de interés dende as Venus paleolíticas, tema que poderíamos calificar de eterno, e «Maternidade I» son cadros tamén «verdadeiros» que rebordan sinceridade e, coma unha exposición das vivencias máis íntimas do pintor, agroman da propia realidade familiar, están plasmados con garimo e erguen ó artista á categoría de cocreador.

Correa Corredoira, coa mostra presentada en Barcelona adicada á memoria do esgrevio escultor Mon Vasco, está a facer unha pintura de ruptura respecto de moldes preestablecidos. Estudia a luz, a factura plástica, a valoración exacta das cores e do espacio dun xeito analítico, conseguindo que o conxunto dea unha síntese da imaxe contundente e sólida que pretende, como sucede en «Maternidade II», incrustada nunha pedra granítica e que nos fai pensar que a forza expresiva de Correa Corredoira resolverase incorporando a escultura ó seu traballo artístico.

Faro de Vigo, 4-I-1984

Manuel R. Moldes

O pontevedrés Manuel R. Moldes presenta varias mostras de óleos nas que interpreta as súas propias vivencias con sinceridade, por vieiros de liberdade e con afáns renovadores nunha liña expresionista, dándonos unha visión da vida cotián analizada cun xeito orixinal de concebir e sentir.

Diante da mostra de Manuel Rodríguez Moldes atopámonos con temas relacionados cos cabalos dos nosos curros —«Artellando pouco a pouco»— e con guerreiros medievais —«Ao Galope»— tratados con pensamento de home de hoxe. Ante o cadro «Columna, Cabalo, Carballo» sentimos a impresión de que o pintor entrou, de algunha maneira, nuns derroteiros con matices moito máis metafísicos, tratando de configurar o que pode ser a estética galega da década dos oitenta. Tamén enxergamos unha presenza de elementos arquitectónicos —lóxica se pensamos na súa formación artística— no tríptico «Presenzas de Alfonso X» en procura dunha figuración máis dura mergullándose no fondal do misterio.

Manuel R. Moldes (1949) estudou na Escola de Arquitectura e traballou no obradoiro da Escola de Artes e Oficios de Madrid. Home moi vencellado coa cultura galega, colaborou na revista «Vagalume» e presentou «Euioa Acción» no I Congreso de Escritores en Lingua Galega celebrado no Mosteiro de Poio. Na catualidade é membro de «Atlántica».

Ademais da súa presenza en numerosas exposicións colectivas, entre as que sulñaremos a 7.^a bienal de Pontevedra, expuxo en case tódalas cidades galegas, en Oviedo, Santander e Madrid. A súa obra atópase en numerosas coleccións particulares, no Museo de Castrelos de Vigo, no Concello da Coruña, no R. C. Náutico de Las Palmas de Gran Canaria e no Museo de San Antón de Cidade Herculina.

Faro de Vigo, 24-I-1984

Alberte Permuy

A mostra presentada na Galena «Sargadelos» polo amigo Alberte Permuy, home moi querido na colectividade galega polo seu vencellamento á cultura de Galicia, foi acollida con críticas moi favorables nos medios artísticos barceloneses debido á orixinalidade da súa linguaxe plástica.

Alberte Permuy, nado en Barallobre (A Coruña) o ano 1955, reside na Cidade Condal onde fixo estudos de arte na Escola Eina. O xoven artista, becado polo Ministerio de Cultura (1982) xa ten unha obra abondosa e participou en numerosas exposicións colectivas e individuais nas máis importantes cidades de España, en Lisboa, París, Perpiñán, Nápoles e Zushi (Xapón).

«Trasatlantic» —Ciclo de Arte Novo Galego— ofrece ó espectador da obra de Alberte Permuy uns dípticos nos que as dúas pezas que componen o cadro —case sempre figuras orgánicas que se confunden coa vexetación— manteñen un contraste de diálogo de significación e de composición de cor tendente a formar unha unidade nova. O artista fai composicións de figuras de animais con elementos vexetais contrapostos, relacionados entre sí, e tratando de crear imaxes pictóricas propias a base de conxugar formas a medio representar que, en principio, non se corresponden.

Os acrílicos sobre tela do pintor coruñés teñen un aire ambiguo na súa figuración e deixan unha porta aberta a múltiples lecturas para o espectador, dentro dunha linea expresionista, de pincelada xestual e cores fortes que acadan unha orixinal simbiose coas gamas complementarias.

Inda que poidan semellar frescos e espontáneos, os cadros están moi traballados e adivínase neles un labor de moitas sesións de estudio afondando na construción da imaxe e na relación dos tonos ata acadar o resultado anxeado.

É de agradecer o mecenazgo de Isaac Díaz Pardo que cedeu a sala «Sargadelos» para dar a coñecer os xóvenes pintores galegos. Coidamos fundamental que Galicia e Catalunya se comuniquen reciprocamente e non dubidamos que este encontrarse de dúas culturas —a atlántica e a mediterránea— será positivo para as dúas comunidades históricas.

Faro de Vigo, 29-II-1984

Menchu Lamas

Neste remate de inverno e durante os primeiros días de primavera, podemos admirar os acrílicos de Menchu Lamas (Vigo, 1954) que, por primeira vez, expón en Barcelona tras darse a coñecer en Pontevedra (1981) e en Madrid (1982-1984). Pero a esta presenza individual temos que engadir que participou noutras exposicións colectivas en Vigo, Murcia, Madrid, Suíza, París, Xapón, Lorient, A Coruña, Santiago e Estocolmo (no voluminoso catálogo da mostra celebrada na capital sueca figuraba na portada un cadro de Menchu Lamas) e temos que suñar tamén a súa destacada colaboración co grupo Atlántica, méritos creativos postos de manifesto na publicación «Artistas Galegos Arco/84», editado pola Xunta de Galicia.

A artista viguesa sinte a arte plástica como unha necesidade e, segundo propia confesión, a pintura para ela non é unha profesión, é unha forma de vida e unha necesidade que sinte na carne. «A min —engade— gústame coller a brocha, mollala ben no bote e embadurnar. Neste sentido, a miña pintura é bastante crúa.»

Nos lenzos que presenta en «Sargadelos» xoga con elementos moi concretos: peixes, cobras, lúas que semellan símbolos moi sinxelos pero, na realidade é moi complicado eliminar formas ata conquistar a síntese e a raíz íntima da idea máis elemental. O mellor das súas telas, dentro dunha estrutura vertical, son os tonos planos e moi fortes, uns enriba dos outros, e os contrastes verdes, marelos, azuis que predominan nos bordos dos cadros.

Menchu Lamas logra con éxito a composición duns acrílicos de gran amplitude nos que reinventa anatomías telúricas, ritos míticos e crea fábulas, como o home sardiña, os siameses cunha soa cabeza, o astronauta pescador e os ofidios enrodelados nunha dualidade vertical que se transforma nun expresivo conxunto horizontal.

Faro de Vigo, 23-III-1984

Alberto Datas

Vencellado a grupos galegos como «Atlántica», Alberto Datas é un coruñés afincado en Madrid onde exerce como profesor da Facultade de Bellas Artes dende 1970. Alberto Datas Panero estudou nas escolas de Artes e Oficios da Coruña; na de Bellas Artes de San Fernando de Madrid; en Venecia e Roma. Conqu Coastline importantes premios, entre outros, a Medalla de Ouro San Raimundo de Peñafort (1960); o Premio de Honor na Exposición nacional de Escolas de Bellas Artes de Santander; o Primeiro Premio de pintura «Exposición de Arte Galego (1963); a Medalla de Bronce na IV Bienal de Alexandría; o Premio Roma (1970) e a Mención especial da II Bienal nacional de Bilbao. Presentou exposicións individuais en Madrid, Vigo, A Coruña, Jaén, Valladolid, Oslo... e colectivas, en varias cidades de España, en Salerno, Florencia, Montevideo e na Mostra Internacional da UNESCO, de Roma.

Gran coñecedor da técnica e dos procesos a seguir deica acadar o que sé propon, non ten problemas entre abstracción ou figuración. Uns lenzos son máis representativos dunha realidade visual; outros profundan no íntimo, son suxerencias que se van desfecendo en función do interese plástico e apenas se adivinan vestixios de figuración que nun comenzo podía haber. O artista elabora diferentes formas e interrelaciona os distintos elementos que se van sucedendo nos cadros, por veces, loitando entre sí ata encher exuberantes inquiredanzas creativas.

Nos temas «Cabezas», dentro dunha postura expresionista, o seu xeito de pintar ten moito de abstracción porque, realmente, o sistema de traballo é totalmente informal. O que ten importancia no cadro, máis que sexa unha cabeza, é cómo está percibida e o impacto que causa ó expectador.

Faro de Vigo, 16-V-1984

Fermín Encinar

A actividade creadora do artista monfortino residente na Coruña é importante e abundosa. Con varias exposicións individuais na Cidade Herculina, Monforte, Santiago e Vigo e outras colectivas en Madrid, Barcelona, Valencia, Pontevedra e en salas de arte de Holanda, Italia, Alemania, México e Francia, o Fermín está considerado como un dos pintores actuais mellores na liña do expresionismo, que ten moito que ver co barroquismo de pintores nosos tan representativos como, poñamos por caso, Laxeiro ou Colmeiro.

Os cadros que trouxo a Barcelona corresponden a unha serie de circo —cabalistas, trapecistas, funambulistas, contorsionistas...— e outra de cabezas que el titula «persoeiros», feitos cunha concepción plástica que conecta coa idea dun intre concreto da figura plasmada.

Fermín Encinar (1953) non tenta facer pintura agradable porque a arte é forza e vitalidade e, inda que traballa nunha liña figurativa, máis non blanda, mantén vencellos coas innovacións de hoxe en día. Unha cousa son as sensacións establecidas e outra a creación, como está a suceder coa poética —el é tamén un inspirado poeta— por iso nos sorprenden as vivas cores que emprega e o impronto que nos transmiten os seus lenzos.

A punto de rematar «Trasatlantic - Ciclo de Arte Novo Galego, 1983-1984», que nos deu a coñecer tantos artistas da nosa Terra, pensamos que a plástica galega está saíndo das canles tradicionais e mergúllase de cheo e con forte pulo nas correntes vanguardistas europeas.

Xuño, 1984

Presentación de IRISPAXAROS

IRISPAXAROS, libro para bibliófilos, con textos poéticos de Xavier Seoane e imaxes gráficas de Facal, foi presentado na Galería de Arte «Sargadelos» por Basilio Losada Castro que afirmou: «Xavier Seoane é para min un dos grandes poetas destes últimos dez anos, verdadeiro século de ouro da poesía galega». E engadiu: «Seoane, ó establecer xa o equilibrio perfecto entre a esixencia da creación e da eficacia da comunicación estéticas, comprendeu que a virtualidade e a potencia emotiva da palabra non están só no contido explícito senón na súa capacidade de suxerir. Poesía —suliñou— é escribir de tal xeito que quen recibe a mensaxe recibe unha mensaxe visceral e non unha mensaxe conceptual».

O profesor Losada Castro rematou a súa intervención coas seguintes palabras:

«Da conxunción da obra lírica de Seoane, absolutamente nova na poesía galega, cos grabados de Facal, que son dun refinamento técnico e dunha categoría creativa inmensa, saíu a obra máis afortunada de toda a historia do libro galego.»

A parte gráfica de IRISPAXAROS componse de oito serigrafías sobre acetato transparente e de quince grabados coas variedades de augafortes, punta seca, augatinta e outras técnicas gráficas sobre papel francés ARCHES. A edición consta de vinteseis exemplares.

Unha das novidades do libro é a introducción lúdica de xogo entre os papeis e os acetatos superpoñendo unhas imaxes ás outras e ós textos xa que non ten unha orde preestablecida. As follas pódense intercambiar a vontade do lector que, deste xeito, en certo modo, participa como protagonista. As formas plásticas son sinxelas e empatan coa tradición petroglífica galega, e as cores, moi primarias, multiplícanse coa superposición das imaxes podendo observarse referencias á temática do mundo oceánico e dos fondos mariños que son constantes da personalidade pictórica do artista carballés.

Ademais dos autores, asistiron á presentación de «Irispaxaros» os poetas Xoan Manuel Casado, Xosé Lois García, o escritor Xesús González, a vicepresidenta do Centro Galego, Pilar Corredoira, e os poetas Manuel María, Xulio L. Valcárcel e Miguel Anxo Fernán-Bello, da Asociación de Escritores en Lingua Galega, congresistas do «Encontro de escritores galegos, bascos e cataláns» celebrado en Barcelona, Sitges e Poblet.

El Ideal Gallego, 3-VIII-1984

Presentación de ORTIGAS DA MEMORIA

«"Ortigas da Memoria" é unha ceibe simbiose —dixo Xavier Costa Clavell ó se referir ós grabados de Perfecto A. Estévez e ós poemas de Cesáreo Iglesias— na que os dous creadores, o poeta e máis o grabador, converxen achegándose polos vieiros das súas respectivas sensibilidades ó se inspirar nuns motivos semellantes.»

A presentación da carpeta, cunha edición de 25 exemplares compostos por nove grabados en linoleum de gran expresividade cromática e outros tantos poemas de fondo lirismo, tivo lugar na galería de arte «Sargadelos», de Barcelona, nunha xuntanza cultural á que asistiron, ademais do grabador ourensán residente na Coruña, os pintores Facal e Alfonso Costa, o profesor Basilio Losada, os poetas Xosé Lois García e Xosé M.^a Costa, a vice-presidenta do Centro Galego, Pilar Corredoira, e numerosos amigos dos autores.

El Ideal Gallego, 10-X-1984

O conseller Joan Rigol presidiu a exposición bibliográfica de Castelao

Tamén pronunciaron discursos Ramón Piñeiro, Paz Andrade e Martínez López

«Irmáns galegos que estades entre nós, lémbrovos para sempre que o noso é un vello ideal de paz a través da obra deste home singular que foi Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Catalunya e Galicia atópanse, de novo, nunha irmandade de agradecemento.»

Con estas palabras pronunciadas en galego, o conseller de Cultura da Generalitat de Catalunya, Joan Rigol, inaugurou a exposición gráfico-bibliográfica e documental organizada polo Seminario de Sargadelos coa colaboración de Víctor Moro e Basilio Losada, residentes en Barcelona. A mostra está exposta no Palau Moja, do Departamento de Cultura da Generalitat, e clausurarase o día 28 de decembro.

No acto interviron Ramón Piñeiro, Valentín Paz Andrade, Ramón Martínez López e o conseller Joan Rigol. O autor de «Filosofía da Saudade» empezou afirmando que a evolución histórica da recuperación da personalidade de Galicia debeuse ó esforzo de moitos dos intelectuais e artistas que tiñan unha conciencia máis lúcida e máis crítica fronte á situación tradicional de sumisión e de marxinación de Galicia e, tras analizar a figura de Rosalía de Castro no século XIX, dixo: «O mesmo labor fíxoo Castelao co seu lápiz de artista, cos dibuxos e os textos que os acompañaban ó expresar gráficamente a realidade humana da Galicia popular e verdadeira».

O profesor Ramón Piñeiro rematou a súa intervención con estas palabras: «Castelao no século XX, como Rosalía no XIX, son os máximos símbolos e as representacións, non dun sector político nin dunha corrente cultural, senón da Galicia mesma. Castelao significa para nós, os galegos, unha realidade viva, fonda e permanente».

A continuación, Valentín Paz Andrade, biógrafo de Castelao, encetou o seu discurso agradecendo a iniciativa de Isaac Díaz Pardo e explicou a historia das relacións entre Galicia e Catalunya, especialmente da mutua colaboración na revista «Galeuzca» «na que vascos, cataláns e galegos —dixo— mantiñan unha mesma idea e foron trazando un regueiro de luz ideolóxica».

Referiuse tamén ós dibuxos de negros e ós de guerra feitos por Castelao na emigración, concretamente, «Milicianos», «Galicia Mártir» e «Atila en Galicia» e sulíñou que «forman unha obra de tal calidade gráfica, de tal emoción contida, que dende Goya non se tiña dado na arte unha expresión semellante».

Don Ramón Martínez López, presidente e membro fundador do «Seminario de Estudios Galegos», manifestou que a devandita institución fundouse o 12 de outubro de 1923 por influencia da Institución Libre de Enseñanza e recordou que os cataláns xa crearan en 1906 o Institut d'Estudis Cataláns.

«O Seminario —dixo— foi gloria para lingüistas e para a crítica literaria daquel período e acolleu intelectuais de toda Galicia. Calquera cousa que se refira á cultura neste século —engadiu— ten que ligarse necesariamente, como fenómeno xeneracional e político, ó que se chamou Xeneración "Nós", integrada por Castelao, Risco, Cabanillas, Otero Pedrayo...»

Noutro intre da súa exposición, don Ramón Martínez, profesor durante trinta anos nos EE.UU. e actual presidente do Partido Galeguista, remarcou que á Xeneración «Nós» débémolle que

Galicia deixara de ser unha idea folklórica, unha noción histórico-literaria e que se convertira nunha realidade cultural. «Iso —afirmou— gracias, fundamentalmente, a Castelao.»

O conseller Joan Rigol, que pechou o acto, insistiu en que paga a pena que todos xuntos tomemos conciencia do que estamos a facer porque «namentres existan persoas expresarémonos a nós mesmos a través do noso propio pobo». E engadiu: «As persoas non somos seres aillados nin queremos que se nos poñan barreiras, á veces, dicindo que somos anticuados e estrictamente tradicionais, que é a maneira de nos ir reducindo. Os nosos pobos tirarán adiante para que esta cultura sirva para ensamblar tódolos pobos e iso é o que estamos facendo agora con este reencontro aquí». Noutro momento do seu discurso, o conseller de Cultura dixo que un pobo non é unha cousa pechada nin algo xa feito, é sempre un proxecto dinámico de convivencia no seu interior e de comunidade e convivencia tamén nas súas relacións cos outros pobos.

«Eu digo —remarcou— que na convivencia de tódolos pobos do Estado español hai unha gran riqueza de espírito cultural, un gran proxecto de nos mesmos na medida en que asumimos conciencia de que formamos parte dun pobo, dunha cultura. A suma disto é unha suma enriquecedora porque é unha suma de valores culturais, de valores do espírito e iso quere dicir das persoas. Nós, os homes de Galicia e Catalunya, probablemente teremos que recordar sempre que este proxecto existe, que é posible o respecto profundo á persoa e o respecto profundo ó rastro que deixan as persoas. E iso é bo que o digamos hoxe aquí —findou o honorable conseller— e quero engadir que o meu Departamento síntese moi honrado de recibir esta exposición porque durante uns días facémonos depositarios da obra dun gran persoeiro do pobo de Galicia e queremos facelo con toda dignidade.»

El Progreso, 28-XII-1984

LOMARTI

Xoan Xosé López Martínez —LOMARTI nos eidos artísticos—, dende o día 11 ata o 30 de abril, presenta os seus lenzos na Galería «Sargadelos», de Barcelona.

O xoven pintor, segundo manifestou Isaac Díaz Pardo o día da inauguración da súa abondosa mostra, é un dos valores máis prometedores da plástica nova luguesa. Nado en 1957, LOMARTI, dende hai doce anos, adicouse sempre á pintura e presentou a súa obra en varias cidades galegas, en Salamanca, Segovia, na II Bienal de Pintura Contemporánea de Barcelona, en Londres, Burdeos e L'Orient.

LOMARTI, aínda que cursou un ano na Escola de Artes Aplicadas de Lugo, considérase un autodidacta. Empezou pintando bodegóns e paisaxes, pero a súa teima era profundar na creación artística e, nunha nova etapa, fixo pintura matérica con incrustacións de coiros, trapos, áreas, ata chegar a un expresionismo abstracto moi colorista.

«O que teño na idea —dinos— é unha mezcla de figuración con surrealismo, e intento representar o home espiritualmente, o home que non se pode palpar.»

LOMARTI, con tendencia a empregar cores ocre, nos seus lenzos representa a dor, o sufrimento, o espírito salvaxe do individuo que se metamorfosea en ofidio ou monstro. O artista, desalentado polo infortunio —aínda está a sufrir as consecuencias dun grave accidente— recréase expresando a miseria humana e dá unha importancia semellante ós cuadrúpedos e ós homínidos dentro, sempre, dunhas canles e unha técnica moi depuradas.

El Ideal Gallego, 20-IV-1985

Teresa Rego

De rapaz, no barrio onde residía na Cidade Condal, había artesáns, mesmo na miña familia, que me aglaaban co vertixinoso ruxir dos «palillos» cantareiros entre os seus dedos, a trenzar fíos durante longas horas ata acadar asombrosas pequenas obras de arte. Arenys de Mar era o centro principal das famosas puntillas catalanas, tradición que desapareceu practicamente no decurso de tres décadas.

Lembro que o amigo Xosé Luis Blanco Campaña nos seus programas radiofónicos aproveitaba para contarlles ós oíntes e ós amigos as excelencias dos encaixes de Camariñas. Co gallo de actos culturais, incluso presentou pequenas mostras do quefacer das donas e rapazas do seu pobo, arte que tiven ocasión de apreciar unha tarde de verán, namentres «palillaban» incansables e algareiras coma o ir e vir das gavotas no porto. Como en Barcelona, matinaba eu, a anterga tradición artesá de Camariñas estaba condenada a esmorecer. Igual ca outras, morrería afogada polo seudoprogreso.

Hoxe, na Galería Sargadelos, con gran ledicia, comprobei o meu erro. A profesora Teresa Rego, que une á súa profesión na cátedra de filoloxía un afervorado amor polo rexurdir das tradicións autóctonas —neste caso os encaixes do seu pobo de nacemento— presenta unha abondosa exposición de creacións impecables deseñadas por ela, con inspiración e talento artístico, comentado moi favorablemente pola concurrencia de entendidos impresionados pola calidade e variedade da mostra.

Teresa Rego rescatou dibuxos, furgou nas raiceiras da tradición e conseguiu que os nobres e maravillosos labores de Camariñas feitos con fíos de primeirísima calidade de liño de Holanda, seda da India, batista de Suíza e algodón poidan competir, como xa dixo Fernando Mon, cos mellores encaixes de Brujas e Malinas.

A mostra, que estará exposta dende o 15 de maio ata o 15 de xuño, vai ter mester de moitas reposicións porque as señoras catalanas, descubridoras do valor e perfección dos acabados de Camariñas, sintense moi interesadas polos produtos de Teresa Rego, «Raiña de Camariñas» «hoxe a

gran artista e a promotora de máis nivel e sensibilidade da arte palilleira», como, acertadamente, escribiu Enrique Caruncho.

El Ideal Gallego, 24-V-1985

VISITA OFICIAL DO MOLT HONORABLE JORDI PUJOL A GALICIA

Diario da viaxe co president catalán

O mercóles, primeiro de febreiro, voabamos por riba do monte do Gozo —meta anxeiada polos peregrinos para ollar ó lonxe as torres da catedral xacobeá— contemplando a vizosa terra galega e a vella Compostela. Facía hora e media, emprendéramos viaxe no aeroporto do Prat onde o honorable Coll i Alentorn acudira para despedir ó president Jordi Pujol a quen acompañaban, ademais da súa dona Marta Ferrusola, os conselleiros de Cultura e Sanidade, Max Cahner e Josep Laporte, ós que se engadirían, o xoves, Macià Alavedra, de Gobernación, e Vicens Oller, de Industria. Tamén viaxaban co Molt Honorable Jordi Pujol o secretario da Presidencia, Lluís Prenafeta; o xefe de Protocolo, Raúl Rancé; o asesor xurídico da Presidencia, Xaime Castro, santiagués afincado en Barcelona, e, en representación da Colectividade galega, os presidentes do Centro Galego de Barcelona, Manuel Pérez Guerra; da Irmandade «A Nosa Galiza» de Mollet, Xosé Manuel Caamiña Varela; do Centro Cultural «Rosalía de Castro», de Cornellà, Avelino López Valcárcel; e este cronista. Ademais, formaban parte do séquito o señor Ferrán e Salvador Sala, do departamento de prensa da Generalitat, os enviados especiais dos medios de comunicación e membros da escolta do president, catro da Seguridade Nacional e catro Moços d'Escuadra.

Na maravillosa praza do Obradoiro

No aeroporto de Labacolla, onde foi recibido polo presidente da Xunta de Galicia, Xerardo Fernández Albor, e polo vicepresidente político, Xosé Luis Barreiro, agardaban tamén ó president Jordi Pujol directivos do Llar Català da Coruña que preside Enrique Emboda. Intres máis tarde, a comitiva trasladábase ó Hostal dos Reis Católicos. Pouco antes do inicio dos actos oficiais, Jordi Pujol manifestoume:

«Sinto unha grande satisfacción ó me atopar en Galicia, en viaxe oficial, correspondendo á realizada a Catalunya o pasado ano polo presidente Fernández Albor. Como presidente da Generalitat e como político, teño unha simpatía persoal por este país que nos recibiu cun día típico de orballo. Esta maravillosa praza do Obradoiro (xa estaba saíndo o sol) é unha das máis fermosas de cantas coñezo.»

Castelao no recordo

Tras a interpretación dos himnos galego, catalán e español pola Banda Municipal, o president acudiu ás dependencias da Xunta de Galicia cedidas provisionalmente polo Axuntamento no Pazo de Raxoi (¿para cando un pazo propio?) onde se respiraba día de festa. Coincidindo coa visita de Pujol, estreouse o novo Salón do Consello e foi moi favorablemente comentada a adicatoria, rematada cunha frase de Castelao, que o president escribiu no Libro de Ouro: «Fálovos en galego, sei que me entendedes. Outros, en troques, endexamais entenderán. Vimos, por enriba de todo, co noso sentimento».

Vencellados á cultura de orixe

Logo, no Palacio de Fonseca, sé do Parlamento Galego —xoia arquitectónica inaxeitada para ubicar tan importante Institución— Jordi Pujol, contestando ó discurso en galego do vicepresidente Pablo Moure Mariño, suliñou a importancia da autonomía das nacionalidades históricas «para afortalar —dixo— a nosa identidade como pobo». Fernández Albor, concordando co president catalán, rematou o seu discurso cunha frase de Ramón Piñeiro: «Somos galegos por nación, españois por historia e europeos por cultura».

No Axuntamento, o alcalde socialista Xerardo Estévez, recibiu ó primeiro president da Generalitat que visitaba Galicia, co ceremonial e a distinción de que era merecente. A continuación, Jordi Pujol dirixiuse ó Rectorado da Universidade onde dialogou co rector, Suárez Núñez, e con varios profesores, entre outros o catalán doutor Reyes. Pujol dixo que tamén Barcelona conta con eminentes profesores galegos, como Basilio Losada, director do Departamento de Filoloxía Galaico-portuguesa, e suliñou a importancia de que os homes de ciencia se sintan vencellados á cultura dos seus pobos de orixe.

Ofrenda ó Apóstol

A visita á catedral —xoia románica e barroca— non podía faltar, como tampouco o acto relixioso oficiado polo bispo auxiliar, monseñor Rouco Varela, nin o funcionamento do Botafumeiro. Na ofrenda, Pujol lembrou a peregrinación de Cesáreo, abade de Montserrat, ata o sartego do Apóstol hai mil anos e referiuse ás numerosas igrexas románicas de Catalunya baixo a advocación do apóstol Sant Jaume e ó máis glorioso rei catalán, o Rei don Jaume, dando fin á invocación cunha frase en galego: «e recibide a ofrenda que vos traio de Catalunya, da nosa vontade de irmandade con tódolos pobos de España». A visita de Pujol á catedral xacobeá findou cunha oración á Virxe Moreneta e coa tradicional aberta ó Apóstol.

Esperanza no porvir autonómico

Despois de xantar en privado con Fernández Albor, os dous presidentes dirixíronse ó convento de Santo Domingo para visitar o Museo do Pobo Galego e facer a ofrenda floral no Panteón de Galegos Ilustres. A continuación recorreu o centro da cidade e, pola noite, Fernández Albor ofreceulle unha cea no Hostal dos Reis Católicos, seguida dun Concerto de piano a cargo do parlamentario galego Ramón Castromil. Á cea, ademais das autoridades rexionais, asistiron políticos, como Cabanillas e Xosé Quiroga Suárez, ex-presidente preautonómico de Galicia, e representacións do mundo económico, como Carmela Arias e Díaz de Rábago, Condesa de Fenosa. No seu discurso, Pujol referiuse ás ventaxas da autonomía e suliñou: «Se a partir de agora non saen ben as cousas, a culpa será nosa e non do centralismo».

Xornada apretada, con discursos afervoados de esperanza no porvir autonómico, na que tiven, ademais de formar parte na comitiva do president catalán, a satisfacción do reencontro con vellos amigos: Filgueira Valverde, García-Sabell, Ramón Piñeiro, Vázquez Portomeñe, Corral Pérez, Xosé Gómez Blanco... e de coñecer persoeiros galegos que só coñecía pola súa obra: Antonio Fraguas, Avelino Pousa Antelo, Ramón Martínez López, Alfonso Zulueta, Camilo Nogueira, Luis Álvarez Pousa, Marqués de Magallanes...

Visita ás institucións coruñesas

O segundo día de visita oficial do mandatario catalán transcurriu na Coruña, Betanzos e Lugo. Tras breves visitas ó delegado xeral do Goberno en Galicia, Domingo García-Sabell, e á Capitanía Xeral, acudiu ó Concello da Cidade Herculina donde foi recibido polo primeiro teniente de alcalde, Federico de la Fuente —o alcalde Francisco Vázquez tiña unha audiencia co Rei en Madrid— e, a seguido dos discursos protocolarios e dun viño español, o concellal de Cultura mostroulle a exposición «Alfar y su época». Dende o Palacio da praza de María Pita, onde os representantes da Colectividade galega de Barcelona tivemos oportunidade de dialogar uns intres co gran amigo Xosé Luis Blanco Campaña, a comitiva trasladouse á Real Academia Galega, Institución pola que Jordi Pujol mostrou sumo interés atendendo cantas explicacións lle deu o doutor García-Sabell e, a continuación, facendo un arrodeo para coñecer o Xardín de San Carlos e admirar a Torre de Hércules, dirixiuse á Diputación Provincial onde, como logo se repetiría nos axuntamentos de Betanzos e Lugo e na Diputación desta provincia, institucións que presiden Antolín Sánchez Presedo, Vicente Quiroga e Francisco Cacharro, respectivamente, a presenza do honorable president da Generalitat foi acollida con solemnes recepcións e con sinceras mostras de simpatía oficial e popular.

Brindis pola amizade

A Diputación coruñesa ofreceulle un xantar no Pazo Mariñán. No seu discurso, Enrique Marfany, que ten raiceiras catalanas, referiuse ás correntes migratorias entre os dos países e recitou a Curros e Verdaguer, e Jordi Pujol, ó remate do seu parlamento, brindou pola amizade entre os dous pobos.

Gran admirador das artes, o invitado catalán demorouse en Betanzos para ver o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade «O Bo»; visitou a catedral de Lugo acompañado polo cronista oficial da

cidade, Trapero Pardo, e o Taller de Instrumentos da Diputación luguesa, que fixo entrega ós dous presidentes dunhas artísticas gaitas e agasallou ós acompañantes con libros editados pola Institución. Tamén foi moi comentado favorablemente polos acompañantes informativos que o alcalde de Lugo, a través do seu secretario, Xulio Giz, agasallara ó séquito presidencial e á prensa con fermosos pratos de Sargadelos co escudo lucense.

Jordi Pujol co Consello de Cultura Galega

Coido de enorme importancia os parlamentos dos presidentes dos entes autonómicos e o do presidente do Consello de Cultura Galega, Ramón Piñeiro, ó remate da cea ofrecida polo conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, Vázquez Portomeñe, quen nunha breve presentación do acto celebrado no Gran Hotel de Lugo, remarcou a importancia histórica do encontro institucional das dúas Comunidades Autónomas.

O señor Piñeiro fixo unha longa e detallada exposición dos fins culturais que pretende levar a termo o Consello e, tras recordar a colaboración dos nacionalistas cataláns durante a clandestinidade, sulíñou a coincidencia de intereses entre os dous pobos. Noutro intre, ó se referir ó sentimento afectivo que tódolos galegos levamos crabuñado na alma, o señor Piñeiro remarcou a necesidade de que este sentimento se troque en coñecemento intelectual. «Tódolos galegos —dixo— deben coñecer a cultura e as artes de Galicia na súa totalidade para ser conscientemente galegos.»

O Honorable Jordi Pujol felicitouse por estar co recién creado Consello de Cultura Galega e mencionou varios membros do mesmo —Ramón Piñeiro, Torres Queiruga, Barreiro, Isaac Díaz Pardo— con frases laudatorias pola tarefa cultural que están a realizar e tamén tivo verbas de gabanza para Basilio Losada que, invitado polo president, acababa de chegar a Lugo para asistir á histórica xuntanza.

Don Xerardo Fernández Albor pechou o acto agradecendo a presenza de Jordi Pujol e, tras resaltar a influencia de Ramón Piñeiro na súa concienciación galeguista, engadiu: «Agora é mester pasar do amor ó noso, ó compromiso co noso».

Inesquecible xuntanza a de Lugo na que tamén tiven oportunidade de abrazar ó amigo Xesús Alonso Montero, recém nomeado académico da Real Academia Gallega, e ós lugueses De Abel Vilela, Xosé de Cora, Conchita Díaz, Xoan Antón Grande, Vila Chantres, Xulio Giz, X. A. Alonso. Paco Campos, Núñez Carreira, Sánchez Carro, Tuñas Bouzón, entrañables amigos e compañeiros durante a época estival.

Hai que integrarse no país onde se vive

Abandonamos Lugo para cubrir a terceira xornada da visita oficial a Galicia, confeso que dorida por non poder demorarme para saudar ós meus — só puiden falar cos pais políticos sete

minutos— e a outros grandes amigos como Anxel Fole, Benjamín Andrade, Xesús Mato ou Ricardo Pena.

En Ourense o alcalde Antonio Caride, o presidente da Diputación, Victorino Núñez e o pobo, conscientes da importancia da viaxe do president da Generalitat, acolleron a Jordi Pujol con tódolos honores. Edifícios engalanados, discursos, a interpretación de «Els Segadors» e dos himnos galego e español pola Banda Municipal, como tamén sucedera en Lugo, e afervoramento popular. Pujol, apertando mans e falando coa xente, recorreu as rúas ourensáns e visitou a catedral e as Burgas. Unha muller contoulle que tiña catro fillos nun pobo de Barcelona. Non se lembraba do nome e dixo: «Viven no pobo onde está o sanatorio dos tolos». Jordi Pujol comprendeu e engadiu:

—¡En Sant Boi!

—Sí, señora, iso é, respondeu ela.

Nas Burgas preguntoulle a outra señora pola virtude curativa das augas quentes.

«No se —contestoulle— porque soy andaluza.»

O presidente ficou barado e volveulle a preguntar: ¿Atópase ben en Galicia? —Sí, señor.

—Alédome. ¿E fala galego? —Todavía no; pero lo entiendo.

—Logo —engadiu el— falarao axiña. Hai que integrarse no país onde se vive.

Manuel Soto non é vigués

O coche no que viaxabamos Xosé Manuel Caamiña e máis eu, chegou ó Axuntamento de Vigo con quince minutos de retraso respecto do coche presidencial no que viaxaban Jordi Pujol e Xosé Luis Barreiro. No moderno edificio municipal non observamos cousa que denotara a presenza do líder catalán. Subimos e baixamos lixeiros porque Jordi Pujol e parte do séquito xa baixaran noutro ascendor. Os medios de comunicación censuraron a actitude do rexidor vigués. A recepción foi sen protocolo e sumamente fría. Pola noite, dende o hotel, puiden falar telefónicamente coa miña prima Chelito. «Como viguesa —díxome— sinto vergonza polo sucedido, inda que, por outra banda, quédame a satisfacción de poder dicir que Manuel Soto non representa á maioría e nin tan sequera é vigués.»

O futuro é da empresa libre

Os empresarios vigueses ofrecéronlle un xantar no restaurante O Castro —incomparable atalaia sobre a ría— e, no seu discurso, o presidente da COE pontevedresa, Antonio Ramilo, fixo unha louvanza dos cataláns que axudaron á industrialización viguesa. Jordi Pujol afirmou: «O futuro é da empresa libre, sen ela non haberá liberdades en España nin democracia». E remarcou: «O día que nun país todos queiran ser funcionarios, ese día teranse pechado as portas do futuro».

Xosé Luis Barreiro, tras se referir á visita institucional de Jordi Pujol e á importancia das autonomías, dixo que Catalunya é a alma aventaxada «pero Galicia —suliñou— é un pobo en procura dunha identidade cultural viva que lle dá carácter de nacionalidade histórica». E engadiu: «Galicia é unha rexión ó xeito europeo, que se pode comparar con Bretaña, Normandía ou calquera outra e, como tal, ten o compromiso de contribuir á construción da Europa das nacións».

Irmandade e folklore

Como corresponsal de Faro de Vigo en Barcelona, non podo por menos de manifestar o meu contento e a máis sincera gratitude ó diario vicedecano da prensa nacional pola acollida que lle dispensou ó Honorable President no local social da empresa. O conselleiro director técnico, don Xavier Vázquez; o director administrativo, señor Comesaña; o director do xornal, señor Armesto, e tódolos empregados, o mesmo que, denantes, os empresarios vigueses e, logo despois, en Cangas, os donos da fábrica Massó e cantos estaban a cumprir a xornada laboral, conseguiron borrar o mal saibo dunha recepción inconcebible no Concello da Cidade da Oliva.

A cea no Gran Hotel da Toxa, agasallo do presidente da Diputación de Pontevedra, Mariano Rajoy, con escaso protocolo, foi, máis ben, unha xuntanza de irmandade que rematou con actos folklóricos. Manuel Rodríguez Pousada, concellal de Cultura pontevedrés, preparou con gran solemnidade a queimada e regalou a tódolos asistentes o folleto dos esconxuros; o Grupo Folklórico «Dúos Pontes» fixo unha exhibición de danzas rexionais; e o Coro de Cámara «Ars Musicae», de Pontevedra, baixo a dirección de Margarita Guerra, interpretou diversas obras galegas e catalanas con tal arte que o president e a súa esposa manifestaron o desexo de que actúen próximamente en Catalunya.

Amabilidade e cordialidade sumas

A última xornada da visita oficial do persoeiro catalán a Galicia, despois dun curto recorrido pola illa e a contemplación das maravillosas paisaxes das Rías de Arousa e Pontevedra, encetouse coa visita á Escola Naval Militar de Marín. O segundo comandante da Academia, capitán de fragata Alfonso Pulido, recibiu ó president con tódolos honores, proxectouse unha película das actividades da Escola, fíxose un recorrido por dependencias e talleres, serviuse un vino e abundosa repostería. Quero remarcar tamén que don Alfonso Pulido, gaditano o mesmo que a súa encantadora esposa, dialogaron cos membros do séquito do representante catalán nun ambiente de amabilidade e cordialidade sumas.

«Pujol, la "mili" a casa»

A caravana oficial dirixiuse, a continuación, ó Axuntamento onde agardaba o alcalde Rivas Fontán ó fronte da Corporación. Non me farei repetitivo con referencias ós parlamentos oficiais na sé do Concello, na Diputación ou no xantar ofrecido polo Axuntamento no Parador Nacional de

Pontevedra nin ás recepcións acolledoras e dignas en todo momento. Pero sí quero deixar constancia do garimo popular do pobo pontevedrés ó president da Generalitat durante o recorrido polas rúas e prazas da vella Teucro, en dirección ó Museo Provincial que visitou con detenimento e gran interés atendendo as explicacións do fundador da Institución, profesor Filgueira Valverde, e dos membros do Patronato, señores Odriozola e Rial. Pujol estreitou innumerables mans de pontevedreses que lle mostraron a súa simpatía por Catalunya; de cataláns afincados na Cidade do Lérez e de soldados cataláns que están a cumprir o servizo das armas en Pontevedra. «Pujol, la "mili" a Casa» — berrou un rapaz de Girona— e dona Marta achegóuselle e el engadiu: «Vostedes viven ben e non comprenden a nosa situación fóra da nosa Terra». O rapaz ficou barado cando a muller do president lle contestou: «Nos tamén temos un fillo servindo ó exército en Córdoba».

«Visca el Barça»

Á porta dun bar, varios mozos berrán: «Visca el Barça» e, durante uns intres Jordi Pujol conversa cos barcelonistas e brinda cunha cunca de Ribeiro polo triunfo blaugrana. Despois, a comitiva diríxese ó lugar onde está emprazado o monumento a Castelao e dona Marta e a esposa do vice-presidente da Xunta de Galicia colocan uns ramos de flores ó pé do esgrevio galeguista e prosigue a caravana oficial cara o pazo de Rubiáns onde agardaba ó president catalán o alcalde de Vilagarcía, Xosé Luis Rivera Mallo, e tras recorrer a vella mansión e admirar a prantación de camelias —Marta Ferrusola é unha namorada das flores e propietaria dunha florestería— seguimos a Padrón.

Rosalía viva na alma galega

A visita á Casa Museo Rosalía de Castro —inda que non estaba programada— fíxose a petición do Honorable Jordi Pujol, que acolleu con agrado a suxerencia do presidente da Irmandade «A nosa Galiza», de Mollet, Xosé Manuel Caamiña Varela, natural da vila de Padrón.

Filgueira Valverde, acompañado pola funcionaría do museo, Maruxa Villanueva, foi, de novo, o cicerone esgrevio que, con profundo amor e respecto á memoria da Cantora do Sar, explicou polo miúdo a vida e obra da poetisa viva na alma galega e nas dependencias da casa da Matanza convertida en Museo.

Manter a identidade propia

De volta a Santiago, Jordi Pujol recibiu no Hostal dos Reis Católicos á prensa para informar dos resultados da súa visita oficial a Galicia e, seguidamente, ofreceu unha cea ó Goberno galego e ás autoridades dándose por finalizada a viaxe institucional —primeira na historia— dun president da Generalitat á nosa Terra.

No comunicado firmado polos dous presidentes, Fernández Albor e Jordi Pujol, resaltouse a importancia da defensa da identidade e singularidade das dúas comunidades históricas e acordaron manter mutuas informacións sobre temas como o da normalización lingüística, a reconversión

industrial, o intercambio turístico, a creación da TV galega e axudas ás comunidades galegas afincadas en Catalunya para manter a identidade propia.

Pujol avivou a concienciación galega

Como resume podo afirmar que durante os catro días de agotadoras xornadas de contacto coas institucións galegas, Jordi Pujol demostrou grande talla política e a súa presenza en Galicia penso que foi moi importante porque avivou a concienciación galega das autoridades do noso pobo. O exemplo do nacionalista catalán, que en numerosas ocasións reafirmouse na convicción de que as nacións históricas deben profundar na propia personalidade e entenderse cos outros pobos de España, estamos seguros, contribuíu a despertar moitas mentes folklóricas e pensamos que a súa presenza en Galicia servirá para que se convirta en realidade a frase do presidente Fernández Albor en Lugo: «Agora é mester pasar do amor ó noso, ó compromiso co noso».

Febreiro, 1984

Declaracións do president Jordi Pujol

O Molt Honorable Jordi Pujol síntese satisfeito da viaxe oficial a Galicia. Unha vez máis, manifestounos a súa admiración polo presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor, e agradeceu a acollida que lle dispensaron as institucións e o pobo galego. Incluso, ó se referir á lagoa que supuxo a visita ó Concello vigués, cos atrancos protocolarios xa coñecidos, afirmou:

—En Vigo agardábame Valentín Paz Andrade, que é un vello loitador polo galeguismo. Erao cando moitos non o eran e, polo mesmo, ¿que mellor recibimento podía ter eu en Vigo? Cando moita xente non pensaba na democracia, el xa pensaba nela e sufriu a cadea e o exilio. Para min foi unha ledicia inmensa a súa presenza. Non podía ter mellor recibimento —remarcou o president da Generalitat— có de Valentín Paz Andrade.

De volta á Cidade Condal, Jordi Pujol mostrouse esperanzado da solución dos problemas económicos, agradeceu a hospitalidade do noso país, sulíñou a súa importancia monumental e a riqueza do noso folklore e dixo que notou un afervoamento importante no eido de concienciación galeguista, pero engadiu:

—O máis urxente é a recuperación dos medios de comunicación. Non se pode conseguir a normalización lingüística soamente co ensino, inda que é esencial. Os nenos deben ter a posibilidade de ver dibuxos infantís, deportes e películas no idioma propio. Unha Televisión galega daríalle prestixio social á lingua e potenciaría o reforzamento do carácter nacional galego.

Max Cahner: «Os galegos teñen ideas claras»

O conseller de Cultura da Generalitat, tras unha reunión de traballo co conselleiro de Educación e Cultura da Xunta de Galicia, señor Vázquez Portomeñe, na que se acordaron intercambios culturais e a publicación dun libro que recolle semblanzas e actividades de galegos residentes en Catalunya, manifestou:

«No eido da cultura, que é o que eu coñezo, os galegos teñen ideas claras. Vese que a normalización lingüística é un dos puntos importantes; que realmente hai interés de que a lingua ocupe o papel que lle corresponde; que hai vontade, de verdade, de non se deixar levar por unha corrente de descentralización en vez de autonómica. Iso —engadiu o conseller Max Cahner— animoume porque, á marxe de actitudes políticas con que conta Galicia, eu diría que hai unha vontade un pouco nacionalista, como me parece que vin, en persoas que pensaba que non o eran.»

Vicens Oller: «Madrid non ten en conta o criterio das autonomías»

No intre de regresarmos a Barcelona, o conseller de Industria, Vicens Oller, tras manifestar o seu interés pola lingua, a paisaxe e os costumes galegos, dixo:

—Teño que resaltar a longa conversa co conselleiro de Economía da Xunta de Galicia e tamén as xuntanzas cos industriais de Vigo, especialmente cos do sector conserveiro. Puiden constatar que a situación actual é difícil polo que fai ós problemas que temos con Portugal e o Mercado Común no tocante á pesca. En canto á reconversión industrial, de feito, Madrid está a levar unha política sen ter en conta os criterios das autonomías. Isto é moi negativo porque a Constitución e os Estatutos mandan que as autonomías estean presentes nos plans de reconversión. E sobre todo e ademais —suliñou o conseller catalán— é negativo porque programouse dende un despacho sen ter un coñecemento profundo da realidade, único camiño para facer unha reconversión axeitada e cun custo social mínimo. Manteremos contactos a miúdo co conselleiro de Economía a fin de conseguir, insisto, que todo sexa un éxito real no que fai á reconversión en sí mesma, pero tendo en conta os aspectos sociais e as características de cada sector e de cada rexión.

El Ideal Gallego, 10-II-1984

Impresions de persoeiros galegos

Coido que a mellor maneira de facer unha reseña da importancia da viaxe presidencial do Molt Honorable Jordi Pujol a Galicia, en correspondencia á realizada polo presidente da Xunta de Galicia, é deixar constancia das declaracións de persoeiros vencellados á nosa cultura e ó galeguismo histórico do cal foi líder máximo Castelao.

Vázquez Portomeñe, conselleiro de Educación e Cultura

«Penso que a presenza en Catalunya, a través do seu presidente, na nosa nacionalidade, foi enormemente positiva porque foi o primeiro encontro de dous pobos que teñen conciencia de sí mesmos, que intentan por tódolos medios demostrar a súa identidade dentro de España. Calquera sistema de colaboración artellado dende este encontro vai a redundar positivamente en favor de ambas nacionalidades.»

Ó se referir á xuntanza de traballo que man tivo co conseller Max Cahner e á súa disposición para colaborar coa consellería de Cultura, o señor Vázquez Portomeñe engadiu:

«Acabamos de acordar a institucionalización de visitas periódicas para intercambiar experiencias, iniciativas e lograr, de algunha maneira, que a filosofía de respecto, que debe imperar dende a Administración Central ata as administracións autonómicas e viceversa, sirva para imprantar nos nosos países unha conciencia autonómica e que respete as nosas nacionalidades na plenitude das súas competencias. Incluso descenderemos a pormenores concretos tales como o intercambio de grupos de canto, de experiencias lingüísticas e de sistemas operativos neste eido. Tamén acordamos a publicación dun libro, cunha nota firmada polos responsables das dúas consellerías — "Galegos en Catalunya-2"— prologado polo meu antecesor na consellería de Cultura e persoeiro excepcional das Letras Galegas, Filgueira Valverde.»

Isaac Díaz Pardo, director do Seminario Sargadelos

«Jordi Pujol é un home moi realista que nos deu, verdadeiramente, unha lección de cómo se fan as cousas. Foi moi positivo para Galicia esta visita porque nos veu a ensinar a importancia que teñen as autonomías como instrumento de recuperación da personalidade histórica dos pobos de Iberia por riba de tódalas demais cousas. Eu penso que esta foi a mellor lección que nos veu a dar aquí.»

Antonio Rosón, presidente do Parlamento Galego

«Sentín moito que por circunstancias alleas non puiden estar aquí para recibir ó Honorable Jordi Pujol por quen sinto, ademais, devoción política e un gran afecto persoal. Canto acaba de dicirnos é un canto de esperanza partindo dun realismo efectivo e dunha gran vivacidade.»

Xosé F. Filgueira Valverde, director do Museo de Pontevedra

«A visita do President de la Generalitat é coma un sino da irmandade dos cataláns e os que chamaba Maragall "aquells nostres parents de la llunyana Galicia", "a misteriosa Galicia", "la més dolça terra d'Espanya", hoxe máis achegadas polas migracións, a comunidade de traballos e dos ideais, que medraron a un tempo na "Renaixença" e no "Rexurdimento".

«Vemos no President Pujol a presenza da ufanía catalana nos propios valores e no "seny" no enroitamento das institucións. É tamén a promesa de que ha manterse e medrar, de agora en

diante, a laboría parella e a defensa das comúns aspiracións das dúas comunidades históricas xuntas, "de mar a mar", dun cabo a outro, polo mesmo espírito.»

Avelino Pousa Antelo, nacionalista na liña de Castelao

«A algunha xente, que polo visto non sinte os problemas da autonomía, oínlle comentar que non procedía esta visita do president da Generalitat por mor da proximidade do período electoral catalán. Fíxolles un pouco de vixigas que Jordi Pujol nos poida dar leccións. Eu digo: que nolas siga dando e que aprendamos a sentir a nosa cultura, a promocionarnos económicamente e socialmente, para conseguir a transformación total da nosa Terra, tan falta de concienciación nacional.»

Alfonso Zulueta, presidente do Consello de Administración da Editorial Sociedade de Estudios, Publicacións e Traballos

«No seu discurso, Jordi Pujol fixo un recorrido sobre os problemas referentes a Galicia, demostrando un gran coñecemento dos mesmos. Por outra banda, afundi en algo que me parece moi importante, a pesar desta situación que se quere demostrar como catastrófica en moitos casos, afirmando que hai sempre motivo para a esperanza. Esta forma de se expresar é dun home cun gran senso da realidade. Sabía donde estaba. Coñecía á xente á que se dirixía e, ó mesmo tempo, sen dicir que o dicía, ía deixando en todos nos un camiño de esperanza.

Ramón Martínez López, presidente de honor do Partido Galeguista

«O president Pujol dixo o que quería dicir e, ademais, cun sentido da palabra formidable, cousa que moi a miúdo desaparece nos políticos. Foi enumerando, un por un, tódolos problemas con gran sencillez, e os galegos entendémolo perfectamente ben, sen o menor complexo de estar sendo ensinados. Non deixou punto nin limitou ningún problema. Estivo formidable.»

Faro de Vigo, 11-II-1984

Treboada, Marzo-abril 1984

Xaime Castro, asesor do Goberno catalán

Xaime Castro, fillo dun renomeado maxistrado, é un home moi novo aínda, nado en Compostela, que reside en Catalunya dende hai once anos. Exerce como notario en Montornés del Vallés e presta servicios asesores no Goberno catalán.

—¿Cal é a causa —preguntámoslle— de prestares os teus servicios xurídicos na Generalitat?

—Veu determinada pola petición que, neste senso, me formulou o president Pujol hai anos. Aceptei o cargo coa finalidade de colaborar dunha maneira activa na construción do novo Estado

das Autonomías e, sobre todo, tendo en conta a necesidade que estas teñen de especialistas para dar réplica ás teses formuladas polos que exerceron sempre esa función no Goberno Central.

—¿Presentáronchese atrancos por razón de lingua ou nacionalidade?

—En absoluto. O catalán, como ti sabes, non é problema porque tal é a filosofía do president, que quere facilitar a plena convivencia e integración de cantos traballamos en Catalunya, sen que sexa ningún tipo de imposición a obriga de falar catalán.

—A punto de finalizar a visita oficial de Jordi Pujol a Galicia ¿que opinión che merece como president da Generalitat?

—É un estadista dunha mentalidade nacionalista pura, pero españolista. O seu gran anxeio é colaborar e axudar a aquelas comunidades autonómicas, como a nosa, que teñen menor vivencia histórica neste eido. O caso é particular con Galicia, dada a coincidencia en moitos aspectos da problemática catalana e galega. E, ademais, cónstame persoalmente o gran afecto que sente pola nosa Terra.

—¿Danse relacións especiais entre as dúas comunidades, aparentemente tan diferentes?

—O desexo, manifestando recentemente polo president Jordi Pujol, é dunha colaboración estreita coa nosa comunidade, precisamente pola coincidencia de intereses de todo orde fronte á Administración central. Proba delo é que, no relacionado coa Xusticia, faise un labor permanente e constante en canto a reivindicacións totalmente comúns.

El Ideal Gallego, 5-II-1984

APÉNDICE

Enrique de Arce estudia o funcionamento dos ENG en TV3

Enrique de Arce Temes, xefe do equipo de informadores de TVG, permaneceu durante uns días na Cidade Condal para intercambiar ideas cos responsables de televisión catalana. Mergullado nunha agotadora tarefa de continuas visitas ós estudos de TV3 e de viaxes con reporteiros a diferentes comarcas, apenas tivo tempo para saudar ós familiares e amigos. Foi curta a conversa que mantivemos intres antes do seu regreso á Terra, pero decatámonos que a súa estancia en Barcelona toi sumamente proveitosa. Segundo nos informou, voltará axiña para tratar de coordinar programas e outras accións conxuntas das dúas televisións autonómicas, sobre todo, referente a intercambio de reportaxes.

—¿Como acollen os cataláns —preguntámoslle— a idea dunha televisión galega?

—Estanse comportando moi ben e préstannos todo tipo de colaboración, que para nos é moi valiosa.

—¿Cal foi o motivo da túa visita a TV3?

—Para intercambiar información e coñecer un pouco a estrutura dos seus servicios informativos. Hai que ter en conta que a televisión catalana é unha das máis modernas de Europa.

—¿Por cal eido da amplísima gama do proceso televisivo te interesaches máis?

—O que máis estudiei foi o funcionamento dos ENG, unha figura nova en televisión, que conseguiron unha gran simplificación do traballo periodístico. O seu cometido consiste en tomar as anotacións necesarias para redactar unha noticia, fílmala, poñerlle a voz en «off» e editala. Son uns periodistas polivalentes xa que asumen as funcións do periodista, do cámara, do locutor, do cámara de montaxe e do conductor de vehículo.

—Dícese que o mes de xulio teremos unha televisión galega, ¿será posible?

—Aínda tardará uns meses denantes de acadar un funcionamento normal. O que sí podemos afirmar é que o 25 de xulio farase unha retransmisión en directo do «Día de Galicia».

El Progreso, 7-VII-1985

Fernández Albor recibe o presidente do Centro Galego e o corredor Ángel Lage

Durante a súa estancia en Barcelona donde asistiu ó congreso de A.P. de Catalunya, no que Eduardo Bueno foi elixido presidente rexional do partido, o xefe do Goberno galego, Xerardo Fernández Albor, aproveitou para, unha vez máis, contactar con representantes da colectividade galega.

Como moi positiva podemos calificar a audiencia que lle concedeu ó presidente do Centro Galego, Manuel Vázquez Fernández, que lle informou dos problemas económicos da entidade por mor da crise do bingo —unha das fontes de maiores ingresos— e polo peche da emisora «Radio Celta».

Don Xerardo Fernández Albor tamén recibiu ó campeón europeo de superfondo, Anxel Lage, que recentemente cubriu os 1.275 kilómetros que separan Barcelona de Santiago de Compostela. O veterano corredor, a quen acompañaban os representantes das firmas patrocinadoras, Automóviles V. S. e Empresa Montaña, explicou ó presidente da Xunta o itinerario da Volta a Galicia que pensa realizar durante a celebración da Feira de Mostras de Ferrol. É propósito do atleta iniciar o recorrido no recinto ferial o día da inauguración e rematar no mesmo lugar coincidindo coa clausura da mesma.

Antes de volver a Galicia, Fernández Albor trasladouse ó domicilio particular do ex-presidente da Generalitat, Josep Tarradellas, con quen mantivo unha entrevista privada.

Actividades de Paz Lamela en Barcelona

Hai tres anos, os galegos de Barcelona tivemos ocasión de coñecer o programa de traballo de Paz Lamela Vilariño, naquel entón, directora xeral de Ensino de Lingua Galega, hoxe, directora xeral de Política Lingüística.

Era un intre de propósitos, de esperanza e de inicio da normalización do galego que, para ser operativa, tiña mester dunha lexislación axeitada e decidida porque «a lingua —son palabras da directora xeral— é a ferramenta para facer o camiño da nosa cultura e do noso progreso».

Daquela, os galegos residentes na Cidade Condal confiamos en Paz Lamela que nos explicou o seu programa. Nestora, a pesar do curto espazo de tempo transcurrido, podemos afirmar que non só cumpriu senón que superou o ilusionado compromiso.

A proba témola na comunicación que presentou no XVIII Coloquio de L'aimav de Sitges no que participaron gran número de ponentes e conferenciantes de linguas minoritarias de América, Europa e Asia. Galicia, representada por primeira vez en tan importante xuntanza internacional, tivo unha destacadísima intervención e a directora xeral de Política Lingüística, a quen acompañaba David Otero, adxunto a Dirección Xeral, foi moi felicitada polos congresistas interesados nas experiencias que se están a facer en Galicia neste eido.

Paz Lamela, en galego, falou sobre «Organización dun Sistema de Ensinanza Bilingüe en Galicia» tratando temas tan importantes como «A Lingua Galega no Ensino», «A realidade lingüística galega», «Aspectos lexislativos fundamentais». «Medidas para a operatividade do lexislado» e «Campaña de normalización lingüística».

Para non facernos extensos en demasía non vamos a demorarnos na reseña da documentada comunicación analizando o labor da Consellería de Educación e Cultura e só faremos referencia ás estadísticas de preparación do profesorado para o ensino de Lingua Galega, único xeito de potenciar e dignificar o seu uso a nivel social.

Para impartir Lingua e Literatura Galega no Preescolar e no Ensino Básico, convalidáronse cursos de Iniciación a 1.046 profesores, de Perfeccionamento a 3.822 e de Especialidade a 76. Aprobáronse cursos presenciais de Iniciación 3.884 profesores, de Perfeccionamento 3.790 e de Especialidade 2.422. A través de probas libres, obtiveron calificación de apto e Iniciación 3.220 e, en Perfeccionamento, 522. Tamén asistieron a cursos de Galego 1.180 profesores que imparten outras materias en BUP e FP.

Clausura dun curso de Lingua Galega

Aproveitando a súa estancia en Sitges, a directora xeral de Política Lingüística asistiu ó acto de clausura do curso de Iniciación de Lingua Galega que impartiu o profesor Feliciano Martínez no Centro Galego de Barcelona. Paz Lamela, que foi presentada ós alumnos e socios polo presidente da entidade, Manuel Vázquez Fernández, contestando ás palabras do profesor agradeceu a colaboración do Centro Galego e felicitou a Feliciano Martínez e ós alumnos polo gran interés que puxeron no curso e ofreceu a súa axuda para a próxima convocatoria de Perfeccionamento prevista para comezos de outono. Tamén anunciou que, ademais do curso que se imparte en Madrid e na Univesidade de Barcelona, próximamente, celebrarase outro en Álava, dous en Montevideo e tres en Buenos Aires. «É positivo —dixo— que se fagan cursos de Lingua Galega donde haxa unha colectividade galega». E engadiu: «Galicia non se pecha nas súas fronteiras senón que está alí donde latexa un corazón galego».

El Progreso, 28-VII-1985

O vicepresidente, Xosé Luis Barreiro, pronunciou o Pregón do Apóstol

«Levo unha grande impresión —manifestounos o vicepresidente do Goberno Galego— deste primeiro contacto coas colectividades galegas de Catalunya. Tiven ocasión de coñecer a súa problemática e as inquedanzas que sinten por Galicia e tamén as ideas que eles prantexan para resolvelas. Comprobei que teñen un gran coñecemento da realidade dunha Galicia que sigue sei io o centro da súa vida.»

Barreiro Rivas, que veu a Barcelona invitado polo Centro Galego para pronunciar o Pregón das festas do Apóstol, tivo unha apretada xornada de xuntanzas que se iniciaron cun xantar de traballo no restaurante galego «Casa Darío» con empresarios e profesionais que sometérono a todo tipo de preguntas durante máis de dúas horas sobre a problemática galega.

Nunca faltou en Galicia a fidelidade dos seus

Polo serán, Xosé Luis Barreiro acudiu ó Centro Galego donde presidiu o acto de imposición das Bandas de Raiñas das Festas a Inmaculada Valcarce, Sandra Gómez e María do Carme Lorenzo, e a entrega que Leopoldo Clavería fixo dunha placa de Liceo Caixa Galicia ó locutor Manuel Valdés.

A continuación, o vicepresidente do Goberno Galego pronunciou o Pregón seguido con gran interés polos asistentes que enchían por completo o Salón de Actos. «No día do noso Señor Santiago, noso Patrón e das Españas —dixo nun intre da súa intervención— pido entre vós, diante de vós, fidelidade, sempre fidelidade, para ese pensamento, para a Galicia que nos dá vida, para a Galicia que soñamos de cerca ou de lonxe, aquí e acolá, dentro ou fora. Nunca faltou en Galicia a fidelidade dos seus.»

Ó remate do Pregón, o presidente da entidade fíxolle entrega dun agasallo como recordo do solemne acto e, seguidamente, acompañado polo señor Vázquez e demais directivos, Xosé Luis

Barreiro visitou tódalas dependencias do Centro e dialogou cos socios e representantes doutras sociedades galegas que acudiron para escoitar e coñecer ó ilustre pregoeiro, un dos membros do Goberno galego que goza de maior credibilidade na numerosa colonia galega de Barcelona.

Chamada á unidade

Na Brasserie Lino, hosteleiro galego afincado na Cidade Condal, as entidades galegas ofrecéronlle ó señor Barreiro Rivas unha cea de irmandade e, ó remate, expuxéronlle os problemas e os anxeos de colaboración coas institucións autonómicas.

O vicepresidente, no seu discurso, con sinceridade e sen ningunha clase de doada retórica, empezou referíndose á importancia da Lei da Galeguidade e ó Consello da Emigración constituído recentemente en Santiago de cuxa Executiva é vocal o Centro Galego de Barcelona, e fixo unha chamada á unidade para que tódolos centros galegos estables, con estatutos e funcións propias, se convirtan en centros de representación para que a Xunta poida actuar a través deles. «Deben ter organizacións representativas —dixo— e namentres iso non se consiga, todo o que se faga serán accións para paliar situacións pero non para resolvelas. O único que vos pido —suliñou seguidamente— é que, para saber qué podemos facer polos galegos de Catalunya, haxa alguén, dúas ou tres persoas, con representación absoluta, que nos poidan dicir o tipo de colaboración que precisades que, cando poidamos colaborar con axudas, haxa alguén, que por todos, as poida recibir».

A visita de Barreiro, moi satisfactoria

«Despois dunhas conversas en privado, do coloquio e da cea de irmandade —afirmou o presidente do Centro Galego— chegamos á conclusión de que os contactos co vicepresidente Xosé Luis Barreiro foron moi satisfactorios dada a súa importancia política e o coñecemento que demostrou en tódolos temas que se lée prantexaron. O señor Barreiro Rivas demostrou ser un gran político e un perfecto sabedor dos problemas que afectan ó exterior e ó interior de Galicia. Esperamos que os seus proxectos se leven a termo e que Galicia, no futuro, sexa a Galicia de todos e non só duns cantos.»

El Progreso, 28-VII-1985

Xoan V. Fuentes Lojo, Maxistrado da Sala Quinta do Tribunal Supremo

A colectividade galega de Barcelona leu con grande satisfacción no Boletín Oficial do Estado a publicación do nomeamento de Xoan Ventura Fuentes Lojo como Maxistrado da Sala Quinta do Tribunal Supremo.

A Sala Quinta, dende que se aprobou a nova Lei Orgánica do Poder Xudicial o 1 de xullo, integrase coa 3.^a e a 4.^a nunha soa que se chamará Sala do Contencioso-Administrativo, que é

competente para resolver entre outras cousas, os recursos contencioso-administrativos que se promovan contra disposicións emanadas do Consello de Ministros, dos órganos de goberno, do Congreso de Diputados, do Senado e, ademais, os recursos de casación contra sentencias dictadas pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional contra as salas dos tribunais superiores de Xusticia, etcétera.

Fuentes Lojo, natural de Muros de San Pedro (A Coruña), exerceu como xuez durante 27 anos. Foi profesor de Dereito Procesal na Facultade de Dereito de Barcelona, e ten publicado unha abondosa obra, a última, «Legislación Urbanística de Cataluña» á que seguirá de inmediato «Legislación Urbanística de Madrid».

O ilustre xurista, dende o ano 1972 que causou excedencia na profesión xudicial, adicouse á abogacía co seu irmán Xosé e os seus fillos Xoan, Xosé e Alexandre ata o seu recente nomeamento polo turno reservado ós xuristas de prestixio. Dase a circunstancia de que don Xoan Fuentes Lojo foi nomeado para a mesma Sala do Contencioso da que formou parte outro ilustre fillo de Galicia, Evaristo Monzo Vázquez.

El Progreso, 18-VIII-1985

Francisco Calvo Regueiro, constructor de gaitas galegas e catalanas

En Santa Coloma de Gramanet visitamos o taller do amigo Francisco Calvo Regueiro, artesán constructor de gaitas que, dende hai sete anos, está a investigar na creación de novos sonidos coa idea de dar un maior prestixio ó ancestral instrumento.

Nado en Goiáns (4-10-38), na veiga de Bergantiños, Calvo regueiro emigrou a Barcelona ós 22 anos e, de inmediato, fíxose socio do Centro Galego. Foi membro da masa coral «Lonxe da Terra» e aprendeu a tocar a gaita a carón do mestre Ferreiro. Dirixiu o grupo infantil de gaitas da entidade das Ramblas, foi un dos fundadores de «Airiños da nosa Galicia» e, na actualidade, dirixe o grupo de gaitas da Irmandade «A Nosa Galiza», de Mollet del Vallés.

Pero non conforme con tocala soamente, ocurriúselle que tamén él podía fabricala: Foi polo ano 1978. Hoxe a súa produción está espallada por centros e irmandades de Catalunya, Ponferrada, O Barco de Valdeorras, O Caurel, Holanda, Marsella, Munich, Basel e incluso lle fixeron pedidos bandas militares como a de Sabiñánigo (Huesca) e a do Reximento Isabel la Católica de A Coruña.

Innovacións na gaita galega

«Eu —dinos o amigo Francisco Calvo— creei a nova gaita de dous rancos, ronqueta longa e ronqueta curta e agora estou traballando noutro modelo de gaita con seis acompañamentos.» E engade: «Eliminei o chillón porque, ó meu ver, produce unha constante desafinación da gaita, proba delo é que os gaiteiros tocan con el pechado».

Outra das innovacións que nos explicou é que na ronqueta normal baixou catro tons, o cal dalle á gaita un sonido moito máis doce, e o segundo roncón —cinco ou seis centímetros máis curto có tradicional— varioulle o timbre da tonalidade. Ó se referir ó punteiro maniféstanos: «Perfeccioneino de tal forma que consume moi pouco aire e mantén a mesma potencia de sonido e afinación».

Sac de gemecs (gaita catalana)

O seu afán de investigación e de creador non se deten na gaita galega. Paco Calvo Regueiro fixo unha versión do «sac de gemecs» (gaita catalana), que tivo un gran éxito nos medios de recuperación de instrumentos folklóricos en Catalunya e no sur de Francia. O Molt Honorable president Jordi Pujol felicitou públicamente ó artesán en varias ocasións polo seu traballo.

«O sac de gemecs antigo, chamado tamén "la cabreta" —dinos— constaba de dous roncóns longos e unha ronqueta montados nun núcleo colocado na apertura correspondente ó pescozo do pelexo dunha cabuxa. Nos buracos coincidentes coas patas dianteiras, tiña o soplete e o punteiro. As variedades que eu fixen foi trocar o pelexo por un foi de goma, acortar os acompañamentos e cambiar o núcleo poñéndoo nunha posición moito máis cómoda, semellante á da ronqueta galega.»

Calvo Regueiro, sempre rebordante amabilidade, fai unha demostración co «sac de gemecs» —perfecto de sonido e afinación— e dinos: «Na súa construción empregui madeira de buxo e a maioría fágaoas en "Do" porque é a tonalidade máis solicitada por acoplarse mellor ós instrumentos de corda».

El Progreso, 18-VIII-1985

ÍNDICE

Limiar: Xosé Fernando Filgueira Valverde 7

SEMBLANZAS DE GALEGOS RESIDENTES EN CATALUNYA

LUIS SUÁREZ DELGADO 9

XOSÉ LUIS BLANCO CAMPAÑA	10
Galeguización dos medios de comunicación.	
BASILIO LOSADA CASTRO	13
Rosalía, poeta clásico. / Débese publicar o epistolario de Castelao. / Condecorado coa Creu de Sant Jordi. / O mundo de Cunqueiro.	
MANUEL CASADO NIETO	21
A Biblia en galego. / Restablecemento dos antigos partidos xudiciais. / A voz do poeta en Castro Caldelas. / Exemplaridade cristiana de Casado Nieto.	
MANUEL BLANCO CASTRO	29
ADRO XAVIER	31
SERAFÍN GARCÍA FERNÁNDEZ	34
XAVIER COSTA CLAVELL	37
MARÍA URIZ	39
Concerto na capela de Santa Ágata.	
MANUEL FERNÁNDEZ AREAL	42
EDUARDO ÁLVAREZ PUGA	44
ALVARO GONZÁLEZ DE LA VEGA	46
ANTONIO GÓMEZ-REINO PEDREIRA	48
Homenaxe da colectividade galega.	
XOSÉ LUIS FOXO RIVAS	51
XOSÉ MANUEL E ALVARO SEIVANE	54
XOSÉ LUIS VÁZQUEZ SOTELO	56
EMILIO HERRANZ	59
ANA KIRO	60
FERNANDO NEIRA MARTÍNEZ-MONJE	62
ENRIQUE MOSQUERA DANS	65
MODESTO PÉREZ RODRÍGUEZ	67
FRANCISCO NEIRA LEÓN	70
	301

XOAN V. FUENTES LOJO	72
ALFONSO COSTA BEIRO	75
Homenaxeado no SPORTING «Toxos e Xestas». / «La Pintura de Alfonso Costa».	
XOSÉ M. ^a COSTA GÓMEZ	78
XOAN MANUEL CASADO MARTÍNEZ-CARMONA	81
FEDERICO GOBARTT AMOR	83
XOSÉ ANTONIO PET POSSE	85
«Portoceo en el fin del mundo». / «Las gemelas de Fornelos»	
CARLOS DE ARCE ROBLEDO .	89
ALBERTO XOSÉ CARRO IGELMO	91
DEMETRIO PITA SALORIO	94
ANTONIO PASTOR FERNÁNDEZ	96
JEI NOGUEROL	97
XOAN XOSÉ DEIROS GARCÍA	100
TOMÁS NÚÑEZ DE LA FUENTE	102
OLEGARIO SOTELO BLANCO	105
XOAN ANTONIO SEOANE CAMBA	108
CONSTANTE MILLÁN MEIJIDE	111
RAMIRO LÓPEZ LÓPEZ	113
DANIEL PÉREZ GUERRA	115
ROBERTO F. ALONSO	117
DARÍO PIN VÁZQUEZ	117
VÍCTOR MORO RODRÍGUEZ	119
Débese profundar na mensaxe social de Rosalía. / Fiel á chamada da Terra.	
EDUARDO TRIGO CEPÁ	122
MARÍA LUISA GARCÍA LÓPEZ	124
XOSÉ RAMÓN NEIRA PÉREZ	124
	302

CLAUDIO GARRA ENRÍQUEZ	126
XOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	128
ALFREDO GONZÁLEZ VILELA	129
XAIME DEL VALLE-INCLÁN BLANCO	131
PEDRO E XOSÉ LUIS LÓPEZ FRAGA	132
MANUEL VÁZQUEZ FERNÁNDEZ	133
Ferrocarril MonforteA Coruña.	
XESÚS VÁZQUEZ SÁNCHEZ	135
GALEGOS CUNHA MENSAXE PARA OS IRMANS DA DIÁSPORA	
ENRIQUE VIDAL ABASCAL	136
ANTONIO ROSÓN PÉREZ	137
TOMÁS FERNÁNDEZ MARTÍN	139
XERARDO FERNÁNDEZ ALBOR	140
Visita ás colectividades galegas. / Manifestacións do presidente galego. / Día de Galicia na Feira de Mostras de Barcelona. / III Mostra da Cociña Galega.	
MIGUEL IGLESIAS PÉREZ	147
MANUEL PREGO DE OLIVER	147
XOSÉ FERNANDO FILGUEIRA VALVERDE	148
Conferencia na Universidade de Barcelona.	
XESÚS ALONSO MONTERO	150
MANUEL ÁNGEL VILLANUEVA CENDÓN	151
Galicia esixirá que o dereito se cumpra. / Homenaxe á Cociña galega. / Expotrén Galicia, na Cidade Condal.	
XOSÉ LUIS GONZÁLEZ SOBRAL	155
Galicia en «Rodatur 84».	
VÍCTOR F. FREIXANES	157
O atlantismo.	
XOSÉ CARLOS RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	159
	303

Inseguridade social.	
RAMÓN DE VICENTE VÁZQUEZ	161
A venta de auga produciría importantes ingresos.	
PAZ LAMELA VILLARIÑO	164
XOSÉ PENA COLLAZO	165
A Coral de Lestonnac coñecida internacionalmente.	
XAIME REY DE ROA	166
Galicia na Expoáviga-83.	
RICARDO CARBALLO CALERO	168
VÍCTOR MANUEL VÁZQUEZ PORTOMEÑE	169
Entrega de axudas económicas e libros.	
XOAN CORRAL PÉREZ	172
VICENTE QUIROGA RODRÍGUEZ	173
LUIS ÁLVAREZ POUSA	174
ENRIQUE IGLESIAS ALVARELLOS	175
EMILIO CAO	176
MARGARITA GUERRA PEINADO	177
«Ars Musicae» destacou a nivel europeo.	
VÍCTOR L. VILLARABID	178
«Sarria y el Camiño Francés por tierras lucenses».	
ALVARO DE ARCE TEMES	180
ANTONIO DÍAZ FUENTES	182
CARLOS FOLGUEIRA «O Rei das Tartas»	183
RAMÓN PIÑEIRO LÓPEZ	183
ISAAC DÍAZ PARDO	185
Mostra de Seoane na Galería Sargadelos.	
XESÚS CÉSAR SILVA MÉNDEZ	186
	304

O circo «Bemposta Nación de Muchachos» non ten fronteiras.

RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ 187

ANTONIO PINTOR VIDAL 189

«Futbito», deporte escolar.

CLAUDIO SAN MARTÍN PÉREZ 190

«Caixa-Galicia» será un novo fogar galego.

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO 192

X. ENRIQUE MONTEAGUDO 193

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN 194

SANTIAGO ÁLVAREZ 195

XOSÉ LUIS NOVO CAZÓN 197

XULIO GIZ RAMIL 198

Pequena semblanza do amigo.

COLECTIVIDADES GALEGAS EN CATALUNYA

AGRUPACIÓN CULTURAL GALEGA «SAUDADE» 200

Folklore galego na capital de Babiera. / Entrevista con Ernesto Lagarón. / Declaracións do Conselleiro Xoan Corral. / Estatutos e representación teatral. / Campos Romay visita «Saudade». / Letras Galegas 1984. / Conferencia de Basilio Losada e actuación de «Ancoradouro». / Gran Festa Popular Galega con «Eidos», «Muxicas», «Jei Noguerol», «Brétema» e «Lonxe da Terra».

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA «ROSALÍA DE CASTRO», DE CORNELLÀ 207

Jordi Pujol presidiu a cea de irmandade. / Gran Romería Galega tras un mes de actividades culturais. / Banda Municipal de Lugo. / Manuel Núñez Carreira. / Clausura de Radio Celta e Radio Amistad.

CAIXA-GALICIA 210

Presentación das bases do 5.º Premio Esquíu de Poesía.

CENTRO CULTURAL «AIRIÑOS DA NOSA GALICIA» 211

CENTRO GALEGO DE BARCELONA. 212

Manuel Pérez Guerra, novo presidente. / Día das Letras Galegas: Conferencia de Iolanda Díaz, representacións teatrais de «Terceiro Andar» e «Ledicia» e actuación de «Doa». Tarradellas presidiu a festa en Cornellà. / Romería en Castelldefels. / Coloquio sobre a Lei de Galeguidade. /

Condea dos verquidos na Fosa Atlántica. / A XIII Noite Meiga de Sarria, adicada ó Centro Galego de Barcelona. / Festas de San Froilán en Lugo. / A reconversión industrial en Galicia. Interviron: Ramón de Vicente, Pablo González Mariñas, Xan Carballo, Enrique Teixeiro e Manuel Amor Deus. / Letras Galegas-84. / Conferencia do poeta Xavier Seoane. / Festa popular en Cornellà. Actuación da orquesta «Trébol». / Jordi Pujol recibiu a colectividade galega o Día do Apóstol / Celebrouse o Santiago con anticipación. / Actualización dos Estatutos. / Festa fin de ano. Severo Santiso: «A colectividade galega de Catalunya é como unha ínsua de Galicia». / Fútbol Sala. / Teatro e Masa Coral. / Homenaxe ós escritores en Lingua Galega. / Manuel Vázquez Fernández nomeado presidente.

CENTRO GALEGO DE LÉRIDA 227

Actividades culturais. / Directiva actual.

ESCOLA DE GAITAS E DANZAS GALEGAS «TOXOS E XESTAS» 229

Dafonte imparte un cursiño de danza. / Festa fin de curso. / Fernández Pazos premiado no II Certame de Música pra Gaita. / O maestro Cajaraville impartiu un cursiño de danzas. / A Generalitat interesada pola cultura galega. / «Toxos e Xestas» no Día da Augardente, de Portomarín. / II Festival de Música Galega en Barcelona: «Brath», «Saraibas», «Mini e Mero», «Suso Vaamonde», «Muxicas» e «Pablo Quintana». / Actuación de Xosé Manuel Carballo. Tamén se presentaron dous libros de X. A. M. e Anxo L. Baranga. / Fallo do III Certame «Toxos e Xestas» de composicións musicais para gaita galega. / Xavier Villasenín imparte un cursiño de danza. / Antoloxía da Gaita II. / «III Festival de Música Galega» «I MostraExposición do Traxe Tradicional Galego». / Colegiata de Sar. / Coral de Ruada. / Agrupación «Castro Floxo». / «Farruco» entrevista a Anxel Lage. / Os Rilos de Basauri.

GALERÍA DE ARTE «LA PEDRERA»EDICIONES «SOTELO BLANCO» 241

Mostra do Libro Galego e edición de «Logos». / «88 gallegos — una tierra a través de sus gentes». / «A Alfarería en Galicia», de Luciano García Alen. / Álvarez Pousa e Joan Granados clausuran a II Mostra do Libro Galego en Catalunya. / Ediciones Sotelo Blanco publica tres novos libros galegos.

GRUPO «NÓS», DE SABADELL 245

Conferencia de Pilar García Negro. / Obras no local social e nova Directiva. / Actividades culturais.

IRMANDADE «A NOSA GALIZA», DE MOLLET 246

Jordi Pujol preside a IV Festa Popular das Nacionalidades e Rexións. / Nova Xunta Directiva. / V Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas. / Conferencia de Basilio Losada sobre «Estado actual de España». / Jordi Pujol: «Que ninguén poida romper esta convivencia». / Coloquio sobre maxia. / A ironía en Galicia non ten sentido tráxico-morboso. / Nova Directiva. / VI Festa Popular das Nacionalidades e Comunidades Autónomas.

IRMANDADE GALEGA DE RUBÍ 253

Víctor Moro fai unha chamada á unidade. / Conferencia de Iolanda Díaz Gallego. / Nova Directiva. / III Aniversario da Irmandade. / IV Aniversario da Irmandade. / Concerto da Banda de Celanova. / Inauguración dun monolito a Celso Emilio.

IRMANDADE «O NOSO LAR», DE TERRASSA 257

Inauguración do local social. / Actos oficiais e romería presididos por Filgueira Valverde.

IRMANDADE «OS COMPOSTELÁNS» 259

Homenaxe a Xosé Nouriño.

O PENEDO-FOGAR GALEGO 261

Local provisional. / Constitución da sociedade. / Co presidente da Xunta, Filgueira Valverde e o Concello de Santiago. / Tarradellas, invitado de honor. / Presentación oficial. / Manifestacións de Raimon Martínez Fraile, Xerardo Estévez, Victorino Rosón e Aina Moll. / Homenaxe a Castelao. / Entrevista con Iolanda Díaz Gallego / O Penedo-Fogar Galego, en Santiago. / Díaz Fuentes: «Hai que emprender un verdadeiro movemento social e revitalizador de Galicia». / Fernández Albor presidiu a inauguración da nova sé social. / Jordi Pujol co Penedo-Fogar Galego. / Discursos de Trías Fargas, Iolanda Díaz e do presidente galego. / Visita do «Liceo Caixa Galicia».

PEÑA GALEGA DE CASTELLDEFELS 272

Homenaxe a Manuel Dopico.

«SARGADELOS», GALERÍA DE ARTE 273

«Trasatlantic - ciclo de arte novo galego, 1983-1984». / Reimundo Patiño. / Correa Corredoira. / Manuel R. Moldes. / Alberte Permuy. / Menchu Lamas. / Alberto Datas. / Fermín Encinar. / Presentación de «Irispaxaros». / Presentación de «Ortigas da Memoria». / O conseller Joan Rigol presidiu a Exposición bibliográfica de Castelao. Tamén pronunciaron discursos Ramón Piñeiro, Paz Andrade e Martínez López. / Lormarti. / Teresa Rego.

VISITA OFICIAL DO MOLT HONORABLE JORDI PUJOL A GALICIA 282

Diario da viaxe co president catalán. / Na maravillosa praza do Obradoiro. / Castelao no recordo. / Vencellados á cultura de orixe. / Ofrenda ó Apóstol. / Esperanza no porvir autonómico. / Visita ás institucións coruñesas. / Brindis pola amizade. / Jordi Pujol co Consello de Cultura Galega. / Hai que integrarse no país onde se vive. / Manuel Soto non é vigués. / O futuro é da empresa libre. / Irmandade e folklore. / Amabilidade e cordialidade sumas. / «Pujol, la "mili" a casa». / «Visca el Barça». / Rosalía viva na alma galega. / Manter a identidade propia. / Pujol avivou a concienciación galega. / Declaracións do president Jordi Pujol. / Max Cahner: «Os galegos teñen ideas claras». / Vicens Oller: «Madrid non ten en conta o criterio das autonomías». / Impresions de persoeiros galegos. / Vázquez Portomeñe, conselleiro de Educación e Cultura. / Isaac Díaz Pardo, director do Seminario Sargadelos. / Antonio Rosón, presidente do Parlamento Galego. / Xosé F. Filgueira Valverde, director do Museo de Pontevedra. / Avelino Pousa Antelo, nacionalista na liña de Castelao. / Alfonso Zulueta, presidente do Consello de Administración da Editorial Sociedade de Estudios,

Publicacións e Traballos. / Ramón Martínez López, presidente de honor do Partido Galeguista. / Xaime Castro, asesor do Goberno catalán.

APÉNDICE

295

Enrique de Arce estudia o funcionamento dos ENG en TV3. / Fernández Albor recibe o presidente do Centro Galego e o corredor Ángel Lage. / Actividades de Paz Lamela en Barcelona. / Clausura dun curso de Lingua Galega. / O vicepresidente, Xosé Luis Barreiro, pronunciou o Pregón do Apóstol. / Nunca faltou en Galicia a fidelidade dos seus. / Chamada á unidade. / A visita de Barreiro, moi satisfactoria. / Xoan V. Fuentes Lojo, Maxistrado da Sala Quinta do Tribunal Supremo. / Francisco Calvo Regueiro, constructor de gaitas galegas e catalanas. / Innovacións na gaita galega. / Sac de gemecs (gaita catalana).

O meu agradecemento ás consellerías da Xunta de Galicia e da Generalitat de Catalunya que fixeron posible «Galegos en Catalunya-2» da colección Publicacións Centro Galego de Barcelona.

Tamén quero suñar as colaboracións do artista Alfonso Costa, dos fotógrafos Losada, Pereira e Rivas e das colectividades galegas que contribuíron de xeitos diferentes á edición deste libro.

Manuel RODRÍGUEZ LÓPEZ